A NOSA TERRA

ARTIGOS, REPORTAXES E ENTREVISTAS DE MARGARITA LEDO ANDIÓN

02/12/1977 - 21/06/1990

Consello da Cultura Galega
Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos

ÍNDICE

«A reforma pesqueira é necesaria», *A Nosa Terra*, 0 (02/12/1977); 1, 3-4.

«Amiguiños, aínda hai esperanza», *A Nosa Terra*, 3 (16/02/1978); 5.

«¿Onde está o fogar do palestino?», *A Nosa Terra*, 10 (06/04/1978); 10-11.

«Pilar Vázquez Cuesta contra toda artificialidade», *A Nosa Terra*, 11 (13/04/1978); 7.

«Eva Forest: esta é a fase de cinismo», *A Nosa Terra*, 13 (24/04/1978); 7.

LEDO ANDIÓN, Margarita; AGRELO, Pepe: «Agrelo Hermo: "É moito pobo o que nos legalizou"», *A Nosa Terra*, 14 (04/05/1978); 7.

«Alfonso Sastre: "Estiven sempre pola militancia do intelectual", *A Nosa Terra*, 15 (11/05/1978); 7.

«García-Sabell: "A xente vai calibrando moi ben..."», *A Nosa Terra*, 16 (18/05/1978); 15.

«Traballadoras só con deberes..."», *A Nosa Terra*, 17 (25/05/1978); 10-11.

«Isaac Díaz Pardo: Contra o esperanto na arte», *A Nosa Terra*, 18 (01/06/1978); 7.

«Xosé M.: Eu son homosexual», *A Nosa Terra*, 21 (22/06/1978); 7.

«Elena Veiguela: "A Formación Profesional ensinou a emigrar"», *A Nosa Terra*, 22 (29/06/1978); 7.

«Crónica da independencia », *A Nosa Terra*, 26 (27/07/1978); 18.

«Eugenio Pena: "Eu non me vou de Galicia"», *A Nosa Terra*, 27 (07/09/1978); 7.

«Álvaro Xil, "A Xunta, ese compango de antigaleguistas"», *A Nosa Terra*, 28 (18/09/1978); 7.

«Rey de Viana: "Ir bailando ao son que tocan"», *A Nosa Terra*, 29 (23/09/1978); 7.

«Laxeiro: Pintar por riba de todo», *A Nosa Terra*, 30 (30/09/1978); 7.

LEDO ANDIÓN, Margarita; POUSA, Xosé Ramón: «Entre a rede caciquil e os monopolios: A Queima», *A Nosa Terra*, 32 (13/10/1978); 10.

«Sánchez Salorio: "Inventar unha illa médico-enfermo"», *A Nosa Terra*, 34 (20/10/1978); 7.

«Aracil: "Os dominadores aprenderon ¿e nós?"», *A Nosa Terra*, 38 (23/11/1978); 7.

«Aristobolo Quinteiro: "A política tamén é cousa nosa"», *A Nosa Terra*, 40 (07/12/1978); 7.

LEDO ANDIÓN, Margarita; OTERO, M.: «Nós, os delincuentes xuvenís», *A Nosa Terra*, 42 (21/12/1978); 10-11

«Despídente e...Oficina de "desemprego"», *A Nosa Terra*, 43 (28/12/1978); 3-4.

«Manuel María: Fidelidade á poesía e ao país», *A Nosa Terra*, 44 (04/01/1979); 7.

«Moncho Valcárcel: Galego antes ca crego», *A Nosa Terra*, 46 (25/01/1979); 7.

«Fortes Bouzán: O baile do posibilista», *A Nosa Terra*, 47 (01/02/1979); 7.

«*Antón da Ponte*: galeguismo sí, pero anti-imperialista», A Nosa Terra, 48 (25/01/1979); 7.

«Carlos G. Martínez: Na cultura de toda a vida», *A Nosa Terra*, 50 (22/02/1979); 7.

«Xaquín Lourenzo: Non coido que se poida revitalizar o Antroido», *A Nosa Terra*, 51 (01/03/1979); 7.

«Non é cacique quen quere senón quen pode», *A Nosa Terra*, 52 (08/03/1979); 6.

«Bautista Álvarez: Realidade do voto no Bloque», *A Nosa Terra*, 53 (15/03/1979); 7.

«Xosé Paz: "Porque a imaxe é importante"», *A Nosa Terra*, 54 (22/03/1979); 7.

«Avelino Míguez (O Patelo): "Temos valor pra acabar con tanto roubo"» , *A Nosa Terra*, 55 (29/03/1979); 7.

«Concentracións que desherdan"» , *A Nosa Terra*, 55 (29/03/1979); 10-11.

«Fausto: Militancia e profesionalidade na canción"», *A Nosa Terra*, 57 (12/04/1979); 7.

«Benxamín Casal: Moito optimismo sen competencia», *A Nosa Terra*, 60 (10/05/1979); 7.

«Unha praga con boas defensas»; *A Nosa Terra*, 61 (17/05/1979); 3-4.

«Ánxel Fole: Un narrador a pelo», *A Nosa Terra*, 61 (17/05/1979); 14-15.

«Gonzalo de la Huerga: É lexítimo ser un xuez galego», *A Nosa Terra*, 61 (07/06/1979); 6.

«Baldaio: "Agora a represión cóntase por millóns"», *A Nosa Terra*, 65 (14/06/1979); 3.

«Alfonso Sucasas: "Non hai cor, hai formas"», *A Nosa Terra*, 65 (14/06/1979); 7.

«Teatro», *A Nosa Terra*, 66 (21/06/1979); 18.

«Antonio Rosón. Na oposición, armonizando» , *A Nosa Terra*, 67 (28/06/1979); 7.

«Anna Turbau, retrato dun fotógrafo», *A Nosa Terra*, 68 (05/07/1979); 7.

LEDO ANDIÓN, Margarita; EIRE, Alfonso: «O Piloto, o último guerrilleiro», *A Nosa Terra*, 70 (19/07/1979); 10-11.

LEDO ANDIÓN, Margarita; EIRE, Alfonso: «Os papeles do piloto: O último Guerrilleiro», *A Nosa Terra*, 71 (26/07/1979); 6.

«Pereira de Moura: "Agora é que a revolução está a começar"», *A Nosa Terra*, 72 (02/08/1979); 7-8 .

«Crónica do 25: Referendo e soberanía», *A Nosa Terra*, 72 (02/08/1979); 20.

«Tan criminal é quen mata coma quen acobilla», *A Nosa Terra*, 73 (20/09/1979); 7-8.

«Manuel Colmeiro: Pintar fora o que viviu aquí», *A Nosa Terra*, 74 (27/09/1979); 7.

«O selecto exterminio dos presos», *A Nosa Terra*, 77 (18/10/1979); 10-11.

«Pedro Luaces: “Europa, único reducto do colonialismo”», *A Nosa Terra*, 78 (25/10/1979); 7-8.

«Vanessa: “Ano internacional do neno... brrr...”», *A Nosa Terra*, 79 (01/11/1979); 7.

«As cofradías quérense gobernar», *A Nosa Terra*, 82 (22/11/1979); 10.

«O Corcheiro: “¡O principal enimigo? pois os galegos desleigados”», *A Nosa Terra*, 85 (22/11/1979); 7-8.

«Sargadelos, memoria lisa: do noso albor industrial», *A Nosa Terra*, 86 (20/12/1979); 10.

«Ourense: Escándalo Reverter», *A Nosa Terra*, 92 (07/02/1980); 3-4.

«Xose M. Alvarez Blazquez: Muito e silenciado bonfacer cultural», *A Nosa Terra*, 93 (14/02/1980); 7-8.

«O afanoso descoido dos aeroportos galegos», *A Nosa Terra*, 95 (28/02/1980); 7.

«Fisterra: ¿Fraude nas eleccións á cofradía?», *A Nosa Terra*, 98 (20/03/1980); 10-11.

«Grupo Barrie, grupo español», *A Nosa Terra*, 100 (10/04/1980); 14.

«Armando Castro: Impedir o golpe anti-constitucional en Portugal», *A Nosa Terra*, 103 (01/05/1980); 7.

«Os veciños pagaron unha casa, a administración “véndella” a un particular», *A Nosa Terra*, 105 (16/05/1980); 8.

«Álvaro Cunqueiro: Creado e creedor cun país ao fondo», *A Nosa Terra*, 106 (22/05/1980); 9-10.

«Emilio Prado: A radio, pan de cada día», *A Nosa Terra* 107 (29/05/1980); 7.

«Furtivos: Unha praga nova que ven pola ría», *A Nosa Terra*, 109 (12/06/1980); 10-11.

«Pedro de Llano: "a arquitectura popular, signo cultural. Rescatar o noso patrimonio"», *A Nosa Terra,* 110 (19/06/1980); 10-11.

«Avilés de Taramancos: "Son un pouco de poesía secreta"», *A Nosa Terra*, 112 (19/06/1980); 7.

«Fotografía: As fotos de Bellas», *A Nosa Terra*, 112 (19/06/1980); 18.

«Alexandro Núñez Arias: Un galego na illa de Cuba»; «As boas augas da "Costa da morte"», *A Nosa Terra*, 114 (12/07/1980); 7, 8.

«Facundo: "gracias a dios por ser como somos"», *A Nosa Terra*, 116 (31/07/1980); 11-12.

LEDO ANDIÓN, Margarita; GONZÁLEZ, Xosé M.: «Sobre o 25 e o proclive político actual: Tribuna de forzas políticas galegas», *A Nosa Terra*, 116 (31/07/1980); 14-15.

LEDO ANDIÓN, Margarita; GONZÁLEZ, Xosé M.; EIRE, Afonso; LABANDEIRA, XLG: «25 de xulio: Os nacionalistas "non renunciamos á patria galega"», *A Nosa Terra*, 117 (07/08/1980); 10-11.

«Rafael Mouzo Lago Alcalde de Corcubión: "Son un revolucionario nato"», *A Nosa Terra*, 118 (06/09/1980); 7.

«Este vran, polas rutas da Nosa Terra . Dous días na illa de Ons», *A Nosa Terra*, 118 (06/09/1980); 8.

«"Así foron os dous meses co Frente Polisario". Falan os mariñeiros apresados do Río Vouga», *A Nosa Terra*, 119 (22/08/1980); 10.

«Agustín Ferrer: "Canarias é unha nación colonizada"», *A Nosa Terra*, 120 (28/08/1980); 7.

«Foto verdade». *A Nosa Terra*, especial Ruth Matilda Anderson 351 (21/07/1988); 15.

«Verdes e mediáticos». *A Nosa Terra*, 370 (12/01/1989); 20.

«Guapos, poderosos, infelices», *A Nosa Terra*, 375 (16/02/1989); 20.

«Plumas de abutre», *A Nosa Terra*, 379 (16/03/1989); 20.

«Ponto filipino», *A Nosa Terra*, 384 (27/04/1989); 24.

«Direito de defensa», *A Nosa Terra*, 387 (18/05/1989); 20.

«De comic», *A Nosa Terra*, 390 (08/06/1989); 20.

«Amsterdam», *A Nosa Terra*, 392 (22/06/1989); 24.

«Axi-prop», *A Nosa Terra*, 395 (13/07/1989); 20.

«West Belfast até a fin (I)», *A Nosa Terra*, 398 (07/09/1989); 20.

«West Belfast até a fin (II)», *A Nosa Terra*, 399 (14/09/1989); 20.

«Abre a boca, pecha os ollos», *A Nosa Terra*, 404 (19/10/1989); 24.

«Berlín, Berlín (I)», *A Nosa Terra*, 412 (14/12/1989); 24.

«Berlín acó (II)», *A Nosa Terra*, 413 (21/12/1989); 24.

«50.000 ordes de silencio», *A Nosa Terra*, 423 (08/03/1990); 24.

«Contracorrente», *A Nosa Terra*, 428 (19/05/1990); 24.

«Xornalista dócil, xornalista dóce», *A Nosa Terra*, 432 (17/05/1990); 24.

«Líbia como queréncia», *A Nosa Terra*, 437 (21/06/1990); 28.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Núm. 0 ● Vernes, 2 de Nadal de 1977 ● 25 Ptas.


EXEMPLAR GRATUITO

A reforma pesqueira é necesaria

Traballadores do mar enfrentados

Recoller o conflito entre o *«rastro a Vara»* e o *«Endeño pola popa»*, os costes nas relacións personáis e de traballo entre as comunidades mariñeiras, os enrarecidos matices da manipulación, todo esto, baixo a máis grave das consecuencias que é o enfrentamento interno de sectores dunha clase popular, foi o guieiro que seguíu A NOSA TERRA. Falamos con mariñeiros das dúas artes, manexamos os informes do Plan Marisqueiro e declaracións personáis dos nomes que cada grupo facía aparecer con máis insistencia; recollemos a opinión de zonas non conflitivas e comprobamos, ao noso pesar, situacións doridas entre traballadores do mar e tamén palabras de aprosimación e mutua axuda. Xosefa Alvarez, mariscadora de a pé en Arcade non está contra o *«can»* nin contra a *«vara»*, *«estóu contra a falla de planificación do mar que é o noso auténtico enemigo. Eu non podo estar pola desunión dos traballadores, e nós, as de a pé, tamén se nos prohibe mariscar en vispora de festivos, que son pra nós os dias máis rentables»*.

Ao millor, os verdadeiros responsables imos velos recubertos do linguaxe das *«maiorías»* ou agachando a cabeza coma o avestruz, pero o mar pode e debe dar pra todos.



«¡Nós non somos empresarios, fóra a cuota empresarial!»

Se os labregos galegos son empresarios sería, en certa medida, lóxico que contribuisen aos costes da Seguridade Social, pero se non o son, e xa cotizan por autónomos, tamén é de lei que consideren abusivo este imposto.



Catalunya, todo o poder ao Presidente

A enfermedade do presidente Tarradellas deixóu ver claro o carácter persoalista da Generalitat.

Páxina 13

O viaxe de Sadat

Entre o Estado de Israel, e uns países árabes cada vez máis reaccionarios, a vía da negociación, pra o pobo palestino, vese amenazada. O noso colaborador Xosé A. Gaciño analiza esta situación.

Páxina 14

A perdiz acábase

De continuar así as cousas, Galicia pasará de ser unha das zonas cinexéticas máis ricas da Península a non ter, nin siquera, as especies máis comúns.

Páxina 15

Nace un periódico galego

A NOSA TERRA, periódico galego, presenta hoxe o seu número 0 coma mostra do que virá ser semanalmente, coa intención de levar adiante un traballo que responda ao dereito de informar con rigor, simpatía e posicións críticas dos feitos que se relacionan co noso pobo. A NOSA TERRA, ao definirse coma un periódico de línea nacionalista, fai, tamén, unha elección comprometida coa gran maioría, coas clases populares, «na loita da semente por ser frol».

Neste número 0, ao carón da información nacional que entendemos coma máis importante, e das colaboracións que amplían os feitos recollidos, préstase especial atención aos espacios abertos pra que o lector participe nun medio de comunicación social, como é a sección «Da Terra Asoballada».

Non imos falar dos obstáculos que tanto a nivel económico coma burocrático poida atopar A NOSA TERRA, algúns deles aínda por resolver. Que un proiecto deste xénero vaia adiante no noso país sempre dependerá, ao fin, do apoio e entusiasmo de quen o considere necesario, conscentes de que ter unha prensa propia é afirmar a nosa identidade nacional.

Móvenos o convencemento de que informar, hoxe, dende posicións abertamente galegas é enfrentar unha necesidade.

Mediada a veda

Continua o conflicto no arrastre

¡Fora o can, fora o can! Na escola de Cesantes un grupo de pequenos arremuiñabanse sobre dun compañeiriño. ¡Fora can, fora can!, o rapaz é fillo dun arrastreiro.

Dous meses de enfrentamentos entre mariñeiros que usan artes diferentes pra o marisqueo, de principio nas rías de Vigo e Pontevedra e agora tamén na de Arousa, somentes ten sentido si cavilamos nunha clase social que depende do mercado de intermediarios, que ven sendo sometida a intereses especuladores e obligada a traballar sin ningún tipo de planificación respecto da estracción nin control sobre o aproveitamento da riqueza do mar. Unha clase social que burlóu día tras día a vixilancia dunha lexislación foránea e arbitraria, facendo furtivismo (can) ou vendendo a flote (vara), e manipulada tantas veces en aras das necesidades dos conserveiros e esportadores quen, na realidade, axustan as vedas aos seus proiectos.



PIÑO

Dando cobertura a esta situación, unha administración que nunca estruturóu con sentido o sector pesqueiro no referente a costa e litoral e veu amparando legal e crediticiamente aos monopolios vencellados ao mar na flota de gran altura e frigorífica —os Mar, Pybse, Pescanova...— e que chega, inclusive a desconocelo todo-todo sobre artes, orografía, especies das nosas Rías, tanto-tanto que sobre o Can, que os mariñeiros utilizan dende fai 25 anos, un informe do Plan Marisqueiro dice literalmente que hastra o momento non hai un estudio serio sobre deste arte, e na visita que fixo o Director Xeral de Pesca ao noso país hai ben pouco —reunión no Hostal o 23 de santos— xunto co Presidente da Federación de Cofradías, quedóu claro que si alguén non sabe nada do noso mar é a Administración, que responde con tecnocráticos compases de agarda —inda que teña intención de informarse— e dinnos que o problema estudiaráse. Namentras a campaña vai morrendo e, neste caso pra os arrastreiros, inutillzaselle a un sector social unha época que salvaba a economía do ano porque o marisco é, ao fin, o máis cotizado, e iste outono non puideron mariscar.

«O can pode estragar si non traballa cunha reglamentación ben regulada e se mete no fondo da ría. Pénsese que moitos que agora defenden a vara utilizan un tipo de «can» que nós chamamos «cachorro» que é máis pequeniño e métenno hastra a misma praia. E certo que cometeron moitos erros e que se fixeron demasiado grandes coa mecanización, pero ahí están as autoridades pra vixilar, que ese é o seu traballo ¡e cada ún ao seu! Eu pregúntome: ¿qué facían as Cofradías, cuios patróns son hoxe os que están á cabeza da loita contra o can, fai dez anos? ¿e a Comandancia de Marina? O verdadeiro problema é a falla dunha planificación pesqueira axeitada á realidade do mar, pois hai que ter en conta que moitas actuacións son debidas á loita contra medidas inxustas» (Luciano A. Barreiro-Arcade).



PIÑO

Director Xeneral de Pesca: «estudiaremos el problema»

COA CHIRLA BAIXA A AMEIXA

Debido á importanción de chirla italiana aos dous días de abrirse a veda do molusco, o 4 de outono, caéu o precio da ameixa e o berberecho. Arrastreiros e vareiros negocian cos fabricantes conseguindo os primeiros certa suba. Os mariscadores da vara non a consideran rentable e trasladan, ou fanlles trasladar, a reivindicación contra os conserveiros ao enfrentamento co arrastre: «si fosemos menos, si se pescase menos, a ameixa valería máis». Entenden como solución que os barcos deixen de traballar porque, ademáis, é un arte non reglamentado. Deste xeito, o Can pasa a ser o papa-rías, causa de todos os estragos, o arte prohibido. Os dous artes son competitivos, adícanse ao mesmo produto, si a vara sigue a traballar normalmente e os conserveiros están surtidos, o silencio caería sobre o Can, irremediablemente. Daquí veñen os piquetes do arrastre pra parar todo o marisqueo mentras non se chegue a unha solución, daquí os enfrentamentos en Bouzas e Vilaxoán.

DA INSEGURIDADE A UN POSIBLE ACORDO

Os mariñeiros que utilizan o arte do «Can» viven esclusivamente do traballo no mar. Cando remata a tempada da ameixa van ao rastro da navalla, despóis á ardora, omiño, o palangre da paloñeta e a merluza. Nas rías de Vigo e Pontevedra achéganse a 200 o número de barcos, cun promedio de 5 tripulantes e unha potencia entre 50-150 H.P. Usan pra o rastro o «endeño pola popa», con dentes entre 30-35 centímetros e 1,5 de separación (inf. P.M.). Móvese na boca da ría, onde o calado é maior: Baiona, Canido, Cedantes e Cangas, na Ría de Vigo; Aldán, Bueu, Marín, Combarro e Illa de Ons, na de Pontevedra; O Grove e Cambados en Arousa.

«Levamos 25 anos co arrastre, 15 a motor, coa tolerancia das autoridades —dinnos Xesús Otero e Celso Galobante, mariñeiros, Servando Caiño e Santiago Villaverde, armadores, e Xosé López, patrón, do porto de Bueu—. Nacéu coma todos os adiantos, pra poder capturar con menos traballo. Hastra de agora traballamos día e noite, metímonos no fondo da ría ás veces, matamos ameixa porque pola noite é cando babosea pero queremos traballar á luz, ser legalizados. Estamos dispostos a respetar as zonas que nos marquen e cangar coas sancións, incluso

CADRO BRANCO

O Instituto Nacional de Previsión de Lugo envióu unha circular ás súas delegacións comunicándolles que non pagaran as prestacións aos labregos, si estes non mostraban o recibo da cuota da SS. Agraria. Cando ainda non rematóu o plazo pra pagala.

CADRO NEGRO

Os axuntamentos de Carballiño e Xinzo de Limia según unha recente disposición, recoñoceron como oficial os topónimos que dende sempre viña utilizando o pobo. E que derradeiramente polas presións dos veciños, asociacións culturáis forzaron a tomar tal decisión. Ben vida seña.

Edita:
Promocións Culturáis Galegas, S. A.

Presidente do Consello de Administración:
Xosé Luis Fontenla Rodríguez.

Comisión de Fundadores:
Acosta Beiras, Xoaquín. Fontenla Rodríguez, Xosé Luis. López Gómez, Felipe Senén. Morales Quintana, Xosé Enrique. Varela García, César.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Director:
Margarita Ledo Andión.

Redacción:
Xosé Ramón Pousa Estévez. Xosé López García. Antón López Galocha.

Redacción en Catalunya: Emilio Veiga.

Redacción en Euskadi: Lourdes Auzmendi, Pilar Iparraguirre.

Redacción en Madrid: Luis Celeiro, Marina Folgueira.

Diseño e confección:
Pepe Barro.

Fotógrafos:
Brais, Piño e Fernando Bellas

Imprime:
«La Voz de Galicia, S. A.». Concepción Arenal, 9-13. A Coruña.

Redacción e Administración:
República de El Salvador, 25, entrechán, Santiago. Telf.: 59 18 21. Apdo. 1031.

Corresponsalías:
A Coruña: Isabel Alvarez.
O Ferrol: Lalo González.
Lugo: Paco Arrizado.
Ourense, X. A. Carracedo.
Pontevedra: Guillermo Campos.
Vigo: Fernando Ramos.

Os dibuxos son de:
Xulio Maside.
Antón Olariaga.
Luis Seoane.
Alfonso Sucasas.

que nos queimen o barco, si non cumplimos o acordado, e tamén decimos que si a vara demostra que pode mariscar a 20 brazas deixamos o arrastre, e inda que hoxe hai barcos con grandes motores estamos dispostos a coller un volume limitado dun caixón por home. Non somos os únicos prohibidos, a vara tamén utiliza aparellos non reglamentados de rede moi fina, tan fina que colle a cria, e dentes moi separados, e vende a flote, a Paz, intermediario das conserveiras que esplótaos e enfréntaos con nós. Hai un mes, na reunión na Comandancia de Vigo, vareiros e arrastreiros estivemos a punto de firmar un acordo e quen se opuxeron, simulando unha chamada telefónica a Cesantes e decindo que o pobo opoñíase, foron un inxenieiro, un taxista e un músico, das CC.MM. Algúns de nós fomos con eles e non había tal oposición senón que ao chegar provocaron o conflito, sobre todo entre as mulleres de a pé, «hai que cargar as escopetas» *ouviuse... e a vara traballa 3 meses ao ano, despóis son asalariados da industria, incluso veñen emigrados á tempada, nós solo vivimos do mar, os mariñeiros non cobran, os armadores estamos empeñados en créditos porque o que tiñemos está invertido nos barcos...*

MATA AMEIXA E SEMENTE

Os mariñeiros da *«Vara»* utilizan gamelas pra 1-2 homes e un rastro manual. Traballan no fondo da ría sobre as dez brazas, e adícanse solo ao berberecho e a ameixa. Unha variante é o marisqueo de praia, con sacho, do que se ocupan principalmente as mulleres. Faenan fundamentalmente en Canido, Cesantes, Arcade e Meira, da ría de Vigo; Placeres, Portonovo e Combarro, na de Pontevedra; Vilanova de Arousa, Illa de Arousa, Vilaxoán, Carril, Rianxo e a Póvoa. Un grupo de marlscadores de Meira, entre os que está Agustín Malvido —traballamos tamén noutros oficios, dirían-nos— eisí como Xosé Guillén, Antonio Iglesias, Ramón Dios, Manuel Parada e Ramón Romay da illa de Arousa, aseguran: *«o rastro mata a ameixa, incluso a semente, acabaron con todo. Baixóu a producIón de ostras, mata a navalla, as camas do pulpo, vieira. Fan bancos de concha onde non medra nada, abonda ver o que tiña antes a illa de San Simón que de tanta ameixa non daba medrado... que si cumplisen as zonas? están afeitos ao furtivismo, sempre arreglaron todo con cartos porque son capitalistas... que quede solo o arte da vara porque podemos mariscar a 30 brazas, din os de Arousa, na Illa vivimos solo do mar e os de Cambados incluso van tras de nós pra esquilmar mentras que os barcos do resto da Ría adícanse a outras especies».*

OS SINDICATOS

Dous sindicatos interveñen e presentan alternativas ao conflito. As Comisións Mariñeiras, CC.MM. opinan que debe irse a unha ordenación marisqueira e pesqueira en todas as Rías e nise ámeto estudar si o *«Can»* fai daño ou non eisí coma outras artes prohibidas —boliche, rapeta, bou de vara...— pra buscar o óptimo da produción facendo inventario dos recursos e racionalizando o volumen de estracción. *«Mentras isto non se faga decimos que o Can é ilegal e que non pode traballar inda que o Estado deba apoiar económicamente aos armadores pra paliar en parte a súa situación, por exemplo con axudas á Seguridade Social».*

¿E os asalariados? porque a Administración non incluie subsidios de paro no mar. ¿Habería que esixirllos? CC.MM. entende que non, que vaian a outras artes... e que neste momento sólo traballe a vara.

Pola súa banda o Sindicato Galego dos Traballadores do Mar, SGTM, considera que



Tito Ucha: «fumos de boa fe...»

mentras non se racionalice o sector deben traballar as dúas artes, inclusive porque os estudios non poderán pasar de teóricos si o Can deixa de ir ao mar e non pode comprobarse nada. O SGTM propuxo as seguintes condicións: asignar zonas pra o arrastre a partir dunha profundidade onde a vara non poida chegar, fixar cantidades —cupos de captura— por embarcación e número de tripulantes dacordo coas decisións de todos os mariñeiros —vara e rastro—, legalización do arrastre de forma esperimental reglamentando o seu uso —dentes, mallas, pletina...—, supresión da venda a flote e intermediarios que serán sustituidos por comisións de venda e postos de control en toda a Ría, respeto ás zonas delimitadas con fortes sancións en caso de infracción eisí como vixilancia e control efectivo e delimitación de vedas polos propios mariñeiros.

En canto aos informes do Plan Marisqueiro, consideran que «é evidente que arranca (o Can) todo o que atopa e provoca grandes suecos, pero debe terse presente que ao remover o fondo elimina materia orgánica e facilita a incorporación do osíxeno, facendo máis mol e máis limpo, máis apto pra a incorporación de crías», engadindo que *«pra a captura da navalla parece ser a arte máis axeitada e que en determinadas profundidades non poden ser utilizados os* «rastros legáis» *(vara).»*

O MEXILON E INCOMPATIBLE

En opinión do xerente de Bio Mar, S.L. Xosé Currás González, home que se considera antes de nada investigador e mantén un laboratorio propio na ría de Aldán, nestes anos todo foi esquilmar sin que se deixaran, por exemplo, certas zonas de veda total pra reprodutores —unha ameixa tarda de 4 a 5 anos en ser adulta e as vedas son de 6 meses—. *«A arbitrariedade é o que acaba con todo e todos somos culpables, singularmente a Administración, claro que hai menos ameixa como hai menos sardiña i estáse acabando coa merluza... pero alguén engaña aos da vara cando se culpa ao Can desta situación e por iso é necesario decir ben alto que no mar presentáronse condicións climatolóxicas moi especiáis o pasado ano, con fortes temporales que removeron a materia orgánica acumulada durante 5 ou 6 —lembremos tamén os incendios que houbo en Galicia fai dous vrans: as cinzas van parar ao mar e provocan, polo alto grado de tosicidade e sosa, falla de osixeno—. A iste feito compre engadir outra circunstancia como a marea roxa, un fitoplacton produntor de toxinas, que matóu todo en oito días =por qué non se esplica esto en público?*

O marisqueo libre, tanto con vara como con rastro, estermina porque ¡si non nos ocupamos de plantar como imos topar fillos! Houbo tales aberracións administrativas que veremos cando se poida pedir responsabilidades á D.X.P., Investigacións Científicas, Oceanografía: eles deron o primeiro golpe coa masificación do mexilón porque é incompatible con todo tipo de moluscos, onde está il non vive ninguén da súa familia, e precisamente sobre do banco natural máis rico do estreito de Rande hai máis de 200 bateas que comen todo o desove, porque o mexilón bebe 8 litros de auga por hora, filtrao todo, e cultívase enriba dos máis importantes bancos das rías, ¿ónde están os responsables?

ESPULSADOS... DE BOA FE

Arrastreiros de Cesantes



Paz Rioboo: «téñame moito coidado...»

están asilados no porto de Cangas. Foron amenazados e espulsados da súa vila, das súas casas. Houbo corte de viñas e din que amenazas a tendeiros pra non venderlles comida Oímos que un home ligado ás CC.MM. tiña algo que ver nisto e falamos con él.

«Despóis dunha asamblea pola noite, o Patrón maior de Cesantes propuxo ir á casa do Macona, un compañeiro do arrastre que falara en nome de Cesantes nunha reunión de Vilaxoán, pra aclarar, contra o que saira na prensa, que o Patrón maior non estivera alí. Non abriu a porta abucheóuse, eu iba entre a xente seguindo ao Patrón Maior e dirixímonos a outra casa pra repetir a operación. Saíunos a muller do arrastreiro, discutíuse pero sin incidentes. Ao irmonos, no medio de gran tensión, escoitamos os berros dunha veciña, dimos volta e topamos cos do can de forquilla e coitelo. Houbo golpes, por ambos bandos e non pasóu nada máis»

A conversa —Roberto Ucha representa ás CC.MM. na reunión do 23 no Hostal de Santiago co Director de Pesca— desenvólvese frente á plaza do Obradoiro chea de vareiros repetindo ¡Fora can, fora can! O entrevistado suliña que o diálogo e tranquilidade tan necesarios eran imposibles cos ánimos enfrentados pero que eles non eran responsables da movilización senón as Cofradías que tentan enfrentar a Sindicatos democráticos pra potenciarse, xunto cos Patróns maiores, cara as sindicáis. Saíu o caso de Paz que, efectivamente, na súa opinión, non é o home que necesita como presidente a Agrupación de Mariscadores porque como comprador esplota aos traballadores da vara. Referente a ter impedido o acordo entre vareiros e arrastreiros, hai un mes na Comandancia de Vigo, afirmación recollida en Bueu, aclaróu: *«estivemos de boa fe na reunión. Ao chegarmos alí o teniente de pesca díxonos que chamaran de Cesantes e que viñan hacia acó, por eso dixemos de sair, topámolos polo camiño, a xente estaba queimada e o acordo foise ao carallo. As posturas son da xente, non é que CC.MM. busque o enfrentamento...*

MANEIRAS DO CACIQUISMO

E Paz Rioboo tamén estaba nas conversas do Hostal, baixo unha bóveda de comentarios que personifican nel o caciqueo nas Rías, Fálase dos beneficios que saca co reparto falóunos eisí:
falanxe, cobros por vixilancia, compras a flote a baixo precio e reventa en lonxa. O Sr. Paz falounos eisí:

«Nós non podemos solucionar o problema, hai unha cantidade de pueblo alborotado, como se ve ahí, porque non confía por eso nos vixila e nos sigue a toas partes».

No Obradoiro ouvíanse os berros de ¡Fora can, fora can!

—Sí, sí, pero entendimos que os movilizaran as Cofradías incluso tocando as campás.

«Non, veñen voluntariamente porque non teñen confianza e nós non podemos comprometernos en contra dos representados, eles teñen que supervisar as reunións das Cofradías e que decidan».

—Pero eles dependen de vostede como comprador...

«Déixeme de comprador, eu podía ser inclusive boticario, como podía ser presidente ou taberneiro. Estóu aquí como presidente de la Agrupación de mariscadores de la Ría de Vigo para la explotación marisquera.

—Os vareiros están ligados...

«A xente da vara non está ligada a min porque quen manda son as maiorías, eu son un voto...

Nesto, e a unha frase dun compañeiro, o Sr. Paz arremete:

«A min non me bote sambenitos. Dígolle que no asunto da representación son un voto, quen manda son as maiorías».

—E como voto individual ¿qué opina sobre o Can?

«Non podo opinar porque non son científico ¿por qué non escribe? a ver si me val meter nalgún problema, téñame moito coidado ¿eh? —o tonillo vai subindo— *despóis nos periódicos lese outra cousa.*

Alguén máis das Cofradías intervén un señor de cuello de terciopelo: *«eso, para que pase como en el Faro, ande, ya que habla tan bien el gallego, a ver lo que pone...».*

Sólo lles recomendamos, finalmente, pra tranquilizalos que non viría mal que as propias Cofradías tirasen boletíns informando xa que non se fían... Estaríamos todos moi agradecidos.

A NOSA TERRA


PERIODICO GALEGO SEMANAL

Núm. 3 ● Do 10 ao 16 de febreiro de 1978 ● 25 Ptas.

OS ANCARES: A LOITA POLA VIDA

Os Ancares, nun recuncho da Nosa Terra, medio paraíso, medio Inferno, «Reserva Natural de Galicia», padecen todos os males da Galicia rural: Malas comunicacións, falla de luz, teléfono, escolas, asistencia sanitaria que fan que a vida señe moi dura pra quenes teñen que vivir da terra. O problema da incomunicación, que cada inverno sae a relucir, debido á falla de carreteiras entre os pequenos núcleos de poboación, plantexa graves problemas cuia solución está na creación dunha infraestructura viaria que achegue aos seus habitantes, permitíndolles unhas mínimas condicións de habitabilidade que hastra de agora non teñen. Entretanto, as facilidades ao turismo son cada vez maiores pola potenciación que, neste senso, se está a facer da zona. Unha carreteira leva directamente ás pistas de esquí e estáse a construír unha vía que percorre os cúmios da serra dunha banda á outra. Mentras tanto, os distintos puntos do axuntamento de Cervantes siguen aillados. Nin carreteiras, nin camiños, nin teléfono, nin escola. Os Ancares, aló lonxe...

Información en páxinas 10 e 11.



«Amiguiños, aínda hai esperanza»

O relato de radio-escoitas e dun supervivinte do «MARBEL».

Páxina 5



Catalunya:

Catalanizar a UCD

A operación de crear un «nou centre» que sirva pra darlle imaxen catalanista á UCD, en marcha.

Páxina 13

Rhodesia:

O réxime branco tanbaléase

Inglaterra e USA teñen dificultades pra apoiar a solución que patrocina Ian Smith, como preferirían, diante da viabilidade de triunfo pra o Frente Patriótico.

Páxina 14

Becerreá:

Especular co pan dos nenos

Os nenos da zona de Becerreá foron concentrados ao comenzo deste curso académico. Pro pola vila corren insistentes rumores de que estiveran chegando pra o Colexio, daquela aínda en obras, alimentos que ninguén sabe ónde foron parar. Mentras se sigue especulando sobre a sua utilización, alguén pensa que é millor esquencer todo, que todo é auga pasada... E ao tempo, o Colexio, aínda sin aprobar polo Ministerio, entróu xa en funcionamento a pesares do seu deficiente estado.



Páxinas 3 e 4

Amiguiños, ainda hai esperanza

«Amiguiños, amiguiños, pasade outra vez que aínda hai esperanza», e o pesqueiro «Mar Once» tentaba enganchar por última vez ao conxelador «Marbel» antes de encallar nas Illas.

Pasa o barco, falloulle o disparo, volvéu pasar —conocía ben o sitio— xa a menos dunha milla das pedras, achegóuse, lanzóu, os dous barcos amarraron o cabo sin arriar moito de máis por medo a que pasara como en veces anteriores, e ao encher o mar, o cabo reventóu rompendo a maquinilla, o muñón, todo... empezóu a desesperación, o barco perdéu contacto, quedóu sin luz, e xa, o patrón do «Mar Once» dixo: «pobres homes, ónde foron morrer».

Así nos relatan radio-escoitas de Baiona o final das maniobras que realizaban tres pesqueiros (de 100-200 toneladas) —o «Sonia», «Mar Once» e «Magallanes»— e o «Marbel».

Sobre as 10,15 da noite, os pesqueiros escoitaron como o «Marbel» chamaba á Coruña pra conseguir contactar coa costeira de Vigo. Mandáronlle botar unha bengala pra saber ónde estaba e xa vimos aos outros que acodían á maniobra, pasábanlle de popa, lanzaban cabos pra remolcalo e que non fora ás pedras, cabos que foron rompendo ao enganchar no fondo ou que non chegaban polo vento, a mar era moi mala. ¿Qué lle pasa aos homes? decíanlle ao patrón. Todo o tempo parecía pouco. E o patrón do «Marbel» preguntáballe á costeira polo remolcador, nun esforzo de confianza, coa espranza dun barco potente que tivera outros medios. A costeira decía que o remolcador iba á escoita polo canal 14, pero polo canal 14 nunca deberon ouvilo. «Ese remolcador debe ir pra Venezuela» comentábase entre os barcos. O «Ciudad de Alicante», dixera, antes de ter que continuar cara Vigo ao corrérselle a carga, que se cruzara con il e que chegaría nunha media hora.

E o «Marbel» salvóu a Cerralleira (pedras á entrada de Baiona) sobre as 12 da noite, libróu o baixo do Príncipe, xa perto das Cíes, despóis o «Sonia» e o «Magallanes» agardan porque non conocían ben o sitio e o «Mar Once» fixo a maniobra última.

Cando o barco varóu, o «Sonia», que estaba montando guardia, déulle a noticia á Comandancia, pero polos comentarios entre os pesqueiros, as respostas non parecían nada elocuentes. Mentras, o remolcador «Elduayen» —800 toneladas— non chegóu a intervir e mentras, tamén, estaba fondeado no muelle un remolcador panameño, de 3.000 toneladas que, polo que ouvimos, naide mandóu saír en axuda do «Marbel».

MIRARTE, QUE O BARCO VAI PRA O FONDO

Xosé Martínez Méndez, de Cangas, iba, como todos eles, a estar 7 meses no «Marbel», na costa sudafricana. Levaba xa duas mareas no barco, anque a maioría da tripulación era nova.

«Cando saímos do muelle había mal tempo, fumos navegando hastra 4 millas despóis de Silleiro, cando houbo a esplosión na máquina. Estábamos durmindo e a eso das 9,30 chamáronnos pra decirnos que íbamos enriba do cabo Silleiro. Botamos unha bengala, apareceron os barcos, reventaron os cables e ao último xa estábamos enriba das pedras. Estabamos todos na cuberta, o que máis e o que menos corréu, buscóu un salvavidas, eu puxen ún, pero tiréino porque hastra parecía que me molestaba no corpo. Quitéi as botas, o chaquetón de augas, ao saír ao puente miréi pedra a proa, corrín pra alí, vin que podía haber unha posibilidade de salvarme, agarréi e miréi que aínda era moi alto, deixéi ir ao barco ao fondo e cando quedóu á miña altura, agarréi e saltéi e aguantéi un golpe de mar, uns 40 segundos debaixo da auga, e xa saltéi cara á Illa. Topéi cun compañeiro máis, outro desaparecéu cun golpe de mar. Cruzamos e topamos cun compañeiro inconsciente, despóis outro, un rapaciño de Santa Uxía de Ribeira que xa lle quitara a roupa o mar, quitámolos pra arriba e deixámolos en sitio seguro no monte. Subimos polo monte por toxos e silvas que nin sentimos. Na praia topamos con máis compañeiros e fomos ás casas que hai ao norte da illa por si houbera xente. Non había e entón fomos á casa de Chuco, unha taberna pra turistas, reventámoslle a porta e estivemos os catro dende as 4,30 hastra as nove en que, sacando forzas de non sél onde, chegaron os compañeiros que gardáramos no monte polo mal que estaban. Baixamos á praia, sacamos a roupa e fixémoslle señas a un barco que non tiña botes, despóis xa chegaron a recollernos...»

Xosé Martínez Méndez anda a preparar a documentación pra volver a embarcar, é a súa vida, e garda o mecheiro, a roupa, todo o que con el vencéu ao mar, días antes, ao atoparse na taberna do Chuco cos compañeiros...

«Choramos de alegría por estar vivos, e abrazámonos uns aos outros, a emoción que hai nun momento deses de mirarte, que o barco vai pra o fondo e ti esteñas vivo, mirar aos compañeiros que morren eso é moi doloroso, é unha vida que... estamos 9 e 27 están alí... eu estaba na proa, alí habíamos 7 e dos 7 chegamos 3, os outros desapareceron con todo».

«Unha hora antes contaba morrer...»



crónica política

O ministro do Goberno UCD e ministro de Franco nas últimas fases da Dictadura, pontevedrés de nacemento, rexistrador da propiedade e sobriñastro do que fora poeta militante do Movemento Agrario Galego nas primeiras décadas do século, don Ramón Cabanillas, é quizaves ún dos políticos españolas de orixen galega que tén unha historia menor en canto á preocupación declarada ou intervencións directas nas cousas que se relacionan co noso pobo. Días pasados, o Ministro de Cultura non viña a Galicia a descansar —como adoita facer— senón pra espallar os presupostos da sua formación política, UCD, e pra decir que a organización nacionalista e popular AN-PG, declarada ilícita polo Goberno, debería deixarse de demagoxias pra conseguir sere aceptada legalmente. A opinión do Sr. Ministro, que respetamos, non semella nembargantes fácil de exemplificar si se tén en conta que a AN-PG é unha das organizacións políticas con maior presencia en feitos populares concretos e ben definidos tales como a oposición ás nucleares, celulosas, cuota empresarial, emigración ou as movilizacións no «Día da Patria Galega», que, ao millor, prá UCD, son demagoxia.

¿A UCD GALEGA?

No referente á demagoxia —buscar outros obxetivos máis alá do que na realidade se dí e argumenta— non sabemos si o será ou non o feito de querer lexitimar como galeguista a unha formación política de centro que aglutine a persoas típicamente «rexionalistas», como o Secretario Xeral do PPG (democracia cristiana), con nomes familiares no eido do galeguismo pra crear un frente único galego baixo o rexistro de PNG. Da fusión do PPG cos social-demócratas do PGSD, algún ex-PSG —fálase de Franco Grande—, e despóis da campaña pra atraer a intelectuáis sin organizar ao través das cátedras universitarias, formaríase un centro nacionalista capaz de interesar aos proiectos da mesma UCD que enlazaría, máis seguro, ao través dun persoaxe como Víctor Moro, promocionado na actualidade a un cargo de confianza no Banco de España en Vigo e responsable da Dirección Xeral de Pesca hastra hai pouco, onde mantiña as millores relacións coa empresa Pescanova, da flota de gran altura.

PAZ ANDRADE, ACADEMICO

E tamén de Pescanova sai un novo membro numerario prá Academia Galega que o vindeiro día 11, e nos locáis da Caixa de Aforros da Coruña, lerá o seu discurso de ingreso. Trátase de Valentín Paz Andrade, autor do linguaxe rebuscado daqueles versos de «Pranto Matricial» publicados en Buenos Aires, ou do idioma sentimental, que sempre tén o capitalismo humanizado, de «La Marginación de Galicia» ou «Galicia como tarea», amáis de «La anunciación de Valle-Inclán». Iniciador de plataformas democráticas en Galicia e membro da Comisión que negociaba con Suárez no nome da oposición non nacionalista, non sabemos se a sua entrada na Academia é por méritos literarios, económicos ou políticos desta democracia.

DESANIMO NUN CONGRESO

O Sr. López Raimundo, presidente do PSUC, notábase «angustiado» no Congreso do PCG, tal e como se sentíu, según as suas palabras, na visita ao PC das Canarias. O desánimo que se deixóu notar no referido Congreso pode que fose unha das causas. De calquer xeito, o PC sigue a ser un partido homoxéneo, inda que comentarios de prensa se referiron insistentemente a disidencias en canto á línea de actuación no noso país. Quizaves o feito de non ver reflexada a incidencia que pretenden no movemento social, seña a causa das discusións, sobre todo se temos en conta que no análisis deste feito non se pasóu de razóns coiunturáis e de método, sin chegar ás raigañas do mesmo. Algún caso de disidencia o separación do partido debéuse, máis ben, a non estar conformes coa mecánica de funcionamento, considerado pouco democrático, que o eurocomunismo esixe (buscar a eficacia e controlalo todo en función desta). Nos organismos de dirección do PCG continúan as mesmas persoas, se quitamos a saída de 3 militantes ligados ao traballo sindical. Foi significativo, por outra banda, o esquencemento da bandeira galega, inda que, dende posicións nacionalistas, é máis aclaratorio, en base ao informe político presentado polo Secretario Xeral, Santiago Alvarez, o pluralismo respecto á definición de Galicia unhas veces como rexión, outras como nacionalidade, pero sempre baixo o principio de España e o Estado Unitario que sempre defendéu o PCG frente ás tesis federalistas inclusive. Nas intervencións de partidos convidados á sesión de clausura, é de destacar a referencia de todos eles á necesidade de unidade, que a pesares de ser proclamada con tanta vehemencia, non parece que consigan efectivizar.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 10 ● Do 31 de Marzal ao 6 de Abril do 1978 ● 25 Ptas.

¿ONDE ESTA O FOGAR DO PALESTINO?



O «Día da Patria Palestina» foi conmemorado onte dentro e fóra daquela nación ocupada, e que dende os campamentos de refuxiados resiste e enfrenta o napalm, os bombardeos, a persecución. No «Día da Patria Palestina», e diante de imaxes coma ésta, cobra un senso especial o lema tantas veces repetido: «Por eles faise a Revolución». A Patria Palestina quere voltar a ser a casa de todos os que foron espulsados ou discriminados polos intereses imperialistas, e hoxe fai a guerra pra poder conquerir a paz.

Páxinas 10 e 11

A AN-PG xa é legal

O nacemento, a historia, os feitos máis importantes da vida política desta organización patriótica e a loita por conseguir a legalidade.

Páxinas 3 e 4



O «Aberri Eguna»

«Navarra é Euskadi» foi unha das consignas que enmarcaron o carácter nacional do «Día da Patria Vasca».

Páxina 13

As Brigadas Roxas

A orixe, as principais accións das Brigadas Roxas pra coutar o xuício contra Renato Curzio e a historia política de Aldo Moro.

Páxina 14

«Portomarín llave del miño»

«En el Camino de Santiago, ciudad histórica del siglo XII, anegada por las aguas del embalse de Belesar, ha resurgido a la vida, con su intacta monumentalidad, bajo la égida del Caudillo Francisco Franco en el año del señor de MCMLXIII».

Páxina 8



«DIA DA PA
PALESTINA

«O DIA DA PATRIA PALESTINA é o [illegible] de qu
noso pobo non acepta a espulsión, a [illegible]nostración
que o home está vencellado á súa Terra [illegible]rque dend
1948 dous millóns e medio de pale[illegible]os sofren
desterro, 400.000 sobreviven nunha P[illegible]tina ocup
e un millón habita a Cisxordania e Ga[illegible]vadidas
chamado Estado de Israel na guerra «[illegible]eis días».
pobo que sofre discriminación, tortur[illegible] represión
Palestina ocupada pero que dentro [illegible]ra da Pat
celebrou onte, 30 de marzal, o III a[illegible]rsario de
día, un día semellante ao da Patria G[illegible]e, un día
loita e confianza na vitor[illegible]



Farid Fayez, portavoz da OLP en Galicia, espresaba deste xeito o significado do 30 de marzal mentras a resistencia palestina enfrenta no Líbano un intento máis de aniquilación dos seus dereitos por parte do exército israelí, a negación do dereito a vivir no seu país, a recuperar o seu país. Unha invasión que recolle o froito da colaboración do fascismo e do imperialismo encontra da resistencia palestina con espresión nidia nos feitos do 1975, cando os falanxistas libaneses montaron un exército pra loitar encontra das forzas progresistas daquel país aliadas da OLP. No 75, o pobo e a esquerda libanesa xunto coa resistencia palestina enfrentaríanse non só aos falanxistas senón asimesmo ao exército sirio e ao exército israelí e *porque cada minuto caíaunha bomba nos campamentos, porque nunha guerra aberta era imposible ganar a batalla, pra evitar o xenocidio, tivemos que pactar co réxime sirio, un réxime que apoiara anteriormente a resistencia palestina pero que, diante do posible trunfo da esquerda libanesa en allanza coa OLP, preferiu intervir a favor da dereita libanesa pra impedir unha República Socialista Revolucionaria en Libia, que fai fronteira con Siria, e pra non permitir que o pobo palestino puidese contar cunha retagarda forte nun Líbano decididamente progresista.*



INVASION PLANEADA

De novo hoxe, e tamén sobre territorio libanés, *o exército sionista isreali tenta, con 40.000 homes por terra, apoiados por mar e aire, liquidar aos denominados por Begin terroristas palestinos. Non se trata, como informaron as axencias internacionais, dunha contestación ou venganza, diríamos, á operación guerrilleira levada adiante o 11 de marzal en Tel Aviv por un comando palestino, é unha invasión planeada e unha vella pretensión de Isreal: ocupar o Sul do Líbano. Por outra banda, a operación guerrilleira de Tel Aviv non era unha acción terrorista contra civis. Nós non destruímos o autobús, senón que foi obra do propio exército israeli ao descubrir ao comando palestino viaxando no transporte público. O grupo guerrilleiro tiña un ouxetivo en Tel Aviv e viaxaba, por unha custión de seguridade, no autobús. A nosa organización non tén feito público cál era a operación que o comando tiña que realizar, ao millor porque quere repetila ou porque aínda hai membros do comando sin localizar no interior. Mais voltando á vella pretensión sionista de ocupar o sul do Líbano, a invasión atopou grande resistencia por parte do exército palestino, os israelis non conseguiron tomar ningunha das cidades principais e, coma sempre, atacaron os campos de refuxiados.*

A ORIXE DO CONFLICTO

No 1897 o Congreso de Basilea formaliza o movemento sionista,. E no 1917, e ao través da Declaración Balfour, Gran Bretaña propón a reconstrucción do «Fogar Nacional Xudeo». A política de atracción de emigrantes pra Palestina comenzará baixo dominio colonial da Gran Bretaña a partir do 1920, quen reprimirá as primeiras contestacións populares anti-sionistas. No 1937, Gran Bretaña decidiu colocar unha «nación xudea» no mesmo corazón de Palestina en base ao informe da Comisión Peel que propugna a creación dun Estado doble. Esta decisión tén como resposta un[illegible]ublica o s
conferencia de Estados árabes [illegible]el e mant
conclúe nunha declaración de[illegible] 10 anos
puntos: Palestina é parte in[illegible]rabe e xud
grante do mundo árabe. Anulac[illegible]nivel econ
da declaración de Balfour. Unha [illegible]939—. A
lestina árabe sin dominación ing[illegible]mo int
sa, e formalización dun Estado Li[illegible]New York
Palestino con garantías pra a en[illegible]n Estado
gración xudea. [illegible]mans da c
[illegible] estado
Pola súa banda, Gran Breta[illegible]ose posibl



PATRIA
TINA»

A é o ...to de que o
sión, a ...nstración de
a Terra ...rque dende o
de pal...os sofren o
unha P...ina ocupada
e Ga...vadidas polo
erra «...ís días». Un
tortur...epresión na
dentro ...ra da Patria
o III a...sario deste
atria G..., un día de
a vitor...



posta un...blica o seu libro branco sobre Is-
árabes ...el e mantén a creación, nun plazo
...ción de...10 anos, dun Estado binacional,
parte in...abe e xudeo a nivel político. ¿E a
. Anulac...nivel económico? —corría o ano
r. Unha P...939—. A nivel económico, o sio-
ación in...smo internacional xúntase en
stado Li...New York pra decidir levar adiante
pra a e...n Estado xudeo en Palestina, nas
...mans da chamada Axencia Xudea,
...estado que englobe, ademais, se
an Breta...posible, a Transxordania, e ao



través do que se consiga a hexemonía no desenvolvemento económico e o control en todo o Oriente Medio.

ANTI-SIONISMO MILITANTE

O movemento sionista, fundado a fins do XIX, é un movemento do capital internacional —declara Farid Fayez— *que ao amparo do sufrimento que rodeou ao pobo xudeo na Europa, lanza a ideoloxía da super-raza, do pobo preferido polo seu deus, da terra prometida. A banca xudea durante a primeira guerra mundial apoiará a Gran Bretaña e a Francia a cambeo da Declaración Balfour que senta as bases pra a emigración xudea a Palestina. E cando o imperialismo considera que as colonias xudeas son suficientemente fortes no interior do noso país, déixalle o mandato ao movemento sionista e aos grupos terroristas que posteriormente constituirían o Estado de Israel.*

Nós loitamos encontra do movemento sionista e contra todo o que entenda que pode espulsar ao noso pobo da súa Patria, nós loitamos pola liberación do home —non somente o palestino, de relixión islámica ou cristiana, senón tamén pola liberación do home xudeo das poutas do sionismo, enganado pola ideoloxía da super-raza—, e loitamos pola liberación da Patria Palestina e por un estado democrático e laico onde poidan vivir todas as comunidades en igualdade de dereitos.

No 47 Gran Bretaña transmite o problema palestino á ONU e, a pesares de que os xudeos non teñen máis do 6 por cento da superficie total do país, a Asamblea Xeral recomenda o establecemento dun Estado Xudeo concedéndolle ao redor do 54 por cen do territorio. Israel ocupará, inmediatamente, máis do 80 por cento da superficie Palestina, e declárase independiente, de maneira unilateral, ao tempo que os ingleses, o 15 de maio do 1948, rematan o seu mandato. Cando xa Palestina está dominada polos grupos militares sionistas Haganah e Irgum, Exipto, Irak, Siria e Transxordania inician unha guerra contra Israel que rematará no armisticio de Rodas, marxinando o problema dos palestinos. O seu precedente está no pacto secreto de Transxordania con Israel pra levar adiante o reparto de Palestina, seguindo prácticamente a resolución da ONU anque Israel ficaba coa cidade de Xerusalén e o país árabe —baixo o rei Abdula— ocupaba un tercio das terras, e no ano 50 convertíase na Xordania, centrándose o problema, a partires dese intre, nos campos de refuxiados. Os palestinos nunca reconocerán nin o acordado pola ONU nin o reparto do seu país e conseguirían, na organización da Resistencia, sistematizar e dar a máxima coherencia á súa alternativa de liberación.

O ANO DA DECISION

... Ninguna zona árabe debería sentirse segura e lonxana do epicentro da esplosión... Sabede, revolucionarios e héroes, que cada batalla que levedes adiante nesta situación complexa tén máis dunha significación no futuro da nosa loita e atinxe aos complots da alianza imperialista-sionista, dirixida polos Estados Unidos que tentan manter permanentemente a súa influencia nesta rexión... Nós, nación árabe, desexamos unha terra liberada de toda forma de opresión e de ocupación militar, económica e política...

Camaradas da longa marcha, neste ano 14, o ano da decisión revolucionaria e capital, temos confianza plena. Ao través de etapas firmes, ¡acheguémonos á victoria!

Yasser Arafat, Mensaxe no 13 aniversario da Revolución Palestina.

Despois de ter agardado moito tempo no esillo, o movemento organizativo da resistencia palestina comenza a ser un feito o 28 de maio do 1964, data de fundación da OLP. O primeiro grupo que formara o movemento de resistencia é AL FATHA, no 1965, e entende que debe concretizar a súa causa con independencia dos gobernos árabes e co apoio do pobo árabe. Os primeiros grupos guerrilleiros actúan dende as fronteiras dos países árabes e teñen que enfrentarse cos seus propios exércitos que consideran esta iniciativa coma unha amenaza pra os gobernos reaccionarios daqueles países. O primeiro mártir da revolución palestina cairía a mans do exército xordano, persecución que terá un espoñente claro no 1970 cando Hussein, co apoio dos Estados Unidos, organiza un exército beduíno contra a resistencia e tén lugar a matanza de setembre, o «Setembre negro», con 24.000 mortos e o ataque con napalm aos campamentos. Desde xeito, os palestinos pasan, a niveis prácticos, a ser prisioneiros dos países árabes, que cando queiran poden atacalos, perseguilos, negalos, amais de soportar as continuadas agresións do exército israelí.

O PRIMEIRO PROGRAMA

Na realidade os palestinos representan un xermolo revolucionario en cada ún dos países onde se asentan e deciden, frente á actuación dos gobernos, atraguer ás forzas progresistas e populares dos países onde se refuxian así coma internacionalizar o conflicto, despois de que, e a partires da guerra dos 6 días, AL FATHA lance un programa indicativo e amplio coma solución política pra o Oriente Medio, que se concretaría en: resistir hastra o fin ao imperialismo israelí, optar pola loita armada revolucionaria coma única vía pra a liberación de Palestina, creación dunha Palestina árabe que respete ás minorías xudea e cristiana, non admitir ningún tipo de acordo que lesione os intereses do seu pobo, defensa do socialismo



YASSER ARAFAT: «AO TRAVES DE ETAPAS FIRMES, ACHEGUEMONOS A VICTORIA!»

árabe coma xeito de goberno, organización militar da resistencia reclamando da solidaridade árabe o dereito a utilizar as nacións limítrofes coma retagarda, e chamamento a un mando militar unificado.


AS RESOLUCIONS INCUMPLIDAS

A ONU interviu formalmente no conflicto palestino dictando dúas resolucións —incumplidas— que se corresponden coa 194 e a 242 e nas que, con gran laconismo, recoñece que *de feito* os xudeos representan o 81 por cento da poboación do Estado de Israel e que son prácticamente donos dos seus bens, aínda que obriga a indemnizar aos desposeídos e espulsados ou ben a admitir que os refuxiados sexan repatriados. Pero nin siquera estas mínimas garantías foron cumplidas nalgún momento por Israel. A resolución 242 foi tamén rexeitada pola OLP por non seren nela recoñecidos os lexítimos dereitos nacionais do pobo palestino ao que simplemente trataba coma refuxiados.

Recordemos, tan só, que cando no 1917 Gran Bretaña fai a declaración Balfour, o 90 por cento da poboación de Palestina era árabe e non había no territorio máis de 56.000 xudeos que poseían o 2,5 por cento das terras, mentras que os árabes de Palestina eran propietarios do 97,5 da terra.

O POBO PALESTINO E A ONU

Dende o 48 ao 56, a ONU estivo dominada polo imperialismo, e deste xeito compréndese a declaración de partición de Palestina. Hastra que na ONU tiveron cabida unha chea de nacións recentemente liberadas do imperialismo e do colonialismo, e o panorama cambeou radicalmente: agora é a ONU quen recoñece os dereitos nacionais palestinos, e declara o sionismo coma unha ideoloxía espansionista e racista nas resolucións 3.236 e 3.379.




A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 11 ● Do 7 ao 13 de Abril do 1978 ● 25 Ptas.

Alúmina - Costa Norte

A SUBVERSION DOS AMOS



Ao norte da nosa nación, concretamente na costa luguesa, chegaron os monopolios. Pouco importa que non haxa servicios, que os obreiros que constrúen o complexo «Alúmina-Aluminio» de San Ciprián non teñan casas —nin salarios que permitan pagar as 25.000 pesetas dos alugueres—, que as carreteiras se vaian desfacendo e o hospital non dea sinal de vida. A realidade é que moreas de traballadores, moitos de Portugal, algúns inclusive de países africanos, viñeron detrás da Alúmina, sin esixir nada, reivindicando nada, porque a necesidade dun posto de traballo obriga a aceptar, insolidariamente ás veces, condicións de sobre-esplotación. Unha industria de enclave instáurase nunha bisbarra galega, trai nas nóminas os seus técnicos fideles e estranxeiros, aproveita as terras labradías, violenta o asentamento territorial da poboación e distorsiõna o «habitat» convertindo a costa no que a nivel popular se califica, e caricaturiza, coma o «Far-West».

Outro desastre ecolóxico

O «Torrey Canyon» foi o primeiro petroleiro que catastróficamente espallou o seu contido sobor das augas do mar poñendo en perigo toda a súa fauna. Dende entón este tipo de «accidentes» son unha constante con moitos exemplos: o derradeiro foi o «Amoco Cadiz» nas costas da Bretaña.

Páxina 14



Folga pesqueira en Cádiz

O enfrentamento no porto de Cádiz entre mariñeiros e armadores sigue sin solución ao seren desatendidas polos segundos as reivindicacións dos traballadores.

Páxina 13

Ascón: manter o posto de traballo

A intransixencia da patronal e a actitude conciliadora dalgunhas centrales viuse superada pola firmeza dos traballadores na loita por manter o seu posto de traballo.

Páxina 5

Dunha banda os caciques...

Bóveda: os nenos non teñen escolas, os pobos sin teléfono, luz nin carreteiras, as condicións sanitarias son asimesmo deficientes, o que fai que a hepatitis e o tifus esteñan estendidas na zona, máis de vinte nenos con enfermedades gastro-intestinales; e a alcalde di que «todo está ben».

Páxinas 10 e 11



O estudo das relacións de Curros Enríquez con Portugal ou unha Gramática Portuguesa na que se analiza o noso idioma dende o punto de vista histórico e comparado; a preocupación polo «iberismo» e polas relacións político-culturais entre España e Portugal no século XIX ou o interés pola Literatura africana de espresión portuguesa; traduccións de obras de creación e unha Antoloxía de poesía, son parte do traballo que desenvolve Pilar Vázquez Cuesta —«a miña actividade no campo da cultura portuguesa veu motivada por ser galega. Saín moi nena de acó e na Universidade de Madrid era o máis próximo»—, agregada de Lingua e Literatura portuguesa —a única en España— en Salamanca, e directora do mesmo Departamento —tamén o único en España—. Pilar foi a primeira catedrática de portugués na Escola Superior de Comercio de Madrid e profesora adxunta de Filoloxía Románica na Complutense hastra o seu traslado a Salamanca.

PILAR VAZQUEZ CUESTA

Contra toda artificialidade

¿Cál é a dimensión efectiva, non só académica, do Departamento que dirixes?

E saír da Universidade, chegar á cidade, e tratándose dunha Universidade onde non hai Lingua e Literatura Galega considero que tamén está no meu deber divulgar a cultura galega. Unha das miñas asignaturas chámase *Portugués* e eu interprétoa coma lingüística galego-portuguesa. Por outra banda e de cara á cidade, procurei levar escritores galegos, organizar ciclos de conferencias —tamén o fixemos coas culturas africanas de espresión portuguesa—, axudar a comprender a situación da cultura galega no mundo, que non está dentro da área da cultura española, senón na diríamos, lusobrasileira-afro-portuguesa. Neste senso sería moi importante o labor dun departamento portugués na Universidade de Santiago.

¿Inclusive a niveis prácticos?

Sí, porque as esperiencias destes países poden axudar á potenciación de certos aspectos da cultura galega así coma a espallala no Portugal do Sul, singularmente, que fora conocida no Brasil, na Africa... os libros terían máis difusión, máis tirada... entendo que chegaría o momento no que todo ese problema ortográfico que agora, penso que prematuramente, estáse a discutir, resolveríase na medida en que se tivese en conta non só as normas de Portugal senón as dos países africanos que se espresan neste idioma —que aínda non están en situación de ocuparse destas cousas, que son pormenores, coma ao mellor nós tampouco non estamos no momento de falar, pero terían algo que decir.

A batalla pola normativa tén pouco que ver, entón, coa normalización lingüística

Dende o punto de vista lingüístico —e esto vaise ver no propio castelán— non tendemos á unidade senón a diferenciar nomas lingüísticas paralelas e que realmente permitan que non haxa unha separación social en contraste coa unidade xeográfica. Por exemplo, se hai unha norma única pra o español será a costa de que o pobo de México teña que escribir moi diferente do que fala. Pola contra, se se admiten normas diferentes poténciase a unidade lingüístico-social, vertical, frente á unidade xeográfica, horizontal. Penso que o escritor galego está máis perto do seu pobo porque non hai unha norma unificada, é decir, pretender unificar de maneira artificial é contraproducente. Mira, en toda a Edade Media houbo unha Literatura importante sin unificación de linguas e ortografías porque, ao remate, o pobo escolle unhas formas determinadas e non habendo problemas de comprensión, como non hai no caso do galego, non hai que forzar a unidade.

Pero no eido do reconocemento institucional dun idioma ¿qué significan por unha banda a cooficialidade e, pola outra, a defensa da oficialización?

Bueno a cooficialidade xa demostrou o que dá de si no caso do Quebec, onde deixando escoller aos pais éstes elexían o inglés aínda que fosen francófonos ou mesmo emigrantes de países francófonos, e tiveron que sustituír esa norma liberal e individual pola territorial: o que estivese no Quebec tiña que escoller o francés. Mais, en xeral, nin siquera se aplican estes esquemas de maneira xusta, porque se o que se lexisla é que os pais galegos poidan mandar os seus fillos á escola en castelán ou en galego, habería tamén que engadir que os galegos que están na emigración tiveran a opción da escola en galego, seguindo este criterio individual, ou seña, se o castelán falante tén dereito ao ensino castelán en Galicia, o galego falante tén dereito ao ensino galego fóra do seu país. E esta é a primeira cousa faiseada porque escóllense os dous criterios a favor da lingua forte. As leis, non sei o que pasa, protexen sempre ao forte. A cooficialidade conduce a legalizar o asoballamento da lingua en desventaxa, á que se lle deixan uns poucos dereitos no seu país é ningún dereito fóra, en tanto que a lingua forte tén todos os dereitos no seu territorio propio e moltos dereitos no outro territorio. A cooficialidade vai contra o galego.



POUSA



POUSA

Dende a perspectiva dunha persoa que, coma ti, vive fóra do noso país, ¿cómo se manifesta o proceso de galeguización da nosa sociedade?

Penso que vai pra adiante porque vai no senso da historia. Un dos grandes erros é pensar que os nacionalismos van contra o internacionalismo porque pra que haxa internacionalismo non pode haber Estados intermedios, senón que tén que pasarse das nacións ao internacionalismo, e os Estados imperialistas coutan esta relación. Coa Revolución francesa chegouse ao principio de *nación igual a Estado* pero interpretouse non que cada nación tiña que ter o seu propio Estado, senón que cada Estado tiña que convertirse nunha nación. A raíz do século XIX, Europa estáse a refacer a nivel de concencia, e en parte a nivel político, de maneira máis auténtica. E tamén a loita de Africa frente ás divisións do colonialismo. En Europa aínda restan antigos imperios pero hai espacios xa arranxados, se pensamos, por exemplo, na Hungría dominada por Austria e que á súa vez era opresora de pobos iugoslavos e rumanos. Hoxe é unha nación coherente, con 6 millóns de habitantes, que non coloniza nin é colonizada: resolveuse o imperio Austro-húngaro. Pero hai parte de Europa que aínda non chegou a unha estructuración racional. Mesmo que chegase a haber unha confederación europea tería que ser de Estados que coincidisen coas nacións, e hoxe non coinciden.

E ¿cómo se recolle, máis alá, esto que dis? ¿Cómo se interpretan os procesos de recuperación nacional non só a nivel cultural senón de organización social, de formacións políticas propias?

Non se entende nada. Estou convencida que só quen o tén sentido no propio corpo o entende. Por exemplo eu teño amigos, moi progresistas, que cando chega o momento non entenden nada. Pensan que é igual rexión ca nación, que os problemas de Salamanca serán iguales ca os de Galicia, non ven a diferencia. No caso do idioma o mesmo: ¡o castelán! Cando a un alumno se lle dí que tén que ler en galego, *¿cómo vou entender?, pois non vas ser máis estúpido ca un neno galego de 6 anos que ao chegar á escola ensínanlle a ler en castelán.* Galicia é posible que nun intre determinado dea unha solpresa pra os de fóra porque, pra eles, por enriba das ideoloxías políticas, a xente é do *Noroeste* ou do *Centro.* E triste decilo pero é así, hai tanto españolismo, igual, na esquerda coma na dereita.

Referente aos movimentos autonomistas que se están a dar dentro de España, o castelán-leonés, por exemplo, ¿a qué respostan?

Son consecuencia de certo medo a perder o tren, medo que xustifican calificándose de colonia de Catalunya e Euskadi, pero unha colonia moi advertida que non quere independizarse porque, argumentan, perderían todo o sudor, todo o traballo, todo o diñeiro que os emigrantes deixaron neses países. Respecto de Galicia síntense solidarios con ela coma país pobre, non coma polo asoballado.do.

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 13 ● Do 21 ao 27 de Abril do 1978 ● 25 Ptas.

PONTEVEDRA: INDUSTRIAS CONTRA DEREITO E CONTRA RAZON



Tras quince anos de vertidos directos ao mar por parte da Celulosa e da gran cantidade de mercurio desperdiciado por Electroquímica del Noroeste, S. A., a ría de Pontevedra está a piques de morrer dende o punto de vista biolóxico, calculándoselle de non correxir inmediatamente a situación unha vida non máis aló de sete anos.

Por outra banda o perigo dunha fuga de cloro da factoría de Elnosa, instalada a menos dun kilómetro do casco urbano, ou de calquera dos camións cisterna que diariamente o atravesan pesa sobor de toda a poboación de Pontevedra e pobos limítrofes coma unha condena de características máis catastróficas ca as de Seveso (Italia), xa que podería ocasionar a morte a milleiros de persoas sin que se dispoña de ningún tipo de medidas de seguridade eficaces.

EVA FOREST
«Esta é a fase do cinismo»

Nunha man os plans de calquera ministerio do interior pra familiarizar ao pobo coa policía, entramentras ésta leva adiante a caza selectiva de determinados grupos sociais. Noutra man o aparvamento da xente atraveso dos partidos reformistas. Esta é a etapa que Eva Forest califica de gran cinismo.

Páxina 7



Carnota: Caldebarcos contra a cooperativa

A instalación duns viveiros por parte da cooperativa marisqueira da parroquia de San Mamede na praia de Caldebarcos é rexeitada polos veciños do lugar que ven afectadas as servidumes ás terras de labradío. Dous sectores populares atópanse así enfrentados.


Portugal: Desestabilización e novo proiecto otelista

Con grande confusionismo e o encubrimento tácito das responsabilidades da estrema dereita en sucesivos atentados, aos catro anos do 25 de abril os militantes progresistas reorganízanse.

Ascón esixe medidas políticas

Coas negociacións nunha vía morta pola intransixencia da patronal diante das reivindicacións obreiras, está convocada unha xornada de loita pra o prósimo día 25 na que se enfrentan distintas alternativas sindicais.

Páxina 3 e 4



Nunha man os plans de calquera ministerio do interior pra familiarizar ao pobo coa policía, entramentras ésta leva adiante a caza selectiva de determinados grupos sociais. Noutra man o aparvamento da xente atraveso dos partidos reformistas. Esta é a etapa que Eva Forest, califica de gran cinismo.
Eva Forest é médico siquiatra e vencellouse ao movemento antifascista e antiimperialista dende cedo. No ano 66, escribe *«O novos Cubanos»* e no 74-75, presa na cadea de Yesería, recolle no que sería publicado baixo o tiduo de *«Diario e Cartas dende a cadea»* unha testimuña viva de solidaridade e resistencia. Acusábana, entre outras cousas, de colaboración no atentado contra o daquela presidente do Goberno, Almirante Carrero Blanco.

EVA FOREST

«Esta é a fase do cinismo»

Asistimos, sin dúbida, á sustitución da Europa liberal por fórmulas abertas de «democracia recortada», con novos signos de represión, e colaboracionismo entre os poderes. ¿Cómo analizas esta situación?

Se durante estes 40 anos algúns xa sabiamos o que se quería decir cando ouviamos a palabra *democracia*, agora, no momento de vivilo, a impresión é fonda, porque a nosa democracia é Europa e ¿qué é Europa? Ben, pois Alemania ao millor é o exemplo máis claro onde a represión alcanza os lindes do descaro. Eu dixen sempre que todo formaba parte do mesmo cinismo, que esto é unha etapa de cinismo porque en Alemania o Ministro do Interior pode decir *non, é que eles suicidáronse...* ao referirse ao grupo *Baader-Meinhof*, pero é que aquí, nesta fase chamada democrática, houbo persoas detidas na DGS, estiveron o tempo reglamentario, despois pasáronos ao xuez —que continúa a ser o mesmo que estaba durante a dictadura fascista— e o primeiro que lles pregunta *¿vostedes foron torturados?* e ao decir que non, *pois firmenme un papel* e unha vez que o papeliño está fimado devólveos á DGS onde a policía recíbeos decindo *vedes, esta é a democracia, xa fixemos o paripé.* Despois vén a tortura.



POUSA

¿E os cómplices da tortura ou do cinismo en definitiva?

O cinismo empeza así, nesa risada que as presas de Yeserías lle escoitaban aos policías no momento da segunda volta *xa fixemos o paripé*, a mesma risada, paréceme, colectiva de todo os que están no poder, que está pasando en Francia, en Italia tamén. Na análisis que eu fixen atraveso dos documentos das presas de Yeserías había outra frase paradigmática da policía *agora a oposición apóianos, agora estades soias, e é* onde eu vexo o punto chave. A oposición parlamentaria esquéncese, non lle interesa conocer estes problemas anque seupan que esisten... Nós mesmo fomos alertalos, fomos decirlles: eiquí houbo torturas e hai que denuncialas, pero parécelles pouco importante, por eso digo que a oposición, de diferentes xeitos, está a apoiar ao mesmo sistema.

En Europa e no Estado Español, amais de represión tamén hai colonialismo, negación dos dereitos nacionais e ti, coma militante anti-imperialista, terás unha opinión sobre esta realidade.

Eu vivín directamente o problema *tabú* na Europa que é tamén o das nacionalidades, porque sempre falei referíndome á loita do pobo basco, por ser á que estou máis vencellada. Pero era unha custión que nunca saía publicada nas entrevistas, que era *censurada* e ao perguntar o por qué aparecía a xustificación: *non, é que acó tamén hai o problema*, fose onde fose. Por outra banda, se eu fundamentalmente me titulara coma anti-imperialista, no intre de definir as formas de loita síntome moi unida ao pobo basco porque entendo que nos partidos tradicionais esquéncese o grande compoñente do nacionalismo, que a opresión dos pobos é un elemento que enriquece a loita e que sin contar con este factor as grandes organizacións están trabucadas.

Tamén está ahí a loita de diferentes grupos marxinados polo reconocemento dos seus deritos ¿cómo a valoras?

Tén importancia na medida en que a toma de concencia dunha serie de xente e grupos que están sendo espulsados dende dentro do sistema é un fenómeno novo e conforma un novo revulsivo cara o rachamento dos proiectos deste sistema que, por unha banda, pretende esquenllar as masas atraveso dos seus colaboradores, os grandes partidos, pra que as trabuquen e as dirixan e, por outra banda, marxina unha serie de xente que lle pode presentar problemas, presentándoa coma perigosa, dividíndoa en grupos, por suposto —drogadictos, homosesuales, terroristas, os chamados tolos, etc.— pra podela destruír millor, encerralos e acabar con eles. Na medida en que estes grupos tomen concencia e fagan máis visible a súa problemática, na medida en que non acepten a división e se mesturen na loita, penso que será un revulsivo importante anque, en definitiva, o grande marxinado é sempre o pobo.

¿Que proclamen os seus dereitos, que se mesturen na loita xeral?

Sí, os grupos marxinados polo que che decía antes de que o gran marxinado é o pobo, teñen moito que ver con el e os seus plantexamentos son revulsivos que o pobo entende moi ben. Nun primeiro intre pode parecer difícil porque os esquemas están preparados pra que as cousas esteñan moi divididas, pero hai sempre a posibilidade de entrocamento co pobo dende un punto de vista sensible e resultará doado vencellarse á loita xeral.

Como alternativa organizativa ¿entendes que é preferible manterse isolados ou participar en formacións políticas?

Son distintas etapas, penso. Nun primeiro momento entendo que é importante que tomen concencia da súa situación coma homosesuales, minusválidos, etc., e na medida en que os problemas non están illados, que teñen moito que ver úns cos outros, na medida que avance o clarexamento, iráse vendo que as divisións son falsas e penso que deste xeito teñen máis posibilidades de chegar a ser homes políticos, mulleres políticas nun sentido fondo. O mesmo despertar dende un conocemento sensible pode levalos, coma grupo, a politizarse de maneira máis amplía, anque sí, é un proceso máis difícil.

¿Onde incluirías a loita feminista?

Nunha etapa de toma de concencia non a incluiría dentro dun partido pero tamén penso que tén que ser unha loita moi política e que na medida que aumente a concencia participará da loita xeral. De inicio eu situaríaa preferiblemente entre os grupos marxinados de cara a incorporarse máis adiante á loita política, organizándose en opcións que tivesen a suficiente amplitude pra recoller todo esto.

¿Cáles son, ao teu ver, as formas máis perigosas da represión actual?

Eu a represión vívoa moi a frol de pel e vexo que, por unha banda, a represión concreta non é tan indiscriminada coma denantes, senón que vai dirixida a uns grupos determinados pra cair sobor deles de xeito especial, e eiquí entraría o que podemos chamar novo tipo de tortura, que cada vez será menos física e si máis sicolóxica, de destrucción do individuo, de illamento, incomunicación e cinismo en derradeiro término, de levalo ao chamado suicidio, á súa desaparición. Por outra banda, e esto paréceme terrible, de forma paralela a aquela utilízase o gran medo de que se sirve o sistema pra enquenllar ás masas ao tempo que se sirve dos grandes partidos reformistas que frenan, conducen, en certo xeito poden chegar a estupidizar —hai que loitar contra eso, claro— ao pobo, fan que non se meta en nada. Todo un plan de terror ben dirixido.

¿Cómo se manifesta este plan?

Cada vez asistimos a unha maior propaganda de que hai roubos, violacións, etc., e con ese pretesto bótase gran cantidade de policía á rúa. Haí pouco estiven en Barcelona e a xente ás 8 da tarde pechábase na casa decindo *non podes ir... hai atracos, hai non sei o qué...* E verdade que hai eses, chamémolos delitos, pero sempre os houbo e agora aumentaron algo pero o que está desmesurado é o gran terror, o medo que están producindo e que sirve pra xustificar o feito de guindar á rúa cantidade policía que non é pra reprimir, aínda que cairá con furia sobor dos chamados marxinados senón pra familiarizar ao pobo con ela, policía que vai estar ahí, nas zonas obreiras e populares, e que no seu momento servirá pra reprimir ao propio pobo nas fábricas, nas protestas, nas manifestacións. Seméllame moi claro o que dixo Martín Villa por Televisión hai pouco, máis ou menos o seguinte: veríase que a policía aumenta, e cada vez iremos cara cidades máis pequenas, e a xente preguntaráse posiblemente o por qué. A policía aumenta porque ¡non ocurre nada!, tranquilízádevos, aumenta porque o pobo tén que vela coma protectora, coma xente amiga que o defende... E eso é un gran perigo porque é certo que diante do medo moita xente sae á rúa e pensa que ao millor pódenlle facer algo, pero ve un *jeep* e entón tranquilízase. Esta perturbación paréceme clave. Loitar encontra desto, conquerir que o pobo se decate de que esta fase é moi perigosa, de que en Europa está pasando esto, que gran parte do pobo pode ser anestesiado, guiado atraveso dos grandes partidos reformistas. ¿Cómo decatarse desto? E difícil, a xente que o denuncia é perseguida, destruida, pode rematar na cadea, pode *suicidarse*. Pero hai que facelo atraveso das organizacións revolucionarias. E o problema de todos.

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 14 ● Do 28 de Abril ao 4 de Maio do 1978 ● 25 Ptas.

A FESTA DO MATUTE



O Ribeiro do Avia, bisbarra situada ao Oeste da provincia de Ourense, é unha das zonas de Galicia con maior unidade xeográfica e económica. O cultivo do viño, implantado masivamente dende a Edade Media, convertiuna na única zona de monocultivo de Galicia e, polo tanto, ao viño coma única fonte de ingresos pra os seus habitantes; Pesia ser unha zona rica, cun nivel de productividade e de mecanización por enriba da media galega, o Ribeiro enfréntase hoxe con enormes dificultades en gran parte derivadas do problema da comercialización do viño, gravemente amenazada pola adulteración que sofre e que o pón en inferioridade de condicións con respecto a outros de pior calidade e orixe allea.

Tras as aparencias, o colorido e .a ledicia do viño vertido das «Feiras do Viño do Ribeiro», que este ano celebra a súa VIII edición, escóndese a realidade dun tinglado montado polo caciquismo —un caciquismo de alto nivel con representantes nas Cortes—, e dunha das terras con millores condicións pra o seu desenrolo económico e cultural, sometida hoxe a unhas institucións que controlan os precios e a calidade en función duns intereses alleos aos dos traballadores. Como din no Ribeiro: «Cooperativa, matute, Consello: Un mesmo aparello».

AGRELO HERMO: «Foi moito pobo quen nos legalizou»



Catalunya

Triunfalismo presidencial

No Día de San Jordi, o discurso de Tarradellas centrouse nunha soia palabra: victoria, victoria. Pero defraudou.

páxina 13

Portugal

Ataque dende as Azores

A social-democracia e o imperialismo arroupan ao movemento de estrema dereita no archipiélago das Azores, utilizando a bandeira do «independentismo».

páxina 14

A mocedade traballadora esixe e denuncia

Sin contrato, sin seguros, sin cáseque dereitos de ningún tipo, realizando xornadas de dez e doce horas ademais de cangar con ocupacións en póstos tósicos e perigosos, a mocedade traballadora disposta a defender os seus dereitos.


páxina 5



Máis observador ca teórico, como el mesmo se define, cunha esactitude optimista e grande comunicabilidade, Xosé Agrelo Hermo, militante da AN-PG, faise mestre despois de 11 anos de seminario e uns cantos invernos a traballar en Madrid. Casado, con dous fillos, no 73 participa na fundación do grupo de teatro «Candea» de Noia.

AGRELO HERMO

«é moito pobo quen nos legalizou»



PIÑO

Como candidato ao senado polo BN-PG nas pasadas eleccións xerais, qué significou divulgar as vosas posicións directamente entre o pobo galego.

Nós pateamos Galicia, cada ún o terreo que lle tocou. Aquí demos mitins en Noia, Serra de Outes, Freixo, Esteiro, Tal... As veces eran de 7 persoas, algún foi estraordinario coma o da Picota, na feira, ou o de Carnota onde incluso interviu a Guardia Civil. Como esperiencia personal foi estraordinaria e como esperiencia política coido que o Bloque conseguiu espallar a idea dunha Galicia Celbe e Popular, estender o BN-PG, e non despreciando os votos penso que a xente votaría máis por nós de non haber unhas presións caciquiles moi directas porque o pobo saía moi convencido do que plantexabamos. Ademais o achegamento, tanto físico coma ideolóxico, foi clave —inda que ás veces a estrela na bandeira asustaba, e veña a preguntarnos que se eramos separatistas, se queimabamos os montes...— e fomos os únicos que fixemos coloquio sempre. Entón agora coménzase a falar en plan positivo: se non fas esto vou chamar ao Bloque; dígollo ao Bloque e xa verás tí...

De cara a unhas eleccións que van ser ben diferentes, as Municipales, ¿cómo as plantexades?

Algo importante, e ademais a xente sínteo, é que as baseamos na parroquia, e esto é tan acertado que hastra sei dun Municipio onde a UCD tén buscado os candidatos por parroquias, copiando de nós, dito por eles. Se cavilamos, por outra banda, cos feitos que temos ao lombo dende hai tempo, coido que se teñen que espabilar moito, recurrir a moitos trucos, pra levárennos determinados Municipios. Nós tamén recurriremos ao noso truco que é o de decirlle a verdade á xente e ese truco non falla. Tamén cómpre ter en conta que nas Municipales vaise votar, ao millor, máis a persoa ca a ideoloxía, pero de todas as maneiras temos a ventaxa de que a nosa xente, moita ou pouca, nuns sitios ou noutros, é conocida pola súa honradez ciudadana. E se conseguimos que a parroquia adequira personalidade xurídica e facer concellos pra que a xente empece a intervir directamente nos seus problemas, pode ser un paso adiante. A dificultade maior pra o MNPG é a herdanza que resta dos Axuntamentos —que han deixar tantos problemas que non se arranxan nun día— e a inquinia do Goberno español que non dará presupostos, etc.

Xa noutro terreo, anque tamén electoral —o das sindicais— ¿qué factores influíron pra que en Muros, no sector das bacas, se tardaran tanto en realizar e con moitas irregularidades?

Muros é un sitio tipicamente caciquil onde as clases sociais están perfeutamente marcadas: os armadores, a banca, 3 ou 4 familias de comercio e o resto son mariñeiros do día —os emigrantes xa non están—. Cando se plantexaron as eleccións os armadores puxéronse a esborracar porque non lles cabía na cabeza que a xente dixera o que había que facer nos seus propios barcos. Pero a ING denunciounas e hoxe estánse celebrando e ben. O armador xoga con que o patrón é un traballador que normalmente síntese representante del e onde ocurre esto hai dificultades. Despois está o patrón de pesca, o famoso home que leva os cartos, é o chinche, o negreiro do armador, que lle paga a quen lle trai o peixe. Pero tamén ún dos problemas é que a poboación e moi frotante e a concencia sindical baixa ou o paternalismo, porque ás veces as bacas, polo reducidas, son coma unha empresa familiar, ou que moitos son tamén algo labregos... Pero as eleccións poden ser un paso importante e no fondo ao armador non lle cabía na cabeza que puideran atreverse a marcarlle a corredera un pouco, tanto é asi que ningunha outra central se preocupou de Muros, e Muros é mariñeira: 18 bacas cun promedio de 10 homes.

A ti, chegouche un convite pra asistir á designación da «Xunta».

Sí, chegoume á escola un *saluda*, que lle chaman. Ao primeiro fiquei coa boca aberta pero pensei que ao millor convidaran a todos os que andiveran neso das eleccións. Ao poñerme en contacto coa Dirección Nacional da AN-PG entereime de que eu fora o único convidado de toda a casa —eu espero que non me espulsen porque non é culpa miña...— Non sei as causas, ao millor porque teño moitos amigos curas, ao millor porque fun concellal de Noia no 62 —durei moi pouquiño—, ao millor porque uns días antes estiven a falar, casualmente, cun señor da Xunta a título personal... Anque á verdade o convite é increíble despois de saber a postura da Asamblea, e a miña en concreto, que sempre en presentacións, mitins, en público e en privado falei desa pantomima —e dígoo tanto coma militante, patriótico coma personalmente— e resulta que me convidan. Claro que non fun. Viña dirixido a min personalmente pero poñía fulanito de tal, membro da AN-PG, polo tanto non creo que fora a nivel de amigos, porque claro, eu ahí amigos non teño. Quizaves quixeran xustificar o *esquencerse* da organización, ao millor porque ando neso do teatro, non sei.

Nestes días saíu un comunicado de varias forzas políticas e sindicales que consideran que a Xunta é un paso adiante e fanlle unha chamada pra que se porte ben.

Creo que é oportunismo, a eles coma a calquera persoa normal cáenlles os dentes de saber que todo eso non é honradamente bon pra o pobo galego, que é unha comelloada cocida en Madrid. A menos que, na realidade, non señan todo o galegos que algúns deles din, é que en definitiva son esa palabra que nós lles chamamos, que non é ofensiva senón que é real —moito pior ca ser ofensiva—, españolistas. Móveos o oportunismo de chegar ao poder se se tercia, pero non lles importan nada un verdadeiro Goberno Galego, nin a autodeterminación, nin nada de nada. Xa lles pasou a primeira etapa de aparecer coa «G». Determinadas forzas buscan acomodo económico, outras oportunismo político, pero os que presumiron de estar achegados ao pobo ¿qué pasa? No fondo, no fondo, *La Sagrada Unidad de la Patria*.

¿No fondo, no fondo necesitarán esto que ti chamas pantomima?

Sí, por eso empregan tantas veces a frase de que esto é un paso adiante. Inda que fose unha autonomía normal sería estabilizar un status absurdo pra o pobo, e falso. Esta xente úsao coma plataforma pra que non se consiga o auténtico Goberno Galego, porque é a millor maneira de castrar a un pobo, darlle un ar de que tén a libertade, de que tén o autogoberno pra que non busque o verdadeiro autogoberno. E unha enganifa.

¿Considerádevos a organización máis importante e máis representativa de Galicia?

Se digo que sí pode parecer que boto faroles, pero dende logo quero que se lle pergunte á xente. Pra os que están ao servicio dos monopolios somos os malos, os catro rapaces, os queima-montes, pero agora demóstrase que todas as loitas que se fan siguen a línea das que se fixeran e que a legalización non nos fixo cambear e non nos vén do Goberno senón do pobo, porque hoxe a Asamblea tén prestixio entre o verdadeiro pobo e seremos o grupo que máis tén que decir.

De cara ao voso futuro organizativo e de influencia social, ¿qué clases e sectores considerades que son naturalmente parte da AN-PG?

Na asamblea están incluídos, inda que non esteñan militando, as clases labrega e mariñeira, a gran maioría, e entra tamén o profesional, xente asalariada que hastra dagora eles mesmos considerábanse parte dunha burguesía —hai mestres que se consideran o Ministro de Educación ou empregados de banco que se consideran donos do banco, sí, dinche rápidamente: *este ano gañamos 40 millóns, perdemos 10 millóns*— pero hoxe, ese mestre, ese empregado, estánse integrando na asamblea, por poñer o exemplo do ensino e a banca. Tamén están ahí o pequeno comerciante, o pequeno empresario que nin saben cómo saír adiante, ás veces teñen un coche pra carretar dacó pra aló, e están baixo dos monopolios. Esta xente tén moito que decir na AN-PG. Lémbrome daquel pequeno escrito que saíu contra do Pacto da Moncloa con motivo do 27 e pola xente á que eu lle repartín o papel fíxolles un grande impacto, *pero é que nós nos temos cabida en nada...*, e síntense galegos e todos os desprecian. Na Asamblea poden asumir un programa mínimo de Liberación Nacional e Social, están colonizados e sábeno pero fáltalles organización e ésta pode ser a AN-PG.

Sobre as alianzas que mantén a AN-PG, ¿qué importancia revisten pra o pobo galego?

Dada a súa ideoloxía, a AN-PG, e todo o mundo o sabe, coincide no camiño coa UPG. Esta alianza ao millor rompe moitos esquemas na política actual porque aparentemente non é normal, anque se se analiza un pouco non cabe outra cousa. Hoxe —e eso que se intentou— non hai maneira de coincidir porque a loita anti-colonial, e esa é a nai do año, non a asume ninguén máis ca os que compoñemos o Bloque.

Neste sentido houbo algunhas escisións na AN-PG, a última a primeiros do vran, que criticaban o funcionamento interno.

Alguén puido crer cando se deron as escisións que podía haber unha causa de tipo interno, falouse de personalismo, dunha chea de cousas. Pero do vran pra acó, e eso que pasou pouco tempo, vese que non hai tal cousa, que era pola política, porque non asumían o fundamental, o anti-colonialismo, claro, eles tiñan que dar un xiro, tratar de quedar ben e de paso deixar quedar mal aos máis, pero como o tempo e a práctica, e na Asamblea interésanos a práctica, marcan a verdade, véselles agora nas organizacións que fixeron.

E a túa actividade teatral...

Eu concibo hoxe e aquí o teatro non coma un adivertimento de masas, e sempre o espricamos, que pra adivertirse abonda coa TV e que nós imos decir algo comprometido co noso pobo. O teatro é tan vivo que quixera que os que falan desto estiveran aló, nun Teleclub da montaña ou nun garaxe de Palmeira, que viran os coloquios. Fixen teatro pra adultos —con grandes dificultades de censura— pero tamén vin que cos nenos se podían facer cousas estraordinarias pero había que romper ese teatro de fin de curso nos colexios de monxas, de fadas e princesas. Eu polo de agora fágoo sóio con mímica e fixándome de coller o entorno, se fose pra unha vila non faría a montaxe cun espantallo, fariao, ao millor, cun semáforo e que o neno faga o que lle é normal. Outra cousa é que o neno escriba as súas propias obras, as súas esperiencias. Temos unha obriña, «O Telegrama», escrita por un neno daquí, de 8.º, que é de gran impacto, claro, con ese problema terrible de que os nenos escriben teatro pra maiores. A obra é unha traxedia, é un emigrante, é un home que quere celebrar o Nadal cos seus fillos que veñen da escola, que queren que vaia ver os regalos e demais e todos moi contentes e nese intre chégalle o telegrama de que tén que marchar pra Noruega... Nada máis.

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 15 ● Do 5 ao 11 de Maio ● 25 Ptas.

SIGNIFICADO GALEGO DO 1º DE MAIO

A celebración do 1.º de Maio en Galicia tivo coma características esenciais a concentración de forzas na cidade de Vigo, onde se rexistrou a meirande movilización e a polarización desta xornada arredor de dúas alternativas sindicais con claro trasfondo político.

Se ben na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra se celebraron manifestacións e festivais impulsados polas centrais sindicais de ámbito estatal, éstas tiveron un carácter máis ca nada formal.

Foi en Vigo onde a movilización amosou unha maior importancia cuantitativa e cualitativamente, concretándose na celebración de dúas manifestacións convocadas en base a ouxetivos ben diferentes. Pola mañá, convocada pola ING celebrouse unha manifestación que contou coa asistencia de oito milleiros de persoas e cuios ouxetivos centrais se concretaban na defensa da autoorganización dos traballadores galegos, a loita contra o Pacto da Moncloa e a reivindicación de postos de traballo na nosa Terra.

Pola tarde, e cunha asistencia que se pode cifrar entre dez e 12 mil persoas, levouse a cabo a manifestación convocada polas centrais sindicais españolas e que contóu co concurso dos partidos PCE, PSG, MC, PTE, POG, PSOE, LCR, PCE (R), PGP e FRAP. Os ouxetivos da mesma, dentro da dificultade de definilos dado o confusionismo que froleou ao longo de toda a marcha, serían a devolución do patrimonio sindical, a defensa do proiecto de Lei de Acción Sindical na Empresa e o problema do paro.



Bueu: un náutico sobor da praia

Os mariñeiros e veciños de Bueu opóñense rotundamente á apertura do Club Náutico, promovido polo casino da vila, que foi construído con material prefabricado sobor da única praia de abrigo da zona e na que os mariñeiros desenrolan as súas actividades de reparación dos barcos e bateas así coma de secado das redes.

Páxina 8



Afganistán: xiro á esquerda

O recente golpe militar de esquerdas no país máis emprobecido do mundo e que limita coa Unión Soviética, Afganistán, vén derrubar ún dos máis tiránicos réximes pra abrir unha esperanza ao progreso social.

Páxina 14

Catalunya

Acordo secreto con Suárez

O President Tarradellas, despois da súa longa viaxe de quince días de duración a Madrid, non quixo facer públicos os acordos tomados co Presidente Suárez «hastra que seña o momento oportuno», non máis aló de quince días en que entrarán en vigor.

Páxina 13.

Eleccións ás Cámaras Agrarias

As Cámaras Agrarias, nacidas ao remate do século XIX, pasando por diferentes etapas asegún os distintos réximes políticos, están agora ao alcanzo dos labregos, anque as súas atribucións señan moi limitadas pola lei gubernamental e os caciques empreguen a fondo as súas artimañas pra facerse co control das mesmas.

Páxinas 10 e 11



O esforzo e a constancia por levar adiante un certo didactismo atraveso do feito teatral, a honestidade lisa e a identificación cos intereses populares poderían definir a un intelectual español coma Alfonso Sastre quen, además, soupo contribuír de maneira importante no eido filosófico da creación cultural no noso tempo, un intelectual español pesimista respecto da esquerda dese país pro entusiasta da realidade dos movimentos nacionalistas, que espón con grande respeto as súas posicións críticas.

ALFONSO SASTRE

«Estiven sempre pola militancia do intelectual»

¿Cómo entendes a evolución da esquerda española?

Eu non teño relación orgánica con ningún grupo ou partido, son un observador dende o esterior dos problemas que plantexa a unidade da esquerda anque podo decir que, e ao través dos contactos que mantiven derivados sobre todo da miña actividade no teatro, tirei unha impresión moi negativa da marcha das cousas. Cando volteí de Burdeos, do esilio, diante da perspectiva dun embrión de democracia burguesa, pensei que se iba producir unha forte tensión cara a unidade da esquerda revolucionaria, coidei que tería de ser así, que non era senón unha consecuencia das condicións que se estaban conquistando e entrei en contacto con diferentes partidos. Pero na miña opinión non hai vocación de unidade, aínda que figure na literatura de todos os partidos da esquerda revolucionaria, e non é que o proceso esteña estancado hoxe —eso sería unha situación momentánea— senón que non esiste o tal proceso. A esquerda revolucionaria española traballa en illas, cargada de prexuícios, chea de sectarismo e dogmas que privan sobor dunha linea de superación destes vicios... Máis ou menos, esta visión tan pesimista é a que teño nestes intres.

De calquera xeito o peso político en España non o leva esa esquerda á que te refires senón a, chamésmoslle, tradicional.

Si, eu referíame aos partidos e grupos situados á esquerda do PCE. Se se tratase dos partidos da esquerda parlamentaria entón a miña opinión redúcese a pensar que son reformistas e pactantes. Neses partidos non reside ningunha virtualidade revolucionaria, pra min. Non quero decir que a súa línea, dende un punto de vista crítico, sexa ignominiosa ou que comporten unha terrible traición a un proceso revolucionario, porque eu mesmo teño as miñas dúbidas sobre cal sería unha alternativa revolucionaria e eso resto moita forza á hora de facer unha crítica severa do camiño reformista do PCE, por exemplo. O PSOE xa tén tradición reformista, non é unha novedade, aínda que agora precisamente no PSOE se albisque ás veces unha tendencia máis radicalizada, fenómeno que sempre se produce nos partidos socialistas de estructura social-demócrata que lles permite agromar estas tendencias. Todo esto configura a miña opinión pesimista sobre a situación.

E nesta situación, ¿cómo verías a postura do intelectual progresista, cómo pode intervir socialmente?

Ahí está, ahí está o problema, e na miña biografía esprésase un pouco ouxetivamente, porque sempre pensei que o intelectual revolucionario tería que comprometerse na loita política dun xeito orgánico. Estiven sempre pola militancia do intelectual e non polo compromiso máis ou menos abstracto e moral estilo Sartre, por exemplo. Eu fun militante do PCE nos anos duros do franquismo e agora atópome, outravolta, con que son unha especie de intelectual clásico, independente, con desexo de integración nalgunha forma orgánica de loita, pero sin dar acertado ónde poñerme. Atraveso da miña esperiencia, a función que vexo é a de insistir sempre e colaborar sempre en toda acción que comporte un proiecto de unidade, nesto senso —e agora paso ao meu oficio, no eido intelectual propio— estou traballando pola constitución dun «teatro unitario da Revolución Socialista». Trataríase de crear un grupo con ouxetivos políticos e coa función fundamental de servir coma tecido conxuntivo aos grupos e partidos de esquerda. O teatro, polo feito de ter un compoñente imaxinario, pode permitir a convexencia de grupos e partidos que nas plataformas puramente políticas aínda non poden atoparse.

¿Entre os intelectuais de España hai un reconocemento e un conocemento das outras culturas nacionais do Estado?

Empézao a haber, pero é un conocemento moi serodio e a incomprensión é grande.

¿Esa despreocupación tén motivacións ideolóxicas?

O intelectual español, que é tan crítico e tan atento pra desmitificar determinadas crencias e ideoloxías, viuse impregnado durante moitos anos da filosofía imperialista española. Nalgunha ocasión eu, por exemplo, diante da incomprensión da loita do pobo basco, díxenlles: vós que sodes tan críticos admitides coma un fetiche a España dos Reis Católicos, non a sometedes á vosa crítica... A incomprensión maniféstase en términos caricaturizadores e noméase aos movimentos nacionalistas de maneira peiorativa, entendéndoos no marco do nacionalismo burgués. A posibilidade e a realidade de posicións de carácter nacionalista e revolucionario non son comprendidas nin polos intelectuais nin polos partidos da esquerda española. Deste xeito, o feito de que partidos coma ORT ou o PTE sigan tendo efectivos en Euskadi, por exemplo, demostra que non entenden o problema nacional porque senón deixaríano nas mans de organizacións bascas. Sempre que me preguntan se eu me integraría nalgún partido revolucionario español dixen que ún dos problemas é non poder militar nun partido español que tivese efectivos en Euskadi.

Comparando os dous tipos de censura, a tradicional, a directa, ou a actual, a do ocultamento, ¿cál consideras que é pior ou que é máis dificultoso de combater?

A censura directa era moi grave e prácticamente non podía abaterse porque se trataba dun sistema ríxido diante do que ún estaba virtualmente inerme. De calquera xeito a loita resultaba frontal e víase ben ónde estaba o aparello represivo do Estado e todo o que ese aparello impedía facer. Agora teño os meus temores de que a censura adopte formas máis sotís, xa as está a adoptar. E perigoso porque resultará difícil determinar a función represiva do aparello e pode pasar que ún se sinta bastante libre. Hai intelectuais —o que indica certa tosquedade de pensamento— que consideran que neste intre gozan de libertade dabondo, e non é así, e terán de mudar moito as cousas no eido infraestructural pra podermos falar dunha libertade real. Houbo feitos recentes no campo da libertade de espresión que servirían pra esvaer os soños que poseían algúns compañeiros intelectuais no senso de que se «xa estamos a gozar dalgunha libertade». Refírome ao redoble, ao forte redoble que significou pra a concencia a represión aos «Joglars». De súpeto viuse unha represión tan dura, tan dura e terrible coma a producida na vida de Franco.

¿Qué opinión darías, aínda que fose a nivel sensible, do socialismo no mundo nestes intres?

E unha das grandes dores da nosa época o ter que aceptar que aínda non se produciu —a pesares de que van algunhas décadas de esperiencia socialista— un modelo que seña válido de maneira entusiasta, porque todas as esperiencias cristalizaron en aspectos moi discutibles. Esto pode mover, e move, a moitos intelectuais a un certo escepticismo sobor da viabilidade de novas formas de organización social, concretamente de carácter socialista, pero nese senso eu non son pesimista porque paréceme que as esperiencias socialistas son moi novas, que a constitución dunha sociedade socialista é un proceso tan complicado que esixirá moito tempo pra que se poida facer un xuício definitivo sobre se tales formacións poden adequirir un carácter óptimo pra a convivencia humana. Paréceme que o socialismo está nacendo, os modelos están cheos de contradicción e haberá que seguir loitando. Mais ocurre que esas contradicción tiveron tal forza e tal virulencia que o movemento socialista preséntase grandemente fragmentado e o traballo cara novas formas de unidade encontra do imperialismo terá de ser grande.


E atraveso do traballo teatral, ¿qué posibilidades hai de achegarse aos elementos parateatrais de calquera cultura popular, moi acentuados, por exemplo, no caso galego?

Penso que nese camiño vaise traballar cada vez máis e que é unha das líneas mestras que servirá de guía nos anos vindeiros. De feito xa tén xurdido ao marxe do teatro convencional con importancia crecente e cunha orientación contestataria, e iráse á recuperación do sentimento teatral popular perdido.

Comentabas a necesidade de que nas obras de creación se reconoza a realidade ou referencias que sitúen ao espectador...

Si, si, é unha línea que eu me propoño facer e nese senso falaba dunha literatura realista —non entendida pra recuperar modelos coma o do realismo socialista e moito menos modelos coma o do realismo décimonónico—. Penso nun teatro no que o reconocemento da vida cotidiana se produza, reconocemento que serviría coma fío conductor pra a comprensión dos aspectos máis profundos da realidade, chegar a ela atraveso do reconocemento dos aspectos máis superficiais da mesma realidade. Este é un pouco o estilo de traballo que propoño, sin querer decir que eso houbera de determinarse coma propio dun teatro socialista actual, creo pois na grande riqueza de estilos, o do teatro máis festivo que presenta os caractereres lúdicos da esistencia humana, no que se produza un estalo de ledicia, de reconocemento da alma nacional, tratándose de Galicia, do teatro espectáculo no que ún reconoce as súas raigañas aínda que semelle un teatro separador do cotidiano. E outra línea de traballo e tamén é válida.

MARGARITA LEDO





especial letras galegas


A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 16 ● Do 12 ao 18 de Maio ● 30 Ptas.


POR UNS MEDIOS DE COMUNICACION GALEGOS





Médico, ensaísta, senador real, Presidente da Academia... afirmador da Preautonomía coma única realidade pragmática, a realidade que está ahí, non hai outra... reconocendo, ao mesmo tempo, que os resultados electorais non coinciden cos anceios políticos do noso pobo.

GARCIA-SABELL
«A xente vai calibrando moi ben...»


POUSA

¿Cómo accedeu ao galeguismo?

A miña amistade coas grandes figuras do galeguismo de entón, cando eu era rapaz, Cuevillas, Risco, Castelao, a xeneración Nós, foi moi determinante en min, a amistade con moitos dos compoñentes do Seminario de Estudos Galegos e logo, naturalmente, a lectura, lecturas doutrinais de Risco, as de D. Ramón Otero Pedrayo —a quen curiosamente conocín moito máis tarde—. Coincidiu también que cando as Constituíntes da República, eran diputados Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, eu facía o meu doutorado en Madrid e era ún dos contertulios con todos eles cáseque no café. O meu contacto co galeguismo foi, xa que logo, por unha parte humano e pola outra intelectual. Agora mesmo ocúrreseme que había un terreo moi abonado, porque viviu parte da miña infancia na aldea, moi importante pra ter contacto directo cos problemas do país, co idioma, etc.

A súa designación coma senador ¿a qué pensa que foi debida?

E hoxe o día que non teño ningunha idea clara, absolutamente ningunha. O rei chamoume: «sé de su amor por su país, de su honestidad y he leído algunos de sus escritos», o que houbo por detrás de motivo político, de consello, non o sei.

Na posterior elección pra presidente da Academia ¿coida que contou o oportunismo?

Penso que non, penso que son cousas totalmente independentes, desligadas. A proba é que máis dunha vez chegara aos meus ouvidos que os académicos pensaban en min dada a doenza do profesor Martínez-Risco.

Houbo outro candidato, non oficial, con probados méritos literarios, Carballo Calero. ¿Pensa que sería unha figura capaz de dar nestes momentos un bon presidente da Academia?

Respecto de Carballo Calero teño que decir que méritos tén moitos máis ca min e creo que faría un presidente fenomenal, ese pequeno atranco de ter que residir na Coruña é un atranco antigo que hai que modificar. Agora ben, o que pasa é que nunca sonou coma candidato, é máis, o día que apareceu nos periódicos a cousa de que era proposto non me lembro por quén...

por diversas agrupacións culturais

eso, sí, lémbrome que era un domingo, atopámonos na rúa e dixenlle: oiche, ¿tí viche eso?. Pois sí: e digo, pero qué hai, porque se tí es candidato eu vótote a tí encantado da vida... pero se non sei nada, non o quero... De modo que eso foi todo. Boeno, está ben, as organizacións culturais teñen dereito a propoñer a quen lles dea a gana. Espricoo pra que se vexa que nin Ricardo Carballo Calero pretendía nada e como soupen a posteriori estaba moi entusiasmado en que eu fora o presidente, anque vólvoche a decir que el era absolutamente idóneo.

E referente ás dúas posicións sobre o idioma, ¿o presidente da Academia optaría pola cooficialidade ou polo unilingüismo social?

De momento enténdoo como a cooficialidade, eso non tén que ver coas miñas arelas pero é que eu penso que en política a condición esencial é ser realista e gañando posicións ir logo máis adiante. Propuxen, e non aquí senón en Madrid, e non o dixen en privado senón nunha conferencia diante de intelectuais, que a miña maneira de entender o bilingüismo era o ensino do castelán a partir do galego, etc., etc., e que se continuase a ensinar en galego nos institutos, en todas partes, co que se vai ir xa a unha especie de monolingüismo, anque pra eso primeiro cómpre acadar a cooficialidade. E decir, non se pode empezar polo tellado.

¿Considera que os cambeos autonómicos, e a nivel concreto, poidan incidir na revitalización da cultura galega?

Sí, sí, penso que sí. Por suposto espero que institucionalicen a lingua e eso xa será un cambeo cultural fantástico, e logo que haxa facilidades de tipo económico, porque se nós imos gobernarnos a nós mesmos e por conseguinte coma unha etapa mínima, mínima xa se sabe, imos administrarnos, entón haberá que ter cartos pra unha chea de cousas que hoxe non se poden facer, e non digo só editar libros, digo todo: a plástica, o cine, o teatro, a música, a arquitectura, o que queirades, vanse dispoñer duns medios que hoxe están en Madrid e non nolos dan, sinxelamente.

Vostede utilizou o concepto «gobernarnos nós». ¿Considera que coa preautonomía imos camiño de gobernarnos nós?

Creo que é o paso necesario pra que nos gobernemos, eu non estou nada conforme con estas chatas da Preautonomía por unha razón moi sinxela, porque non temos unha Preautonomía de reposto. A min non me parece ben a Preautonomía en redondo, como non che parece a ti e probablemente se nos poñemos a falar na intimidade ti e máis eu estariamos pensando o mesmo, pero se combatemos esta mínima autonomía —non é que haxa que defendela, hai que apuxala—, porque a partir desta virá outra autonomía que será amplia, fonda e terá raiceiras se nós queremos. Se arrancamos mal non a teremos. Esto non tén volta de folla. E volvo a insistir: parécenme moi ben as ideoloxías, e eu teño a miña coma cada fillo de veciño, pero o grave incomenente é cando son unha pantalla que oculta a realidade, e a realidade é pragmática, ahí está, non hai outra.

A evolución política, dende unha perspectiva nacionalista, se é posible, antes e despois das eleccións do 15 de xunio, qué lle parece.

As eleccións do 15 de xunio non reflexan a realidade auténtica de Galicia e non a reflexan porque alí votouse con desnorte nuns casos, con medo noutros, cunha serie de factores negativos que desvirtuaron a realidade electoral. Agora ben, como despois foise vendo o resultado, o que funcionaba ben, o que funcionaba a medias e o que non funcionaba en absoluto, as eleccións esas serviron pra que o pobo colla máis concencia da súa propia colectividade, coma tal colectividade. Mira, o problema de Galicia, polo demais, e se se quere reducir a un esquema, é moi sinxelo: que o pobo teña concencia de que é pobo, este é o gran problema. Entón esas eleccións do 15 de xunio, e en gran parte polos seus efectos negativos, teñen axudado e axudan a que o pobo tome concencia de pobo porque en canto nega, en canto refuga, en canto di «Non é eso», estáse afirmando a sí mesmo e nese senso son minimamente positivas, aínda que noutros aspectos fixeron moitos danos, evidentemente.

¿E a evolución posterior da vida política do país está moi condicionada ao resultado nesas eleccións?

Eu non creo que esteña condicionada ao resultado das eleccións e verémolo cando as Municipais. Penso —e non confundo a realidade co desexo— que vai haber moitas solpresas e que nesas eleccións, coma nas que veñan despois, nas xerais, vai haber un gran predominio dos auténticamente nacionalistas, vaino haber. O pobo foi adequirindo moita máis concencia. Eu apalpo incluso na clínica cómo a xente se sinte fustrada por determinados políticos, cómo analizan moi ben, cómo a xente vai afinando e cómo sabe —imos empregar un termo que nos abrangue a todos, pra entendernos— quén é galeguista, quén non é galeguista, quén fai a farsa do galeguismo, quén non fai a farsa do galeguismo, con independencia da súa historia anterior, a xente vai calibrando moi ben, moi ben. Paréceme que o pobo de Galicia é moi político, tén unha gran sensibilidade política e ademais é moi realista, non é doado engañalo —home, nun momento dado coma o 15 de xunio, despois dunha dictadura espantosa e se van por ahí decindo que lles van quitar as vacas, se lles van quitar tal, ¿qué queres?—.

A concencia coma pobo, da que vostede fala coma base fundamental, tradúcese ben na autoorganización que se está a dar en todos os niveis. ¿Cré que a Academia responde a esta liñea de autoorganización a nivel galego no eido cultural?

A Academia galega está en vías de responder a eso. Tamén neso vai haber solpresas. Estamos preparando o terreo pra facer un labor radicalmente galego. Eu teño un programa de actuacións que cando se faga público verase o papel que vai xogar a Academia, non político senón cultural, pero cultural galego, radicalmente galeguista. Agora, non esquenzamos que actualmente non temos unha peseta, namais ca deudas, e que non podemos inaugurar a Academia porque non hai as sillas pra o público. Por fin eu conseguín os cartos e imos ter sillas pra que se sente a xente e poder celebrar un acto. Hai sempre un factor económico que non podemos eludir, e a Academia tén que entrar nos presupostos das institucións, non pra ser decorativa senón pra ter un funcionamento real.

Ao millor pasou un pouco que ao non estar normalizado o noso país a Academia era unha especie de caixón de xastre onde ás veces nin siquera había unha esixencia de méritos pra entrar, senón que era máis unha custión formal.

Ten en conta que aos comenzos da guerra civil houbo propósito de destruír a Academia, entón —o que son as cousas— era presidente da Academia don Manuel Casás, un señor moi de dereitas, moi de dereitas, moi conservador que creo nin falaba galego, en fin, o presidente menos adecuado, pero érao. Non sei por qué mecanismos chegou, pero no 36 érao e cando deciden suprimir a Academia baseándose, entre outras cousas, en que apenas había académicos —claro, algúns morreran, outros estaban no esilio coma o propio Castelao...— entón diante deste perigo don Manuel Casás nomeou de repente el mesmo 8 ou 10, e esto que visto así é unha barbaridade salvou a Academia, eso salvou a Academia, curioso ¿non?

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 17 ● Do 19 ao 25 de Maio de 1978 ● 25 Ptas.

A muller fóra da casa

TRABALLADORAS SÓ CON DEBERES



Traballar o ferro

Hastra Riotorto, en Lugo, chega a cuncha de ferreiros nacida na Veiga do Eo. Alí, onde se fundiu o ferro cando o ferreiro era unha persoa de certa relevancia social, siguen hoxe a traballalo unha chea de homes.



Euskadi

ETA-Goberno: ofrécense mediadores

A semana proamnistía convocada en todo o País Vasco coincidiría cunha gran actividade por parte de ETA-m e coa morte de dous dos seus militantes, cando se celebra o cabodano da campaña que logrou sacar das cadeas aos presós bascos.

R. C. Celta: Conversa co seu Presidente

Entrevista co presidente do Celta cando éste vén de subir á Primeira División.


Alúmina, a quinta columna

A situación conflictiva que está sobre o tapete na Alúmina-Aluminio de San Ciprián é consecuencia, por unha banda, dos graves e recentes accidentes laborais pro, por outra, reproduce as diferentes posicións manifestadas durante a longa folga do vran pasado.



TRABALLADORAS SÓ CON DEBERES

A mitade dos traballadores de Galicia, no agro, o no mar, os servicios, o sector industrial—, a mitade da poboación activa do noso país, dos que interveñen directa ou indirectamente na producción de bens, son mulleres. Son mulleres traballadoras dende os 14 anos en que deixan a escola a grande maioría, sin que nin leis ou servicios sociais específicos lles faciliten en nada, nin lles garanticen nada a niveis concretos, de cara a permitir o poder ser un traballador normal. En contestación a esto, as mulleres dunha nación colonizada están dispostas a falar abertamente de cómo miran inxusticias e abuso. Neste sentido e pra referir de maneira singularizada a integración da muller galega no eido industrial, escollemos coma interlocutores dous ramos nos que a man de obra é cáseque en esclusiva femenina: a conserva e o testil. A información que presentamos baséase, de maneira fidedigna, en datos tirados en Rianxo, Boiro, Escarabote e a Póboa do Caramiñal. Datos de traballadoras por unha banda, opinións da patronal pola outra, opinións que nalgún caso espresan fidelmente a concepción reaccionaria, burda e que llnda co insulto, de moitos patronciños frente ás asalariadas, frente a unha parte da mitade dos traballadores de Galicia, dos que zugan a posibilidade dos seus beneficios constantes.



PIÑO

SOMENTES ALGUNHAS FABRICAS DAS MAIS ANTIGAS TEÑEN TRABA… DE CE…

Cando Mari Carme, Dolores, Marisa, Olegaria, din que os problemas fundamentais na conserva se refiren á seguridade social —*«cántas veces houbo que marchar a correr porque dende outra fábrica avisaban que viña a inspección e só habla unhas cantas cartillas pra cubrir a papeleta»*—, porque como dereito somente se reconoce a maternidade, na verdade, e cando ún está enfermo nunca sabe se vai cobrar ou non e veña levar as recetas unha e outra vez...

Cando falan do inesistente contrato de traballo, de regularizar as nóminas —nóminas que teñen poucos meses ainda de vida nun dos sectores máis antergos da nosa industria—, de que non hai pagas estras e que o salario é o base, que en moitas fábricas o traballo é irregular, non o hai todos os días —*«ao millor traballamos un mes e outro estamos paradas»*— e cando nos comentan dos longos periodos de suposta aprendizaxe, cobrando menos anque se faga o mesmo traballo dunha oficiala, ou da imposibilidade de recurso se a un encargado lle dá por decir que unha rapaza traballa mal e colle e a mandan 2 ou 3 días pra a casa castigada...

Cando o falar é penalizado con 2 ou 3 horas de rebaixa no salario e o bocadillo hai que comelo «ás agachadas» nos servicios porque non hai ningún descanso dende as 8,30 da mañá, e as asambleas pra discutir custións sindicais ou das súas condicións de traballo teñen que facerse fóra dos locais da fábrica...

Cando se descargan camións, *«incluso o fan as crías»*, se palea o mexilón *«e nos tratan coma se nos lixeran un favor dándonos traballo, e ás casadas máis»*; *«¿vós a qué vindes?»*, escoitan se quedan dous días na casa, porque tamén teñen os seus problemas, ninguén que recolla aos fillos, os homes no mar ou emigrantes...

Cando —e esto corroboróunolo con franqueza o xerente de «Conservera de Rianjo, S. L.»— entran sin especialización e elas mesmas se van practicando dende os 14 anos *«agora dise que tén que ser aos 18 anos pero aquí empézase moito antes, unha porque o necesita, outra porque hastra agora estaba lexislado deste xeito...»* cando todo esto é así, téñense moitas razóns pra afirmar que unha muller, estando preparada, é igual ca un home traballando, e en vez desa escola da que non se tira ningunha conclusión que se fagan centros de formación profesional porque —siguen puntualizando as traballadoras da conserva— precisamente os empregos máis remunerados e fixos —fogoneiros, mecánicos, administrativos...— están desempeñados na xeneralide por homes, pero non é xusto que a pesares de ser asalariadas os xornais non permitan vivir sin depender dos pais ou doutras persoas. Ademais esta limitación multiplícase noutras, como o é a menor libertade a nivel social en comparanza cos rapaces e cos homes *«e está mal porque ao chegar a unha edade cada-ún é responsable, nós podíamos baixar tomar os viños —que non faciamos mal a ninguén— pero non, temos que ir pra a casa, e alí seguir a traballar. Os chavales, pola contra, veñen do mar e están hastra as once ou as doce»*, ou que se a muller está casada non poida dispoñer dos seus bens, mercar e vender, ou que os pais señan reacios —por medo máis ca porque esteña mal— a que nos organicemos siquera a nivel sindical, ou que algúns homes non queiran que a súa muller siga traballando —tampouco non queren os patróns, que teñen preferencia polas «jóvenes y solteras», como recollemos na Póboa—, e que sí ao divorcio e aos anticonceptivos, a poder decidir cándo e cómo se tén ou non un fillo...

DECARGAR, PALERAR, ESCUNCHAR, EMPACAR... TODAS FAN DE TODO.



PIÑO

O PRINCIPAL MERCADO DE TRABALLO

Por toda a costa da nosa nación, dende Viveiro a Redondela, en Ortigueira, Muxía, Ribeira, Bueu, O Grove ou Vilagarcía, a conserva é o principal mercado de traballo pra as mulleres. En Rianxo mantéñense 3 fábricas cun promedio de 60-100 traballadoras cada unha —ainda que a nivel oficial as contas de personal señan moito máis baixas— e na Póboa do Caramiñal contamos ao redor de sete ou oito, algunhas con máis de 200 asalariadas, e factorías fundadas en moitos casos no pasado século. A edade media do personal é moi baixa —19 ou 20 anos— anque nas fábricas máis antergas hai un porcentaxe importante de traballadoras de máis de 40 anos que levan ahí «toda a vida». A presencia sindical no sector conserveiro está xa bastante definida e ocupa o primeiro lugar en importancia a central galega ING, seguida das CC.OO. Concretamente na Póboa a relación é de 18 ING, 5 CC.OO., a nivel de delegados sindicáis, e entre os administrativos e técnicos todos os delegados son homes, agás unha muller, na «Onza de Oro», que é afiliada da ING. Por outra banda, os actuais delegados de CC.OO. xa eran vocais con anterioridade no SIndicato vertical.

PEQUENAS FABRICAS

No noso país, e se nosfiamos dos datos oficiais —máis axustados cando se refirenao número de fábricas que ao de traballadoras, porque se mantén un alto índice de ocultamento— o número de conserveiras achégase ás 160, con grande diferencia por parte da Coruña e Pontevedra respecto de Lugo, onde é menos significativa (sobre 8 fábricas) e se conventra fundamentalmente en Viveiro, non sobrepasando, quitado unha, os 50 traballadores, asegún as estadísticas industriais do INE. Na Coruña as cifras falan de 73 fábricas con 2.568 traballadorer (do total, 593 son homes e de entre eles 191 teñen postos directivos, de administración ou ben técnicos, xunto con 39 mulleres dentre as 1.975 que, en teoría, integran a poboación asalariada). O máis significativo porcentaxe de empresas, vintetrés, non chegan aos 25 postos de traballo, catorce teñen entre 26 e 50 e somente 6 sobrepasan os 100. Na Coruña véñense producindo ao redor de 10.000 TM de conserva frente ás 21.000 de Pontevedra.

Pontevedra conta, pola súa banda, con 75 fábricas e 6.869 traballadores. En xeral as factorías teñen unha media máis alta no número de postos de traballo: 7 pasan 250, 17 son de máis de 50 e 20 están… os 26 e 50 traballadores.

A conserva é a primeira p… ción a nivel nacional das ind… derivadas da pesca, mentras … conxelado ocupa o segundo … en Pontevedra e a salazón … ruña, sendo tamén estimable … ducción de fariñas de peixe.

A INESTABILIDADE CHAMASE «FIXAS DISCONTINUAS»

Manuel Gago Pérez, xeren… «Conservera de Rianjo, S. L.» … póis de se referir á falla de pe… ano 47, cando pechou toda sa… e moitos conserveiros de orixe … ga fóronse instalar por España … ma Daniel Vázquez, José Barr… Curbera..., e á falla de apoio t… ao sector, importante ademais … que ocupa moita man de ob… entende que este traballo é p… de mulleres *«comprenderá que … par unha sardiña... o home pod… celo igual, facer de cociñeiro, … calceta... pero calceta máis rápi… millor unha muller ca un homei…* os homes que fan nesta fábr… *«Pois os postos técnicos, o enca… do xeral tén que ser un home, … goneiro tén que ser un home, o … cánico tén que ser un home, a… que hai fábricas con mulleres … moita esperiencia que poden fa… o papel de encargado»*. O Sr. Ga… tamén entende que as relacións … borais son máis doadas coas mu… res ca cos homes, e o traballo d… tes non é máis reconocido, ao c… trario: *«penso que a muller tén m… oportunidades e que neste sec… non está discriminada senón b… tante ben retribuída. Claro que … non hai traballo continuo... p… nunha fábrica que traballe todo… ano a muller defréndese moi ben…*

A opinión, pola contra, dun c… serveiro da Póboa difire en ce… maneira da anterior e presénta… menos adubiada porque pra el … mulleres non merecen senón es… de «fixas discontinuas» porque «… tan coas festas, coa volta dos h…



CERTA EDADE.



MA SE NOS FIXERAN UN FAVOR DANDONOS TRABALLO, E AS CASADAS MAIS...»

; coas sementes e as collei-..», e un encargado engadiría o principal problema é o de fa- que tentan evitar ás casadas mor dos embarazos. Estas po-ons, dun paternalismo reaccio-o, parecéronnos, é o que se re-aba, dalgunha maneira, nas pa-as da Ester, con 17 anos, 13 ir-s, e traballando dende hai uns os, ao advertirnos que tiña me-por se o reportaxe fora tirar en ra do amo, e a Ester —ao millor anto oilo— tamén pensaba que sada queda moito tempo na ca-obre todo se lle vén o marido e *«acó a xente casa moi nova e ese de fillos»*. Ela tamén prefe- dixo, poder quedar na casa, a que... pensándoo ben *«que alle tamén a muller»*, e tamén, sándoo ben, *«se unha está casa- meu home me dá mala vida é millor separars»*. Que quén máis libertade, pois o home: *máis dereito o home non?, e nais será porque debe ser así, a er leva sempre máis as de per- ou será só por eso?»*.

O TESTIL E A REPRESION

O testil coidamos que tamén é un sector significativo de cara a recoller información sobre a muller galega no traballo industrial. Boiro pode ser un bon exemplo.

A que é conocida coma «fábrica de Permes», propiedade de Benigno Pérez, tén ao redor de 120 traballadoras e moitos, moitos vixilantes Sin contratos, agora con nóminas «falsas» —non figura a antiguedade ou ben aparece mal o enderezo, cando non o nome dunha empresa antiga que xa nin esiste—, nóminas desas que non garantizan nin dan dereito a nada no caso de que por algún motivo se deixe o traballo ou haxa despidos, onde as mesmas obreiras fan o servicio de limpeza do local e das máquinas fóra do horario normal, onde é moeda corrente pasar cinco anos coma aprendiz —cobrando menos, claro—, onde traballan rapazas moi novas, onde despois de casar polo regular non dan emprego, onde se cobra o salario base e asegún o esclusivo criterio e vontade do xefe —que sigue unha política de división retribuíndo de maneira desigual o mesmo traballo—, e ao millor percíbese algo polas horas estras, onde se retiran fichas cando vén a inspección e onde, en fin, *«non se pode nin mirar pra tras»* e onde baixo a denominación de «candidatura independente» foi o xefe quen gañou as eleccións sindicais sacando coma delegadas persoas da súa confianza.

O SEÑOR FEUDAL

O patrón da fábrica de Permes, irmán á súa vez do propietario da Mapelar, está considerado coma un verdadeiro señor feudal: non razona e, pra el, as traballadoras sempre dan de menos na producción, renden pouco en definitiva, feito que é causa de despido ou de castigos a discreción. Houbo o falacio de que na Mapelar foran despedidas traballadoras por levar «moito escote» ou por estar mal sentadas... e na de Permes, coméntase, chegouse aos malos tratos —*«o patrón tiróuselle ao pescozo e pateouna»*—, porque



PIÑO

«SE SE POIDERA ARRANXAR TODO CON HOMES ESTARIAMOS MILLOR...»

ao seu entender, unha traballadora estivera demasiado tempo de baixa ou, noutra ocasión, porque unha rapaza ousou contestarlle ao amo, un amo que se entera de todo polas súas chivatas e chivatos e que tén coma teima facer cambeos constantes de sección, asixindo que se renda tanto nun lado coma noutro.

Tamén pra o testil a aprendizaxe é atraveso do esforzo personal cáseque sempre —a non ser quizaves en Jealfe, onde ensinan a tecer nas automáticas— e efectivízanse decote fortes descontos se unha traballadora falta ao traballo, ademais de retirarlle a nómina.

As elección gañounas o xefe —6 delegadas independentes e 2 da UGT— a pesares de ser a ING a central con máis afiliación. «O día que resbares has resbares ben» diríalle o Sr. Pérez a unha afiliada da central galega por tentar facer unha asamblea no comedor.

«AS MULLERES SON IRRESPONSABLES»

E ao carón desta situación, coma mostra dos valores que rexen entre certa patronal que aínda se mantén en fórmulas de asoballamento feudal,rematamos cunha entrevista a D. Manuel Pérez, propietario de Mapelar, na que, despois de opinar sobor da mala situación do sector —en parte debido á choiva, diría, que inhibe á hora de mercar—, no sentido de non ver grandes perspectivas, *«a parte económica non está nas nosas mans e a confección que tén certo peso, por cualificación e esperiencia, é a catalana»*, engadiría, asemade, que o ramo do testil é recente en Galicia —uns 15 anos— e que foi montado pola facilidade pra conseguir man de obra en condicións ventaxosas, reseñando que no tocante á confección - confección Vigo é o lugar máis importante, Ferrol pola cantidade de pequenos talleres que traballan pra grupos e, se se pensa en zonas, de xéneros de punto, quizaves Boiro, Santiago, Ordes ou o mesmo Lalín.

Sobre o mercado pra o testil galego, D. Manuel Pérez foi tallante: *«O mercado é España, non se pode vender só traballando pra Galicia. Aínda que agora se fale moito das rexións somos españoles»*, e tamén moi elocuente nas súas opinións sobre a muller traballadora e o por qué se integra no testil: *«porque é fundamentalmente un labor de mulleres. Se ti tés un irmán e o mandas a coser, ¿qué che diría?, vai ti»*, e sobre a valoración que lle merece: *«polo regular o home é máis estable e polo tanto tén máis ascensos, a muller é inestable, entra e sai, moitas despois de casaren non queren volver traballar, é intolerable as faltas que hai, son irresponsables, o home somente falta ao traballo cando está enfermo, en fin, se se puidera arranxar todo con homes estariamos millor porque, aínda que a muller gaña menos, a súa inestabilidade perxudica e ademais o trato laboral é máis complicado coas mulleres...»*

MARGARITA LEDO



A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 18 ● Do 26 ao 1 de Xunio de 1978 ● 25 Ptas.

DA AMEAZA A FALSIFICACION

OS VOTOS CARA ARRIBA



Primeiro o petróleo ¿e despóis?

Cando aínda os mariscadores galegos teñen de seguir reclamando unhas indemnizacións que se correspondan coas perdas producidas pola esplosión do «Urquiola», as consecuencias do verquido do «Amoco-Cádiz» nas costas da nación bretona —colonia do Estado Francés— escomenzan a ser tímidamente analizadas na sua verdadeira magnitude.

Páx. 8



Zaire: a loita pola independencia

A pesares do fracaso do erguemento do Frente de Liberación Nacional do Congo, pola acción de paracaidistas belgas e franceses colaboracionistas de Mobutu, esto non impedirá que a loita pola independencia continúe.

Catalunya: boicot ás Cámaras

O Sindicato labrego catalán Unió de Pagesos promoveu unha forte campaña de boicot ás Cámaras Agrarias por consideralas limitadoras das libertades democráticas, frente aos «Consells de Agricultors».

Europa: as nacións negadas

A formación dos grandes estados modernos da Europa Occidental trouxo como consecuencia o asoballamento e a colonización de pobos ben definidos que, hoxe, baixo de estados «democráticos» siguen a sofrir unha opresión colonial. O proceso de definición popular que se está dando nestes pobos, xunto coas loitas dos movementos de liberación, permiten acochar a espranza dunha Europa real de pobos ceibes e homes ceibres.


Páx. 10 - 11



«Fannos creer que somos probes, que somos atrasados, un pobo que fixo o Pórtico da Gloria, as Cántigas de Escarnio, que resistiu e mantivo o idioma non é un pobo atrasado, é un pobo postrado» E Isaac Díaz Pardo tamén afirma, dende as múltiples funcións que se desenvolven ao redor dunha sociedade como Sargadelos, que a perfección e modernidade tecnolóxica, a creatividade e o arte ou teñen Patria ou se empeñarán en non comunicar nada. Un home que como arela racional non desbotaría unha Federación de Pobos Ibéricos pero que entende escesivamente complexo, quizabes, ir máis alá do posibilismo.

ISAAC DIAZ PARDO

Contra o esperanto na Arte


PIÑO

Dende o proiecto inicial a hoxe ¿pódese considerar que Sargadelos é algo máis que unha cerámica?

A matriz de Sargadelos foi o Laboratorio de Formas de Galicia, unha entidade creada na emigración arxentina por Luis Seoane e por min, á que se incorpora, xa de volta, o arquitecto Fernández Albalat. Tratábase de restaurar unha laboura interrumpida hai 100 anos no senso de contribuir á restauración da cultura galega. No seu orixen histórico, Sargadelos non foi unha cerámica senón un complexo industrial, un exemplo temperán de planificación no capitalismo dous séculos atrás. Voltando ao Laboratorio de Formas, amáis de Sargadelos, interveu nun convenio co Museo Carlos Maside, na Coruña, e coa fundación Penzol, tenta promover a creación dun Instituto de Información Galego que entre outras cousas faría un xornal, e tamén, espallando este esprito especializado, creou un Seminario de Estudios Cerámicos onde funcionan laboratorios de investigación tecnolóxica e de sistemas de comunicación.

¿Cómo se pode relacionar Sargadelos coa cultura popular?

Inda que Sargadelos é unha industria, o que fixemos foi recuperar a pureza do procedemento, porque a cerámica é antiquísima e, por outra banda, entroncada cos procesos naturais: é a reconstrucción das rocas magmáticas. Por exemplo, o granito é unha roca que funde e convírtese en materiais amorfos, que son os que coñecemos, e a cerámica son prácticamente eses mesmos materiais aos que se lles aplicou a forma antes de que se convertiran en rocas magmáticas. O home empezou a facer cerámica porque viu que a planta do seu pé deixaba unha pegada no barro e que aquelo endurecía co sol... é o principio da cerámica: un material que é mol, pastoso, moldéase, seca, transfórmase... e algunha vez o home viu queimar o bosque e viu que o barro cocía... Co tempo o procedemento foi adulterado e así a porcelana que entrou na Europa a fins do XVIII pasa a decorarse despois do vitrificado e non como antes, que se facía primeiro todo e despois metíase no forno. Sargadelos recupera o procedemento e todo pasa polo lume, o decorado tamén, está decorado baixo cuberta, feito que obriga a traballar con superficies grandes de mancha que lle dan un certo carácter primitivo. E como as galerías, que son todas iguales porque o peso dos bastidores obrigaba a modulalas, non podían ser moito máis grandes porque senón as mulleres —que son as que xeralmente abren as galerías— non poderían levantalas. Entón o bastidor, o peso, a funcionalidade deulle un carácter unitario ás galerías.

¿Qué vencello pode haber entre o uso e a decoración na cerámica, entre o aspecto funcional e o creativo?

A cerámica empléase pra satisfacer necesidades concretas que poden ser materiais ou non. Cando respondía ao arte popular, satisfacía necesidades de uso e as connotacións decorativas dábanse sin máis, pero si vamos á historia, as figuriñas de Tanagra ¿qué pasa? cal é a sua utilidade?... Os Guacos, unha das cerámicas máis importantes do mundo, a dos Guacos en Latinoamérica, sen funcionalidade ningunha..., qué sei eu, na historia vanse facendo estes aspectos distintos anque penso que si insistimos en que as cousas cumplan a sua función estaremos purificando o concepto, eso sí, sen beaterías, porque leva a un funcionalismo tan cursi que un diante da beatería prefire un San Andrés, que é unha satisfacción puramente espiritual ou unha muiñeira, que non sirve pra termar dos líquidos ou pra construir edificios de hormigón armado pero que contenta o esprito... son conceptos inmateriais pero necesarios tamén.

Por unha banda, pois, recuperar o procedemento, pero, ¿baseándose nunha cultura nacional?

Sí, hoxe na diseñística estáse a recuperar a autenticidade do procedemento e dos materiais, que éstes señan como son e que aquel vaia a como empezaron as cousas, con este esprito do Laboratorio de Formas foi concebido Sargadelos e non facemos tradición nunha cultura calquera senón na nosa, non na importada, e con esto entramos nun problema de hoxe: ao arte popular, inconscente, o Renacemento impónlle o arte conscente, a separación entre arte e artesanía, por razóns crematísticas, económicas. Pero a partir da revolución rusa, o movemento Whutemas, e posteriormente o alemán Bauhaus tratan de anular esta separación; créase o racionalismo e mortifícase o mundo das formas. Pois ben, o Laboratorio, que pretende ser tamén un instituto de diseño, leva outro senso que é o da localización das cousas, restaurar a palabra «orixinal».

¿Qué significado tén a orixen?

Pois que as cousas veñen dun sitio determinado inda que a palabra «orixinal» se empregue como todo o contrario, pra o que non tén que ver con nada «mira que original es esto, no se parece a nada» dicen... ¿qué pasou? pois que a cultura burguesa foi afogando o senso primitivo de ver que as cousas tiñan unha personalidade, unha orixen, illándose del; e respondendo á cultura burguesa resulta que as cousas orixinais non teñen orixen, un orixen que llo crea o entorno, os materiais, o carácter dun pobo, porque o arte popular non tén «autor», é colectivo, non tén sentido da «orixinalidade» senón da investigación que vén de lonxe e se vai modificando, e tén unha Patria, como o idioma —o sistema de comunicación máis importante que temos— porque senón convírtese nun esperanto e non comunica nada, é decir, querer facer un sistema internacional de comunicación pero non lograr comunicar nada é un pouco o que lle pasou a todo o racionalismo no mundo. Pola contra, o Laboratorio de Formas comprende o valor en canto á recuperación dos procedementos, dos materiais que o racionalismo cumpriu, pero bota de menos que non considere que todos os linguaxes —e o arte é un linguaxe— teñen unha orixen.

Sargadelos é unha industria de bens acabados, con personal cualificado e galego, semella, entón, un proiecto contradictorio en relación ao tipo de industrialización de enclave e nada racional que se está a dar no noso país, por exemplo Xove, que queda tan perto de Cervo.

Claro, nós facemos mesmo alta tecnoloxía, pero non miramos somente a productividade senón que nos preocupan certos coñecimentos, ou editar libros, ou influir na restauración do SEG, ou lanzar un instituto do caolín en Galicia que se xustifica porque a mitade do caolín de España é galego pero non está nas nosas mans, espórtase a precios moi baixos e importámolo outra vez ao dobre, polo tanto o valor engadido ás materias primas non queda aquí, exemplo da espoliación ésta que se está a facer de Galicia.

¿Representa entón outro modelo de industrialización?

Sí, porque o actual é o da economía dependente... pensemos nas Celulosas, si quedara aquí todo o proceso ao millor poderíamos estragar unha zona, toleralo —é unha mágoa que se sacrifique Pontevedra porque podería estar noutro lado—, si se transformase todo acó, además, está calculado que a de Pontevedra podería dar 30.000 postos de traballo e dá 500, esto é lamentable e non é tanto o que perxudica a Celulosa como que esteña noutras mans, son moitas contradicións.

Coidas, entón, que a burguesía media, de identificarse co noso país sería favorecida nos seus intereses cunha Galicia normalizada?

O artellamento económico de Galicia está destruído dende hai 5 séculos, dende que empezou a destruirse a personalidade política de Galicia, dende que levaron á nosa aristocracia á Corte e, como decía o Conde de Gondomar, non se sabe si os galegos que había en Madrid eran galegos «traedores ou traidores», pero hai que reconstruir ese desartellamento si se quere construir algo en Galicia.

Indonos ao que é a situación política hoxe no noso país e de cara aos intereses galegos ¿coidas que se está a vivir unha etapa de cinismo?

Home, sí, claro, é que é o grande mal do noso tempo, a tecnificación do disimulo, facer as cousas no nome de outros, ninguén as fai no seu propio nome.

Coller o nome de outro pra facer as cousas en interés propio pode ser esa falsa actitude galeguista como a da Preautonomía?

Eu non quixera concretar en nada, non quixera concretar en nada pero hai que estar vixiantes co camaleonismo, e non porque eu non acepte a evolución das cousas, conceder certa credibilidade e medir polos feitos. Si os que hoxe poden facer as cousas nos liberasen en parte da dependencia que dispara aos galegos fora da sua Terra... coido que habería que terllo en conta, agora, si todo o que están facendo é pra cubrir cun nome distinto esa dependencia serán, sinxelamente, nefastos na Historia.

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 21 ● Do 16 ao 22 de xunio de 1978 ● 25 Ptas.

GALICIA, GRAN RESERVA EN ALCOHOLISMO




ANA TURBAU

«EU SON HOMOSEXUAL»

Coma quen dis, os homosexuais están empezando a saír á luz no noso país e así o reivindican, mentras enfrentan e denuncian á ainda vixente «Ley de Peligrosidad Social» ou os posibles sucedáneos democráticos que poidan xurdir.

páxina 7



Vietnam espulsa aos negociantes chinos

Despois da desfeita do imperialismo no Vietnam, o sudeste asiático reproduce nestes intres outro tipo de conflicto entre aquel país, China e Camboia.

páxina 14

Mundiales: pouco fútbol, moita histeria

Dende o suicidio, ás ameazas, a trampullada e o mal fútbol, os mundiales fan honra ao país onde se están a desenvolver.

Páxina 15

A bomba de Ourense, unha operación amable

«A policía díxome que non tiña esperiencia ningunha... foi unha chiripa»

Páxina 4



A primeiros do século, a social-democracia alemana defendeu no Parlamento os dereitos dos homosexuais.
Hoxe, coma membro do Frente de Liberación Homosexual Galego, Xosé M. entende tamén que a sua loita non é estrana aos conflictos de clase e que somentes nunha nova sociedade tocará fondo, significando, asimesmo, a solidaridade activa que manteñen cos movementos feministas «que coma nós teñen como horizonte cuestionar a norma imperante».

«Eu son homosexual»



Vos mantendes que non se nace nin homosexual nin heterosexual senón que se adeprende, ¿cómo foi pra ti iste aprendizaxe?

Entendo que, no momento de nacer, unha persoa tén unha capacidade ilimitada pra respostar a uns estímulos sexuais, veñan de onde veñan, homosexuais, heterosexuais, autosexuais... é ben conocido o caso dos nenos que se tocan o pene pra esperimentar gozo. A situación obxetiva é ista, pero en base a estar e permanecer en institucións características desta sociedade como o son a familia, a escola, a eirexa, a evolución normal nortéase polos vieiros da heterosexualidade. Entón, calqueira outro vieiro é anormal, unha dexeneración, unha perversión. No meu caso, claro, eu non era consciente destes razonamentos anque os tivese no inconscente e houbo unha época da pubertade na que tiven relacións homosexuais. Pra min, non era nin nada malo nin nada anormal. Pero a escola e a familia enteráronse e de súpeto fíxoseme razonar o que era a homosexualidade e o que era o comportamento normal, a heterosexualidade, e aquí empezou a carga represiva e autorepresiva e eu pasei a sere heterosexual, a tentar ser heteroxesual.

Falache de que te descubriron na familia, na escola ¿de qué clase social eres e qué tipo de medidas concretas se puxeron en práctica?

A miña familia era obreira e eu fun á escola pública nos primeiros anos e despois a unha privada, que é onde tiven os cristos. A represión foi fustrante, hastra o linde cáseque do suicidio, claro, un rapaz non razona unha serie de cousas. Pode razonalas —é bon, é malo— inconscentemente, e pra min era algo normal, algo que pasaba... pero dun mes pra o outro, dunha semana a outra, si quere, fíxoseme ver con métodos represivos que iso non estaba ben: era un vicio, unha enfermedade, era isto e o de máis alá. Os métodos eran paternalistas —e quizabes piores ca os autoritarios— porque na miña familia, evidentemente, a opinión que había sobre da homosexualidade, do mesmo xeito que na escola, era a común na sociedade e foi a que me trasmitiron.

Inda que no teu caso non se dera senón unha maior vixiancia ¿conoces casos de illamento, de ir con un ao médico, por exemplo?

Sí, sí, eu fun ao médico —inda que por suposto non fixo nada e déixeino—. Pero tamén hai represión física e eu sei de casos de xente que estiveron un ano sin saír da casa por culpa da sua homosexualidade. Xa che dixen que eu empecei en certo momento a autoconvencerme de que era heterosexual, anque posteriormente viñen a reconsiderar moitas cousas, rever tanto a educación coma o xeito de pensar, preocuparme por unha serie de lecturas e replantexarme a homosexualidade, de que un 38 por cento das mulleres e un 52 por cento dos hoxa non dun xeito tan autorepresivo, senón máis científico, hastra chegar á conclusión de que non é nada anormal. Entón a autorepresión foi disminuindo, inda que se manteña a represión esterna anque personalmente digas que estás liberado.

Cando se vai á escola, e aínda que non se manifeste a homosexualidade, si unha persoa tén determinado feitío, si non coincide coa maioría, ¿dase un tipo de ensañamento instintivo por parte dos outros compañeiros?

Sí, e é lóxico porque na escola adeprendes que o normal é ser macho e non ser maricón, entón, si eres maricón hai que segregarte, botarte pra atrás, non andar contigo. Os rapaces aos 13, 14, 16 anos reproducen sen razonar o que lles din —tampouco lles dan pé pra razonalo porque ao millor razonaban en contra, e por iso se dan situacións de asoballamento, de segregación, de illamento, inda que no meu caso non houbo cambeos de actitude ao nivel dos compañeiros porque non chegou a trascender.

Cando non é posible apoiarse en lecturas, tal e como ti fixeches, rever outra volta as cousas ¿a homosexualidade mantense nun estado latente?

As estadísticas —cun marxen dun 5 por cento de erro— falan mes tiveron algunha vez relacións homosexuais digamos que de maneira esporádica, pero en canto a unha práctica sexual reiterada as cifras están dando —pra homes e mulleres— entre un 5 e un 10 por cento. A diferencia entre estas cifras e aquel 38-52 por cento fala ben da homosexualidade en estado latente. Eu creo, a nivel personal, que todo o mundo mantén a sua sexualidade nese estado. Por exemplo, un homosexual que practique somente a homosexualidade mantén a sua heterosexualidade latente tamén, dase unha situación de danza entre homosexualidade patente/heterosexualidade latente, heterosexualidade patente/homosexualidade latente... que te definas por un ou outro lado na tua práctica está en función de como vexas e razones o discurso social imperante. En min non foi somentes ler senón, como outra moita xente, estar en contacto con movementos políticos con ideas que a iste nivel e na miña época eran bastante innovadoras e fixéronme preocupar polo problema que tiña, un problema que hoxe sigueo a ser, por suposto.

O único que esta sociedade ademite, respecto da homosexualidade, é ao afeminado, mesmo ao que chega ao esibicionismo coma o «travesti», que é unha maneira de socializar a homosexualidade e, además, de controlala ¿por qué se recurre ao esibicionismo e a comercializalo?

Nesta sociedade diferénciase entre un rol dominante e un rol dominado que a nivel sexual se reflexa no rol do macho e no da femia, falando xa nestes termos. A sexualidade do macho está feita en función de sí mesmo e a da femia tamén en función da del. Entón, a «loca», o afeminado, non é que trate de reivindicar a sua homosexualidade con esa caste de comportamento senón que dí: eu són muller, pasando dunha situación potencialmente progresista —por cuestionar esa sexualidade orientada esclusivamente á reproducción— a asimilar o papel de dominado. Entón, a sociedade acéptao porque, coma se dixéramos, encádrase dentro do sistema, un *travestí* nunca se deita con outro *travesti,* nin unha *loca* con outra *loca,* senón que buscan un home, un macho. E iste tipo de manifestación autorepresiva dende dentro e represiva dende fora fainos estar enfrentados consigo mesmo. Se esta xente non tén unha serie de razonamentos que lles fagan asumir a e reivindicar a sua homosexualidade, somente lles resta decir: són home porque non me queda máis remedio, e como son homosexual, o que vou facer é comportarme como muller. Nós, de calqueira xeito, defendémolos diante da sociedade e pensamos que de non esistir represión sobre da sexualidade nin roles, non se darían *plumas;* por outra banda, as *locas,* os *plumeiros,* os *travestí* proceden sempre das clases esplotadas, non da burguesía.

E ahí está a «lei de peligrosidade social»

Si, a grande batalla, niste intre, de todos os frentes de liberación homosexual do Estado español. Nela recóllense un fato de conductas *pre-delictivas* e *socialmente peligrosas,* dende os vagos e maleantes, as prostitutas, os mendigos, os homosexuais. No propio franquismo dábase unha situación bastante anacrónica, que era que ningún artículo penaba a homosexualidade non sendo escándalo público, e naceu esa lei pra cortarnos todo tipo de vida xa que si ibas cun rapaz da man pódencha aplicar por escándalo, e despois no traballo, porque o normal é que che despidan: un exemplo claro é que a maior parte dos homosexuais están en traballos ilegais, en bares, en clubs ou en profesións liberais; se traballan en comercios ou fábricas, téñeno tapado, falan de tías coma o que máis e despois, claro, teñen a sua vida nocturna, a doble vida.

¿E no caso do ensino, concebido pra transmitir determinados valores e ideoloxía?

Ese caso é tan grave que abonda cunha denuncia de calquera por unha sinxela sospeita, que nin se molestan en comprobala siquer, e xa estás na rua. Interésame remarcar outra cousa, porque hai uns días o subsecretario de Xusticia falou de que a lei ista íbana suprimir, pero nós imos máis alá porque tratan de elaborar unha *lei de defensa da sociedade* na que dun ou doutro xeito vai quedar encadrado o fenómeno da homosexualidade e nós estamos pola sua despenalización total, xa que si a heterosexualidade non está regulada legalmente, pensamos que a homosexualidade tampouco tén por qué estalo —sempre que non interveñan enganos, violencias, etc.

Os frentes homosexuais, ¿non corren o peligro de quedar reducidos ao ghetto?

Sí, pola pouca tradición do movemente homosexual, pola pouca teorización inclusive, danse estes riscos na grande maioría dos frentes. Nos pensamos que o homosexual tén de vivir na sociedade coma todo o mundo, inda que a cuestionemos, porque hastra que se destrúa, non hai outra, pero non estamos dacordo tampouco en que a sociedade vaia ao ghetto, do que son exemplos ilustrativos de morbosidade os machistas que van desempeñar allí ese papel. Además, inda que se traballe tamén no ghetto, a grande maioría dos homosexuais non están ahí e por outra banda é facerlle o xogo ao sistema, porque se non houber ghetto, o potencial revulsivo sería maior xa que o mesmo ghetto reproduce o conformismo. Quedar no ghetto é sin dúbida un dos maiores peligros pra os movementos homosexuais.


MAGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 22 ● Do 23 ao 29 de xunio de 1978 ● 25 Ptas.

O MILAGRE DA AUTOCURACIÓN



Arteixo

Intereses privados sobre praias comunais



O ESTATUTO

Barreiro Fernández analiza a andadura cara a recuperación política de Galicia e o que foi o plebiscito do 28 de xunio de 1936

Páxina 9


España

Nin federalismo, nin autodeterminación

O consenso constitucional tivo un dos seus ésitos na defensa acérrima do Estado unitario, non reconocendo a realidade plurinacional.

Páxina 13

Invertigación universitaria: ALLEAMENTO E DESPILFARRO



O dereito á formación profesional somentes se pode entender como efectivo si se vencella á garantía doutro dereito fundamental: o dun posto de traballo digno na propia Terra. Pero nin o un nin o outro son realidade no noso país, xa que aos traballadores galegos, coma ben dí Elena Veiguela, profesora numeraria da Universidade Laboral da Coruña e presentante da UTEG-ING, «cualifícannos prá emigración e os técnicos siguen a vir de fora». E así o afirmou, sin ningún recato, o Ministerio español de Educación e Ciencia: *«Es importante la formación de los emigrantes, especialmente en su aspecto profesional. Esto obligará a especial consideración al planificar las especialidades a impartir en los centros de formación profesional»* (Planificación de la Educación en Galicia, páx. 153, Madrid 1970) que nas suas estadísticas do ano 75 decía tamén ben claro que por cada 16 rapaces que empezan FP1 no Estado, 1 é galego pero que ao chegar a terceiro de FP2 a relación xa é de 42 pra o Estado e 1 pra o noso país.

ELENA VEIGUELA

«A Formación Profesional ensinou a emigrar»



M. LEDO

¿Qué opcións tén un rapaz galego hoxe cando remata E.X.B.?

Se non tén o título de graduado escolar necesario pra facer B.U.P. e quer seguir estudanto, tén de facer Formación Profesional de primeiro e segundo graus, xa que o terceiro non se imparte en ningures pola grande protesta que no seu intre houbo por parte dos inxenieiros técnicos de grau medio e peritos, pois verdadeiramente non se sabía moi ben o espacio na cualificación que iba ocupar iste terceiro grau: un estudiante que recibise os correspondentes ensinos teóricas e prácticos durante os tres anos, estaría ao mesmo nivel que os inxenieiros técnicos de grau medio e peritos.

¿O salto de octavo de E.X.B. a B.U.P. ou F.P. pode ser un índice da carga selectiva do ensino en Galicia?

O feito de non acadar o título de graduado escolar débese a un retraso na escolarización sin ningunha dúbida, retraso debido a problemas socio-lingüísticos, de ubicación xeográfica, económicos, e ao nivel cultural no que se move o rapaz; con todo, coido que o factor decisivo é a falla de preescolar, porque un neno que vai por primeira vez á escola e tén de recoller unha serie de contidos pra superar unhas probas que, polo demais, non están adaptadas ao medio no que o neno se desenvolve, este neno, xa que logo, leva un atraso nos cursos e non pode outer o título de graduado. Ou seña, que a unha selectividade académica engádeselle unha selectividade económica, xa que un rapaz que se atope nunha zona de Galicia onde non esista un centro de B.U.P., non poderá cursar os seus estudos si non dispón de medios económicos. Por outra banda, a F. P. non presenta tantos obstáculo en canto a ubicación xeográfica, porque proliferou dabondo, sobor de todo a privada, e mesmo se crearon centros por organismos como Obra Sindical, Ministerio de Agricultura, Instituto da Marina, etc...; entón, os nenos de familias económicamente en precario, víronse empurrados cara F. P.

A alta proporción de abandonos nos primeiros cursos, ¿a qué se debe?

Os rapaces e os pais miran a F.P. como unha prolongación da escolarización, porque son rapaces moi novos, de catorce anos, que inda non poden emigrar nin entrar a traballar de aprendices ou de pinches. Si aprende un oficio, ben, e senón, ao fin e ao cabo cando vaia a unha empresa tampouco lle vai servir de moito, porque aos empresarios o que lles importa é si o rapaz é espabilado e dá feito o traballo; mesmo prefiren un rapaz que teña traballado no seu taller. Aínda que a «Ley General de Educación» di que F. P. vai dirixida á formación integral do alumno, ao non haber unha serie de prácticas nas empresas, a cualificación é deficiente, e de ahí que ao patrón lle interese cualificar aos aprendices no seu propio centro de traballo. Si as empresas que esisten no noso país fosen máis progresivas, interesaríalles que os obreiros non somente fixeran un traballo mecánicamente, senón que estivesen capacitados pra asimilar as distintas transformacións da técnica. Esto esixiría outra formación, outro enfoque na cualificación que non reciben os rapaces que entran de pinches nas empresas. Ademáis, como as empresas funcionan con patente estranxeira, non teñen laboratorio nin departamento de investigación; desa patente vén a instrucción, veñen os técnicos que farán que eses aprendices señan os obreiros mecánicos de sempre.

¿Qué características teñen en Galicia o sector estatal e o sector privado da F. P.?

A F. P. estatal conta con boas e costosas instalacións, pro non conta co mantimento delas. Pode haber moi bós tornos, pro fai falla material pra traballar neles, ou senón, é como si non os houbera.

Á privada non lle interesa invertir en infraestructura, somente lle interesan as ganancias e por eso domina en sectores como a F. P. administrativa, delineación, e especialidades deste tipo que non supoñen grandes gastos na inversión. Os centros de electrónica, construcción metálica, o frío, son os estatais.

¿Qué tipo de F. P. sería necesario no noso país orientada a fomentar un tipo de industria, agricultura, pesca, axeitada ao desenvolvemento do noso país?

Non é un problema dun remendo técnico, porque coa política industrial que se aplica en Galicia, a F. P. non tén senso; acó as industrias son de primeira transformación, e onde a F. P. sería necesaria é de cara á cualificación dos traballadores prás últimas fases de transformación e sobor de todo prás industrias ausiliares.

Si se chegase a planificar doutro xeito, habería que atender ás posibilidades de integración nas distintas situacións técnicas e defender asimesmo o punto de vista humano, porque un rapaz que escomence a traballar precisa dunha cualificación profesional, pero tamén dunha formación intelectual sólida. O ciclo de ensino tería que rematar aos dazaoito anos sin distinguir entre ramas académica ou manual e recibindo ao remate todos o mesmo título, co que poder optar por seguir os estudos universitarios ou ben un ensino técnico especializado. Habería que darlle a volta á planificación do ensino globalmente, e sobor de todo da F. P., pra que os traballadores tivesen capacidade de intervir e facer aportacións á planificación do proceso productivo, ser algo máis ca un número.

Entón, esta alternativa de ciclo único que contempla a combinación da formación teórica coa práctica, ¿opónse ao principio de F. P. a cargo da empresa?

En realidade esta alternativa é unha aberración, porque á empresa que imparte F. P. pola sua conta o que lle importa é o másimo rendemento e non a verdadeira formación á que tén dereito o aprendiz. De feito, a F. P. xurdiu como recambio á maestría industrial da man dos tecnocrátas, nun intre en que pretendían a homologación con Europa a nivel de técnicas avanzadas, competitivas, etc... aínda que somentes se quedasen no intento.

Moitas veces tense dito que a F. P. é un ensino en función da emigración, ¿ti qué opinas desto?

A cantidade de nenos que cursaron F. P., era evidente que non iban ter onde empregarse, así é que esto estaba programado —hai documentos que o acreditan—, porque na mesma «Ley General de Educación» e no capítulo da F. P., fálase de que en Galicia tén de terse en conta o grau de emigración e a formación que se imparta terá de mirar esta saída. Así de descarado.

¿E a F. P. de adultos?

Na F. P. 1 aínda se pretende impartir un ensino integrado, pro a F. P. de adultos é xa claramente formación acelerada que se organiza somentes cando hai demanda de man de obra sobor de todo de cara a emigración; por unha banda, cualfícase un mínimo á xente pra emigrar e pola oura, ás empresas galegas veñen técnicos de fora.

E no referente ás Universidades Laborales, ¿con qué base se montaron e con qué medios contan hoxe?

A primeira en Galicia foi a Universidade Laboral da Cruña, cun eixo fundamental nas súas actividades, o marítimo-pesqueiro, esto en función da forte demanda de man de obra que había pra os conxeladores, «Grand Sole«, etc.

¿Qué tipo de estudios se fixeron?

Ningún estudio que servise pra tomar posición nin sobre as 200 millas, nin sobre o destrago da pesca de baixura, por citar exemplos de hoxe, o cal pode serivr de índice pra ver como funciona o eixo da Universidade Laboral da Cruña—. Por oura banda, nunca chegou a contar cos estudos de inxenieiros de grau medio.

¿Qué tipo de alumnado acude á Universidade Laboral?

O do bachillerato é maioritariamente de fora, o de F. P. é de acó. A razón desto está en que pra ter unha beca de interno, hai que ter unha nota media superiror que pra estudar de medio-pensionista, onde a selección é menor e posibilita o acceso aos alumnos galegos, aínda que actualmente trátase de rapaces mediopensionistas do entorno, que van e veñen en coche todos os días. E a Universidade Laboral, sabendo o baixo nivel —ás veces sin certificado de estudios primarios— dos mediopensionistas, nunca se preocupou de darlles un ensino especial frente aos que veñen por exemplo de Cheste (Santander), que están millor escolarizados.

E no tocantes ás Universidades Laborales de Vigo e Ourense, ¿cál é a situación?

En Ourense, o dato máis significativo é que se programou nos anos 60 cando a emigración a Europa estaba en auxe, o cal danos unha idea do fin que se persequía.

A de Vigo pensouse despóis das folgas do 72, e os rapaces din que as Universidades Laborales se crearon pra controlar e desclasar á clase obreira dándolle a un sector dela determinado tipo de situación: cumprirían, pois, unha función represora. Voltando á de Ourense, compre suliñar que unha das suas especialidades é a electrónica e o automovilismo, cando en Galicia non hai industrias que absorban man de obra en electrónica, e, así, moitos dos que estudaron esta especialidade andan agora de electricistas coas empresas da construcción. Si miramos o tipo de promoción que fixeron dos fillos dos traballadores, vemos que foi mandar man de obra prá emigración.

A NOSA TERRA

especial patria galega

PERIODICO GALEGO SEMANAL
N.º 26 ● Do 21-27 xulio do 78 ● 30 Ptas.

Porque pra A NOSA TERRA, como periódico nacionalista, a Patria Galega somente tén senso como unha Patria soberana e que resposte ás necesidades das clases populares; porque A NOSA TERRA sabe ben dos intentos manipuladores de alternativas recén chegadas ao noso país, que baixo dun linguaxe tecnicista encobren a perpetuación colonialista; porque os órganos informativos teñen o deber e o dereito de ter as suas propias opcións, A NOSA TERRA entendeu que o millor homenaxe á Patria Galega era pensarmos qué fariamos si o poder político dependera dun Goberno galego. Por iso, a orientación deste número estra encamíñase, nos eidos económico e socio-culturais pra cavilarmos cales serían as primeiras medidas precisamente, a pescudar que este Goberno galego adoptaría frente da problemática que deixe en herdanza o colonialismo.

Non falla, asemade, o contributo testimonial dun grande patriota, defensor dos dereitos do seu país, como Telesforo Monzón, ou o motivador discurso que Daniel Castelao construira agoirando a alba dunha Galicia Ceibe. Un número estra que tampouco deixa de ser un reconocemento sentido daquelas organizacións políticas patrióticas que moito se levan esforzado por elaborar e traballar na defensa dunha alternativa prá descolonización de Galicia, as «Bases Constitucionais».

A NOSA TERRA, periódico dos nacionalistas, quere tamén declararse periódico patriótico.

VIVA GALICIA CEIBE E POPULAR!



A NOSA TERRA

CRONICA DA INDEPENDENCIA

MARGARITA LEDO ANDION

«A idea nacional soio cobra maxestade cando se transfigura en ideal patriótico». Unha pintada feita con medida perfección empezaba a nos advertir que esta nación mantiña vellos estigmas ben presentes. Era de Daniel Castelao. Palabras abertas, nos muros recén caleados, sementando a memoria máis nobre que nunca algún país tivera. «Eu dígovos que os galegos soio impoñeremos respeto cando se nos considere capaces de tronzar os vencellos que nos xunguen a Hespaña».

—¿E qué facemos cos españoles que queden acó dentro?

—Non, cos españoles nada, cos españolistas mandalos á sega a Castela, así reventen!... ou metelos a todos na Real Academia pra que se entreteñan e nin se saiba que os hai.

Grupos cativos discutían cargados de espontaneísmo e afán. Deseguida podía observarse que se tiñan lei e lembraban con pequechas risadas a unha famosa «Xunta» que andivera a carretar xente en trens pra lle aplaudir resabidos discursos, facendo paripés de recepcións contínuas a comisións de afectados de tal e máis de cual, línea directa sempre coa Moncloa e feos a diosdar.

—Un tris e nos embaucan!

—Eso a algúns que nunca acertabades do brazo de quen colgarvos.

—Non, si pra nacer sabidos abondaba con que non fósemos unha colonia.

—Pero ao que aquela chegou nono contaban nin os máis espalidos.

Estamos xa na víspora da independencia. Días antes, percorremos parte do país, Ortigueira e Beade, Mondoñedo... os lugares concéntricos do Salnés, as casas isoladas e graves da Terra Chá, as limpísimas e baixas das mariñas, as máis pesadas do Ribeiro... asteleiros e campos de pantrigo, cadeas de montaxe, traiñeiras pra o arrastre do fresco, e todos, todos, a falarnos da derradeira carta dende Aarau, dende as plataformas do Mar do Norte ou dende as arremuiñadas urbes americanas.

Nas árbores *«onde adoitaban fixarse os días de cobranza da contribución»*, comentaban concisos, nas portas das Eirexas, escolas, tabernas, hospitais, en cada fábrica, un cartel con dibuxos cativos e manchas de coores convidaba a espresar de mil xeitos que a casa era de todos, que era rica dabondo, compría administrala e facela medrar ao servicio do pobo...

Improvisados discursos se estalicaban ledos en homenaxe á propia fala, ao río Miño, en que traballar pra o inglés xa rematara... e tampouco fallaban os resumes contados dun grande programa de transformación nacional, pouco respetuosos cos monopolios, co Mercado Común, cos granxeiros de Ourense ou eses bancos sambesugas que se reproduciron coma choupíns na década dos 60.

—E a FENOSA hanlle caer de vez as tres últimas letras do condado. Forzas eléctricas Nacionais, home e logo!

Xa máis na intimidade, como si vellos degoiros desfiaran cantigas e sábanas de liño, saíran dos almarios as camisas de festa e as saias de percal, as gaitas e os pandeiros, insignias e bandeiras... empregábase o tempo en limpar con sidol ou nitrato de chile todo o que estaba á man; un que outro coello xa esfolado; pendentes de que o roscón subise, non fora ser o demo... A nós semellábanos que nin que fose a festa do patrón, porque tampouco fallaron as atencións duns e outros, intercambeando cousas: polos da casa, queixo de San Simón, froles ou bandexas de doces. E froles tamén foron cubrir as estatuas fideles de Curros, Rosalía, dos Mártires en Carral... e no cementerio de Pontevedra enfeitaron o nicho de Alexandre. Ao tempo, unha gran moiteduме foise achegando ao porto vigués. No barco, un grande cartel a decir «CASTELAO É NOSO». E cando botou o rizón e se anuncia con forza que os seus restos van entrar en terra galega, o silencio amistoso de todos os patriotas «os bos e xenerosos a nosa voz entenden»... — foise engrabuñando no canto do himno nacional. «Santo Cristo de Fisterre, Santo da barba dourada, laralalá laralá, mil gracias por ter pasado a longa noite de España...» rezaba agora a cantiga popular mentras alguén veu e obrigounos a ouvir, ben calados, como o himno do «Antigo reino de Galicia» suliñaba firmeza.

—Hoxe o sol descobriuse máis cedo, como si cada día xa fose ser máis vivo.

No día a seguir, hastra nós nos erguemos antes que o sol, pero as ruas regalaban os ollos a ateigarse de coores galegas, de unánimes e ben organizadas marchas, coma pequenos exércitos perfectísimos, cada un ao redor das últimas batallas: ASCON XA TEN SOLUCION, decía unha pancarta, e ao doblegar a esquina aparecían os da montaña luguesa «VIVA A REFORMA AGRARIA»... ¡ADEUS NUCLEAR ADEUS!... NIN PARO NIN DESTERRO, INDUSTRIAS NACIONAIS!... ONTE A AUTONOMIA, HOXE A SOBERANIA...


Eran abondosos, asimesmo, os retratos xigantes de Reboiras, coa franca convicción —diríannos— de que as moitas victorias que eles nunca puideron controlar farían posible aínda moito máis. «Ben sabía por qué morría. Eles nunca souperon por qué o mataban».

Alguén ceibou a gargalladas que o televexo nin se reconocía. Tribunas coas organizacións patrióticas, asambleas nas fábricas, concursos sobre o posible aproveitamento dos rodicios pra piscifactorías ou da conservación do patrimonio, consultas e dibuxos animados sobre dos dereitos e o papel de cada clase social nunha Patria popular.

—E aquela obriña encol dos Irmandiños! algo deslabazada, pero o Roi Xordo non tiña queixa, eh?

Cando os grupos se foron concentrando, certa humedade solidaria rompeu a abanar as bandeiras branquísimas con estrelas vermellas, e o señor Presidente remachaba moi serio:

«Queda proclamada a República independente, ceibe, democrática, solidaria con todos os pobos do mundo, a República Galega».



ILUSTRACION PEPE BARRO

ROXO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL
Núm. 27 ● Do 31 de Agosto ao 7 de Setembro de 1978 ● 30 Ptas.

IMOS FICANDO SOS...



Un Papa partidario

Si como figura da Eirexa Luciani serviu de ponte entre progresistas e conservadores, como político adoptou sempre posicións reaccionarias e fixo, inclusive, campaña aberta pola democracia cristiana italiana no ano 1976.

páxina 14



EUZKADI

«Que se vaian!»

A cadea de atentados, por unha banda, e a morte de Juan Ajuriaguerra, o home máis posibilista do PNV, por outra, enmarcan a situación política actual naquel país.

páxina 13

Ascón, razón dos traballadores

A inoperancia do Goberno, as concesións á patronal de determinadas sindicais, a defensa do posto de traballo, fan que o comité de folga siga tendo que presionar a través da movilización.

páxina 5

A Patria Galega, máis perto

reportaxe gráfico en páxinas 10-11



O abó de Eugenio Pena fund[illegible]'ó no 1900, un periódico en Pontedeume, e il, que dirixe [illegible]entro Regional de TVE» en Galicia, considérase o home que domina máis que ninguén este medio «a ver si me entendes, sei como se fai un musical, conozo todas as máquinas, sei dirixir actores...» E sobre todo un señor pragmático «a política non me gusta e téñolle un gran amor a esta Terra, sobre todo a Pontedeume», con todas as contradiccións que os tempos presentes fan evidenciar. Con máis de 20 anos traballando na TVE, asegúranos que gastou ducias de panos en tapar aqueles escotes que non podían sair en pantalla.

EUGENIO PENA

«Eu non me vou de Galicia»



Dos programas que fai a TV en Galicia, o «Panorama» ten unha audiencia importante, e nembargantes, o movemento social non tén acceso á sua utilización.

O problema de «Panorama de Galicia» é o de ter que recoller simplemente todas as noticias. Eu trato de non dar privilexios, por exemplo, a ningún partido político e a pesares de que a min me digan «nada máis que os parlamentarios», discuto esta concepción. Así, o outro dia mandei rodar unha cousa da UPG sin saber que xa estaba legalizado e seguramente diranme «pero coño si non é parlamentario...». Será parlamentario ou non pero eu teño que dar unha cousa que é unha realidade aquí... constantemente teño estas discusións. E o desconcerto que hai mentras non teñamos unha normativa.

De poder facelo ¿cómo orientarías unha TV totalmente nosa?

Un programa necesariamente adicado ao campo, un programa adicado ao mar, a toda a problemática... e tamén ¿que si os xaponeses inventaron un sistema novo de pesca? pois alí vai un equipo, filmamos ese sistema e amosámolo acó, porque pode ser máis interesante que o que se está a facer de toda a vida, penso nun progrma escolar...

Pra suplir a inesistente preescolar, por caso?

Esacto, e poder ofrecerlle aos nenos un estudo xeo-político do río Miño, de o por qué das poboacións... estou traballando neste senso co Museo do Pobo Galego, pero non dou feito nada sin unha peseta, nin podo facer nada sin personal. No mes de agosto quédame un ausiliar de redacción e claro, teño que ameazar a Madrid con que pecho. Madrid está a 600 kilómetros e non é conscente dos problemas que temos: reclama máis programas culturais, ¡pero si teño en total 2 equipos de cámaras —en Madrid téñennos a centos— que teñen que cubrir cuarenta mil cousas! e non teño home pra empalmar, pra montar, pra laboratorio, pra redactar. O outro día chamei: non vai Adro da Cultura. —Home! E que non teño xente... e conseguín que esteñan considerando darme dous homes máis.

Si se pensa nunha TV galega hai que pensar no idioma que vós utilizades tan deficientemente e que se foi introducindo por presión da nosa sociedade.

Cando eu cheguei faciase un pouquiño en galego, sí, porque o reclamaba a mesma sociedade e a evolución da lingoa foi grande e cada vez éo máis. Teño as miñas dúbidas de si o «Panorama» debo facelo todo en galego e vouche decir por qué: penso que hai unha poboación todo en galego e vouche decir por qué: penso que hai unha poboación flotante en Galicia que debe enterarse das nosas cousas e non sei si dándollo en galego... penso tamén en núcleos de poboación como Ferrol, onde está a Marina, moito «Cartagenero» e dubido de dalo todo en galego en interés da maior difusión... ademais, non quero cambear de procedemento deica ter 4 ou 5 programas totalmente en galego, e esto a pesares de que Madrid defende un TV bilingüe. Eu comprendoo, pero penso que debe chegar o día no que nos teñamos unha programación totalmente nosa aparte da nacional.

E cando se lle chegue a chamar TV nacional á de Galicia?

Pra min o da nomenclatura é o de menos, o que me interesa é o contido; facer cousas por Galicia... que se chama TVGa, pois TVGa; que lle chamen TVE de Ga, pois TVE de Ga, eso non me preocupa tanto como ter medios pra facer cousas. Cando cheguei aquí, despois de 5 anos en América, 16 en Catalunya, deconcerteime porque estamos a dar cabida a que fale xente sin preparación pra nada, que neste tío revolto de inquedanzas saen como paladíns e decimos ¿pero como é posible que éste diga as barbaridades que di? e o desconcerto que provocamos na xente! Penso que temos de ser serios e seleccionar moito, moito, aos valores de verdade que temos aquí... eu cargo moito pola parte dos galeguistas porque considero que son homes formados e trato de traer aos técnicamente millores, meter seriedade no Centro.

Pero un dos grandes problemas é que se fai moita información dende unha perspectiva española e non galega.

E a deformación profesional que temos, porque ao millor estamos a darlle importancia a un tema que ao pobo lle importa tres carallos.

¿Cómo se podería resolver esta situación, ao teu ver?

Boeno, e que a prensa neste intre é un caixón de xastre e tén que deixar de selo, tén que ser unha prensa de opinión e non un caixón de xastre. A TV non debe pronunciarse por ningunha parte, pero a prensa tén que facelo. Hoxe colle todo o que lle botan pero xa é hora de que un simpatizante do PSOE, da UCD, un simpatizante da UPG poida saber cal é o seu periódico porque esto é un barullo: colles calquer periódico e non tén unha línea de opinión marcada.

Ou ás veces márcaa, pero a traveso do encubrimento.

E a hipoteca cos Consellos de Administración, que hai certos tabús que nin tocan e tí dis: coño, pegas pra acó ¿por qué non pegas tamén pra aló? resulta que é porque os Consellos de Administración pesan... hai moito que facer, e como eu son apolítico, penso na información obxetiva.

Deixando o de obxetiva, a boa información esixe ter bos medios ¿senón como a cubres?

Claro, medios, personal... eu sain con «Adro da Cultura» sin encomendarme a dios nin ao demo porque estaba pendente da autorización. Un bon día collín e arranquei sin un real e sigo sin ter un real. O que tén que conocer a xente é a puñetera necesidade que hai de ter unha TV de verdade.

E non estaría de máis un estatuto de garantías de cara a impedir o fraude, a manipulación.

Eso sempre esiste, eu non podo impedir que o que está na moviola me corte un fotograma.

Si, pero non me refiro á manipulación casual, ou á mecánica senón á programada.

Si teñen que esistir tribunais... en todo caso penso que a xente tén que ser profesional abondo e saber filtrar o que lle queren «meter», do que é verdade. Eu vólvome tolo por ter xente, xa que penso que noticia que sal debe sere confirmada, manifestación que fai un señor contra doutro deben ter ós dous a mesma oportunidade ¿na práctica? claro, con tres «pelaos», a ver quen confirma as noticias.

Dende que chegaches, ¿notas un proceso de galeguización forte?

Si, forte pero mal dirixido, e a responsabilidade está nos séculos que levamos coa colonización, chamémoslle así, é decir a influencia doutras rexións sobre a nosa, que aínda acó o que pode presume de ir pasar a Madrid 15 días, e todo esto é terrible. Eu quero estar aquí, deixei moitas cousas e de ganar moitos cartos por vir pra aquí... non sei si é o grado de humedade ou o caldo de repolo... ao deixar TV darame sitios en Madrid a moreas, pero eu non me vou de Galicia, venderei alpargatas ou agullas, éme igual, pero non hai quen me mova de acó, pasei 5 anos en América pegando tumbos ¿e sabes como rematei? collín unhas vacacións, vín a Vigo, fun comer ao «Mosquito» e cando saimos, dixenlle á muller: América pra os americanos. ¿Qué dis? Que non voltamos. Naquel momento non facía nada acó, fun a Madrid e foi cando me dixeron que por qué non iba pra Catalunya.

O grande problema sigue a ser esa posible TV —e terían que cambear moitas cousas a nivel de poder político na nosa nación— de campañas sobre técnicas agrícolas, da industria que é necesaria.

Si eso é. Fíxate que bonito sería analizar a industria que temos e a que necesitamos. Por min sairía agora mesmo decindo ¡fora celulosas de Pontevedra, que a leven pra altamar e dou somente a noticia... pero eu son anticelulosas total, costara o que costara colliaa e levábaa pra outro lado e cunha condición: que toda a industria ausiliar tiña que montarse tamén aquí, nada de quitar a materia prima, o que saise de aquí que saise xa elaborado.

Falaches da precariedade de medios pra facer información, e además non temos unha Escola de Medios de Comunicación.

Si, porque eu non quero personal de Madrid, pero qué lle vou facer... imaxinate por exemplo un andaluz, un catalán, que non sabe nada do noso ¿qué interpretación lle van dar? Un día falei co delegado de cultura de Pontevedra porque tiña un edificio moi bonito, que non sei qué que non sei canto, que lle sobraba ¿por qué non montas unha escola pra medios audiovisuais e de información? «Ah, sí, ven un día comer conmigo...» ven comer conmigo! estas cousas fanse nun despacho e non nunha comida, nunha comida podes convencer a unha rapaza porque lle das máis ou menos viño e levala ao pinar, pero as cousas serias hai que facelas nunha mesa traballando. E penso que en 4 anos a TV terá que ter aquí 1.000 ou 2.000 persoas empregadas... e non che conto todo o que tiven que facer pra conseguir este novo local. Agora arrinqueille ao Axuntamento 15.000 metros cuadrados de monte —si non o fago eu, o Estado non o fai— porque necesito un centro de producción de programas e son capaz de aliarme co demo, si consigo diñeiro da UPG aliome coa UPG, si o consigo da fundación Barrié aliome coa fundación Barrié, impórtame todo tres carallos, o que quero é ter un centro de producción.


MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Núm. 28 ● Do 8 ao 15 de Setembro de 1978 ● 30 Ptas.

O ABORTO, DEREITO E AGRESION



LIMPEZA

AS DIFICULTADES DO CONVENIO

Durante 15 días e hastra chegar ao presente convenio, o primeiro no sector da limpeza, unha serie de feitos que lindan coa intriga, levarian a que a ING se retirara das negociacións e somente se sentara avalada polo paro de «Faro» e «Galicia» en Santiago

páxina 4



A morte do pai Miño

O Miño morre. Os verquidos dun fato de industrias, agravados pola falla prácticamente absoluta de depuradoras ao longo da provincia luguesa, non somente está a destruir a riqueza piscícola, senón que mesmo impide, en épocas, a práctica normal do baño estival

páxina 3

Nicaragua: o fin dun dictador

Nin o imperialismo, nin a CIA saben moi ben a que aterse mentras a movilización popular contra de Tachito Somoza é cada vez máis virulenta

páxina 14

ALVARO XIL,

«A Xunta, ese compango de anti-galeguistas»

páxina 7



A este home, un dos máis ricos de Galicia, que se emocionou profundamente ao falarmos de Alexandre Bóveda, non lle acaba de cadrar aquela Autonomía que o Partido Galeguista defendeu nos anos 30 con este «compargo» que provén doutros intereses.

E preocúpalle. Preocúpalle e vai falando das cousas e das persoas polo seu nome, ao tempo que lembra moitos dos seus artigos sobre pintura en «Ronsel». «Nós». «A Nosa Terra» ou «Indice». Os pintores máis visos —Castelao, Masid̃e, hoxe Laxeiro—, son os seus pintores, mentras afirma haber unha escola galega nesto da pintura. E un personaxe conservador, con toda a tristura histórica do que puidera ter sido a burguesía nacional enraizada no galeguismo.

ALVARO XIL,
«A Xunta, ese compango de antigaleguistas»

Quizabes un dos seus emprendementos menos conocidos a nivel público foron aqueles vencellados á xenética.


Sí, eu tiven un mestre, co que Galicia ten unha grande deuda, un mestre como Don Cruz Gallástegui Unamuno, director da Misión Biolóxica e colaborei con el nas investigacións dos cromosomas do millo e da pataca pero tiña, ademais, un estudo pra o que fun pensionado na Alemania, que trataba da obtención de planta de toxo de fácil reproducción. O toxo é a planta á que máis lle debe Galicia —agora está ardendo e empobrecéndose o país— porque é unha leguminosa moi rica en nitróxeno, pero ten esas espiñas que producen no gando, especialmente no vacuno, unhas actas, unhas feridas, que ao comela non permiten, en gran medida, o seu aproveitamento. Eu fun a Bretaña, a Irlanda, por Europa adiante. Busquei distintas sementes e obtiven unhas con espiña moi blanda que me serviron de «pais» e despois de varios cruces conseguín plantas que non era estériles e que non tiñan espiña. A semente reproduciase perfectamente pero soio se botou en fincas particulares e na Misión, tamén en Berlín, onde estiven tempo na Universidade co profesor Baur, o millor xenetista do mundo na época.

Despois, en Pontevedra, foi presidente do Partido Galeguista e tivo gran amistade con Bóveda.

Con Bóveda íntima. Estivemos xuntos na cadea e cando o baixaron pra o fusilar acompañámolo eu e máis un rapaz, Evaristo Mosquera... Era un galeguista puro, puro, era a nosa vida por eso estamos todos moi tristes, porque o de agora non ten nada que ver co que nós intentábamos e fixemos, e lembro a Castelao e ao seu grupo, o máis serio que nunca houbo en Galicia.

Tamén vostede estivo condenado a morte e sobre disto Borobó penso que escribiu, non hai moito, que se salvou gracias a unha conversa privada dos Fernández con Franco na que lle aseguraron que Alvaro Xil era imprescindible pra artellar os matadeiros de vacuno.

Non, eso é unha cousa de Borobó. Eramos once os condenados a morte e o único que non foi fusilado fun eu porque un home estraordinario, pola sua humanidade, Antonio Corsanego, coronel de artillería e xefe da VIII rexión, era primo da miña muller e tirou-me do lío ese. Despois vironse situacións difíciles, moitos quedaron cesantes nos seus destinos, pero non perdimos o contacto nunca e axudabamonos. Eu coloquei fillos e irmáns de vellos galeguistas, de compañeiros, por exemplo a Víctor Casas.



Falar de vostede é falar de Zeltia, Pescanova, os frigoríficos de Porriño, de Mérida, Frigsa, Semillas selectas, Cementos do Oural, Transfersa... pensa que hai unha burguesía nacional e nese caso ¿cal sería o seu papel?

Sí, pode habela pero sin cohesión, hai unha burgeusía nacional galega sin gran importancia e hoxe non ten ningún papel que cumplir, non ten pulo, está como estou eu... e está fora de Galicia, además non ten contido espiritual... difícil... agora con esto da Xunta famosa onde, salvo Dónega, non hai nin un soio galeguista senón que o que hai é antigaleguistas.

Polo tanto entre esta Autonomía e a que vostedes defenderon...?

Os homes que levan esta non teñen idea do que é a Autonomía, e algo de tanta importancia está conducido por xentes sin esperiencia política, que nunca estudaron un soio problema. Eu, por exemplo, fun director da Repoboación Forestal de Pontevedra e hoxe estana queimando ¿verdade? non están integrados na realidade galega e proveñen doutros intereses, queren que os deixen tranquilos e preocúpalles buscar fontes de diñeiro.

E unha alternativa patriótica e popular, como o que é o Bloque, o que foi a manifestación do Día da Patria ¿qué papel cumple?

Pois si se dá ben e ao levarse a efecto ten contido tal, é interesante E interesante decirlle ao país que a hai, que hai un sentimento autonomista galego onte veu verme Rosón e non teñen idea de nada Nós íbamos a que nos fusilasen cantando o Himno Galego e estos non queren nada destas cousas, sintense máis cómodos escoitando a Marcha Real.

Agora fálase de Iglesias Corral...

Iglesias Corral, que toda a sua vida foi un sivergonza, agora naturalmente tenta aproveitar a ocasión pra ter outro cargo de máis categoría que presidente da Xunta e tal bon, sería un desastre. O problema que máis me preocupa hoxe é precisamente o da Autonomía, que a vexo moi mal! e penso que Xunta, Diputacións e todo ese compango non valen pra nada. O noso país necesita homes e libertade, libertade que a vai habendo, homes que non os hai. Hai en Galicia unha crisis de homes como non houbo na miña mocedade.

Refírese a homes no nivel intelectual ¿nonsi? Pero ¿Quén é o responsable do que afirma?

O desánimo, o que naide lles facía caso, claro, e despois esa outra carencia, esa plaga terrible que é a emigración.

Ao falar de vostede pensase en Pescanova e nun sector importante nos recursos galegos. ¿Sigue a ser Pescanova unha empresa galega ou houbo absorción?

Non, non galega no cen por cen, cunha maioría absoluta de Don Xosé Fernández López, un dos homes máis galeguistas, millor formados e máis intelixentes —eu convivo con eles no traballo— que fan todo pensando en Galicia, en que está atrasada e que hai que erguela.

Vostede sabe da, situación do noso mar, que o pequeno e medio armador mal resiste, que o Goberno non representa os seus intereses e que, dalgunha maneira, soio se zafaron as grandes empresas que, en cambio, o Goberno si representa.

Non, que va, Pescanova si non fósemos nós o Goberno non nos axuda en nada porque, ademais, son irresponsables.

Entende que é necesaria e urxente unha reforma pesqueira galega e que, en todo caso, diante do peligro de esfarelamento do sector é sempre preferible aguantalo hastra que poidera facerse?

Si, primeiro haberia que preocuparse dos pescadores, despois dotar á pesca de elementos técnicos, de bons barcos, axudala económicamente con créditos xenerosos... e o pequeno e medio armador terían de seguir traballado, e a baixura e o marisqueo tamén racionalizandoo. E urxente e necesaria e o sector hai que conservalo porque nestes últimos anos o mariñeiro adequiriu moita responsabilidade e conocemento do problemas. E o primeiro problema que eu arranxaría e despois o do ensino.

Qué fixo pra ter o capital que ten?

Traballar, traballar, aquí estaba abandonado todo.

E foi un home preocupado pola cultura, inclusive se fala de vostede co adxetivo de mecenazgo.

Como eu tiña diñeiro axudaba a todas esas cousas. Culturalmente non é que esteamos moi alá pero estase moito millor que cando nós empezamos co galeguismo, e á lingoa véxolle futuro, fálase. Aquí, en Lugo, eu promovín a revista «Ronsel» que xunto con «Nós» sostivo naquel entón a cultura galega. Alí estaban todos los rapaces con interés: Pimentel, Correa Calderón, Alvaro Cebreiro, Manuel Antonio, Antón Vilar Ponte, Carlos Araujo, todos... As dificultades eran moitas, fundamentalmente económicas porque era en papel «couché», con moita ilustración, non sei xa como era a distribución nin canta a tirada, había suscritores.

E da prensa hoxe, en Galicia, ¿qué opina?

Mala, moi mala, está fora do país, é moi frívola. Estos días está publicando Augusto Assía unhas cousas na «Voz de Galicia» sobre o terrorismo e sobre tal que son unha porquería, vamos!... e además é un sinvergonza..., é o marido de Victoria Armesto... A prensa galega tería que ser unha cousa máis entonada cos problemas de Galicia, como é «A Vanguardia», por exemplo, que vive os problemas de Catalunya, e ter homes pra facela porque non hai profesionais. Sería urxente formar persoas en comunicación pero é que a xente, en Galicia, non lle dá importancia á comunicación.

Pero pode chegar a interesarse, como noutras iniciativas. Por exemplo, esta nova época do Seminario de Estudos Galeogs ¿qué obxetivos terá?

Obxetivos a centos, porque os problemas de Galicia están no seu noventa por cento sin estudar. Ahí está Isidro Parga que ten centos de traballos sin publicar, que xa estivo connosco no SEG e fixo todo o que hai en Galicia de Xeoloxía, a el lle debemos «Terra de Melide».

Si, tampouco hai en Galicia facultade de Xeolóxicas e mentras a mineiría...

En mans estranxeiras.

Pero tanto pra que o Seminario poida publicar os estudos de Isidro Parga, se analice a riqueza mineira e se poña nas mans do país, ¿qué é necesario? ¿Soberanía política?

Claro, é necesario que haxa xente, que se xunte, que pida, que esixa e lle demostre ao país que non se pode ir adiante si estas cousas non van tamén adiante e non están nas mans que deben estar.

MARGARITA LEDO


A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Núm. 29 ● Do16 ao 23 de Setembro de 1978 ● 30 Ptas.

DAR EN TOLO


O PAN DA MARXINACION





«PIRATERIA LEGAL» na mariña mercante

páxina 6



O FRENTE SANDINISTA

A loita contra da dictadura sandinista é xa un clamor popular en Nicaragua, bastión do imperialismo americano

páxina 14

Ficción en Camp David


O máis real, a pesares da posible «paz» entre Sadat e Begin, é a quinta guerra árabe israelí

páxina 14

"REGOJO"

A fuxida dos patróns

páxinas 3 e 4



Son moitas as horas de traballo e moito o entusiasmo pero pra él —que fala de raza e utiliza un lirismo desusual, propio da adoescencia do galeguismo—, Galicia pode ser unha nación e ao mesmo tempo unha rexión; pra el, a burguesía intermediaria —que moitos din que é quen o manipula na Coruña— non tén porque non sentir como propia a cultura popular; pra el, a autonomía é boa e, pola contra, Galicia non está preparada pra autogernarse... Xosé Manuel Rey de Viana provén dunha familia popular e a sua única preocupación seria foi sempre o Ballet Gallego, un Ballet que foi bailando e sacando diñeiro da fundación Barrié ou agora da Diputación da Coruña e tamén actuando pra eles, ao millor máis do que quixeran. Cando fala, reprodúcese un gran voluntarismo, moito aloumiño cara si mesmo e, tamén, todas as contradiccións de ser membro —quéirase ou non— dun país negado e tentar solucionar a nivel personal a papeleta que esto implica.

REY DE VIANA

ir bailando ao son que tocan

A Rey de Viana conóceselle a nivel público polo Ballet Gallego ¿cándo empezou a preocuparse polo baile?

Dende moi pequeno, tería 8 anos. Non era unha vocación definida, pero si unha vocación artística. Traballei e eduqueime na Escola Municipal de Dusseldorf, en Alemania. Són orfo, quedei cunha tutoría e o meu tutor mandoume estudar aló. Meu pai tiña un comercio de sastrería e pañería,a miña estracción é popular, nacín na Avenida de Buenos Aires, de Ourense, número 50.

Si, e por exemplo, en Ourense vostede tén un público máis popular que na Coruña.

Na Coruña non é que o pobo non esteña arraigado nas suas raices, pero Coruña deixase arrastrar, ás veces, por certa apatía —inda que eu me sinta tamén un pouco ou un moito coruñés—, pero aquí faise unha política superficial das cousas, anque non considero ao pobo responsable deste feito, eu vino vibrar na plaza de Touros, no Pabellón de Deportes... quizabes outros estamentos nin cheguen a sentir tanto o baile por esa notable superficialidade e a propia cidade está a perder moitas cousas importantes por esa deixadez dos homes que a rixen.

Por qué se decidiu a formar o Ballet Gallego?

Son un home ao que a vida lle deu moitos paus e fixome sufrir moito... desquicioume durante algúns anos e cando me decidín polo do Ballet Gallego foi un intre no que semella que me volvín atopar e abraceime a el como si fora a miña salvación. Eu vivía, prácticamente, do que me deixaran os meus pais e con bastante decepción, sin ganas de facer nada. Un bon día instaleime na Coruña e empecei a traballar.

Naquel entón, e vencellado ao Ballet, levou adiante unha chea de pescudas.

Sí, investiguei dende os traxes á música, investiguei a orixe dos nosos bailes e tamén costumes, tradicións, o que é o espiritu da nosa raza galega, cousas ás veces adormecidas ou mesmo desaparecidas. Foi unha laboura personal, sin ningún tipo de subvención, e o Ballet estivo así 22 anos. A primeira actuación foi no 1955, despois de 6 anos de traballo a porta pechada. Cada paso que daba na investigación —había algunha boa estrela que me seguía...— era unha sorpresa. Eu estudei o que puiden a nosa historia, a nosa tradición, sabía que era grande pero a cada momento se me demostraba que era moito máis grande do que eu coidaba.

¿Entende que a millor cultura que temos é a galega?

Si, e ainda está todo por facer. Estivemos dormidos. Agora todo o mundo ergue a sua bandeira de galeguismo pero hai dez, quince, vinte anos ¿quen a erguía? ¿por qué estivemos tanto tempo dormidos? Temos o diamante bruto, a grandeza da nosa historia, pero somos nós os que temos que pulila, os que temos que contribuir a sua grandeza... creo que non conseguimos ainda a unión anímica de todos os galegos, pero a grandeza de Galicia coido que está nas mans e nos corazóns dos galegos.

Posteriormente o Ballet pasou á Diputación.

Pasou ás mans da Diputación porque eu, despois de tres anos de cavilar no que podía acontecer coa miña obra si eu chegara a faltar, decidín que o millor futuro sería donarlla a unha institución que puidera garantizar, dalgún xeito, a sua supervivencia. No 71 doneille a Diputación todo o ballet con todos os seus bens materiais, valorados en 12 millóns de pesetas, e espirituais.

Pero a Diputación faino actuar dacordo co que lle interesa, ceas, congresos ¿non se enferruxou o Ballet Gallego mesmo no aspecto da investigación?

Imos compaxinando a nosa laboura como podemos... fállanos independencia, poder ter un verdadeiro centro de promoción, pero a investigación non rematou: ademais, unha obra coreográfica non se alimenta somentes dela, despois ven o estudo... na música non rematamos en Rodrigo de Santiago —como dixeches—, el colaborou conmigo e as portas estiveron abertas pra todos, e houbo moita xente que me indicou onde topar vestuarios, o orixe dunha danza...

Penso que foi en Avila onde Rey de Viana tomou unha posición, e nos carteles que anunciaban as actuacións mandou poñer Ballet Nacional Gallego; en troque, acó chámase «Ballet Regional».

Eu penso que Galicia é unha nación, dígoo sinceramente, sin politizar a definición. Chamarlle rexional non me ofende, pois Galicia é unha nación e tamén unha rexión de España (?) pero chamarlle Ballet Nacional é precisamente pra erguer a bandeira da grandeza de Galicia... non se lle chama así porque hoxe as cousas que poderíamos anomear oficiais... eu non teño independencia, o ballet xa non é de Rey de Viana inda que leve o seu nome, o propietario do Ballet é hoxe a Diputación da Coruña, pero dígoo e non me recato, queiran ou non, é o Ballet Nacional de Galicia.

Esa posición vén abrigada por unha forte galeguización da nosa sociedade?

A galeguización é grande e temos que arrimar o lombo todos pra levala máis adiante, que inda hai moitas lagoas e o propio Ballet non está ao marxe porque, ao fin, foi decindo a importancia que tén ser galegos.



Hai bailes nos que se ve fisicamente o legado popular e bailes máis sofisticados, como o das fiandeiras, o das pombas ¿qué senso tén este outro tipo de espresión?

A arte popular non pode conformarse con ser unha arte de rueiro; cando se pretende do popular facer un mensaxe universal hai que culturizalo. Estes outros bailes [illegible] base a técnica [illegible] espresión popular, é un [illegible] polo que o arte popular se convirte en universal e o público popular comunícase moito con él. Por outra banda, no campo da divulgación, os medios de comunicación, especialmente a TV, terían a obrigar de facer cultura, de reflexar os verdadeiros valores dun pobo, estar ao servicio do pobo.

E a nivel concreto que é o Ballet, os que o compoñen están vencellados a nosa realidade e por qué son, ou foron nun tempo, das clases dominantes?

O Ballet tén 60 titulares, becados pola Diputación, e 200 alumnos. Hai seis horas ao día de ensaio e eu trato de empapalos non somentes da miña sabencia artística, senón do mesu espíritu, da miña galeguidade. Normalmente chegan un pouco ausentes referente a Galicia e sí, sempre predominaron os que proveñen da clase elevada, pero tamén alternaba xente de baixa estracción, non hai diferenciación. Nos tempos dos primeiros desplazamentos empéñábame hastra as cellas, aguantábase un sacando cartos por onde podía, sempre pensando que se facía unha obra que ben merecía a pena.

Vostede politicamente...

Eu non són político, non teño política, eu són un artista, eu són un galego, eu sinto a miña terra e esa é a miña paixón.

E dos problemas que agora tén a sua terra no mar, no agro, no ensino ¿qué é o que máis lle preocupa?

A xusticia no noso pobo, sin prendementos, e o noso país daría un grande paso.

Ao millor tiñan que rodar moitas cabezas.

Moitas, sen dubida, e a responsabilidade está sendo nosa. Si nos atropellan é porque nós o consentimos.

¿Qué guieiro tén hoxe o Ballet?

Pretender ser fidel ao noso espíritu e á nosa raza, pero hai moitos problemas, tiven e teño que loitar moito ainda. Hoxe a obra do Ballet Gallego é importante no mundo e topamos coa guerra de guerrillas do mundo da arte, que se quere chegar pola acomodación dos amigos, por feitos de cama, e nos pretendemos chegar sin rebaixarse e sin traicionarnos. Cando unha institución artística reconocida e contrastada intenacionalmente necesita apoio non moral, senón económico, entón crese que a inversión é un luxo, unha perda de cartos, pero está esperimentando en lugares como a URSS ou os EEUU que os cartos, invertidos en cultura e arte, dan máis rendemento que na industria.

Vostede estase espresando en galego pero en público faino en español.

Vouche decir, atopas moi pouca xente predisposta a falar galego —e esto é unha cousa que me indigna e me asoballa—. Eu fago, ao millor, o saúdo en galego e contéstanme en castelán e claro, por educación, teñó que seguir... senón paréceme que estou falando cun estranxeiro, pero temos que prodigarnos un pouco máis. Podíache contar anécdotas de chegar a un comercio, pedir un pano, quedárseme mirando como quen ¿e éste de onde é? e claro, como me conocen, creen que é un snobismo. Non é un snobismo, é unha maneira de poñer en práctica a nosa lingoa, unha identidade que temos...

M. LEDO

A NOSA TERRA


PERIODICO GALEGO SEMANAL
N.º 30 ● 23 ao 30 de setembro de 1978 ● 30 Ptas

FRANQUEIRA, O REI DO GALIÑEIRO



Laxeiro, pintar por riba de todo

páxina 7



Nicaragua, despois de Somoza, ¿qué?

A insurrección colle camiño de internacionalizarse, mentras que os Estados Unidos non saben qué solución apoiar

páxina 14

irán, fin do feudalismo teocrático

A imaxe modernizadora que sempre quixo ofrecer o Sha, non abonda pra anular os conflictos que subxacen á esplotacion feudal dun país

páx. 14

Cortegada, cando se regalou a Illa...

páx. 3-4



Remacha sempre que non hai pintura galega e, ao millor, el é precisamente un dos homes máis característicos da nosa pintura —e tamén un dos máis cotizados—. Foi emigrante cáseque de neno e tamén de mozo... e inda non pechou o ciclo migratorio poisque vive en Madrid dende hai demasiados anos se cadra, góstalle a Autonomía porque si, ou tamén o federalismo e é tan teimoso como o merlo que vai e quere cantar en francés, e lle sal un alalá.

Di que, si puidera, non faría ningunha esposición no ano... di e desdícese moitas veces e veña a rirse con toda a seriedade en preocuparse porque non se lle leve a contra: é pouco amigo de cavilar hastra sobre da sua pintura... con frecuencia faise o xordo inda que estar, tamén o está un chisco.

LAXEIRO

Pintar, por riba de todo

Alguén que se decide a pintar, ¿é fundamentalmente un autodidacta?

Autodidacta éo todo o mundo que empeza. Un pequeno dibuxa e despois pode deixalo ou seguir así toda a vida e ser un gran pintor, ao millor de mozo gana unha beca e vai estudiar a San Fernando, como me pasou a min... pero xa antes, en Cuba, a onde cheguei con 13 anos iba a clases de dibuxo no Centro Galego da Habana —os fillos dos socios tiñamos dereito hastra a prepararnos pra bachilleres— despois de traballar 8 horas diarias. Alí ganei varios diplomas e xa a última hora estiven na escola nacional de San Alejandro. Aos 17 anos, víñenme pra aquí sabendo que quería ser pintor, e no ano 30 presenteime a unhas becas da Diputación de Pontevedra, pero non ma deron e tampouco no 31. Pero ese mesmo ano, o primeiro axuntamento republicano de Lalín becoume pra un curso en Madrid e no 32 ganei a de Pontevedra e estudiei por libre en San Fernando. E así, seguín pintando hastra hoxe.

A pintura galega estivo sempre moi vencellada ao movemento nacionalista, ¿cómo esplicas este feito?

O que pasaba era que os do Partido Galeguista estiveron sempre preocupados por todo o que xurdira en Galicia e, por exemplo na prensa, referíanse a todo esto e, inda que pareza que non, cando un é mozo góstalle moito que falen dil, das suas primeiras esposicións...

Pero, ¿hai ou non hai pintura galega, na tua opinión?

Eu sempre contesto, a ás veces á xente non lle gosta que a pintura é unha cousa universal. Temos a Chagalls, por poñer un caso, un pintor ruso que é conocido no mundo enteiro e que a través da sua pintura vese que o é —outro que non fora ruso non podería facer as cousas que fai el—. Tamén un pintor galego, si leva a Galicia ben dentro, por forza tenlle que sair... pode que a xente intelectual teña preocupación de máis en si hai ou non pintura galega, e un pintor pinta, pero non pra Galicia,-senón por pintar: é como un paxaro que está nunha árbore e non ando a mirar que ninguén lle esteña escoitando. El canta. Un merlo galego seguramente vai a Francia e canta igoal que acó, pero como está noutro país, ao sairlle un anaco dunha muiñeira no seu canto, dirán «coño, que maneira tén de cantar ese merlo!», pero el non se preocupa deso.

¿Crees, entón, que a mevemento social e cultural e político dun país non condiciona a espresión cultural?

Sí, hai escultores e pintores que levan eso no que espresan pero pénso que un pintor vai espresar sempre o que leva dentro por riba de toda política. Eu poido pensar como queira, pero cando pinto non me preocupo deso.

Sin referirnos ao persoal, ¿non é moi diferente que esistan organizacións políticas galegas, que esista acó un movemento social vivo, a que esto fose un país morto, de cara a influencia no arte?

Sí, sí, eso pasa en todos os países do mundo. Pero a pesares de todo, o arte sempre xurde, eu sempre pintei, anque claro, si hai libertade un espresase millor. De todos os xeitos, o que é artista sempre vai buscar a maneira de facer a sua obra, sempre vai procurar unha xanela onde berrar: aquí está a miña obra.

A tua obra, ¿cara onde? porque ¿hai un mercado galego de pintura?

Haino, pero mal enfocado. Ahí están un fato de pintores aos que lle debían comprar máis do que lle compran; además, a xente que tén cartos anda mal orientada, porque si se fían da crítica, os que a fan, en moitos casos, son xente inclusive mal preparada culturalmente, a ármase tal lío que a xente xa nin sabe si tira cos cartos ou non. O outro día decíanme a mín «non, si aquí en Santiago hai xente que compra moita pintura e tal». Comprará... Pero quixera ver eu a colección que teñen. Compran a feixes, cómpranlle a xente nova e regatéanlle os cuadros; ao millor por 30.000 pesetas levan 40 cuadros e despois din que teñen unha colección ¡qué raio de colección han ter!

Tí es un dos pintores máis conocidos, ¿sábese de tí a nivel popular?

Eu qué sei.., deso un non chega a enterarse nunca, amais de ser unha cousa que non me preocupa nada.

¿Crres, entón, que a pintura non debe influir no eido popular, non se debe facer obra comunitaria...? ¿Gustaríache facer un mural?


Home! a min encantaríame e síntoo moito, pero non chos encarga ninguén; en troques, os que máis visitan unha esposición é xente traballadora e a min é a xente que me gusta que veña.

Ben, pero non é o caso xeneralizado hoxe por hoxe.

Home non sei aquí, en Vigo van moitos ás miñas esposicións. Non che comprarán pero discuten e disfroitan da pintura... o que debía ser é que eses señores que teñen grandes industrias encargasen murales prás paredes das fábricas, o Goberno debíalles obrigar a eso pra que a xente disfroitara e ao mesmo tempo fose unha maneira de darlle cultura ao pueblo... neste senso, o capitalismo catalán trata aos seus artistas con máis amor que o capitalismo galego.

¿Cal é, porén, o teu público comprador?

Se cadra cómprame cousas xente que non tén cartos. As veces páganme pouco a pouco. Tamén me compra xente con cartos, pero non teño un público fixo. Hai pouco en Madrid chamáronme por teléfono: «són o Barcala, quero falar contigo». E baixei ao café Gijón. Era un de Botos, da miña parroquia, que me mercou un cadro e un dibuxo e foi unha cousa que me deixou un pouco emocionado... era un rapaz de Botos, ahí en Lalín, que dende a guerra civil andivo un pouco perseguido e meteuse de voluntario na aviación. Chegou a ser capitán, casou cunha valenciana vive en Valencia e é un gran «cosechero» de naranxas.



E ademais de pintar, estiveches organizado antes da guerra e despois fuches pra fora...

A min colleume a guerra en Vigo e estiven tres anos incorporado como soldado en Asturias, que xa estaba tomada, nun batallón que nunca combateu —porque non nos madaron—, xa que andivemos como forzas de orden público. Estaba organizado no Partido Galeguista. Ao terminar a guerra, quixen marchar e non me deixaron, queríanme tanto e era tan bon que non me deixaron, pero o Centro Galego de Buenos Aires fixo unha esposición de pintura galega e entón puiden salir e xa me quedei alí. Estiven catro anos e medio e despois iba e víña con frecuencia.

E do galeguismo daquel tempo hastra hoxe ¿qué pasou?

Hoxe fórmome un lío, non son capaz de compredelo... hai tantos que pensan de tantas maneiras que me armo un follón ahí bárbaro, vexo á xente moi desunida e é unha pena...

Si sempre viviches da pintura, ¿coidas, ademais, que pra sere un bon pintor compre adicarse de cheo?

Sempre vivín da pintura e non sei... pero creo que o que sinte eso métese e non sal, aínda sin saber si vai ser un bon pintor ou un mal pintor... é como a que se mete puta, pois está neso e sigue hastra que o corpo lle dá... e a mín pásame igual, mentras o corpo me dea seguirei aquí.

Si o mercado galego é moi irregular e está mal definido, ¿cómo hai tanto pintor?

E boa señal e os pintores non se poñen a pintar pensando no que van vender... eu pinto como ao que lle dá por escribir e morre coa fame... coa pintura pasa igoal.

Xa, pero antes de morrer coa fame é mais natural que un se meta a traballar no que seña.

Bon, eu traballei de moitas cousas pra seguir pintando. En Cuba traballei de pintor de borcha gorda, de axudante de escenografía, de toneleiro —facendo bateas antes de haber os lavaroupas—, traballei en publicidade, fixen plomadas... tiña por ahí 16 anos... Despois en Lalín traballei outra vez de brocha gorda, de barbeiro, todo pra levar adiante a pintura e vexo que os pintores de agora quéixanse porque non venden... ¡pois deixa a pintura! eu ganaba a vida doutra maneira e se tivese que roubar tamén roubaba.

A nivel sentimental, ¿continúas vencellado ao galeguismo?

Por riba de todo eu són galeguista... pero máis ben un autonomista.

Galicia é un país oprimido?

Creo que oprimido eo toda España e non unha rexión ou outra.

¿Entón pra tí Galicia é unha rexión?

Pra mín sí, unha nación non... eu són amigo de todos pero teño unha idea.

Si, pero estou a pensar que pra o Partido Galeguista era unha nación, e era un partido moderado.

Non pra o noso partido, que Castelao era o xefe, era unha cousa de Autonomía.

Si, pero visto dende unha nación.

Unha nación é a que se independiza do resto de España!

Ou pódese federar.

Eu de política non sei nada, sei de pintura, de política soio sei cando vou votar

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Ñ.º 32 ● DO 6 AO 13 DE OUTONO DE 1978 ● 30 PTAS.

ENTRE A REDE CACIQUIL E OS MONOPOLIOS


A QUEIMA



LUGO
É o San Froilán

O que foi e o que está a ser a festa grande luguesa

Páx. 6



ESPAÑA

Os partidos e a propia comenencia

Na recta final do proceso constituinte, os partidos «maioritarios» estrenan campaña


Páx. 13


COMO FACER TESTAMENTO

A quén corresponden as herdanzas, quén ten dereito a recibilas, o xeito legal de testar e disfrutar das herdanzas

VALDOVIÑO
Ouro puro da especulación

Páx. 3 e 4





ENTRE A REDE CACIQUIL
E OS MONOPOLIOS

A QUEIMA

Un calquera dos nosos montes empeza a arder. Empeza a arder en forma de língua e de súpeto aparecen no ar aguias e corvos á espera. Os coellos, algún porco teixo, os merlos, os ourizos, cacho saen enrabexados, a gran maioría con lume nas áas ou no pelo. Tamén agardar na sombra algúns aboutres da caste de madeireiros, monopolios, caciques locais, axuntamentos antigalegos e antipopulares e unha administración allea, inoperante. O incendio tentará afogarse con «contrafuegos», removendo a terra con paleadoras ou, ás máis das veces, sinxelamente con xestas ou con canas dalgunha árbore...

Dende o ano 74, é habitual que cada vran o monte se vaia esfarelando. Naquel entón, a case totalidade de incendios producíanse en superficies consorciadas polo ICONA, pero hoxe a localización é moi difícil e nin siquera o tamaño das especies sirve de baremo, porque hoxe arde todo, sirve todo, porque son múltiples e ben complexos os intereses que se alimentan da queima dos montes.

Preocupounos, sobre todo, na recolleita de información pra o presente traballo, ir ás moi posibles causas dos incendios, porque é sobre delas, precisamente, onde compre actuar de cara a que o noso país nin se desertice nin se vexa privado, como tantas veces, dunha das suas fontes de riqueza

Nos máis de 1.400 «fuegos» en Pontevedra, ou as 32.000 hectáreas queimadas en Ourense, entre piñeiral e monte raso, ben de particulares ben estatais, ou nas 21.000 luguesas, nin a lei actualmente en vigor empeza por se cumprir. O artículo 11 da «Ley de incendios» señala que é competencia dos Alcaldes a estinción dos mesmos, con asesoramento técnico dos servicios forestais, e que a ICONA correspóndelle a prevención, pero o que tamén é verdade son as abondosas denuncias de gardas no senso de que os alcaldes nin acuden nin movilizan ás comunidades locais pra estes ausilios. A inhibición semella ser a moeda corrente. Unha inhibición meditada.

E os labregos, a clase social directamente afectada neste caso, móvese entre o fatalismo e a confusión programada «si non arde este ano é o que vén...» «o caso é que nos funden como seña...» porque a concienciación é costosa, e conquerir medidas prácticas que eliminasen os orixes das queimas pasaría tanto pola Reforma Agraria e diferente concepción da política de montes mesmo a niveles técnicos —por exemplo a repoboación en bandas de frondosas e resinosas e non esclusivamente destas últimas, a distribución racional do aproveitamento de superficie en monte e pastizal, etc.— como por unha Administración propia que esixiría institucións galegas e populares sobre todo pra lles poder facer frente a monopolios e madeireiros. E sí todo esto non se dá, hoxe por hoxe, non é de estrañar a despreocupación e hastra a intervención directa na provocación de incendios como resposta individual ou veciñal a diferentes tipos de asoballamento.

A ACTUACION DOS XURADOS

Si collemos como arquetipo a zona ourensana, onde á número de montes xa clasificados como de «man común» supera grandemente ao resto da nación —na Coruña non se leva feito nada neste senso, en Pontevedra volveronselles moi poucos aos veciños, o en Lugo algún máis pódese constatar que o orixe de moitas tensións que poden ter como réplica as queimas, foi a actuación dos Xurados clasificadores, máis atentos ao sinxelo papeleo que a evitar solucións discriminatorias e irregulares, como poidan ser a entrega de monte raso aos veciños dunha parroquia e todo o peñeiral a outra, ou como no caso de Souteliño de Laza, darllo de primeiras e despois pasarllo á cabecera do Axuntamento, cando non os atrancos constantes a facer efectivo o diñeiro das rozas da madeira ou conseguir, como no caso do Monte do Ramo, o enfrentamento entre duas parroquias por mor da clasificación. Dende hai 3 ou 4 anos que se encetou esta mecánica, as reclamacións son constantes e os montes van ardendo: pola serra de San Mamede, o marco de Abellaneira, Pena Guillón, ou en Lugo o Miraz, o Mioteira ou o Pedregal, na Serra de Meira, este último de particulares anque sometido a repoboación forzosa en aras dun decreto de 1945, mentras algúns veciños, adicados á cria de cabalos, viñan considerando inútil os árbores pra a súa cabana...

INTERES ECONOMICO

Unha segunda causa non é menos comentada e inda que hoxe non seña a primordial, como foi nembargantes, hai dous ou tres anos, sigue a estar ben presente: os madeireiros. A mecánica pode empezar polos monopolios de compra marcando un precio tope sin moverse dos despachos: «que nos traigan madera a tanto el metro cúbico...» e continúa polos intermediarios, que fan o posible por conseguila barata —os marxes son escasos, por outra banda— e todos sabemos cómo se malvende a madeira que pasou por un incendio... Outras veces a actuación é directa. Un caso actual entronca co rumor que correu por todo Viveiro (Lugo), referido a que os veciños apañaran a varios mandados do alcalde e madeirista Sr. Salgueiro —conocido asimesmo por varios intentos de fuga de capitais pra Venezuela, dixosenos— a prender lume a un monte... e non convén esquencer que o empresario ourensano Paz Ameijeiras dende tempo atrás viña levando as subastas das talas que procedían dos incendios.

Tampouco fallan os intereses dos Axuntamentos por cortar a madeira antes de que se fagan as clasificacións dos montes, antes de que «se vaia o alcalde» nas próximas eleccións, por exemplo. Ou millor si se pode impedir a clasificación en «man común», o Axuntamento sequirá a recibir o 85 por cento dos beneficios duns montes administrados por ICONA, pero considerados de «utilidade pública» porque eran de repoboación natural. No caso de que se efectuasen as clasificacións os Axuntamentos pasarán a beneficiarse somente dun 20 por cen. Pero non se trata esclusivamente de intereses económicos. As redes do caciquismo político non andan lonxe. Máis clara a cousa: en Toén (Ourense) hai dous bandos ben definidos. Nun está a xunta veciñal, formada, como cáseque todas e a efectos de entregarlles os montes clasificados, ao traveso das antigas «Hermandades» ou directamente polas alcaldías—, e o que foi presidente da «Hermandad», membro de AP e futuro candidato á alcaldía. Pola outra, o actual alcalde, da UCD, que amosou interés polo monte no tempo que leva... Nunca se derramara o monte en Toén e este vran tivo 4 queimas e, ao millor pra que a provocación fose máis clara, un bo día tamén prendeuselle lume a unha viña, somentes a unha viña!

A PENETRACION CAPITALISTA

Quedaríanos como outra causas xerais o interés das em sas capitalistas en penetrar no cos menos costes posibles —as perficies queimadas son doada mercar ou alugar, feito que xa nunciaba no ano 76 o Sindicato brego Galego-CC.LL. ao través seu voceiro «Fouce». Neste aparece unha mecánica máis durante algún tempo, acentuo certa campaña que se pode resu na frase «Si se queima o mo ICONA vaise e pasa aos veciños propiedade...» A ICONA nunca miraron amistosamente os la qos, e a palabra propiedade é si nimo do «seu capital». Foi t unha campaña pola eliminación propiedade estatal de cara a pasase a propiedade privada e i vidual dos veciños —lembra que, ao non ter personalidade x dica a parroquia, non é posible paso a propiedade comunitaria— despois tratar con eles dun en traveso de intermedarios pra c sequir as superficies desexadas.

Son os mesmos que protac nizan outra campaña hoxendía, fendendo que ICONA pase á Xu de Galicia, ou máis concretamen que os Montes de Man Com —que son os millores montes pasen a ser administrados p Xunta. Logo hemos ver unha ma festación con autobuses organiza polo conselleiro de Agricultu Graiño Amarelle, pra protestar fre te a ICONA no nome dunha rec crada Asociación Libre de cazad res, reclamando libertade de caza O obxetivo real semella ser o ant rior. E inda que non na mesma pr porción, non é aventurado de má remarcar o furtivismo organizad que se move ao redor dos cazad res —con tensións efectivas, p outra banda, frente á situación d «cotos privados»— e sinalar qu



millor non é casual que na zona
Cortegada (Ourense) se queima-
n determinados lugares que son
ida natural pra os coellos.

S PROPAGACIONS

Polo de agora quedan reseñados nha serie de causas posibles diga-os en primeiro grau. As que si-uen teñen, de lei, outras razóns. A ue é cuantitativamente máis im-ortante derívase dunha forma de liminación da matorreira e silvei-as, practicada habitualmente pero on sempre controlada, sobre todo si temos de conta que na actual exislación sin outra preocupación de cara á organización das mesmas, rohíbese facelo no vran... entón aise polas noites e non é difícil que se propague.

Quedarían, aínda, os lumes que esportan dende León, Zamora ou Portugal, onde os pastores proce-den regularmente á queima pra pastos cos mesmos efectos que as anteriores, práctica tamén usual en lugares como Carballeda de Val-deorras, Manzaneda ou Chandrexa de Queixa, en Ourense.

A nivel anecdótico, restan aque-les lumes que provoca o contraban-do —co móvil fundamental de dis-traer á Garda Civil— ou algúns que respostan a venganzas individuais ou mesmo á piromanía. Pero as razóns de peso de que se estene a desmar a nosa riqueza madeireira e a terra dos nosos montes, siguen a centrarse nos intereses políticos do caciquismo local, nos camiños que utiliza o capitalismo pra penetrar no agro, nas tensións creadas pola ac-tuación da administración española, sobre todo á traveso dos Xurados de Clasificación, e en intereses di-rectos tanto de madeiristas como dos Axuntamentos que se benefi-cian dos montes de «dominio públi-co».

¿E os executores? Os comenta-rios refírense a persoas «alugadas» que na maioría das veces semellan proceder dos lugares próximos; ou-tras ocasións veñen en coches —por exemplo en Verín e Ríos— incluso o mesmo coche andivo por dous axuntamentos diferentes, ou no caso de Melón, que abondou cun rapaz nunha moto. Con eles apareceu o traballo das mechas, co-nectadas a un saqueto de pólvora ou un bote de gasolina e, polo sí ou polo non, en Flor de Rei, no Axunta-mento de Vilardevós, o día 21 os veciños aseguran que viron unha avioneta por onde empezou o in-cendio...

E A OPINION OFICIAL...

No que vai de ano, asegún nos manifestou o inxenieiro xefe de ICONA Sr. García Borregón, lévan-se producido na provincia de Pon-tevedra 1.481 incendios forestais que afectaron a unhas 10.900 hectá-reas arboladas e a máis de 8.000 hectáreas rasas sobor dun total de 300 mil hectáreas que representa a provincia de Pontevedra; ou seña, máis ou menos, o 15% da superficie total.

Os anos máis catastróficos en canto a incendios forestais foron, deica hoxe, 1975, con 1.021 incen-dios en toda a provincia e 1976 con 968 incendios, cantidades ampla-mente superadas polo presente ano. En 1977 somente se produci-ron na provincia de Pontevedra 104 incendios forestais.

Os daños producidos nesta tem-porada suben moito dos 700 mi-llóns de pesetas en perdas, sin ter de conta os perxuicios derivados do empioramento da calidade da vida (disminución de osíxeno, etc.) e de degradación do medio ambiente, fenómeno erosivo e aterramento de embalses.

Asegún o Sr. García Borregón, máis do 70% dos incendios son cla-ramente intencionados, sin acertar a causa dos mesmos: «Teño a cer-teza de que o labrego non queima o monte, porque o monte é a sua caixa de aforros. Por aquí teñen pa-sado comunidades enteiras de montes veciñais pra que se lle fa-gan «cortafuegos» e se lle indique como atallar o lume».

¿Qué causas ou intereses pode haber entón?

—Eu recapacitei sobor do tema. O monte galego, en canto á madei-ra, é o que produce máis metros cú-bicos por hectárea ao ano. A madei-ra escasea no mundo e pode ser im-portantísima pro o noso nivel de vi-da. Eu relaciónoo co proceso que se está dando co petróleo. E un tema fundamentalmente económico, re-lacionado cos países que poden convertirse en verdadeiros dictado-res sobor da economía do resto do mundo.

Nembargantes, ¿hai quen di que son os pro-pios madereiros ou inter-mediarios...

—Recháceno de plano. Viñéron-me os madereiros chorando polo futuro das suas industrias e dos 80 mil galegos que viven da madeira e do monte.

Pero o certo é que esa madeira queimada apro-véitase, ¿non si?

—Aprovéitase, pero usando máis cartos dos que se necesita pra unha madeira non queimada, é con-taminante, mánchase o obreiro, tén baixo rendemento. Descartando ao arcolito, é unha madeira de baixo valor. Algúns madeireiros arruiná-ronse con ela. Hai algúns bárbaros que se beneficiaron, pero son casos aillados.

¿Cál e logo a esplica-ción?

—Eu penso que é un tema inter-nacional que os seus intereses están en provocar a nosa ruina e se-mentar o desasosego e o medo. In-cidíuse nas zonas turísticas: Cana-rias, Catalunya e País Valenciá fo-ron as zonas máis afectadas. Penso que se pretende desestabilizar a nosa economía e a nosa política.

M. LEDO / X.R. POUSA

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 34 ● DO 20 AO 26 DE OUTONO DE 1978 ● 30 PTAS.

ESTE NENO IBA PRA CURA

O PAPEL QUE CUMPLIRON OS SEMINARIOS



MUROS
«A lei són eu»
Os mariñeiros do arrastre ao fresco en defenda dun convenio.
páxina 6

PORTUGAL
Desequilibrio de poderes
páxina 14

E chegou a vendima...
páxinas 8 e 9

ESTIBADORES PORTUARIOS
A mafia do reenganche
páxinas 3 e 4

Non é dogmático nin galeguista, anque «poñería o lombo pra empurrar cara adiante, incluso co dente da crítica, unha Galicia autogobernada». Califica de horroroso o término «nacionalidades», síntese máis cómodo no de rexión pero tampouco, conscientemente, viría a negar que o noso país seña unha nación —hastra votei nun partido que coidei que era galego e non era nada, o PPG»—. Tén todo o escepticismo da pequena-burguesía liberal que el mismo define como desgaleguizada pero con posibilidades de se integrar no proceso de galeguización. Médico oftalmólogo con tradición familiar e personal, vencellouse á Universidade e á docencia, contra dos que é usual nas clases sociais dominantes no noso país, e no ano 75 no Vicerrectorado de Estensión Universitaria e sin ningún programa previo, topouse con que a millor cultura que se podía facer era a galega: «emocioname comprobar a esistencia de 30 grupos de teatro en Galicia e algún de verdadeira categoría».

SANCHEZ SALORIO

«Inventar unha illa médico-enfermo»

¿Entende a mediciña como un servicio público e, polo mesmo, consideraría necesaria a sua estatalización?

Certamente, o Estado tén que ocuparse da saúde dos ciudadanos. A complexidade, importancia e toda caste de implicacións que atinxen a unha política sanitaria global, fan que a esistencia dun servicio nacional de saude seña hoxe unha necesidade ineludible e a construcción dunha mediciña moderna asenta en tres bases: ciencia, diñeiro e poder... No 1.978, decir poder é o mesmo que decir Goberno pero entendo que estes tres factores non entran en proporción igual en todas as actividades sanitarias, porque pra impoñer un plan de depuración de augas residuais ou unha vacunación masiva, compre empregar o poder de xeito típico, pero pra curar unha úlcera gastroduodenal ou pra recuperar a un pequeno estrábico, calqueira poder que se lle engada á autoridade moral do médico é innecesario e hastra pertubador. A estatalización é absolutamente necesaria na medicina preventiva, pero débese atenuar na asistencial. En todo o mundo os sanitarios son sempre funcionarios, xa que a sua función principal é o cumprimento dun Plan, pero o médico é algo ben diferente ao executor dun Plan... na relación co enfermo, hai un intre que tén de desaparecer todo o aparello administrativo, teñen de se atopar «como nunha illa deserta» e esa illa hoxe non esiste, compre inventala: o primeiro paso é aceptar que o enfermo poida escoller o seu médico e o seu hospital.

Sí, pero a nivel práctico no noso país, é máis ben o médico o que pode escoller. Por exemplo, no Barco de Valdeorras hai unha Residencia montada, fíxose concurso e os médicos non van, ¿cómo se lle garantiza a asistencia a unha comarca de 50.000 personas?

Nese caso, o que falla é o Plan, porque hai unha medicina estatal que teóricamente asume a responsabilidade sanitaria sobre do 95 por cen da poboación; á mediciña colexiada non se lle pode decir por qué non acode ahí. De calquer xeito, coldo que o que dixen antes pódese conseguir dentro dun servicio público, anque non me pareza que o mecanismo pra o conseguir seña a uniformización de toda a asistencia médica nun sistema administrativo de postos, concursos e ascensos; máis ben entendo que se deberían poder formar grupos innovadores cos que a administración concertase a asistencia. Esto permitiría diversificar esperiencias e modelos asistenciais que o actual monstruo estatal fai imposible. E non é defender a «privatización» da asistencia, senón mais ben plantexar outra estratexia diversificadora que posibilitaría a incorporación dos novos médicos como innovadores do exercicio profesional e non como tipos que deban percorrer unha longa e idéntica carreira administrativa. A mediciña privada debe desaparecer por ser innecesaria, pero non por unha prohibición administrativa.

¿Cál pensa que é a razon de que haxa tan poucos médicos integrados no seu entorno ou con adicación esclusiva, pero moitos que simultaneen a sua actividade na SS coa privada e mesmo coa Universidade?

Paréceme importante que o médico practique a adicación esclusiva na sua profesión, e probablemente tamén seña importante a adicación esclusiva a unha institución hospitalaria concreta, pero teño as miñas reservas encol da mitoloxía que considera esa esclusividade como de gran sumo de entrega e pureza; prefiro valorar ás persoas polo que fan realmente e non polo que deixan de facer. Por outra banda, si se comparte a asistencia coa docencia a lóxica, é evidente, xa que a mediciña non é unha ciencia teórica. No tocante a compartir responsabilidades universitarias, vexo máis dificultades, porque seguramente si se coida a atención aos pacentes, ao cargo na Universidade irán para as horas marxinais. A pesares disto, prefiro o tempo marxinal dos que teñan entusiasmo e imaxinación e nada me interesan as horas de aqueles aos que lles sobra o tempo.

¿E estar nunha institución e ao mesmo tempo practicar a medicina privada?

Imos supoñer que a primeira motivación seña a da remunecontar que é difícil exercer a ración, pero tamén hai que mediciña xerarquizada —«vostede pode facer esto, vostede non pode facer máis ca aqueloutro»— que inda tendo certas satisfaccións (millores equipos máis xente...) couta a relacción médico-enfermo, este é o do hospital. Por exemplo, a mediciña actual quedouse sin «Historia clínica» e con síntomas: ún somente sabe que un señor tuse ou durme mal... Pola contra nun acto médico primario, ese señor tén que falar, contar, e é difícil que seña unha conversa técnica,



pero pode ser moi importante. En troques, tal e como están hoxe as institucións, hai un predominio absoluto dunha mediciña sintomática, polifarmacéutica e de prestacións económicas e laboraís— a« baixa»— absolutamente indiscriminadas. Ben, voltando á privada, entón tén certas facianas positivas, si queres outras non, como o protagonismo, a relación de dependencia do enfermo do seu médico, dunha mitoloxía que houbo... é evidente que pra un tipo de personalidade é mais gratificante, pra outra non, outra prefire estar nunha cousa anónima, incluso por si xurde algún problema.

Pero tamén neste último caso esisten máis garantías pra buscar as causas da deficiente atención ou dos erros.

Si, é certo, o gabinete é difícil de controlar, pero tamén a acción nun hospital; toda vez que un médico tén un contrato permanente, é difícil de correxir e máis si non se pon entusiasmo... ao que ibamos, o que está exercendo illado é un incontrolado, nin o controla o Colexio Profesional, nin a sociedade, nin lle controlan os diagnósticos que non está obrigado siquera a dar por escrito, nin o tratamento nin o coste, pero é que tampouco se tentan correctivos; porque hai unha filosofía de fondo: i esto acábase!; e non se dinamizou o control sobre a privada por parte das institucións, ao contrario doutros países onde os Colexios sí exercitan esta función.

O departamento de Oftalmoloxía, onde vostede traballa, ¿está adaptado ás necesidades populares?

Nós vemos a todo o que entra pola porta e dá a coincidencia de que cometemos unha irregularidade, que «distorsionamos» a imaxe do Hospital Xeral, porque, asegún un vello costume que tiñamos, dámoslle a calquera un tique que lle costa esactamente 20 pesos. Lembro que o primeiro director do Hospital díxome «que tontería, antes erades un hospital de Beneficencia, pero hoxe que é da Seguridade Social, eso non sirve pra nada». Mais sirve, e a xente utilízao como antídoto da burocracia da SS, porque un señor de Ribeira, por exemplo, quérese ver e tén que ir ao médico xeral que lle dea un pase pra o oculista do cupo, éste veo ou non, e ao millor dalle outro pase pra o centro de diagnóstico e dalí pra o Hospital. Entón, este señor gastou en horas, transporte, etc, moito máis Por Iso nós mantemos unha cousa empírica que é antiplanificación, e mentras eu teña no departamento xente que queira atender ese tipo de consultas, o devandito esistirá.

¿Qué tipo de pacentes van á SS e cales a sua consulta privada?

Eu paso consulta privada no mesmo Hospital pola tarde e máis da mitade dos que veñen é un pacente paralelo ao de pola mañá.

O outro cuarenta por cen é económicamente superior, e sí vén pola tarde porque non quer entrar na mecánica da cola, da habitación con cinco tíos máis, do pase pra visitas, etc.

¿Colda que relación Galicia-organización sanitaria actual é axeitada?

Ben, acó a asistencia é pior porque se montou co trunfalismo dos grandes centros nun país con noboación dispersa. O primeiro correctivo sería os centros comarcais, dacordo coas comarcas e non coa organización administrativa, centros de 12 ou 15 camas que permitan facer urxencias, cirurxía menor e sobre todo racionalizar e evitar a evacuación a outros centros. Tamén hai outro punto que quero aclarar: paréceme que ningún enfermo se debe evacuar de Galicia, como ocurre a cotío sin que haxa unha esplicación deste feito, tanto polos costes socias, económicos e familiares, como porque a maioría ruxía menor e sobre todo racionalizar e ev - evacuación a outros centros. Tamén hai outro punto que quero aclarar: paréceme que ningún enfermo se debe evacuar de Galicia, como ocurre a cotío sin que haxa unha esplicación deste feito, tanto polos costes socias, económicos e familiares, como porque a maioría das veces non é necesario. En todo caso, hoxe en Galicia o nivel médico abonda pra poder chegar a unha organización que permita atender a toda a poboación no país.

¿Qué opina da Universidade e a sua integración na nosa sociedade?

E un mal servicio que non esteña integrada na vida e nas necesidades de Galicia pero penso que sería pior si non fose tal Universidade ou tentase suplir as funcións que lle corresponderían a un suposto organismo pra o desenrolo de Galicia. Eso sí, penso que foi no traballo que fixen pra o Fernández Latorre onde dixen máis ou menos: aquí non se pode aprender a muxir unha vaca, facer unha pradeira, construir un barco...

Esto podería facerse nunha Galicia autogobernada.

Autogobernada sí, pero non «autolimitada», coldo que as institucións teñen que recoller o que realmente somos: galegos pola naturaleza, españoles pola historia, europeos pola cultura. Probablemente haberá que escribir outra historia, porque nos últimos tempos foi sempre adversa, pero coldo que esquencer calquer destes factores supón un empobrecemento.

M. Ledo


A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 38 ● Do 17 ao 23 de Novembro de 1978 ● 30 Ptas.

VELO: PALABRA DE PRESO

páxinas 10 e 11



MIGUEL ANXO: Un galego porteiro do Madrid

páxina 15

FRIGSA: O NEGOCIO DA MODERNIZACION

páxinas 3 e 4

SANTA TREGA

Un aldraxe á nosa historia

páxina 8

«O catalán significou pra min o feito de descubrir o meu propio país, os problemas humanos e intelectuais e mesmo diría que así cheguei a ser persoa. Estoulle eternamente agradecido á língoa catalana». Lluis V. Aracil, sociolingüista dunha nación tampouco soberana e presidente do Comité internacional de estudios sociolingüísticos entende, como antiimperialista, que «é tan estúpido predicarlle a certas xentes que dependen de Madrid como predicarlle a Madrid».

ARACIL

"Os dominadores aprenderon ¿e nos?"

¿Cal é a situación social do seu idioma?

A espansión do catalán é formidable e unha barbaridade de cousas públicas non oficiais que tamén as hai gracias ao demo —o demo é catalén, por certo...—, no que o seu uso está xeneralizado son boa proba desto. «Alitalia», por exemplo, foi a primeira compañía aérea que o usou, e non porque seña catalanista. O proceso foi impresionante e cáseque esactamente non o dirixiu ninguén —síntoo pola policía, porque fichar a ninguén é un problema, non sei si Conesa o faría coa axuda dalgún metafísico de seminario...—, participaron nel millóns de personas na sua vida diaria e o catalán espallouse, con crisis e rupturas como por exemplo aquel primeiro acto da Universidade de València, no 1959, no que se utilizou por primeira vez na historia. Eu fun un dos organizadores.

A defensa máis coherente e sentida do catalán, ¿foi ligada a un proceso de recuperación da concencia nacional?

Na nosa parte do mundo, o significado do idioma é que ser catalán fundamentalmente é falar catalán, e sin dúbida por eso, o catalán foi perseguido, todos reconocían que o catalán era unha ameaza pra España e no meu país nunca se podería ser catalán en español, que se poida ser español en catalán, ah!, eso xa é outra cuestión pero ¿catalán en castelán?, cunha escepción, a do secretario do PSUC, que non fala catalán. Punto e aparte... Naturalmente, foi unido a unha concencia nacional e sería peliagudo —tanto como o do ovo e a galiña— decir que foi primeiro. Xa sei que noutros paises non foi así e que puido haber un nacionalismo anterior á promoción do idioma que levara esta promoción, tamén está claro que o idioma, neses casos, sal mal parado: que se dinamice o irlandés no seo do movemento nacionalista, e o resultado será que o irlandés tamén desaparecerá nunha Irlanda independente, problema que, por certo tamén, teñen os bascos. Por outra banda, a dictadura tivo unhas cualidades moi boas en detalles polo menos, porque sabiamos quen NON tiña razón, o que NON queriamos, e nese contesto ser catalán, falar catalán, ser antifascista, estas cousas —e somente menciono as máis vulgares— iban naturalmente unidas. O proceso é solprendente, sin unha Constitución que o oficialice nin unha Oficialización que o constitucione, nada desto esistiu. Pero sí un proceso do pobo do meu país a astreverse a falar o seu propio idioma.

¿Qué hai detrás, entón, do decreto do catalán?

Ben. Adiantamos xa tanto sin leis que calqueira exemplo que poida poñer da irrupción do catalán en calqueira ámbito son exemplos de absoluta ilegalidade, e usándoo de feito ¿qué pasa entón?. Pois que si prá xente do meu país se trata de continuar pra outros trátase de parar, pero o proceso é imposible frenalo en seco como non fora dunha maneira brutal e chilena. ¿Qué se pode facer? Unha maniobra que seña por unha banda unha concesión é pola outra unha prohibición. Tén que ser unha cousa ambigua. Si é unha cousa clara, en contra, eso non pode ser: «decreto democratizador polo que se prohibe... non, non, vamos a ver... decreto democratizador polo que se establece, se reglamenta... esto xa sí». Un análisis elemental dise decreto demostraría o seguinte: o proceso de espallamento do uso do catalán foi xeral en todo o meu país, inda que non ao mesmo ritmo, como nada se produz ao mesmo ritmo, nin siquera o día e a noite, pero o decreto refírese ás catro provincias da 4.ª rexión militar... non é o mesmo, eu por exemplo son valenciano. Equivale a crear por decreto unh fronteira entre unha cousa que se chama Catalunya e o demais, os Países Cataláns que xa veremos o que é...

E ademáis de división física ¿qué outros aspectos tén a maniobra?

Dentro desta fronteira —que non esistía no proceso social—, está a Generalitat, que organiza a aplicación do decreto resolvendo unha serie de cousas. O problema ,por exemplo, do País Valencià, é que eso non se resolva nunca (puñeta número 1), ou se resolva noutros términos de maneira que non cadre co que se resolveu aló (puñeta número 2) ou (puñeta número 3) que o País Valencià teña que adherirse ao que xa se resolveu: «teña, firme vostede aquí». Enfréntannos con tres posibilidades, as tres odiosas: que eso esiste somente dentro de Catalunya, que se organiza dentro do País Valencià pero doutro xeito ou que teñamos sinxelamente que adherirnos, e eso é humillante porque nós non somos membros adheridos da Generalitat, nós somos cataláns, nós non somos estranxeiros naturalizados. Tamén, no espallamento do uso do catalán contou o ensino, e os educadores foron os impulsores máis importantes. Non fai falla decir que o comité que se encargue de orquestar a implantación do decreto non vai estar formado por esta xente. E pra orquestar todo o ensino falta personal. Sí. Non pasa nada. Somente que sustitúe un proceso de autoorganización dos ensinantes, de autoformación, por unha improvisación, unha especie de reciclaxe dun personal que non tivo a ocasión nin as ganas de adequirir unha preparación. E por fin, é un decreto español e non se pode aceptar que o Estado español resolva unha cousa dos cataláns.



Pra eso sería necesario que a independencia política catalana fora un feito...

Faría falla que houbera unha conciencia e honestidade que levase a respostar e que o país dixese: «co decreto limpamos o cu, e moitas gracias, señores porcos de Madrid». Pero non se produciu esta reacción, «Non. Gracias», porque entón o proceso continuaría como hastra de agora. Aceptouse eso como si nos fixesen un favor, porque a un cabalo regalado non se lle pode mirar o dente, non teñas a descortesía de abrille a boca «¿qué dice, elección individual ou eleccial individuó?» ...Ao aceptar dás as gracias e vaste co cabalo... sería estúpido que enmendaramos a plana e lle dixéramos ao Goberno o que lle convén. Nunha circunstancia como a nosa, na que non hai un Estado independente catalán ¿quén pode oficializar? somente o Estado establecido. Por iso, plantexar todo o problema en términos de oficialización era poñerllo ao Estado en bandexa e roubárnola a nós mesmos. A versión oficial —abonda con conocelos— é: esto do catalán tén un significado emotivo; entón, hai que facer unhas concesións que teñan carácter simbólico e o problema acábase —e o principio do regateo— pero non vaiamos conceder máis do mínimo. En fin, unha política de concesións oportunistas, efectista, simbólico-emotivas, que dá máis importancia a aspectos accidentais que fondos, o típico da demagoxia: pois agora xa non van ir os tíos de gris qué carallo! agora facémoslles uns uniformes marróns porque cambea a imaxe e tí non sabes a diferencia que hai entre recibir un porrazo en gris ou en marrón...!

En Galicia hai duas posicións Unha ampárase na normativización a toda costa a outra defende a normalizacón e vea ligada á propia normalización do noso país.

Hai un ianqui moi listo, Laswell, que observa: unha maneira de opoñerse a unha demanda consiste en reducila, desligala de outras cousas, desconectala. Outro factor é dividir —no caso do noso país sulíñase a división rexional— e convertir en técnico o que é político. E fano organizacións que se presentan como concienciadoras e son cómplices, co-perpetradoras e aplaudidoras desto. Non hai ninguna crítica de fondo e pásase, eso sí, ao detalle: coller uns manuais, certo personal e dar tantas horas de clase. En resume, e tirando unha frase do evanxelio, é querer meter o viño novo da língoa catalana nos odres vellos do Estado español. Calar nestes casos está prohibido e falar vai unido a actuar, ¿qué acción é posible nesta circunstancia? unha acción, en primeiro lugar, dentro do noso propio país. Non se trata de ir cara Madrid de xionllos e cos cruces ás costas pra conmovelos, senón todo o contrario. ¿Con qué xente? pois é un problema de organización no propio país e non de facer declaracións dirixidas a Madrid que rematen decindo «Dios garde a vostede moitos anos». Nós tampouco somos unha sociedade soberana, e un vicio que adquirimos foi o das queixas e rogativas, protestas e peticións. A miña oponión é que en vez de falar aos que non ouvirán, xa é hora de que nos falemos a nós mesmos. No libro de Fannon «Os condenados da terra» dise nun prólogo de Sartre: «estabamos afeitos a que os colonizados se dirixan a nós pra nos pedir perdón, unha propina, un favor... si ledes este libro decatarédevos de que non está dirixido a nós. Empezaron a falar entre eles...»

E ao reves, ao traverso do sucursalismo eles teiman en falar conosco...

O inventor do término sucursalismo é o meu amigo e compatriota Joan Fuster. Consiste nunha conciencia absoluta de dependencia como calquer cousa que teña forma de petición. E hai algo moi serio, eles aprenderon, preocúpanse antes de que lles pidas, dan solucións antes que lles plantexes os problemas.

No comité internacional de estudios socio-lingüisticos vostede foi, dalgun xeito o candidato antiimperialista, ¿nonsí?

Certo colega meu, da corda do «lenguage planning», preguntoume hai 6 anos en California, ¿cómo relacionas a sociolingüística coas desigualdades? e respondín, «eu non son ningún xenio, érelo ti ¿como as separas? Si hai unha cousa clara, é que o contesto no que estamos é o desta época e gostaríame que os que non o enfocan así tiveran que ouvir: «maestro, como separas eso do imperialismo, porque tén moito mérito».

Fano as posicións culturalistas, por exemplo.

O culturalismo, en certa maneira, era o xeito de facer algo nunhas circunstancias nas que non se podía facer nada, era un sistema adaptado á inmovilidade, pero hoxe, insistir e non facer nada é un crime.

MARGARITA LEDO

SANTA TREGA

Unha aldraxe contra a nosa historia

A situación na que se atopa hoxendía a Citania de Santa Trega, que constitúe un dos puntos de maior importancia arqueolóxica da nación, é unha proba máis do abandono en que se sumen a maior parte dos monumentos de Galicia, e concretamente os pertenecentes á cultura castrexa, tan importantes pra recobrar unha boa parte da nosa personalidade cultural e histórica.

Santa Trega, pertenecente ao axuntamento de A Guardia, está situada acarón da foz do Miño e a unha altitude superior aos 400 metros, dende a que se domina unha ampla paisaxe entre Portugal e Galicia. A Citania corresponde ás do tipo do Norte do Douro, e tanto pola sua estensión como polos achádegos atopados, pódese considerar como unha das máis densamente poboadas na sua época.

As primeiras escavacións encetáronse na década dos cuarenta aos cincuenta, dirixidas en principio por Iglesias Calvo; deixouse ao descuberto unha ampla parte do mesmo e recontruíronse algunhas das pallozas atopadas. Como consecuencia destas primeiras escavacións, fixose un pequeno museo pra acoller as pezas de maior interés. Museo do que teñen desaparecido pezas de valor e cuios roubos foron insistentemente denunciados.

O mesmo axuntamento de A Guardia encargouse de aproveitar turísticamente a zona establecendo, incluso, unha cuota pola visita aos históricos xacementos. Pero, pouco e pouco, pola falla de coidado e do presuposto necesario pra conservar ou mesmo consumar as escavacións, o estado das instalacións foise deteriorando deica límites degradantes: as pallozas foron perdendo os tellados e as pedras dos seus muros, os fornos, os recintos das vivendas estanse vindo abaixo sin que ninguén faga nada. E, pra colmo, levouse a cabo unha auténtica reproboación forestal a base de arcolitos que cubren totalmente unha boa parte do recinto histórico, constituindo un auténtico aldraxe contra da nosa historia. As raíces das arbres están reventando e destruindo os muros que sobreviviron máis de dous mil anos de historia.

A situación, nembargantes, é parella á dos centos de castros escavados, que, sumidos no esquencemento, vense cobertos pola matorreira, como o de San Ciprián, ou destruidos polas motos de «cinematográficos deportistas», como o de Baroña ou as dos milleiros ainda por catalogar que perecen baixo das escavadoras das constructoras.

A destrucción de Santa Trega pode ser irreversible e estendible á maioría das escavacións arqueolóxicas que se fan na nosa nación. E é hora de esixir responsabilidades, primeiro a uns axuntamentos que, asegún a «Ley de Régimen Local», teñen a obriga de protexer os xacementos arqueolóxicos, e en segundo lugar á Dirección Xeral de Arquitectura e Bellas Artes, que, dende Madrid, centraliza a sua política de actuación permitindo que cousas coma éstas acontezan.

Sorte moi distinta é a dos xacementos castrexos do Norde de Portugal, pertenecentes á mesma cultura que os galegos e cuia conservación é exemplar.

REPORTAXE GRAFICO: F. BELLAS



A repoboación forestal fixose directamente sobor das escavacións, coma mostra do barbarismo a que está sometida a nosa Historia.



As edificacións do castro, aparecen agora arruinadas.



Os petroglifos e esculturas de valor incalculable son victima da erosión.



Os tellados das pallozas vanse desfacendo, e os valados aparecen xa desfeitos.

As Comisións Labregas, polo «non» a Constitución

O derradeiro domingo día 12 reuniuse en Ourense, en xunta cuatrimestral, o Secretariado Nacional das Comisións Labregas, con obxeto de analizar a marcha do sindicato e marcar as directrices a seguir deica o Congreso a celebrar no prósimo mes de febreiro.

No orde do día figuraban o Informe da permanente, a postura do sindicato con respecto a Constitución e a política sindical a seguir, entre outras.

Entre os acordos adoptados figuran o de promover unha campaña polo «NON» diante do Referéndum Constitucional por «atentar gravemente contra dos intereses dos labregos galegos, e das clases populares galegas, en xeral». «O ir votar non, en Galicia, representa unha postura de loita, representa a nosa unidade, a das clases populares galegas. O quedarse na casa sin ir votar non significa agacharse baixo dunha actitude infantil, é a renuncia á loita pola nosa liberación.» «O Goberno e o Estado colonialista tomarán boa conta do número de NONs galegos, pois sabe que perteñecen a un movemento social e político fortemente organizado.»

En canto á línea sindical, marcouse o camiño de consolidar as estructuras locais e comarcais. Finalmente, quedaron definidos os testos que o Secretariado pasa a discusión dos afiliados deica o Congreso.

A Permanente quedou composta por:

Bernardo Fdez. Requeixo, Coordinador; Aristóbolo Quinteiro, Secretario da zona de Ourense; Manuel Suárez, da zona de Santiago; Rafael Iglesias, zona de Pontevedra; Xesús Trigo, zona de Lugo e por Emilio López Pérez; Marián Fernández, Antonio Pais, Félix Castro e Xose Perez Couxil.

SERART, S.L.
SERIGRAFIA FOTOMECANICA
Gerona, 2
☎ 296762-234880
VIGO

Xonela
Arte popular
XELMIREZ, 10.
SANTIAGO

xcx gráfica, s.l.
SUMINISTROS PRA INDUSTRIA GRAFICA
☆ Planchas presensibilizadas, positivas e negativas.
☆ Tintas imprentación Offset e Flexografía.
☆ Equipos e productos pra foto-mecánica.
☆ Equipos e productos pra Serigrafía.
☆ Productos e equipos ausiliares.
PORTELA 5 A
Telfs.: 270266
277104
VIGO

No agromar do movemento obreiro en Galicia, é moito o entusiasmo e moita a intuición, intuición que sustituía a claridade politica e ideolóxica difícil por outra banda de acadar no panorama de primeiros do século marcado pola presencia de organizacións españolas, e cando o movemento nacionalista apenas empezaba a se configurar como anti-imperialista. Anacos da nosa historia, en fin, que constata o traballo que publicamos e que, a bo seguro, servirán pra revalorizar a historia presente.

A CASA DO POBO OURENSAN

M. Xesús Pato Díaz

Denantes de escomenzar, cabe precisar que dentro do movemento obreiro ourensán operan duas correntes sindicás: unha abrangue aquelas sociedades de resistencia que recoñocen a loita de clases, e outra que sería representada polo movemento obreiro católico. E da primeira da que nos ocuparemos.

Os primeiros locás sociás onde tivo domicilio o CSO («Centro de sociedades Obreras ») foron os baixos do Axuntamento e un local na rua da Libertade.

Noustante, os máis importantes, en función do avance numérico que no decorrer do tempo configuraría o movemento obreiro ourensán, foron o da Plaza do Eirociño dos Cabaleiros (hoxe «Plazuela del Cid») e a Casa do Pobo.

O primeiro edificio trátase dunha antiga casa gótica cunha amplia balconada, dende a cal falaban os dirixentes en determinadas ocasións. Cecais a máis emotiva e significativa (a plaza non daba cabida a tanta xente como acodíu a escoitar ós oradores) foi o mitín realizado co gallo da campaña pro-amnistía dempois da folga do 1917, que tantos detidos, ademais dun morto, cobrou en Ourense. Ise 26 de Santos de 1917 falou Eduardo Barriovero Erranz, abogado laboralista catalán, diputado en Cortes e un dos primeros fusilados no 36, xunto cos líderes máis destacados a nivel provincial e Manuel Suárez, canteiro e figura central do socialismo galego, tamén fusilado en 1936.

Nembargantes o domicilio definitivo foi a Casa do Pobo, edificio iste construido pedra a pedra co diñeiro e traballo do proletariado ourensán.

Erguida na rua do Progreso, perto do xardín do Posío, onde hoxe se ergue o Colexio Universitario, propiedade da Caixa de Aforros, ocupaba 400 m cuadrados, 10 de fachada, sobor da cal asentaba unha alegoría ó traballo rematada pola bola do mundo. Na planta baixa tiña duas salas destinadas a secretaría, e o resto correspondíase co salón de actos, cunha altura de 8 m e capacidade pra 5000 personas. Na planta principal esistían outras secretarías e o salón de lectura e biblioteca.

O valor do edificio subía daquela a 140.000 pesetas.



Feito indicativo do entusiasmo co que se fixo é un comunicado dirixido á sociedade de canteiros, cursado pola sociedade de obreiros ourensáns na Habana, no que se da conta do inicio dunha suscripción pra axudar á sua construcción, encabezada con 50 pesos.

Foron moitos os días nos que dempois da xornada, os canteiros, ebanistas, peóns... acudían ó solar e erguían a que sería a sua casa paseniñamente. Así como foron moitas veces que parte do escaso xornal iba adicado á obra.

Durou ista dende fins de 1913 deica o 1ª de maio de 1929, día da sua inauguración; 16 anos en total.

O esforzo, como podemos fácilmente maxinar foi enorme, si ben grande en toda a amplitude da palabra foi o edificio, que merece que Víctor Manuel Arbeola a cite na sua obra sobor das Casas do Pobo, como unha das mellores do estado.

Instaláronse alí as sociedades de ebanistas, xastres, canteiros, panadeiros, dependencia mercantil e bancaria, empregados municipales, tipógrafos, albañiles, carpinteiros e pintores, todos eles en réxime de copropietarios.

Decontado, a Casa do Pobo constituise en eixo do Movemento Obreiro ourensán.

As suas actividades foron moitas e variadas, entre elas podemos citar:

—Ser domicilio das diferentes sociedades de resistencia.

—Ser sede do comité da «Federación Obrera Provincial».

—Ser escenario de moitos mítines.

—Levar ao cabo campañas de dignificación do traballador, baseadas na preocupación de facer non somente militantes obreiros, senón homes novos.

—Ser centro de numerosas e variedades actividades culturás. Con respecto a isto, caibe destacar o grande interés dos obreiros organizados cara a cultura, si ben podemos afirmar que iste anceio en moitas ocasións desemboca en cuestións fora de lugar. É posible que a cultura que eiquí se impartía non fose nin proletaria nin revolucionaria, nin da propia realidade, senón que os resultados serían un intento de poñer a cultura burguesa ó alcance do proletariado.

—Pero a función máis grande foi a de constituir unha escola de militantes obreiros, que nela realizaron plenamente a toma de conciencia de clase.

O control da Casa do Pobo por parte dos partidos políticos está en relación directa coa sua incidencia real na clase trabailadora. Así pois constatamos nas sucesivas directivas do Comité adeministrativo a presencia maioritaria do PSOE dende o 29 deica o 33, e do PC a partir distas datas e deica o 36.

E baixo da orientación diste último partido cando se creará o Frente Antifascista, domiciliado na Casa do Pobo, pasando, pois ista a ser escenario da toma de conciencia antifascista no proletariado ourensán.

A represión afecta parellamente ó Movemento Obreiro e a Casa do Pobo; moitas serán as ocasións en que ista será clausurada ou pechada. E no ano 1936 foi e ocupouna a «Falange».

Posteriormente, o que os traballadores construiran con aquel afán derrumbárono, construíndose no solar, propiedade dos obreiros, un edificio pra pensionistas, cedido hoxe pola Caixa de Aforros pra Colexio Universitario, dependente da Universidade de Santiago de Compostela.

historias de esmagados — **Por X. MARIN**



VELO: A PALABRA DUN

Roberto Oscar Velo González, 43 años, que serán 44 o 23 de febreiro, vivu e aguantou máis dunha ducia deles por diversas cárceles de todo o Estado. Pendente hoxe de xuicio na Coruña, é testimuña firme da verdadeira historia penitenciaria que somente os presos están moralmente autorizados pra ofrecer. Unha historia penitenciaria onde se misturan fraudes, malos tratos e agora a demagoxia ou o silencio oficial, asegún conveña. Roberto Velo naceu na Coruña, fillo de emigrantes, e falou con A NOSA TERRA, «porque é unha cousa auténticamente galega e porque considero que os únicos que teñen dereito a publicar as cousas é a xente que loita».



«As celdas unhas cochinadas, o sentido da hixiene nulo, a comida unha basura..»

«Recibin todos os golpes da cintura pra arriba, o ollo dereito coidei que o perdía».

«No ano 63 cometo dous delitos e a Audiencia de... bueno, é millor empezar pola que empalma con ésta, sería no 68: caío condenado por duas causas. A Audiencia de Oviedo condéname por roubo simple a nove anos —a cantidade non chegaría a 40.000 pesetas— e a de Santander a seis. Xúntome con 15 anos e paro en Cartagena. Cando lle vou pedir ao director o que me pertence, a redención, xa que non estaba sancionado, o bo do individuo dime que me porá a redimir cando lle saia dos collóns. Entón póñome en negativa, deixando claro que non estou disposto a colaborar nin co traballo nin de ningunha maneira, e metenme en celas de castigo e despois...»

DAS MALLEIRAS AO MANICOMIO

Despois, un día, Roberto Velo mételle un plato de fideos na cara a un xefe de servicio «que era un fascista completo, un tal don Ricardo que está agora de director en Ocaña, un individuo co sano costume de pegar, e á mañá seguinte entraron as duas guardias completas, primeiro na cela do meu compañeiro, Joaquín Jiménez, que era xitano de Murcia. Nós tiñamos unhas botellas de lexía concentrada coa finalidade de tragala e tentar así evitar que nos zurraran, e Joaquín tragouna, pero como si nada. Cando lle estaban zoupando decíame: avisa á miña na porque éstes vanme matar. E eu resposteille: non te preocupes, seique van vir agora pra acó».

«A malleira de morrer. Recibín todos os golpes da cintura pra arriba. O ollo dereito negro de todo, coidei que o perdía, (ten presente que dacordo co ...mento xa daquel entón, estes individuos somente poderían tocarlle a un tío cando fose imposible paralo, e además, no intre que non se aguante, hai que deixarlle de pegar, pero os re-...amentos, antes e agora, pásanos polos fuciños), o director —Carlos Cariete, que despois pasou a políticos en Jaén— animábaos dende a porta, eles cada un cunha porra e eu —con 54 kilos inda que o meu peso normal é de 80— mentras as levaba cagábame na sua nai, chamáballes fillos de puta, e así hastra que me tiraron. Despois entereime que mesmo cando estaba esmaiado no chan, un, que e chamaban «o dimisionario», pegoume varias patadas».

«O médico veu ás duas horas e pico e ¡como sería a cousa! que lle dixen: tí es máis bandido e máis criminal ca eles. Contestoume estas palabras: tés toda a razón, dende este momento deixo de pertencer a prisión. E así foi».

«Leváronme logo pra o manicomio, xa pra rematarme, onde me daban unhas gotas —15 pola mañá, 15 ao mediodía, 15 pola noite— que me deixaban os nervios totalmente paralizados. Non valía pra nada, pero moralmente estaba forte e un día tireille as gotas á cara ao prácticante».

DO INDULTO AO COMITÉ DA CORUÑA

Velo pasou entón á provincia de Madrid e despois pra Huesca onde topou —asegún propias declaracións— coa única persona capacitada do corpo de prisións, don Manuel Galván. Inda tiña pendentes algúns meses de celas, pero a seguir pasou unha tempada que si non foi de rosas, polo menos tampouco de persecución arreo. Naquel entón viñeron os seus pais do Uruguai e tivo un permiso pra visitalos na Coruña. Despois levárono pra o Dueso e á morte de Franco, co indulto, saíu.

«Esta historia adáptase a homes como Roca, como Porras, que botou 22 anos, moitos deles en celas; a un home que daquela estaba en Cartagena, un tal Otero, de acó de Vigo, mal da cabeza e aturando malleira tras malleira... Esta é a verdadeira historia penitenciaria que sigue hoxe latexando en establecementos como Ocaña, Puerto, Burgos. Eles din que hai unha minoría que arma follóns. Mentira. Si hai 10.000 presos, máis dun milleiro tragaron obxetos, están cortados, loitan».

Cando se enceta a reforma Valdés, Roberto Velo está outravolta na cárcel, esta vez na Coruña e sal elexido, xunto con Xosé Antón, representante dos presos, permitíndolles, nun primeiro momento, certas funcións de control sobre limpeza e alimentación. Aos poucos meses, os reclusos levan adiante unha serie de accións de denuncia das condicións carcelarias e terá que ser asistido por inxerir pilas. Trasládano a Burgos, pero antes, na Coruña...

«O primeiro día que lles pesei a carne, faltaban sete kilos e medio (botando contas, puideron facer un desfalco de 300 mil pesetas) e ao pouco tempo unhas latas de bonito figuraban en albarán a 250 pesetas pero de bonito nada, era agulla. Na Xunta díxenlle ao director: outro artículo alimenticio prostituido por vortedes e lévano dando na carcel dende hai 5 ou 6 anos duas veces á semá... outras 300 mil. O tío, mosqueado, chamou a un xefe de servicio e telefonearon a un ultramarinos, «La Riojana». A lata de 1 kilo 200 estaba a 225 e éstas, sin ser bonito e pesando somente 1 kilo a 250 ...e tamén co pulpo, que o conxelado resulta que era máis caro que no Muro, ou o xurelo... E así, un fraude tras doutro».

Do traslado a Burgos, a esperiencia tamén é ilustrativa, porque «uns días antes de salir, un cabo primeiro da Policía Armada entrou na cela do meu compañeiro Mahía, que estaba con Joaquín Gostorrotegui, un basco, e díxolle:

—¿Non me conoces?

—Non, eu non.

—Sí, home, eu estudiei contigo nos Salesianos.

E despois engadiu

—¿Qué tal?

—Mal, moi mal porque aos



PRESO


que relevades vén resultar que
en fin... facían o que lles daba
gana, mallaban sin razón ou
xustificación, téñennos 23 horas
echados na cela, a comida é
nha basura, o sentido da hixie-
e catastrófico...
E o primeiro terciou
—Pois téndelo moi mal, por-
ue nós temos ordes de darvos,
ero de darvos a non parar.
Mahía, ao escoitalo, cambeou
táctica e Joaquín dixo: Bue-
, igual que o de Rentería.
—Pois os de Rentería somos
s.
E esto é o normal, afírmoo
rque o pasei, como cando des
briron a Fuga —faltaba non
n medio metro— chegaro
endo cacheos «contra a pare-
», rompéronme os poster
e tiña, déronme varios paus
rirme e en verdade, era gra-
so ver a 70 individuos pra un
».

PRESO TAMÉN PENSA

Do que non se dan conta os
res da Xusticia é de que
reso tamén está capacitado
pensar, polo menos algúns
os, e dase conta de que
ún dereito pode condenalo
nin a 30 cando unha gran
idade de sirvengonzas, que
n roubando dende que saí-
«del coño de su madre» es-
protexidos. Non é somente
so Matesa, ou Sofico, é
caso de todos e hastra
que non se empece
a zumbar
por ri-


ba que o Goberno non siga
zumbar por abaixo, porque alomenos unha serie de presos non o van consentir. E a sociedade, que tén o cerebro comido polos que mandan, dalle a man a individuos como Muntadas pero non a un pobre home --que é o caso que se dá na delincuencia común e en todo o Estado— que leva 40 chourizos e un litro de leite e o condenan a 10 anos ¿rehabilitación? ingunha e cada taller que hai nas cárceles somente sirve pra abobar a un».

E entramentras, nas cárceles a doenza máis común é a hepatitis, padecer dos bronquios ou as que tocan ao sistema nervioso, e nos seus talleres fanse día a día os balóns que comercializa calqueira firma pra toda Europa, fichas pra «hermosear» casas, pinzas, cepillos, roupa militar «e a media salarial debe ser de 3.000 pesetas. Así de sinxelo. E un home non se pode permitir estar 15 anos traballando e non sair da cadea nin con 10 mil pesos, porque si a ese home lle deran un mínimo do que lle pertence podería ter ao sair 400 ou 500 mil pesetas pra empezar unha vida e ter con que se alimentar, porque a a maioría ¡como non reciban algo da casa... ¡a casa! a miña familia é da Coruña, meus pais estiveron emigrados 20 anos no Urugai e despois de traballar toda a vida non teñen onde cair mortos ¿entendeches? El cego —hai uns días operárano dun ollo— inda de cando en vez lle sigue a dar a agulla que lle quedou de traballar dende os 18, con 14.000 pesetas e outras tantas a vella, inútiles perdidos, como todo o pobo, destruido, puteado, e



inda agradecen que lles dean de comer. Eu baixo ningún concepto entro neste «plan». Non me dá a gana».

MARGARITA LEDO ANDION



«Cando un home se corta, traga obxetos, sabe que vai morrer, é porque é o único camiño que nos queda». «A sociedade tén o cerebro comido polos que mandan».

DENUNCIO TODO ESTO...

COPEL esistiu sempre porque é pedir o que lle pertence a cadaquén. Que si está estipulado que lle dean tres mantas limpas, pois que lle dean tres mantas limpas; si tés dereito a un cuberto, que cho dean; si tés dereito a que non te esploten, pois que non te esploten. E hoxe temos quen nos apoie na rua, algún periódico coma vós, ou como «Intervíu». E algo de razón haberá..., pasa como con ETA...

COPEL non é unha mafia como di seguido García Valdés nos seus discursos pra xustificarse cara afora, e eu, que me tirei en prisión —máis por desgracia que por sorte—, cáseque 18 anos, podo comprobalo. A única mafia organizada é aquel individuo que é un chivato. Eu non podo ser mafia, e coma min todo loitador que é perseguido, vixiado. Si eu quería meter un transistor —que está autorizado— tiña que facer unha instancia pero os outros, os que meten radios, tocadiscos e despois fan o negocio dentro son os que saen de permiso, os que están de cabos, é a mafia autorizada pra vixiar ao compañeiro, pra que se chiven do compañeiro.

Hai outros, pola contra, que esixen os seus dereitos e si fosen a mafia que eles din, o único que tiñan que facer en cada prisión era limpar a tres ou catro e nada máis.

En COPEL hai moita xente honrada, inda que entre 1.000 haxa algún que non o é (estou a lembrar Burgos e ao compañeiro que recibía as catro ou cinco mil pesetas que mandaba cada semá COPEL de Madrid e as distribuía en tabaco e cerveza pra todos nós), e os dirixentes adoitan ser honrados. Pra min si algo tivo COPEL foi non saber actuar máis na rua que na cadea dende o primeiro momento porque a opinión o único que entende é o idioma dos paus ¿quén lle porá o axóuxere ao gato? E difícil organizarse, non hai medios e os poucos que hai non poden salr máis que do roubo (¿onde traballamos nós?... Nalgún caso tampouco se quere claudicar nunha sociedade que senala unhas categorías dacordo cons poucos...) e dentro das prisións, uns pra Burgos, outros pra Ocaña,



outros pra Puerto de Santa María, pechados 23 horas, sin poder reunirnos nin facer asambleas, infiltrándonos individuos que son colaboradores deles.

Si queren axudar ao preso, que o axuden dende dentro (véxoo dudoso!) e que non gasten 14.000 millóns pra que saian cárceles como a recén inaugurada de León. Que dean os permisos a todos sin escepción, os mesmos beneficios pra todos, que acaben cos destinos ou mesmo que se preocupen da hixiene, porque somente vin unha cárcel onde se preocuparan porque un tío se duchase, no resto poder estar 100 días sin tocar a auga... En fin, que a sociedade comprenda que cando ún home se corta, traga obxetos, sabe que vai morrer (Giráldez, con máis de 30 días de folga de fame, galego, loitador; rapaces como Paco, que o tiveron que operar 3 veces) é porque é o único camiño que nos queda. A responsabilidade é de todo o mundo, non esclusivamente de Martín Villa, de Suárez ou Valdés.

Denuncio todo esto con alegría linda que puidera percibir algo non o querería percibir— porque penso que é a miña obriga ¡Viva COPEL! ¡VIVA TODO PRESO QUE SOFRE!

ROBERTO OSCAR VELO GONZALEZ



¿GALEGO NA ESCOLA?

PATIÑO

«O galego que non fala na lingua da sua terra, nin sabe que tén de seu, nin é merecente dela».

Quero adicar estas liñas o meu abó Francisco, labrego coma tantos outros galegos, de quen adeprendín a miña lingua nai, e a todos os labregos e mariñeiros, en especial ós pais dos rapaces do colexio de Rois; quixera que discutisen este escrito punto por punto, que se queden co que vexan e que non acepten o que non lles convenza. Sei que tanto eu coma eles, ás veces por distintos camiños, buscamos o mellor pra os rapaces.

Nestes días, as Inspeccións Provinciais de Ensino Primario estan mandándolle ós pais dos alumnos de E.X.B. unha enquisa sobor o ensino do noso idioma galego na escola. A esplicación que encabeza a equisa non é tendenciosa, senón que polo contrario, ó noso modo de ver, centra ben o tema. Non embargantes estamos tan colonizados polo castelán que, ainda que pareza incríble, hai un enorme porcentaxe de xente que indica de algunha maneira que adeprender castelán é unha necesidade, e adeprender galego é un luxo, un luxo do que se pode prescindir «porque eso xa o sabemos, non hai que estudialo». Nalgún pequeno sondeo feito, o porcentaxe de pais que coidan se debe prescindir do estudio desta materia chega e sube do 50%, e ésta é unha realidade, tristeira, descorazonadora, pra realidade.

Pensando nesta xente e en todos aqueles que deben contestar dita enquisa, ocurríusenos facer certas consideracións que pasamos a espoñer, e que coidamos deben ser meditadas antes de cubrir o papeliño, pois tamén temos constancia de que algúns o cubren un pouco coma se fose unha quiniela, non decatándose da transcendencia do momento, pois cicais é a primeira vez que se consulta ó pobo sobor o cultivo do NOSO idioma na escola (non sabemos si habería algo semellante antes da guerra). A RESPONSABILIDADE de cada un dos que cubren a folla é enorme, pois das suas contestacións pode depender en gran parte o futuro da nosa lingoa, que tanto traballo e esforzos costóu pra conservala.

Consideren, pois, por favor estes 10 puntos:

1) ¿Preguntáronlles algunha vez si ustedes querían que se ensinase castelán? (Todos sabemos que durante moitos anos, cando un neno chegaba á escola, sobor de todo no medio rural, levaba paus e berros porque o maestro falaba castelán e o neno entendía mal ou non entendía).

2) Os idiomas son como a xente, nacen, medran e morren (pénsese no latín, morto como idioma falado). O galego é o NOSO idioma, o idioma dos nosos pais, a fala na que as nais agarimaron ós fillos, a lingoa na que os homes da nosa terra amaron ás suas mulleres. Si nós o rexeitamos, ¿non sería romper un pouco cos nosos devanceiros, con aqueles que sementaron o mesmo chan co seu sudor antes que nós? Si non nos interesa ¿vaille interesar en Jaén, Madrid ou en Roma?

3) Outras persoas lonxe de nós, a pesar do indicado, traducen obras galegas ó seu idioma, danlle mérito á nosa cultura ¿non somos nós mesmos ignorantes de moito bo que aquí temos, e non é certo que por falla de esplicacións, dámoslle pouca importancia á nosa historia, ó noso arte, á nosa cultura?

4) ¿E ou non verdade que na escola no medio rural, non se pode prescindir do galego, pois en moitas ocasións débese recurrir a él pra esplicar conceptos, aclarar palabras do libro en castelán, etc? ¿Sucedería o mesmo se houbese eses libros en galego, nun galego asequible, fácil?

5) En España, anque a moitos non lles guste, hai catro idiomas: castelán, vasco, catalán e gallego. Como ben dí a enquisa, queirámolo ou non vivimos nun país cunha característica: ter duas línguas. Sabemos o que sucede co castelán, que debe estudiarse na escola moito, pois o dominio dun idioma é unha das bases fundamentais pra adequirir unha cultura e ainda unha posición na vida.

¿Non ven que desta maneira quen saiu beneficiado foron os habitantes das cidades, que son os que normalmente dominan o castelán e entenden os libros? ¿por que non facilitarlles o mesmo ós galegofalantes, onde eles se desenvolverían mellor, esto é, na sua língua? Aínda hoxe nunha clase de trinta rapaces, se hai un que fale o castelán porque o falan na casa, os demáis o consideran o superior, porque a cultura, os mestres, os libros se espresan en castelán ¿por qué, volvo repetir, non se pode conseguir o mesmo a traverso do galego? ¿É que non se pode adeprender matemáticas ou ciencias en galego? ¿non é o mesmo **unha folla** que **una hoja?** si **dos más dos son cuatro** ¿quérenme decir cantas son **duas máis duas?**

6) Seguindo co mesmo, hastra fai pouco considerábase ó que falaba galego coma persoa inferior ¿Seguimos pensando que falar galego é mostra de incultura?

7) ¿Que vai pasar nos outros pobos bilingües, País Vasco e Cataluña? Porque é de supoñer que tamén lles poden facer preguntas semellantes coma as que agora nos fan a nós. ¿Creen que contestarán que non queren que se ensine o vasco e o catalán, ou polo contrario o defenderán como algo seu? ¿farán mal si queren conservar algo propio?

8) Mentras gracias á TV. todos conocemos a Travolta, Julio Iglesias, Cruyff ou a Iñigo, personaxes intrascendentes, ¿conocemos ós NOSOS personaxes importantes, pensadores, artistas, xentes que adicaron a sua vida ó ideal dunha Galicia mellor, o P. Sarmiento, Pondal, Bóveda, Aller Ulloa, Bejras, Alonso Montero, etc., etc.? realmente ¿que sabemos de Castelao, do que tanto se fala agora, ou que limos de Rosalía?

¿Sabedes que dín algúns dos nosos escritores encol do idioma galego? Escoitade: «Pobo que esquence e escarnece o seu idioma é un pobo morto. Xentes que falan a lingua que non lles é propia, é un pobo que non se pertence. Ese pobo dí ó resto do mundo que perdeu a sua dignidade.» (Murguía).

«A nosa lingua é o camiño de ouro da nosa redención e do noso progreso: sen a lingua morreremos como pobo, e nada significaremos endexamais na cultura universal». (A. Villar Ponte).

«Algúns homes andan a falar dun idioma universal, único pra toda a nosa especie. Eu digolles que a variedade de idiomas, coa sua variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores ós animais. ¿E sabedes por qué? Porque os probes animais aínda están no idioma universal». (Castelao).

9) ¿Saben ustedes que na Constitución que todos teremos que votar no próximo mes de Nadal, fálase das distintas lingoas de España, e que polo tanto, o que vote SI cando menos acepta o que di de «Proteger a todos los pueblos de España en el ejercicio de sus **culturas y tradiciones, lenguas e instituciones»** e que o artículo 3 di:

I. El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el **derecho** a usarla.

II. Las demás lenguas españolas serán también **oficiales** en las respectivas comunidades autónomas de acuerdo con sus estatutos.

III. La riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España es un patrimonio cultural que será objeto de **especial respeto y protección».**

¿Danse conta de que o galego pasa de ser unha lingua de incultos» a unha lingoa oficial, coa mesma categoría que o castelán en Galicia? ¿Danse conta, por si hai suspicaces, que o estudio do galego non quere decir esquencer o castelán, que debe seguir conocéndose e estudiándose?

10) ¿Saben que, seguindo no terreo legal, a Xunta de Galicia, leva un proiecto de decreto-lei prá incorporación do galego ó ensino, que sería obligatorio na preescolar (párvulos), EXB e Formación Profesional-1, estudios que se continuarían no Bachillerato, F.P.-2, así como nos centros onde estudiarán os futuros mestres?

¿Sucederá que cando non tíñamos soportes legais pra o uso do galego houbo que traballar e sofrir pra conseguilos, e agora que temos certa posibilidade de legalidade na man tiramos con todo por terra?

Despois de establecer as consideracións devanditas, coidamos que todos estarán xa un pouco máis en situación de contestar a esa pregunta, importantísima pregunta: ¿galego na escola, sí ou non?

PAISES CATALANS

Fracasou a manifestación anti-terrorista

■ EMILIO VEIGA

A fixación dun calendario prá elaboración do Estatut, a manifestación antiterrorista e o congreso da Unió Democrática de Catalunya, foron tres elementos sobranceiros desta semá política catalana. Vaiamos por partes.

A manifestación antiterrorista representou un estrepitoso fracaso de movilización pra os partidos e sindicatos que se volcaron en preparativos: somente 25 mil personas secundaron a convocatoria. E non será por falla de difusión. Todos, absolutamente todos os medios de comunicación, radio, prensa e televisión, se puxeron a disposición dos organizadores. Persoeiros dos partidos e sindicatos convocantes espuxeron longo as suas razóns pra acudir á manifestación. Pois ben, as suas razóns non pareceron convencer, xa que en Barcelona somente 25 mil persoas participaron na manifestación.



O análisis desta cifra fai reflesionar por unha banda, encol da escasa capacidade de movilización de partidos e sindicatos, e pola outra, pón de manifesto o divorcio entre as dirección e as bases, xa que, en teoria, somente un dos partidos e o seu sindicato correspondente, PSUC-CC.OO., contabilizarían moitísimos máis militantes.

As manifestacións en contra desta foron prohibidas e outras alternativas, coma un escrito firmado por 850 persoas en somente dous días, poñía de manifesto que, sin estaren a favor do terrorismo, non lles parecía adecuado movilizar á xente contra dun terrorismo, sin denunciar asimesmo o terrorismo branco ou terrorismo de burguesía que non invirte e evade capital, ou contra do terrorismo de Estado.

«CANYELLAS FORA!»

O outro tema estrela foi sin dúbida o congreso da Unió Democrática de Catalunya co «affaire» Canyellas de por medio. Como contei noutras crónicas, Canyellas, diputado de UDC, mantiña unha postura de fusión de todo o centro, incluido a Unión de Centro Democrático e a sua plataforma catalana Unión de Centre de Catalunya, en contra da dirección do seu partido. Presumía o Antón Canyellas de contar co respaldo do 50 por cento da UDC, e no congreso, nembargantes, somente o 20,5 por cento votaron a prol da sua permanencia, sendo espulsado do partido co 73 por cento de votos en contra del. O partido demócrata-cristiano ratificouse na sua ideoloxía e na sua política oficial, ou seña, colaboración estreita con Convergencia Democrática de Catalunya e demais partidos do centro, escluindo todo pacto co sucursalismo. Unha vez espulsado, a UDC reclámalle a Antón Canyellas a acta de diputado que lle debe a este partido.

Por certo que a UCD xa escomenzou a sua campa;a particular a traverso dalgúns órganos de comunicación que din que Unió Democrática de Catalunya deixou de ser cristiana, política na que se reafirmou no seu congreso. O que pasa e que á UCD suarista, que agora conta coa colaboración de Canyellas, interésalle reclamar pra sí esa ideoloxía. Xa encetou a campaña cos medios dos que dispón.

O ESTATUT, O PRIMEIRO

E finalmente, decir que vernes reuníronse en sesión plenaria os senadores e diputados de Catalunya e decidiron abrir a partir do 13, luns, 3 días pra presentarlle enmendas ao proiecto de Estatuto elaborado en Sau pola comisión dos 20. Despois, cinco días pra seren estudados por esta comisión, co cal, o día 27 de santos empezarán as sesións plenarias que asegún fontes parlamentarias, rematarían o día 1 de nadal, deixando xa listo o Estatut pra ser refrendado polo pobo catalán.

Así que, sin dúbida, o Estatut será outra vez o primeiro.

ESPAÑA

Solidaridade co pobo chileno

■ MARIA ALONSO

A conferencia de solidaridade con Chile clausurouse a semá pasada en Madrid, coa lectura da «Acta de Madrid pola libertade de Chile», na que se denuncian as condicións inhumanas de vida que Pinochet pretende consolidar en Chile mediante a institucionalización do seu réxime político. O documento denuncia espresamente as compras de armas realizadas polo réxime da Xunta Militar cos 3.000 millóns de dólares donados por gobernos e organismos de crédito estranxeiros que, ademais, a Acta solicita manteñan os instrumentos de fiscalización sobor do réxime de Pinochet, en concreto a Comisión prá investigación dos Dereitos humanos en Chile, que traballa baixo do patrocinio das Nacións Unidas.

Finalmente, no testo do Acta denúnciase a esistencia de dictaduras noutros estados do cono Sur e esíxese o esclarecemento decartado da situación dos desaparecidos a raíz do golpe militar de 1973.



A Conferencia de solidaridade con Chile xuntou dirixentes sobranceiros de partidos de esquerda de moitos estados. Polo que se refire aos convocantes, en vísperas da celebración da conferencia, a Unión de Centro Democrático abandonou a iniciativa, ao descobrir que non había representantes oficiais da Democracia Cristiana.

A presencia arreo de Joaquín Ruiz Jiménez non desfixo as dúbidas do partido do Goberno. Caibe tamén pensar o dificil que tería resultado prá UCD suscribir a Acta de Madrid e a sua condena espresa ao suministro de armas á dictadura. Igualmente caibe pensar nas presións comerciais e políticas que puido exercer o réxime de Pinochet.

A Conferencia de solidaridade con Chile fixo posible conocer un documento manuscrito por encarcelados de Chile que Isabel Margarita —viuda de Orlando Letelier, asesinado en Washington pola policía política chilena— fixo chegar a todas as organizacións e estados en loita pola democratización de Chile, No seu testo, os presos din:

«Para os camaradas que loitan na clandestinidade ou na semilegalidade dos frentes de masa, pra aqueles que viron pisados os máis elementais dereitos, pra os familiares dos presos políticos desaparecidos e pra os presos políticos que aínda ficamos en cárceles e presidios, o feito de contar co apoio activo de amplos sectores democráticos comprometidos co pobo, dos partidos, organizacións sociais e relixiosas e dos gobernos revolucionarios que non abandonaron os principios do internacionalismo proletario, é un importante estímulo moral e político que nos empuxa a desenrolar accións a cada volta máis abertas contra da dictadura, conscientes de que non estamos illados e de que a nosa loita non somente é lexítima e necesaria, senón que ademais, están comprometidos con ela os pobos, organizacións e homes pra quens o respeto dos dereitos humanos e a dignidade dos traballadores non é un mero motivo propagandístico e destinado a cubrir intereses imperialistas. Na actual coiuntura, unha das tarefas principais no plano internacional é desencaretar implacablemente a campaña de maquillaxe en que está empeñado o Goberno chileno e non se enganar respecto do proceso institucionalizador perpetuador do actual orde de cousas. Por todo o anterior, os presos políticos chamamos á solidaridade internacional a:

1) Ampliar e intensificar o apoio a todas as forzas consecuentemente antidictatoriais que operan no país.

2) Ampliar e intensificar a campaña de denuncias das arbitrariedades, aldraxes e violación dos dereitos esenciais en que incurre permanentemente a dictadura.

3) Intensificar os esforzos por atopar e salvar a vida dos compañeiros e compañeiras secuestrados polos «organismos de seguridade».

4) Presionar activa e sistemáticamente ao Goberno pra que permita a volta dos milleiros de compatriotas ós que se priva do inalienable dereito a vivir na sua patria.

e 5) Desenrolar unha ampla campaña de solidaridade e apoio aos compañeiros ex-presos políticos que permanecen en Chile, sofren presións arreo e persecucións por parte dos «organismos de seguridade».

UNECO SELO DISCOGRAFICO QUE PULA
POLA CONSERVACION DA NOSA MUSICA POPULAR

xeira

«BULE, BERRA, CHORA»
X. M. CONDE

MERQUE DISCOS xeira

LIBRERIA DO NENO

AS PONTES
PAPELERIA
TLF. 450042

O MUNDO

GRAN BRETAÑA

"Secretos Militares"

■ **CARLOS DURAN**

En Inglaterra non hai censura —escóitase decir a cotío. Pois... haber haina, o caso é dar coela. Senón véxase o que lle pasou ao xornalista Peter Laurie, que en 1969 publicou sen atrancos oficiais un libriño titulado «Beneath the City Streets» («Debaixo das ruas da cidade»), sobre dos preparativos da defensa civil británica en caso de guerra atómica. A información empregada obtívoa exclusivamente de fontes oficias públicas.



Callaghan: O sorriso da «imparcialidade»

A demanda do libriño foi tal que en 1976, téndose esgotado os exemplares á venda, o Laurie quixo publicar unha segunda edición. Nunca tal fixera: no Ministerio da Defensa dixéronlle que o libro contiña certas partes que poderían ser útiles a un posible enemigo. Laurie perguntou cales eran eses «secretos» tan raros que, non somente proviñan de datos facilitados por eles mesmos, senón que foran además publicados sen dificultade sete anos antes.

Mais ninguén lle dixo en qué consistía o miolo da cuestión, pois iso sería tanto como revelar cal era esa zona sensitiva que preocupaba ao Ministerio, e o posible enemigo non tería máis que comparar a primeira coa segunda edición pra saber de qué pé coxea a defensa do país.

Tamén podería publicar unha simple reimpresión do libro e apencar coa conseguinte acción xudicial que o Estado desencadearía contra o autor, e nela por forza se terían que revelar os «secretos». O caso é kafkiano: segundo o goberno, é posible axuntar información pública de tal xeito que constitúa un «secreto» oficial. É coma se un neno mercara un rompecabezas nunha tenda e coas pezas construira unha figura prohibida... Tal é o que o fiscal veu decir no proceso que lle foi aberto a un grupo de xornalistas por esta teima.

O curioso é que o Ministro do Interior que non puxo obxección algunha á publicación do libro en 1969 é... o actual Primeiro Ministro, James Callaghan.

¿Qué pensar de todo isto? ¿Qué está prohibido publicar o que é público? O propio Peter Laurie coida que, se esa Información foi permitida en 1969, era porque non lle podía ser útil ao posible enemigo (a URSS), entanto que hoxe podería beneficiarse dela un enemigo que xurdiu desde aquela data endiante. É sabido que en 1969 comenzaron «the Irish troubles» (a guerra civil na Irlanda do Norte).

O certo é que non fai falla moita imaxinación pra observar os preparativos de defensa en caso de insurreccións, ataques terroristas ou guerra civil. Por exemplo, o novo edificio do «Old Bailey», principal tribunal do criminal en Londres, está construido de xeito que poida resistir un ataque con bombas. Outros edificios están construidos sobre columnas (como os hórreos) que os separan do chan, de maneira que un tumulto non poña en peligro aos seus moradores (edificios consulares, por exemplo o que os ingleses teñen en Madrid). A embaixada USA en Londres está arrodeada dunha rampa que fai dificilísimo un posible asalto (sobre todo sabendo que dentro dispoñen de infantes de mariña e que as fiestras son a proba de bala). Os novos retretes públicos de Londres teñen un pasadizo de emerxencia que un vixilante pode usar en caso necesario, deixando pechada con chave unha porta de ferro que lle dá acceso. Os teitos de moitas estacións suburbanas despexáronse pra facilitar a vixilancia policial.

Espertos do Exército asesoran en arquitectura: recomendan non usar adoquíns que se poderían convertir en proiectís; non deixar estructuras de metal espostas á dinamita; mesmo construir estructuras «falsas» que enganen ao saboteador; protexer cavidades de ventilación, ascensores, pontes. En Hyde Park, onde se producen moitas manifestacións, puxeron valados reforzados de seción en Y, que aguantan perfectamente os empurróns. Moitos edificios «emocionais» (asociados co Poder) carecen de fiestras no andar baixo, teñen a tubaxe protexida pra impedir a espionaxe, e as estructuras de aceiro reforzadas contra raios láser.

Os inxenieros do Exército recomendan a política do Xeneral Wade na Escocia do século XVIII, ou a de Haussmann en París, cos seus amplos bulevares que se construiron achandando os barrios proletarios, e además un soio cañón podía dominar todo o seu longor.

En Belfast son correntes as rampas que van cortando a estrada a intervalos pra impedir unha fuxida rápida en automóvil. Pero non é somente xa a Irlanda do Norde o que preocupa a estes especialistas do Exército Británico, senón posibles situacións contra estremistas políticos que a policía non podería controlar, e sí o Exército.

Pra manter orde nun conflicto político, o goberno confiaría no xeneral sir Michael Carver, que foi comandante de tanques en África durante a segunda guerra mundial e logo xefe do Alto Estado Maior. O Exército organizaría operacións psicolóxicas pra asegurar a lealtade da poboación. Todo o cal compromete a sua «imparcialidade» política tradicional, e inaugura unha era neomedieval de castelos e bunkers nas cidades do Reino Unido.

O POBO IRANI, VICTIMA SOLITARIA

X. A. GACIÑO

A crisis do Irán escomenza a tocar fondo, dende o momento no que o Sha lle entregóu o goberno aos militares, co apoio de Norteamérica (o novo primeiro ministro iraní, o xeneral Gholam Reza Azhari, recibíu a sua educación militar nos Estados Unidos) e a «neutralidade» dos países europeos, incluídos os socialdemócratas, que parecen preferir o petróleo do Sha aos dereitos humanos do pobo iraní.



O goberno militar preséntase coa intención de restablecer o orde público e de sanear a administración. Os resultados respecto ao primeiro dos obxetivos non poden ser máis elocuentes: amplióuse o toque de queda e medrou o número de mortos na represión das manifestacións —que siguen a ser pacíficas e desarmadas—, así como o número de detidos entre os membros da oposición. Parello a esto, e como pra compensar de cara ao esterior, escomenzaron unha serie de detencións de membros de anteriores gobernos e de altos cargos da administración acusados de corrupción. Os militares queren, xa que logo, dar a imaxe de incorruptibles, de xustos, pra preparar despois unha transición a unha democracia controlada, na que poidan presentar políticos do sistema que ofrezan unha mínima credibilidade de honestidade (dando por suposto que tódos os «corruptos» foran depurados), frente a unha oposición que pensan quedará maltreita pola implacable represión agora intensificada. Sería a coartada perfecta, pra cambealo todo pra deixalo todo como está.

A protesta popular, entramentras, continúa, sin que o despregue militar asuste ás masas, que están a demostrar unha capacidade increíble de loita e resistencia. Hastra de agora, as únicas armas da sua loita son as folgas e as manifestacións, aínda que o «ayatollah» Jomeiny, nunha das declaracións que fixo dende o seu esilio en París, non descartara a posibilidade de chamar á «guerra santa» no momento oportuno. Pero, nestes momentos, a actitude de resistencia pasiva do pobo iraní convírtese nunha labazada moral prá insensibilidade ética dos gobernos occidentais presuntamente democráticos e que, co seu apoio espreso ou co seu silencio cómplice, están colaborando o xenocidio emprendido polo Sha e o seu goberno militarizado.

Evidentemente, nesas condicións a loita popular, pode resistir un certo tempo e mesmo forzar ao poder a tomar outras medidas menos descaradamente represivas, pero non pra darlle a volta á situación e implantar un poder popular (que sería popular, pesie a todo o islamismo co que se revista). Nese senso, a situación do conflicto iraní non varióu escesivamente con respecto ao meu comentario do mes de setembro. A loita popular demostróu unha gran capacidade de convocatoria e de raigame, pero non desenrolou o sistema máis axeitado pra plantexar a batalla definitiva. O sistema podería ter asumida esa loita, si tivera actuado con máis intelixencia e non forzara a situación, aferrándose á defensa dos privilexios oligárquicos.

Cos países occidentais alineados ao Sha, coa impotencia dos países terceiro-mundistas e coa prudencia da veciña URSS, o pobo iraní convírtese nunha víctima solitaria, polo que ninguén moveu aínda un dedo de solidaridade (que cecais se desborde, «humanitariamente, cando a cousa non teña remedio), e arredor do cal fabrícase unha imaxe manipulada que, baixo do pretesto do fanatismo relixioso, tranquiliza as conciencias do mundo «civilizado».

PORTEIRO GALEGO DO R. MADRID

MIGUEL ANXO

«A min a xunta non me vai meter o gol»

Domingo día cinco deste mes, o equipo do R. Madrid, líder sen conocer a derrota nesta liga que xa andamos, empataba a dous goles co Celta. No estadio de Balaídos, milleiros de galegos aficionados ao fútbol berraban animando ao equipo punteiro hoxe do noso fútbol nesta primeira división. Nove rapaces de Galicia e dous máis de fora, vestían a camiseta que leva a cor azul da nosa bandeira pra facerlle frente aos millonarios xogadores do equipo campeón. Coidamos nós —como ben nos dixera o veterano Pinilla— que estes homes terían que partir o peito sobor do campo pra non desmerecer a grande forza das voces que arrempuxaban dende os asentos, moitos en pé todo o partido. No remate, un dous-dous que deixa un ano máis ao equipo da capital española sen saber o que é ganar en Vigo, e van vinteun, que xa é chover.

Debaixo das porterías dos dous equipos, dous mozos galegos con desigual sona, anque con semellantes merecementos de ter en conta á hora de nomear un bon porteiro: Hortas, polo Celta e Miguel Anxo polo R. Madrid. Co primeiro teremos de falar noutra ocasión ahí pra adiante, e co titular da porta madridista e da selección do Estado español facémolo hoxe.

Sabemos, Miguel, que antes de ir pra futbolista xogabas, e ben, ao baloncesto...

—Sí, os meus comenzos foron como xogador do baloncesto: xa tiña dazasete anos cando me decidín polo fútbol, na terceira división co At. Ourense, dempois fichoume o Madrid pra cederme un ano ao Castellón, e volvín pra o equipo no que estou coido qué hai algo así como once tempadas de competición.

¿Quén fixo a Miguel Anxo porteiro titular do R. Madrid?

—Coido que o meu traballo, o feito de non ter perdido nunca a fé en chegar a esa meta, nada máis.

Dise por ahí que se o Miguel Muñoz seguise no Madrid, cecais ti nunca chegarías onde agora estás. ¿Pode ser certo?

—Non o sei de certo, son cousas que habería que vivilas, pero o que sí é seguro é que, se ese señor seguise de entrenador no Madrid, eu non tería as mesmas oportunidades que tiven, eso teño o claro.

A tua esperiencia como xogador internacional...

—Se fun á selección do Estado español foi porque o seleccionador pensou —digo eu— que podería render; chamáronme, levo agora mesmo quince partidos xogados e a miña laboura de rendemento coido que pode terse como normal, pois non levo feito cousas mor grandes e tampouco cousas moi malas; entón siguen contando conmigo, pro eu tamén me dou conta de que calquer día podo deixar de ir.

Na Arxentina, onde a parroquia galega é a maioría, ¿qué impresión traes daquela nosa xente e daquelas terras?

—Boeno, na Arxentina estivemos todos moi concentrados, non tiven a oportunidade de poder falar coa nosa xente como ben quixera, tampouco cos españoles, anque todos, sabémolo ben, tiñan a mellor vontade de recibirnos do mellor xeito; repítoche que a nosa concentración alí foi cáseque total e non podo decirche a impresión que neste senso eu tamén quixèra ter.

¿Quédalle tempo a Miguel Anxo pra cavilar no porvir da sua Terra?

—Sí, anque o deporte che rouba horas, sempre queda un tempo pra pensar no que é teu, nos seus problemas.

¿Cómo sintes ti a Galicia dende Madrid?

—Moitos dos que estamos fora, coido eu que sentimos tanto ou máis a Galicia ca os que viven ou poden vivir nela, dentro sen sair; todo o que seña noso, dos galegos, sentímolo, certo.

¿Cal é o futuro que ti quixeras pra todos nós?

—O futuro está nas nosas mans, non podemos ser conformistas como hastra de agora e temos que reclamar o que nós coidamos que é noso.

¿Tes fé nas autonomías que se están a dar?

—Non sei se debo ter fé nas autonomías; pro na autonomía galega non teño ningunha.

Iribar, según as derradeiras noticias, fichou pola esquerda abertzale. ¿Por quén fichará Miguel Anxo?

—Boeno, pois posme nun lío, xa que hoxe en Galicia hai un desbaraxuste tal que dende Madrid teño moi pouco claro o noso panorama; téñense que facer máis concretas as cousas, ainda quedan moitos galegos que non saben a quén apuntarse, témolo que ter en conta á hora de clarexar este ambiente, cun lío de partidos que non fan senón liar máis as cousas sen deixalas ben craras.

E xa pra rematar, ¿cal foi a impresión que che deixou hoxe o Celta?

—Boa, moi boa, todos víchedes cómo xogou contra nós e non merece estar no fondo da táboa deste campeonato; tén rapaces moi novos e, o que é pra min un orgulo e coido que tamén o será pra todos, cáseque todos galegos; esto tense que agradecer e ha de dar resultados ben máis ca positivos, xa o veredes.

PINTOR



Miguel Anxo, o primeiro á dereita

O coello e a mixomatosis

O coello é un roedor orixinario da Península e das illas occidentais do Mediterráneo. Posteriormente, foi introducido en parte de Europa e, máis tarde, a fines do século XIX, levado a zonas doutros continentes, maiormente Australia e N. Zelanda, onde se convertiu en terrible praga. No Estado español era abondosísimo, no tempo dos romanos decíase «cuniculosa Iberia», e Estrabón conta como o emperador Augusto tivo que mandar ás suas lexións pra axudar aos habitantes das Baleares a esterminalos, poisque acababan cos cultivos. En Galicia tamén abondaba; é de suliñar a pouca influencia que tén nos ditos populares, debido a que non se lles daba importancia, mentras que a lebre, por exemplo, era moito máis apreciada. Non hai moitos anos, J.M. Castroviejo escribía: «O coello, que brinca polas catro esquinas de Galicia».

E un animal estraordinariamente prolífico. Pensando que cada femia pare sete veces ao ano, e trai oito crías como media, a sua descendencia pode acadar en catro anos 1.274.840 coellos. A pesares desto, mantense á raia debido ao gran número de nemigos que tén:

«Hombres, perros, linces, lobos,
gatos, martas, comadrejas,
cuervos, águilas y zorros,
osos, búhos y cornejas».

En Australia convertiuse en gran plaga que acabou con toda a vexetación, causando graves perdas económicas, de xeito que se tentou destruilo por todos os medios, dende longuísimas barreiras de aramio de milleiros de Kms. hastra o exército, pero sin resultado. En 1.950, decidiuse introducir o virus da mixomatosis, e en pouco tempo acabou con 4 / 5 deles, consenguíndose o seu control.

Este virus descubriuno Sanarelli a fines do século XIX en América do Sul, onde é endémico nos coellos do xénero Sylvilagus, que están inmunizados, pero que poden transmitirllo aos coellos do xénero Orictolagus, como o noso Orictolagus cuniculos. No 1.952, un médico e arrendatario francés chamado Armand Delille, colleu dous coellos vivos e introduciulles este virus, na localidade de Maillebois, no departamento de Eure-et-Loire. Ao que parecer, destruíanlle as suas hortas e decidíu acabar con eles. En pouco tempo, a doenza correu como a pólvora e espallouse por toda Francia e Europa. No 1.953, xa chegaba á Península e a historia xa é de todos conocida.

Este señor, tristemente célebre, causante do aniquilamento dos coellos, estivo procesado pero somentes pagou unha multa, xa que ese delito contra da Natureza non esistía nas leis francesas.

A mixomatosis causa tumores no pelexo, boca, nariz, xenitales e ollos, pechándollos case de todo, de forma que apenas se ven. Así, o animal doente, tén os sentidos moi disminuidos, presa fácil dos predadores e carece de interés cinexético.

O virus somentes o pode destruir o lume, ou seña, queimando o animal afectado. Si non se fai así, o cadavre será un foco infeccioso e seguirá transmitindo a enfermedade, que se produce a traveso dos parásitos esternos: pulgas, piollos, carranchos e mosquitos. Tamén se transmite directamente por contacto. As épocas máis propias prá enfermedade son polo vran; mellor ainda, cando vai calor e hai humedade, xa que así abondan máis os insectos. Durante o inverno, o virus está no organismo dos coellos.

Unha forma de axudar a acabar coa «peste» é loitando contra dos insectos e queimando os cadavres. Tamén están investigando algún remedio centífico a marchas forzadas os organismos competentes nos diferentes países, pero sin resultados positivos hastra de agora. Actualmente hai unha vacuna medianamente satisfactoria, que se lles inxecta aos coellos domésticos afectados, pero esta solución sería imposible de levar ao cabo co coello do monte; ademais, hai que vacunar cada ano. Afortunadamente, hai algún exemplar que se fai resistente ao virus e supera a enfermedade, e deste xeito, síguese mantendo a especie. Esperemos que se conquira unha caste resistente pra acabar dunha vez coa maldita «peste», pero pra esto haberá que esperar anos.

As consecuencias da mixomatosis podémolas clasificar en tres fatos: económicas, cinexéticas e ecolóxicas. As económicas refírense ás perdas que hai polos pelexos, carne e artículos artesáns que non se poden obter. As segundas aféctannos a todos os cazadores, por non poder disfroitar coa sua caza. As consecuencias ecolóxicas non son menos importantes que as anteriores, xa que o coello é peza clave no desenrolo de moitas comunidades de animais, e pra algún animal representaba a meirande parte da sua alimentación. Afectou principalmente a varias especies de aves rapaces e sobor de todo ao lince ibérico, disminuindo moito a poboación e poñendo en peligro de estinción a varias especies ibéricas.

A. PIÑEIRO

BIBLIOGRAFIA: Jean Dorst: **Antes que la naturaleza muera.** Ed. Omega Barcelona. Vida animal. Ed. Plaza y Janés.

J.M. Castroviejo e A. Cunqueiro: **Viajes por los montes y chimeneas de Galicia.** Austral, Madrid.

O CONTROL BIOLOXICO DAS PRAGAS

RAMON VARELA DIAZ

O feito de que o uso de pesticidas aumenta a necesidade de utilizalos non é novo, como tampouco o é o que o uso seguido deste productos provoca novas pragas; pois no caso de moitos dos nosos cultivos que dependen en boa parte distes productos químicos, o número de pragas que hai que controlar aumenta co tempo.


Os pesticidas máis comúnmente utilizados —os insecticidas— son na sua maioría tósicos e algúns sumamente tósicos; a tosicidad crónica adquirida co consumo continuado de resíduos e a contaminación do ambiente provocada por istes productos fitosanitarios, son de por sí factores que obrigarán sin dúbida, nun plazo non lonxano, a un novo plantexamento ou revisión dos métodos que hoxe se empregan na loita contra das pragas e as doenzas das plantas cultivadas.

E de esperar, por ben noso e da mesma naturaleza, que a loita contra das pragas do campo se encamiñe polo control biolóxico que consiste en utilizar insectos útiles como medio de combatir a outros nocivos. Os insectos, como todos os seres vivos de escala zoolóxica, teñen enemigos naturais, ben seña outros insectos, ou bacterias, fungos... etc, que contribuen a limitar a sua propagación, e é precisamente nesto no que se basea a loita biolóxica, que se ben presenta algunha dificultade de aplicación, con resultados prácticos aínda pequenos, non hai dúbida que será un dos novos métodos empregnados pra combater os insectos, dado que é o método máis eficaz, que a naturaleza empregou durante millóns de anos, e sigue a empregar pra manter o seu equilibrio ecolóxico.

Vexamos algúns exemplos de insectos que ontribúen ao control das pragas e como actúan:

A «mariquita» («Coccinella septempunctata»), característica por presentar sete puntos negros nas suas alas anteriores, é un gran devorador doutros insectos moi perxudicais prás plantas, os chamados pulgóns ou «cochinillas» que co seu peteiro zugan na savia e enfeblecen tanto as plantas que deteñen a súa medra. As plantas atacadas polos pulgóns invádenos despois fungos, que no líquido zucrado que espulsan istes insectos topan un medio propio pra se desenrolar.

Os pulgóns tenen moitos nemigos na natureza, entre iles, larvas de insectos, como os do xénero Chrysopa e Syrphus; estes últimos carecen de patas, andan darrastro e cazan con grande axilidade os pulgóns, matándoos con agudos garfios. pero o máis conocido e espallado de entre os insectos útiles é a «mariquita»; a sua alimentación específica —aliméntase en esclusiva de pulgóns— tanto en estado de larva como de adulto fai diste insecto un dos máis beneficiosos, polo control que exerce sobor dos pulgóns. Na naturaleza non atopamos somente insectos útiles que se alimentan —depredadores—doutros perxudiciais, pois aparecen tamén insectos parásitos doutros, dos que os máis importantes son os endófagos, que constitúen un caso especialísimo de parasitismo, no que o axente (hóspede) agresor vivie en estado de larva dentro da sua víctima, debora as suas vísceras e sal agora en estado adulto. Como exemplo diste tipo de insectos topamos o «Apanteles glomeratus», nemigo da oruga da



berza, pón os seus ovos baixo do pelexo da oruga; saen afora despois diminutas larvas que darán orixe a pequenas avespas, cuias femias poñerán outravolta os ovos dentro do corpo da oruga, co que contribúen eficazmente ao control dista praga. Iste é o medio máis frecuente que utiliza a natureza pra manter o equilibrio entre as diferentes castes de insectos.

Os insectos útiles, tanto os depredadores como os pará sitos, abondan moito na natureza, e, a súa vez, teñen nemigos naturais, conocidos co nome de hiperparásitos, que son os que limitan a sua propagación, polo que se consideran ausiliares das pragas.

Preséntase, pois, na natureza un equilibrio entre a praga, o insecto útil devorador ou parásito da praga e o hiperparásito, pero iste equilibrio ás veces creba, e eiquí están a xogar un papel moi importante os productos químicos utilizados como pesticidas, que ao matar indiscriminadamente, non somente afectan aos insectos perxudicais que queremos combater, senón tamén a moitas castes de insectos beneficiosos. A rotura do equilibrio fai que algunha praga pouco manifesta deica ise momento, adquira de súpeto en certos anos carácter de invasión catastrófica, arrecuando o ano seguinte ao estado normal de equilibrio (sirva como exemplo disto a invasión repentina das larvas dun mosquito chamado Tipula sp., que desmou as plantas dos prados da provincia de Pontevedra o ano pasado, e que iste ano non se fixo notar).

Que todo isto sirva pra facernos ver que non consiste en matar indiscriminadamente insectos como se fai cos insecticidas, senón que a algúns temos que protexelos, e hastra crialos en cautividade con alimento acaído, pra que a solta en grandes cantidades sirva pra domear rápido a praga, anque isto xa é máis labor dos laboratorios dun Centro de investigación que tarefa individual de cadaquén. O que sí está da man de cada un é a utilización dos productos químicos, que no seu conxunto poden chegar a provocar desastres ecolóxicos e económicos de grande importancia, e amais, conducen aos labregos por un calexón de consumo sin saída, poisque a aparición de variedades de insectos resistentes aos insecticidas obrigan a aumentar o número de aplicacións e as dosis; ao eliminar unha praga cos pesticidas aparece outra nova por matar os seus parásitos ou exercer sobre deles unha acción favorable, xa seña directamente ou por medio de plantas hóspede.

Anque ninguén dubida de que o combate das pragas do campo é imprecindible, non é o medio químico a base de productos sintéticos —pesticidas— o medio máis idóneo, pero nacen e perviven istes métodos de tratamento máis por razóns económicas que ecolóxicas, pois os monopolios de productos químicos atopan un amplo mercado gracias aos esitos momentáneos que presentan e a xenerosa publicidade que espallan nos medios de comunicación.

Hoxe, os insecticidas que conteñen DDT e outros organo-clorados están prohibidos en moitos países, pola alta toxicidade e a acumulación que fan diles os organismos vivos; hastra se está a sustituir istes insecticidas por outros menos persistentes, pero nas nacións colonizadas e dependentes coma a nosa, estamos sofrindo a agresión do noso medio ambiente cos productos que desbotan nos países capitalistas avanzados. Si xa era pouca a carga que tiñamos que apandar coas industrias estractivas e contaminantes que poñen na nosa Terra derivado dunha industrialización irracional, por carecer de soberanía real, o pobo galego, tén de seguir cargando con productos químicos (os pesticidas) que, por acumulativos no corpo dos animais, por matar castes beneficiosas de insectos, por tósicos, por non ser solución prás pragas a medio e longo plazo, e, por que non decilo, por cancerígenos, se convirten en productos rexeitables non somente dende o punto de vista ecolóxico do equilibrio da natureza, senón tamén dende unha perspectiva socio-económica galega.

da terra asoballada

NON A CONSTITUCION

Reunida a Xunta Directiva da Casa da Mocedade de Moaña, o pasado día 6 do presente mes, acordouse entre outras cousas: Facer pública a nosa postura diante da Constitución. Dempois dun longo proceso de discusión a nosa postura coma mozos galegos é clara e taxamente a do NON. Esta postura vai encamiñada no sentido de que artigos tan reaccionarios e perxudicales pra mocedade traballadora galega non se leven a cabo, como pode ser o decreto de «Fomento de Empleo Juvenil», que non vai a facer máis que aumentar o paro e consecuentemente a emigración xuvenil. No eido estudiantil para esactamente o mesmo, pois non se implanta un ensino gratuito igual, obligatorio e galego deica aos dazaoito anos.

A casa da Mocedade, pois, reafirmase no NON á Constitución e fai estensiva a nosa postura á toda a mocedade de Moaña.

XUNTA DIRECTIVA DA CASA DA MOCEDADE DE MOANA

Moaña, 6 de Santos do 1978.

NO CASTELO-MUSEO DE SAN ANTON

Na badía cruñesa está o castelo de San Antón. Onte serviu para fins militares defensivos, e tamén foi cárcere. Alí estiveron presos, entre outros, Melchor de Macanaz e Porlier. Hoxe, e dende os anos sesenta, é museo histórico-arqueolóxico. O vello edificio pón unha nota de austera beleza no medio da crecente vulgaridade arquitectónica que se refrexa nas augas da tidoada capital de Galicia.

Ao frente do museo, e desto fará cousa de tres anos, está Felipe Senén López Gómez, asiduo colaborador deste semanario, por certo. Felipe é un mozo nado no Carballiño e licenciado en Arte pola Universidade compostelana.

Quere darlle a San Antón unha finalidade pedagóxica. Os museos acostuman a pecar de cementerios de obxetos. Teñen as pezas como perdidas sin unha lenda ao pé que nos fale da época, procedencia, estilo e autoría delas. O visitante, en xeral, non sabe moito de Historia e de Arte.

Mediante esquemas e lendas na nosa lingua quere Felipe que o visitante de San Antón seipa qué é o que está a ver. A xente que vai a este castelo-museo máis que polo seu contido impórtalle polo continente, e o que desde el se ve. Así, tén unha apreciable cifra de visitantes que lle permite certa autonomía económica. O museo é de carácter municipal cruñés. A meta didáctica é unha fase da loita que o director actual leva a cabo pola dignificación de San Antón. Quedan atrás os atrancos moedario-administrativos.

Pero hai que ter coidado co material exposto. Por desgracia évos así. Había colgado un mapa de Fontán e houbo que retiralo, porque a xente levaba anacos del.

Non hai moito desapareceu unha bola de cañón dunhos vinte kilos de peso. Tamén, pola contra, hai regalos que non se merecen: alguén cagou nun pasillo, xustiño ao pé dos servicios. Deben ser cousas da democracia, digo eu.

Hai que seguir. Xa na vivienda do vixiante do castelo, na que tiña, puxo Felipe Senén un taller de reparación de pezas e os basamentos dunha biblioteca galega. Tén, espallados Galicia adiante, colaboradores que catalogan, coidan e vixían o que haxa de interés. Eiquí, na Cruña, anima o director as esploracións submariñas na badía, que xa teñen dado froito co achádego de ánforas e vasixas de diversas épocas. Síntese e está Felipe comprometido coa Terra, e nese vencello vai incluido o estrictamente político.

Val a pena visitar o castelo-museo de San Antón. Pero, por tódolos santos do ceo, respetemos as pezas espostas, e o edificio. Pronto teremos unha guía. Para o ano sairá o primeiro número dun boletín. Sumemos e non restemos.

BRAIS DA BOUZA

A ARTE E OS XEITOS

FELIPE SENEN

O CENOBIO DE SAN PEDRO DE ROCAS

Escotéille decir a Don Xesús Ferro Couselo que o nome de Rocas lle viña ao lugar por aquelo da paisaxe de penedas que somellan as rocas de fiar. As penedas esfaragúllanse pola paisaxe na compaña dos carballos e dos castiñeiros; antre dlles está a ermida furada na pedra, no mesmo granito, a espadana empuleirada, dacabalo de duas penedas, o cenobio, o campo santo esquencido, e no fondo, a fresqueira Fonte do Santo, que somentes cavilar nela xa da ganas de beber. Todo está no monte Barbeirón, perto de Esgos e non moi lonxe de Ourense.

Foi no século IX cando o cazador Don Xemondo atopou aquelas covas escavadas na peneda en tempos do século V, cecais polos suevos. A obra continúana os ermitaños Eufrasio, Susanio, Quinedio, Eaco, Flavio e Ruvio, que argallaron tres capeliñas soterradas. Os seis ermitaños quixéronse enterrar naquil lugar. Conocemos istes datos por unha lápida datada no ano 573 e conservada no Museo Arqueolóxico de Ourense.

O cazador don Xemondo, cos seus compañeiros, foise tamén de ermitaño pra aquil lugar, tal cal fixeran os seus antecesores e velahí como a vida continou naquil bosque hastra que, no ano 906, Alfonso III manda a buscar a Xemondo pra Oviedo en troques de trinta monxes e outros moitos previlexios. Co San Rosendo, o cenobio de San Pedro de Rocas vecéllase ao mosterio de Celanova; por iste tempo, o 999, os irmáns Suero e Oveco Gundemariz provocan liortas ao se apoderaren das terras que Celanova lle deu a Rocas; saen mal parados os irmáns Gundemariz e refuxianse no cenobio de San Pedro de Rocas, que de vagar vai collendo millor sona e importancia. Hastra no século XIII, sairá dalí un



bispo pra Ourense, o prior D. Fernando Pérez. Daquela, a millor nobleza de Galicia pedialle prestacións aos frades de San Pedro de Rocas.

Os incendios, a esclaustración, tran de seu o abandono do mosteiro, que se vai esquecendo co tempo. Hastra o 36, no campo santo aínda se enterrou algún difunto, pero dende entón foron os domingueiros, os coleccionistas de antiquedades, os descobridores do mundo, os que se apoderaron, destruiron e grabaron os seus nomes nas paredes do mosteiro.

No 1965, os rapaces do «Circo Ciudad de los Muchachos» fixéronse co lugar e alí montaron o seu campamento pra fuxir da realidade e continuar a vida no monte Barbeirón. De todos xeitos, os visitantes siguen sendo os donos do lugar, alí tronzan as suas represións pintando corazóns, nomes e apelidos, cecais porque se coida que aquelo é cousa allea a nós, algo desconocido que non vén nos libros, que non tén valor.

Así hoxe está San Pedro de Rocas, co seu campanario dacabalo das penedas, feito xa no século VI, coa ermida antre as penas. Do seu altar somentes queda o cancel mozárabe, das poucas pezas boas do prerrománico galego. No esterior, os sartegos románicos dos irmáns Gundemariz, coa herdanza das técnicas e do traballo do Mestre Mateo, na parede a inscripción prerrománica que di «Mico» (?), no chan as máis vellas tumbas escavadas polos primeiros ermitaños. E no fondo a fonte do Santo, botando sempre antre as penedas, caíndo a auga na vella pía, fonte na que aínda hai uns anos se bautizou Iria Gala, unha nena que naceu cando o galeguismo somentes podía ser folklore e rito sin máis...


andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

A CORTESIA PORTUGUESA

Hai moitos anos convidáronme pra pronunciar unha conferencia en Portugal. Aló fun. Era nos tempos da dictadura de Oliveira Salazar. O nome da sociedade é que iba disertar era moi longo e moi pavero. Non o escribo eiquí por medo a trabucarme pois temo non lembralo ben.

A conferencia celebrárase despóis de cear, sobor das nove da noite. Comenzara falando un escelentísimo señor doutor inxenieiro, en nome dos «homes de letras». Despóis falou o escelentísimo señor presidente da sociedade. Seguidamente, o escritor e xornalista escelentísimo señor Hugo Rocha, autor de varios libros encol de Galicia, fixo a presentación deste barbas que durou media hora ben lonba. A continuación a poetisa María Alexandrina, especialista e biógrafa de Flobela Espanca, recitou de memoria unhos versiños meus. Despóis deste proemio, prólogo e limiar, erguinme a falar. Levaba a miña disertación escrita, mais, en vista das circunstancias, decidín esquecerme dos papeles e abreviar. Penso que o ser humán ten unha capacidade de aguante. E que



compre non abusar da xente, a que ún lle debe todo o respeto do mundo. De xeito e de maneira que en media hora ou así despachei como puiden e sabía. Xa coidara que todo rematara. Mais, non. Estaba trabucado. Ergeuse outro escelentísimo señor doutor facer a louvanza da miña disertación. Falou da miña craridade na esposición, da beleza de forma e da miña capacidade de síntesis, non sei si con ironía ou non. Como fin de festa, como diría un locutor de radio ou televexo, entragáronlle á miña compañeira un ramo de froles enormísimo, que non había galego que o saltara.

Rematada toda esta función falei con algunhas das persoas asistentes ó acto. Entre elas atopábase a escelentísima señora doña Isabel Guerra Junqueiro, filla do gran poeta. Doña Isabel tiña oitenta e varios anos. Era unha señora miuda, simpática e moi faladora. O seu home fora ministro de Xusticia coa República, denantes da subida ó poder de Oliveira Salazar. Dª Isabel convidáranos pra visitar a interesantísima «Casa-Museu Guerra Junqueiro», no vello Porto, perto da Sé. Moito falaramos e de moitas cousas. Dª Isabel coñocía moi ben a poesía de Curros e de Rosalía, e aínda decía versos de memoria. Fumaba moito e convidáranos a viño de Barca de Alva, de onde era nativo o seu pai. As cepas que deran aquel viño, según nos espricou, foran prantadas polo propio Guerra Junqueiro.

Outro persoaxe moi interesante que coñecéramos daquela, e que non sei qué sería dél, foi o xornalista Teixeira e Castro. Era un gran incorforme. Moi agudo e con problemas ideolóxicos que lle obrigaban a mudar de xornal con máis frecuencia da que el desexaría. Con el e con outros amigos fomos xantar un delicioso bacallau a «Casa Victoriano» no Cais da Ribeira. Falamos longo con Victoriano. Contounos que aínda non había moito que o chamara a Pide pra interrogalo. Cando saliu do interrogatorio viña sin dentes e sin moas. Victoriano narraba moi ben. O seu relato era arrepiante. Polo demáis Victoriano tiña —se supoño que sigue tendo— unha alegría comunicativa e mesurada, que contrastaba cos silencios longos e melancólicos de Odette, pianista da RTP e profesora, coido que de Piano, do Conservatorio de Música de Porto.

Tamén nos acompañou, nesta ocasión, a poeta María Alexandrina, unha muller moi fermosa, no seu outono realmente espléndido. A sua cortesía e finura eran estraordinarias.

Desta xa un pouco lonxana visita a Portugal ún lembra todo o protocolo, longo e compricado, dun acto barroco, cecáis anacrónico, comparable ás columnas salomónicas e as vides douradas que decoran a moitos retablos do século XVII. O trato de persoa a persoa suxírenos —e non esplico a razón— a cortesía gótica que se usaba en Barcelona e na Valencia do século XV, unha das cidades máis ricas e máis cultas de Europa. E decir, o meridía e o solpor. De todos xeitos supoño que, nos derradeiros tempos, a cortesía portuguesa evolucionaría. Ou que, polo menos, o protocolo non será tan compricado. Aínda que, a decir verdade, ún tenlle apego ós vellos ritos. A sua finura e fermosura, compénsaos da sua longura.

o idioma

MARIA PILAR GARCIA NEGRO

SOBRE O NOSO IDIOMA

Mesmo nos dan ganas de facer un artigo humorístico sobre aseveración semellante.

Unha frase como ésta non tén sentido ningún, nen dentro nen fora del. Esforzo mental considerable si que se precisa pra chegar a formular unha afirmación como ésta. O noso idioma, o galego, leva «construido» desde hai moitos anos, desde o momento en que o latín falado no noso país evolucionou, alterouse, até chegar a ter unha fisonomía diferente. A distancia co idioma orixinal vaise agrandando progresivamente e os habitantes da antiga **Gallaecia** chegan a non comprenderen xa o latín que escoitaban, o latín eclesiástico, por exemplo. Tamén nos escritos desta etapa, escritos en latín, única lingua polo momento co prestixio e o «status» de lingua escrita, comenzan a filtrarse xa galeguismos, palabras latinas galeguizadas, que o escriba non dá evitado, pola presión da lingua oral sobre el. A fins do século XII temos xa testos escritos no noso idioma e este feito supón realmente unha ruptura do «cordón umbilical» que o unía co latín.

"es necesario un gran esfuerzo para construir la lengua gallega"

Dáse xa unha adecuación entre espresión oral e máis espresión escrita e, a partir deste momento, xa asistimos a un brillante cultivo literario da nosa lingua, que se plasmou nas sonadísimas cantigas de amor, de amigo, de escarnio e de maldizer e que son exemplo, ademais, dunha grande precocidade literaria no concerto das literaturas románicas. Nestes tempos, a nosa era unha **lingua normalizada,** veículo de espresión común a todas as clases sociais, lingua oral e lingua escrita. Cousas históricas e razóns de dependencia política que fan que se encete na nosa nación un proceso de colonización en todos os campos, van ser as causantes desa tan traída e levada decadencia ou depauperación do noso idioma, proba —unha vez máis— de que a sorte dunha lingua é algo moi vinculado á sorte e á evolución dos homes e das mulleres que a falan e proba tamén de hoxe o combate pola lingua non se pode isolar do combate pola regularización, pola recuperación da nosa política, da nosa economía, da nosa cultura. Un implica a outro.

Se con iso de «construir la lengua gallega», o señor Delegado de Cultura da Coruña se quer referir a dotala de vocabulario técnico e científico do que estivo falta até hoxe, que non se asuste, porque o esforzo pra este mester non vai ser —non é— tan grande. E sinxelamente un labor de adaptación e aí temos a carón noso un idioma como o portugués, do que botar man no que nos for preciso e sempre que non atentemos contra a propia lingua. O «esforzo» é **normalizar**o idioma, facer uso del **xeral e único,** ampliar a s—a práctica a todos os nivéis e pra todas as situacións. Eis o esforzo e neso estamos.

MUSICA

N.H.U.: DISCO POLEMICO

E de xusticia o saudar con acento a saída do primeiro disco de N.H.U. Pouco se pode decir encol do rock en Galicia —foi un dos eidos da música que inda non atopou as liñas nas que desenrolarse—. En todos os casos, é cousa sabida pra o aficionado que do pouco que se fixo, os máis serios intentos estiveron sempre nas mans de N.H.U. Esa pode ser unha boa razón pra reconocer méritos a un disco que marca o abrente dunha nova xeira: a do rock.

Galicia, nación de secular atraso nas teimas culturais, non pode ser vangarda nas pretendidamente anticulturais ou contraculturais coma o rock. O rock, que xurdiu coma unha resposta irracionalista á agresión capitalista nos países superdesenrolados, supón uns niveles de desenvolvemento industrial que en Galicia inda están por conseguir. O rock topa eco —e nunca millor empleada a espresión— coma fenómeno de reverberación da situación noutros países ou nacións do Estado español: defínese, xa que logo, un proceso de asimilación aos esquemas culturais e ideolóxicos da formación social española. Falando moito máis claro, diríamos que o rock na Galicia non é de todo alleo á colonización cultural.

Non hai rock galego, pero esta mesma razón, máis a elección vangardista sen vencellos as grandes cidades do Estado, que son os niños do rock, subiu indiscutiblemente a calidade: as limitacións, o estilo da música de N.H.U. non son as do rock pesado e sincopado que están a facer no Estado as novas xeneracións do «rollo». N.H.U. e hoxe un caso illado no noso panorama musical, pero é o primeiro paso. Os passotas, as pantasmas da noite marxinal invaden todos os recunchos da nosa xeografía: son os apóstoles e público indicado pra esta nova música; unha música que no caso de N.H.U. xoga por situarse no vieiro máis progresistas da música que se está a escoitar no Estado español. Seica en «popgrama», anaco «rockero» na programación televisiva, outorgáronlle a N.H.U. un dos millores postos na discografía anual e grabaron vinte minutos coa sua música. Cecais a actitude dos que cultivan esta interesante paixón musical seña un pouco desbordante: o disco non é tan bo e tén lagoas doadas de escoitar. Pero tén bos temas e os ritmos non lonxanos do «free jazz» danlle ao disco unha personalidade interesante. O traballo instrumental resulta en conxunto bó e presenta unha gama tímbrica estudiada e con forza. Pola contra, testos e portada resultan máis ben probes.

Outras facianas da producción discográfica (prensada, grabación...) están no seu punto.

As chatas, ao meu entender, virían dadas pola inconcreción e nalgúns casos, evidente falla de solidez no desenvolvemento musical: non tén gran acerto compositivo. Magoa. Pero se o grupo traballa nesa limitación é de esperar a sua superación, que é a da inesperiencia.

Un dos soportes da crítica é a obsesión polo que puido ser e non foi. Gracias á inconcreción dos primeiros traballos, é case dogma de fe na moral perdoavidas da crítica máis tradicional.


«Son bos rapaces», dirán. Non penso que seña éste o camiño máis indicado pra achegarnos a calqueira obra cultural: hai que teimar en criterios de rigor se queremos que N.H.U. faga o que algúns están a decir que fixeron. O tema vai ser polémico: defensores e detractores comenzan as suas campañas cara a ganar opinións. Encétase o referéndum N.H.U.: é bo. Non é bo. Non sei..., ¿non pasará que lle estamos dando moito bombo...?

LOIS RODRIGUEZ ANDRADE

ARTE

MOSTRA DE CERAMICA

NA SALA MAESTRO MATEO DE SANTIAGO DO 24 DE OUTONO AO 7 DE SANTOS PASADO



Seña ben recibida hoxe, eiquí, calquer esposición de cerámica en xeral. Múltiples razóns impiden que este tipo de mostra plástica seña, como todos quixeramos, frecuente. Entre esas razóns, porque facer cerámica resultou case sempre menos atractivo como medio espresivo que outras artes, como a pintura ou a escultura en madeira por exemplo, pra toda unha corrente de artistas novos, porque ninguén, deica hai ben pouco, se encarregou de promocionar a creación niste campo (como exemplos positivos, noustante, temos as mostras de cerámica popular galega de algunhas agrupacións culturais: «Valle-Inclán» de Lugo, «Avantar» do Carballiño, e tantas outras); porque, ao millor, o ensino das técnicas dos grandes mestres ceramistas (de Buño, Sanquiñeda, Bonxe, Niño de Aquia...) estivo cheo de dificultades ou non puido ser masivo, ou non se deu tal ensino; porque en grandes zonas non había o barro axeitado; e, moi en grande medida, polo pouco número de fornos axeitados en case toda Galicia.

Pro seña especialmente ben recibida a mostra de Mari Carmen García Pirallo, Mayte López Meixide, Mila Cameselle, Oliva Martínez, Santos Carrera e Víctor Alvarez Bao. Seis artistas radicalmente distintos cunha característica común: unha forte vontade creativa. Non hai unha soia peza que esteña de máis. A variedade de obras e estilos vai dende a xenial riqueza espresiva de Oliva Martínez deica as impresionantes imaxes do Santos, cunha Mila Cameselle brillantísima (cerámica vidrada case sempre con estructura de cadro, de coores perfectamente contrastadas e composición perfecta), e un labor investigador ás veces, clasicista outras, pro sempre ben medido, da Mari Carmen, a Mayte e o Víctor.

En fín, estamos dediante de seis artistas dunha grande coherencia formal. Seguir traballando así e continuar investigando en cada un dos seus estilos, será un ésito pra iles e unha ledicia pra nós.

C. VERDE

axenda

ARTE

Castelao.

Mostra do álbum «NOS» durante todo o mes de Santos no Pub «Il Gatto Pardo» de Viveiro (Lugo).



MUSICA

RADIO

RNE. 2º Programa FM. O 17 ás 16,00 Horas, A NOITE, DUAS ROMANZAS SIN PALABRAS e NOCTURNE SOUVENIR de Marcial de Adalid. Antonio Ruiz-Pipó.

O 22 ás 16,00 horas, DOCE CANTIGAS DE ALFONSO X. New Rok Pro Musica. Director, N. Greenberg.

DISCOS

Sete concertos de Vivaldi e as suas transcripcións feitas por Bach. I Solisti Veneti e a Orquesta de Cámara Paillard. Marie Claire Alain; Roger Veyron Lacroix; Zuzanne Rucickova; P. Toso e N. Calabrese. Hispavox-ERATO s-66302 (3 Lps.). Precio deica o 30 de xaneiro, 1.080 Pts. Interpretacións, entre 5 e 9. Grabación, 6. Interés do álbum: moi alto.



Homaxe a Galicia. Varios intérpretes. Columbia. SCLL-2350.

Fiebre de vivir. Moris (rock and roll). CFE-Zafire DJL-7033

CINE



Novecento
(1900). De Bernardo Bertolucci.

Con Dominique Sanda, Gérard Depardieu, Robert de Niro, Burt Lancaster, Donald Sutherland, Alida Valli, Stefania Sandrelli, Laura Betti. 2ª Parte. Indispensable. No cine «Renacimiento» de Ferrol.

PUBLICACIONS

Ritmo.

. nº 486, Santos do 1978. Número adicado aos centenarios de Janácek e Hilarión Eslava; a sección galega vén adicada á problemática da óera na Coruña.

Precio 125 pts. pedidos ao Apdo. 342 de Madrid.

ACTOS

Filosofía lingüística da Constitución española.

O decreto do ensino do catalán. Perspectivas pra o galego. Conferencia a cargo de Francisco Rodríguez, profesor do Instituto Alfredo Brañas de Carballo e autor, entre outros, de «Conflicto lingüístico e ideoloxía» e «Problemática nacional e colonialismo».


Dentro do programa do Instituto Sociopedagóxico Galego encol da «Problemática das Jigoas sin normalizar. Situación do galego e alternativas».

O 18 de Santos ás 11.30 da mañá na Facultade de Económicas de Santiago.

LIBROS

Brasil, historia, xente e samba-canción de Xosé María García Rodríguez. Edición do autor. Poesía. 148 páxinas. 150 Pts.





CRUCIGRAMA

DARIO XOHAN CABANA



HORIZONTAIS:

1.—Realizo. Parte branda da madeira. 2.—Desfeito. Adverbio de cantidade. 3.—Empezar a comer unha cousa. 4.—O caír da tarde. Amarrada. 5.—Prebe de allos. 6.—Ataños de barro. 7.—Pronome. Froitos secos. 8.—Laxa de pizarra. Amas de cría. 9.—Consoante repetida. Unir, reunir. 10.—Dar voltas sobre sí. Conozo. 11.—Demostrativo. Lado.

VERTICAIS:

1.—Anfibios. Pronome. 2.—Interxección de noxo. Ao rovés, certo barco de pesca. 3.—Amarrárao. Tetos dunha vacas. 4.—Porcas, desaseadas. Artigo. 5.—Mancha de lama. Preposición. 6.—Consoante duas veces. Cociñe. Advervio. 7.—Ao rovés, días sinalados. Ao rovés, meten moito ruido. 8.—Chaga. Dei. 9.—Farjña con auga. Ao rovés, indúceos. 10.—Interxección. Aire. 11.—Posesivo. Desembocadura dun río.

SOLUCIONS AO CRUCIGRAMA DO NUM. 37

HORIZONTAIS: 1. — CEIFA. SACHE. 2. — AR. AXEAS. AS. 3.—N. ULO. M. 4.—SR. FREBA. BO. 5.—ACLUS. SIOL. 6.—ROLAC. PINGA. 7.—ALOT. TUSIA. 8.—PA. ORUXO. RA. 9.—O. OTI. R. 10.—SA. ALUGA. OD. 11.—APOIA. ORAXE.

ANUNCIOS DE BALDE

Cara o argallamento dunha semá cultural, desexamos poñernos en contacto con quen nos puidera deixar películas encol da emigración galega, ou de outros problemas que hoxe está a sufrir a nosa Patria. Dirixirse a **Fato cultural galego «Saudade». Centro Cívico Trintxerpe. Edificio «Trintxer». Trintxerpe. Pasajes de San Pedro. Guipúzkoa.**

Búscase colección completa de «A Voz do Pobo» e «Terra e Tempo» pra facer estudio encol do marxismo en Galicia. **Apdo. 12 Pontevedra.**

Búscase piano antiguo, coor caoba en boas condicións de uso. **Apdo. 12 de Pontevedra. Télf. 858538.**

Mestre industrial, coche propio, busca traballo na zona de Sarria, Lugo ou Monforte. Relacionado ou non coa profesión. **Xosé Ramón Rodríguez Fernández. Penaxubeira, Rubián de Cima. Lugo.**

CARTAS

O IDIOMA

Estimados compañeiros de «A NOSA TERRA»:

Son un mozo do Ferrol que, coma tantos outros galegos, estou estudando fora do noso país. Aínda que os meus pajs falan galego decotío, eu non o adeprendín deica os catorce anos. Cecais por iso agora aprecioo como algo de moita importancia pra mín, como a base do meu ser galego. Desexaría que estas opinións encol do tema da lingua foran, se vedes que valen un pouco, publicadas no xornal, aínda sabendo que son opinións non dun experto, senón dun galego ó que lle preocupa o tema da lingua.

Coido que a galeguización do proletario, dos traballadores, é a que garantizará a supervivencia do galego coma lingua do pobo. A galeguización da sociedade non vai ser posible só porque sexa a lingua maioritaria, porque abonda coa existencia duns sectores non integrados e con prestixio (burguesía) pra que unha febre castelanizante caia sobor das capas máis populares (galego-falantes) facendo unha identificación lingua posición social que xenere unha fuxida lingüística nos sectores precisamente máis galegos. Pra os que non teñen moitos cartos, a lingua é un valor social coma calqueira outro (coche, cartos...) e o rexeitala é pra se pasaren á lingua do rico, á lingua fina, á lingua na que se escriben os xornáis, o castelán, a lingua do imperio, a que falan tantos milleiros de persoas e outras «razóns» da xente benpensante e universalista de sempre.

O tráxico, o que non é pra botarnos a rir, é que isto é xa unha realidade ¿Cántos nenos do Ferrol falan galego? Moi poucos.

¿Cántos pais galego-falantes lles falan os sues fillos en castelán? Moitos.

E abonda con ollar un pouco calquejra vila pra ouvir o castrapo dos nenos, que xa non son nin de alá nin de aló. Unha mistura de linguas que refrexa ben a nosa colonización cultural, o sentimento de inferioridade que, consciente ou insconscientemente, está actuando sobor de moitos galego-falantes.

Pra mín, a saída está nunha galeguización da clase obreira. Simplesmente por un feito: porque vaj acabar por se convertir na máis importante. E ista galeguización será a salvación do galego. Cando os pais lles falen ós fillos en galego e haxa unha escola galega, e os obreiros sexan conscientes dos valores que tén a sua propia cultura e a língua pase a ser a práctica cotiá do noso sentimento nacional, sexa unha realidade normalizada, poderemos asegurar a pervjvencia do galego. Cando a mocedade fale galego, o futuro estará garantizado.

Pra mín, os que discuten tanto encol da normativización están comezando a casa polo tellado.

Na miña opinión pregunto: ¿Non é máis importante o tratar de que a lingua se fale cada día máis, se introduza en ambientes máis diversos, que os nenos adeprendan na casa e na escola que o que catro eruditos pojdan decir nunha conversa encol das comenencias ou incomenencias de seguir unha alternativa lusista ou independente?

¿Non coidan que denantes de falar dunha normativización compre facer unha normalización que aínda hoxe non se acadou?

Non creo que ó pobo lle interesen as discusións bizantinas, pro sí os feitos concretos. A lingua recupera a sua dignidade e a sua caste na fala diaria, non en discusións intelectuais.

Eu persoalmente preferiría un achegamento ó portugués, pro coido que ninguén de nós debe esquecer que a primeira tarefa e conquerjr ter o galego nas escolas. E logo, xa virán normativas.

Polo que se ve, á recente Xunta de Galicia o problema cultural da nosa nación non lle debe importar ren. Os cataláns xa teñen escola catalá. ¿Nós cando?

MANUEL AMOR
Ferrol

ENCOL DE GARCIA-PAZ

Amigo Hortas Vilanova: Unha información bastante cumprjda de García Paz dáa Carballo Calero na sua «Historia da Literatura...», páxs. 723/724, inda que este profesor repara máis na obra ca na vida; entre el e vostede abofé que dan unha imaxe complementaria da vida e obra. Como alí pode ver, García Paz era de Santiago (1895) e xubilouse nunha vila xienense, sen indicar onde mora hoxe; a data que el da prá IV Melodía é a de 1935. Vostede non o aclara pero suponse que ese retrato —anónimo?— é conxetural. Apertas e ás ordes.

XOSE M.ª MONTERROSO DEVESA
A Coruña

A NOSA TERRA

O MATRIMONIO NA URSS

POMBA NAVARRO


Casar na URSS: un traxe branco, un veo e unhas froles, a familia e os amigos rodeando á parella, o certificado matrimonial entregado solemnemente por un diputado do Soviet local, o costume de levar o ramo átumba do soldado desconocido ou á de Lenin, e logo a festa, as felicitacións, o vodka... Pro ¿ e despois? ¿Cal é a situación da muller nas relacións familiares no país dos Soviets?

O artículo 122 da Constitución da URSS establece que o home e a muller teñen iguais dereitos en todos os campos da vida pública ou privada. O artículo 53 e os Fundamentos da lexislación da URSS encol do matrimonio e a familia, que xunto cos Códigos do matrimonio e da familia constitúen a base da lexislación soviética neste tema, din que o home e a muller terán os mesmos dereitos e deberes nas relacións familiares, tanto entre eles como respecto aos fillos.

Esta igualdade legal non significa que a muller teña acadado xa o mesmo status que o home na práctica. O 50 por 100 dos diputados nos Soviets locais son mulleres, pro somente un 30 por 100 no Soviet Supremo da URSS. Nun estudio feito en 1975 entre os obreiros dun fato de cidades da parte occidental da URSS, viuse que mentras o tempo libre medio dos homes era de 38 horas semanais, o das mulleres era somente de 24, debido ao coidado da casa e dos fillos. Pro nembargantes, un dato importante é que a inmensa maioría das mulleres soviéticas traballan fora do lar, e que representan hoxe o 73 por 100 do personal adicado á educación e á cultura, o 70 por 100 dos médicos, o 40 por 100 dos traballadores científicos. E non son somentes motivos económicos os que as empuxan a traballar; nunha encuesta feita na cidade de Kostromá, na República federativa de Rusia, preguntóuselles ás mulleres si seguirían traballando si o seu marido ganara o que agora ganan entre os dous; o 70 por 100 respostou que sí. Os nenos non supoñen un problema debido a ampla rede de guarderías, e o traballo doméstico vaise solucionando mellor ou peor gracias ás lavanderías, ao reparto a domicilio das tendas, o costume de facer en familia únicamente a cea e comer cada un no seu centro de traballo, e a que os homes van botando unha man na casa, inda que falte moito pra ese 50 por 100 ideal.

Voltando ao matrimonio, a edade mínima pra casarse son os 18 anos, a mesma da maioría de idade, inda que as repúblicas federadas poden rebaixala hastra en dous anos. O único matrimonio válido é o civil; as ceremonias relixiosas non teñen efectos xurídicos.

Os noivos presentan a sua solicitude perante as oficinas do rexistro civil, na que manifestan conocer as



responsabilidades derivadas do matrimonio e estar mutuamente informados do seu estado de saúde, e un mes despois celébrase a ceremonia; a lei di que se fará solemnemente, a non ser que a parella desexe o contrario.

Xa casados, o primeiro problema a resolver é o do apelido; os cónxugues poden optar entre escoller calqueira dos dous pra usalo en común, ou conservar cada ún o seu de solteiro. Outro dereito personal dos cónxugues é escoller libremente cada un a sua ocupación, profesión e lugar de residencia; a muller soviética non tén, xa que logo, que seguir ao seu home si éste mareha pra outra cidade. Nembargantes, facilítase que o matrimonio viva xunto, obrigando ás empresas a darlles traballo no mesmo lugar.

En canto ao aspecto económico do matrimonio, os bens dos cónxugues divídense en dous tipos: bens de propiedade personal e bens de propiedade común conxunta. Son bens personais os que tiña cada un antes de casarse, os que adequira durante o matrimonio por regalo ou herencia, e os de uso personal (roupa, calzado, etc.) quitado as xoias e pedras preciosas, que se consideran sempre propiedade común independentemente de quen as use. Son de propiedade común conxunta todos os demais bens; os cónxugues teñen iguais dereitos de posesión, uso e disposición sobor deles, e deben actuar de mutuo acordo. Esto é así inda que por terse adicado ao coidado da casa e dos fillos a muller (ou o home) non teña recibido salario propio.

A propiedade común conxunta somentes se divide en caso de disolución do matrimonio, por nulidade, divorcio ou morte (a efectos de herencia), e entón considéranse as partes iguais; esto pode ser modificado polo xuez en atención a unha serie de circunstancias (si un dos cónxugues está incapacitado pra traballar, quen se queda cos fillos, etc.), pro non pode nunca privar totalmente a un dos cónxugues da sua parte.

Hai dous tipos de divorcio: cando hai mutuo acordo entre os cónxugues e non teñen fillos menores, basta con presentar unha solicitude conxunta no rexistro civil, e aos tres meses esténdese o certificado de divorcio. Nos demais casos, o divorcio ventílase nos tribunais. A lei non establece unha lista de causas, senón sinxelamente a imposibilidade dos cónxugues de convivir e conservar a familia. O home non pode pedir o divorcio sin conformidade da muller durante o embarazo e un ano despois do parto.

Si os cónxugues se poñen dacordo sobor dos fillos, o reparto de bens e o pago de alimentos, faise o que eles decidan; en caso contrario, decide o xuez. Na práctica, no 99 por 100 dos casos os fillos quedan sempre coa nai a traveso dos sucesivos casamentos, proporcionándoselle así unha estabilidade emocional ao neno. Pro o pai tén dereito a velos a vixiar a sua educación, quitado casos especiais en que se demostre que as suas visitas causan un influxo perxudicial no fillo.

O pago de alimentos aos fillos é sempre obrigado.

O pago de alimentos ao outro cónxugue pode ser imposto polo xuez si un está incapacitado pra traballar e precisa axuda e outro está en condicións de prestarlla; a obriga desaparece si o alimentista recobra a capacidade de traballar, si lle xurden os medios suficientes pra vivir ou si se volve casar. En canto á forma do pago, consiste nunha cantidade fixa mensual, entregada directamente polo obrigado ou descontada do seu salario pola empresa en que traballa a petición del ou por orden xudicial.

A URSS DE CADA DIA

A Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, cunha superficie de 22,4 millóns de kilómetros cuadrados (unhas 45 veces a do Estado español) e unha poboación de 260 millóns de habitantes, é unha federación de quince repúblicas, cada unha das cales tén reconocido formalmente na Constitución o dereito a separarse cando o desexar, é decir, o dereito á autodeterminación política. Cada República ten os seus propios órganos de Goberno - Soviet Supremo (parlamento) e Consello de ministros - e a sua propia Constitución. Ademais, hai unha Constitución e uns órganos de goberno da Unión que deciden as cuestións comúns da federación. O Soviet Supremo da URSS está composto por duas cámaras con igual número de diputados: a Cámara da Unión, prá cal os diputados se elixen por circunscripcións electorais do mesmo número de habitantes, e a Cámara das Nacionalidades, na cal cada República tén o mesmo número de diputados independentemente do seu tamaño.

A URSS non é «Rusia»; Rusia non é máis que unha das quince repúblicas federadas, que antes da revolución de 1917 oprimía ás demais nacións (por eso se falaba do «imperio ruso»). A URSS é, pola contra, un verdadeiro conglomerado de razas, nacións, linguas e relixións.

O Soviet Supremo da URSS elabora somente os principios xerais, o que se chaman os «Fundamentos», e o Parlamento de cada República desenrólaos e concrétaos nos diversos Códigos (civil, penal, familiar, etc.).

No proceso de elaboración dos Fundamentos da lexislación sobor do matrimonio e a familia, en 1968, o Soviet Supremo da URSS redactou o proiecto inicial. Remesouselle logo aos Soviets das repúblicas federadas e pubricouse na prensa. Discutiuse nas fábricas, nos centros de ensino, nas institucións xurídicas e científicas, nos ministerios.

Ao Soviet Supremo chegaron máis de sete mil propostas e observacións, e ao periódico «Izvestia», que regularmente informaba da marcha do debate, máis de oito mil cartas. En total. A discusión alongouse máis de dous meses. Coas observación recibidas reflxose o proiecto antes de sometelo ao estudo da sesión plenaria do Parlamento; moitas das proposicións que foron rexeitadas entón, acolléronse despois nos Códigos dalgunhas das repúblicas federadas.

A relixión predominante é a cristiana na sua rama ortodoxa, e logo a musulmana, se ben hoxendía a maioría da poboación non é crente. Hai unha separación total entre a Eirexa e o Estado: os cregos viven das esmolas dos freguese ou do seu traballo; o ensino é totalmente estatal, laico e gratuito. Os edificios destinados ao culto e os obxetos que conteñen son propiedade da Eirexa, mais pra evitar que se perdan ou estraguen obras de valor artístico que pertenecen ao patrimonio espiritual de toda a poboación, non pode vendelos ou modificalos sen o consentimento do Ministerio de Cultura; cando son precisas restauracións, páganse a medias antre o Ministerio e a Eirexa.

A maioría de edade acádase aos dazaoito anos. A escola obrigada vai dos 7 aos 16, e é totalmente gratuita, igual que a Universidade, na que se entra por meio dun esame selectivo e todos cuios alumnos reciben unha beca, maior ou menor asegún as notas. Precisan menor puntuación pra entrar os que teñan traballado alomenos dous anos nunha fábrica ou no campo. Ao acabar os estudos é o mesmo centro de ensino quen lles busca traballo aos rapaces, ofrecéndolles tres ou catro á escolla dacordo co seu espedente académico. Pódese traballar dende os 16, pro entón a xornada é reducida, inda que se cobra o mesmo. A xornada laboral normal é hoxendía de cuarenta horas semanais. Na URSS non hai paro, pola contra, o número de postos de traballo medra máis rápidamente que a poboación.

Na Unión Soviética, como en todos os países socialistas, non hai propiedade privada dos medios de producción: as fábricas, os Bancos, as tendas, os pisos pra alugar, son do Estado. En canto a terra, é propiedade do Estado, e cultívase ou ben en forma de granxas estatais ou ben entregándolla aos labregos organizados en cooperativas (Koljoses) en usufructo gratuito e a perpetuidade.

O límite da propiedade personal é unha casa pra vivir, un auto e diñeiro no Banco. Adèmais, o Estado concede en usufructo parcelas de 800 metros, chamadas a «facenda ausiliar», pra horta e animais, ou pra construir unha casa de vacacións.

Hai dous tipos de vivenda: as de propiedade privada, construidas por cooperativas de traballadores, e as de propiedade do Estado, que as aluga a uns precios realmente moi baixos: a vivenda con todos os seus servicios (auga quente, gas, electricidade, calefacción, teléfono) supón como media de un 4 a un 5 por 100 do salario. Moita xente prefire vivir neste último tipo de casas, porque entón as reparacións corren por conta do Estado.

Esiste o dereito de herdanza, de bens ou de diñeiro, sempre que non vaia en contra dos principios xerais encol da propiedade; por exempro, si vostede lles deixa a sua casa aos fillos e eles teñen xa outra, poden quedarse coa que prefiran das duas, pro a outra teñen que verdenllar ao Estado, xa que non se pode ter unha casa somente pra alugala.

P. N.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 40 ● DO 1 AO 7 DE NADAL DE 1978 ● 30 PTAS.

1931: FOLGA DE TRINTXERPE,

7 GALEGOS MORTOS!

páxina 10 e 11



FIGUEIRIDO
USO MILITAR DUN MONTE VECINAL
páxina 3


ARISTOBOLO QUINTEIRO
A política tamén é cousa nosa
pág. 7

Cada porco co seu San Martiño
páxina 8

Pensa que o cacique non dá a cara frente dos que están organizados e saben das cuestións galegas e populares.
Pensa que falla moito por andar, pero que non queda máis remedio que demostrar cantos son os dispostos a tirar pra diante e enfrentarse a eles, por exemplo votando Non.
Nas eleccións a Cámaras Agrarias saíu elexido pola de Beade.
E Membro do Secretariado das CC.LL. e militante da UPG.
E un labrego do Ribeiro
a piques de cumplir os 40 anos.

ARISTOBOLO QUINTEIRO

«A política tamén é cousa nosa»



XURXO FERNANDEZ

¿Cómo se pode considerar a esplotación que ti traballas?

—Eu penso que prás zonas altas do Ribeiro tira da media pra riba con respecto á cantidade de producción que recollemos. Aquí hai menos producción de viño que nas zonas baixas, pero compensa a cantidade pola calidade. Anque temos o problema de que aos que pertencemos á cooperativa non se nos aprecia a calidade do viño. O Ribeiro non se pode valorar polo grau de alcohol como fan na Cooperativa, senón que o viño do Ribeiro tén unhas cualidades que o distinguen do resto dos viños. de ahí que a xente das zonas altas socias da Cooperativa sofra unha discriminación económica ao non valorarse a calidade.

¿Cal é a importancia da Cooperativa do Ribeiro?

—Bueno, a Cooperativa terá sobre un 25 por cento do viño que se produce no Ribeiro, debido á mala marcha, pois nun tempo chegou a ter o 40 por ciento da producción. O resto da producción comercializase no mercado libre a traveso dos pequenos propietarios que aínda o elaboran nas bodegas particulares por métodos artesanais. Ahí é onde se ve a diferencia entre os viños das zonas altas e os das zonas baixas, que se conservan pior ao chegar o vran.

¿A que se debe a mala marcha da Cooperativa?

—A principal razón é que, como todo o cooperativismo que se está dando no Estado, non responde á palabra en si de cooperativa, senón a un xeito de xuntar á xente pra podela esplotar máis.

No caso do Ribeiro úsase como trampolín político, e elo vese moi claro no caso do Sr. Franqueira, que se potencializou en base aos votos dos socios da Cooperativa, aparte dos de UTECO, que é outra cooperativa. Estana utilizando pra manexar os intereses dos labregos e manter aferrolladas ás clases populares.

Aparte dos beneficios políticos están tamén os económicos. Non hai máis que ver o principio da Cooperativa, onde despois de qastar 1 millón de pesetas en recorrer diversos países pra ver como se podía montar a cooperativa, está desfasado de todo o montaxe coa instalación de máquinas innecesarias. Eso responde á miña maneira de ver, a concesións que lle dan as casas comerciais. Ese foi o punto de arrinque da esplotación na Cooperativa, que nese caso pagamos os socios. Nunha segunda etapa foi a do engano, xa que si no primeiro ano houbo unha entrada mínima de socios, estou falando do 68, pagouse a 10 pesetas a uva pra que a xente picase, e despois deso pasamos máis de sete anos sin poder chegar a tal precio, e cun endeudamento progresivo da Cooperativa. Eu cada vez vexo máis claro que a entrada no MCE non favorece máis que aos monopolios. Vese claramente que o Goberno en si son os monopolios, xa que é o sistema capitalista o que está dirixindo todo o tinglado. O que van buscar é un intercambio pra eles facer máis cartos, pero en nada beneficiar ao productor.

Debido á falla de mecanización, que temos e a situación das esplotacións agrarias, nós non imos poder competir en precios. Non porque Galicia seña probe coma din os caciques, senón porque nos teñen en condición de colonia e como tal non podemos responder a unhas estructuras, que poidan competir coas estructuras capitalistas.

¿Cales son os principais enemigos que tén hoxe o labrego?

—Eu penso que o primeiro nemigo é o sistema capitalista ao que estamos sometidos. Penso que Goberno e caciques son todos uns o que fan é permitir a actuación de determinados mecanismos de esplotación cómo os bancos e outros, que si non dan créditos e actúan deste xeito é porque o Goberno llo permite.

No caso do agro, en todos os créditos tés que levar o informe reservado do alcalde, e todos sabemos a quen sirven; por outra banda, os consellos de administración estiveron sempre en mans de caciques e de fascistas.

O Movemento Agrario en Galicia significouse a primeiros do século e despois esmoreceu algúns anos. ¿Qué representa hoxe, pra o agro galego a esistencia dun sindicato como as Comisións Labregas?

—Penso que as CC.LL. crearon un gran ánimo na xente pra saír á rúa, pero non contamos cos medios económicos necesarios pra estructurar ben de todo o sindicato; además, efectivamente, recibimos o boicot da prensa e de todos os medios de comunicación, o cal podería supoñer ir quedando aillados. Logo, tamén nos atopamos con que a media de edade no campo está entre os 45 e 70 anos dada a cantidade de emigración e coa actuación caciquil e os seus distintos sistemas de opresión económica sobre a xente e outros tipos de imposicións, como son os arreglos de pensións, enfermedades, etc., que fan que a xente teña que buscar ao cacique de turno, a presión que exercen chega a impedir que nalgúns casos as CC.LL. non señan o ídolo da xente.

¿Sintese a necesidade de organizarse ou ainda a xente non se astreve a dar ese paso?

—Síntese, o que pasa é que non se astreven a dar o paso porque a xente perdeu a iniciativa. Onde hai xente nova vese máis interés, xa que se ven as necesidades máis claramente. O malo é a xente maior que incluso estando ao millor disposta a dar cartos na maioría dos casos non chega a movilizarse.

Fálase moito de que o labrego non se politiza ¿é certo?

—Pra decir que o labrego non se politiza hai que referirse tamén ao fascismo que había e que sigue a haber con esta falsa democracia que nos intentan poñer.

Si un efectivamente está a favor do cacique non tería por qué o cacique utilizar medios de represión. E está demostrado que a moitos señores que incluso iban pra candidatos ás Camaras Agrarias polas CC.LL. os secretarios das antiquas Hermandades, que son funcionarios do INP, non querían facerlle os papeles pra cobrar a xubilación.

Penso que o que non haxa máis que unha política, que é o que lle interesa aos caciquès neste caso, é porque eles se atopan en inferioridade de condicións frente ás clases populares e entón se non hai alternativa política, a deles sempre queda ben e non hai nada que pensar.

Outra cousa que sempre ouvimos e que o noso pobo e escéptico que hastra chegamos a desconfiar das nosas propias forzas.

—Penso que o escepticismo ao que te refires pode estar moi deslindado. Nós os das CC.LL. temos claro que Galicia é unha colonia, pero a xente que non o tén tan claro ve, dende sempre, que aquí hai moitos intereses a servir ao Estado imperialista; por eso, vendo a sua incapacidade de poder sair da situación é polo que o pobo colleu ese cisma. De todos xeitos, penso que cando o pobo pode dar a sentir e facerse protagonista, coma foi o caso do 25 de Xulio, demóstrao.

¿Cómo foi que chegaches a organizarte políticamente?

—Bueno, aínda que xa o meu abó fora republicano, eu non creo na tradición, a actitude personal é a que conta. Si ves que en vez de ir pra adiante vas pra tras, si analizas que nunca tiveches enfermedades e non malgastaches nada, despois desto queda moi claro que alguén rouba os teus intereses.

Eu tiven proposicións pra entrar no PC e logo pra entrar no Centro, e si chequei a posicións nacionalistas foi porque comprendín as razóns e a necesidad de selo, e logo porque a xente que eu conozo, e concretamente da UPG, responden totalmente á política que eu concebía. Non se fai política de café, non hai militantes de altura, senón que todos son uns e é ahí onde un se tén que sentir contento e militar nela.

Como labrego e como galego ¿cal é a tua postura diante do Referéndum Constitucional?

—A miña resposta é, clarísimamente, a do Non. Por toda unha serie de razóns, e principalmente porque a Constitución non contempla a soberanía dos pobos, ao marxe de todas as outras cousas inxustas, o negarnos a soberanía como nación significa a máxima inxusticia, xa que o principal é que un pobo poida ser dono de sí.

A importancia que tén o votar Non é a de que eles vexan cada vez máis de perto que estamos dispostos a enfrentarnos con eles, e sobre todo, que eses Non van ser conscientes e non de papel, senón dos que están dispostos a loitar polo que nos fai falla.

O da abstención é unha postura cómoda que vén utilizando o Goberno. A abstención é algo como aquelo do franquismo de que «si participas sí, e se non participas, sí tamén. Penso que si o resto do Estado fose como Galicia, obrigarían á xente a decir SÍ.

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 42 ● DO 15 AO 21 DE NADAL DE 1978 ● 30 PTAS.



O TEMPORAL
Páxina 8

Vannos desfiando
Páxinas 3 e 4

A abella
Páxina 20

EUSKADI
O PSOE. perdedor
Páxina 13

NOS, OS DELINCUENTES XUVENIS
Páxinas 10 e 11

NOS, OS DELINCUENTES XUV

«Ao primerio roubaba porque necesitaba cartos. Despois, a medida que as cousas iban saíndo ben, cecais xa non era unha urxnecia pero seguín. E difícil esplicar as razóns. Corres riscos, pero, ao mesmo tempo, coa esperiencia vas obtendo máis trunfos. Bueno, ao millor chega **un intre que va non pode sair** do medio que te vichés obrigada a escoller». **Chámase Richard, é de Ourense, e tén 15 anos. Pensa que o que fai é digno** de contar. Son nazanas, e no fondo rise dos máis porque non teñen valor abondo pra racharen a sua vida de probes, de dificultades económicas, de **esplotación de horarios, de xefes,** de nóminas ridículas. Pois él tamén pasou por ese camiño. Aos 12 anos deixou a escola e puxose a traballar nun comercio de calzados, onde lle pagaban 2.500 pesetas ao mes. «Era inaguantable botar alí oito horas ao día, facendo de todo, aturando as xerarquías, e logo comprobar que aqueles cartos non chegaban nin pra ir de viños. Así que escomencei a miña carreira alí mesmo. Ese foi o meu primeiro traballo».

Nunca actuan máis de dous ou tres, e un deles sempre é o que planifica as accións. Adícanse a pisos, almacéns, coches, xoierías; o que lles interesa son os cartos e as xoias, pro non se meten en calquer sitio. «Hai que delimitar o tipo de casas, de zonas, barrios dun determinado nivel social». Teñen un comprador fixo, que valora a mercancía, repartindo entre eles proporcionalmente os cartos. «Unha vez, por exemplo, un periódico de Ourense valorou unha xoia roubada nun millón de **pesetas, e a nós déronnos por** ela 400.000».

«A miña familia, ¡foder!, agora déxiame tranquilo. Formo parte dos descarriados, dos baixos fondos da sociedade. Non teño solución. Dos cinco irmáns que somos, tres traballan, un aínda é pequeno, e eu, que xogo fora das normas sociais».

Logo vén o capítulo da policía. Os paus, os berros, os empuxóns. A sua forza contra da tua impotencia. «Si calas e non **soltas prenda**, téñente alí tres días. Aguantas os seus malos tratos, os insultos. Si falas, célibante decontado, e, por si fora pouco, hastra podes recibir un golpiño no lombo: «Buen chico». Ademáis, pensa que, con 15 anos, a lei non lles permite a **miña retención no cagarrón ¡Pero fano!**; a fin de contas, eles teñen a tixola polo mango».

Por outra banda, os chivatos tamén son un tipo de institución entre eles. A policía potencia esa actitude entre os chamados «sanamente» delincuentes, incluso entre os mesmos compañeiros dunha banda. «Si, pero conocémolos, logo se sabe quen se adicra a delatar, a ser confidente. O ser chivato é un seguro pra o teu propio traballo, xa que namentras colaboras con eles a tí hante deixar actuar con libertade. Cando hai algún roubo espectacular, sempre se dirixen cara as mesmas persoas, tratante de sonsacarche si sabes algo, si podes decir nomes ou intuicións. Unhas veces representan o papel paternal e de salvadores da tua conciencia, outras van directamente ao choio. Non che quedan moitas escapatorias. ¿Ves Iste tatuaxe que levo na man? [...] quere decir catro «polis» collendo ou zumbándolle a un preso».



POUSA

«...Rise dos máis porque non teñen valor abondo pra rachar a sua vida de probes...»

«...Eu, nos comercios, entro por tras ou vou polo tellado...»

Non quere saber nada dos drogadictos. Pra el, ese círculo é alleo, un ambiente diferente. Prefire tipos coma il, pois adeprende máis. «Pra min, o drogadicto é un tipo de xente moi vaga. Eu vou á percura de cartos, eles gástanos, e supoño que iso será que poden dispoñer de les».

Os cartos que obtén de cada roubo non os gasta todos. Tamén aforra. Separa unha parte e «gárdaos ben gardados, porque o día de mañá quero montar o meu propio negocio. Penso que nun intre concreto levarei unha vida normal; vivir ben; ter unha casa decente. Ou seña, cubrir necesidades elementais resoltas e evitar, sempre, a falla de cartos. Cecais tampouco esquenza o meu oficio, o que pasa é que non vou recurrir a él con escesiva frecuencia». Cando chegue aos 16 anos vai cambear o método, porque, tamén, a sua situación legal cambeará. Pero aínda non sabe como vai «montar o rollo». «Ademais, a bofia coñece quen fai o roubo polo xeito de executalo. Normalmente, eu nos comercios entro por tras ou vou polo tellado, as máis das veces pola noite. Dunha vez roubamos nunha xoiería ás duas e media da tarde. Mentras que o outro rapaz estaba dentro, eu, na porta, decíalle á xente que pasaba por alí que calara, que se fora. Moitos deles sorrín, gústalles que saquemos dalí a mercancía, xa que eles non se astreven a facelo».

AS DUAS CLASES DE DELINCUENCIA

Valor, serenidade e coller o tufo do diñeiro Veleiquí as cualidades do bo delincuente, do delincuente que se vai facendo pouco e pouco deica ter conciencia de que é o delito do delincuente profesional, que vive do roubo. Pero hai cutra clase de delincuencia, a que se adoit. denominar xuvenil, a delincuencia circunstancial que ten o delito como apoio e que un dos profesionais califica así: «o delincuente xuvenil é o que rouba pra os seus vicios, xa que a maioría ten comida e cama aseguradas e os vintes pesos habituais. Este delincuente fai as cousas máis inconscientemente. non as pensa o que lle sal ao paso vaino realizando e pode chegar a ser máis delincuente que o profesional».

E ao redor da delincuencia os «Jaladores», os valuros, os que se quedan coa mercancía pagando a cuarta parte porque saben que son fundamentais, que son o osíxeno do roubo, xa que «estar moito tempo coa mercancía é o que te pode perder. o noventa por cento dos que can é pola mercancía. Hai días, aquí mesmo, na Coruña foi un «y se lo encontró»: unha xoiería que normalmente non tén mais de dous millóns coincidiu que tiña un mostrario de 10 pero aos 15 días collérono en Va**cia, despois de o ter feito** precisamente por non lle d dar saída á mercancía».

E entre eles, os «chotas», **que colaboran, coa policía:** min pararonme e ofrecéron**mlles** por investigar n xolas».

Pra os delincuentes profe nais os lugares do «golpe» **son cada vez menos as ca** porque diñeiro non hai, e xolas teñen difícil saída. O tios do «golpe» son os ban maiormente, e no futuro va «o barato», o chantaxe, xa directamente cada vez é problemático topar un peso grupo ideal é o de tres per «porque os caracteres son adaptables, os criterios firmes, evítanse os «grupiños e compréndese que debe xir un e pensar todos».

UN COCHE PRA IR A UNHA VERBENA

Raúl Cousillas Fernández, 18 anos, Sebastián Rodrig 19, José Manuel Fernández, francés», 20, Xosé Lois, 20. Todos viven nas casas Franco, na Coruña, un b construído baixo do auspicio protección oficial. Lembra reformatorio de Palavea, «e entras por teres fuxido da e sales ladrón» e do refor rio os 15 días á beira dunha bre, de pé, como castigo fumar, pelexar no patio, contestacións; lembran tam algún profesor que pegab outro que comía galletas n se ou aos privilexiados que mentes botaban aló 15 día ao director, D. Pepe, guin as cousas que a un lle tra da casa «á piñota» e pr pándose de separar aos g de amigos ou de mandar d aos chivatos cando un es ba, lembran faenar na hort traballar en talleres de c tería, que lles buscaba o tor en troques dunha pr

«Estás sin cartos pra i cine e entón vas a bares, mercios... despois colles u che pra ir a unha verbena pézase sempre polo «desc —estar pendente de que o pietario de algo que interes despiste. Así se foron form na Coruña, a banda do Ga onde estivo Xosé Luis, que pezou por un coche hai anos e hoxe retírrouse p tén un fillo, ou a do Mel que se adicou a desmonta ches. Antes íbase ao «r —aos establecementos co xón en vez de caixa rexis ra— ou a tirar un par de luzas, no Muro, dos carros pelxe.

SI SE BORRASEN OS ANTECEDENTES

Como en calquer cidade lega, a localización da delin cia xuvenil é nos barrios d mación recente coma a Ag Orzán, Sagrada Familia, de Franco. Raúl empezou seis ou sete anos con 3 setas que roubou nas ch dunha obra, «O francés» outros cinco desmantelan chalet, Xosé Lois por un c Dos catro, un deles na a dade traballa, «inda que moitas dificultades pra to non estou nin asegurado era o que deberían amañ do traballo»; Raúl e Seb delxaríano si houbera uni nistía e borrasen os ante tes: «iría a Alemania tr

VAS E CONVIRTESTE NUN ASOCIAL

A procedencia social está moi clara. En xeral, son fillos de obreiros, de parados, de traballadores sin xornal fixo. Viven en barrios coma o de Covadonga (popularmente Bichita) en Ourense, onde a miseria reñe batalla coa sobre vivencia. Familias con máis de seis fillos, usando duas habitacións pra todos. Xentes que teñen o indispensable pra vivir, pra comer. O máis que poden recurrir é a tomar un viño na taberna, botar unha partida ás cartas e ao millor ter un aparato de televisión que os asfisia con imaxes de consumo, sofisticadas, provocadora. Imaxes manipuladas polo desexo e a aspiración de contar con... «Pero si estou en paro, me falla unha man e unha perna, cobro cinco mil pesetas de subsidio e teño catro fillos, **a única solución que me** queda é andar a pedir». Xa non é tan xiquera dispoñer dunha lavadora, é o feito de ter que roubar pra comer. Despois fanlles un ghetto» de pedra, de ladrillos, con escasez de auga e luz, nas aforas da cidade, con malas comunicacións, sin médicos dispoñibles, sin unha parada de tasi pra calquer urxencia, sin un parque onde poidan xogar os seus fillos. Trescentas familias que intercambean a sua frustración, as suas necesidades, a sua anguria. Ao millor teñen sorte e hastra contan cun grupo escolar, onde os rapaces continuan a sentir a opresión do espacio vital, da insidia, da desespranza.

En canto teñen edade pra traballar, reconstruirán, eles mesmos, a esistencia programada, compresora, arquetipada do pai. Si antes non podían mercar unha bolsa de pipas, un «bucanero» ou unha bolsa de «gusanitos», agora non van ter pra tomaren un «cubata» o un «whisky», pra fumar un porro ou cecais pra adquerir un pantalón «rock» ou unha faldra escocesa. Porque é a propia sociedade a que crea unha restra de aparatos, de productos, de hábitos, mesmo de status, que obriguen a participar na roda da competencia. O capitalismo crea medios seguido pra sobrevivir e poder reprimir as contradiccións. Os mensaxes van encamiñados a atraer e ao por qué non... Así, botas man do pluriemprego ou saeste «por peteneras» e convírteste nun «asocial», nun delincuente, nun «chorizo».

Pro, tamen, nunha puta, porque a unica saída que se lles plantexa ás rapazas é servir nunha casa, fregar escaleiras, cuns salarios miserentos, soportando o señorito e señorita a todas as horas do día.

Criticándolles os modales, o linguaxe, coma se tiveran a obriga de ser coma iles. Entón, a alternativa é unha barra americana ou un burdel.

MARITA OTERO

VNIS

meus irmáns». Pero «O fran-
, que deprendeu a roubar
hes no mesmo reformatorio
: «teño o vicio no corpo,
do empecei a roubar nunca
faltou de nada, nunca, e em-
ei por unha bicicleta e hoxe
o que seña, cada vez se
le máis vicio, máis vicio, non
deixaría nin millonario». «O
ncés» anda á percura de dar
«golpe», un par de millóns,
ballados, sin ser ao descoido,
esita profesionalizarse...

Raúl conta, entramentras
tiña 16 anos cando lle de-
o tiro, e que inda hoxe se
nte con catarros ou apa-
do unha pulmonía. «Era pola
, traguíamos de Lugo u
he roubado, bloquéronno
ocaron con linternas, déron-
conta de que eramos rapa-
novos, non levabamos ar-
claro, pero dispararon a
sei eu!... cinco metros, caín
sin sentido. Leváronme á Re-
encia nova e despois fun ao
artel Militar, pero dixéronme
non querían que houbese
cio, déronme un papel, fir-
no e nada máis, tampouco
xulgaron polo do coche. Ocu-
seme denunciar o do tiro,
enllo á miña nai pero ela non
nada. Despois, aínda con-
ecente, ingresei na cárcel da
uña».

PADRE VILLA: «NON HAI DELINCUENCIA»

O Villa, que botou dende o
1965 vivindo nun arrabalde
máis tarde montou unha ci-
de de rapaces na que deu
oridade cáseque total nela
nenos das chabolas, pensa
e non hai delincuencia xuve-
Hai actitudes asociais, non
isocias».

Nembargantes, Istes rapaces
entre 14 e 20 anos, aceptan
término, síntense definidos
n il e ao mesmo tempo, asu-
en o seu papel coma unha
stura real.

«Niste tipo de comportamen
—engade— poderíamos dis-
guir duas causas: unha inme-
ata; a falla de asistencia ou
cultura por parte do medio
asa, entorno social). Este ra-
z está un pouco a mercede do
u capricho, do seu instinto
de todos istes impulsos que
tá apalpando do medio am-
nte».

«Outra mediata; as escasas
nulas perspectivas por par-
da sociedade que, además.
temos ahí como víctimas do
u egoismo —máis ben contra-
ccions en todo caso, apun-
nos nós— á hora de busca-
lucións. Así, vainos despacha-
nha liña de esmola que vai
nde os pantalóns usados ao
aco de pan, pra quitalos de
cima. Hai que ter en conta,
mén, a sua vida nistes barrios;
a vida mediatizada, probe, sin
idas. Mentras son nenos, non
ñen un resentimento contra
nguén. Pro cando chegan á
ubertade acádase a ruptura to-
contra todo princio e levan
nha unha vida de desorde, irre-
lar. E ao mesmo tempo, pro-
icese neles un sentimento de
vancha contra dunha sociedade
que os está maltratando.
embargantes, non lles fales,
or exemplo, de motivacións po-
ticas, de preocupación social...
orque lles esbara».

M. OTERO
M. LEDO



POUSA

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 43 ● DO 22 AO 28 DE NADAL DE 1978 ● 30 PTAS.

NESTAS FESTAS DO NADAL

SAUDE, AMIGOS



«Operación 5.000» é o nome da última camada de venezolanos que o SAF-PPO se encarga de formar técnicamente nas instalacións e co personal que tén polo noso país; SAF-PPO, estreitamente vencellado á Oficina de Emprego, que, ben ao contrario do que o seu nome indica ou das funcións que o Ministerio de Traballo di asignarlle, ampara coa sua actuación dende os famosos contratos por tempo limitado (3 ou 4 meses), o bloqueo das subas salariais (hai 3 anos, un soldador ganaba o mesmo que gana hoxe por exemplo en Montaxes Cancela, ou Silva, auxiliares de «Hijos de J. Barreras», unhas 7.500 pesetas semanais por xornadas de 10 a 11 horas e hastra sirven pra disimular o índice de parados organizando cursos aos que en teoría os traballadores sin posto de traballo teñen obriga de asistir: cursos de administrativos, idiomas, motores Diesel, TV en coor ,electrónica, electricidade do automóvil... cursos que a quen verdadeiramente aproveitan son ás moitas «operación 5.000».

DESPIDENTE E.....

OFICINA DE "DESEMPREGO"



As veces as empresas, por arte de Birlibirloque, descapitalízanse como pasou co grupo Alvarez, de cerámica («por Cabral díxose que a Carmen Polo retirara todos os cartos que tiña alí»), ou Casa Mar porque morre Javier Sensat e os herdeiros retiran o capital cara outros lugares; ás veces as empresas declaran crisis acompañada deseguido e polo xeral pola suspensión de pagos, como Barreras. da construcción naval, e o «Instituto Nacional de Industria» (INI), o Estado, faise con elas. Outras veces manifestan a necesidade de levar adiante unha regulación de plantilla, caso de ASCON, e do que se trata realmente é de desfacerse dos traballadores actualmente nas Contratas e facer outras novas. En calquer caso, o que sempre pasa é que te despiden e entón...

«Si tés cotizada a Seguridade Social por un período mínimo de seis meses durante o último ano e medio, inscríbeste na Oficina de Emprego e pasas a cobrar o 75 por cento do salario que tés declarado na tua nómina —a moitos estanlles pagando máis, pero non reivindican que o xornal real conste nos papeles e despois chega unha baixa, un accidente, a xubilación, e somente tés dereito sobre do que fan constar—. Ben. Así, durante o primerio ano e a partir del, xa pasas a recibir o 60 por cento por seis meses máis. Polo regular non deche atopado nada nin a oficia che proporcionou posibilidade de nada, os poucos traballos que aparecen ao seu traveso sortéanse normalmente entre conocidos. E quedas sin subsidio».

OS CHANCHULLOS COA PEQUENA EMPRESA

Efectivamente, cando pasou ano e medio dende o despido e o traballador queda sin subsidio, a situación simplifícase aínda máis. As escasas empresas que acoden á oficina de colocación pra incorporar man de obra e ganarlle un desconto do 50 por cento no que teñen que cotizar por ela á Seguridade social, hanlle ser facilitados somentes traballadores que cobren subsidio —hai uns días chamáronme, estaba cubrindo os papeles e un funcionario cometou: ¿cobras?. Xa non. E entón rompeumos»—. Esta é a segunda selección —a primeira son as listas negras que inda perduran— que fan os servicios da propia administración española sobre o dereito ao posto de traballo. Enfiado con todo isto vai vir no millor dos casos a promocións de contratos temporais, por exemplo os tan habituais de «financiación de obra» nas ausiliares da construcción naval, os acordos entre a oficina de colocación e as empresas, o servir, en definitiva, á política do despido libre e da **inseguridade no traballo.** E nesto consiste —repiten unha e outra vez os traballadores en paro de quen recabamos a presente información— nin nenos nin máis a operatividade das oficinas de emprego do Ministerio de Traballo.

«Conservas Gándara y Haz» despediron a unhas 20 traballadoras, «Valcárcel» e «Gama» ,colléronas por algúns meses. Despois, outravolta o despido e as traballadoras non terán cotizados os seis meses reglamentarios pra poder cobrar o subsidio...».

«Pero tampouco hai maneira de poder informarse de cáseque nada. Porque si na letra as empresas no poden contratar sin pasar pola Oficina, en realidade faise a eito, e por outra banda, a empresa forte —que acó é pouca e na maioría do INI— soluciona a sua poboación laboral directamente, sin que interveña pra nada a Oficina; con que ésta fai os chanchullos é coa pequena e a mediana, que dependen desta corruptela hastra que nalgún momento lle falla e engún momento lle falla e entón... á merda. E fállalle, coma todo, cando e dá a gana á gran empresa».

ADUBIAR A INOPERATIVIDADE

Nas oficinas de colocación, as principais demandas empresariais son prá costrucción de casas ou barcos —nas célebres Contratas—, pra conserva e pra viaxantes, dentro das condicións xa descritas. Do

CADRO BRANCO

A entrevista do cura Moreiras intranquilizou a certos sectores do Bispado porque denunciaba certo «clan» e calificaba de corrupción moitas das cousas que pasan na Diócesis. Dito por un cura.

CADRO NEGRO

A cinta grabada dunha entrevista concedida a Radio Lugo polo noso corresponsal, o cura Xosé Moreiras, foi recollida polo Ministerio de Cultura, día do referéndum constitucional, respondendo á denuncia formulada polo Bispo da Diócesis, Ona de Echave.

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.
Comisión de fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín, Fontenla Rodríguez, Xosé Luis, López Gómez, Felipe Senén, Morales Quintana, Xosé Enrique, Varela García, César.
Director: Margarita Ledo Andión
Redactores e colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Xosé López, Antón L. Galocha, Sisto G. Cabana (A Coruña), Lalo González (Ferrol), Paco Arrizado (Lugo), X.A. Carracedo (Ourense), F. Franco, Mario Pousa, Ignacio Briset, Guillermo Pérez (Vigo), Guillermo Campos (Pontevedra), F. Cusí, Emilio Veiga (Barcelona), P. Iparraguirre, L. Auzmendi, A. Amigo (Donostia), María Alonso, L. Celeiro (Madrid), C. Durán, R. Palmás (Londres), Carlos Díaz (Xinebra), A. P. Dasilva (Porto), X. Cambre Mariño (Puerto Rico), E. Ibarzábal, X. A. Gaciño, Moncho Viña

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Diseño gráfico: Pepe Barro.
Fotografía: Brais, Piño, Fernando Bellas.
Dibuxos: Xulio Maside, Xaquín Marín, Alfonso Sucasas, X. Carlos, Miquel Docampo.
Redacción e Administración: Troia 10, 1.º Santiago. Teléfonos: Redacción 582681. Administración: (De 10 a 14) 582613. Apartado 1.031
Imprenta: «Gráficas Alpima» Travesía de Vigo, 269 Vigo. Dep. Legal C-963-1977.
Distribuie: A Coruña e Pontevedra DISTRIBUIDORA LAS RIAS. Telf.: 209850-54 A Coruña. Bilbao: DISTRIBUIDORA VASCA, teléfono 4231933. Lugo: FOLLAS NOVAS, Telf.: 217685. Ourense: Vda. de LISARDO. Barcelona: F. RAFAEL ARTAL, Telf. 2433658.

resto, os milleiros e milleiros censados, somentes na provincia de Pontevedra fálase de 27.000), están na casa ou vense metidos en cursiños de especialidades «os soldadores nun de electricista, os electricistas nun de soldadores» sin ningunha saida, cursiños que sirven pra manter un personal morto, que provén na sua maioría da estinta organización Sindical do Estado —«en Burela habia sete estibadores pero facíanse cursos pra 30 supostos homes»—, cursiños que si son pra emigrantes ou fillos de emigrantes recíbense na «Casa de América» en internado pra apurar a saída do país, cursiños que teñen unha subdivisión da Acelerada, pra especialización, pero os de parados, os que vimos referindo, son os da SAF-PPO.

«Así, xentes que veñen do agro chegan e fórmana en dous meses. As empresas cóllena, non porque renda naquelo en que din que a formaron, e a proba é que seguramente a pon a facer outra cousa pero vana utilizar despois ¿pra qué?, pra cando o proletariado reivindique, esixa, non atope solidaridade..... Xentes que se viron obrigadas a sair do campo e que o capital utiliza, como utiliza ese desequilibrio entre postos de traballo e man de obra, ese exército de reserva, pra ter asalariados baratos, dóciles, de difícil conciencia reivindicativa».

Xa hai algún tempo, o daquela SOG —hoxe integrado na ING— encetara un movemento de parados concretamente en Vigo, indo ás colas —a presentación había que facela cada dous días e formábanse restras de 300 ou 400 tipos— pra espallar propaganda, orgaizar asambleas, realizar mitins... pero a administración decidiu acabar coas colas non facilitar nin con eso que se reunisen os parados, e distanciou a presentacion a unha vez cada 15 días, a un mes antes dos seis e, por fin, como na actualidade nesa cidade, somentes vas cando eles te chaman por carta.

«Estas si son as verdadeiras preocupacións das oficinas de emprego».


M. L. A.



LLANOS

As empresas maniobran, mesmo ao traveso da oficina de emprego, os traballadores fanno todo por evitar o desemprego. (Marcha de Ascón, o 10 de maio).

GATUSA



UNHA CARAVANA FEITA NO PAIS GALEGO
PRA DISFRUTAR POLO MUNDO
GRANDES FACILIDADES
DISTRIBUIDOR

CL

comercial
LAMAS

CASA CENTRAL
Avda. de La Coruña, 93-95 LUGO
Telfs.: 211641-215726-213286
SUCURSAIS
C/ General Franco, 24 AS PONTES DE
Télf.: 450674 GARCIA RODRIGUEZ
Av. Navia Castrillón, 12
Tel. 560704 VIVEIRO

¿Gustarialle levar un xornal mais a sua casa?

Porque a sua confianza en nos ten premio.

SORTEO 29 DE NADAL
54 DIA UNIVERSAL DO AFORRO

PREMIOS. Un xornal de 40.000 pesetas, cada mes en todo un ano. Un coche "Ford-Fiesta. Cinco televisores en coor de 22". Dez ciclomotores de 55 c.c. Cincoenta premios de 10.000 pesetas. Cincoenta premios de 5.000 pesetas.



A.B.E. 25/5/78

AO FACER OS SEUS INGRESOS
DAMOSLLE AS RIFAS
EN CALQUERA DAS NOSAS OFICINAS.

CAIXA DE AFORROS DE SANTIAGO
caixa confederada

A NOSA TERRA
PERIODICO GALEGO SEMANAL

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 44 ● DO 29 DE NADAL DE 1978 AO 4 DE XANEIRO DE 1979 ● 30 PTAS.

QUE SEÑA UN ANO NOVO!





Dende a intuición de que o noso idioma era algo máis que unha ferramenta pra entendérmonos á militancia nacionalista e popular na AN-PG pasaron algúns anos e cada vez creeu menos no intelectual que se proclama independente e aideolóxico, «unha forma como outra de evitar compromisos». É un dos poucos autores preocupados pola literatura infantil e vai sacar un libro «As ruas do vento ceibe» con versos pra nenos en catro partes: a patria, a cidade, o mundo e as cousas e os héroes. É tamén un dos poucos autores que tén feito poesía cointural do momento ao millor porque deprendeu a facer versos con Paderne, poeta popular de Outeiro de Rei, e na poesía popular o cotián pesa, pesa moito.

MANUEL MARIA

Fidelidade á poesía e ao país



Quizabes señas un dos escritores máis conocidos popularmente no noso país, e todos sabemos que eres da Terrachá luguesa. Falanos tamén do teu orixe social.

Eu procedo dunna familia labrega máis ben acomodada. Na miña casa, cando eu era neno, ademais das terras que había en Outeiro de Rei que viñan mantendo a unhas once vacas, cobrabanse alguns toros e unhas 30 fanegas de sendas. A miña familia, tradicionalmente, foi unha familia de subcaciques da comarca e de cregos e, dende o século pasado aos días de hoxe: primeiramente foi alcalde un tío de meu pai, tolmo meu pai moitos anos e as sesións do Axuntamento celebrábanse na cociña da miña casa a súa morte, no 43, tolmo outro parente e agora eo un primo carnal que tén uns 30 anos de alcaldía.

Teu pai, además, líalle aos xornaleiros a prensa...

Nos anos da guerra e un pouco antes —pilloume con 6 anos— había xornaleiros sobre todo prá recolleita das patacas e pra certos traballos como outonar. Lembro que un criado erguíase co día a abrir a porta. Os xornaleiros estaban agardando, traballaban todo o día, ceábase e despois de cear meu pai obligáballes a rezar o rosario e logo facíalles unha lectura de «El Ideal Gaego» que era daquela o xornal máis reaccionario de Galicia, que se non estaba dirixido polo coengo Toubes, tiña nel unha influencia total, e era unha lectura pra contrarrestar o que eles chamaban «a mala prensa».

Tí levas escrito uns 20 libros de poesía, cinco ou seis de narracións, moitos artículos, algún pequeno ensaio, e unha ducia de cousas de teatro, ¿qué senso tén, dentro da tua obra, escribir semanalmente «Andando a Terra»?

«Andando a Terra» é unha sección que eu fago con moito agarimo e o que quero é dar unha visión, o máis personal posible, de Galicia, pero da Galicia real e non da que sal nas diversas Guías. Dende a descripción dun val aos meus viaxes pola Bretaña, onde topei galegos, ou as saídas a Suíza, onde tiven un gran contacto coa emigración —unha Galicia traxica e terrible—, en cada artículo fun contando esto que se chama un pouco a intrahistoria que, pra o que eu entendo, é unha das chaves fundamentais da historia.

Empezaches a escribir, aló polos anos cincuenta, poesía esistencial, ¿qué relación habería entre esas formas literarias e a situación do movemento social e político daquel intre no noso país?

Do internado dos Maristas e o Instituto de Lugo pasei a vivir cun tío crego, de vocación tardía, que fixera o doctorado en Roma con Cantero Cuadrado e que no ano 40 e tantos; sendo profesor en Madrid, fixo un discurso de inicios do curso que se chamaba «Notas para una filosofía de la Falange» e a miña formación destes anos foi máis ben unha deformación... de todos os xeitos, e dunha maneira intuitiva, eu sempre me mantiven fidel ao meu idioma, meu pai tiña algúns libros en galego e eu empecei a escribir en galego (a xente da miña mocedade viviamos nun ermo, baixo da influencia arrepiante do nacional-catolicismo, aquela asignatura que se chamaba «Formación del Espíritu Nacional», un profesorado depurado...) E no 50 conocín a xentes que tiñan algo que ver co galeguismo coma Fole, Pimentel, Anxel Xohán, unha persoa moi importante, hoxe algo esquencida, condenada á morte aló en Canarias, a Iglesias Alvariño, que era amigo do meu tío, e decateime que Galicia tiña unha personalidade, unha cultura, unha lingua, e que esto tiña unha personalidade, unha cultura, unha lingua, e que esto tiña que ser fundamental pra o noso futuro. Pré miña xeneración —Cuña Novás, Novoneyra e eu—, desorientada, o esistencialismo penso que era unha filosofía que traducía moi ben a unha mocedade que perdera unha Guerra Civil e unha Guerra europea. Máis tarde, as cousas foronse clarexando e fomos cara posicións nacionalistas despois unha longa e doorosa esperiencia de autoformación, **que tería que ver co desmantelamento organizativo e político do galeguismo...**

Sí, o galeguismo queda borrado como organización. Son testigo do primeiro intento da mocedade de organizarse políticamente, xustamente en Lugo no ano 60.

Falache da importancia das influencias personais naqueles anos ¿a quen destacarías?

Unha das persoas polas que sentín unha grande amistade personal e me deslumbrou foi Carlos Maside, e prá miña formación personal foi un home clave e fundamental. No 52 e 53 que estiven en Santiago facendo o servicio militar, púidenme formar culturalmente na Biblioteca de Maside, moi rica en temas galegos, e o seu sentimento nacionalista foi clarexador pra min en moitos aspectos. Maside era un marxista e ás primeiras persoas que, por decilo así, se abriu na post-guerra penso que fomos a Novoneyra e a min. Temos falado moito, tanto na casa del como no desaparecido café «Español» e nas voltas que temos dado pola Ferradura. Maside, dende logo, tiña moi claro o concepto de Galicia nación, moi ben asimilada toda a teoría política de Castelao, conxugado, penso eu que dun xeito correcto, co que debe ser o internacionalismo proletario. Tamén conocín bastante a don Ramón Cabanillas, que era unha persoa moi sinxela pero que non falaba nin de poesía nin de política, contaba anécdotas da súa estancia na Academia Galega e sobre todo falaba moito da súa época de secretario do Axuntamento de Mondariz e dos seus viaxes a Portugal con D. Enrique Peinador. Algunhas veces que, tomando cuncas de ribeiro, ás que era moi aficionado don Ramón Cabanillas, tentei preguntarlle pola súa propia poesía, daba respostas evasivas.

¿E os persoeiros considerados históricos do galeguismo?

Sí, Otero Pedrayo, que era un home cunha gran humanidade, unha gran forza galega como o pode ser o Miño ou un carballo centenario e que contaba algunha cousa da República. O seu galeguismo era moi de dereitas, o mesmo que o de outras persoas coma Cuevillas, que cando o conocín estaba terriblemente preocupado polas conferencias de San Vicente de Paul. Outro persoeiro co que tiven gran contacto foi con D. Vicente Risco, sempre desconfiado e reservado ao falar de política. Pero outro personaxe pouco valorado e que quizabes fose o máis nacionalista que eu conocín foi don Ramón Vilar Ponte, que tiña moi vivo todo o proceso dende as Irmandades da Fala e unha concepción do mesmo moi militante e, dende logo, a incomprensión dos seus fillos.

A tua chegada, pois, ao nacionalismo baixo dunha perspectiva antiimperialista. ¿cómo foi?

Xa estaba en Monforte vivindo e unha cousa que me impresionou moito foi a revolución arxelina e o benbellismo, como a toda a mocedade que formaba a nova narrativa, que xunto coas teorías de Fannon penso que foi o que nos empurrou a orgaízarnos políticamente. As primeiras reunións das que teño noticia e ás que asistín tiveron lugar aquí en Lugo no ano 60 e chegarían a callar no que se chamou o consello da Mocedade, polo 63, e a partir dese momento penso que se empezaron a perfilar distintas correntes que por un lado darían o PSG e polo outro a UPG.

Daqueles anos ao que hoxe é o MNPG, ¿qué pasou?

Déronse pasos asombrosos. Daquela, por exemplo, tentemos un plan de axitación que iba consistir en espallar a multicopista un testo de Castelao. Era unha cousa nebulosa e había un gran sentimentoto de Galicia e unhas reivindicacións máis culturalistas que sociais. Logo todo se foi clarificando cada vez máis —ahí están os 10 puntos de cando se fundou a UPG, que nin siquer se declaraba marxista—, hastra hoxe. Unha cousa que me parece fundamental na historia do nacionalismo é a fundación dos sindicatos, xa que entendo que na loita de liberación nacional compre ter organizadas ás clases traballadoras. Unha cousa que persoalmente me fai ter gran fe no trunfo do nacionalismo galego é que por primeira vez ten unhas forzas sindicales propias.

¿E hoxe, diante do resultado do referéndum e ás portas das Municipais?

O resultado non me sorprendeu, e penso que é moi importante eses 60.000 nons que houbo e que foron votos militantes, xa que ás forzas nacionalistas, concretamente o BNPG non poido facer a súa propaganda: negároselle os xornás de Galicia, negouselle o televeso, prohibíronselles as movilizacións populares, quedando a campaña reducida a uns cantos mitins, un pouco máis de propaganda, os votos negativos multiplicábanse. En canto ás Municipais, e si femos en conta que o elemento ciudadano é relativamente pouco en Galicia e que nos concellos de vila e rurais coñécense moi ben ás persoas si o nacionalismo dá con xentes honradas e populares, que as tén, penso que se pode levar moi ben a campaña cara adiante.

¿Cómo ves o aninovo prás clases populares?

Vai vir unha época difícil e en principio parece que todo está en contra, cunha Constitución española que reserve pra sí cousuas que nos importan tanto como a ordenación pesqueira, a da banca, os recursos mineiros; coa entrada no MCE; coa apertura, sospeito, de novas vías pra emigrar —estou pensando no viaxe de Suárez a Venezuela— pero sempre temos algo que non poden evitar: autoorganizarnos.

M. L. A.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 46 * DO 19 AO 25 DE XANEIRO DE 1979 * 30 Ptas.

SAMOS: A AGONIA DO CLERO FEUDAL

E algo máis que un axitador agrario. Seu pai era o director xerente da "Artística", na Coruña e por parte de nai estaban ligados con Simeón García, procede, pois, da pequena burguesía comercial e industrial. Andaba a facer Dereiro na Universidade e un día, ao voltar dun campamento de milicias, meteuse cura: "non estaba integrado socialmente, o Dereito non me gustaba e...".
Pero pouco e pouco integrouse na nosa realidade, e a parroquia de Sesamo xogou nesto un importante pepel. A sua solidaridade cos intereses populares foron sempre feitos e por eso foi represaliado e por eso tén vida política pública, como dereito e como deber.

MONCHO VALCARCEL

Galego antes que crego

A traveso do teu medio familiar ¿cómo viches a posición da pequena burguesía respecto deste país?

En primeiro lugar, Galicia como Galicia non lles interesou absolutamente nada, viviron alleos á realidade, é máis, na miña casa falouse o español e tanto era así que eu, ao parecer, tiña certo acento galego: "a este chiquillo hay que mandarlo a Valladolid porque ese acento...". Eu tamén era alleo ao país e cando decía "són da Coruña" era remarcando o feito de que eso non era ser galego.

Despois fuches adquirindo capacidade de solidaridade coas clases populares...

Pero foi moi lento, e na medida que fun conocendo a realidade, porque no medio no que me movía non somentes se desconocía, senón que se despreciaba todo o galego empezando pola xente. Por exemplo, aos do campo considerábamolos patanes, que falaban a língoa das bestas, pero gracias á realidade xa vas collendo un vieiro nacionalista. Fíxate que eu tiña tamén no meu haber os anos do seminario, de castración total, onde te educaban pra ser un colonizador, ou mesmo os anos que pasei en Roma, onde en moitos aspectos me preparei millor e vin cousas, pero referente a Galicia... si, foi o follón de Castrelo do Miño cando eu estaba aló, e naquel entón defendía a FENOSA. Ben, pero este 13 de marzo fago oito anos na parroquia de Sésamo, que foi a primeira que tiven, e sempre lles dixen que foron eles os que me axudaron a tomar conta da realidade. Anos máis tarde lin o "Sempre en Galicia".

Ti traballaches con organizacións españolas, ¿cómo te vencellaches ao galeguismo?

Na parroquia tíñamos un grupiño de traballo que colleu certa sona —editábamos un periódico apoiándonos naqueles privilexios da Eirexa, que non pasaba censura porque nos consideraban unha folla parroquial, e empezaron a vir grupos políticos. Traballei algo, menos dun ano, co PC no campo, hastra lles puxen o nome ao boletín "o voceiro labrego" que non lles gustaba porque se confundía coas Comisiós Labregas; precisamente ao traveso delas accedín eu ao galeguismo, xa que coas organizacións españolas non estaba dacordo nin co seu pensamento nin coa sua actuación, sempre discutiamos, e ao non ser nacionalistas sempre chegaban a pactos con caciques —daquela andábamos ainda no franquismo—, chegaban a defender a Corzo: que si era unha persona aproveitable pra democracia, que si era liberal e se enfrentaba ao Ministro e tal...

Unha das cousas máis conocidas pola opinión pública é a loita das Encrobas, na que tí interviñeche...

Fanme gracia cando falan das Encrobas, e eu digo que chegaron a ser as Encrobas porque estaban organizados dentro do MN-PG senón pasaría sin pena nin gloria. A miña misión foi axudar, e din a cara porque sería comenente, pero había moita máis xente traballando. A min detivéronme cando fixeron o cuarto intento de ocupación e houbo os enfrentamentos. Mais tarde tamén fun levado ao cuartelillo polo de Baldaio, xusto durante a campaña electoral do 15 de xunio, que iba de senador polo Bloque.

¿Qué sinalarías encol do movemento organizativo actual no agro?

As dificultades son espantosas porque todo o van tentar canalizar pola Xunta e imos dados! pero a loita será como foi sempre: que si folgas do leite, que si reclamación de aquí, que si reclamación de alá e hai que ver a violencia que sofre o campo, incluso tén dereito a enfrentarse anque somentes fose como lexítima defensa e con esa maldita Xunta que teñen que irá a canalizalo todo...

Según o que dices, o que necesita tamén o labrego é ter opinión sobre o que é a Xunta políticamente.

Sí, ver a maniobra e penso, ademais, que o labrego é político pero non tén mentalización política dabondo. Ao españolismo non lle interesa que a teña, porque ao millor queda ao descuberto e quen deu certa politización foi, como lle chaman no campo, o Bloque. Non é propaganda nin puñetas, é así, axudou a concienciar e a proba é que é quen tén influencia no agro, os outrós fan paternalismo: "Vd. no se preocupe, que le vamos a poner un teléfono público en la parroquia"

Nas pasadas eleccións correra o rumor de que tiveras un atentado, e inda así, sacaches máis de 30.000 votos...

Bueno, na campaña non houbo feira ou parroquia onde non fixéramos presencia, e uns días antes, o Cesáreo das Encrobas veu precipitadamente a Sésamo e cando abrín a porta deume un abrazo. Eu pensei, ¿e a éste que lle pasa? "home Moncho, menudo susto, dixeron que morreras, que te mataran pegándote un pau na cabeza" e o rumor hastra saiu na prensa e eu supoño que igoal... bon, en resumidas foron os enemigos de Galicia... dábase o caso de chegar xente aos Colexios e decirlles ¿por quen vas a votar, polo cura? Pois está morto. E eu axudando a cargar un camión aló en San Cosme tan tranquilo.

¿E como ves hoxe o panorama electoral?

Hai algunhas siglas que acaban de nacer porque ven un movemento nacionalista que tén forza popular, que por ser popular o consideran estremista e din "imos crear outra cousa con facha de galeguista, con personas de apelidos galegos que falarán galego".

¿Qué dirías diante da frase tan ouvida de que un crego non se debe meter en política?

A Eirexa, moi sutil, di que quen tén "cura de almas", ou seña quen tén parroquia, non pode adoptar unha postura política pública porque tén que ser un elemento de unidade, pero eu considero que un crego é un ciudadano, un ciudadano galego no noso caso, e que tén uns dereitos e unhas obrigas, e aquí en Galicia unha obriga moi grave, porque si queremos o millor prá nosa terra non nun senso folklorista senón axudando a facela cada vez máis ceibe e cada vez máis popular, non adoptar esa postura pode ser moi grave. Sempre digo que os cregos son un pouco ácratas, como se di hoxe, pasotas. Falan de política, hai algúns moi enterados de doctrinas, etc., pero despois comprometerse no concreto, deso nada; "nos estamos por riba" pensan, e a min paréceme unha postura soberbia.

De non presentarte agora ás xerais ¿a qué se debe?

A miña posición virá condicionada pola entrevista que tiven recén co Arcebispo, que non poñen impedimento, pero baseándose no de "cura de almas", pódeste presentar pero tés que cesar na parroquia.

Xa, pero coa parroquia vai a nómina, creo eu, e a dependencia vosa da Eirexa é tamén económica...

Eso sí, si tés outro traballo atendes igual á parroquia e nadie te pode cesar, a non ser a parroquia mesma. A conto desto, penso que os Seminarios non deberán esistir, e si un individuo lle gustaba ser crego, pois ben, faría uns cursillos de Teoloxía ou de Sagradas Escrituras e sería crego pero de profesión, ¿vostede de que é? pois fontaneiro, e exercería como fontaneiro, pero o que temos no carnet de identidade como profesión é clérigo.

Eso que dis, introduciríavos doutro xeito na problemática social.

Sí, porque eu creo na Eire e facendo así a cousa purifica se e deixaría de ser unha arma servicio do capital e da colon ción no noso caso.

¿Veslle futuro nese senso?

Por sí non cambea, sera sociedade a que a transfor sería como decir que os colo listas un bon dia se sentan redor dunha mesa a cav "coño, temos que camb efectivamente Galicia é u colonia", como si viñera Espíritu Santo.

E a nosa sociedade fara medida que se galeguice...

Galeguizada sempre estiv escepción de certos secto pero compre afondar na conc cia política, e en época electo e contra o bombardeo medios de comunicación, que conseguir que a xente n pense que os nacionalistas son honrados, boas personas p que os outros, os que saen tele, ¡mandan forza! por todo o que se tén consegu acó, se se pensa en quen traballou xa non haberá dúb sobre si os outros solucio nada. Unha anécdota. N problema da praia de Barraí vén o outro día a Comisión e dixo "si xa falamos con fula de tal partido, porque iba es co Gobernador pra que lle dix tamén do noso caso". Poi unha burrada, porque ese se non tén porque ir tomar café Gobernador e falar por deixándovos ahí pra que n levedes o protagonismo, vós sodes clase popular e galega. claro, nós non o fixemos malicia". ¡Home claro!

MARGARI



XURXO FERNANDEZ




XURXO FERNANDEZ

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 47 * DO 26 DE XANEIRO AO 1 DE FEBREIRO DE 1979 * 30 Ptas.



A NOSA MUSICA POR DENTR

ALEN DAS CANTIGAS

(Páxinas 10 e

AUTOPISTA

De novo o tira e afloxa

(Páxinas 3 e



FORTES BOUZAN

O baile do posibilista

(Páxina



Falou nalgunha ocasión da "converxencia operacional dos socialistas" pero en Galicia esta frase pertence ao mundo da irrealidade política. Falou sempre de adaptabilidade, e fíxoo entrando hai menos dun ano no PSOE e conseguindo o primeiro lugar da lista electoral por Pontevedra, inda que decontado o Partido Socialista Obrero Español "o defenestraba". E fillo de labregos da terra de Cotobade e fíxose militar na Academia de Zaragoza. Pasou toda a sua vida profesional en Pontevedra, e a raiz da sua pertenencia, á UMD separárono do Exército. Acúsase unhas veces de posibilismo e outras de deformación estatal, entre a ambigüedade de non querer entrar na OTAN ou pre ocuparse por certos problemas locais —que por outra banda sempre poden dar certo rendemento electoral— pero non pode globalizar a situación galega...

FORTES BOUZAN

O baile do posibilista



XURXO FERNANDEZ

Vostede aparecía ligado, a unha organización de ámbito galego, a APG. ¿Cómo se dá o paso a unha organización española como o PSOE?

E complexo. Coido que temos unha realidade, o Estado español, e que as transformacións que hai que realizar hoxe pasan por ese ámbito e necesitamos, pois, partidos estatais, pero non quero decir partidos centralizados estatalmente, senón que teñan presencia nas distintas áreas e, dalgún xeito, que se organicen de xeito federal como é o presuposto do PSOE. Os problemas que tén España dende o punto de vista internacional, de defensa, en fin, non se poden solucionar nunha nacionalidade, e coidaba que era importante coordinarse dentro dun partido que tivera como principio a idea federal e que si non funcionaba aínda así, era porque non había unha práctica federalista, pero que se podía poñer en marcha.

E na realidade, pasou de defender o asamblearismo a un partido fortemente burocratizado.

O partido burocratizado vino agora, porque hastra acó tiñamos as nosas asambleas locais e provinciais, elevábamos as decisións ao partido e todo parecía correcto. A primeira proibición foi a da asamblea de Marín, feita ademais por un órgano que non tiña competencias sobre dela, e estamos vendo xa o funcionamento dun aparello de represión central e xerarquizado.

Unha proibición relacionada coa loita polas cabeceiras de lista...

O carácter da Asamblea de María foi o de respetar ou non á decisión da maioría, porque a lista de Madrid tivo entre 10 e 20 votos sobre 230 prá confeccionada na provincia. Está claro que os militantes de acó conocen esta realidade e as alternativas políticas que cada persoa propugna e se definen arredor dunhas listas, pero o aparello central define a sua lista en función de fidelidades e prodúcese unha ruptura que o partido somete á vía disciplinaria, con mecanismos clásicos de acusación e manipulación. Quedei incluso solprendido polo feito de non estar presente na asamblea alguén do aparello estatal pra dar esplicacións de por qué se cambearan as listas e tamén pola ausencia dos mesmos delegados provinciais que fixeron o que Madrid dixo —supoño que lles darían a sua gratificación—. Dende ese momento, o partido empeza a funcionar dun xeito intolerable.

Falou de que aquí fixeran unhas listas dacordo coas alternativas que propugnaban as persoas ¿cal era a sua?

Eu xa fora partidario, inda que eso non trunfou, de facer unha candidatura única, con forzas galegas, pra o Senado, diferenciando así ao noso partido de UCD. O programa sería por certos puntos mínimos nun Estatuto e contra dun aparello caciquil, tamén a defensa da lingoa, que sempre tivo problemas no Partido, e continuar co periódico que faciamos acó, do que sairon 3 números —no último a editorial foi o que sentou pior, chamábase "A Autonomía que nós queremos"...— por exemplo, a tesis do candidato oficial era que nos deixaban duas columniñas en "El Socialista" pra que, folklóricamente, metéramos alí un articuliño en galego.

Cos feitos por diante ¿cómo valora aquelas declaracións feitas non hai moito en torno á "unidade socialista" sobre da maior operacionalidade dun partido estatal e da sua posible galeguización?

O PSOE non é Alfonso Guerra ou Felipe González, inda que hoxe funcione así, e creo que un partido estatal é preciso pra cambear este país, pensando incluso nas leis que hai que resolver, como as das FOP ou as das forzas militares. Por exemplo, é precisa unha coordinación pra non entrar na OTAN, xa que dende Galicia non conseguimos eso. O PSOE, trunfador sobre da antiga Federación de Partidos Socialistas, foise definindo como federal na medida en que lle foi necesario, pero a realidade política parece que non é así, e ahí está o aparello burocrático, a apelación á disciplina, a proibición dunha asamblea que pensei que eran recursos somente do franquismo. Estamos nunha práctica que encerra grandes peligros. Por exemplo, en Catalunya non se cambea ningunha lista, pero acó, mentras o partido pague servicios e coa floxedade política que tén, a xente aprovéitase desta situación e uns cantos individuos están provocando a aparición de fideles a Madrid pra encumbrarse por ese medio.

Sábese do xogo de intereses personais pra aderirse aos chamados grandes partidos; ¿neste caso foi así?

Non é un problema de 3 ou 4. O partido decidiu sustituir as decisións da maioria penso que pra asegurar, con vistas ao prósimo Congreso, á xente non conflictiva. Foi unha decisión meditada e sabedores de que iba rachar o partido e ser un fracaso dende o punto de vista electoral. Preguntaríame si a UCD, que fixo máis ou menos o mesmo, non se entendería con eles.

Ao referirse á operatividade ou non dun partido estatal pra non entrar na OTAN quedou pendente outra entrada, que pra Galicia tería graves consecuencias; a entrada no MCE.

Eu aí non teño claro o mecanismo de colaboración. Temos un comercio máis beneficioso e equilibrado con Europa que con América... pra Galicia entrar sí, tén moitos incomenentes, pero a nivel de Estado non o teño nada claro, e ao millor era unha vía pra asentar aquí un camiño de certo desenrolo, e o contrario implicaría un pequeno desastre.

O que sí está claro e que non hai identidade de intereses entre Galicia e outras comenencias no Estado; dende a sua posición política ¿cales privan?; por exemplo, ¿cómo valoraría o que representou o Pacto da Moncloa pra os traballadores galegos?

Eu a realidade galega véxoa dunha maneira concreta, estou sempre aquí, e ao millor teño algunha deformación de tipo estatal porque o meu ámbito profesional foi moi estatal... entón pra min os problemas, as alternativas e as solucións de todas as contradiccións que temos acumuladas pasan moito polo ámbito estatal. Eu estou en desacordo con decisións que nos perxudiquen, como as que afectan aos mestres, ao aos licenciados. Eu mesmo, se non teño plaza en Pontevedra, non teño prioridade pra unha en Padrón ou Santiago frente a un licenciado de Almería, porque Galicia nas delegacións do aparello do Estado non esiste. Eu agardaba que esto se fose conquerindo nunha praxis estatutaria crecente, porque non vexo posibilidades de autogoberno con competencias absolutas, vexo que o marco constitucional limita moito, bueno, limita relativamente...

Os partidos estatais puxéronse de acordo pra o Pacto da Moncloa, que aquí se traduciu na crisis de sectores fundamentais; entón, un partido que se denomina "obreiro", ¿qué postura toma nunha situación como a galega e diante do precio que vimos pagando, a emigració

Sí, sí, claro, un precio do c todo o mundo debe ser consci te do que comporta a ni individual e social; pero entramos nun xogo de apre cións: os desexos son unha co e políticamente certas impo cións a min funciónanme. nivel de desexo un poderí definir políticamente asegún estímulos que recibe no entorno pero despois ven presencia dun aparato de Esta que está ahí...

Como analiza, entón, o pro so de galeguización da n sociedade, tamén no eido autoorganización das clases ciais?

Creo que a galeguización única saída, porque senón somos nós mesmos... hai retomar as nosas raíces, p non é mirar soio pra aba senón tamén prás follas e pr entorno... a galeguización pe que é irreversible.

Si pensamos que nas conqu tas que foi facendo o po galego frente a certo tipo industrialización, a oposición problemas como a Autopis etc. non tivo nada que ver PSOE, ¿por qué vostede pedí voto pra este partido?

Dende que eu estou nel —m do 78—, o PSOE cambeou a s perspectiva con relación á Au pista ou pediamos o traslado Celulosa. Claro que eu non po cambear a declaración de prin pios.

E no agro, con problemas contestados como o da Cuo ¿qué posición tomou?

Eso foi un problema supoño que o PSOE nin tratou, e eu dende que cheg toquei o tema da Autopista, que era moi sensible, e o Celulosa de Pontevedra, que era moi prósimo.

Vai facer tres anos que adica profesionalmente ao en no, ¿cal foi a sua participaci nas reivindicacións sectoriais de galeguización do mesmo?

No instituto onde estou, galego é a lingoa normai, é instituto novo, con rapaces bo dos de varios sitios por susp der; traballamos ben, e medida das miñas posibilidad preocúpome pola calidade ensino. Pero nun senso xeral n estou moi ligado a ningún ti de actividade sindical.

Dende que o galeguismo define como antiimperialis utilízase no noso idioma término Nación, en troques partidos estatais falan sempre nacionalidades ¿por qué?

Bueno... eu supoño que palabra nacionalidade cost metela na Constitución e per que é un problema de posibi mo político, eu acúsome posibilismo...

M. LEDO ANDIC

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 48 * DO 2 AO 8 DE FEBREIRO DE 1979 * 30 Ptas.

DIVORCIO:

SI, QUERO



EMBALSE DE VILAGUDIN

Que fale FENOSA

PAXINAS 3 e 4

"Incontrolados" en Compostela

PAXINA 5

O VENENO DA ABELLA

PAXINA 16

Promoveu a fin dos sesenta a "Auriense" entre o galeguismo tradicional do café Miño e uns rapaces novos que se reunían no Coralín, saben "que tiña que ser un niño de inquedànzas políticas disfrazada de Agrupación Cultural, posto que os tempos non permitían nada máis" e foi vivindo a alineación da Academia Galega, por exemplo, ao lado do Instituto de Estudios Orensanos, que nacera como réplica oficialista á mesma, ou o desmembramento da "Breogán", auspiciada polo Partido Comunista Español e o afortalamento da vella Agrupación entroncada co nacionalismo organizado. Antón Fernández Sánches, de 51 anos, e viaxante de tecidos e candidato ao Senado polo BN–PG.

ANTON DA PONTE

"Galeguismo sí, pero anti-imperialista"

Dende moi cedo vencelláchete ao galeguismo, ¿cal foi a causa?

Teño que empezar falando do meu pai, fillo dun labrego-carpinteiro, dun simbiótico, que deprendeu a ler con doce anos e aos trinta era mestre con plaza. Pois ben, espulsárono do maxisterio no ano 40 e o único que lle puideron demostrar era o seu galeguismo. Era un home que prefería falar co labrego que co cacique e os caciques molestáronno todo o que puideron xa cando a guerra, e todo eso quedou moi marcado en min. Cando eu tiña catorce anos, reingresou ao maxisterio, pero mandárono pra Castela. Xa saber que era a técnica do imperio, e eu sentín moito aquel desterro, e poidoche decir que xa daquela o meu pai e máis eu escribiamonos en galego. Poido decir, pois, que o meu acceso galeguismo veume dado por xeneración verbo daquelas inxusticias que se facían por m or do galeguismo.

¿E a conesión, xa máis adiante, cos xermolos organizativos do nacionalismo?

Por unha serie de azares, aos trinta anos comencei o viaxe comercial que me levou a entrar en contacto cos cataláns –entón encetábase o movemento da Nova Canço–, un bo día chegoume un papel da Asociación Cultural de Vigo, onde se recollían firmas pra cursar unha documentación a propósito de que, despois do Concilio, se pretendía que a Liturxia galega se fixera en galego e, por outra banda, eu cismaba na posibilidade de sacar un boletín, polo menos semanal, en galego, quizabes impulsado por aquel suplemento semanal que tiraba o Tele-Express, o Tele-Estel e empecei cos primeiros contactos. Recordo que cheguei a Pontevedra e comencei a mover tarxetas dun lado pra outro, tarxetas de amigos pra outros amigos porque tentaba, dada a miña movilidade, xuntar un núcleo de xente disposta a escribir pra facer unha cousa moi sinxeliña –nin moito menos soñaba cunha cousa da dimensión de A NOSA TERRA– pero que saira á rua. Por certo que cado estiven en Pontevedra pra ver a amigos como Tino Caamaño ou Fontenla, pois estaban moi escamóns e cando chegamos a ter máis confianza confesáronme que, ao aparecer eu por alí conocendo nomes, direccións, teléfonos e falando daquela maneira, tomáronme por policía. Entón eles estaban escamóns de min e eu non me esplicaba como aquela xente que me recomendaran tanto tiña tan poucos azos.

¿Qué significarías do galeguismo de aqueles anos ao de hoxe?


O contraste é brutal. O galeguismo dos anos 60 era máis ou menos romántico, máis ou menos de boa fé, pero non se vía o nivel de compromiso, nin de actividade nin de organización que se ve hoxe. A xente que acudía ao galeguismo era máis ou menos ilustrada, pero moi condicionada e non conseguía atraeá mocedade; hastra os que querían combaternos politicamente tildabannos de carcas, pero houbo un momento significativo acó en Ourense que foron os cursos de galego que deu Paco Rodríguez na Auriense, e que foron realmente revulsivos, empezando daquela a "rescatar" a un bon número de xente.

Pola tua actividade profesional, tés un conocemento práctico da pequena burguesia comercial e industrial...

En Galicia, Terra de traballadores fundamentalmente, hai unha gran cantidade de persoas que hai 20 ou 30 anos eran asalariados e que traballando 16 horas ao día deron montado empresas (algunhas das que hoxe teñen 100 obreiros vinas nacer eu en buhardillas, contando saias ou pantalóns na mesa do comedor). Pero en Galicia, como pasa en todos os países colonizados, prodúcese unha pequena-burguesía mimética que cai no absurdo: como fixeron unha empresa que lles costou moitos suores, noites sin dormir e empeñarse hastra as orellas, resulta que se sinten capitalistas. De feito, a alta burguesía aprovéitase diles por unha razón: aos obreiros xa lles saca o máis que pode, e como Facenda e un criado dos oligarcas, xustamente os paganos da festa son os pequenos e medianos comerciantes e empresarios que cangan con todos os tributos... pero siguen a imitar os modos e as modas, len a revista "Hola" e queren vivir a sua vida estilo "Hola" particular; polo tanto, acuden ás ceas dos sábados, visten á muller con abrigo de pieles e son totalmente antigalegos.

¿Antigalegos por inxenuidade?

Non son inxenuos, son renegados, pero de boa fe. Na dictadura, por unha serie de situacións, puideron xuntar un capitaliño que agora lles estafan. Todos os aforros que fixeron canalizáronllelo pra inventos como Sofico, invertiron en bolsa e a bolsa caiu en barrena, e non por casualidade, senón porque a oligarquía manexou a bolsa en beneficio propio e en perxuicio do pequeninversor pero non teñen conciencia de que son os paganos e



XURXO FERNANDEZ

síntense capitalistas. Eu dígolles moitas veces: ¡Pero animal! ¿Tí pensas que si foras un capitalista estarías ahí tras da tuamáquina, tras do teu mostrador vareando metros de tela? ¡Tí non es máis que un obreiro autónomo un pouco aventaxado!

Nestes tempos de eleccións apareceron siglas, xurdiron colacións...

Eu podoche decir que a algún amigo meu que me falou do rexurdimento deo Partido Galeguista, díxenlle esactamente tal como o sinto estas palabras: ¿Ti pensas que se pode rexurdir un nome glorioso sin que con il resuciteos mortos que piden xusticia? E eles, moitos amigos meus, pretenden resucitar o neme nada máis, pero por tras hai os nomes de Castelao. Bóveda, e tantos outros galeguistas, e un partido non se pode resucitar impunemente sin tomar as obligas que ese nome leva consigo. Na mesma línea eu consideraría a determinados outros. Teño moitos amigos tamén noutros partidos que pertenecen a esas coalicións, que pretenden ter teorías galeguistas, pero sin pretender sedogmático, penso que non acompañan a sua teoría coa sua práctica. Incluso nin poden prestar un gran esforzo personal porque están mediatizados pola sua profesión, porque non teñen tempo ou porque as suas relacións sociais non lles permiten adoptar certas posturas públicas, e mantéñense na inoperancia porque a fe sin obras non salva a ninguén.

Falache de Bóveda, de Castelao, ¿coidas que pode haber galeguismo que non seña anti–imperialista?

Indubidablemente, Castelao era anti-imperialista e penso que non pode haber un galeguismo, que se chame tal, que non o seña. O galeguismo teórico, estético, é inviable, porque os problemas estannos a agobiar e a única maneira de salvarse é tomando una postura combativa, antiimperialista, organizada. Galicia tén dereito a permanecer viva como nobo pero non hai máis remedio que ganalo. Penso, por exemplo, no momento que estamos a vivir e o mal que se está a facer, baixo a apariencia de cultura, coa televisión. Non en van o Estado, que nunca regalou nada, vai regalando teleclubs e televisores. Despois, pra rematala, lanzan encuestas pra preguntarlle ás clases populares si queren que os seus fillos reciban o ensino en galego ou non e, naturalmente, o modelo de trunfo que propoñen os medios de comunicación ¿cal é? pois o español.

Qué opinas, entón, do pape que xoga a prensa en Galicia?

E unha prensa que se poderí imprimir en calquer outro sitio porque está de costas á realidad do país. Sirve pra poñer esquela –a xente leias pra ver si morre algún amigo–, pra publicar o anuncios dos comercios e pr enterarse, lendo as letras gra des, do que pasa polo mundo despois infinidade de asuntos c merda que acontecen en calqu ra parte, pero nunca amosa qu en Galicia hai unha comarca qu rega o río Tambre, que hai u intereses na Terrachá, que h uns intereses no mar, esto como "jauja", que non pa nada ou si pasa é un pob demente que despois de intentar suicidar catro vec acabou mantando á sua nai. unha realidade, somente sal país no periódico cando hai asesinato ou unha catástrofe, s periódicos escatolóxicos que sirven prá morte e desgracia pe non contan a vida do país, c nosas comarcas, dos nos proiectos, todas as floritu sempre acontecen en Madr Por outra banda, sempre qu apostar ao cabalo ganador, rec dame aquela frase: "fíxate parecía que ibamos ganar os dereites e ganamos os de esqu das".

Neste momento ándase a fal de crisis na industria ourens ¿como o esplicarías?


Ourense foi unha cidade pequenos artesanos que saí polo mundo e cando ganaban millón o reinvertían en Ouren pero si nunha comarca o esc dente empeza a ir pra fo fúndese. Pasou na época d Reis Católicos; cando deste ron aos nobles, con eles iban rendas, e agora estamos mesmo caso: o escedente hum no cara a emigración, o benefic das materias primas en ma alleas, o escedente de afor manéxase en determinados ser cios, entón Galicia non despe ¿qué pasou cos cartos da Cai de Aforros?: que se lle pres ron alegremente a industrias q se instalaron nun polígono q non correspondía as nosas ne sidades de industrialización obrigáronlle a todo o mundo a pra el poñéndolle a pistola peito: "Non che permitim mover un clavo si non te vas p o Polígono", a outros ofrecéno lle cartos: "Dámosche tanto canto" e crearon un Polígo que servira de tapadeira pra malversación e agora fai auga p todas partes. Pero a loita con todo esto é política porque, p exemplo, no contral político d nosos cartos é onde está capacidade de despegue do n país.

M. LEDO ANDI

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 50 * DO 16 AO 22 DE FEBREIRO DE 1979 * 30 PTAS.



A EMIGRACION GALEGA A GUINEA

SERVIRLLE DE NEGREIRO AO GOBERNO E AO PATRON

PAXINAS 10 e 11

Debe ter publicados ao redor de 40 traballos de Prehistoria e Arqueoloxía e Arqueoloxía "e algún solto de historia" en Portugal e no no so país fundamentalmente. Non comparte as posicións do intelectual su pra-partidos e si se é intelectual galego coida que compre optar polo nacionalismo. Carlos G. Martínez é secretario do Museo do Pobo Galego e da sección de Arqueoloxía e Prehistoria do "Padre Sarmiento".

CARLOS G. MARTINEZ

na cultura de toda a vida

Hai cousas, non moi cotiás hoxe, que forman parte da nosa historia cultu ral e que tí estudiache, como a mitoloxía galega. ¿Cales son os seus personaxes, máis interesantes?

Os personaxes míticos, como lles chama moita xente van dende os mouros —habitantes de sitios antergos, de restos arqu eolóxicos— ao lobishome e todas as creencias relacionadas coa zooantropía, a transformación en determinados momentos de persoas en animais, mesmo como a lenda da cerva de pé branco, unha rapaza que se convirte en cerva... Hastra hai restos dun certo vampirismo, non en canto á transformación en vampiros, pero sí unha figura típica dos paises centroeuropeos, como as famosas meigas. Tamén hai elementos curiosos, como mugueiros ou os tronantes, creadores da choiva, do pedrazo ou do trono. Todos eles son elementos que tiveron unha función. Uns podían vencellarse —como o caso da lenda da cerva de pé branco— a uns supostos restos totémicos ou reinstauracións a partir da chegada dos xermanos, se cadra de creencias moito máis antigas, pero que son meros restos arqueolóxicos.

¿Cales poden ser os síntomas de que a mitoloxía perde a sua función?

Vese na mesma degradación dos personaxes mitolóxicos, en como foron perdendo categoría de mito pra convertirse en lenda e posteriormente en conto; e estudiala hoxe é difícil, porque perdimos claves fundamentais que permitirían interpretala, inda que seipamos que é moi rica de feito, como nos pasa con toda a nosa cultura tradicional; e refírome ao término no senso antropolóxico, da cultura creada por un pobo, moito máis v álida que calqueira que se lle impoña, e que foi creando e con ela solventado os seus problemas.

Sí, como se creou unha arquitectura popular á que ti tamén te achegache.

Ben, foi máis que nada unha chamada pra que se fagan estudios sobre a arquitectura popular, porque dende que deixou de esistir o Seminario de Estudos Galegos, por exemplo, todo o máis que apareceu foron as tesinas dirixidas por Río Barxa sobre a casa e o hábitat en determinadas comarcas, e como tén un interés grande dende o punto de vista cultural e estase a perder incluso prá potenciación de certas formas galegas pra un futuro inmediato, como fixeron en Bretaña, etc., decidín facer unha aportación bibliográfica dende un punto de vista etnográfico, non arquitectónico.

¿Qué tipos de factores interveñen na, digamos, transformación da casa?

Son factores múltiples, dende os condicionamentos tecnolóxicos —a materia prima da construcción de Galicia é a pedra, ben cantería, ben perpiaño ou ben mampostería seca, pero é costosísima e non hai unha tecnoloxía avanzada; hai que suplila co ladrillo. Por outra banda, as casas deixaron de cumplir algunhas funcións e as cortes tiraríanse e delas; mesmo a ubicación mudou, e hoxe están orientadas ás carreteiras. Con todo, restan cousas ben curiosas, e eu teño observado os servicios que se poñen nas casas novas, que pra acceder a eles hai que pasar por un espacio libre. Tampouco é alleo aos modos que trai a emigración, coores rechamantes, recubrir con baldosín. Pero o que é evidente é que a nivel popular hai cousas moi boas, como son os patíns, as solainas, que se deben conservar e hai que pensar que a arquitectura rural tén centos de anos de observación da natureza e do acondicionamento a ela. ¿Por qué, senón, as humedades son máis raras e os tellados a catro augas, por exemplo, teñen a sua razón de ser?

E formas populares influiron á arquitectura chamémoslle culta, como a modernista no noso país....

Ben, o modernismo, pola contra, vai ligado a certo poderío económico, e dase en certas épocas e en certas cidades galegas, pero nefeuto, modernistas galegos como Ucha, no Ferrol, e González Villar ou Bescansa na Coruña, recrearon a galería, que en Galicia, aparte do decorativo, e orixinalmente, están concebidas como unha especie de cámara.

Falache antes do SEG e da sua desaparición por causas políticas. Despois apareceu, en troques, unha institución como o Instituto P. Sarmiento, vencellado a instancias oficiais.

Ao crearse o Instituto, puxéronno baixo a dirección dun home que se definía como apolítico, Francisco Javier Sánchez Cantón, un gran erudito, un gran profesional do arte, e entraron nel algunhas persoas do vello Seminario. Mais tarde, e gracias á influencia de Bouza Brey, entraron nel o grupo de Ourense —Cuevillas, Otero Pedraio e o mesmo Risco— pero xa non é un traballo con proiección social, senón meramente erudito, de individualidades. Ao marxe, hai outras trabas, como a escasa financiación e a polarización en certos estudios que non tiñan moito que ver con aquela tradición encetada no campo da



XIVBXO FERNANDEZ

socioloxía, por caso, ou da economía. Un dos problemas era o da língua, e o primeiro traballo en galego débeselle a Bouza-Brey, un fascículo-homaxe a Salvador Cabeza de León, que fora presidente do SEG. Logo xa empezaron a se publicar estudos en galego, tamén fundamentalmente na sección de Prehistoria e Arqueoloxía, que dirixía Bouza-Brey. De calquer xeito, nunha época difícil, o Instituto cubriu ben o campo de certa investigación.

Nese sentido as escursións arqueolóxicas que empezáchedes a facer daquela eran algo máis que eso...

Home, non se podía facer puro escursionismo. Daquela na Universidade nin se pensaba nuns estudios propios de prehistoria e arqueoloxía galegas, e no Sarmiento agrupábamonos xentes máis ou menos preocupadas na Historia de Galicia, e Bouza-Brey sempre vencellou os estudios ao seu país, á súa língua, á sua historia.

Pero o papel de proiección social que non conseguía o Instituto iniciouse, en troques, coas Asociacións Culturais.

As Asociacións Culturais, dalgunha forma van ligadas ao rexurdimento da conciencia nacionalista, e tratan de suplir o que ningunha institución estaba a dar, tenta a divulgación cultural con cursiños, ciclos, créase "O Galo", despois "O Facho", "Amigos da Cultura", a Cultura de Vigo, e fóronse espallando por todo o país. Algunhas foron especialmente activas, como a "Auriense", "Abrente"... e elas foron as das primeiras mostras de libros, de tratro, de concursos literarios, cumplindo un papel de difusión e concienciación.

Tí estás vencellado a unha creación relativamente recén, como é o Museo do Pobo Galego ¿a qué necesidade resposta?

Dixemos antes, por exemplo, que se perdía a arquitectura popular, pero non é somente eso, estábase a perder grande parte da nosa cultura nacional, e non había nada que se preocupara en profundidade de rescatar, no senso de que poida observ e estudiarse mañá.

¿Cales foron, entón, os proiectos?

Primeiro, a recollida de t os elementos culturais, tan creación material como a, d mos, espiritual e a esposi deses elementos ordenados conxunto pra que, por u banda, nos sirva, pra aqu galegos que non conocen a cultura, que non teñen afirm a sua identidade como gale que vexan por exemplo qu noso pobo creou unha culturas románicas máis rica Europa e despois o estudo de elementos a nivel científico. tamén outro aspecto, a l longo plazo, que sería, a pa destes estudios, a potenciac dunha serie de elementos poideran servir pra unha Ga futura.

¿E un Museo tradicional sua concepción?

Evidentemente que non. Museos sempre foron un ins mento de determinadas cl sociais, da burguesía, pra es ñer "obras de arte"; e ch moito un Museo con cou estrictamente populares, non son creación de ningu burguesía. Na Península tent no facer tamén o moveme nacionalista catalán, nos a 10, e o segundo país que o f foi Galicia co Seminario, moitos fondos destes proce da recolleita do SEG. De calq ra xeito, solprende ver que u cerámica é museable ou qu seña un obxeto de uso comunique algo didáctico.

Pero acó, por non ha quizabes burguesía nacional, hai eses Museos selectivos

Sí, pero tamén temos u ventaxa e é que as millor que hai en Galicia son pintores galegos. Algo ava mos, porque ao non haber burguesía determinada, os seos débense, máis ben, a pers vencelladas ao galeguismo, creáronse mostras permane de pintura ou escultura gale

No noso tempo, a creac cultural faise fundamentalme ao traveso dos medios de co nicación.

Claro, e aquí hai uns me de comunicación que respon a outra cultura e a ou intereses que non coinciden que sería necesario, some "sirven" á cultura galega ca lles convén; pero houb intento de "Teima", aquí est NOSA TERRA, e pénsase periódico "Galicia", como partir do rexurdimento ho sempre preocupación por unha espresión propia nese e

M. L.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 51 * DO 23 DE FEBREIRO AO 1 DE MARZO DE 1979 * 30 PTAS.

TEMPO DE ANTROIDO



PAXINAS 6, 7 e 8

AUGUSTO ASSIA
O liberal señor de Xanceda

PAXINAS 10 e 11

OS TERREMOTOS:
A visita que ningué agardaba

PAXINAS 3 e

ANTROINDO

Entende que o proceso de galeguización da nosa sociedade "é a esperanza que nos queda" e fala con sentimento e moito subxetivismo de homes da Xeneración "Nós", aos que califica de escepcionais, asegudando que é o nacionalismo e o antiimperialismo reflexado no "Sempre en Galiza" o que tentaron levar adiante. Dirixe o Colexio "Cisneros" de Ourense e centra a sua laboura profesional na Arqueoloxía, Historia do Arte e Literatura. Está vencellado a Museos, sociedades portuguesas, é da Academia, foi do SEG, leva publicadas un cento de cousas, traballo no tomo II da "Historia de Galicia" que se editaba en Buenos Aires... Lembra ben que, por ser galeguista, profesores coma Moralejo Ou Bustamante fixéronos desterrar pra Zaragoza a el e máis o seu irman, o seu irmán que morreu aló.

XAQUIN LOURENZO

"Non coido que se poida revitalizar o Antroido"

¿Cal é a función do Antroido na nosa cultura?

En realidade ningunha, porque o hai en todas as partes do mundo, con modalidades que dependen, por exemplo, do clima: non é o mesmo en Europa que en Su damérica, onde é unha é unha festa de vran. Agora ben, nalgúns sitios engadíronselle cousas que orixinariamente non foron do Antroido, que lle direi... en Laza, onde aparecen os Cigarróns coa máscara de pau, en Xinzo os guirnios, en Vigo os escabicheiros...

¿E Cando se fala do seu senso crítico?

Sí, é real porque en gran parte o Antroido resposta a aqueles xogos de escarnho medievais, representacións de tipo dramático de carácter satírico a nivel social, do individuo e dos costumes pra que a xente poida falar sen perigo de se ver sancionada. Lembro mesmo acó, en Ourense, que había o de coller unha persoa e satirizala por medio de cantos entonados polas comparsas... O caso dunha rapaza moi guapa da rua de Colón á que lle cantaban en castelán "una niña que tiene un par de novios..." Coa laboura crítica lígase directamente o dos testamentos que eu presenciei no enterro dun burro nunha aldea: o burro iba nunha escada entre catro mozos, detrás outro coa faldra da camisa de fora e o chapeu ao revés, improvisando cántigas que se metían cos veciños. O burro deixáballe a un as orellas, a outro deixáballe o rabo, os dentes...

Por riba do caracter interveciñal ¿chegou a ter unha dimensión máis política?

Sí, sí, pero quizabes o senso contra das autoridades se reflexaba máis, nos Maios, cunhas cántigas ben descaradas que tocaban ao crego, ao cacique, ao alcalde.

A espresión do Antroido, pois, ¿Non foi nunca anticaciquil?

Non no senso do pobo contra o cacique, senón a don fulano de tal, que é cacique e fixo algunha faena, que fixo algunha inxusticia, que se quedou con algo, e era ese o motivo pra que no Antroido se lle lembrara que nun intre determinado abusara do seu poder ou da sua autoridade. De calquer xeito, e xa na dictadura de Primo de Rivera, proibíronse as caretas nas ruas e durante o "Movimiento", somentaes se podía facer el local pechado, pero, e ao marxe da



XULIO FERNANDEZ

presión gubernamental, hai outra cousa que vai contra deso: o sistema de vida. Hoxe nunha rua de Ourense non se concibe que ande a cantar unha comparsa —o que ocurriu tamén cos Maios— inda que resten algúns sitios de sona, coma Verín, Xinzo, Celanova...

¿Qué función cumpliría hoxe?

E unha diversión de tipo popular, pero coido que estas cousas cando se perden non se poden revitalizar. Pasou cos magostos, un divertimento popular, que os quixeron convertir en turísticos e desapareceron no que eran. Pra os Maios van e argallan un premio... Antes non había nin premios nin subvencións, cada un facíao pola sua conta. Hoxe interviñeron eses organismos oficiais para que a xente se xunte nun sitio, pra que non estorbe noutro, e claro, nestas condicións vaise a espontaneidade.

Os seus personaxes ¿Pódense definir ben?

Non hai ningún preciso. En Laza son os Cigarróns, en Vigo os Escadicheiros, ó Meco haino somentes nalgún sitio, noutros chámase Antroido. Mesmo eu recollín nas terras de Lobeira unha cantiga: "O Antroido é moi goloso / porque lle gusta o touciño / a este lugar vén contente / porque lle dan..." non sei o qué, a resultas de que os veciños levaban un boneco ao que lle colgaban a cántiga e deixábanllelo á entrada doutro pobo, pero espresando cortesía e louvándoos.

¿E a gastronomía representa algo?

Era unha cousa lóxica, porque é mesmo despois da matanza e inda se está a consumir daquelas cousas que non son pra conservar. E aquela cousa que berran os rapaces "alegría, alegrote, que anda o rabo do pocro no pote". Tamén coincide coa Cuaresma, e nun senso relixioso, será despedida dunha época litúrxica, dahí esa contradicción do enterro da sar diña ¡debía sere a resurrección da sardiña! porque é cando cesa o consumo de carne e comenza o de pescado. O que se enterra é o carnaval, pero que esteña simbolizado por unha sardiña non tén razón de ser. Lembro, aló polo ano 29, o derradeiro enterro no bairro da Ponte, era unha cousa xa medio culta organizada por unha sociedade, "A Troia", cun coro que preparou unhas cousas, a sariña colagada cun cordel nun pau, e os máis en procesión... pero todo aquelo non era máis que un pretesto pra que cantara o coro.

¿Cómo entendía o galeguismo de entón estas manifestacións populares?

Pois foi precisamente cando empezaron a lle dar valor no senso de as considerar como producto do pobo, e a traballar. Concretamente Risco creou a etnografía de Galicia, recolléronse cántigas, contos, lendas en base ao propio. Antes do SEG, eso era unha cousa un pouco de laboratorio, un señor que particularmente "pois mire, teño qui recollidas estas cántigas, interesantes, hai que gardalas" e ahí remataba todo. Pero o por qué das cantigas, quen as facía, cómo e qué significaban dentro da nosa cultura, empezou na época de "Nós" a se sistematizar, a lle dar carácter científico e a plasmar sobre do pobo todo o que o pobo producira.

Ademais, tamén se fixo política...

Claro que sí, por exemplo coller a un par de rapaces "tedes que ir a tal sitio dar un mitin... pero eu non sei, eu non falei nunca:..." sentarse, escribirlle o discurso... Así se facía e dábanse mitins nas aldeas máis absurdas. Precisamente una vez foron Otero, Castelao e Bóveda a Lobeira, na primeira fila estaban unhas milleriñas e cando Otero estaba nun dos seus parrafeos houbo grandes aplausos e unha dícelle á outra: ai que ben fala este home, quen fora nova e o merecera. ¿Vosté concibe que se poida decir unha cousa máis bonita?. Otero partíase de risa cando llo contei.

Agora tamén se utiliza a galeguidade como máscara, ás veces.

Pero bueno, pero eso é indignante e claro que sí. Eu téñome rido moitas veces, témolo comentado entre nós: home, de maneira que agora ¿vístedes a todos eses señores que nos veñen descubrir que hai o galego, que hai unha cultura galega, que Galicia é distinta, que tén uns problemas distintos... e veñes agora descubrírnolo? Claro que veñen agora descubrírnolo, pero é que o descubren eles porque lles convén. Pero bueno... que non hai nada máis cómico que esta Autonomía, esta preautonomía da que nos falan dirixida dende Madrid, que eso é o que temos.

¿Coida entón que o sistema caciquil sigue ahí?

¡Quedúbida cabe! é un sistema caciquil montado en Galicia que sigue funcionando o mesmo e con menos habilidade que o facían os de antes e con menos honradez, porque ningún destes señores morre coma Montero Ríos, que foi o cacique másimo de Galicia, que fixo o que lle deu a gana pero morreu pobre e non era por desinterés, era por debezos de poder, de mando, do que fose, pero pol menos non roubaba. Hoxe todo estes señores ao que van é protexer esta industria ou aquel esplotación. E dixenlle á xent "hai que combater a emigración hai que resolver este e aque problema" e eso sabémolo todo pero a que ningún di "est resólvese así", non. E p "prantexar" o problema, maldi a falla que nos fan.

¿Que contrastaria do galeguismo de entón ao de hoxe?

Hoxe xa á máis marcadamen político, entón era máis ben u galeguismo. Chamémoslle "cie tífiço", tratábase de estudar Galicia pra crear unha concienc de Galicia e despois viría política, porque non se poc traballar o ferro en frío e fac algo en base a unha xente q dependía, ùnica e esclusivame te, do cacique —chamémos alcalde, intermediario, o q seña— que dependía do siste político organizado. A xen tíñase que dar conta q tíñamos unha personalidade ga ga. Despois, o galeguismo duramente represaliado. Le brome nesta mesma habitaci con Risco, Cuevillas, Ram Otero e Peña Rey. De vez cando, Risco erguíase e iba puntillas deica a porta —Ris tiña moito medo— e escoitab Comentabamos o que falaban leiteiras de madrugada: "Hox ahí na carreteria quedaban oi mortos", e todos os día así.

Vostede recolleu tamén xogos galegos. ¿Cómo se ocurriu?

E un aspecto da etnografía interesoume polo enredo en s pola diferencia entre o do ne da cidade e do campo, onde rapaz, dende que nace, é resume da vida dun hon Comenza por facer el os se enredos, é máis mesmo desp de feito non lle dá impotan porque xa o fixo: é o ho enfrentado coa naturaleza, ap veitándoa pra subsistir, millor perfeccionarse. O rapaz, c dende que deprende a andar un traballo, tamén busca cousas que lle sirven pra enred e o enredo é moi sinxelo, é o c pode facer un rapz, non é co eses enredos de comerci complicados, que veñen Alemania, Suecia ou o Xapó E conforme o rapaz mec todo se vai convertindo instrumento de traballo. rapaz aos 10 ou 12 anos sáb facer, cuns paus e u navalliña, un arado e aprend utilizarlo.

M. LE

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 52 * DO 2 AO 8 DE MARZO DE 1979 * 30 PTAS.

CELEIRO

OS ARMADORES SEN RUMBO

PAXINAS 10 e 11



RAMIRAS—OURENSE

"Cacique é quen pode e non quen quere"

NA 6

PONTEVEDRA

Folga do metal

PAXINAS 3 e 4



P. DOBLES (Frente Sandinista)

"O imperialismo perde un eslabón"

PAXINAS 7 e 8

A INVASIÓN DO VIETNAM

China, tigre de papel?

PAXINAS 14 e 15

PROSIMO NUMERO ELECCIONS ESPECIAL

"Non é cacique quen quere, senón quen pode"

Este aserto é da pertenencia de Doña Pilar López García, alcaldesa de Ramirás, Ourense; alcaldesa por tradición familiar (o anterior alcalde foi o seu irman, médico do concello e autor tamén de frases célebres, como aquela que ameazaba os veciños con que despois da sua irmá iba quedar seu villo de alcalde), tradición familiar caciquil, asegún declaracións que recollemos, e contra a que a Audiencia Provincial de Ourense dictou auto de procesamento por usurpación de augas. Augas que son as da fonte As Travesas, da Serra Silvaoscura, augas comunais e aproveitadas pra regadíos, e da pertenencia da parroquia de Penosiños.

"Desque empezaron coa levada, andiveron apelando á Forza Pública e polas casas adiante a decir que ninguén lles fose chamar a atención aos que traballaban na obra. Tamén o Gobernador Civil tomou postura, e porque apareceran rotas algunhas tuberías, impuxo cinco mil pesetas de multa a catro veciños denunciados pola alcaldía, Xosé Salgado, Xosé Martínez, Xulio Vázquez e Luciano López". E o Gobernador Civil, además, requeriu á Audiencia e ao Xulgado de Instrucción número 2 pra que se inhibisen en relación co Sumario do proceso contra da alcaldesa, alegando que o asunto era de competencia administrativa. Inda así, o Xulgado mantivo a sua competencia, e tivo que vir agora un Real Decreto, decindo a cuestión a favor das posturas do Gobernador. Pero os veciños afectados pola levada siguen contra a alcaldesa.

Doña Pilar López, maestra de Gomesende, nunca tivo un programa de política municipal, "móvese por pedidos, e por comenencias". Hai casos, como o da parroquia de Escudeiro, que dendo o 36 non contou con ningún concellal, "porque todos eran socialistas", que foi a primeira que tivo que facer a sua propia pista, a pesares de ter unha mina de estaño nun monte agora clasificado como comunal, cuios beneficios foron todos pra o Axuntamento e o ICONA. Todos pra o Axuntamento non, disque, algo debeu entrar noutros petos. Tamén é Escudeiros, xunto con Penosiños, as parroquias que contan cun comunal meirande, en período de clasificación, "pero igual que levaron a auga, levaron os piñeiros, igual que nos ameazou con non nos dar nin un metro de pedra ou area".



F. BELLAS

"A rede caciquil da alcaldesa venlle de atrais e pasa tamén pola Caixa de Aforros ou polo parentesco co Montaraz do ICONA".

SI A RIQUEZA SE ORGANIZARA BEN...

O Axuntamento de Ramirás pode ter ao redor dos 5.000 habitantes, distribuidos nas parroquias de Penosiños, San Andrés, Grixó, Escudeiro, Vilameá, Rubiás, Mosteiro, Freás, Paizas e Casardeita. A sua economía céntrase no gando, as patacas, o millo e os recursos forestais. "E un dos municipios máis ricos da comarca de Celanova, si estivera ben organizado". Tén unha gran emigración, cara os Estados Unidos, que inda mandan ben cartos á Caixa de Aforros. Os doce membros da Cámara Agraria de Ramirás son das Comisiós Labregas, anque cando as eleccións, a alcaldesa apurouse a montar outra candidatura da AAGO-"UTECO", manifestando "que era pra contestarnos". Pero fíxoo tan á presa que hastra meteu xente que non estaba no Censo, e impugnouselle. Ainda así, doña Pilar, conta cun fidel servidor, don Armando Rodríguez Villar, secretario da Cámara, que inda non aprobou os estatutos da mesma, presentada por presidente e vocais, e ben conocido polo mal trato que dá a todos, "Chega hastra obligar a agardar aos vellos fora, baixo da auga, e somente deixa entrar dun en un cobrar o subsidio". Outro da mesma corda é o señor cura de Grixó, don Aníbal, que manexa o Teleclub da parroquia, trai cantar aosdo Seminario pra se levar ben co Bispo, e fai partidos de fútbol. "Hastra lles vai decir a misa a San Andrés, quizabes porque dalí son a alcaldesa e o secretario da Cámara".

A realidade das necesidades municipais, eso sí é ben allea da xestión e preocupación da alcaldesa. Sobro do río Arnoia vaise facer un salto que os afectados están dispostos a contestar; referente ás comunicacións, abondan as pistas sin asfaltar, como a de Peizás, que enlaza hastra Santa Marta, ou mesmo a de Escudeiros, bautizada popularmente co nome de "As lagoas da Pilariña"; como servicios sanitarios, o concello conta somentes co irmán de doña Pilar, a quen lle costa traballo desplazarse, e atende cada mañá na sua oficina a máis de trinta afiliados a Seguridade Social; e no que e falar das escolas, os locais, os máis deles alugados a particulares, reunen unhas condicións máis ben penosas, dende chover dentro e teren debaixo cortes.

AGORA CANDIDATA POLA UCD

Se algo sobrancean todos en



doña Pilar é que nunca tivo unha política municipal, senón intereses propios. Agora preséntase nas listas da UCD, "e foi buscando concellais, uns enganados, outros ben de fiar dela, e facendo donativos de camións de pedras pra unha pista e outra, coma por exemplo en Rubiás, onde comentou que pediran o que quixeran, porque iba seguir a ser alcalde".

Ademais da lista que encabeza doña Pilar, tamén se presentan ás municipais CD, con un tal Manuel Montero Rojo, e tamén se presenta o BN-PG, do que encabeza a lista Xosé Antón Rodríguez Iáñez. O BN-PG gábase de ter conseguido illar ao Franqueira nunha ampla zona da comarca. Lembremos que dos concellos que colindan con Ramirás, tamén en Padrenda as CC.LL. teñen copada a Cámara, e en Gomesende teñen 10 membros, frente a 2 da AAGO.

Cando procesaron a doña Pilar, a Audiencia requeriu unha fianza de 400.000 pesetas, que todo fai supoñer que saíron do Axuntamento, xa que un concellal, Benito Vázquez Freijó, ten presentada denuncia por utilización indebida de fondos públicos. Pero doña Pilar parece crerse segura, e cando alguén lle comentou que nas próximas municipais se iban barrer os caciques dos axuntamentos, respostou "Non é cacique quen quere, senón quen pode".

—Xa se verá, di o pobo.

M. L.

Descobrimentos na catedral de Lugo

FELIPE ARIAS VILAS

Como é sabido, a Catedral de Lugo tén unha longa historia e, xa que logo, nela están representados moitos estilos artísticos. Documentada xa unha basílica nos tempos do Bispo Odoario no s. VIII, sábese que en 1129 Raimundo de Monforte enceta a obra románica, correspondendo logo a xirola á época gótica, os antigos retabos de Cornelis de Holanda á renacentista, o coro de Moure e a capela da Virxe dos Ollos Grandes á barroca e o altar maior e a fachada principal á neoclásica. As obras de Vázquez Seco, Portabales Nogueira e outros, máis as recopilacións de Peinado Gómez fornecerán datos e documentación aos que queiran saber máis sobre do tema.

O Ministerio español de Obras Públicas e Urbanismo leva a cabo unhas obras de limpeza e restauración na Catedral, obras que atinxen principalmente ás bóvedas das naves central e laterais, e que tamén afectarán ao cruceiro e aos retabos de Cornelis de Holanda, onde é de esperar que o traballo se limite á limpeza e consolidación da policromía por artesanos de bon oficio e que non se repiten co mal gosto e o pior criterio que se adoita ás veces nestes casos.

Na nave da epístola, e tapiado por uns muros que pechaban o coro de Moure pola parte de fora, apareceron as columnas cos seus capiteles dos arcos formeiros. Entre aqueles compre salientar un coa representación de aves afrontadas, traballado con boa labra e posiblemente dos primeiros feitos prá Catedral románica.

Na nave do Evanxelio, os descobrimentos foron ainda máis sorprendentes ao retiraren os muros que agachaban os arcos de separación entre esta nave e a central. Baixo dun deles, que facía así as veces de orixinal arcosolio sepulcral, asoellouse un sartego cuadrangular con lauda que contén a inscripción funeraria do Bispo Pedro I, sinalando pra sua morte a data de 1056, cando no Episcopoloxio lugués se tiña documentada a de 1058.

Amais deste sepulcro do s. XI anterior pois á Catedral románica, descobríronse en dous arcos unhas pinturas murais que abranxen a mitade de fora dos mesmos e dos seus fustes de columna, esto é, que debemos supor que a mitade de dentro estaba xa ocupada pola parte traseira do peche do coro. Tendo en conta que o primeiro coro da Catedral está documentado no 1320, as pinturas han ser posteriores a esta data e, por outra banda, anteriores ao 1623 en que, ao montaren o coro de Francisco de Moure, se taparon definitivamente estes arcos formeiros agora descobertos. Nun momento destes tres séculos habería que situar, pois, as pinturas; estas representan, nun arco, deseños ornamentais de liñas e decoración fitomórfica (vexetal), amais dunha parella de animais pantásticos (tipo grifo) afrontados, mentres no outro arco unhas cabezas humanas xunguidas cunha sorte de áas se dispoñen de xeito radial. Pesie á posible tradición románica dos temas e o dibuxo, cousa por outra banda adoitada en Galicia deica tempos ben recéns, coidamos que as pinturas deben pertencer ao último tercio do s. XV ou primeiras décadas do s. XVI, a reserva do que uns análisis polo miudo da técnica pictórica e do detalle, cando se fixen e limpen tales pinturas, poidan clarexar. De todos xeitos, tanto o sartego episcopal como as pinturas compre se conserven e acondicionen prá contemplación e a investigación, pois forman un fito máis na historia da Catedral de Lugo e dos seus artistas e artesanos.

XAN CARLOS

NIÑO RICOI

MORTO EN ACIDENTE O VERNES 23 DE FEBREIRO, DURANTE A CAMPAÑA ELECTORAL

OS TEUS COMPAÑEIROS DO "BLOQUE" (AN-PG/UPG), CONTINUAN NA LOITA POR UNHA GALICIA CEIBE E POPULAR

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 53 * DO 9 AO 15 DE MARZO DE 1979 * 30 PTAS.

ELECCIONS

O VOTO POR AXUNTAMENTOS
MAPA POLITICO DE GALICIA
COMO "GANARON"
AVANCE DO NACIONALISMO
REALIDADE DO VOTO NO "BLOQUE"



Fillo dunha familia de labregos de Loucía, perto do Carballiño, andivo emigrado por Madrid hastra que no 1973, e debido á sua militancia política, retornou a Galicia. Foi fundador e é Presidente da Unión do Pobo Galego, UPG, que concurriu a estas eleccións coa AN-PG baixo a denominación de Bloque Nacional-Popular Galego, quedando como cuarta forza a nivel electoral —despois da UCD, PSOE e CD—, interpreta, pois, o resultado do 1 de marzal e resposta a moitas das cousas que se están a decir agora, como xustificación unhas veces, como alarma interesada outras, resposta sin trunfalismos, con esactitude.

BAUTISTA ALVAREZ

Realidade do voto no Bloque



XUXO FERNANDEZ

A túa integración no nacionalismo xa vén de ben atrás ¿cómo o relatarías? Fala, asimesmo, do papel que cumpliu un libro, o "Sempre en Galiza".

Eu tomei contacto co nacionalismo galego nos primeiros anos de estudante no Seminario de Ourense, onde estaban reprimidas todas as actividades de tipo galeguista, incluso falar en galego. A marioría da xente eramos de estracción labrega e foi unha das contradiccións que me levou a descubrir a realidade nacional da nosa Terra. Coido que me fixen nacionalista aos 14 anos. Despois, como pra grande parte da miña xeneración, a lectura do "Sempre en Galiza" —que tiña que vir de América de contrabando— introduciunos no ideario galeguista como obra dun membro do vello PG, que non tén nada que ver co que hoxe se denomina do mesmo xeito. Xa co esilio e morte de Castelao, a dirección do galeguismo histórico quedou nas mans de certos elementos do interior que o entregaron ao puro culturalismo, esfarelándoo. Esto levounos a nós á creación da UPG, que en principio, inda que se quere definir como marxista, non pasaba de ser un partido de tipo populista que despois se convertirá no partido comunista patriótico de Galicia. Agora ben, voltando atrás, este partido que vén de xurdir non tén ningunha relación co PG tradicional, nin na súa ideoloxía, nin co pensamento de Castelao.

Como candidato polo BN-PG nas eleccións do 77 e nestas do 79 ¿qué contrastarías entrambas?

E necesario resaltar que dende entón se deu un avance significativo —teñamos en conta os apenas 22.000 votos daquela ocasión cos cáseque 64.000 das presentes—, avance que se debe, en gran parte, a que neste período constituinte que agora concluiu, os males de Galicia agraváronse e a Autonomía, que se apresentara como resposta ás arelas de autogoberno do noso pobo, foi demostrando que responde a intereses caciquiles e colonialistas sobre o noso país. O pobo decatouse e un gran porcentaxe voltou os seus ollos ao nacionalismo popular representado polo Bloque.

¿Houbo diferencias entre a actuación do caciquismo nestas e nas anteriores?

Foi maior. Eu podo relatar as esperiencias da rede caciquil en Ourense, onde vemos que durante a campaña e sobre todo o último día volcou todos os seus efectivos. Inda máis, esisten datos fidedignos que o confirman: o pontífice másimo do caciquismo ourensán, na madrugada do día 2 e á vista dos resultados, parez que estaba fora de sí e chegou a pronunciar aquelas palabras de que nunca se empregara tan a fondo pra destruir a un partido político como o fixera desta volta co Bloque e que lle aumentara significativamente.

Tamén, forzas españolas como o PSOE, sin ter influencia no movemento social galego, conseguiron bos resultados cuantitativos ¿a qué se debe?

Ben, o PSOE non aumentou si temos en conta que do 77 a hoxe media a fusión co PSP e sumándolle os resultados deste, hastra perdeu votos, ademais o voto no PSOE é un voto influenciado pola TV, hai señores que aparecen constantemente, pero non responde a unha clarificación de tipo político.

Quedan aínda as forzas galegas autonomistas...

A única forza nacionalista que se presentaba era o Bloque. Outra coalición que se proclamaba como tal non o é, e non o é porque unha alternativa política non se pode elaborar 15 días antes das eleccións si non está avalada por unha práctica nacionalista coherente, como se demostrou nos derradeiros meses, nos que as forzas desa candidatura estiveron entregadas ao españolismo. A unidade galega únicamente se pode defender a niveles organizativos, como a defende o Bloque, integrando aos labregos en sindicatos galegos, igual aos obreiros, etc. Os outros estiveron apoiando alternativas españolas a nivel sindical, polo tanto estiveron tronzando a unidade real; e nós non podemos defender a unidade formal somente.

A unidade real, pois, ¿por onde pasaría?

Pola defensa da soberanía de Galicia e non dun falso autonomismo que sabemos non nos leva a ningunha parte; porque apoiaran aos sindicatos auténticamente galegos a nivel obreiro, labrego, de organizacións profesionais e máis que defenderan unha política antimonopolista. Polo programa que publicaron hai pouco vemos que están polo "desenrolo" de Galicia a toda costa, mesmo dèntro da estructura oligárquica actual e este programa, polo tanto, non ataca aos monopolios. Neste senso, non pode haber unidade porque os programas políticos son diferentes.

Pero nestes días os medios de comunicación falan de fracaso electora...

Non é un fracaso, a incidencia aumentouse e tamén os resultados, que serían maiores se non foran o caciquismo ou as maniobras dirixidas dende o poder tentando confundir á xente. E o caso da candidatura da que falamos antes, que máis que defender aos galegos no Parlamento español estaba apoiada pra impedir o avance do Bloque.

Tamén se escoita que si houbera unha coalición Bloque-UG habería diputados...

Pero non tiña ningún senso, porque como dixen a unidade dos galegos somente se pode defender a nivel organizativo e sempre que esto non se dea, o outro sería unha forma de enganar unha vez máis ao noso pobo. Non coido que se foran millorar os resultados nacionalistas o 1 de marzal con compoñendas deste tipo.

¿Consideras, entón, que foi un resultado fidel?

Entendo que é un resultado real e cualificado, xa que todos os que votaron Bloque votárono dunha forma consciente e pui dose millorar —nalgunhas zonas agardábanse millores resultados— se non fora pola presión caciquil, pero dende logo responde á implantación que tén o MN-PG neste momento, e de cara as Municipais, ahí está o Bloque como terceira forza política do país, a nivel de Galicia creo que supera ao PSOE polo número de candidaturas presentadas e concretamente en Ourense faino, con 50 frente a 42 deste partido, que se considera como alternativa de poder. Penso que ahí sí imos meter concellais, mesmo algún diputado provincial.

Outras nacións do Estado conseguiron, en troques, diputados...

Non vexo o feito tan optimista como di a prensa; había que ter en conta qué intereses políticos sirven grupos que se presentan como formalmente nacionalistas cando todo máis son dun autonomismo radical e de ideoloxía esquerdista, como concretamente no caso de Canarias. No de Catalunya, o avance non é ningún, porque alí a forza maioritaria é unha forza españolista, o PSOE, e no caso de Euskadi vexo un voto moi confuso que responde a un nacionalismo real pero pouco clarificado nos presupostos organizativos e políticos.

E apareceron forzas rexionalistas dentro de España. ¿Qué función cumplen?

Unha labor de confusión dentro do panorama político do Estado español, porque non pertencen a nacións e si desvían a atención do verdadeiro nacionalismo.

Falaches de que os resultados do Bloque se deben á sua implantación organizativa. ¿En épocas electorais non inflúen outros factores, como por exemplo a prensa?

A prensa xogou un papel belixerante en contra nosa, tanto polo silencio dende o período preelectoral e a ignorancia nesta campaña como pola terxiversación nalgún caso. Por outra banda, certos periódicos apoiaron outras formacións que non representaban nada no país e non foi casual: había moito interés en atacar a alternativa que nós representamos, e si non se podía facer dende o españolismo organizado a nivel estatal nin dende organizacións de dereitas, trataron de propiciar unha alternativa pra confundir ao electorado galego. Niste senso UG tiña detrás medios de comunicación tan significativos como "Radio Popular" ou "El Ideal Gallego", ambos da Eirexa.

A alternativa do Bloque son as "Bases" ¿cal é a realidade, o futuro das Bases?

As Bases defenden a soberanía do pobo galego, que el é o que tén dereito a darse unha Constitución, esto sin perxuicio de que poida ceder unha serie de facultades e competencias en favor dun Estado supranacional no que Galicia entraría en pé de igualdade coas outras nacións que o compoñan, e o seu futuro dependerá de si o pobo galego se incorpora á sua defensa ou non. Vemos que nestes últimos tempos sí se está incorporando, e os resultados son un aval prá política que levamos en oposición aos Pactos da Moncloa, á Cuota empresarial, contra a Autonomía caciquil e colonialista, etc. Tanto é así, que eu pronunciei unha conferencia no Club de Marketing de Ourense o último día, da campaña e os asistentes recoñecían que o Bloque é a única forza que facía política real dentro do país. Observase incluso un cambeo de actitude e xa non cadra aquela imaxe de radicalismo gratuito que daba a prensa; anque, por outra banda, ese radicalismo que se nos apón, nos entendemolo dun xeito científico: ir á raiz dos problemas.

A tendencia a votar galego, patente xa nestas eleccións ¿qué pode significar pra o futuro?


E importante porque compre ter en conta que foi a única parte do Estado onde se votou unha alternativa anticolonialista, antiimperialista, de defensa da soberanía, o cal non está claro nas outras nacións.

MARGARITA LEDO ANDION

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 54 * DO 16 AO 22 DE MARZO DE 1979 * 30 PTAS.



DESTA NON PICAMOS

"O GOBERNO QUERE ACABAR COA BAIXURA"

XURXO FERNANDEZ

Nado nunha aldea do concello de Piñor de Cea (Ourense), de pais que "escomenzaron cun tenedor e duas culleres", empeza os estudios ("período de intosicación", di el) aos 10 anos en Lalín, pasando logo a Ourense (Maxisterio) e a Madrid (Pedagoxía). Despois de tanta agresión ao seu mundo de home popular, non é raro que trabe contacto co nacionalismo, xa na Escola de E.X.B. de Ourense, a traveso da UTEG. Convencido do carácter antipopular do ensino oficial en Galicia, e de que a escola debe ser outra (admira a autodidactas como Castelao e Bóveda e a pedagogos como o nacionalista hindú Rabindranath Tagore), é afervoado partidario da aplicación de técnicas axeitadas e a posta en marcha do preescolar; membro fundador do Instituto Sociopedagóxico Galego, por considerar que "hai que facer testos, traballar científica e coerentemente".
Pero tamén home dereitamente vencellado a canto de cine se leva feito no país, entrou rápidamente en contacto do Cine-Club da Escola Universitaria onde traballaba (o "Padre Feijóo" de Ourense), e foi un dos impulsores fundamentais de cantas "Xornadas de Cine de Ourense" se levan feito.
E o presidente da Federación Galega de Cine-Clubs.

XOSE PAZ

"Porque a imaxe é importante"

Das Xornadas do cine nunca saíron unhas conclusións prácticas, quedaron sempre no mero debate...

Eu coido que as Xornadas non conseguiron a sensibilización en Galicia, que a xente da cultura tome conciencia da importancia que o cine pode ter dentro da cultura galega. Pois a nosa cultura pode e debe se espresar tamén a traveso da imaxe.

—¿Qué importancia pensas que tiveron a este respecto os Cine-Clubs, modalidade inda recén creada no país?

Bueno, teño as miñas opinións. Na época franquista, os cine-clubs foron un oleoducto pra ver un cine mínimamente coerente, e tampouco era tan bo como se pensaba. O cine-club de Pontevedra foi o decano, o primeiro que empezou, e empezou moi sériamente, que hastra conta cunha biblioteca fenomenal. O noso foi un de tantos que tirou porque daquela ir ao cine-club "vestía" moito, era moi progre. Remataron os progres e rematou o cine-club. Pra min, dende logo, é moito máis importante levar o cine-club ao medio popular, e nese senso, vexo máis importantes os cine-clubs de vilas, aldeas, colexios...

¿Serviría pra esto a actual estructura do cine-club en Galicia?

Eu penso que serviría pra coordinar. Concretamente, o cine-club de Ourense está disposto a coordinar toda a zona dos colexios, as fábricas do Polígono, centros e asociacións culturais que haxa. E sobre todo, ésta alternativa, que é posible, hai que levala adiante, pois é a única saída do cine-club en Galicia.

¿A qué están vencellados, institucionalmente, os cine-clubs?

Hai de todo. Dependen de asociacións culturais, educativas, e tamén hai cine-clubs que constitúen entidades culturais independentes. Concretamente o de eiquí, de Ourense, dependeu hastra hai pouco da Escola Universitaria. Pero a Xunta directora tiña de ser de xente dela, alumnos e profesores, e entón, dado que había moito socio da cidade que non tiña nada que ver, decidimos independizar o cine-club. E fixémolo.

Pero hai a Federación estatal de Cine-Clubs. ¿Pensas que tén senso? ¿Non deberían artellarse por nacións?

A Federación estatl non tén senso ningún. A historia desta cuestión é moi curiosa, e hai que decir antes de nada que estaba moi controlada polo PCE, e últimamente tamén polo PSOE. Hai dous anos, cando houbo a asamblea estatal de Bilbo, os galegos levamos unha proposta, que tivo ampla acollida, de que se desfixera a Federación española de Cine-clubs e se crearan Federacións por nacións. Os que formaban a Xunta rectora, o único que levaron ao cabo foi un cambeo de nome, Federación de Cine-clubs do Estado español. Peró agora a crisis é real, os cataláns xa teñen a Federación Catalana, e nos temos solicitada a legalización da galega, totalmente independente. E de momento funcionamos autónomamente.

No futuro dos cine-clubs poderíase pasar desa primitiva orientación antifascista á consecución dun cine-club nacionalista...

Non somentes se podería, senón que se debería. O problema é que hai pouco cine galego. Eu penso que os pasos inmediatos a dar a este respecto serían, primeiro, de montar unha filmoteca con material coerente subtitulado en galego; e logo, contactar con cine-clubs e entidades portuguesas, a traer o cine de alá subtitulado en portugués. E a partir deso, empezar a traballar na producción de cine galego documental, cine pedagóxico, infantil, e temas encol da cultura e realidade nacionais.



XURXO FERNANDEZ

¿Tén habido iniciativas neste senso?

En Galicia houbo sempre un problema tremendo de plantexamento, e é que algún dos que fixo cine galego pensouno pra estrenar en Madrid. Parece increible pero é certo. "O cadaleito" deu un gasto dun millón e medio, e con eses cartos poderían facerse outras cousas máis interesantes, sobre todo cortos. E é que o cine galego non pode andar pensando en fases previas de promoción.

¿Cómo foi a esperiencia "Nós"?

Fora unha idea fantástica. Xurdira cando as Xornadas, e tratábase de crear en todas cidades importantes do país un "duplex", duas salas pequenas de 200 butacas cada unha, adicadas á esibición de cine galego. Os cartos que se quitaran, amortizados os gastos, adicaríase á producción de máis cine galego. Completaríase o ciclo profucción-distribución-esibición, e poderíanse facer concursos de guións, unha filmoteca...

¿E qué foi daquelo?

Foise abaixo por falla de entendemento. No choío andaba xente coma Freixanes, Pousa, Daniel Pino, Losada... E tamén xentes como Carlos Varela, eu mesno... Ibase funcionar a base de créditos, hipotecas...

¿Qué pensas do que se leva feito deica agora?

Leva privado unha concepción populista do cine. E un balance crítico tén de ser, por forza, negativo. Lévanse feito unhas dez películas, todas cortometraxes, algunhas delas que gastaron uns cartos que ao meu ver non xustifican ("Fendetestas", "O Herdeiro", "O Cadaleito") ou, como as duas últimas, que tratan aspectos culturais abstractos de máis. Outro fallo importante e espallado é o formato. O 35 mm. encarece todo, e así, "O pai de Migueliño", de Miguel Castelo, que tén unha sensibilidade innegable, é un erro tela feito en 35. Carlos Piñeiro ("A Illa") e o grupo "Imaxe", teñen as cousas máis claras e empregan e dfenden o 16 mm. O super 8, tamén empregado, é delicado, pois é moi difícil sacar copias. E un problema moi importante: o galego de todas as películas nótase afectado, moi mal falado. Hai que coidar eso.

Aparte dos vistos, temos a Eloi Lozano, que montou a obra de Mendez Ferrín "Retorno a Tangen Ata", película vilipendiada de máis, no meu entender e "Os Oleiros", xa outra cousa, unha película moi ben feita; ao catalán Lorenzo Soler, coa sus incursión polo cine galego con documentais sobre a Autopista, os montes comunais, o alcoolismo, que son pezas moi válidas; e logo a fenomenal película "A tola", de Miguel Gato, tan boa que estaba en branco e negro e a xente decía que era en cor.

¿Cales son, pois, as posibilidades dun cine galego hoxe? ¿Dende qué perspectivas se debe abordar?

Hoxendía non estamos en condicións de facermos un cine baseado en feitos reais, sin un cine de argumento. Hai que empezar con documentais, aspectos da cultura galega, dibuxos animados, e e mais interesante meter cortos nas salas comerciais, en vez dos NO-DO. O cine é moi caro, e pra facer unha película a partir de "A Esmorga", por exemplo, farían falla de 10 millóns de pesetas pra riba. E pra chegar a facer estas cousas compre antes un cambeo d sociedade.

¿Consideras que o cine, a imaxe, debe ter definición ideolóxica? ¿Debe, no seu nivel, dar tamén unha saida á situación actual do país?

Ah, por suposto. A miña posición é antiimperialista, e se o cine presenta a nosa realidade tal cómo é, tén que ser forzosamente antiimperialista. Interesaríame facer certa caste de cine simbólico, e teño varias ideas ao respecto, como unha película sobor de Pardo de Cela, e algunha outra.

¿Qué significaron (e significan) as Xornadas do Cine de Ourense?

Xa falamos algo do que foron, e eu penso que non teñen futuro. Houbo xuntas en Santiago, e pretendíase, máis ou menos, que foran rotatorias por toda a nación, e que o tele-club con máis posibilidades coordinara a sua propia zona. Pero non lle vexo moitas perspectivas, e na Coruña parece que un pouco a traveso do Festival de Cine de Humor pretenden acaparar as Xornadas.

¿Por qué non hai edición este ano?

Porque o cine-club de Ourense non pode montar o tinglado, non hai xeito de se facer con cartos pra levar adiante o proiecto. E é que o cine é un medio de comunicación caro, pero as imaxes entran, entran polos ollos.

M. LEDO




XURXO FERNANDEZ

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 55 * DO 23 AO 29 DE MARZO DE 1979 * 30 PTAS.



VILADERREI-TRASMIRAS

CONCENTRACIONS QUE DESHERDAN

PAXINAS 10 e 11

MONTERROSO

Unha "familia" fai e desfai

PAXINA 6

VIGO

Falta chan, falta transporte

PAXINA 8



EXIPTO-ISRAEL

Unha "paz" interesada

PAXINA 14

CORUÑA

RECORD EN ECCIDENTES

PAXINA 3



"Eu cavilo, medito, miro, e sei que hai que dar obras, que as palabras axudas aos feitos e os feitos ás palabras", di o Patelo, Avelino Míguez Colmenero, membro das CC.L.L. e en calidade de tal, Sarreaus —Axuntamento onde o BN—PG quedou de primeiro nas eleccións xerais—, un labrego de 57 anos, que foi máis de 10 camionero, que traballou no ferrocarril Ourense-Zamora aló polo 28, por cinco e seis pesetas de xornal, afiliado aos socialistas "porque pra traballar compría estar sindicado" e que entende que hoxe o PSOE "deu a man, Marchouse moito ao capitalista porque el é un capitalista tamén". Avelino Míguez é un home práctico, ben arraizado en toda a mecánica que asoballa ao agro galego dende as institucións locais, e con todos os datos empíricos que deu tirado ao longo de moitos anos, coida que o nacionalismo está capacitado pra poder demostrar as cousas con feitos. Maïs nada.

AVELINO MIGUEZ (O PATELO)

"Temos valor pra acabar con tanto roubo"

Vostede debe ser unha das persoas máis indicadas pra nos falar do caciquismo.

Eu podo empezar decindo que nos Axuntamentos ruraris é donde máis roubos hai porque xa nas antigas Cámaras o presidente e o secretario pedían os abonos subvencionados e logo dábanllo pra vender aos almacñes —que cobraban 10 pesos máis en saco, 3 de almacenaxe e 7 de ganancia— e partían o beneficio cada un pra o seu bolsón. Dende que nós estamos na Cámara poedímolo directamente á fábrica e dámosllo ao agricultor a precio de coste, por poñer un caso.

Pero sigue a haber unha importancia rede caciquil...

Ben, pero a sua influencia, en concreto en Sarreaus, deuse a demostrar nestas eleccións, onde se viu quen tén máis, si os que formamos o Bloque e o Sindicato, ou o Franqueira ¿como o conseguimos? . Xa o ano pasado eu repartin 40 mil kilos de abono a precio de fábrica e trouxen 24 mil kilos de pataca de Burgos a precio de Agranómica pra os veciños, sin ganarlles un can —hastra se me estraviou unha saca e aboneina eu— e este ano levamos carretado 150 mil kilos de abono, trouxemos pataca e inda lle vendemos 30 mil kilos dela ao Sindicato pra Pontevedra.

¿E no tocante á actuación concreta das corporacións.?

Neste caso hai que ter en conta que os Axuntamentos son os que obran aquí e acolá ¿non sabe?' e eles quedan cunha parte dos cartos. Aquí tiñan dous individuos, e cando había unha obra de trinta, cuarenta, cincuenta mil pesos ou 500 mil pesetas; a un púñano como contratista —sin o ser— e ao outro como capataz; éste metían 3 ou 4 persoas a xornal, e si o Axuntamento gastaba na obra por exemplo 500 mil, os firmóns rubricábanlle 600 ou 700 mil e esa diferencia quedaba pra repartir. Houbo aquí un alcalde, que se chama Manuel e tén un almacén, ioutro de primeira! dos que tamén lle foi comer a merenda ao Franqueira a Ourense e máis non está na UTECO, pois ese individuo cobrou 4 fontes sin facelas, en Codesedo, Lodoselo, Freixo e Freame, ¿e sabe de qué maneira? mandáballe ir picare a un canteiro a fachada, darlle un pouco cemento ás xuntas das pedras, quitarlle unha fotografía, e mandáballa ao Gobernador... así cobrou a subvención das 4 fontes, 30 mil pesetas por cada unha, sin facerlles máis que eso.



¿Pensa que o exemplo de Sarreaus se pode multiplicar noutros concellos?

Pois non terán valor si non o fan, e non valen somente discursos, creo que onde trunfamos a xente ve utilidades, e os paisanos estamos fartos de palabras, tanto dos caciques como de todo o mundo, de ofrecementos que non pasan daí

En Sarreaus, despois dos resultados electorais, recibiuse un anónimo ¿a quen llo atribúen?

Ese anónimo tivo que vir do Axuntamento, é unha ameaza "Hanvos quitar o que tedes". O secretario está cheo de medo —o alcalde xa nada porque ese ten que sair pero o outro quédase— e mesmo antonte, en Lodeselo, chamou a uns cantos e convidounos a tomar un vaso na taberna e dende que estaban ben cheos díxolles "Eu non sei como vos, os de Lodoselo, vox puxéchedes tan tolos co Sindicato e o Bloque, si perdo as eleccións en Sarreaus voume do Axuntamento". Lodoselo é unha parroquia onde inda hai ben caciques e o traballo non é fácil, pero como o poco connosco xa colleu algún beneficio —o do abono, o das patacas— pois hastra aumentamos de votos; ademais, ao ganarmos nós as Municipais e ver como marchan as cousas en favor das clases populares cambearán as ideas de todos. Ademais, o que fagamos cos Axuntamentos pode ser mostra do que conseguiríamos cun Goberno propio.

¿Por exemplo, non entrar no Mercado Común?

Pra o mercado Común quérennos coller polo pescozo como ao peixe... o Goberno español defende outros intereses que non son os nosos e está disposto a entrar hastra sin ningunha claúsula que amparase a agricultura galega un pouco e nos, a rematar por sementar pra nós soios, sin poder esportar e obligados a lles comprar os productos aos ricos. Por eso temos que demostrar que onde somos fortes millora o paisano, e un día Galicia saberá que ésta é a realidade e virase á realidade.

¿Qué feeitos salientaría no tocante á organización dos labregos de Sarreaus no nacionalismo popular?

Empezamos a nos movilizar pra protesta dos tractores contra a Cuota pero antes, cando estabamos pra pagar o segundo día, —a xente xa pagara o primeiro— chegaron os do sindicato. Eran as dez da mañá e o pobo prestouse ben. "Vimos aquí a que vostedes non paguen ese recibo que non lles pertence", e ao ver que eran os do Sindicato deixamos ao arrecadador e fomos pra o medio da carretera, donde estaban eles. Un chegouse á taquilla e díxolle ao arrecadadaor, que tentaba peechar a ventá "vostede traballe hastra a unha e cobre somente os recibos que lle pidan os agricultores". E xa fomos nesa actitude de non pagar a cuota empresarial e abonamos somente a urbana e a territorial.

Nos últimos tempos, ao parecer vostede tiña moitas visitas da Guardia Civil...

Na miña tiñamos reunións cada 15 días, aos domingos, e, tamén por unha cacicada do Axuntamento, aos luns aparecía a Guardia Civil ¿de qué foi a reunión? Cada día lles decía unha cousa "pois foi pra tratar dunha manifestación polo do P. Graña que eso é unha inxusticia... pois foi por eso da canalización das augas que un contratista non puxo uns tubos..." pero a última vez dixéronme que me iban botar unha multa e pensei: esto vai mal. Escribinlle unha carta ao Bloque e o Bloque denuncioulle o caso ao Teniente Coronel e ao Gobernador e veu deseguida verme o Teniente de Xinzo moi amable, home claro... de remate díxenlle: Pois pra que sepa que somos persoas, máis que o son os caciques, vou informar pra que non castiguen a ese guardia —o que me metera medo coa multa— e el respostou "si fai eso é a millor persoa que hai, porque somente lle faltan tres anos pra se retirar". E perdonado lle quedou a condición de que non volveran aparecer por acó.

Os concellais que se escollan agora ¿qué problemas van enfrentar?

Un dos máis urxentes acó é o da clínica, porque hastra temos unha feita de hai vinte anos por prestacións personais, e no Axuntamento nunca se preocuparon máis dela, faltaron as tellas, caíu a auga pola casa adiante, caíron as divisións... e por eso nós non podemos ter un médico fixo aquí porque non hai casa, e para estar cobrando como hoxe cobran, 150.000 pesetas, compría obligalo a estar acó noite e día, pero sin local... Xa co médico anterior, que estaba somente pola mañá, tiven que falar; non quixera causarlle disgusto nin que nolo cause a nós —saquei e ensineille o carnet do Bloque— veño polas boas, si me obedece ben, senón imos ao que seña, á denuncia, o que quero é que tamén estaña catro horas pola tarde e despois, xa que non hai casa, pode ir pra Ourense. Dígollo porque xa se deron casos de enfermar pola tarde e ter que ir a Xinzo pagando coche e médico, e estando na seguridade social, esto non está ben. E a partir de aquela quedou polas tardes. Despois estoutro médico tamén botou uns días vindo somente pola mañá e tamén me fun entrevistar con el: "Eu sonlle deste partido, dixen, ensinándolle o carnet". Erqueuse, deume a man e dixo "tamén eu son da AN—PG, tanto gusto e perda coidado". Pedinlle entón a ver si conseguía un Raiox X "seón, un médico novo coma vostede ve o mesmo ca unha toupa" e xa hai cinco días que o trouxo.

Prás Municipais ao millor resulta que hai moitos programas iguais ¿vostede como diferenciaría os que respoonden ás nosas necesidades dos que non?


Xa, prometer prometeron toda a vida, pero nós cando ofrecemos é que estamos en condicións de traballar por algo. Eu mesmo enfrenteime co alcalde e con xente gorda e non lles quixen firmar a solicitude prás parcelas que andan adxudicando na lagoa de Antela. Verá, por unha banda, a lagoa é un comunal dos pobos que a circundan e, pola outra un decreto do Ministerio fala de que se iban adxudicar as parcelas pero di que teñen prioridade os pobos que circundar a lagoa, que tiñan que ir pra os agricultores que as traballaran directamente, etc. etc. Pero o Franqueira, que é o que manda en Ourense e O Contreras, o presidente das granxas da UTECO, pois viron de lle dar parcelas ao alcalde de aqui, a un xenro dun capataz da UTECO, a un camioneiro... En fin, tiven unha lita infernal con todos pra por á línea a todo o mundo e que rematen dunha vez os roubos, as estafas.

M. LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 55 * DO 23 AO 29 DE MARZO DE 1979 * 30 PTAS.



VILADERREI-TRASMIRAS

CONCENTRACIONS QUE DESHERDAN

PAXINAS 10 e 11

MONTERROSO

Unha "familia" fai e desfai

PAXINA 6

VIGO

Falta chan, falta transporte

PAXINA 8



EXIPTO-ISRAEL

Unha "paz" interesada

PAXINA 14

CORUÑA

RECORD EN ECCIDENTES

PAXINA 3



Concentración parcelaria:
AS DUAS CARAS POSIBLES

MANUELA FRAGUELA

Partindo de que toda política económica agraria é espresión e resume dun determinado sistema de dominación, e representa sempre a defensa e protección duns determinados intereses de clase, interesa situar e entender a moitedume de leis, decretos e decretos-lei que co obxeto fundamental de lexislar e facer política pra o agro aparecen no período da posguerra no conxunto do Estado Español: van reflexar fidelmente a defensa dos intereses da oligarquía terrateniente, en canto que fracción da clase dominante, cuia defensa vai entrar en colisión a partir dos anos setenta cos intereses do capital monopolista industrial. Froito desta lexislación, e con aplicación en Galicia, son entre outras as disposicións e decretos nas materias seguintes:

Regadíos e transformacións en regadíos, Crédito agrícola, Montes en man común, Agricultura asociativa ou de grupo (Cooperativas), Seguridade Social Agraria, Acción concertada pra o gando, Política de repoboación forestal, Política de industrialización agraria, así como a política de CONCENTRACION PARCELARIA E ORDENACION RURAL.

Todas estas medidas, sobor de todo no tocante ao campo galego, non constitúen nunca un Plan coerente de actuación cara ao futuro, senón que pretenden normalmente cubrir obxetivos a curto plazo, ben de carácter eminentemente técnico e polo tanto asépticos, ou ben de imaxe política e polo tanto demagóxicos; estando as máis das veces faltas da información e de coñocemento científico do problema ou problemas que coas mesmas se trata de paliar. Son por tanto, normalmente, froito da improvisación e da boa ou mala fe dos burócratas de turno.

O feito podería resultar somente curioso senón fose polas graves consecuencias que sobor da poboación activa agraria (48 por cento da poboación activa total) no caso de Galicia tiveron e teñen tales actuacións que amosan diante dos afectados (os labregos galegos) non somente a ignorancia da Administración, senón, o que é máis grave, a pouca ou nula disposición de enmenda. Esto fainos sospeitar que non pode ser somente froito da ignorancia do que se dá en chamar as nosas "características histórico-naturales", senón máis ben que sirven e defenden uns intereses de clase que non son precisamente os dos labregos galegos.

No tocante a política de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural, que dalgún xeito se complementan, caibe afirmar que outravolta non se tiveron en conta as características e peculiaridades do noso agro, o que as convirte en meros instrumentos técnicos, máis ou menos correctos pero de pouca ou nula operatividade e eficacia en Galicia.

A Concentración Parcelaria é unha laboura a realizar polo IRYDA, sendo unha das máis importantes das hoxe encomendadas polo Ministerio de Agricultura, e que tén como obxetivos fundamentais reducir o esfaragullamento da propiedade e a sua conseguinte dispersión, requisito fundamental pra subir a productividade do agro, meta que se fai prioritaria prá política económica agraria a partir dos anos sesenta. A estes obxetivos básicos caibe engadirlle outros non menos importantes como son: acadar a correcta titulación das fincas, que son deste xeito inscritas gratuitamente; eliminación de servidumes; dotación de accesos directos a fincas de reemplazo; construcción de camiños e pistas pra enlazar aldeas e parroquias; construcción de lavadeiros; instalación de luz eléctrica; potenciación de novos xeitos de cultivo e de mecanización.

Estes últimos motivaron nos últimos anos a meirande parte das peticións por parte dos veciños de que se levase adiante a CONCENTRACION PARCELARIA, máis a pesares de todo, somente están hoxe, e despois de quince anos de escomenzada, concentradas 137.539 Ha. dos dous millóns setecentos dez mil duascentas (2.710.200) Ha. que compoñen a superficie total agraria en Galicia.

As actuacións da CONCENTRACION PARCELARIA, como outras moitas, son o resultado de aplicar na "periferia" unhass normas lexislativas importadas dende o "centro", e como tales, desaxustadas prá nosa realidade. No caso concreto da CONCENTRACION PARCELARIA, é evidente que a mesma está, pensada e centrada fundamentalmente prás terras dá meseta; así, os datos do Cadro que se reproduce, amosan, queos porcentaxes de actuación nas provincias de Castela e León son prácticamente a totalidade das accións concentradas.

Por outra banda, a CONCENTRACION PARCELARIA ten en conta pra actuar en primeiro lugar, ao propictario da esplotación e non as esplotacións mesmas; o que no caso de Galicia leva aparellado pra efectuar as compensacións, sin lle dar pe a inxusticias e discriminacións que avalen as posteriores actuacións de cantos conviven e traballan na casa ou esplotación, o investigar axeitadamente a efectiva e real titularidade da mesma, as máis das veces dispersa e frangullada e moitas veces nin tan siquera rexistrada así como o estimar un número elevadísimo de clases de terras e de cultivos, feitos que evidentemente non concurren na típica esplotación con titular e de monocultivo da zona da meseta.

Todo esto fai o traballo de concentración das terras dificultoso, así como prácticamente imposible se non se conta de feito coa colaboración e información dos veciños, que desenganados da política estatal, que deica hoxe nada lles resolveu, actúan como meros axentes pasivos tornando a tarefa dos técnicos e dos axentes do IRYDA pouco menos que imposible. Compre pois deixar moi claro que a CONCENTRACION PARCELARIA ou calqueira outra medida a levar no noso agro tén que partir dun axeitado coñocemento do mesmo pra poder convertirse así nun instrumento eficaz que posibilite as transformacións e cambeos estructurais dos que a nosa agricultura está tan necesitada. O que levaría aparellado que a CONCENTRACION PARCELARIA deixara de ser un fin en sí mesmo e convertirse nun veículo que posibilit ase unha REFORMA AGRARIA GALEGA.

DISTRIBUCION PORCENTUAL DA SUPERFICIE CONCENTRADA

	1969	1970	1971
Galicia	2,4	4,7	2,1
Aragón e Catalunya	1,3	5,2	0,6
Extremadura e Andalucía	0,1	3,1	0,9
Castela "La Nueva" e Albacete	20,9	18,4	26,8
Castela "La Vieja" e León	69,5	64,8	65,5
Asturias e Santander	0,6	0,4	0,3
Euskadi	3,2	2,8	3,8



Daquela colleron firmas pra un Grupo Escolar, o grupo marchou pra Xinzo e as firmas fixéronas servir prá Concentración.

CONCENTRACIO QUE DESHERDAN

Hai pra aí cinco anos chegaron a Viladerrei-Trasmiras (Ourense) os funcionarios da Parcelaria baixo a responsabilidade do que hoxe se chama "INSTITUTO PARA LA REFORMA Y DESARROLLO" Iryda. Don Carlos, o inxenieiro, dirixiría os traballos de medición, clasificación das terras e posterior distribución das mesmas. O proiecto anunciábase como progresista, feito en beneficio de todos; íbanse construir diferentes servicios (pistas, pontes); íbanse respetar os dereitos de cada pequeno propietario nas terras adicadas a horta, situadas perto das casas e procurarían dividir aquelas que xa estaban xuntas. Pero nesta longa operación mediaron moitos intereses, intereses antipopulares, mediou desinformación e interveu algo xa tan usual como o descoñecemento do noso país por parte de técnicos de fora.

Así, resultou unha concentración que gran parte dos afectados califican de inxusta, discriminatoria e favorecedora duns poucos, amais de denunciar arbitrariedades arreo. De todas as irregularidades presentes na parcelaria de Viladerrei, sobrancean dende casos de veciños que aportaron terras e non recibiron nada en troques (a señora Amelia, de Estibadas; Adolfo, de Seixas; Cachafeiro e Emilio, de Atás; Xosé Feixóo e Carlota, de Trasmiras; Arturo Rua, de Cualedro...); un número largo de persoas que tiñan terras xuntas e llas dividiron e unha longa restra de casos que sufriron fortes perdas no que se refire á calidade das terras que agora se lles pretende asignar, cambeándose en non poucas ocasións labradío e praderías por monte ermo. "A min e á señora Xosefa dábannos a mitade de monte porque lle subiran a clasificación a quinta e que quedara sin as terras que tiñamos de producción, amais de pagar contribución por todo esto que non serve pra nada" clarexaba o señor Xusto Rodríguez.

OS CACIQUES APRETABANO

Na realidade, ao redor da Concentración non é difícil atopar as presións caciquiles. "Xuntáronse todos pra collerlle ao proxecto que tén. Viña o inxenieiro co técnico e xa iban de meranda a facer a cacicada. Despois, cando repartiron as follas, a xente quedou abraiada itodo o monte pra algúns! e o inxenieiro veñía





XURXO FERNÁNDEZ

"A algunha que lle asignaron
ao pé da casa comenteille
¡qué boa parcela che tocou!
e contestou: tamén tiven que pasar
todo o ano sin xamóns" (Xosefa Xusto)



XURXO FERNÁNDEZ

"Decían que si vostede tiña 5 ou 6 fincas
íbanllas xuntar pero deso nada, o capital,
que é do meu fillo, coméronllo todo en troques
de 17 áreas e o resto monte
que nin sirve pra roturar" (Carmen Feixóo)



XURXO FERNÁNDEZ

Si conseguimos a alcaldía
poñemoslles un Contencioso"
(Rodosindo Camiña)



Cando veu o da clasificación
dixenlles: eu firmo
si se toca a campán, que veña o pobo
e diga si acepta o que se fixo,
e somente firmaron un ou dos
dos que foramos chamados".
(Xusto Xusto Rodríguez)

decir que despois xa miraría, collía un pano e empezaba a lle dar voltas, bulrándose da xente, os caciques apretábano e el deixábase ir porque había capitalistas que orixinariamente tiñan 12 e 14 poulas (monte de xestas) a máis conseguiron todo en boas terras, pero, por exemplo, á señora Xosefa Limia, aquí presente, déronlle todo o capital en poulas e, outro caso, á miña irmá, Matilde Camiña, que tiña máis cunha soia das suas fincas, situadas no centro do pobo, que con todo o que lle tocaba" remacha o señor Rodosindo en proba de solidaridade cos afectados, afirmando, tamén, que inda que a elnon lle terciou apandar desta, está disposto a defender que se faga un novo reparto dacordo con todos.

.NIN GOBERNO, NIN AXUNTAMENTO, NIN NADA

O desinterés institucional foi a segunda das evidencias pra os veciños de Viladerrei cando tentaron recurrir pola vía legal. Primeiro dirixíronse ao IRYDA sin obter en contestación; despois tocoulle o turno ao Ministerio de Agricultura, que dá como solución un Contencioso Administrativo que económicamente non están en condicións de afrontar; a seguir, presentouse un escrito no Goberno Civil de Ourense no que se especificaba todo o devandito, puntualizando que a clasificación das terras procede dun núcleo reducido de persoas sin a conformidade de todo o pobo, e que curiosamente, os informadores foron despois uns dos que saíron descaradamente beneficiados, engadindo: "Como afectados, queremos deixar constancia de que estamos dacordo co que representa a concentración parcelaria, porque a consideramos progresista social e económicamente, beneficiosa pra os nosos interesees; noustante e vista a situación descrita no caso concreto de Viladerrei-Trasmiras, vémonos na necesidade de solicitar unha nova Concentración que seña xusta e equitativa decindo que a Concentración "se hizo después de mantener contacto con los afectados" que "los errores que pudieran producirse en el replanteo podrán ser modificados por el personal a quien la ejecución de dicho trabajo. (sic) Significándole que la toma de posesión de las nuevas tierras se efectuará a partir de los 30 días de la publicación en el BOP, a reserva de levantar los cultivos actuales en el momento oportuno, pudiendo hacerse uso de los resortes que permite y prevé la ley...". Tamén calaba o Axuntamento de Trasmiras "onde nos chegaron a decir que si queriamos poñer recurso tiñamos que depositar unha cantidade".

OS BENEFICIADOS, NA UCD E NA CD

Pero os afectados están decididos a que ninguén lles toque as suas terras si non se revisa todo outra vez, e lembran como a señora Xulia se puxera diante dunha máquina camiño de lle cortar a horta dos "renovos" pra abrir unha pista que nin estaba marcada antes. E a máquina entrou aproveitando que levaran a señora Xulia hastra o cuartel, pero cando voltou pechou outra vez. Despois veulle unha multa que non pagou... e lembran como se foron erguendo todos os marcos, e lembran que a maioría dos beneficiados andan agora de candidatos da UCD ou da CD...

A lista de persoas con moito que reclamarlle aos artífices desta concentración é longa. Amais dos veciños entrevistados —Xusto Xusto Rodríguez, Carmen Feixóo, Xosefa Limia, Serafín Rodríguez, Xosefa Xusto, ou Rodosindo Camiña— están outros moitos, como Rosita Suárez, Delfín Alvarez, Isabelita e María Amoedo, Bernardo Feixóo, Matilde Camiña, Marisol e Antonio Rodríguez, Aníbal e Hortensia Martínez... E, pola contra, outros son os beneficiados, outros como o Santos, o César, o Evaristo, o Celso, o Xan Boo...

"Aquí mandamos nós, eles non conocen os terreos nin o noso país" ouvimos máis dunha vez, mentras que Rodosindo, como primeiro candidato polo Bloque, afirmábanos de cara ás vindeiras municipais: "O Axuntamento tomará postura, e si sacamos a alcaldía emos poñer o Contencioso. No noso programa contémplase o apoio aos dereitos dos afectados pola parcelaria".

E como proba de incompetencia, hastra as pontes xa están na ruina, as pistas cegas, o regadío sin xeito, as fincas convertidas en escombreiras... porque unha cousa foron as promesas e outra a realidade que os veciños de Viladerrei protestan e combaten.

M. LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 57 * DO 6 AO 12 DE ABRIL DE 1979 * 30 PTAS.


AS MUNICIPAIS:
Da realidade e dos fenómenos electorais
PAXINAS 3, 4 e 5

O perigro das centrais nucleares
PAXINA 5

O "imposible" xa pasóu
PAXINA 12

MUXIA:
Dereito e defensa dos palangreiros
PAXINA 10

As "putas da guerra"
PAXINAS 8 e 9


XURXO FERNANDEZ

A partir do 72 fixo toda a sua actividade política e profesional a traveso da música, unha música que reflexa influencias da sua longa estadía en Angola, onde viviu dende moi pequeno. Ao regresar a Portugal iniciouse na actividade sindical no campo estudiantil "e grabei o primeiro disco, cunha concepción humanista, relativamente acrítica da sociedade, entendendo que non había solución". No 1969 deixou a música pra se adicar ao movemento estudiantil. "No 72 presenteime á presidencia da Asociación estudiantil e ganamos. Pero o Goberno de Caetano non me homologou, e convidáronme a me agastar por cuestións hastra de seguridade da propia dirección. Voltei á música e traballei con Zeca Afonso, Adriano Correia de Oliveira, Manuel Freire. Influiume sin dúbida Cilia, porque foi o primeiro en abordar nas suas cancións a guerra colonial, principal contradicción da sociedade portuguesa no momento".

FAUSTO

Militancia e profesionalidade na canción



XURXO FERNANDEZ

Hai ben pouco, cando alguén escoitaba decir "música popular portuguesa", pensaba somente no Fado. ¿Qué pasaba co resto da espresión musical?

No meu país fixose e divulgouse unha especie de folclore que non tén nada que ver coa tradición popular, —"ja pasei a roupa a ferro, ja pasei o meu vestido, amanha vou-me casar e o Manel é o meu marido"—, invención pura dos compositores do réxime, que popularizaron cancións desvirtuando moitas das musicas que falaban das condicións de traballo do pobo; modificaban a letra e a música. Pero non se perdeu todo gracias ao traballo dun home, Giacometti, un italiano que leva moitos anos en Portugal, que as recolleu. Por outra banda, conta a tentativa de erixir o Fado como canción nacional cando o Fado é, de feito, o folklore urbano, non é apenas a espresión da pequena burguesía, tén o seu orixe no mariñeiro e nos barrios populares de Lisboa; pero desto a tentar facer del a canción nacional... así, tornouse unha canción cortesana, en tanto que a lírica labrega era totalmente distinta, falaba na vida do traballo e as mesmas cancións de amor non reflexaban valores como os ciunes, a dominación machista do home... despois do 25 de abril, cando foi máis fácil o contacto coas clases populares, abordouse o traballo de recolla a reposición das formas orixinais, e o conocemento da música tradicional portuguesa hoxe xa é moi bo.

E na Quinta División do Exército artellouse un programa de "Dinamización Cultural", ¿qué representou?

O papel da "Dinamización Cultural" da Quinta División, cando esistía o MFA que xa non esiste, foi importante pra concienciar a amplos sectores das masas populres, pra tentar destruir un fenómeno común en Portugal —e penso que acó en Galicia— como o caciquismo, poboacións dominadas por pequenos e grandes señores, a partir da realización de teatro, de cine, de canto, indo a sitios onde nunca houbera ningunha actividade cultural. O canto tivo un papel de vangarda e incluso a canción política cáseque se destrue a sí mesma ao ter que asumir, en determinado intre, formas moi sinxelas, didácticas, primitivas, que non se utilizaban dende facía tempo; as letras, ás veces, convertíanse en consignas e a canción volvíase planfetaria e en términos de calidade baixou, pero neses anos, 74-75, nos anos dos únicos gobernos progresistas que houbo, a canción política ou de intervención, como decimos nós, tiña máis do que nunca ese senso.

De calquer maneira, a canción coxuntural foi e é necesaria...

Sí, e coido que está no centro de preocupación de calquer compositor conscient e. Sinxelament e a música que se fixo no 74-75 ultrapasou as características dunha música coxuntural que puidese estar a transmitir unha situación concreta ou nunha fábrica ou nunha zona, como por exemplo o problema da contaminación do río Vouga, que volveu estériles unha gran estensión de terras de pequenos propietarios; hai cancións específicas que falan deso e que son estraordinariamente belidas pero, pola contra, caiuse no panfletarismo fácil que, eso sí, foi útil, e funcional, políticamente necesario no momento. Despois deste período —ás veces tiñamos que ir cant ar unha loita e faciamos rápidamente a canción, moitas veces colectivamente— houbo unha reconsideración das formas que ela viña asumindo, e inda que continúa habendo canción coxuntural, tén certa cualidade de música, testo, etc.

Certa calidade que somente virá dada pola profesionalización ¿ou non?

Penso que calqueira música de calqueira país somente poderá dar saltos cualitativos cando o que compón se adique vintecatro horas ao día á canción. A afición tén as suas cousas boas, hai sempre os "carolas" que van tirando pero que, defeito, non van dar a identidade necesaria que lle compre á música nin as ventaxas que tén pra un país conseguir unha música boa. O "amadorismo" en Portugal fixo que a música popular non avantara tanto como debera, e coido que se lle prestou moita atención ao rapaz que sabe facer media ducia de acordes e toca calquer canción. Un home que tén loitado moito pola dignificación da música foi o Luis Cilia, e esto pasa pola profesionalización, e aí comenza a responsabilidade do cantor en present ar un traballo de calidade pra xustificar, xa hastra, o seu "ganha pao".

¿Qué camiños seguiu a vosa formación?

Tivemos tres xeneracións musicais. Unha queveu de Coimbra, con José Afonso, Adriano Correia de Oliveira e que colle, asimesmo, a persoas coma Manuel Freire, Cilia. Unha segunda é a de José Mario Brancoe Sergio Godinho, con influencias europeas, pero que lle veu dar unha vida estraordinaria a música popular portuguesa, e despois estamos eu, Vitorino, que fomos adeprendendo como puidemos, escoitando, coa nosa práctica cotiá en relación coas músicas que ouviamos nos diferentes lugares onde iamos cantar, coa vida.

Non sypode falar, pois, da institucionalización do ensino e do aprendizaxe da música.

Nos países socialistas hai institutos de música, en Portugal non. Na miña opinión, os homes adicados á música popular debían ser subvencionados polo Esta do pero non podo falar desto e pensar no Estado portugués, virado de cara prá protección de todo o que non seña a cultura.

Inclusive no eido da divulgación...

Que terá de ser, aoutravolta, a traveso da actuación, porque veñen de se dar na radiosuspensións de varios traballadores —xa do PS, o PS que fixo unha serie de saneamentos á sua esquerda, evidente, e que agora comenza a se ver saneado— e suspendeuse o millor programa de radio, o "Contraponto", que nunha perspectiva político-cultural facía a divulgación da música de calidade; suspendeuse outro programa, "A hora viva", e os traballadores prá casa... pero sempre afirman no Parlamento que eles non teñen censura, este goberno Mota Pinto, que é un Goberno pro-fascista, dice que está a "facer axustes" nos órganos de comunicación social. Non aguantamos máis que un programa na radio que nin digo o nome non vaia ser o demo!

Volven, pois os recitais. ¿En qué condicións?

A canción política portuguesa tivo durante 16 anos unha tradición de militancia que no 25 de abril se esaxerou, todo era militancia. E as editoras capitalistas empezaron a modificar a forma de pago, —antes daban un salario fixo á conta dos discos— facendo que o cantante non tivera medios de se manter porque se adoitara a ir cantar gratis. Houbo casos escandalosos, como o dunha sociedade recreativa que convidou a un nacional-cançonetista e deulle 15 contos; na semá seguinte levou ao grupo "Outubro" pra cantar gratis e ver de recobrar os cartos que lle tiña dado ao nacional-cançonetista! Agora procuramos obviar esas cousas e artellouse, por exemplo a cooperativa "Eira Nova", pra organizar comercialmente os recitais. Porque militancia é ir cantar a unha fábrica en folga, militancia é identificarme con determinado encontro cultural ou político, e outra cousa son os recitais nos que se debe pagar meritoriamente o traballo que alí se está a facer. Por iso falo de reconsiderarmos unha serie de aspectos que nada tiñan que ver coamilitancia e moito co voluntarismo.

A nivel político xeral ¿cómo defines a actual situación no teu país?

Hai unha forte reacción contra as conquistas do 25 de abril, reacción que non se define por movementos masivos como tentaba hai dous anos a dereita, senón que volveu penetrar no aparello de estado e procesa as suas accións ao traveso do Goberno.

¿Os vencellos ao imperialismo son xa evidentes?

Coma mostra, direi que un acordo do segundo goberno constitucional, formado polo PS en alianza co CDS —un partido mesmo de estrema dereita—, co FMI era de tal maneira desventaxoso no campo económico pra Portugal que o propio PS non aceptaba algunhas cláusulas, e cando digo o propio PS, digoo porque é de sempre conciliador e o maior responsable da actual situación. Na sua táctica estaba controlar aos traballadores e aliarse á dereita pra eliminala, pero de concesión en concesión, esa mesma burguesía foi incrustando ao PS contra a parede, puido lanzar a crisis e fixo cair ao segundo goberno.

Unha situación que empeza co golpe do "25 de novembro"

Sí, un golpe de dereita aínda por esplicar, que contou coa acción da CIA e dou datos concretos: o embaixador de USA chamábase Carlucci e daquela toda a esquerda acusouno de pertenecer a CIA e o mesmo Otelo Saraiva de Carvalho, comandante do COPCON, declarou que non respondía da persona de Carlucci, porque as clases populares facían manifestacións frente á embaixada e boicoteábanlle calquer actividade ou calquer acción política encadrada por eles —é o caso do barco que aparece na illa da Madeira, un barco espía, que foi acantazado—. Carlucci, cando foi acusado, fixo unhas declaracións e o PS, outravolta o PS vén desmentir que o home non era nada da CIA, que o home era un diplomático. Aconteceu que o Carlucci sal de embaixador hai un ano e agora é oficialmente subdirector da CIA. No seu informe ao Senado americano, dixo que coa sua acción a situación política portuguesa imoito tiña millorado!

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 60 * DO 4 AO 10 DE MAIO DE 1979 * 30 PTAS.

NO RIBEIRO

MATUTE, ESA DESGRACIA que ven de Castela



1º DE MAIO:

A REALIDADE NON GARDA AS FESTAS

Precios xustos...

I CONGRESO DAS COMISIOS LABREGAS

Galicia, ¿capital? Madrid

Benxamin Casal

Moito optimismo sen "competencias"

E un home con bos desexos, que confirma a galeguización da nosa sociedade e cree no sentimento galego de certos sectores da pequena e media empresa. Razona con cautela e espresa, ao millor, fidelidade por cortesía ou por inxenuidade. "Nacín en Lugo, meu pai tiña un comercio pequeno, estudiei inxenieiro agrónomo en Madrid e Económicas en Santiago, e dende o 63 traballei en Galicia como funcionario do Ministerio de Agricultura, primeiro en Concentración Parcelaria —o actual IRYDA—, despois na Xefatura Agronómica —que xa non esiste— e tamén no departamento de Estudios e Coordinación". Tén 44 anos e responsabilizouse de Enerxía, Industria e Comercio na "Xunta".

BENXAMIN CASAL

Moito optimismo sen "competencia"

Despois de ser funcionario en diversos organismos, ¿qué diría da política agraria do Estado español en Galicia?

Non houbo política agraria, foi un reflexo da doutros lados, de esquemas que se facían pensando en Extremadura, por exemplo, e cando chegaba a sua aplicación a Galicia, era imposible levalo a termo e se se tiñan de conseguir cen, aquí chegábase a dez.

¿Qué precio se pagou por esa política agraria?

O precio velai, non hai máis que achegarse ao campo.

¿E qué precio se pagará pola entrada no Mercado Común?

Realmente é unha opinión que nestes intres non tén nada que ver coa Consellería... Bueno, o problema é que se produce un gran desfase entre a situación actual e a situación europea na Agricultura, e habería que traballar moi axiña pra que no intre que se desarmen os aranceles non nos colla nesta situación. E necesario facer unha gran inversión en infraestructura, cambeos mesmo estructurais se queremos chegar a competir.

¿E na industria, qué evitaría?

Todo o que poida ser irracional e non teña un beneficio claro pra os galegos penso que habería que evitalo —sectores como a celulosa, aluminio, gráfitos, e metalurxia do cobre, por exemplo, teñen un alto consumo de enerxía eléctrica con tarifa máis baratas. Nós propoñemos que as tarifas se discriminen non sectorialmente senón territorialmente, e xa que temos que lles dar un precio máis baixo a esas industrias xa situadas, pois teremos tamén un precio máis barato pra outras industrias que se sitúen a determinada distancia duns centros productores de enerxía como os que temos aquí—, daquí en diante habería que evitar a política de feitos consumados, que se completen todos os procesos industriais ao másimo, sen nos conformar cos productos semielaborados porque, además, a medida que se avanta, a contaminación disminúe, disminúe a aportación de capital por posto de traballo e aumenta o valor engadido.

Fálanos, pola contra, da situación presente.

Dende a Consellería fixemos un retrato moi sinxelo da situación actual, que definimos pola —agrarios, pesqueiros, forestais, mineiros, enerxéticos...— e a gran capacidade de aforro. E se de principio calqueira país que teña esto tén potencialidades de desenrolo, resulta que nós non temos ese desenrolo e coidamos que foi porque as decisións foron alleas a nós e con criterios que non son os do noso desenvolvemento, chegando á conclusión de que hai unha forte dependencia en todos os sectores que é o que incapacita a Galicia pra poderse desenvolver axeitadamente, sen esquencer os recursos humanos, a aqueles que por causas alleas a sí teñen a sua vida fora de Galicia.

Por esas características, que xa moitas outras veces se dixeron, defínese a nosa situación como de dependencia colonial; ¿está dacordo?

Eu estou dacordo en que esiste unha forte dependencia e en moitas empresas que agora están en crisis eso é claro, porque as decisións están en Asturias, Euskadi ou noutros lados... falo de CENSA, Unión Cradytor, etc.

¿Qué modelo apuntaría pra enfrentarse á dependencia?

Penso que co tempo que levo aquí e coa axuda que teño, respostar a eso sería escesivo; a preautonomía tén unhas limitacións terribles, hastra de agora non temos competencias, e o que nos cabe é achegarnos á realidade. Pero chegar a un modelo industrial rebásanos e sería unha cuestión da Xunta.

¿Da Xunta e dun proceso onde non caiban transformacións estructurais?

Personalmente són moi optimista, e ao marxe do que algúns partidos pensen do teito que teña que ter a Autonomía ou inclusive que outros non a queiran e vexan outra solución como a Autodeterminación, eu penso que a Autonomía é un camiño pra min válido e nel, aceptándoo, tentar acadar o másimo que presenta a Constitución.

Unha Constitución na que privan, por exemplo, determinados intereses. Os monopolios siguen mandando e son os que están políticamente representados.

En política sempre hai contradiccións, tensións, é a vida de todos os días; hastra hai contradiccións dentro das familias e tamén na sociedade, e as soluloita de intereses e ideas.



XURXO FERNANDEZ

Un caso práctico: aquí hai intereses en construir unha nuclear en Xove.

Independentemente da consideración que se teña da enerxía nuclear, que é un tema planetario, hai un aspecto que debe ser territorial: o equilibrio entre a producción e o consumo enerxético, e non é concebible asignarlle a un país ser productor e a outros ser consumidores, e cando hai unha zona que non consume a enerxía que produce, coido que non é aceptable chegar a solucións novas, con riscos e contaminantes cando se está, repito, nun nivel de consumo baixo e tendo amplas zonas, cos seus homes, sin un mínimo de enerxía eléctrica.

Ou a reivindicación cotiá de postos de traballo...

Craro, non temos competencias pra actuar nese eido pero, sí a proposta de coordinar todos os instrumentos legais pra facer unha promoción industrial máis racional e axeitada aos intereses galegos. En moitos sectores estase nunha fase de producción a unidade de emprego é baixa; e en troques, as outras fases nas que hai menos contaminación e máis valor engadido, están noutras zonas. Por outra banda, eu son partidario das pequenas e medianas empresas, por eso queremos elaborar un inventario industrial pra lles facilitar a interrelación xa que, amais de baixar gastos, non lles repercutirían crisis das empresas de fora, como está a pasar hoxe. Esta interdependencia interesa a todos os industriais que traballan en Galicia, ben por motivos económicos ben por sentirse moi galegos.

Definiuse como un home optimista, ¿coida que a Xunta tén apoio popular?

Considero que a Xunta non tén o apoio popular que lle compre. E evidente. Esta falla de conciencia ainda esiste, imos no camiño de a conseguir pero necesita tempo e un traballo forte pola nosa banda e pola dos médios de comunicación pra integrala co país, independentemente de que se critique a determinadas persoas, xa que hai nen saben da esistencia da Xunta e a nosa laboura é dala a conocer.

Pero non é por desconocemento polo que o nacionalismo rexeita a solución autonómica...

Non todo o nacionalismo, hai partidos que admiten a Xunta.

O nacionalismo popular, as organizacións sindicais galegas, non. ¿Cómo o interpreta?

Coido que teñen unha óptica política respecto a cales deben ser as solucións pra Galicia que non coinciden con esta. Evidentemente esto non é bo, o bo sería que todos os galegos tiveramos a mesma orientación... eu non digo que seña a boa unha ou outra, pero o ideal sería que todo o pobo galego opinara o mesmo sobre desto.

Falando de opinións, analizaron, por exemplo, o "Día da Patria" e a diferencia que houbo entre a convocatoria do nacionalismo popular e a da Xunta, apoiada polos partidos estatais e por eses que chamou nacionalistas.

Sí, eso analizouse na Xunta pero como as sesións son secretas non podo facer ningún comentario sobre as conclusións.

¿Vostede considérase galeguista?

Sí, dende hai tempo, dende a primeira vez que lin o "Sempre en Galiza" e contactei, aló en Madrid, con xente que tamén o eran... bueno, decir se a Xunta entronca co galeguismo cando un está dentro é como cando está no bosque, teño que sair afora pra velo, desexaría que así fora, e os que estades fora sodes os que podedes decilo ou non. Ese é o meu esprito.

Ao decir que acepta a Constitución e ao Estado español refírese ao Estado unitario, ¿non aceptaría, pois, unha solución federal?

Eu, personalmente, si aceptaría un Estado federal.

¿Considera que sería máis progresista?

Sí.

M. LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 61 * DO 11 AO 17 DE MAIO DE 1979 * 30 PTAS.

especial letras galegas



IRIBAR: Máis alá dun grande porteiro de fútbol
PAXINA 19

Unha praga con boas defensas
PAXINA 3

NO ESPECIAL LETRAS GALEGAS
★ Filosofía lingüística da Constitución
★ Anxel Fole: Narrador a pelo
★ Un só ensino, unha lingoa só
★ Concurso pra nenos:
"O Día das Letras nunha Galicia ceibe"

Cando aquela señora de Torneiros, na Terrachá, sentiu como dende o ar guindaban un embrullo e ao se achegar viu vermes dentro del, apañou un anaco e levouno hastra a casa porque, de non facelo así, de seguro que o seu home non llo ía creer. Tampouco é novo o decir popular encol dos intereses das casas de insecticidas en provocar diferentes pragas de cara a lle dar boa saída comercial aos seus productos. "Os escarabello, mesmo o escarabello, veu de Francia. Inda non se conocía por acó e xa había nons Axuntamentos papeles contra da praga do escarabello". Pero agora son os "vermes dos prados", os que na Inglaterra se chaman "chaquetas de coiro" pra facer referencia ao seu pelexo duro, son as larvas de tipulas que polo día se agachan embaixo da terra, a pucos centímetros, pra que os paxaros non as coman, e saen pola noite a alimentarse de herbas tenras, preferentemente, desertizando praderías en pouco tempo e atacando, si se tercia, mesmo limoeiros novos, como xa tén acontecido na zona de Pontevedra hai ben anos, cando as típulas xa andaban entre nós pero sin constituir un perigo grave.

UNHA PRAGA CON BOAS DEFENSAS

Ao se convertir a Lagoa nun lameiro os páxaros fuxiron e os vermes medraron máis e máis.



XURXO FERNANDEZ

Co pelexo duro e unha cór grisalla, as larvas van esfarelando os prados cada noite.

MORREU A LAGOA, MEDRARON OS VERMES

Dende o ano 71, a presencia destes vermes grisallos xa empezou a ser importante e de ano en ano máis abondosa. Os primeiros lugares atacados corresponderon ás zonas de Colonización —monte de recén conversión en praderías baixo o patrocinio e o control estatal—, na Terrachá luguesa, e nos dados do ano 72 especifícase que os Axuntamentos de Cospeito e Castro de Rei resultaron afectados singularmente. De Cospeito é asimesmo a información gráfica que A NOSA TERRA recolleu hai dous días por mor de que unha das hipótesis máis fiables fala do desequilibrio ocasionado pola desecación dunha lagoa naquel Municipio como feito propiciador da pervivencia das tipulas cada primaveira e cada inverno a consecuencia da desaparición de moitos paxaros. "Naguela" casa apareceron todos os anos menos este, a bon seguro gracias ás pitas que andiveron todo to tempo peteirando a terra", comentábanos un veciño do lugar. A escasos kilómetros, xa no termo municipal de Castro de Rei, nas terras de colonización, non foi difícil dar con tipulas, das que publicamos imaxes, mentras os labregos da zona repartían as opinions entre que se o purín é a causa ou son causa os que as "salpican" por ahí adiante, recollendo un comentario cada día máis xeralizado, tanto tanto, que na parte sul da provincia, en Chantada, onde non se conocían os vermes dos prados hastra hai dous ou tres anos e hoxe aparecen ao esguer calqueira torrón, as voces populares declararían pra A NOSA TERRA:

"Ao comenzo a xente botáballe a culpa da sua aparición aos purins das granxas. Os técnicos, nembargantes, din que é consecuencia das choivas. Pra nón non esta craro... algún chegou a decir

CADRO BRANCO

A alumna de segundo de BUP do Instituto de Marín, Luisa Lavandeira Pintos, reprimida polo uso consecuente do noso idioma galego.

O Axuntamento de Abadín (Lugo) pronunciouse a favor do apoio á nosa cultura e á oficialización do galego e tamén a restaurar os nomes galegos e populares naquel municipio.

CADRO NEGRO

A señora Carmen Castiñeiras Guerra, agregada de Matemáticas no Instituto de Marín, a directora do Centro, o Inspector de Ensino Medio. A primeira por insultar á alumna Luisa Lavandeira polo feito de falar galego, negándose a correxir e entregar un esame da asignatura, agachando, tamén, o resultado do mesmo. Ao segundo, por cómplice desta caste de profesorado, e ao terceiro por lle decir a Luisa que se quere empregar o galego o faga brincando ou nos mitins. Unha das frases adicadas ao noso idioma neste asunto foi aquela de "esa lengua de perros"

A NOSA TERRA
PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín. Fontenla Rodríguez, Xosé Luis. López Gómez, Felipe Senén. Morales Quintana, Xosé Enrique. Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Antón L. Galocha, Lois Celeiro, Marita Otero, Pablo Viz, Paco Arrizado, Fernando Franco, Ignacio Briset, Suso Piñeiro, Guillermo Pérez, F. Cusí, Emilio Veiga (Paises Catalpans), P. Iparraguirre, Maialde (Euskadi), María Alonso (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), Juanjo Navarro, Llatzer Moix, Patiño, Vázquez Pintor.

Diseño e Confección: Pepe Barro

Fotografía: Brais, Xurxo Fernández, Fernando Bellas

Dibuxos: Xaquín Marín, Xulio Maside, Alfonso Sucasas, Xurxo Fernández

Redacción e Administracción: Troia 10-primeiro Santiago
Teléfonos:
Redacción: 582681
Administracción (de 10 a 14): 582613

Imprenta: "La Región, S.A." Offset C. Quiroga, 11-15. Ourense
Dep. Legal: C-963-1977

Distribución: A Coruña: A. González. Santiago: Prensa Nacional. Ferrol: Distribucións Velo. Pontevedra: Librería Cao. Vigo: Distribuidora Viguesa.
Bilbao: Distribuidora Vasca, Telf.: 4231933
Lugo: Souto
Ourense: Vda. de Lisardo
Barcelona: F. Rafael Artal, Telf.: 2433658

que ollara unha avioneta tirar uns frascos de cristal e que puido recoller un que non rachou: alí veñan vermes".

O COMBATE A ESTA PRAGA

Dende o ano 72 en que atacaran forte á Terrachá hastra o 78, que afectou amais de Villalba ao val de Sarria, en Lugo, e ás terras de Lalín e Rodeiro, en Pontevedra, a despreocupación compeou agusto nas decisións oficiais. Ao primeiro trataronse con clorados, "cun resultado escelente",


din no Servicio Agronómico de Abegondo, Coruña; hoxe recoméndase diferentes productos,

de diferentes casas da importancia da multinacional Bayer, en cantidades de 2 e 3 kilos por ferrado, inda que a solución máis radical seguiría a ser voltear os prados pra que os vermes sacaran

ao sol, porque non aturan a falla de humedade, e mesmo, se a situación é moi grave, queimar superficialmente os terreos invadidos, procedementos, éstes, moi

laboriosos pero que, cando menos, non teñen riscos de cara ao gando. Neste senso, e nun primeiro traballo publicado en A NOSA TERRA, número 59, recomendabamos os cebos envenenados feitos a base de fluosilicato de bario e salvado,

colocados en líneas e humedecidos. O certo é que hoxe, despois de ben anos de ir sofrindo esta praga ascendente, organismos oficiais declaran que sí, que a epidimia é forte, que cumpre unha campaña masiva —claro



XURXO FERNÁNDEZ

Individualmente os labregos combaten a praga, unha praga que vai pra dez anos: ¿Qué fixeron certos organismos?

que a millor época pra o tratamento é febreiro, que xa aló vai! — que se tronza o equilibrio ecoloxico con resultados fesfavorables pra os prados, que...

E mesmo algún labrego, da zona chantadina, queixoso da escasa axuda pra loitar contra " desta nova praga, máis difícil de acabar con ela que co escarabello das patacas" apuntaba: "Miren, algún hastra dá razóns, como agora case non se botan patacas e hai fábricas con moitos

insecticidas acumulados sen os poder vender..."

Ao remate, e mentras nos organismos do Ministerio español ándase a falar de que se é importante se subvencionan os productos recomendados, de que se nos invernos húmedos e

mornos aparecen as típulas, un lembra a carencia de investigación durante moito anos, e mesmo as consecuencias que pode ter a desecación dunha lagoa como a de Cospeito, hoxe a ermo e convertida nun lameiro, por estarmos nun país onde a racionalidade ao servicio dos intereses populares é ben difícil de topar.

PUCHEIRO
M.LEDO

¿BUSCA A LENDA DUN CASTELO OU VENDE UN CABALO VELLO?

ANUNCIOS DE BALDE

A NOSA TERRA

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

Fala do caciquismo antergo, arelando poder máis que diñeiro, ao que lle adicou un que outro poemiña coxuntural, "os partidos liberal e conservador desplegaban un estado maior de caciques impresionante", e do de agora "dispar, coetáneo das multinacionais, económico"; de que Galicia hai tempo que é feminista; que se "Cobreiros" non vén de cobre senón de "cuplarios", parella, "que daí ven copla, de versos pareados", ou que A Golada tén de ser Agolada porque é Aqualata. Pode contar como saiu Mourullo cara América polas filas de fuga da masonería portuguesa simultaneándoo con definicións variopintas sobre cultura e civilizacións. E o gran contador da nosa Literatura, **respetoso** co pobo e sentimentalmente galeguista.

"Non é que non me goste a política, pero..."

ANXEL FOLE

Un narrador a pelo



XURXO FERNANDEZ

Eu són un aristócrata. Meu pai chamábase Reinaldo Fole Quiroga, miña abuela Jacoba Quiroga Sangro, miña bisabuela Sangro Taboada, meu bisabuelo Juan Quiroga de Temes... son apelidos aristócratas por parte de pai. Eran proipetarios por exemplo da torre de Arcos en Chantada, da de Osili en Buralla... meu bisabuelo, —que era un personaxe moi curioso, diputado ás Constituintes por Lugo no 69 e está retratado en Baiona cando está fuxido porque era do grupo de Topete e Prim—, tiña un pazo no Carballiño, outro na Peroxa, outro en Padrón, a Casa de Otero en Quiroga, unha das poucas que quedan na miña familia... Tópome ben coa xente de Quiroga, é moi **respetosa**, como din eles; esa paisaxe con fondura como a de alí que empurra á melancolía. A suprema categoría estética pra min é a paisaxe. Sí señor. Atraíame moito o popular porque sin o pueblo non é nada (o outro día decía o presidente de Panamá que os pueblos son todos simpáticos, ¿era simpático o pueblo alemán cando seguía a Hitler en apretadas filas? ou cando en manifestación se berraba: "¡uno, dos y tres Toledo nuestro es! ", non tiña nada de grato, era un populacho despreciable). Boeno, eu describo ao pobo galego sinxelamente, tal como me topei dentro del, falo do pobo campesiño, que tén muita tradición literaria. De vez en cando aparecen uns tipos estupendos, o tipo reflexivo que medita muito as cousas; acórdome dun vello que me decía que a millor palabra está por decir. ¡Un compendio de sabiduría labrega! ; parecía un Patricio, era o único da aldea que prestaba diñeiro a réditos sin documentos, por palabra, e despois perdonaba os réditos... fago Literatura de documento e sempre me basei na realidade.

O GALEGUISMO CHAMA AOS MILLORES

O galeguismo lévoo dende neno, creo que oíndo cantar ao Orfeón Gallego e á Banda Municipal tocar, por exemplo, Negra Sombra e os pasodobles de Xesús Rodríguez; a poesía de Rosalía, despois a de Pondal que nos gustaba moito aos galegos que estábamos en Castela, e a de Cabanillas. Sentinme duas veces galego fora de Galicia. En Santiago xa se respiraba galeguismo por todas partes e en min foi unha cousa moi natural, indefinido, sin moformular esplícitamente, pero quería ser galego cabal. Son máis ben un galeguista intelectual, culturalista e minoritario. A posición nosa, dos galeguistas puros é moi rara, comprometida e confusa porque, mire vostede, en gran parte resultou un tremendo fracaso xa que inda non estaba maduro e veu aquel aluvión de cousas políticas e ¡claro! . O galeguismo é unha tradición, sin ela non hai cultura, unha tradición que polo xeral chama aos millores a esa é a gran victoria. O meu discurso prá Academia tituleino así: "Castelao e a tradición galeguista". Castelao, calqueira chiste del era monumental, trateino, contaba chistes moi bons, como o do irmao de Victoriano García Martín que era médico en Rianxo, Pepe. Tiña unha ama de chaves que se chamaba dona Ramona, e cando lle veu a de morrer, todas as beatas, así con muita curiosidade, preguntáronlle ¿e cómo morreu don Pepito? e a ama: pois morreulle como un santo, cando lle trouxeron os divinos dixo "esto se jodió" y entregó su alma a Dios.

A DISOCIACION ACADEMIA/POBO

A Festa das Letras vaise esquencendo, esquencendo e queda un bolo na cabeza, pero bueno, tén significación e coido que foi unha iniciativa atinada de Vicente Risco e claro, esa disociación entre o que celebra a Academia e o que se fai socialmente é lóxica, inda que por este ano a Academia elexiu ben, porque Manuel Antonio é unha figura moi interesante. Era moi alto, foi mariñeiro en barcos de vela —facíao o pior quepodía porque era tuberculoso crónico— e a sua poesía tén interés, o ultraísmo, o imaxinismo. Pero o do idioma está ben, eu non creo como Alonso Montero que esteña en trance de desaparición; sufriu un empurrón tremendo, inda que perdeu calidade, ás veces parece un fardo, un **bilinguo**, que lle chamo eu, deturpado polo castelán, furiosamente confuso e babélico, sí, da torre de Babel. Pero eso non tén que ver e recuperouse a vixencia. A descomposición do galego aplazouse, penso eu, polo menos por un século. No tempo da República, e con diputados galeguistas, eramos moi poucos os que o falábamos. Despois da fundación de Galaxia xa fomos máis, (recórdome que no ano 45, o día de Galicia, tivemos unha reunión en Coruxo, na casa de Del Riego, e acordamos facer unha revista e unha editorial en canto se poidera), falabamolo nas casas de García Sabell, de Dieste, de Somoza, o director de Conxo... Eu era partidario de reconstruir o PG, ao que pertenecín, xa antes das eleccións do 77, pero non me fixeron caso, porque o ésito tamén de Felipe González foi reconstruir o antigo partido socialista e tivo un ésito fácil, e penso que agora a fórmula era volver a empezar sin ter presa...

O REALISMO, A GRAN LITERATURA

Unha das cousas que máis me satisface é a narración breve, o conto, que pra min é o conto contado, e os poemas. Son incapaz de ler unha novela larga, eso que lin muitas, hastra aquela de Thomas Mann "La montaña mágica", que é un latón espantoso, inda que a novela é a gran literatura social ¡qué se vai comparar a Dostoiewski. Nada! ; porque o que non é realismo casi non é nada, hasta Freud sacou os nomes de "complexo de Edipo", "complexo de Electra" das novelas de Dostoiewski. E o novelista do subterráneo. Hai un realismo esterno e máis un realismo interno, como o da alma do home, que tamén é realismo. A Literatura puramente fantástica é un fracaso, outra cousa é a imaxinación disciplinada pola realidade ¿verda? encaixada na realidade. Sobre a nosa Literatura teño ideas moi propias. Non son entusiasta

A CONTRASEÑA

Eu tiña un amigo que era abogado e exercía de procurador, que lle chamaban Constantino Rodríguez. O pai, don Constante, era fotógrafo xudicial e si aparecía un morto por un atropello tiña a obriga de ir cunha máquina —iba o fillo por el—, tirar a foto e levala ao xuzgado. Entón eu daba clases na academia "Academus" e ao sair, á unha, íbame prá casa do meu amigo. ¿Qué tal, cómo che vai, imos tomar un vaso de viño —tamén era galeguista— imos tomar un vaso de viño alí á Ronda? Pois vamos. Imos logo. Un día chegou e dixo: é que hoxe apareceu un morto nun camiño e teño que sacar a foto. E fomos ao depósito do cementerio antigo, que estaba alí na Avenida de Ramón Ferreiro. Chegamos a ver o morto. Acórdome ben. Era un home duns 40 anos, xa non era novo. Levaba unha zamarra, e era en pleno vrao, e unhas alpargatas. A zamarra tiña así briznas de, fronzas, como din no Caurel, de herba. Se conoce que estivo abrigado nunha palleira. Era moi moreno. Tiña un balazo espantoso que lle fracasaba todo o oso temporal. Outro taladráballe o frontal. Iballe sacar a foto, collinlle a mao e un tiro taladráballe a palma da mao ¡mira aquel balazo! Bueno coño, quen será, quen non será. Despois soupen del, paréceme que era de Cervantes, solprendéronо, tiroteáronno, digo, prendéronо e matáronо alí na Ronda.

Ao día seguinte fun dar clases e á casa de Constantino Rodríguez. O pai era un gran tipo, porque na manifestación do Primeiro de Maio este señor sacara fotos e ao principio do Movimento viñeran buscalas —"aquí está este fulano, este ya lo prendimos, este fulano lo hemos cogido, éste ya está dando hierba, éste, fíjate en éste"... —e por elas sacaban e iban prender á xente. E o bon do fotógrafo, que se chamaba don Constante, dixo: que me ineinas todas, estorbábanme.

Ben, ao día seguinte había outro morto. Entón vin un rapazolo así de mala pinta, de 28 ou 30 anos. Levaba un mono de albañil blanco, con cal. Era rubio —parece que me acordo—. Tamén levaba alpargatas. Bueno, uns tiros espantosos, un que lle levaba o ollo, despois un que lle barrera a orella... collinlle a mao: outro que lle taladraba a mao "esto parece unha contraseña". E era una contraseña pra que non fixeran investigacións... Aos poucos días pechouse a Academia, o "Pueeblo Gallego" incaotouse del o Movimiento, EFE deixou de esistir, quedeime na calle sen nada. Eu estaba parando despois nunha casa que había tres leiteiras que viñan por distintos sitios, unha casa que collían moitos hóspedes. E viñan hoxe: apareceron tres mortos en Rabeiro. Viña outra: na Fervedoira apareceu un morto. Viña outra "apareceu un morto...".

deso que chaman "nova narrativa", paréceme mimético eso de coller unha cousa de Robbe Grillet e facer combinacións. Na lírica tamén hai moito mimetismo, apareceron moitos Nerudas de segunda e terceira fila; despois hai os **añorantes**, os que están anclados nos tempos de "Ronsel", naqueles tempos de Evaristo Correa Calderón... había unhas figuras moi curiosas na Literatura galega, ie non eran tres ou catro! Eu teño gran pereza en releerme, e como un gran temor e casi nunca me acordo do que escribín. "A lus do Candil" escribino nunha cociña de ferro, despois de que se marchaban todos de cear; aínda non había lus eléctrica naquela casa de Veiguiña, en Quiroga. A "Terra Brava" tamén o escribín dun empuxón casi. Nunca volvín relelo. Gústame meditar as cousas e así que as teño sáenme, penso un asunto por aquí, por alá, despois sae algo que me chama a atención e despértame outra que xa pensara. Nise aspecto son mui introvertido.

OS TOPONIMOS

A batalla do idioma, a batalla dos topónimos están ben, sí señor, aquí en Lugo a plaza de España é a plaza Maior e debe prevalecer o nome tradicional, Batitales, a que hoxe é Dr. Castro, que uns din que si "bautizates" porque era de xudeus e eso é un disparate. E ben fácil. Ten unha síncopa: Bati-me-tales, Batitales... ou nomes enxebres coma o de María Castaña ou María Castañeda, que se ergueu contra o Bispo porque non querían pagar... noutro sitio calquera a Pepa a Loba, que non se sabe de onde era... un pintor tan notable coma Serafín Avendaño, do que fixo Seoane unha monografía... valores hai muitos, sí señor...

"ROMANZA SENTIMENTAL"

Ben, eu escribín unha obra de teatro que se chama "Pauto do demo" que foi pensada pró cine porque tén moitos personaxes e claro, leida tén moita gracia polos chistes e tal, pero como teatro é un fracaso porque tén muitos personaxes pra un teatro incipiente; pero gustábame eso do cine, teño duas películas de dous contos, "O Documento" e "O Cadaleito", anque inda non logrei ver ningunha, pero o cine galego é inda de infancia. Estou a pensar nun cine verdadeiro, por exemplo unha película dun axudante de Sergei Eisenstein á que éste lle deu o visto bon e dirixiu en grandes líneas, "Romanza sentimental". Eu dixen "este é o gran camiño do cine". Era unha película puramente lírica —non podía coallar en Rusia aquel cine porque non tiña nada de propaganda—, que non tén asunto, moi curiosa a película esa, empeza en outono. Está chovendo, chove, chove nun parque moi bonito, está chovendo, e chover e mais chover, e están dous, tres minutos chove que chove —un bárbaro berrou dende general: iestamos de auga hastra os collós! — sigue chovendo, chovendo e aparece unha estancia dunha casa rusa moi luxosa, desas casas zaristas, cun ventanal


XURXO FERNANDEZ

grandísimo que dá sobre o campo, o río ¿verdá? Bueno, entón aparece un piano de cola, un piano Pleyel e un galgo que atravesa a habitación... raas... todo en silencio. Ven unha rapaza vestida de blanco e ponse a tocar o piano: unha romanza sentimental. Era unha música de Arkanjevski. A canción era mui bonita, e está así. Pois ben, logo vén o inverno e no inverno sácalle o cameraman un partido bárbaro á visión do lume nunha chimenea de marbre, a cámara acércase a unhas língoas de fuego... 'brrrbrrrbrrr... palpita o lume. A señora aquela canta unha canción máis triste, e o galgo, un galgo preguizoso, pon as maos enriba do piano e quédase mirando. Neva e volve a nevar. E chega a primavera e na primavera sae a estatua do "beso" de Rodín e reventan frores nas arbres frutales: unha, outra, outra máis. Entón anímase a rapaza, sorrí e toca no piano unha canción máis alegre. Eso é a película, non é máis que eso, e dixen: vaia, que gran camiño ten iste cine. Pero non prosperou, senón ese cine da puñeta, dos ovnis, ese sacacartos.

OS GALEGOS, GALEGOS E OS OPORTUNISTAS

¿A galeguización da sociedade? sí, é o símbolo do tempo e o gran veículo da galequidade eu creo que é o idioma e a música. E aquí, en confianza, aos comunistas ao primeiro o galeguismo importáballes pouco, e o idioma empezaron a utilizalo cando viron que se impoñía, bueno, había outro comunista que era galego e ese non, non foi oportunista. O oportunismo de hoxe, mesmo na dereita, é un bon síntoma porque quere decir que o galego se impón, porque dentro de Galicia é unha cousa nacional. Eso é o que digo eu ¿non? estarei trabucado pero coido que é así, non teñen máis remedio que aceptalo, nacionalizouse. Si señor, a fala, como decía Castelao, o millor tesouro. E outra cousa que ten o galego é o humorismo, Castelao, Julio Camba que era un gran humorista galego anque escribía en castelán. Este ten unha anécdota estupenda. Escribía no Sol. Estaba no café "Español" en Santiago, aló polo 17, decían que era moi folgazán: "Julio, hombre por Dios, escribe ese artículo para "El Sol"... Entón bostezaba alí no diván e decía: "Mira, chico, es que hay años en que uno no está para nada".


MARGARITA LEDO ANDION


XURXO FERNANDEZ

Manuel Antonio e máis o dibuxante Alvaro Cebreiro facían público, no 1922, o seu Manifesto " ¡Máis alá! ". O seu progresismo, o sentimento radicalmente galego do "Manifesto", a crítica ao reaccionarismo artístico, ao intelectualismo academicista, mistificador e encubridor da realidade, ao mimetismo alleante, non terían hoxe máis importancia que a da referencia histórica se Manuel Antonio e Cebreiro non ousaran, no 1922, opinar barilmente sobre cuestións nacionais como a fala e arrenegar da españolización ou do híbrido bilingüista.

A escolma de testos do " ¡Máis alá! " que imos reprocucir, coidamos amosan o espiritu do Manifesto. Neste mesmo número de A NOSA TERRA (páxina 22) publicamos, asemade, unhs reseña sobre Manuel Antonio e a sua obra poética.

A FALA NO "¡MAIS ALA!"



"Non nos erguemos do xeito que o fan a maioría dos que noutras terras publican manifestos mais ou menos literarios.

Case todos eles tencionan arrecadar adeptos para algún novo "ismo" que aparece querendo ser a derradeira verba da moderna estética, cando, en verdade, non son máis que unha nova proba de que un snobismo operetesco invade a Literatura.

Nos tencionamos tan só facer unha protesta forte, densa e implabel contra os vellos."

"Comenzaremos invocando a Valle-Inclán.

Maestre: chamámoslle maestre por ser vostede o **maestro** *da xuventude imbécil de Galicia. Noso, non; que, endebén, sabemos comparar a sua modernidade coa cobardía do débil que tan só pode vivir facendo claudicantes concesións ao forte.*

* * *

Tamén nós temos, inda que noutro orde, os nosos imperativos, e comenzamos pola máis agresiva intransixencia na fala.

Unha fala que non estea pervertida por académicos nin por puristas; que non sofrise os estancamentos de verdugos armados de gramática que a emparedasen nun feixe de regras como quen garda un nuto en sete uchas concéntricas, terá que ser unha fala de inmellorabeis posibilidades, porque o seu estado ceibe permitiralle axeitarse a todas as novedades...

Pero hai ainda unha razóns de orde supremo: a nosa fala é nosa. Pospela a outra calqueira é unha forma de suicidio. (...) Algún deses escritores híbridos, bilingües queremos dicir, que fai da literatura algo así como un deporte que favorece a dixestión, arrecada o galego cada vez que quer dicir unha estupidez moi grande, reservando o castelán para cando coidan ("eles") que están en razón. A maximidade da devoción que temos pola nosa Fala, pódelles dar a medida do desprecio que sentimos por eles.

* * *

¡Mocedade!

Agora cómprevos dicir, mozos da nosa Terra, se pensades seguir indo costa abaixo polo tempo ou encarados co porvir.

Se queredes libertarvos do xerme da vellez e da morte. Se queredes adornarvos da vosa mocedade ou seguir sacrificándovos nun altar de Mitos e Fracasos.

Compre romper a marcha pola mesma estrada que fagamos cos nosos pasos, e afrontar nela unha pelegrinaxe sen chegada, porque en cada relanzo do camiño agarda unha voz que nos berra: ¡Máis alá! ".

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 64 · DO 1 AO 7 DE XULIO DE 1979 * 30 PTAS.

"Decraración" dun fascista

O QUE FIXEMOS





MADRID TEN NOVO PRESIDENTE

PAXINA 3

MEDIO AMBIENTE: Imos quedando sen ar, sen auga, sen terra...

PAXINAS 8 e 20

ESPAÑA
Os mil fraudes de
Don Juan de la Cierva

PAXINA 13

Gonzalo de la Huerga: é lexitimo ser un xuez galego

PAXINA 7



Ten un proiecto de ordenación xudicial somente posible, ao millor, noutras coordenadas políticas, que contempla cinco niveles nas demarcacións como, por exemplo,a parroquia no rural e o barrio no urbano; a comarcá ou bisbarra; o partido xudicial prás sete cidades tradicionais amais de Viveiro, Monforte, Vilagarcía e Noia; Seccións do Penal —o que hoxe son as Territoriais— e os Xulgados do Laboral, e é, sen dúbida, dentro do silandeiro eido xurídico, unha das persoas máis identificadas con Galicia, "víñenme pra aquí cando puiden ter unha decisión profesional propia, e pouco e pouco sentinme vencellado e díxenme: quero formar parte de todo esto, onde estes vaian irei eu e se podo axudar nalgo, pois alá vamos todos".
E maxistrado-xuez de Primeira Instancia en Lugo, e de principio, reacio a se manifestar públicamente, "sempre penso que o que digo tén pouca importancia".

GONZALO DE LA HUERGA

é lexítimo ser un xuez galego



XURXO FERNANDEZ

Vostede é un estudioso da parroquia galega, mesmo tén publicado algún traballo, e prá parroquia estase a esixir personalidade xurídica...

E paréceme unha reivindicación elemental e acertada. Eu penso que a verdadeira democracia é que o poder esteña onde están os intereses e as necesidades. O home tén personalidade xurídica —que é un revestimento de poder— porque tén que defender os seus dereitos e hai que darlla a todo o que o precise, como os ámbitos de convivencia naturais, históricos, xeográficos e económicos, nos que o home se desenrola, pra defender os seus intereses e dereitos, e un deses en Galicia é a parroquia. Despois a comarca. Todos estes niveles, ao meu entender, deben ter personalidade xurídica. Hai un municipio, etc. pero estas xa son cousas impostas por un poder alleo e que polo tanto teñen personalidade xurídica, pero ao servicio dese poder alleo, non do propio país no que se está vivindo en parroquias.

Esta identificación coa realidade do noso país, ¿adquiriuna a traveso da sua práctica profesional?

Eu nacín fora de Galicia, inda que de nai galega, e pasaba os vrans en Trives, na casa da aboa, e xa xogando cos nenos atopaba que eran moi diferentes daqueles cos que eu tiña que ir á escola despois en Castela. Pero, aparte das vivencias, empecei a conocer este país cando soupen que a división provincial era un decreto de 30 de santos de 1833, é decir, que todo ese senso provincial tan inculcado era un decreto, que non se trataba dunha cousa de institución divina senón que o fixera unha xente, e ademais bastante mal, e que eso non tiña valor ningún como non fora o oficial ou imposto; entón, se a provincia non esiste, ¿qué é o que esiste? Esiste Galicia, esiste Catalunya, non está reconocido pero sí esiste, e o reconocido non tén vixencia de feito. Despois, exercendo a profesión, xa vin como o home galego está vencellado á parroquia, que agora se chama así inda que se debe remontar á cultura castrexa, porque a Eirexa utilizou moi intelixentemente ese marco; "¿ai, eles viven así? pois eu vou axeitar a miña organización á que teñen eles".

¿Qué implicacións tén pra un país unha lexislación foránea?

Pois que o país é diferente, as leis non se fixeron pensando nel e resultan desaxeitadas cando se van aplicar. Craro, hai cousas, unha son os costumes, etc., que se poderían recoller constituindo o dereito galego arcaico, pero coido que o que se debería facer é dotar ao país dun poder lexislativo, non pra recoller antiguallas por aí, senón con vistas ao porvir, do que poidese emanar unha lexislación axeitada as nosas necesidades.

Pero entramentras, mesmo na cuestión idiomática, os tribunais son o último reducto do español.

Eu penso que o que debe pasar é que o xudicial é un linguaxe un pouco peculiar, comenzou sendo o castelán cando foi imposto polos Reis Católicos, e dende aquela evolucionou e foise creando ese idioma propio do xudicial, no que nos entendemos nós, cunhas palabras "chave" que resumen conceptos. Craro, o galego non ten este idioma porque non llo deixaron facer, como tampouco tén capital ¿como vai habela se cando empezou a haber capitais nos estados entón a Galicia suprimírona dende o punto de vista xurídico, político, etc.? e tampouco hai un linguaxe xudicial galego e hai dificultade cando se colle un pleito, unha lei.

¿Entende, entón, que as posibles dificultades técnicas privan sobre un dereito?

Non, eu digo esto como esplicación, non como ideal nen como situación aceptable, que non o é. Eu coido que todos os idiomas de todos os países teñen dereito a escadar todos os niveis; polo tanto, dígoo como unha esplicación do que está pasando, pero non como que deba ser.

¿Defínese como galeguista?

Sí, sí. E penso outra cousa: eu chámolle galego, máis que galeguista, a aquela persona que se sinte vencellada a unha comunidade, naza ou non naza aquí. Moitas veces ríanse en Carballo cando lles decía "eu distingo entre galegos, que son os que voluntariamente se vencellan a unha comunidade e están con ela nos seus esitos e nos seus fracasos, e os espabilados nacidos en Galicia, que non están vencellados á comunidade". E daquela, eu son galego.

E cada vez a nosa sociedade se galeguiza máis.

E evidente. Porque eu cando descubrín o que eran as provincias e por aí, fun vendo que non cadraba co que nos ensinaban na escola, pero tíñao en segredo porque coidaba que era irreversible, que xa se perdera todo. Logo viñen a Negreira e fun comprendendo os problemas sen máis. Pero despois, cando voltei de Catalunya pra Carballo, notei que a xente comenzaba non somentes a sentir senón a pensar, a racionalizar ese sentimento: bueno, é que non é somente agarimo pola terra, é que aquí hai uns problemas que habería que se poñer a resolver, e cada ano que pasaba vía que esto medraba, medraba a concienciación e agora véxoo ultimamente nas eleccións, cada unha que hai máis se acusa e canto máis se achega aos núcleos do propio país, máis se nota, por exemplo nas municipais.

Municipais que en Lugo se anularon.

Sí,porque esistían unhas papeliñas coas quese podía votar en vez da lista de candidatos o nome do partido ou da coalición e esas papeliñas que estaban en diversos tipos de impresión —uns partidos con letras grandes, outros con letra pequena— mandounos ás mesas o Goberno Civil sen o visado da Xunta. Pero outro punto negro das eleccións foi, por exemplo, o voto por correo, que ése sí foi parado pola Xunta porque nos alertou o BN-PG e o PSOE, e coidamos que podía ser un voto maniobrado, xa que non nos constaba que o interesado estivera no Goberno Civil ou nas oficinas públicas pra pedir o voto, senón que os andiveran recollendo personas por aí adiante; pero das papeletas a Xunta non tiña conocemento, e presentouse o problema o día das eleccións.

Popularmente, todo o que representa o aparello xudicial resúltalle moi distante ao noso pobo ¿ou non?

Penso que é máis superficial que fondo, e na Audiencia Territorial da Coruña hai unha xurisprudencia moi interesante, escitando o maxín dos maxistrados e moitos casos nos que as leis non se axeitan á realidade galega, como señan servidumes, augas, cousas que o Código Civil toca con criterios moi dispares. Sen ser eles, digamos, marcados galeguistas, sentíronse avencellados ao país e sentaron unhas bases que non cabía prever, por exemplo, dun señor que fose de fora de aquí, que é unha das ventaxas de Galicia, que todos nos, quitados tres ou catro, somos galegos, ao contrario de Catalunya que salvo o vinte por cen todos son de fora. Penso que a carreira xudicial pode ir como o propio país galego, sinte os problemas e pode chegar a racionalizar esto tamén, non antes que o pobo galego, senón ao tempo que el.

A nivel formal, un funcionario xudicial non aparece vencellado a opcións concretas; pola sua práctica, nembargantes, a xente di "este é así, esté é ao contrario", e acerta.

Primeiramente, a Contitución non permite a afiliación a partidos políticos. Personalmente penso que non ter opinións políticas e opcións é unha tara, pero craro, esta persoa tén de tomar decisións, polo seu cargo, sobre diferentes opcións, e na sua actuación pública tén que respetalas e hastra absterse de significar cales son esas opcións. Despois, ao aplicar a lei, en primeiro término debe aplicar os criterios da mesma lei, non estar por riba dela, senón esto sería unha desfeita, pero comoa lei non o pode prever todo, tén que enfocar esas zonas que deixa coas suas opcións; esto non somente é humano, senón lexítimo, e a xente non debe agardar outra cousa. Despois criticará, terá a sua opinión sobre a actuación dese xuez cando a lei lle permita a libertade de aplicar as suas opcións.

O noso país conta hoxe con organizacións políticas e sindicais propias. ¿Qué opinión lle merece?

Penso que as debe ter necesariamente, non porque eu pense mal dos partidos que non son de obediencia galega, non é que se trate de que teñan intencións aviesas, non, o que si penso é que os partidos galegos teñen uns intereses específicos e os outros teñen que atemperar outros, e ás veces na colisión de intereses terán que esquencer algúns necesariamente.

Vostede tén inédito un proiecto de organización xudicial de Galicia que contempla unha figura nova: o xuez parroquial e de barrio...

Sí, é nova e pensaba que tivese tres competencias fundamentais: conciliación previa a todos os pleitos, resolución dos asuntos penais por falta —menos as de imprudencia— e levar os libros de rexistro civil —nacementos, casamentos, defuncións—, argallando o procedemento pra cada caso. Por exemplo, no xulgado é moi difícil arranxar á xente, porque se nón deseguida todo o mundo alporizado e empezan os abogados a tirar daquí e dacolá, pero antes o xuez de parroquia ou barrio pode chamar aos veciños "pero bueno, qué che pasa, que este che bota auga, pois hai que pintar ou tal ou cual", e pra que non haxa cacicada, decía que a xente presente as suas propostas por escrito e á sua vez o xuez tamén fai a sua proposta por escrito a ver si o aceptan. Se non se soluciona, que todo o espedente vaia ao pleito como antecedente e que se vexa que foi alí o testán, se se lle fixo unha proposta razonable e non a quixo aceptar. Agora eu digo tamén que este xuez debería ser elexido polos votos dos veciños, popularmente. Esto pode sonar un pouco máis forte ¿non? pero se depositan a confianza nel, pois ¿por qué non?

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 65 * DO 8 AO 14 DE XUNIO DE 1979 * 30 PTAS.

BALDAIO

A REPRESION CONTASE POR MILLONS

Estafar, esa ledicia...



INFORME:
¿Qué pasa coa Sanidade en Pontevedra?



Pra que o pobo puidese pisar a area comunal que outros aproveitan como negocio tivo que pasar o que pasou.

BALDAIO:

AGORA A REPRESION CONTASE POR MILLONS

"...Sobre las veintitrés horas del día dieciseis de diciembre de mil novecientos setenta y siete, un grupo de personas de la parroquia de Lema (Carballo), se personaron en las instalaciones de la empresa "Baldayo S.L."... y tras retener a los vigilantes de la misma, para que no pudieran impedirlo, procedieron a causar destrozos en tres puertas, tendido eléctrico y edificaciones, tasadas en 245.000 Pts. El ocho de enero de mil novecientos setenta y ocho... el trece de enero de mil novecientos setenta y ocho... el veintitrés de enero de mil novecientos setenta y ocho...". O auto de procesamento fala de delito por danos e incendios, e ao sr. xuez de Primeira Instancia de Carballo, José Antonio Méndez Barrera, ocurriuselle esixir unha fianza de 22 millóns e medio de pesetas por posibles responsabilidades pecuniarias a unha ducia de veciños, ao millor en representación de toda a parroquia, porque é toda a parroquia a que vén aturando e enfrentándose a

"Nunca pensei en quedar ben, dun culatazo rompéronme unha costela e verme que me metían suero e me cambeaban o sangue...".



"Baldayo S.L.". Unha ducia de labregos, entre eles un rapaz de 16 anos, Antonio Mañana Vilas, e máis un veciño que morreu en Venezuela xa vai aló o 19 cabodano, Ramón Varela Casco, aos que a **Xusticia** lles sinala 300.000 Pts. de fianza a cada un. Os restantes son Xosé Esmorís Fuentes, con cinco millóns de pesetas, Xosé Rodríguez Romero, un millón, Xosé Fuentes, con cinco millóns de pesetas; Xosé Rodríguez Romero, un millón, Xosé Lista Fernández, 300.000; Bernardo Naya Ponte, catro millóns; Alfredo Castro Villar, 300.000; Manuel Díaz Pardo, 300.000; Xosé Aldao Cobas, tres millóns; Daniel Rostro, 300.000; Pedro Varela Casco 300.000; Manuel Pampín Valdomir, 3.700.000, e Francisco Castro Vilar, 3.700.000.



Oliva é quizabes o mill... lo de resistencia popular fre... as agresións... Se houbese cu...renta coma ela, din todos...

O auto de procesamento coincide, por outra parte, con que o abogado da empresa chamou á parroquia a negociar, porque "sempre dialogar desque nos ameazan o corpo". Este proceso en curso non é máis que un gran de moita area que arrodea toda a historia represiva que aturou o pobo dende hai 30 anos. "Había un médico que era un cacique. Era dunha aldea que se chama Rebordelos, e era moi listo: nos exerceu a medicina en plan profesional, viu o negocio, adicouse a curar á xente gratis, e

(PASA A PAX. SIGUINTE)

CADRO BRANCO

En solidaridade cos traballadores de "Vidrios de la Florida" este sábado, día 9, a partir das 10 da noite, haberá un festival no Pabellón Municipal de Vigo. Por vinte pesos, apoia o dereito a un posto de traballo no noso país.

CADRO NEGRO

Outra das mestras galegas trasladadas, desta vez a un pobo de Zamora, enterouse telefónicamente que "somos poquicos pero muy majicos" e que o número de nenos que terá que atender é de 6. Abofé que debe haber máis que facer acó.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

Comisión de Fundadores:
Acosta Beiras, Xoaquín.
Fontenla Rodríguez, Xosé Luis.
López Gómez, Felipe Senén.
Morales Quintana, Xosé Enrique.
Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Antón L. Galocha, Lois Celeiro, Marita Otero, Pablo Viz, Paco Arrizado, Fernando Franco, Ignacio Briset, Suso Piñeiro, Guillermo Pérez, F. Cusí, Emilio Veiga (Paises Catalpans), P. Iparraguirre, Maialde (Euskadi), María Alonso (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), Juanjo Navarro, Llatzer Moix, Patiño, Vázquez Pintor.

Diseño e Confección: Pepe Barro

Fotografía: Brais, Xurxo Fernández, Fernando Bellas


Dibuxos: Xaquín Marín, Xulio Maside, Alfonso Sucasas, Xurxo Fernández

Redacción e Administracción:
Troia 10-primeiro Santiago
Teléfonos:
Redacción: 582681
Administracción (de 10 a 14): 582613


Imprenta: "La Región, S.A." Offset
C. Quiroga, 11-15. Ourense
Dep. Legal: C-963-1977

Distribución: A Coruña, Librería COLON. Real 24, telf. 222206. **Santiago e Lugo,** PRENSA NACIONAL, Telf. 583456. **Pontevedra,** Librería CAO, Telf. 855374. **Vigo,** Distribuidora VIGUESA, Telf. 414570. **Ferrol,** Distribuidora VELO, Telf. 357707. **Ourense,** Vda. de Lisardo, Telf. 230218. **Bilbao,** Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. **Barcelona,** F. Rafales Artal, Telf. 2433658.

N. 65 / 8-14 XUNIO / 1979



"Con ofertas particulares a empresa
quere desunir e combater a solidaridade,
pero temos que facer bloque" repite Xosé Esmorís.
Neste proceso reclámanlle 5 millóns
en concepto de fianza.



A manifestación do 8 de maio do 77
non deixou dúbida sobre quen ten razóns.



Agora compre defenderse do proceso, pero tamén
defender o dereito a aproveitar nós a riqueza da ría.

cando se tratou de coller o areal xunto con outros, puxoos a todos como a galiña aos pitos, debaixo das áas. Todos os veciños firmaron, e non se puideron mover. O malo é que cando despois ían aos berberechos, viña coa besta a paus neles. Máis pra diante entraron éstes, empezaron a dividir, colleron hastra leiras, desviaron as correntes, pecharon cun muro...".

A TAPADEIRA PRA UN NEGOCIO ESPECULATIVO

Nefeuto, unha orde do Ministerio de Comercio do dazaseis de santos do 48 outorgaba "concesión administrativa" a favor de José Canedo e Manuel Gesto sobre a praia, areal, ensenada e xuncal de Baldaio, parroquia de Lema, pra piscicultura e moluscultura, por un total inda que non o especifica, de máis de dous millóns de m2; e ao mellor non o especifica porque a normativa vixente somentes permite 60.000 m2. No ano 54, a concesión pasa a "Baldayo S.L.", que nen siquera realiza as obras esixidas pola Administración, nen determinadas cláusulas como a da Dirección Xeral de Portos do ano 75 que di "...que o material resultante de escavacións e dragados, obrigadamente verquidos, pra millor dentro do dominio público, e concretamente na sua Costa Oeste".

Pra os veciños de Lema, que botan na prensa as primeiras cartas denuncia nese mesmo ano e diríxense a determinados organismos oficiais, na realidade a tal esplotación de mariscos non é máis que a tapadeira pra un negocio máis rentable sen ter que facer inversións nen correr risco ningún: a estracción e venda pra uso industrial, principalmente construcción, de toneladas de area por valor de centos de millóns de pesetas.

EMPEZA A ORGANIZACION E OS ENFRENTAMENTOS

Principiando 1977, os veciños de Lema, en contacto coas Comisiós Labregas, e contando co apoio directo das organizacións do MN-PG, deciden enfrentarse directamente a "Baldayo S.L." pra recobrar o areal, aproveitado de antergo comunalmente, e de que todos eles sacaban ameixa e berberecho que comercializaban no mercado de Carballo. O obxetivo da loita vai ser, pois, chegar a esplotar racionalmente a riqueza da praia, pra o que o primeiro paso sería a creación dunha Asociación de Mariscadores. Enfrente deles, e como cabezas visibles de "Baldayo S.L.", Adolfo Ferreiro, tamén propietario dunha mina de wolfram en Monteneme, Razo, bo amigo de pleitear, tamén nas suas mans as minas de Fontao, Silleda, onde traballaron presos de guerra, Generoso González, outro dos socios, xa con esperiencia noutros negocios de area en Razo e Buño, personaxe conocido popularmente por "Kung-Fu", tan celoso de que ninguén entre no areal que hastra a dous rapaces que estaban a se bañar agachoulles a roupa e tiveron que marchar despidos pra casa. Tamén se fala doutros socios na sombra da significación do falecido Nieto Antúnez, e do Abogado do Estado señor García Agudín, e polo tanto, da connivencia oficial en todo o negocio da area, no roubo dunha riqueza comunal e da esacta represión, xeralmente ao mando do capitan Antelo, que a Garda Civil de Caión exerceu en todo momento.

Visto que ningún notario de Carballo quixo ir levantar acta sobre o que pasaba co areal, os veciños de Lema, xa organizados, encetaron as primeiras accións públicas, entre as que tén especial significación a manifestación e demáis feitos acontecidos o 8 de maio de 1977. A partir daquela, xa non se astreverían os gardas de "Kung-Fu" a andarlles dando cun látigo ás mulleres, ao pillalas nos berberechos, coma facían antes, nen os gardas civís a correr á xente de noite e de día e mallar neles ao mesmo pé da casa.

GUERRA EN BALDAIO

5.000 persoas percorrían as ruas de Carballo na mañá dun domingo de feira, en solidaridade cos veciños de Lema. No remate, ao pé do axuntamento, e antes de rematar as intervencións dos oradores, actuou a Guardia Civil. Uns versos de Carlos, O Xestal, son o mellor relato:

"O 8 de maio houbo guerra en
Baldaio,
discursos en Lema e feira en
Carballo,
moscaron as bestas e mandou
carallo.
Galiñas e ovos, queixos
e patacas
andaban a rolos debaixo
das patas.
As vellas que estaban vendendo
as cebolas,
coa presa partiron cuncas
e cazolas.
Os gardas civiles, por mor
dos caciques,
mallaban na xente coma
bolcheviques.
Que Deus nos arrede de
tal asoballo,
¡Nunca tal se acorda na feira
en Carballo! ".

A primeira hora da tarde, os veciños e manifestantes, dirixíronse ao cementerio pra lle deixar un ramo de froles a Marcelino Rodríguez Verdes, "que o pillaran collendo berberechos, levárono andando a Caión cargado cun saco, estaba coma quen di sen un pulmón, alí déronlle unha pasada, durmiu mollado, e aos poucos días de volver prá aldea, morreu. Despois falaron alí e aló fomos".

Ia ser a ocupación simbólica do areal polo pobo. A Guardia Civil estaba á espreita. "Eles tamén viñeron atallando polo carallo da ponte, porque sabían que a xente queriamos ir en dous grupos e collelos no medio. A ría estaba chea, e ao vernos ir cara onde se podía pasar, empezaron a correr pra nos adiantar. Ao pasar o rego, perderon zapatos, ao mellor algunha pistola —ao día seguinte ben que miraron— e a xente, que viña detrás, xa non puido pasar. Empezaron cos que estábamos diante. De primeiro viñeron a trancazos cos fusís máis fustas; despois, a xente pedradas, eles con botes de fume e bolas, despois balas de verdade máis adiante ás carreiras atrás da xente que se agachaba detrá dun valado".

E antes do enfrentamento "eu e máis o abogado" cóntano Francisco, "iamos falar con ele por se admitían á xente, cu pano branco e eles tiñan qu erguer o fusil; pois din que d todos cantos había e habí moito garda de dios, somente u o ergueu, e xa non deixaron falar. Veo vir un de cara a min, xa veño á Oliva enganchad neles, sacudindo nun lampantí grande que debía ser feito d cera, porque o sacudia pra onde quería... Pasei trinta días n Residencia, nunca pensei queda ben".

Os feridos foron una cincuenta, inda que pra Residencia non foron máis ca catro. Días despois foron outravolta os gardas, e levaron a unhas vinte mulleres que andaban ao berberecho pr o cuartel, feito que provocou o desaloxo do Instituto de Carballo en solidaridade cos veciños que se pecharían na Eirexa pr seguir a recramar o areal.

A primeiros do 78, "Baldayo S.L." sofre ',desperfectos varios", que son agora causa do proceso ao que nos referimos, e abandona, por fin, o areal, aínda que querer, quere voltar. Pero os veciños están máis perto que nunca de poder aproveitalo entre todos racionalmente.

M. LEDO

Fotos.— X. FERNANDEZ, PIÑO, ARQUIVO

"FAGO UNHA ESPECIE DE CANTO A FESTA, A VIDA, A COTIDIANEIDADE"

ALFONSO SUCASAS

"Non hai cor, hai formas"

Durante alguns anos ti estiveches emigrado

Estiven en Venezuela e no Brasil, e é un factor que conta na miña cultura, na miña vida, en todo. Funme aos 18 anos. Pensaba que me podía facer millonario; tiña metido na cabeza que era o millor pintor do mundo. Pra min o feito da emigración foi vital porque daquela esto era dun dogmatismo tremendo, non lle podías meter man a unha rapaza, tiñas que ir á misa prácticamente todos os días, tiñas que confesarte... era unha coña... quizabes esa foi unha das grandes razóns que me impulsou a largar, porque no fondo o problema meu non era económico: son fillo único, somente teño unha irmá, meus pais tiñan un negocio, eu mesmo estaba en Madrid pra ingresar en Bellas Artes, pero sentínme farto do beatismo do 56-57. En Venezuela estiven dous anos e medio e volvín canso de pasar fame. Pero aos tres meses xa estaba disposto a me marchar outravolta.

¿Vencellácheste, pois, a outro país?

En Venezuela fixérame marxista. Cando cheguei acababa de caer o goberno de Pérez Jiménez e houbo unha gran apertura a todos os niveles. Unha das cousas máis bonitas de Caracas era o Taller Libre de Arte, subvencionado polo Ministerio supoño que de Cultura, onde traballaba xente moi boa, que volvera do esilio de México, de Francia, de Rusia. Alí conocín a Siqueiros, por exemplo, xa que había un presuposto bastante bon e de cando en vez traíamos convidados. Total que ingresei naquela realidade porque, ademais, a xente era moi aberta; incluso eu estaba a facer uns dibuxos moi bonitos e apreciábanme moito. Mesmo unha revista —que non recordo como se chamaba— adicárame un artigo, unha cousa increible pra un rapaz de 19 anos. A miña segunda volta foi pra Brasil e alí integreime moito máis por razóns puramente culturais. Hai unha cousa que coido que a xente xa non ignora tanto: a semellanza de carácter, de vivir, de falar, de xogar coas cousas, que poden ter un brasileiro e un galego, é moito máis que a que poden ter un galego e un portugués.

¿Por aí veu a identificación co teu propio país?

Eu sempre me sentín identificado con Galicia, e a verdade é que cando voltei do Brasil non me sentín a distusto aquí, porque esto empezaba a cambear e por primeira vez notaba que, ás veces, enfrentándome coa xente fodíalles, pero xa non se atrevían a asoballar como noutro momento. Eu teño mandado á merda a fascistas nas tabernas no 68 ou no 69, e cando falo de fascistas falo máis de retrasados mentales, que o problema é ese. Sentínme aquí e xa pensei que podía vivir na miña casa.

A galeguización social empezaba a notarse.

Ui, daquela era moi tímida. Pódoche decir que no 69 fixen a primeira mostra no Hostal e, craro, eu respostaba a unha faciana abertamente, que era plantexarse a nosa identidade. Se queres fuxíalle un pouco ao eido político porque non me parecía tan necesario; ao revés, eu plantexábao abertamente e de feito pasáronme cousas moi graciosas: moi tímidamente, xente que ao millor compraba un cadro, convidábame a ir á casa —"bueno, se algún día tés algún problema..."—.

¿E hoxe?


Hoxe xa non tén nada que ver, o que está a suceder hoxe daquela era insoñable.

¿Sínteste nacionalista?

Coidado, hai que matizar ese problema de nacionalista. Eu síntome federalista, que cada pobo teña a sua propia administración; non é que me sinta tan desarraigañado dunha cultura hispánica, agora ben: quero que os pobos teñan a sua identidade e a manteñan por riba de todo, pero icraro! unha administración propia en pé de igualdade coas outras, eso é elemental, vamos, é que senón non se xoga; e que senón ese xogo non o quero. E digo federalista como podía decir autodeterminista.

¿Coidas que hai unha espresión galega na pintura?

Sí, por razóns vitais e de conciencia. Non sei se de conciencia... por unha serie de vivencias colectivas e individuais, nós temos un concepto da vida que tén moi pouco que ver co resto dos pobos. Eu non sei moito como é a Europa de por aí enriba, pero debemos ser os menos hispanos da Península.



XURXO FERNANDEZ



XURXO FERNANDEZ

¿E da túa esperencia comercial acó, e mesmo cando traballaches cun marchante?

Pra empezar, hai uns novos adiñeirados que agora están rematando os chalets, as suas "mansións", e necesitan poñer cousas na casa; entón algún "papagaio" lles di que fulano é un gran pintor e compran, pero sen ningún criterio. Despois, a esperencia cun marchante é positiva económicamente pero profesionalmente non o é, porque ao ter un contrato de producción tés que te acomodar a el, e xa eres un asalariado que somente vas ganar en proporción ao que produzas. Asignanche "equis" mostras ao ano, sínteste na obriga de as facer e xa o carácter investigador, como é lento, pois tés que arredalo.

A lectura dos teus primeiros cadros era máis realista, máis directa, ao millor...

Sí, teño un proceso de abstracción, sempre dentro do figurativo, pra facelo máis vital, menos anécdotico, máis plástico, máis estético, e en moitos casos quédase somente nun xesto da espresión. Racionalizo moito a obra, pero sempre partindo dun resultado moi intuitivo. Eso sí, pinto moito e fago criba sobre o que fago.

Noutro nivel fixeches ilustración en prensa, como foi nun tempo "En poleiro alleo' heste

Pra min tiña un sentido, e anque non son grafista, teño idea do que é, e inda que só traballei en publicidade cando non me quedou máis remedio, teño moi claro o que é un bon grafismo e quizabes me esforcei por aportar un chisco neste valeiro que hai en Galicia. Agora, en pouco tempo, apareceron xa máis cousas. Tentei crear unha forma dacordo coa nosa maneira de ser... supoño que non o conseguín, porque tampouco lle adiquei moito tempo de máis.

Hai constantes no arte galego que o son da tua pintura. ¿E deliberado? Alguén falou, tamén, de que estás facendo Venus prehistóricas.

E vital, e deso decatouse tododios por intuición. Na historia, Galicia asumiu o románico, asumiu o barroco, e non asumiu o gótico. Ademais é monocolor; aquí non hai cor, hai formas. O que eu non entendo nunha pintura galega son as cores violentas. Nós non somos violentos; somos, incluso, moi elegantes, e a min non me parece gratuita esta palabra. En canto ao segundo, é unha cousa que me gosta e fago moito, e é unha cousa moi nosa: esas mulleres... é que son as formas redondas; a maternidade, a fecundidade, o panteismo; Galicia é eso.

¿Qué pensas das técnicas que permiten unha popularización da obra? Xilografía, litografía, serigrafia ...

Creo en todos eses medios de multiplicación da obra, porque ademáis teñen o seu propio carácter e a sua propia calidade. Aquí menospréciase ese eido quizabes porque fallan medios

procesos. Pero o que eu non creo é que eso signifique unha popularidade da arte, porque pra eso hai que contar co nivel cultural e non somente co abaratamento da obra. Ou seña: aquí calquer pintor que faga unha obra moi barata vana comprar os mesmos que a comprarían cara se tén unha calidade. Porque, implícitamente, coa calidade vai unha condición de gusto, e eso é un problema cultural.

¿Consideras que o pintor é un traballador máis, de dereito?

Eo de feito pero non tén un horario. E se realmente crea algo, halle costar moitas horas de insomnio case seguro, pero un problema de dereito é cultural e político, e cando se fala de traballadores compárase cun obreiro industrial que se especializa e fai toda a vida ao millor o mesmo; pero o pintor é un traballador moi diferenciado, porque tén que ser un creador toda a vida, e toda a vida, dalgunha maneira, estase xogando o insomnio, e por moi pouco. Aquí o único pintor que se fixo millonario é un manitas pra usar a acuarela, inda que nunca pintou hastra que tivo o retiro; e faino con gracia, se queres.

Na pintura galega actual nótanse influencias de fora, Bacon, etc.

Pero eso non quere decir tampouco que se perda identidade. Laxeiro, por exemplo, se queres parecese moitoa Picasso, conoce e góstalle a sua pintura, pero os seus cadros non teñen nada que ver con Picasso. Hai un momento dado, ao millor porque é un tipo moi xenial ou goza dunha grande promoción, que por razóns históricas se crea unha conciencia nova da estética e moita xente síguea. Agora: o que sería estúpido é que á xente lle goste Bacon e que faga "bacons"; porque Bacon plantexa, máis que pintar uns personaxes masturbándose ou de maricóns ou de droga, unha estética en canto á cor, en canto aos espacios... non é somente o que se conta, senón cómo es conta.

¿Na tua pintura nunca chegas a abstracción?

Non són absolutamente figurativo, sempre estou contando algo, pero no fondo a abstracción é o mesmo. Agora está de moda o hiperrealismo. Ben, abstracción é o mundo íntimo, das sensacións; e o hiperrealismo é o mesmo, somente que é a ramplonería da cultura xa mediatizada, das galerías que necesitan vender e os parvos que necesitan que lle conten como é o mundo índimo porque non o teñen... Curiosamente acabo de facer unha nova definición do que é o hiperrealismo que é acolloante... E que é verdade: o individuo tén un mundo índimo, pero hai que contarllo; ou seña, non é capaz de inventalo.

PEPE BARRO/M. LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 66 * DO 15 AO 21 DE XUNIO DE 1979 * 30 PTAS.

ESPECIAL VACACIONS



★ CATRO DIAS EN OURENSE
★ UNHA VOLTA POLA TERRA CHA
★ DOS BAÑOS E BALNEARIOS
★ ROSEIRA DE ROMERIAS
★ RIAS ALTAS
★ AXENCIAS DE VIAXES
★ POLOS MUSEOS GALEGOS

CONSTRUCION NAVAL

O desencanto de pactar unha crisis



TEATRO

"SEIVA TRUPE" NA VII MOSTRA

Encetouse o vernes, ao solpor, e encetouse cun vello desexo como o é dar entrada ao teatro portugués, á espresión teatral dunha cultura con tantos vencellos coa galega —o feito dos idiomas parellos nunca é gratuito— e da man dun dos máis probados grupos teatrais que fan o seu traballo conscientes do país no que están e da opción política na que aquel se inclue.

O Seiva Trupe, de Porto, foi mostra na VII Mostra da oportunidade de utilizar certa temática que semella gastada —o fascismo— ou doutras que o poder tenta situal en lugares marxinais, sen relación co desenrolo da dinámica social, individualizar, como é a problemática da droga.



"O ventre que o gerou inda é fecundo". (Máquinas Assassinas).



Librarse de todo, librarse de un... (Restos).

"Máquinas Assasinas" de Miguel Barbosa é unha obra primaria, coloquial, moi "terra a terra", que presenta un Hitler humanizado, ramplón, queixiñas, incapaz de asimilar, mesmo, ao "ventre que o xerou", ao capital monopolita, unha obriña pra un público popular que teña memoria do fascismo, como o tén o portugués, e que teña presente o perigo de fascistización, como tamén o teña as camadas populares portuguesas.

Unha obriña coxuntural e didáctica que o público, precisamente, que asiste á Mostra de Ribadavia topa escesivamente sinxela porque non é, na sua maioría un público popular. Os escenarios ridiculamente realistas e a representación entre a farsa e a traxedia adáptanse exemplarmente ao que pretenderon con "Máquinas assassinas".

Ben diferente foi, pola contra, a segunda representación de Seiva Trupe, coa de Bernardo Santareno, "Restos". O escenario, de José Rodríguez, é, sen dúbida, o "quid" por a comprensión da obra, un escenario simbólico, de manteriais fríos e insolantes —auga, plástico— pra unha obra que relata, ao traveso dunha parella, a realidade da droga como evasión, como catarsis de si, como "conciliadora", a droga xerada socialmente polo que pode representar un goberno de coalición demócrata-cristiano/socialistas ou mellor, imperialismo socialismo de Mario Soares. Misú, a burguesa desclasada, que se conseguiu quedarse no pastoso deterioro agresivo e dominante e Tó Mané, o rapaz inseguro, con mala conciencia, de orixe popular e preocupacións políticas progresistas fan unha conxunción perfecta con todas as técnicas que a obra esixía: luces, sons, ritmos, voces, xestos, silencios, que o espectador entende máis alá do que fisicamente se lle amosa. Coincidimos con Julio Cardoso, o director da obra, cando dí: "lemos o testo de Santareno e somos empurrados. sen remedio, pra o torbón dunha sociedade violenta, dividida en clases, onde os bloqueos vivenciais son cada vez máis manifestos,, levando a moita mocedade pra o berro de espanto, pra o medo, a desesperacion, e dai certos tipos de refuxios fabricados e canalizados por esta sociedade".

M.L.A.

N de R.— No vindeiro número deste periodico ofreceremos información comprida e en vivo do que foi esta VII Mostra de Ribadavia.

AXENDA

RECITAIS

A Roda, sábado 16, ás 9 e 11,30 noite, e domingo 17, ás 9 da noite. Na "Sala Carral", do Círculo Ourensán-Vigués. Rúa Carral, 18-baixo. **Vigo.**

PUBLICACIONS

Revista Mwnsual/Monthly Review. Volume 2 núm. 10, correspondente a maio do 79. En portada anuncia un traballo de S. Gorelick sobre "Sistema educativo y capitalismo", unha "Carta a Negri" de J. de Jódar, outro de P.M. Sweezy arredor da "Teoría de acumulación de capital' e "Ruzkadi: ETA y el nacionalismo revolucionario" de Mikel Orrantía.

Encrucillada, revista galega de pensamento cristián. Volume III, núm. 13, correspondente aos meses de maio-xunio do 79. No número anterior demos referencia máis ampla.

Grupo de Traballo Galego de Londres. Boletín núm. 1 da sua segunda época, do mes de maio do 79. Cunhas aportacións arredor do significado real da autonomía.

MOSTRAS

Aleos de Alfonso Sucasas, na Nova Sáa de Esposicións da Caixa de Aforros Municipal de Vigo. Rúa de Pontevedra s/n. **Vigo.** Do 8 ao 17 de xunio.



Fotografías de Anna Turbau. Inaugurouse o 11 de xunio. Na Galería Sargadelos, **Santiago.**

Mostra fotográfica de J. Remuñán e Kukas "Con anceios de abranguer un campo máis amplo do xa tradicional en fotografía artística".

Na sáa do Ministerio de Cultura, Rua do Vilar-35, primero (riba do casino), **Santiago.** Do 15 ao 29 de xunio.


CINE

El espíritu de la colmena, de Víctor Erice. Española. Cine-club Marín. No cine Avenida, día 15 ás 10 1/4.

TEATRO

VII MOSTRA DO TEATRO GALEGO, organizada pola Agrupación cultural "Abrente" de Ribadavia.

Vernes 15. As 7 do serán, **Máscara 17,** de Vigo, con **"O xeneraliño",** de Jorge Díaz. (Teatro pra nenos). As 11 da noite, **A Farándula,** de Vigo, con **"A corte miragreira"** de Domingo Mirás.



Sábado 16. As 8 do serán, o grupo **"Malveira"** de Cariño, con **"Historia da industrialización de Verdicia"** de Manuel García González. As 11 da noite, **"Teatro Andrómena"** de Santiago con **"Lenta raigame",** de Francisco Taxes Prego.

Domingo 17. As 8 do serán, **"Artello"** de Vigo, con **"Pic-Nic"** de Fernando Arrabal. As 11 da noite, **Tespis"** da Coruña, co **"Conto dos cinco miñantes"** de Iván García.

Clausura e entrega dos premios domingo 17.

LIBROS

Historias do Canizo de Anxel Sevillano. Galaxia. **Vigo.**

Contos populares da provincia de Lugo. Centro de Estudios Fingoi. Galaxia. **Vigo.** Segunda Edición.

Fírgoas de Manuel Luis Acuña (Reedición). "La Región". **Ourense.**

Obras Completas de Rosalía de Castro. En rústica. Editorial Aguilar. **Madrid.**

Obras Completas de Ramón Cabanillas. Tomo I e II. Editorial Akal. **Madrid.**

Historia de Galicia de Benito Vicetto. Tomos III e IV. Alvarellos. **Lugo.**

RADIO

Día 22. II Programa de RNE. 16 h.— Misa "SCALA ARETINA" de Francesc Valls. Polo Coro e Orquesta do London Oratory.— Director.— John Hoban (Ver A NOSA TERRA Núm. 64).

DISCO DA SEMA

Coro Universitario de Oviedo.— BARROCO ESPAÑOL e CLAUDIO MONTEVERDI Director.— Luis Gutiérrez Arias. CFE-Boccaccio BS-32129. Interpretación.— 8. Grabación.— 6.

O Coro Universitario de Oviedo é un modelo que resulta especialmente útil cando a Universidade Galega decide crear o seu. A afinación, estabilidade tonal, precisión na medida, comprensión do xeito interpretativo acadado a elegación son as virtudes conseguidas por Gutiérrez Arias. O disco engade unha peza de Diego de las Muelas, que foi Mestre de Capela en Compostela.

Wolfgang Amadeus Mozart.— DEZ OBERTURAS DE OPERA. Orquesta de Cámara de Württembergm Heilbronn. Dtor.— Jörg Faerber. Vox-Hispavos S 60.221.

Antonio Vivaldi.— ONCE OBERTURAS DE OPERA. Solisti Veneti. Director.— Claudio Scimone. Erato-Hispavox. S 60.220.

Dous discos sumamente agradabeis, de limitado intrés musical, idóneos para escoitar sin atención especial. Interpretacións correctas.

GAITEIROS "AIRIÑOS" do Parque de Castrelos. Columbia.— CPS 9596.

Os "Airiños" son dos millores grupos de gaita de Galicia, destacando o seu pandeireteiro. Non coñocemos esta grabación, pero coñocendo aos músicos...

Iceberg.— "ARC—EN—CIEL". CFE—Boccaccio BS—32128.

Novo disco de "Iceberg" incidindo na sua liña esteticista.

ACTOS

Vernes 15: Audiovisual titulado "Moimentos da bisbarra" de X.L. González Loureiro. Na Agrupación cultural "Medulio", rua da Magdalena-213-sotano. **O Ferrol.** As 8 da tarde.

Martes 19. Teatro Lido, polo grupo "Tagallo" do Círculo Recreativo e Cultural de Perlío. As 8 da tarde na Agrupación cultural "Medulio" do **Ferrol.**

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 67 * DO 22 AO 28 DE XUNIO DE 1979 * 30 PTAS.




CATALUNYA:

AFFAIRE ANTI-NACIONALISTA

PAXINAS 12 e 13





ANTONIO ROSON

Na oposición, armonizando

PAXINA 7

"FINCA SEVILLA"-OURENSE

A Sociedade Anonima ten nomes

PAXINA 3

EUSKADI NORTE

O turismo, unica fonte de riqueza

PAXINAS 10 e 11



Procede dunha familia de propietarios agrarios fortes na montaña luguesa e afirma que unha das causas "do noso subdesenrolo político é que aquí non houbo unha burguesía forte que tivera conta desto. . no século XIX trouxeron unha ordenación política que foi un corsé...e como non había institucións públicas cabales había que se valer do listo ou do poderosos pra lle pedir favores que el facía servíndose do poder central, e así se montou o famoso caciquismo que, como decía con moita gracia Risco, tén as raices en Madrid e espalla as follas por Galicia". E don Antonio Rosón, presidente —hasta hai duas semáns da "Xunta", listo e tamén influinte; cunha biografía que pasa por ser uns meses conselleiro de Frigsa ou por presidir outros a UTECO de Lugo "que non é o mesmo que a de Ourense", dí, e no que sobrancean espresións oportunamente idealizadas: "a política é a máis noble e elevada das artes cando se fai con sentido de responsabilidade....". Preocupado a fondo polo proceso autonómico, dalle voltas e máis voltas ás cousas que non quer enfrentar, e a sua visión política verbo do noso país poderíase facer estensiva a todos os que el agradece repetidamente a sua colaboración "nesa tarefa común que é o estatuto." E hoxe, o papel político é o que nos interesa.

ANTONIO ROSON

Na oposición, armonizando

Sempre dí que o político da sua familia foi seu tío Eduardo ¿Influiu na sua formación?

Eu estudiei hastra terceiro de bachillerato en Becerreá e despois viñenme pra Lugo, pra onde vivía meu tío Eduardo, abogado, que fora Gobernador Civil cando a Monarquía Constitucional e que tiña gran pasión por Galicia, xa que ao seu paso por Ourense fixo amistade con Otero Pedrayo, Risco, Casas Montes. Foi alcalde de Lugo e organizou o primer Congreso Agrario de Galicia, no ano 25, alí falabase xa do Estatuto, e no 21 dera unha conferencia na Coruña na que sostiña tesis moi bonitas, que se estaba apagando aquel mundo da sua nenez, de Vilanova de Cervantes, onde o que se consumía producíase alí menos o sal e o pimentón. El viu moi claro o cambeo despois da I Guerra. E nese clima de pasión por Galicia me criei eu: "que se podían facer cousas que non se facían, que o caciquismo se agotaba en designar secretarios de Axuntamento pero que naide se ocupaba dos camiños"...

O Estatuto pode interpretarse coma unha solución emanada do propio Goberno porque lle convén nesta fase ¿non sí?

Polas apariencias préstase a esa interpretación e houbo, verdade, quen tentou facer da autonomía unha síxela descentralización, pero hoxe é un dereito que tén o pobo galego porque está reconocido constitucionalmente.

Nunha Constitución con perspectiva de intereses nen populares, nen...

Non, dende o meu punto de vista creo que a Constitución dá un teito suficiente pra ter aquí un autogoberno, é decir, se nós queremos efectivamente conservar a nosa estirpe, a conciencia de pobo, non temos máis remedio que a Autonomía, e a sua forma xurídica é o Estatuto.

¿Pero interesalle ou non ao Poder contar con Autonomías?

Home, eu coido que do que se deu conta o poder é de que a burocracia centralizada é unha cousa que se derruba, que afoga. Entón había que reestructurar o Estado, e dese conta que sempre que España tenta un ensaio democrático aparece con forza a problemática das Autonomías, ponse de manifesto a personalidade dos pobos e dende o punto de vista da Administración central procurase un cauce que é coincidente co dereito que se tén a identidade, e nós temos que ver esa parte positiva.

O poder, nestas democracias, adoita facer trampas e crear unha oposición interna a sí mesmo, de matiz non de fondo, ¿non está pasando esto coa autonomía?

Non sei hastra que punto todo esto estará dirixido, creo que hai tentativas de o dirixir pero non llelo imos deixar, e exercitaremos plenamente o dereito constitucional.

Neste senso ¿a qué sé refire cando fala de que tén vocación conciliadora?


Pásame o seguinte. Tratei de cumplir tres obxetivos: o primeiro atender ás transferencias, despois pedir a colaboración de todos pra Xunta, e pode decir que por alí pasaron empresarios, centrais sindicais, espuxeronnos problemas, pedíannos solucións... e finalmente, era adiantar no fundamental, no Estatuto, pra o que nos apareceron 36 comunicacións con propostas, comunicacións cunhas certas coincidencias que falaban de que tiñamos xa un denominador común pra salvar ao noso país.

De calquer xeito, as forzas políticas galegas que defenden outra alternativa, a das Bases, teñen influencia social e organizada, por exemplo nos sindicatos...

Dice vostede os máis nacionalistas ¿non? A sua postura é distinta, apóianse na Autodeterminación e non aceptan a Constitución e son consecuentes consigo, pero tamén eu o són coa miña postura, que non chega a tanto ¿verdade? Creo que o desenrolo do noso pobo producirase plenamente coa Autonomía dentro do marcao constitucional e además entendo que a autonomía galega ten unha singularidade nese feito que tan ben espón Ramón Piñeiro de que o conxunto humano noso está formado pola diáspora e polos que temos a sorte de vivir aquí, esto dalle un carácter universal e aberto, aparte de que sentimos a responsabilidade da participación que temos na formación da realidade española, cousa que Castela e a Administración central olvidan secularmente.

Claro que ao millor é unha participación pra mandar xente á sega ou soldados a Flandes, coma se tén dito...

Pero sen Santiago, como comprenderá, non entraba Europa en España, nen habería maneira de vencer unha guerra santa como a de Mahoma,, houbo que inventarse un mito.



XURXO FERNANDEZ

Falou da colaboración que obtivo, mesmo na convocatoria do "Día Nacional" ¿Cómo o van celebrar este ano?

Non sei, porque deixei a Xunta, pero o meu primeiro decreto foi declarar o 25 de Xulio "Día Nacional", o que pasa é que entón houbo alí unhas algaradas ¿non? Eu estaba sometido a un proceso diabólico pero foise superando e acórdome dunha frase de Churchill: "o político que non é ccapaz de ter conta da impopularidade non merece o pan que come".

Algunhas forzas que estiveron con vostede hai un ano van utilizar este, por primeira vez, a denominación de "Día da Patria".

E unha cuestión semántica ¿Oportunismo? Non, probablemente será debido a que temen que se acorte a nosa Autonomía e que como o Goberno non se dea conta pois que vai haber posicións estremas.

Con algunha destas forzas, integradas na coalición UG, vostede tén coincidencias dabondo e falouse mesmo de que podía entrar, como se fala da UCDgá ou dun novo Partido Galego Radical.

...Non creo que lle fose comenente ao meu país nen eu teño pensado organizar ningún partido nen formar parte doutro, pero a autonomía hai que apoiala en forzas propias.... eso non quer decir que vaia sair da UCD, non sei, estou esperando os acontecementos, cal vai ser o trato que se lle dispense ao estatuto de autonomía de Galicia, e en función deso tomarei a miña determinación no outono. Considerome absolutamente galeguista e fun sempre, además. Estou na UCD pero compre contar coa raiz: os que trunfamos nas eleccións do 77 queríamos presentarnos como independentes con carácter autonomista e xa nos declaramos galeguistas pero —amais de ser moi molesto, había que recoller 2.000 firmas, etc., tivemos entón o convite por parte de Madrid pra nos insertar na UCD, e como tiñamos dificultades de tipo económico; pois fixémolo e agora estamos nese partido, que é máis ben unha coalición electoral, onde hai dende socialdemócratas a unha dereita moi marcada, pero sí, eu teño afinidades con todos os galeguistas e hastra hoxe representei esa línea na UCD e, por exemplo, no proceso lucense; o que hai no fondo e unha forte defensa de dignidade provincial e unha loita contra o sucursalismo.

Nos seus discursos fai moitas referencias a "enlazar cos esforzos do pasado"...

Eu cada día revalorizo máis ás Irmandades da Fala e todo o que escribiu Vicente Risco, o seu libro do 1921, sobre o nacionalismo galego penso que se debería ler en todas as escolas e penso que ahí está a calve de moitos problemas e que as forzas políticas galegas teñen aí o seu sustrato filosófico.

Pero o que se chegou a chamar na postguerra "a Biblia do Galeguismo" foi o "Sempre en Galiza" de Castelao, onde aparez Galicia como nación, o dereito á soberanía, o ser "masimalistas" —palabra que el empregou—, o seu antiimperialismo ¿Non debería, esta filosofía, formar parte de todo o que se reclamase galeguista?

Esa postura paréceme moi respetable pero non a comparto, é decir, coido que a espresión nacionalidade é comprida e cabal e non comparto a opinión de que vaiamos ser soberanos, sinto un galeguismo entrañable pero non me parece necesario renunciar á realidade española, "síntome español polo feito de ser galego". Establecer un divorcio non me semella nada práctico, importa que nos deixen desenvolver a nosa personalidade, pero un dos problemas máis agudos da Autonomía é o **reparto da tarta** e teñen que vir axudarnos, é preciso unha caixa de compensacións pra dar a cada un asegún as suas necesidades, senón non nos desenrolamos.

De calquer xeito, o que hastra de agora semella preocuparlles máis é o control mesmo directo deste proceso autonómico ¿Será porque a nivel social lles e máis difícil? ¿será porque non contan cun nacionalismo oficial con implantación un PNV como hai noutros países?

Eu teño que confesar que aquí non o hai, sí, e que debe habelo, temos que nos apoiar, dígoo de novo, en forzas políticas propias.


MARGARITA LEDO ANDION

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 68 * DO 28 DE XUNIO AO 5 DE XULIO DE 1979 * 30 PTAS.

NEN MENOS, NEN MAIS, HOMOSEXUAIS



RAMIÑAN

CEE

Traballadores intoxicados por

"Andaba no bacheler pero non o aturaba e funme prá escola Massana, unha escola municipal de Artes e Oficios facer Diseño gráfico, contrastándoa con outro centro de estudios máis teóricos. Inda que procedo dunha familia media dende os 18 anos pagueime todos os gastos. Levo traballando moito, hastra teño certo esgotamento".

E Anna Turbau tampouco a mecánica de traballo de Barcelona e veuse pra Galicia, cecais cunha forte carga de voluntarismo, facer fotos e máis fotos, esmigalladas por moitoss sitios. Vén de facer unha esposición en Santiago, e o que lle preocupa do noso país "è a vida cotiá, a parte humana, que era o que eu podía entender por ser máis concreta e onde todo tén de cambear, preocúpame como vive, cada día a muller galega, preocúpame..." E preocúpalle, tamén, a nivel menos concreto, non poderese prantexar o qué vai pasar en Galicia, "non sei é todo como moi..."

ANNA TURBAU

retrato dun fotógrafo

¿Qué elementos de contraste atopa a muller profesional entre Catalunya e Galicia?.

No meu caso, púidenme desenvolver mellor aquí. En Catalunya, curiosamente, a pesares de ter un meirande desgrau de desenrolo, a situación dunha muller traballadora é moito pior. Moitas veces, eu deixei de facer cousas por aceptar certas situacións, e mesmo non dei pasado algunhas trabas, como a falla de confianza no que puidera facer, por ser muller —"antes chamo a un home", teñenme dito ou "unha muller sempre trai problemas"— e no meu caso trouxeronmo eles, poden destruir o traballo dunha somente con "faladurías", se defendes determinado dereito, clasificante de neurótica, e ao fin, estar sempre á defensiva, queima a un.

De calquer maneira, tés dito —e a muller galega aparece decote nas tuas fotos— que en Galicia está marcada pola impotencia, a soedade...

Sí, sobre todo a impotencia. Refírome a que non tiveron outra posibilidade na sua vida que a de faceren o que estaban a facer. Como muller que puiden desenvolver unha profesión que eu mesma escollín, toparme coa realidade da muller no agro e no mar aquí fíreme moito, porque aínda que eu deixei moitas cousas no camiño e ganeino a pulso, estas mulleres deixaron moito máis ca min.

A tua visión semella paternalista, porque ese papel está determinado polo que cumpre o noso país, as condicións de traballo, a emigración...

Pero penso que tomou determinado papel activo, porque o home emigraba. Dise que aquí a muller está mais liberalizada, pero o seu papel preponderante non é polo que tivo de facer. A muller traballa, sí, ¿pero preguntáronlle se o que quería era ter o seu home na casa? .

A visión que tés da nosa realidade, tomando como referencia o teu traballo fotográfico, aprece moi desconectada, e oquizabes te fixes de mais nunha temática que pode prestarse a folklorización.

Sí, se falamos da mostra, a realidade galega é máis ampla. Esto é unha parte do que a min, particularmente, me hipersensibiliza, como por exemplo, os veilos. Pero penso que rompe coa imaxe folklórica, porque se fixo todo esplicando determinado problema que pasara en determinado lugar.

¿Pero dar tantas imaxes de signo negativo, cando aquí hai imaxes positivas, por exemplo de reivindicación e movilización populares?

Na mostra tamén hai unha parte, que é a que eu vivín máis, a da Autopista, e pra min, a actuación popular en Galicia é importante, espontánea ou organizada, descúbrome diante das posturas de enfentamento, pero a realidade cotiá véxoa frenada, e eu fagome moitas preguntas verbo do que vai pasar aquí.

A nivel profesional, ¿prefires a foto de esposición ou a foto pra prensa?


Sempre fixen fotos pra que se publicaran, inda que o outro poido facelo como "hobby". A esposición é un medio que tradicionalmente utilizou a pintura, e non coido seña o máis acaído, pero é un método nestes intres pra que a xente vexa a entidade da fotografía e poida comparala, saber que é unha arte, que tén unha valoración propia, inda que a consuman cada día —en carteles de rua, nas revistas e mesmo na sua pior concepción, na pornografía— non quer decir que a foto non teña un valor.

Pero ¿consideras que é un elemento maiormente informativo ou decorativo?

A técnica da foto pode utilizarse baixo unha concepción estética, pero a sua cualidade específica é a información, que poida chegar a todos os sitios e reflexar a fracción de segundo na que pasaba determinada cousa.

Do teu traballo en cadeas fortes ligadas a monopolios de prensa, ¿qué nos contas?

Parto da base de que un fotógrafo non tén sequer regramentación laboral. Pensemos que hai un ano, pra seres fotógrafo, tiñas de ter un carnet rarísimo que te definia como empresa, e un fotógrafo non é un empresario. E tés un choque arreo coas grandes editoriais, que saben que es imprescindible, pero que poden manipular seguido o teu traballo. Non digo que o fotógrafo teña de estar en plantilla, pero si que o seu traballo como colaborador se reconozca, porque aquí non se considera, ou seña, que a empresa faiche un favor en che dando traballo. Hastra que non se teña conciencia desto, todo o mundo seguirá tirando por onde poida, pero as irregularidades son graves, e nas editoriais fortes non tés nen capacidade de pensar, e o que é pior, estase destruindo a moita xente, a moitos profesionais que serían necesarios mesmo pra o desenrolo da fotografía. A raiz da morte de Franco, a utilización da foto deu un chimpo, e a calidade aumentou, pero néste intre estase a coutar. Esto pra min é increible, non o poido asimilar. ¿Qué posibilidades de traballo tén a xente que se está formar? ...



XURXO FERNANDEZ

Tes colaborado coa prensa diaria de Galicia. ¿Qué consideración teñen da foto?

A descalificación da imaxe é total. Utilízase mesmo sen concordar coa información que acompaña, tómase máis coma un elemento de recheo. Supoño que aos directores lles falta descobrir a eficacia da información gráfica, supoño que se tratará de algo así, porque hai bos fotógrafos galegos que tiveron de marchar desenvolverse profesionalmente fora. E certo que argumentan que as distancias aquí son grandes, que é difícil o estar nos sitios pra cobrir a información, que resulta moi costoso, pero é que, senón, non hai tal información, é incompleta.

Cecais se trate da desvaloriza ción que fai esta prensa d información do propio país porque non é casual que se nutr de axencias españolas.

Sí, nefeuto.

Tocante á formación técnica ¿qué posibilidades reais esisten? ¿qué garantías debería haber?

Na actualidade, as escolas que hai son privadas, e teñen unha concepción da foto coma un "hobby", que pode selo por decisión personal, pero que non tén por qué selo pra os criterios de formación. Cobran, chegan a cobrar 70.000 Ptas. por un curso, e despois, a saíres, a situación laboral non tén nada de "hobby" e fállanche toda caste de medios pra desenvolveres o que deprendeches a nivel técnico ana escola, que a única ventaxa que tén sobre o autodidactismo é que gañas tempo no aprendizaxe dalgúns procesos. Pero eu sempre pensei que a práctica é mellor que a teoría, e por exemplo, cos reportaxes empecei non hai máis ca dous anos, identifiqueime con éste e deixei toda outra caste de traballos.

¿Pensas que neste intre estamos a asistir a un novo tipo de represión sobre da información gráfica? .

Sí, hai novos matices na represión, e son moitas as cousas que xa non se publican. Denantes, co fascismo, había xa unha escusa establecida, pero agora, os "cortes" veñen por cantidade de sitios, e o desencanto ogallá nos obrigue e sermos máis críticos. Gostaría de saber, por exemplo, cal vai ser a actitude da policía... Nalgúns países, un fotógrafo pode estar recollenco a manifestación máis violenta, que un policía non o toca. Pero aquí a un fotógrafo tén dereito de tocalo todo o mundo... E a min, cando me tentaron quitar un carrete cheguei a comentar que era a miña arma de traballo, e que entón, é coma se a vosté lle quito eu o fusil... Non estaría de máis habituarse ás denuncias formalizadas por vía xudicial, pra que se saiba dunha vez que é o noso traballo, góstelles ou non, que se despois hai manipulación non depende de nós, que un fotógrafo reflexa a realidade e hai que respetalo, porque, además, está a facer historia. ¿Cantos non morreron no Vietnam, por exemplo? .

M. LEDO

A NOSA TERRA


PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 70/DO 13 AO 19 DE XULIO DE 1979 / 30 PESETAS





"El **Piloto**, forajido tristemente famoso, muerto por la Guardia Civil en Belesar", titulaba, a toda páxina e en portada, o xornal **El Progreso** de Lugo, o día 11 de marzo do ano 1965. Semellaba que eramos un país sen historia, que estes "forajidos", asegún a prensa de servidume española e fascista, xurdían sen máis, pra cometer "roubos", secuestros, violacións, e todo o que o Código Penal castiga".
En la misma comarca de Saviñao asesinó al dueño de una casa que se negaba a entregarle la cantidad pedida, y luego a un joven que allí entraba, prendiendo fuego seguidamente a la casa".
Dende aquela, nunca crarexou a prensa, en Galicia, que tipo de resistencia desfiou o pobo galego frente á sublevación fascista.
Unha resistencia desorganizada, apandando co baño de sangue despois de esmagada, unha resistencia falta de dirección —como reconocería o mesmo Xeneral Lister—, que no fin da guerra e sobre todo coincidindo coa utópica arela republicana de que os aliados, ao rematar a Guerra mundial, lle negaran o pan e o sal ao Goberno de Franco, soúpose que o Goberno Republicano no Exilio condenaba a loita que acó se andaba a levar e mesmo que o Stalin, xa no 1948, a raíz dunha visita dunha delegación do PC a Moscú, aconsellara porlle fin á resistencia armada.
No mes de outono, perto de París, nun local dos metalúrxicos, celébrase unha reunión que conta coa asistencia de seis representantes da guerrilla onde se decide "sacalos" do enfrentamento armado e facer unha decraración política, así como apoiar os procesos que se desenvolverían nos anos 49, 50 e 51. Neste ano, o derradeiro boletín oficial de "El Guerrillero" traguería nen máis nen menos, que un chamamento de desarme. En diante é o Piloto quen edita "Vida Guerrillera".



O MINISTRO MILAGREIRO

POTE GALEGO

Com'a tripa valdeira é mala conselleira, a xente cárgalle o San Benito de todal-as calamidades o Goberno de Franco.

Se os precios rúben, com'os foguetes; se as contribucións medran com'a herva mala; se non hai sementes, nin abonos, nin luz, nin gasolina, se hastra pol-os cans hai que aflosar imposto, a xente marmulla...."a culpa ten-a o goberno". S'un coitado que lampaba c'os fase, despois d'un ano mangoneando a Hirmandade, fai unha casa de catro pisos, os chismós asiñalle vetan as contas: tanto que raspillou d'os cupos, tanto d'as sementes, tanto do nitrato.....

Moita xente, inora que o Fuero falanxista, garantiza a liberdade de roubar...pro roubar en grande. Murmurar d'o Caudillo, e d'os qu'o redor d'il, esmídianse por faguer unha España con mais cárceres qu'escolas; respeitar d'os que se fan ricos d'a noite pra mañan, e mala fe. Se os gobernadores alcaldes e xerarcas, quédanse c'unha miaxa entr-as uñas, fan-no sin malicia. Como diría Curros:

Sonche os que gustan d'as troitas
E como lle gustan, tentan
Pescar co'as bragas enxoitas.

Pro o qu'hai que ver non son os defeutos, senon as virtudes, os milagres, que fai o goberno. Ollai unha mostra. Os nosos labregos andaban enrabiados pol-os cupos y-as tasas; queixabanse de qu'a terra non daba nin pra bros de medio ano.

¡Estaban murchos, com-a mi os vira o meigallo. Mais o Ministerio d'Agricultura de Franco (de quén as malas lengoas din que ten cara d'enguello e mañas de raposa) acaba de alcontral-o remedio: ¡vai poñer aparatos de Radio en todal-as Hirmandades. Así, cando o labrego non teña os setenta pesos pra contribución; nin abono pras terras, ou o forero a xenaos c'o embargo, dáse unha voltiña pol-a Hirmandade, e despois dbuvir un bolero de Machín, acábanselle as preocupacións. ¿Non é isto maior milagre qu'o d'o Cristo de Limias? Abofellas qu'o que se queixa, e de bulra. Como dixo Franco, outros están pior qu'a nos. Por exemplo, os negros d'o Congo africano que non disfrutan d'unha feiticeira tunta d'Abastos que lles racione a fame...¡nin tenen chirimbolo de Radio! Moito pior viviase c'os República, pois aquelas potas de bacallau, y-as tilladas de touciño, estragaban os estómagos.

Os que se queixan, dóulles un consello: con chorar non matádel-a fame. Eu, como bon gallego, calo ...e fago. Teño dous fillos n-o monte y-outro que rabia por lliscarse pra-lo. Eu, y-outros dous veciños, un d'estes días, cavilamos dar unha voltiña pol-a Hermandade. ¿A vos gustavos a Radio?... Pois a min tamen. Si que esa noite tamos un traballiño que faguer: vámoslle prender lume a esa cova de vermes que se chama "Hirmandade...de ladróns e lasparóns".

- FOTOS:
ARQUIVO
M. LEDO
XURXO FERNANDEZ

MIRELLA, A SUA MULLER,
FALA PARA A NOSA TERRA

PILOTO, O ULTIMO GUERRILLEIRO

Ainda non callaran no noso país organizacións con pouso galego e popular, o incipente movemento galeguista ficara sen espresión orgánica, a autoorganización dos traballadores e clases populares semellaba irrealizable; Non había partidos de seu na nosa nación. Pero a historia fíx ose, tamén, no corpo da resistencia individual, durante vinte anos no caso do Piloto, algúns menos no Foucellas ou no Manuel Ponte; e esa parte da nosa historia reconstruímola hoxe gracias a homes e mulleres que, coma Mirella, a compañeira do Piloto, sobreviviron ao illamento, á desinformación, a todas as negación smateriais, gracias aos amigos dos "homes do monte".

CATRO TIROS NA CABEZA E NO VENTRE: ¡ALTO PILOTO!

O dez do marzal atopábase Luis no lugar da Bugalla, na comarca chantadina, pra retirar algúns cartos dunha casa. Darío, un dos fillos, viuno —sen sere visto— e saiu pola porta traseira seguindo os seus pasos pola riberia, cara o embalse que FENOSA construiu no Belesar. Ao pé dun regueiro, do Facheiro, Xosé Castro Veiga, "O Piloto" sentouse un intre pra comer un anaco de pan con chourizo que alguén lle dera. Mentras, xa o Darío lle tiña contado o caso a Anxel Fernández Blanco, empregado no Salto, ex-Subtenente e fillo dun brigada da Guardia Civil. O Anxel Fernández chamou ao cuartel de Chantada e posteriormente indicoulle á "benemérita" o lugar onde está O Piloto. Os Guardias seica non querían ir de boa gana, pero o Anxel ameazounos con lle dar parte ao capitán de Monforte. Rodeárono. Avo velo faltou tempo pra que catro tiros lle pegaran na cabeza e no ventre mentras un berraba ¡alto Piloto! . Despois chegou o capitán —el xa estaba morto— pra lle zorregar duas patadas no cú: **Ahora te he cogido**, cerdo comunista, e a seguir trasladárono ao comentario de Sanfiz, onde lle fixeron velorio algúns veciños, fálase que pra evitar que viñesen á sua procura os seus compañeiros... De mañá, algúns din que o fixeron cachos coma un porco, outros din que non, pero todos concordan en que o enterraron "despido de todo, na terra, dándolle volta á escada onde o levaban". Cada primeiro de Maio aparecían froles roxas naquel lugar. Matarono, e deseguida vilas e aldeas foron visitadas pola Guardia. Nunha delas estaba a Mirella: "Eu dixen de sair ao monte, pero na casa onde estaba respostáronme que de ningunha maneira, que aquí se morremos, morremos todos... botei unha semá sen durmir (as mulleriñas púñanme herba dormideira, sen eu ver, debaixo da almofada... quedei sen unha cadela ¿de onde? el



O irmán de Darío: "Decíase que nos pedía cartos pero eu daquela xa non estaba na casa.
Foi meu irman,
si, ¿pero non tivo culpa ¿ou? ".

gastaba en papel, gastaba en multicopiar, el tiña máquinas de escribir, compraba tintas ¡o demo do inferno! como non tiña contacto de fora traballaba e organizaba el! ".

LUIS OU PILOTO, ASEGUN

Aínda non cumprira os dazaseis, cando Xosé Castro Veiga entróu voluntario na aviación. Era o fillo máis novo dunha familia de Corgo, Lugo, caseira nunha propiedade do xeneral Tella. Fixo a guerra no bando "republicano" e por ise motivo metérono na cadea dende o 39 ao 43. Traballa, despois, camuflado de enfermeiro nun Hospital en Madrid e sabedor que van na sua procura, unha boa noite apaña o tren e vense pra Galicia. E o 1945, data na que hai máis escapados pra o monte e data que consta no seu carnet de ingreso no "Exército Guerrilleiro de Galicia". Pasa algun tempo na zona da Coruña —inda se fala de certas bromas que lle gastou ao temible sargento Varela, bromas que repetiría coa Guardia Civil tamén en Chantada, como a clásica de botar unha partida con el e ao largar deixarlle un papeliño que puña: "hoxe gañeille... O Piloto"—; deseguida aparece polos vales de Chantada e Escairón, e aparece por Recón, pola casa de Mirella Curto Candal. Mirella tiña daquela vinte anos, e o seu pai, o señor Santiago lembraba ben como izaran os "Hijos de Galicia" a bandeira republicana un día antes de cair Alfonso XIII. O seu nome, pra Mirella e pra todos os seus compañeiros será o de Luis.

O PARTIDO ERA O MEU LUIS!

"Luis era moi bon mozo, delgado e dereitiño. Medía 1,75 —despois, co repouso, engordou e chegou a pesar 115—. Tíñache unha facilidade de palabra, miña filla, daba cada mitin nas casas que había que escoitalo e convencerse! . El era o que organizaba e levaba o peso todo, porque non tivemos axuda de



Toda a prensa, e en especial a sensacionalista "buscase á amiga do Piloto".

naide. Pero facía clichés —lémbrome de Franco pendurado dunha roldana cuns taconciños....— ¡tiña unha cabeza! . Facía os carnés, os cruños, todo. Era mañoso, e cunha coitela de afeitar, nun pedazo de goma, reproducía o que



1



4



2



5



3

O nome venlle de cando,
1 **aos 16 anos entrou na aviación**
(é o primeiro pola esquerda).

2 **Mirelle Curto Candal:**
"funme con el por amor".

Era alto, forte, con bon porte,
3 **góstaballe a leituga:**
"El era o que zumbaba pra diante".

Dende o ano 47 Luis e Mirella
4 **empezaron a se convertir**
en "desaparecidos".

Redactaba con claridade,
5 **convencía ao falar,**
era muito voluntarismo...

"Deixarei de sorrir
6 **cando deixe de quererme Xosé Luis",**
dise na dedicatoria.



lista, decían:

uería, hastra a foto de Dolores párruri. Tiña multicopista, máquinas de escribir, (foi a Lugo e couna da Casa de Sindicatos), e on, non, nunca pensou en sair a o estranxeiro: "ei mórrer uí".

E así, o Piloto, de casa en casa, falando, tentando organizar, iba conseguindo apoios, editando a sua mesma propaganda, valéndose pra seguir adiante. Un bo día, no 1947, como tantas outras veces, a Guardia Civil sacou a Mirella pra chousa arrodeada de metralletas. Mirella non dixo del, e aos poucos días ía visitar ao seu pai, seu hirmán e seu cuñado á cadea en Lugo. Alí entérase de que andan pra prendela. Fuxe prá casa dun familiar da sua nai en Castroverde. Recibe unha carta de Luis, vaise co Piloto e coa guerrilla pra o monte, vive nas casas dos "organizados", cose, limpa, axúdalles en todo menos en muxir as vacas, sobre todo cando se abre a emigración e van quedando somente os vellos, e o 6 de marzo do 65, sábado, Luis díxolle, como tantas veces, que tiña de facer un **viaxe...** nunca máis soupo del e despois soupo que o mataran xunto do Salto mércoles día 10, ás 11,30 h.

"Tal paixón sentiu por min cando me conoceu que nunca me decía que ía por diñeiro, porque me disgostaba, pero o que é verdade é que sacaba estrictamente pra vivirmos, sacáballo aos fascistas, pero se vía que tí tiñas unha necesidade e que non te podías valer dábache... se de casualidade os guerrilleros estabamos no monte, el repartía a comida e o mellor era pra os máis".

O COMANDANTE FELIX, UN INFILTRADO; O SENEN, UN TRAIDOR

O ano 1948, o PCE decide retirarlle o apoio aos homes do monte. Arredor desas datas o Piloto mantén unha xuntanza co responsable pra Galicia, (¿Santiago Alvarez?), nunha casa de Escairón onde o conminan a abandonar aquel tipo de loita. O piloto sácalle unha pistola e non parece disposto a ceder. Persoas prósimas a el abondan en que semella que non obedecía ao mando e ao pouco tempo pode decirse que fica completamente illado e autónomo. Antes desto pasarían dous feitos importantes: a entrad dun infiltrado na guerrilla, o **comandante Félix** —Vicente Sanz Ortiz—, que fora guerrilleiro en Madrid, loiro, con pecas, responsable da morte do Benito (da dirección do EG de G.)

de Elías e de Santiaguito, e, un chisco denantes, a morte na Póboa de Roces, Guillermo, Travesado e Antonio, caseque todos de León, por mor dunha traición (un home dos do Piloto, Senén, que rematou por acceder aos ofrecementos da policía pra colaborar na morte dos seus ex-compañeiros e na detención doutros que eran somentes enlaces ou apoios).

Ficou, pois, o Piloto soio o Piloto coa sua compañeira Mirella, de casa en casa. "El tiño un carácter estraordinario, alegre, intelixente, a cada persoa dáballe o seu trato, asegun; cando os nenos ían ás festas regaláballes diñeiro pra que non dixeran que estabamos alí, e non lle gustaba que eu traballara, tiñamos ás veces desavenencias por eso, iverme cun delantal! , ¿ a ver se crees que che teño de criada? , tíñame coma unha xoia'".

A MORTE DO AQUILINO

Mentras o grupo lugués a III Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia, non foi sendo esfarelado, as accións comandadas polo Piloto eran norteadas por motivos políticos que compre situar no contesto preciso da resistencia e, sen dúbida, o lugar de honra lévano os axusticiamentos por crimes fascistas ou por estorsións ao pobo —o caso dos curas entrarían maiormente neste apartado—. Un dos casos máis controvertidos é, por exemplo, o do Aquilino, un rapaz de familia popular, matado urante unha operación na que lle prenderon lume a chamada casa de Ribela casa da que falaba "El Progreso" do 11 de marzo do 65). A cousa, nembargantes, é sinxela se se situa no seu tempo, xa que, por unha banda, o xenro dos da casa de Ribela apropiárase dunhas ferreterías de xentes progresistas no Ferrol, a mesma casa era un niño de armamento e o bon do Aquilino servíalles aos señores de enlace e guardaespaldas en ocasións. Non era só, pois, cada día, ía coller nos capazos dun burro as piñas e a leña que lle daban.

DAS DURAS E AS MADURAS

As activiades de Xosé Castro Veiga ían, nembargantes, máis alá. Amais do traballo propagandístico —é o autor de boletíns enteiros de "El guerrillero", das cabeceiras dos mesmos, sí, dese dibuxiño do hórreo— e axitativo, do que daremos conta nunha prósima entrega, e pra o que contrataba ás veces os servicios dunha imprenta monfortina, o Piloto non escatimaba pasearse polos coches de liña da comarca a doitaba se poñer atras, e se se terciaba sempre ecaron da Guardia Civil—, visitar os cafés, as veces na compaña de Mirella, poñerlle a un a man no lombo con forza, e non consentía que nada, na sua planificación fallase, hastra o punto de que ao se lle negar un socialista a servirlle de intermediario pra recoller 25.000 pesetas que "P" lle pedía a un suez de Escairón primeiro pensou en o liquidar e despois cobroullas ao fallido enlace. Ben pola contra, non faan versións que se refiren á sua xenerosidade, inda que se coincida en que, como a todos os homes, "o monte bótaos a perder un pouco e danse máis a unha vida particular". Velaí vai unha historia das xenerosas: unha vez ía o Riopedroso nunhas cantas mulas pra o tren de Monforte. Párano, Chámano polo nome e dinlle que lles fai falla cartos. Riopedroso contesta que leva poucos pero que de volta tragera máis, poisque tén que lle pagar as cabalerías o comprador castelán. Polo momento entrégalles vinte pesos. Dalí a unha semá, na mesma roita, volven paralo, vólvenlle os vinte pesos, porque "estes días fóronnos ben as cousas". O conto non para alí: unha muller ía co seu rapaz camiño de Monforte. O Piloto sal e preguntalle se tén cartos: "non, pero se nos deixas tranquilos de volta vendo unha vaca e douchos, agora vou co rapaz ao medico". O Luis dille que vaia tranquila e antes de pasar Escairon vóltalle sair e dalle duas mil pesetas a ela, pesetas "que fora **pedir** a outro sitio".

AI VEN O PILOTO!

"Se non calas venche o Piloto" decíanlle aos nenos, e os nenos apañaban medos. Pero non eran os únicos. Todos coinciden en que a Guardia Civil disimulaba o que podía por non se topar con el e que a vista dalgunha referencia puñanse brancos co medo: "Na festa de Belesar seica había un guardia —comenta unha testemuña— na ponte, un chisco bébedo, cunha moza, e gababase deste xeito:

—Se estivera aquí o Piloto iba saber quen son eu.

—O piloto son eu ¿qué pasa?

O Guardia escomenzou a tremar e o Piloto colleu e botouno ao río no medio dun gran follón.

E caro o fin, cando xa sobrevivencia era o que contaba, o Piloto cobraba unha especie de imposto en certas casas, no Manco de Vilelos, na Bugalla —de onde saiu Darío, o Chivato, que dende entón desapareceu do ugar e entrou recomendado no matadeiro do Porriño— un imposto sistemático que levou a que deran con el, a que o Anxel Fernández Blanco conminase aos guardias a disparar, a que un dos guardias dos que disparou perdese a fala cinco días asegún ouvimos, a que....

Así, o 10 de marzal, en Belesar, pechábase unha testemuña de escepción do que foi a postguerra no noso país e o síntoma máis precioso da necesidade de organizacións propias no país; mataban a Luis "O Piloto".

A. EYRE/M. LEDO.

DERECHO DE REPRODUCCION

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

NUM. 71/DO 20 AO 26 DE XULIO/1979/30 PTAS.

especial patria galega



ALFONSO SUCASAS

Raul Castro era un rapaz de Vilarchao, no Axuntamento de Coles, Ourense. Raul fixo a guerra do outro lado; el e máis a sua familia non lle caían ben ao xefe de "Falange" alcalde, don José López Quiroga; eran unha das moitas familias perseguidas, hastra que un día, ao pé da Eirexa de Barra de Miño, Raul asentoulle un tiro ao alcalde. Despois marchou pra o monte e cuns cantos máis formaron un grupo de guerrilla. Polas noites baixaban aos camiños pra pedir comida, fundamentalmente, e adoitaban añiñarse nas casas dos arredores. Xa era o ano 57 cando Raul e máis outro compañeiro fóronse agachar a casa dunhas vellas, mesmo en Vilarchao, e estas, en troques de lles levar comida, avisaron a Guardia Civil. Aínda hoxe se conta por Coles cómo arrodearon a casa, cómo non se astrevían a entrar, como Raul os fleumaba dende as fiestras, cómo tentaron facer entrar á sua nai e máis ao seu irmán pra sacalos, cómo o irmán se foi forcar despois, cómo Raul antes de se entregar —a casa xa empezaba a arder, seica— e pegou un tiro ao seu compañeiro, "menos decidido", e el mesmo se matou...
Aos dous anos, cando Castro entraba na Habana, os ditos populares decían que Raul de Coles era parente do Fidel...

O ULTIMO GUERRILLEIRO

OS PAPELES DO PILOTO





Ao traveso de feitos coma os de Raul formaronse os grupos de homes e mulleres que andaban polo monte, feitos que iba recollendo "El Guerrillero", feitos que Piloto imprimía rudimentariamente e redactaba arroándoos do linguaxe político tópico do republicanismo español, hoxe irreal, pero cunha grande intuición e a maneira de proclamas e chamamentos como o que se pode ler na folla correspondente ao 8 de xunio do 49, onde dá conta da morte dos seu compañeiros na Póboa de Brollón e na que alerta das contrapartidas que a "brigadilla" tenta facer pasar por guerrilleiros: "pechádelle as portas aos esbirros que sementan a morte polo chan galego, aos que impoñen grandes contribucións e estraperlean co sulfato, os abonos, a semente que tanto necesitades prás vosas terras... pra os lobos falanxistas non pode haber axuda dos labregos galegos... E continua: "as vosas portas nunca deben estar pechadas pra os defensores dos vosos intereses, os guerilleiros. Loitamos pra que poidades ser donos das vosas colleitas, loitamos pra que esista un mercado libre, loitamos pra que vós e as vosas familias podades vivir unha vida millor, loitamos pra que España, Galicia señan libres nun réxime republicano, onde cada cidadan poida sere dono do froito do seu traballo e onde a libertade señe patrimonio do pobo. Viva o glorioso exército guerrilleiro de Galicia! VIVA GALIZA CEIBE! Viva a República Democrática! ".

UN GUERRILEIRO DEBE...

Como avantamos no reportaxe "Piloto; o último guerrileiro", a partir do ano 48 os homes do monte ficaron practicamente sós, illados do apoio do PCE. E Piloto, soicomo nos Mirella, continuaba facendo carnets, octavillas antigranquistas, imprimindo unha nova revista "Vida Guerrillera" prá que fai un cabezallo grabando nunha goma unha paixase, que nun exemplar do 1952 fala esclusivamente de organizar a defensa química do exército guerrilleiro, definido os principais agresivos químicos —sofocantes, lacrimóxenos, visifican es, tósicos— e dos xeitos de protexerse— "... transportar ao gaseado en brazos, repouso absoluto, sangarlle o pelexo do cóbado, quencelo con mantas, botellas de auga, indicións de aceite alcaforado ou cafeina, contra o afogo e a tos unha pelra de éter cada dez minutos..."

Continua o Piloto elaborando os Estatutuos das Agrupacións II e III do que el anomea Exército Guerrillero de Liberación Nacional, integrado polas forzas combatentes armadas do Movemento de Resistencia de Galicia", asegún dí o punto 1 da declaración de principios políticos dos mesmos, con matices tan significativos coma o punto 10: "un guerrilleiro non debe embebedarse, non blasfemar, nen atacar as creencias relixiosas da poboación. Un guerrileiro non debe tocar os bens da poboación. O que necesite pra se manter deberá pagalo o máis axiña posible... debe absterse de manter relacións directas con familiares, mozas ou amigos sen permiso do xefe..."

Continua o Piloto mandando cartas a Radio Pirenaica, coa firma de Xosé Castro Veiga, e inda pouco antes do seu pasamento, no último documento escrito que se conserva del, fai unha chamada ao pobo galego e aos traballadores pra unha folga xeral política: "O franquismo que asesinou ao martir Julián Grimau pretende hoxe asesinar ao heroe Ramón Hormazabal..."

M. LEDO/A. EYRE

N. de R.— No reportaxe "Piloto, o último guerrilleiro" publicado no número 70 de A NOSA TERRA, por mor dun salto de líneas, onde se lía "...ao se lle negar un socialista a servirlle de intermediario pra recoller 25.000 pesetas que "P" lle pedía a xuez de Escairón primeeiro pensou en o liquidar e despois cobroullas ao fallido enlace.", debera lerse: "... primeiro pensou en o liquidar e despois ao través doutro intermediario, a operación realizouse na ponte de Vilasantar, onde acudiron éste e máis o xuez a se entrevistar co Piloto. Ao parecer houbo unha rebaixiña pero "P" cobrou, póndose fin ao caso do fallido enlace".

Asesino ajusticiado

El día 11 de Mayo, fuerzas guerrilleras de la 1ª Agrupación ajusticiaron al alcalde del Ayuntamiento de Coles (Orense) y Jefe de Falange, José López Quiroga.

Recalcitrante asesino, odiado en toda la provincia por la multitud de crímenes de los que había sido instigador, y autor directo de la muerte del Maestro Nacional de San Eusebio Francisco Torío.

Sólo los buitres falangistas lamentaron la caída de este parásito acudiendo al entierro el Gobernador Civil y demás Jerarcas. El pueblo, aprueba las acciones de las guerrillas que defienden diariamente a los campesinos de los robos de estas sanguijuelas.

Así acaban los chivatos

La policía franquista, está empleando en gran escala el soborno para crear una red de chivatos y confidentes, que le permita descubrir y machacar a los guerrilleros y combatientes de la Resistencia.

El dinero cóbra a raudales, y los señoritos falangistas y vagos son los que mejor se portan para esa criminal labor. Pero los billetes de mil pesetas ganados por estos rufianes en esa criminal misión, sólo van a servirles para pagarse el entierro.

El día 16 de Febrero, los guerrilleros de la III Agrupación detuvieron a 2 de estos miserables llamados Vicente Vigo, de Viveiro-Muras y Daniel Fernández, d'o Rego d'as Vacas-Jerez-Orol, en la provincia de Lugo. Sometidos a interrogatorio, convictos y confesos de la canallesca misión que ejercían al servicio de la policía, fueron ajusticiados.

Entre el pueblo causó enorme alegría la eliminación de estas dos alimañas.





UNHA CARAVANA FEITA NO PAIS GALEGO
PRA DISFRUTAR POLO MUNDO
GRANDES FACILIDADES
DISTRIBUIDOR
CL
comercial
LAMAS
CASA CENTRAL
Avda. de La Coruña, 93-95
Telfs.: 211641-215726-213286
LUGO
SUCURSAIS
C/ General Franco, 24
Télf.: 450674
AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ
Av. Navia Castrillón, 12
Telf. 560704
VIVEIRO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 72/DO 27 DE XULIO AO 2 DE AGOSTO DE 1979/30 PTAS.

REFRENDO A SOBERANIA

CRONICA DO 25

A PATRIA, UNHA CUESTION POPULAR

REPORTAXE GRAFICO



PEREIRA DE MOURA

"Agora é que a revoluçao esta a começar"

Profesor na Universidade de Lisboa nas ramas de Toería Económica, Economía portuguesa e Política Económica, aínda no tempo de Marcelo Caetano participou activamente na oposición a aquel réxime nas eleccion do 1969 no seo da CDE, desenvolvendo, asemade, o seu traballo político no movemento contra as guerras cloniais, significándose nun peche efectuado no 1972 na Capela do Rato, en Lisboa, que lle valeu 19 días na cadea e quedar dimitido das suas actividades profesionais na Universidade, actividade que somente voltaría exercer despois do 25 de abril do 1974. Francisco Pereira de Moura foi ministro sen carteira no 1 e 4 Gobernos provisorios e de Asuntos Sociais no 5 Goberno —que foi primeiro ministro Vasco Conçalves— e fala sempre, porque a historia así o demostra, que é cada pobo quen tén que facer as transformacións que lle compren e dacrodo cos seu intereses.

PEREIRA DE MOURA

"Agora é que a revoluçao está a começar"

Portugal presenta un dos casos máis esclarecedores da utilización da prensa por parte do imperialismo ¿non si?

Aínda onte escoitei unha entrevista co Lurdes Pintasilgo, a nova primeira ministro, na que lle preguntaron sobre o papel dos "mass media" neste período que se abre hastra as eleccións, e coido que deu unha resposta moi esacta: terán un papel máis importante que o de propio Goberno. E verdade. Por exemplo, o dominio da TV e o feito de que este medio de comunicación presente a miudo as cuestións de certa relevancia en términos de confronto entre líderes políticos fíxonos habituar a que os políticos non se entenden, que os partidos son unha cousa imposible, que non merece a pena organizarse... No caso da prensa, non somente foi utilizada a privada senón a estatalizada, porque en certa fase o imperialismo utilizou ao PS —no chamado vran quente— e despois aos gobernos socialistas: ao seu través, pois, colocou personas de confianza na TV, nos xornais, etc. Esta situación agravouse co goberno Mota Pinto, o último, anque tamén serviu pra comprendermos que ou se loitaba e un se organizaba, ou nada iba ser "ofrecido"

Falou da primeira ministro ¿que opinión lle merece?

Penso que ela, personalmente, é moi seria, intelixente, aberta. Non está ligada ao imperialismo nen a grupos de intereses económicos; ideolóxicamente é dos chamados "terceiromundistas", corrente moi en alza en organismos internacionais —OIT, UNESCO, etc— e que se corresponde cun certo proceso de conciliación entre a visión crítica do que se leva feito nos países socialistas, dos problemas cada vez máis grandes do Terceiro Mundo e tamén cunha actitude de apertura de certas camadas e grupos políticos dos países imperialistas. Enténdese, así, que é imposible continuar coa economía internacional de "bloque", que non leva ao desenvolvemento do Terceiro Mundo e mesmo que agrava cada vez máis a situación nos países capitalistas; que é necesario modificar asemade o sistema de relacións interpaíses. Aquí é onde ela se situa, e que ten aspectos francamente positivos. A Pintasilgo non é de ideoloxía retrógrada, nen de recuperación imperialista, nada deso, pero ten unha dificultade: non tén esperencia de acción política mui concreta ou de militancia en partidos ou en organizacións de tralladores; é máis de gabinete, está afeita a traballar con grupos de élite —grupos de estudantes, de intelectuais, de mulleres— e dende que está na UNESCO, tamén está afastada da política portuguesa, e así, queira ou non queira, acabará por ser influenciada pola personas que lle presenten e das que lle sigan: este é bon, este serve. Por aí entrarán determinados intereses xa que ela está fora deste xogo que aquí se foi construindo.

¿Qué contrastaría do Portugal dos primeiros gobernos provisorios ao Portugal de hoxe?

Hoxe o movemento popular e sindical estase desenvolvendo e aprendido a loitar. A fase seguinte ao 25 de abril foi moi fácil xa que as forzas capitalistas perderan apoios básicos na intervención política e mesmo perderan a esperanza. Pero o avanca da esquerda non tiña base social nen organización. Hoxe, ao ver sacrificados os intereses populares, volvese á organización, e este sí que é un punto importante pra o noso futuro. Simultaneamente, hai muita xente que coidaba que a Revolución era fácil e teño a impresión de que agora comprenden millor que un proceso de transformación social é difícil e dooroso. Porque o 25 de abril foi un golpe militar pero caseque sen programa político de esquerda, consistía somente en derrubar ao fascismo, acabar coas guerras coloniais (non coa situación colonial) e preparar a instauración dunha democracia parlamentaria. Pero despois do golpe militar desencadeouse un levantamento popular, sobre todo na zona de Lisboa, no Sul, en certas zonas do norde; unha dialéctica de colisión entre o programa de acordo dos militares e as forzas populares, sobre todo as que tiñan certa organización. A partir do golpe do 11 de marzo de 75 xa había condicións pra que as forzas de esquerda tiveran o dominio político e mesmo militar, durante poucos meses, sí, pero que permitiu unha acción popular importantísima: A ocupación de terras e o inicio da Reforma Agraria, que o goberno fixo despois, a lei é de xulio/agosto; as nacionalizacións das máis importantes empresas e o desmantelamento dos grupos económicos, acción básicamente gubernamental, pola contra, inda que despois os traballadores interviñeran cos ensaios de control obreiro estimulados polo goberno, as ocupación de casas; as transformacións nas escolas, nos servicios públicos, onde as direccións pasaron a ser elexidas en vez de seren nomeadas, despois houbo que facer os decretos para regular esto, etc. etc.

E a partir da primavera do 75 a intervención imperialista estivo á orden do día.

E chegouse así a situación de hoxe no que as forzas de esquerda están divididas, tanto no planto ideolóxico, como por contar cunha base social moi diferente: no PC predomina a clase obreira, industrial e agraria, inda que teña outros moitos sectores no seu seo, e no PS dominan as clases medias, inda que tamén conte cos seus sectores de operarios, e todo isto traducese na dificultade dun programa común e dunha alianza con vistas ao Goberno. Por outra parte, o poder esta nas mans dos militares, e tampouco pra eles, divididos dende o 75, é facil artellar un programa común. Referente á intervención imperialista, xa no 28 de setembro do 74 perto das costas portuguesas apareceron as escadras da OTAN pra "maniobras", feito que se repetía cando había calquera crisis. No 75, con Ford de Presidente en USA e Carter como candidato ainda, ambolos dous cadraron en que era necesario dar apoio as forzas contrarevolucionarias; Guiscard fixo o mesmo; Smith declarou publicamente axuda monetaria, diplomática e política ás forzas conservadoras; a utilización do PS frente ao PC foi crara, e chegamos, inslusive, a ver, despois do 25 de novembre ao embaixador americano Carlucci, hoxe segundo xefe da CIA, no campo militar de Santa Margarita ofrecendo tanques USA e fotografiandose dentro dun deles.



XURXO FERNÁNDEZ

¿Qué era o que máis lle interesaba entón ao imperialismo?

Angola. Porque Mozambique xa o consideraban perdido en relación a Portugal, Guiné tiña menos importancia económica inda que polo valor estratéxico de Cabor Verde houbo varias tentativas pra que quedase na orbita da OTAN, que se remontan a unha reunión de Spinola con Nixon no 74; pero a cuestión era Angola, dende o punto de vista das forzas monopolistas e dende o punto de vista imperialista e hastra o último momento pensouse que Portugal servise pra asegurar en Angola un proceso de transición ao neocolonialismo.

Tense dito que a URSS xogou nese intre todas as cartas en Angola

Dende o punto de vista diplomático, quizavez, e dende o punto de vista militar a axuda da Unión Soviética en armamento e de Cuba en soldados foi importante e os dirixentes angolanos son os primeiros en reconocelo; doutro xeito, coa intervención de Africa do Sul, por unha banda, e coa presencia de forzas imperialistas a traveso da UNITA e da FNLA de Holden Roberto, pola outra, MPLA non podería avanzar. Eu fun a Angola ao rematar a independencia. Estabamos convidados en nome do MDP e doutros grupos políticos pra asistir á festa. Partimos a vespera en avión. Estivemos no ar a 20 minutos de Luanda e o avión voltou porque se recibiu un mensaxe gubernamental decindo que había guerra civil na capital. Foi unha maniobra que nunca chegou a ficar mui crara. Ao día seguinte esiximos voltar noutro avión, non había guerra civil ningunha, e ao chegarmos xa tiña rematado a ceremonia de independencia. Estiven alí dous días e de feito, forzas que viñan do Zaire estiveran a 10 kilómetros do centro de Luanda e a columna que viña de Africa do Sur chegou deica Benguela e Lobito, e se non fose polo armamento soviético...

Vostede estivo, tamén, uns meses en Mozambique, na Universidade, un país que o imperialismo perdeu cedo.

Si, compre ter en conta que en Mozambique deuse, dende moi axiña, a unidade das forzas revolucionarias e formouse a FRELIMO, pola contra que en Angola, que se chegou ao momento da independencia con tres movementos. En segundo lugar, o tipo de ocupación portuguesa era moi diferente respecto de Angola onde dominaba o pequeno colono, que se fora pra alí probe e que se non trunfara tiña alomenos o seu pequeno negocio, as suas terras, e eran centos de milleiros. Pola contra, en Mozambique os portugueses estaban esencialmente nos postos da alta administración do sector público, das empresas, do exército, e a resistencia ao avance do movimento revolucionario foi muito menor, mesmo a propia disposición do territorio, unha franxa ao longo da costa, permitiu máis facilmente a victoria. Asimesmo, dende moi cedo tiveron apoio do campo socialista, da URSS e da China, e na miña opinión houbo gran capacidade na dirección política e na loita. Cando chegou o 25 de abril lembrome de ouvirlle ao Ministro de Defensa do primeiro goberno provisorio que o 90 por cen da poboación estaba do lado da FRELIMO

Despois da independencia ¿Por que se caracterizou aquel proceso?

A economía, en mans de intereses estranxeiros, quedou sen técnicos e dirixentes que fuxiron, sen circuitos económicos e foi boicoteada a esportación ou mesmo o fornecimento de materiais e equipamento. Por outra banda, ao ser un país que dende o primeiro momento aplicoulle sancións a Rodhesia —feito polo que as Nacións Unidas lle prestan apoio financieiro—, as suas dificultades económicas agravabanse incluso

(PASA A PAX. SIGUENTE)

(VEN DA PAX. ANTERIOR)

por ter que aplicar muitos recursos á defensa militar. Tamén tentou sempre, por outro lado, certo equilibrio entre o apoio da China e o da URSS e demáis países socialistas, inda que a propósito da cuestión de Vietnam e de Kampuchea, con prudencia eso sí, apoiou ao Vietnam, e China deixou, polo menos temporalmente de prestarlle axuda. De calquier xeito a Frelimo non acepta, tampouco, ficar desmedidamente dependente da Unión Soviética. Hai outro punto interesante: entre setembro e decembro do 77 fixéronse elección prás asambleas locais, de distrito, provinciais, de cidade, e finalmente pra Asamblea Nacional—Popular, saíndo 28.000 diputados, cousa que nen a mesma Cuba conseguiu aos 2 anos de independencia. E este proceso, ao nivel da conciencia popular, foi máis importante que a propia independencia, porque un pobo que estivera afastado da participación político sentiu que estaba a conquistar algo e falaba, queixabase do goberno, en casos concretos acusaba a administradores de distrito, a dirixentes locais da Frelimo... conseguíndose todo esto nos tres meses que durou a campaña.

Cando se fala de imperialismo a xente pensa en USA pero ¿qué pasa na Europa? ¿qué hai da chamada crisis occidental?

Unha crisis de civilización, como se ten dito muitas veces. Os valores básicos están a ser sustituidos con rapidez, as posicións de dominio a escada mundial sofren unha transformación profunda, os países vanse libertando —agora Nicaragua, antes o Iran— e as propias relacións dentro do campo imperialista, tanto a nivel das potencias dominantes como en relación aos países da periferia, están en tensión, non son fáciles —aparte estarían as tensións entre os propios grupos económicos— e maniféstanse en forma do diálogo Norde/Sul, as conferencias internacionais que fracasan, a tensión crecente entre os países non alineados (grupo dos 77) cos imperialistas, ainda agora en Rona na conferencia sobre cuestións agrarias, anteriormente na conferencia sobre comercio internacional nas Filipinas... todo iso significa que o problema non poderá ser esolto á vontade, como en ocasións anteriores, dentro do campo imperialista, que traduce unha crisis de sistema, de "civilización". Un aspecto é o do desemprego, ao que os gobernos dos países capitalistas industrializados non se atreven a prometer solución ¿qué hai por tras? penso que unha desadaptación estructuralmente moi fonda entre o desenvolvemento das forzas productivas e as institucións, as leises, os hábitos. A suba do petróleo, que é o que aparece diante das grandes camadas da poboación como a "causa" é somente unha apariencia ! abonda comparar os precios que reciben os países arabes polo petróleo co precio á que é vendido polas 7 u 8 compañías internacionais que ven aumentar a cotización en bolsa das suas accións o doble e o triple!

MARGARITA LEDO ANDION



XURXO FERNANDEZ

INFORME

Conservatorios, ¿de qué?

Os gravísimos problemas que sofre a música galega, problemas craramente imbricados na situación política de dependencia que padecemos, non poderán ser solucionados se non temos en conta a situación dos Conservatorios e buscamos o xeito de reparala. Diráseme que máis urxente que o ensino profesional é o ensino da música aos rapaces e a difusión mediante concertos, pero é que pra que esista ensino aos nenos e concertos tén de haber profesionais que ensinen e interpreten, e a sua preparación pasa polos Conservatorios. Coido pois que a primeira pedra a poñer cara ao futuro dunha vida musical que mereza ter nome tén de ser a potenciación da formación de profesionais que non señan meros executantes senón interpretes e músicos capacitados pra ensinar e pra crear.

Pra poderlle dar solucions a un problema, compre conocer primeiro ese problema. Non é doado conseguir información sobre a situación actual dos Conservatorios galegos. Pesie aos meus intentos, case non deu arrecadado información de primeira man sobre esta situación, e esto atopa a sua xustificación na raiz do problema xa que as direccións desconfían a miudo se que vai preguntar non quererá lles dar aínda máis paus dos que lles dan decotío. Doutra banda, existen irregularidades de tipo administrativo que están factualmente establecidas, aínda que están sendo superadas cos esforzos das novas direccións alí donde existen. Un caso peculiar é o de Pontevedra, onde o Conservatorio se esforza por pasar inadvertido, onde se convocan oposicións hiper—restrinxidas, onde por non ter teléfono nen unha crara oficina administrativa é practicamente imposible saber esactamente qué pasa. Por esta razón, o meu informe vaise referir esclusivamente aos outros cinco Conservatorios galegos, onde esta situación, dende logo, non esiste e se esforzan por achegarse a unha normalización como centro educacional. Xa que a información que teño é distinta pra cada centro, vou sinalar esquematicamente a sua situación administrativa e física o o número de matrículas. Gradecería as direccións que me facilitaran —como xa o fixeron as de Coruña e Santiago— todos os datos posibles sobre a evolución do centro nos dez ultimos anos pra posibilitar un estudio estadístico que axude a crarexar a problemática.

PRA FORMARSE COMPRE EMIGRAR

A) Somente os Conservatorios de Coruña e Vigo son Profesionais, os outros catro son Elementais. Esto quer decir que somente están capacitados para espediren a diplomatura no instrumento do que se trate, agás no caso do solfeo e conxunto coral, dos que o ensino lle corresponde íntegramente ao grau elemental. Decatémonos que esto significa que pra facer a carreira musical compre emigrar. O número de galegos que teñen Título Superior de Música non chega a media ducia, e somente teñen o de Composición dous —Roxelio Groba e Xoan Trillo— ao que eu coñozo. (Escuso decir que o de Musicoloxía o tén un soio galego, o P. López Calo). E falo de galegos residentes no seu país.

B) Dado que ningún Conservatorio galego é superior, non son Centros estatais. A sua dependencia é pois, variada; hai aínda pouco, deixaron de ser tutelados pola "Dirección General de Bellas Artes" do vello "Ministerio de Educación y Ciencia", pra pasar ao Ministerio de Cultura polo que perderon a Subvención que anualmente recibían. O Conservatorio de Coruña finánciase coas subvencións de entidades oficiais e privadas, amais do ingreso en concepto de matrículas, O de Lugo depende dun patronato presidido polo Gobernador Civil e do que forman parte a Diputación, a Caixa de Aforros de Galicia e varios Bancos, o de Ourense depende dun patronato presidido polo Gobernador Civil e financiado pola Diputación e Xuntamento. O de Santiago depende da "Real Sociedad Económica de Amigos del País" e financiase cunha pequena subvención do Axuntamento e máis as matrículas. O de Vigo, o que menos problemas económicos tén, é Municipal a todos os efectos e os profesores son funcionarios. Esta podería ser a solución optima para os outros centros galegos namentres non se dote como Superior a un deles.

C) Os medios materiais son craramente insuficientes. Ningún Conservatorio posée edificio propio. Os instrumentos son escasos e malos. As aulas de estudio, escasas e sin condicións...


D) O número de alumnos, nos Conservatorios, mídese polo número de matrículas. E altamente probable que un alumno de segundo de solfeo esteña matriculado en primeiro dun instrumento, e por eso haxa duplicación na contabilidade. De calquer xeito, se consideramos o número de profesores veremos o tremendo problema de acumulación de persoas nas aulas. Doutra banda, esta "masificación", que repercute negativamente no ensino, repercute positivamente no mantimento do Conservatorio, pois gracias ás matrículas poden pagarlle aos profesores. As cantidades aproximadas de alumnos no curso 1978/79 foron: A Coruña: 1.157 alumnos. Lugo: 400 alumnos. Ourense: 600 alumnos. Santiago: 600 alumnos. Vigo: 2.000 alumnos.

EN FUNCION DAS BANDAS

As materias impartidas son: Na**Coruña**, 14 instrumentoais (Canto, Declamación, Conxunto Coral, Conxunto Instrumental, Música de Cámara, Guitarra, Cuarteto de Corda, Madeiras —Flauta, Oboe, Clarinete e Saxofón—, Metais —Trompa, Trompeta, Trombón de Varas e Tuba—, Piano e Percusión) e 9 teóricas (Armonía, Contrapunto e Fuga, Análisis de Formas Musicais, Composición, Estética musical, Historia da Música, Historia do arte e a cultura, Repentización e Transposición e solfeo). En **Lugo**, 2 instrumentais (Piano e violín) e 1 teórica (Solfeo). En **Ourense**, 7 instrumentais (Canto, Canto Coral, Madeiras, Metais, Piano, Violín e Guitarra) e 1 teórica (Solfeo). En **Santiago**, 3 instrumentais (Guitarra, Piano e Violín) e 1 teórica (Solfeo). En**Vigo**, 7 instrumentais (Conxunto Coral, Guitarra, Madeiras —Clarinete e Saxofón—, Metais —Trompeta e Trombón—, Piano, Violín e Gaita) e 6 teóricas (Solfeo, REpentización e Transposición, Armonía, Formas Musicais, Estética, Historia). Reparemos qaue o ensino dos instrumentos de vento está pensado en función das Bandas, xa que os instrumentos característicos da Orquesta clásica tipo Manheim —faluta, oboe, fagot, clarinete e trompa— son deficitarias ou inesistentes no caso do fagot. Outro dos graves problemas é que a falla de ensino de instrumentos de corda, esta ausencia abonda para imposibilitar a creación de orquestas estables. Finalmente, ao non impartir docencia teórica, o alumno non chega a comprender as características sintácticas do linguaxe musical; nos Conservatorios de Ourense e Santiago estase impartindo a Armonía dun xeito extra—oficial. Quixera incidir na desatención ao instrumento vocal; namentras non esista unha docencia de canto e na técnica de dirección de coro, non poderemos contar con coros de mínima calidade. Actualmente dous únicos coros que poseen técnica vocal son "Ars Musicae" e o "Coro Universitario" e non dependen dos Conservatorios. Pra rematar, indicar que os Conservatorios de Coruña e Santiago poseen Orquestas de Cámara. A primeira tén unha formación media de tipo 2, 2, 2, 2 — 2, 0, 0, 0, — 1, 0 — 6, 4, 3, 3, 2, que pode ser ampliada con trompetas, trombós, tubas, tres precusionistas, reforzo da corda aguda e piano. A segunda posee a seguinte formación: 1, 1, 0, 1, — 1, 0, 0, 0 — 0, 0 — 3, 2, 2, 1, 1, obtén os reforzos na Orquesta coruñesa; o problema máis grave é a carencia de fagotista e, logo, a do timbaleiro. Este fenómeno de "pluriemprego" é común e chega a docencia de guitarra de Vigo e Ourense é a mesma persoa.

Como xa dixen ao principio, estos datos son unha mostra de parte do problema. Non vou dar solucións, éstas están nas mans dos partídos políticos e estos aínda nen se enteraron de que o problema esiste. E, pesie ao que diga o ilustre profesor García Calvo, non por descoñecer a esistencia dun problema éste desaparece.

XOAN M. CARREIRA



XURXO FERNANDEZ

A NOSA TERRA

"O proceso autonómico en curso, que responde aos obxetivos do colonialismo español, non vai solucionar os males que Galicia padece. Tampouco acabará co poder dos monopolios nen rematará co atraso económico causante da emigración. Por eso é a alternativa política defendida por todas as forzas intersadas en manter a Galicia na sua dependencia secular, dende as dereitistas e reaccionarias —UCD e CD— hastra as que pretenden agacharse tras dunha careta de esquerdas e seudogaleguista. O Pobo galego non debe deixarse embaucar por esta maniobra descaradamente imperialista. Non debe apoiar ningún proiecto que atente contra o dereito á soberanía nacional que a Galicia lle corresponde. Por tales motivos, os nacionalistas rexeitamos o Estatuto de Autonomía, coa certeza de que somente sevirá pra manternos na dependencia colonial" ouviamos todos polo servicio de altavoces do BN—PG cando aínda estaban chegando á Alameda de Santiago xentes de cada comarca, de cada vila, de todas as clases sociais e con intereses ben distintos dos do imperialismo. O número de autobuses tíñase triplicado dende o último ano, e a manifestación arrincaba con 50.000 persoas a berrar: ¡Autonomía pra os españolistas, soberanía pra os nacionalistas! . Xuntábanse en Santiago, como cada ano, no día da Patria Galega.

CRONICA DO 25

REFRENDO A SOBERANIA

MARGARITA LEDO



Nas primeiras ringleiras, representantes das direccións da UPG e da AN—PG; delegados de Herri Batasuna e HASI (Euskadi), do IPC e o PSAN (Países Cataláns), do Frente Sandinista (Nicaragua), do MPLN (Bolivia), do MIR (Chile), da OLP (Palestina); representantes do BN—PG nos Axuntamentos e institucións provinciais (alcaldes de Fene, Bóveda, Bueu, Moaña, diputados da Coruña, Ourense e Lugo, concellais); membros dos sindicatos ING e CC.LL. amais da organización estudiantil ERGA, e unha quinta ringleira formada por militantes do BN—PG na emigración e integrantes do Comité pra Galicia de Holanda. Máis de dous milleiros de persoas no servicio de orde. Parte dos manifestantes xa percorreran a Senra —Praza de Galicia; as ruas Doctor Teixeiro e o Horreo, encetábase a entrada no casco vello, nas Orfas, enfiando cara a praza da Quintana onde sería o mitin final, e aínda estaban a sair bandeiras coa estreliña e pancartas reivindicando as Bases Constitucionais da boca da Alameda. "¡O imperalismo vai recuando, o nacionalismo vai avanzando! " mesturábase coas frases tradicionais de "¡Galicia ceibe, Poder poular! ", mentras o río pausado e unánime de manifestantes ía recubríndoa enteira á praza onde Castelao participara no último mitin conmemorativo do Día da Patria, no 1935, conocido polo mitin das Arengas. Mozas e mozos tocaban con gaitas e pandeiros a nosa música popular e o himno do Antigo Reino, e moita xente tivo que irse situando nas Praterías ou mesmo ficar polar ruas próximas, porque era pouca praza pra os nacional—populares. Sobranceaban as pancartas suscritas polos emigrantes en Barcelona, en Euskadi, Suiza; as que falaban das loitas diarias que libran sectores do noso pobo e que conforman a práctica política do BN—PG: "Balea sigue na loita, abaixo a colonización" (O Grove), "Non á Base do Barbanza, non á OTAN" (na que un popular zorrégalle unha patada no cú ao mesmo Superman), e tamén alí estaban as de "Vidrios de la Florida", de Citroën, dos estibadores portuarios; as da Reforma Agraria e contra da Cuota Empresarial, as da AN—PG de Allariz ou Chantada. **

"PATRIOTAS GALEGOS, BENVIDOS"

O presentador deu paso, primeiramente, a Josep Guía, do PSAN, que ía falar no nome de todas as organizacións convidadas alí presentes. Ia falar pra decir que este acto é o símbolo de todo un ano de esforzo e sacrificio, pra decir do dereito das nacións a seren ceibes, pra decir da solidaridade e de afrontar as relacións mutuas, en especial co BN—PG. Cando a seguir interveu Noel Rivas, delegado sandinista, e mentras se berraba "O pobo unido xamais será vencido" un aquel de emoción percorría a Quintana escoitando que había un Goberno de reconstrucción nacional despois "da noite negra do somocismo". que a primeira medida fora nacionalizar os bens da familia Somoza, que traguía hastra aquí a consigna de Sandino "Patria libre o Morir".

"Amigo Castelao, onte tivéchenos á tua beira, á tua beira tesnos hoxe, porque tí tiveches que soñar pra que hoxe o teu soño sexa realidade: os bascos e os galegos marchamos xuntos". Estas foron as primeiras palabras de Telesforo Monzón, no nome de Herri Batasuna, palabras dirixidas á Euskadi do silencio, a dos presos, torturados e esiliados: "Afirmo solemnemente que hoxe o noso pobo é perseguido con máis saña e crueldade que nos peores tempos da dictadura, pero tamén vos traigo o saúdo de Euskadi da espranza. A Euskadi da soberanía segura sauda á Galicia da soberanía segura. Non queremos Estatutos de esmola, saídos da Porta do Sol".

GALICIA E UNHA CUESTION POLITICA

Lois Diéguez, en representación da AN—PG fase referir, de seguido, a coerencia política patriótica "que non cambia o nome deste día asegún as circustancias nen o contido antiimperialista que tén", pra pasar a contrastar a nosa realidade co que as Bases contemplan pra lle por remedio; do que é a Cuota empresarial e dos primeiros embargos que empezan a facer o Goberno español aos labregos que se veñen negando a pagala, e o que sería a Reforma agraria e a supresión dos impostos coloniais; do que é o Estatuto do traballador que andan a argallar e o que sería a participación obreira na industria que definen as Bases; da defensa de industrias racionais (FRIGSA) ou contra as agresións dos monopolios (Salto de Sela) e cómo o programa de medidas económicas das Bases fala da nacionalicación da enerxía eléctrica, cómo tamén fala da recuperación dos emigrantes e da Reforma pesqueira. Rebosando a plaza da Quintana, como remacharía ao encetar a sua intervención, os nacionalistas berraban "¡Galicia ceibe, poder Popular! ".

Un ano máis estamos aquí, nun día que nos é de todos senón dos que loitan consecuentemente prara recuperar a soberanía. Enfrente temos aquels que utilizan a nosa bandeira por oportunismo e se recubren dun falso galeguismo, enfrente temos maniobras do poder e tamén o seu desacougo ao ver resurxir a conciencia nacional" asertaría Bautista Alvarez, presidente da UPG, orador que puxo final ás diferentes intervencións, e que foi concretando os cambeos de táctica do colonialismo: dende a fracasada concentración do Obradoiro de hai un ano á cobertura nacionalista dos que en abstracto falan de Autodeterminación pero redactan o Estatuto, "pra acabar na maniobra burda de apoñernos a queima dos montes valendose duns medios informativos ao servicio da mentira e da manipulación, de "ILa Voz de Galicia".

O himno galego, moi cantado, pechaba os actos do BN—PG pola mañá —deseguida empezaría a festa na horta de Santo Domingo na que despois de xantar volveron intervir as organizacións extranxeiras, sen que faltase a Banda de música e a presencia do ventrílocuo Antón—, e no trasfondo das suas notas aínda lembramos que "o poder colonial que oprime a Galicia política, económica, e culturalmente, está ao servicio dos monopolios e da oligarquía española. Conta aquí, este poder, coa colaboración da estrutura caciquil, empeñada en manter ao noso pobo na dependencia, na sumisión, na apatía política, na indiferencia no fatalismo. .* é mentira que Galicia estraña ao marxe de calisqueira ideoloxía según pretenden facernos crer os oportunistas e pseudogaleguistas de todo tipo pra que sigamos nunha situación de resiñada mansedume. Galicia é unha cuestión política, e de política popular".

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 73 * DO 14 AO 20 DE SETEMBRO DE 1979 * 30 PTAS.

"Tan criminal é quen manda como quen mata..."

Páxinas 8 a 13









Debuxos: PIZ VALCARCEL
Fotos: XURXO FERNANDEZ

O 14, San Cibran no Carballiño

Páxinas 9, 10, 11 e 12

Lugo: Manobras nas Municipais

Páxina 3

Carlos Mejía Godoy "Namás un modesto vocero"

Páxina 7

O QUE A OUTR

"TAN CRIMINAL E QUEN MANDA

Seguindo o sentir popular contra unhas festas clasistas —a verbena no campo da Compañia, diante dos Escolápios, por unha banda e unha pista acotada con arámios, onde se meten as atraccións de pago para desfroite exclusivo dos que ceiben uns centos de pesetas previamente, pola outra— grupos de persoas formaron un pasillo ao pé das taquillas da pista para lle dicer a xente que non secundase esa separación en duas festas. Ao terceiro dia, hai agora un mes, no xardin situado á direita da tan contestada pista, homes e mulleres, mozos e vellos, xuntáronse para bailar e escoitar unha gaita e un pandeiro solidários coa esixéncia popular. Enfrente deles, igual que dias pasados, membros das FOP vixiaban. Xa ben entrada a madrugada aparece o alcalde, Celestino Torres, que entra na pista na compaña dun tenente de alcalde, tamén da UCD, o Acácio Saco, máis outro de CE, Rogelio Salgado. E o señor alcalde sai aos poucos, alporizado, para dirixirse ao que manda as FOP: "bajo mi responsabilidad... esto es una alteración del orden...".

Ouviuse un asubiote, "non tiñan megafonia nen agardaron un chisco", e despois xa viñeron os disparos das pelotas de goma. A xente seguia a bailar no campo da Compañía, ainda sen se decatar, pero deseguida botes de fume e desconcerto misturáronse coa noite da festa. E foi daquela cando as primeiras pedras liscaron cara a policia. O Emilio tomaba a sua cervexa nun dos bares da verbena cando recibiu os primeiros porrazos. Un amigo foi na sua procura e traiao cara a entrada do xardin cando se produciu a segunda carga. O pelotazo na clavícula debeu ser aí e xa o colleron entre dous ou tres grises que no chan mallaron nel a fartar.

..."Non podemos admitir o clima de terror e violencia causado polas FOP nas Festas Patronais de Monforte. A responsabilidade destes sucesos recai exclusivamente no alcalde, Celestino Torres, da UCD, e nos tenentes de alcalde... posto que o primeiro, presionado polos segundos, deu orde de carga ás FOP sen que en nengun momento, segundo testemuñas presentes, houbera provocación por parte do público. Pedimos pois a dimisión destes tenentes de alcalde e alcalde pola sua actuación e pola sua irresponsabilidade que os invalida para tales cargos" dician no seu escrito de solicitude dun Pleno extraordinário os tres concellais do BN-PG máis un independente, con data 18 de agosto.

NENGUN NOTARIO QUERE DAR FE DAS TESTEMUÑAS POPULARES

A raiz das cargas, a mesma noite do 14 a policia fai unha restra de detencións ainda que todas as persoas quedan ceibes axiña. Pola contra, pasado un día, empeza unha segunda ronda "e foron collendo cinco vítimas elexidas a dedo, sobre as que hoxe recai un proceso". Compre inculpar a uns cantos de agresión ás FOP, incitación, alteración da orde... despois virá a orquestación de argumentos, ben directamente da alcaldia, que non escatima veementes comunicados radiados chamando a asistir á pista, esta vez gratis, ben con cartas e comentários de prensa. Tampouco semella casual que nengun notário da comarca queira recoller as declaracións de dúzias de testemuñas populares sobre os sucesos do 14 para dar fe dos dados que anda a recoller a Comisión de Defensa dos direitos populares, integrada por familiares dos detidos, por representantes do BN-PG e doutras forzas políticas (MC, PCE (m-l), posteriormente o PSG). O domingo, 19, morre no Hospital Xeral de Galicia, en Santiago, Emilio Fernández.

A SOLIDARIDADE CD, UCD, PSOE, O "QUID"

Ha ser a partir do luns, e nisto coinciden todas as informacións recollidas por A NOSA TERRA, cando a campaña de intimidación se fai máis contundente: "para que a xente non fora ao enterro, desde Radio Aquilino repétese insistentemente un comunicado atribuibel a calqueira sigla de extrema-direita ben a xeito, que baixo o cambalache de ameazar de morte ao alcalde sementa o necesario clima de confusión que ha ser o caldo para lle dar publicidade a unha pretendida dimisión por motu proprio do Celestino Torres.

Así as cousas, e coa petición formal dun Pleno extraordinário para esclarecimento dos feitos por parte do BN-PG e o independente Arias Curto (o PSOE, despois de ser contactado repetidamente para secundar a petición non resposta si nen non e fai unha solicitude pola sua banda), a cidade de Monforte recóbrese de pintadas dirixidas con precisión a intimidar a Manuel Maria Fernandez Teixeiro, concellal do Bloque, a presentar o caso como se se tratase dun enfrentamento personal deste co sr. alcalde. Acontecimentos posteriores e especialmente o Pleno do dia 30 descubrirán unha manobra de "escurrir o bulto" no dicer popular. Pola prensa deses dias é doado seguir as posicións de UCD, CD e máis o PSOE que unhas veces a traves dos diputados provinciais e outras a través dos próprios concellais monfortinos "se solidarizan con la actuación del mismo (o alcalde) hasta el dia de la fecha (domingo 26 de agosto) por su corrección y total entrega a la actividad administrativa y al bien público en general". Non é doado, en troquees, saber o que teñen que dicer ao respeito os concellais que solicitaran o Pleno, porque cartas como a que estractamos agora non foron publicadas no seu dia polos meios de comunicación.

ESCAPAR DOS FEITOS E DAS RESPONSABRIDADES

"...nos últimos tempos e dada a nosa presèncía en Concellos, a consigna de vários partidos é a de "machacar" a esta coalición (BN-PG) porque molesta ao caciquismo e ao españolismo. Temos que deixar claro unha vez máis que esta é a trampa que hoxe botan sobryo público os antes aludidos (autores de cartas, notas, etc.) co fin de desprestixio, e ao mesmo tempo de escapar dos feitos e das responsabilidades directas que a cada un deles lles toca... non nos sorprende a solidaridade dos outros concellais co alcalde, solidaridade de última hora e que tentan darlle a volta a dimisión anunciada nun principio. Todo o mundo sabe que a actuación das FOP foi debida ás suas ordes por iso se lle esixe a sua dimisión e a dos que colaboraron... chegan mesmo a dicer que se remeten a "diligencias policiales sobre estos hechos" pois xa saben que así son eles os que van sair favorecidos frente aos cinco encausados sobre os que se quere cargar a pena... sorprende que certos diputados de Lugo dos mesmos partidos pidan ao Gobernador que se esclarezan os feitos ocurridos esquencendo ao pobo que ali estaba presente verdadeiro testemuña e, por outra parte se

co alcalde. Aquí esta

ción entre o poder (

PSOE) e o pobo gal

vitima..".

PSOE: PASARLLE A AO GOBERNADOR E AOS TRIBUNAIS

"El esclarecimient

incidentes del dia 15

Gobernador y en últi

los tribunales de Justi

las atribuciones de u

queremos dejar bien se

el señor Celestino Tor

siempre un hombre

no podemos dejar de

exceso de celo de las

Orden Público a la

actuar" falaba o po

PSOE na sesión do 30

e tan ben falou que

alcalde lle quedou

que dicer, segundo

palabras, cando lle toc

votar á Corporaci

Corporación que se

ciar non sobre a su

como pretendian os

do Bloque, nen

indemnización á fa

Emilio Fernández, n

esixéncia dun xuicio

responsabeis desta m

sobre a adesión ou no

e xestión do alcalde (!

A hilaridade espall

mo entre o sector d

máis fanatizado po

partidos consensuados



Pintadas deste corte teñen a man de Francisco Arias (fillo dun expolicia) e máis Vicente Blanco. Tampouco andan lonxe outros como Manel e José Antonio.



O pleno riuse de vez cando o alcalde puntualizou que se ia proceder á votación e que o Si era que a sua presidencia fora correcta agora e dende a toma de posesión.



ENSA NON DIXO

MO QUEN MATA..."






"O que está claro é unha manobra da dereita e do españolismo para desprestixiar ao Bloque, pero queremos chegar até o fondo" Manuel María).

clarexou Manuel María no decurso dunha concentración realizada á saída, "o pleno foi unha vergoña, aplicando unha lexislación reaccionária impedironnos astra o uso da palabra; quedábanos facer un escándalo para eles nos tachar de revoltosos", xuicio no que coincidiron os diversos oradores ademáis de facer unha chamada para non permitir que os cinco encausados sexan culpados de nada: "os responsabeis estiveron hoxe nun pleno facendo unha opereta que nada clarificou, opereta do PSOE defendendo a CD e UCD que cumprian o seu papel estando calados".

Mentres a investigación popular segue avante porque foron moitos os que viron e ouviron ao alcalde dirixirse ás FOP, moitos os que viron a éstas agredir ao morto, outros que saben que non houbo, pola contra, agresión ás FOP e que dentro da pista non cairon pedras antes da carga da policía. Pero desta investigación non se fixo, non se podia facer eco, a Corporación de Monforte.



Ramón explica como Emilio agarraba a cabeza mentras o toupaban.



TAN CRIMINAL E QUEN MATA COMA QUEN ACOBILLA

Que se aclare o crime. Porque non val o que di o forense, nen o Raíces –director de sanatório onde el traballaba e de onde o sacaron xa sen coñecimento–. Foi asesinado, tiña mourado todo o corpo. Din que unha enfermeira o viu chega polo seu pé, entón o que podo comprender é que mo asesinaron dentro! Cando llo dixen asi, o Raíces foi pola enfermeira: ¿non é verdade que entrou polo seu pé? Sí, sí, dixo ela. Pero no Hospital eu dinlle a volta ao meu fillo diante del: mire don Manuel como mo puxeron, "bueno, bueno, cálmese", pero ben o viu todo mazado. E tamén llo dixen á muller: o seu marido veu revirar a tortilla porque eu ben sei que o médico que me pediu os informes do meu fillo –idade, se era solteiro..– díxome ben claro que lle deran un golpe na cabeza e agora din que non... Mire se hai gato encerrado que ao tapalo pola mañá sen coñecimento en vez de avisarme daquela viñeron ás cinco da tarde e non me deixaron ver as sábanas onde estivera, e a roupiña que eu lle planchaba estaba toda revolta... e claro, tampouco queren pagar nada pola morte... e é que todos os ricachos se acobillan.. pero todos teñen que falar, o alcalde ten que dicer que culpa tivo niso; quen o levou ao sanatório, ¿foron os guardas? A enfermeira di que lle preguntou ¿Emilio qué pasa? e que lle dixo: nada, nada... e despois apareceu morto ¿vostede cre iso? Eu nada de nada. Estaba denegrido, mazadiño, decía mellor de morto que alí de vivo, o pescozo tíñao tronzado con agullas, respiración artificial, facíalle asi aos olliños e caíanlle outra vez, que se aclare o crime!

María, a nai de Emilio, é unha muller que non cala (dentro do relato).


M. LEDO




A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 74 * DO 21 AO 27 DE SETEMBRO DE 1979 * 30 PTAS.



A ILLA DE SAN SIMON CAMPO DE CONCENTRACION



COLMEIRO

Pintar fora o que viviu aquí




ESTADO CRISTO NO FORRIÑO

MANUEL COLMEIRO

Pintar fora o que viviu aquí

A sua conversa, entre o rigoroso e o coloquial, non deixa de traducir esa ternura tensa dun home que basea a sua vida na pintura e no vínculo persoal a lugares e amigos. No 47, desde Buenos Aires, colle o camiño de Paris onde desenvolve o seu facer. Galícia, "o que amo" e onde naceu, non é ainda o país sobre o que arrisque opinións non xa a nivel político ou social senón mesmo no eido cultural.



A emigración americana, aquela que empezou dicindo diante do que facía "este home deixanos moi mal, pinta unhas mulleres tan mal vestidas! e mira que aló tamén se viste..." e rematou por argallarlle unha homaxe que el rexeitou teimosamente, homaxe na que Castelao falou –"e ainda falei algo ben de ti hó"– mentres Colmeiro remesaba dende Montevideo un Telegrama escusando a sua ausência... e a amigración americana de Seoane, "o seu entusiasmo, adicación a Galícia...", de Varela, de todos, son referéncia constante e para este home que gosta de debullar opinions personalmente mais que publicamente.

Galeguiceime de rapaz, eu coido, porque estaba na Arxentina e toda a miña preocupación era Galícia. A miña idea era escreber, e escreber sobre o que disto recordaba, pero via unha dificultade: "hai que estudar tanta gramática", e dibuxaba, dibuxaba cousas que traguía miña mai, frotas, botellas, ¿e por que fas isto?, preguntoume un dia un profesor que viña cun pintor suizo, porque me gusta; ¿que pensas facer?, eu pensaba facer filosofía... despois veu o meu pai: olla, esta xente di que ti podes dar algo no dibuxo... Eu nunca crein nos prodixios, xa dende rapaz, a primeira exposición que fixen foi en Vigo no ano 28 e encontra da miña vontade. Non creo que un pintor se faga en poucos anos... Por exemplo Picasso tenme ensinado cousas que fixo na Coruña: efectivamente, para un rapaz de 14 anos non está mal, hai que continuar, pero ainda non é a pintura... Ben, funme enredando e metinme a estudar e así até hoxe.

No ano 26 deulle por voltar para San Fiz de Margaride, ao pé de Silleda, e dixo "isto e o que amo". Aprendeu a arar, andivo nas mallas... ainda agora, cando ven os seus tres–catro meses polo verán, as xentes coméntanlle "e vostede foi un aficionado, que era labrador ¿non si?, e vostede estudou algo, ¿ou?. Si, algo si"

Antes a guerra -espoñiamos polas aldeas, ia a Vilagarcia, por ai adiante. Non estaba en nengún partido político, era galeguista, unha cousa moi bonita. Daquela eramos os das esquerdas e os da dereita pero todos nos levábamos ben, o entusiasmo definiao todo. No movimento cultural participaban Seoane, Maside,... Castelao que como era diputado tiña que facer intervir a parte oficial. En Santiago iase a fecer un "Taller de Artes" non queriamos Académia, senón Taller; na Coruña un Conservatorio e xa se falara coas diputacións para que houbera 50 becas por ano; eu fora a Ourense para que Risco mirase o dos Estatutos. Despois veu a guerra. Leváronme para ser interrogado coa disculpa dunha multa que non pagara, saiu todo ben; eu non son o que se entende por un "valente" pero tampouco teño medo, enfriaseme a cabeza e neses momentos son outro home. Ben, non me sentía moi agosto e no 37, baixo o pretexto de expor en Lisboa, fun aló. E xa como todos, unha noite nun barco que ia para Arxentina...

Colmeiro ve un verdadeiro lio niso de definir se hai ou non pintura galega, ("a miña laboura basease no que vivin aquí; é mais, eu chamaba a xente do meu redor para le amosar os meus cadros; calvos gosta mais?, e comprobei que gostaba a exaltación da cor: "este parece que me gosta máis". E é algo que non me estraña, tamén os flamencos son grandes aficionados á cor e teñen un clima parello ao noso") e mesmo nos condicionamentos dunha sociedade sobre a expresión artística que nela se produce.

Hoxe fálase moito da psicoloxia da arte –despois hai tamén moita Literatura ao redor disto, xa se sabe, e ás veces até boa literatura–, e xa Malraux escrebeu un libro sobre o devandito antes da II Guerra. O que se di é que na obra dun vese todo, que un pintor fai a sua radiografía queira que non, vénselle os defeitos, vénselle as ambicións, vénselle os trucos, a aspiración que poida ter, queira el ou non. Véselle a sua opción social, si, tamén...Picasso,– é o que mais sal a relucir porque como é tan coñecido todos saben algo del–, un ve a obra de Picasso cando era un anarquista de veras, –non é que andivera metendo bombas por ai ¿eh?–, esas obras de Barcelona dos anos vintetantos é, craro, teñen unha grande ternura e unha grande simpatía polas clases humildes... é iso que chaman a época azul e rosa.. despois, na formación dun influi todo (estoulles moi agradecido aos franceses mesmo polo ben que me trataron. Un dia deixarei aquilo e vireime para a aldea; tardo ainda en o facer porque ún debe estar sempre agradecido a onde lle foi ben e nisto da pintura é tamén mirando aos máis, un mundo que ven desde as cavernas, que é unha necesidade ainda que non poida decer o por qué me metin por eso mundo, po exemplo meu pai non é que fose pintor ou asi e eu teño unha filla que é ceramista e cando me veu con iso de nova dixenlle que se deixase de contos, porque é que eu non son amigo de dar lecións e penso que a decisión debe ser cousa persoal. Lémbrome da miña mai chorando cando me viñera da Arxentina no 26 "que vai ser da tua vida" pero o caso é que sempre vivin da pintura, ben ou mal, ben, na verdade agora non me poido queixar pero sei tamén que moita xente de valor quedaou a metade de camiño. Algúns que se matan, outros que están a ponto de suicidarse porque non ven saída...

Decote a Comeiro se lle escoita matizar a diferéncia entre arte e pintura e mesmo entre as grandes obras, que ao millor non se atopan coa máquina que as divulgue a xeito, e a grande máquina que divulga obra e a populariza "Chagal, por exemplo, non coido que seña mais que un ulustrador extraordinário, cun grande sentido da cor e unha grade poesía, pero é que ademais ten outro talento que é o de ser un grande comerciante". Nos seus xustos térmios non seria capaz de expresar a diferéncia entre ambos os dous conceptos.

"En xeral os pintores espresámonos mal. Foi Paul Klee o que máis se achega no noso tempo a definilo porque a sua grande cultura lle axuda a simplificar... como Leonardo, e os seus Teoremas, que se os fas non serultan pero ¡que bonito é lelo, que mente mentres pensa sobre pintura, que ben esa frase coa que empeza a sua anatomía "eu non teño presa, sei condicionarme a unha situación pobre ¡e por moito tempo! ".

E nos seus xustos termos ouvimos que Miró é un grande decorador, por exemplo, ou que onde realmente se ve o grande artista que é Maside é nos grabados, diferenciado, iso si, que para unha sociedade determinada hai muitos faceres que son importantes.

A función dos debuxos de guerra de Castelao é extraordinaria –os de Picasso, o album que é unha burla de Franco, non fai ese efécto, e para Galícia o que conta del é a sua traxectoria e a sua actitude, o seu valor político e o seu sentimento popular, pero non se pode confundir eso coa pintura, neste país as confusións fan máis mal que ben sobre todo para a xente que se inicia. Debemos ter conciéncia do que temos e fuxir do elóxio barato. Outra cousa importante son os murais, no 36, o Casal que era alcalde de Santiago e que despois o mataron, facilitou que, por un xornal como o de calquer traballador, comenzásemos unha serie de proxectos na casa de Maside de cara a facer un mural que quedou en proxecto. Naquel tempo, en Catalunya Maciá tiña en perspectiva facer o Palacio dos Sindicatos no que ian tomar parte seis pintores, un deles era Picasso, e a min dixéranme que me encargase da cousa campesiña... tampouco se cumplio o desexo de Maciá. Na Arxentina por fin, entre cinco fixemos unha grande cúpula. Claro, os murais teñen que cadrar co arquitectura pero non son s unha decoración de bisto buenc ten unha relación coa vida d país, é un relato, e iso importantísimo.

E no devalar da sua convers duas cuestións de sempre, a fals contraposición entre vangardi mo e pintura tradicional "é unh continuidade como o é a cultur: o home é consecuéncia d millóns de anos, as rupturas so aparentes, por exemplo o Cubi mo o que é é unha volta ordenación do cadro, unh chamada a que se reflexione" e que se adoita chamar contrad ción entre arte e militancia "qu non hai, porque é unha cuestió persoal iso da militáncia".

M. LED

Foto: XURXO FERNANDE

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 77 * DO 12 AO 18 DE OUTUBRO DE 1979 * 30 PTAS.

O SELECTO ESTERMINIO DOS PRESOS

"A NOSA TERRA" NA CADEA DA CORUÑA




Foto: M. LEDO

DOMINGO MERINO,
ALCALDE DA AUTONOMIA

DE AFORA CHEGOU O CAOS
MERCADO DE GANDO EN SANTIAGO

O SELECTO ESTERMINIO DOS PRESOS

"Eramos 12 os que, en representación dos presos de todo o Estado español, nos presentamos para falar con Valdés. Valdés viña negociar a pacificación dos cárceres. Naquel entón tiñamos moita forza e no penal del El Dueso, unha hora antes deixaronnos reunir nunha cela para falarmos. Foi aí que eu propuxen o seu secuestro e aceptouse. Valdés viña facendo gala do seu pasado antifranquista, do seu procesamento na época de Carrero, ipediamos aos presos unha oportunidade! E en proba de que lle íamos dar esa oportunidade eu, Manuel Pérez Mahia dixenlle que nese momento estaba previsto o seu secuestro pero que non o fariamos, que teria unha marxe, que estudase os 55 pontos, que os preparase, que os concedese imediatamente, que estabamos até os bemois! e que se no prazo dun ano non concedía o que enton dixera que ia conceder que era posibel que lle desemos cana. El saltaba. Naquel momento apagaronse todas as luces de El Dueso. Púxose a suar, totalmente acollado..."

Carlos García Valdés, ex-director Xeral de Institucións Penitenciarias liberal e sutil, artífice da tan gabada Reforma, ao tempo que ia argallando unhas condicións carcerárias máis racionais nalguns aspectos que acalasen a má conciéncia na opinión pública e, sobre todo, "pacificasen" os movimentos reivindicativos nas prisións, ia tomando boa nota de quen eran os máis esforzados, os menos dispotos a conformarse e, sobre todo, quen eran os que levaban o peso organizativo do que se coñeceu coma COPEL. Despois viríalle o turno á represesión selectiva, pouco ruidosa, moi democrática; virialle o turno a habilitación de cadeas especiais, —celulares de Burgos, Puerto de Santa María,— onde isolar e encrequenar os que máis significaban na loita dos presos; virialle o turno a esa modernísima prisión de Herrea de La Mancha, onde fican os escollidos, máis coñecida coma "campo de estermínio" e cuxa destrución converteuse nunha reivindicación prioritaria para o movimento dos presos, xunto coa Amnistia: "destruir eses vinte minutos de saída o patio en todo un día, non poder receber absolutamente nada do exterior agás diñeiro, e sentir no pelexo como á persona se lle nega todo, por moito dixome-dixome que se meta nunha Reforma referente a que se ao preso se lle deben dar os meios necesários para que se reeduque, poda reinsertarse na sociedade.... porque ao entrares en Herrera de la Mancha danche xa a primeira malleira, igual ca no Puerto, e a partir daí todos son paus e nen podes deitarte ou mesmo sentarte na cama durante o día".

SILENCIO INSTITUCIONAL

No edificio decadente e grisallo que é a Prisión provincial da Coruña cambiouse a tea metálica recoberta de óxido por grosos cristais e as barras pintaronas de claro. Hai un chisco máis de luz e por detrás das cabinas, mentres os presos se comunican duas veces á semana con familiares, os chivatos pasean, disimulando pouco o seu labor de espionaxe, e de cando en vez parlotean co funcionario de turno. Ali está, e ali falamos, con Manuel Perez Mahia, de Ferrol, á espera de xuicio despois de 22 meses de prisión preventiva nos que percorreu as celulares de El Dueso, Burgos, Puerto de Santa María, enviou ducias de instáncias reclamando unhas veces a presénci a xudicial para dar fe dunha restra de denúncias ainda que "nunca contestaron, só un xuez de Burgos se dignou virme a ver e iso porque lle escrebin ao Gobernador e ao Ministro de Xusticia decíndolles que os facia responsabeis de todo o que pasase en diante; solicitando, outras veces, que se lle facilitasen as sabanas e almofada que lle corresponden (4 de maio do 79, ao administrador de El Puerto de Santa María) e topando cunha resposta negativa; facendo constar, nalgunhas máis, que os piquetes que lle envian familiares e amigos, con revistas e outras publicacións, ábrense fora da sua preséncia e que advirte a falta das editadas en galego "lengua do meu pais" (18 de decembre do 78, ao Xuzgado de Guarda de Burgos), ou mesmo que un xefe de servicio, con ar amenazante, negoulle o direito a poñer un telegrama a sua familia. E o pan e o sal de cada día.

1 MINUTO PARA A DEFENSA

O 2 deste mes, Pérez Mahia escrébelle ao Decano do Colexio de Abogados —o senador pola UCD Iglesias Corral— e ao Presidente da Audiéncia para informar, ao primeiro caso, das razóns que o levaron a impugnar a defensa do abogado de oficio correspondente, señor Varela Puga, por considerar a sua actuación carente de honostidade e celo profesional xa que se lle presentou un minuto antes da hora prevista para a celebración da vista e sen coñecer convenientemente o sumário, e para reclamar, no segundo, "a xusta e estrita aplicación da lei... a asisténcia de letrado en base a que o que isto expón ten no seu poder documentos que acreditan existe indefensión ao non seren atendidos, e mesmo silenciados, os seus requerimentos legais para facer uso dos medios de proba pertinentes para a defensa; á asistencia de letrado que en 22 meses non se estabeleceu nen con unha sinxela entrevista en prisión para, cando menos, informar ao acusado da acusación formulada na sua contra..."

E mentres agarda unha desas respostas que nunca chegan, A NOSA TERRA consigueu recoller directamente o que Mahia pensa sobre a refinada mecánica represiva que aturan os presos sociais.

"Agora non se falla da loita dos presos porque hai ordes expresas para que a nosa problemática non se patentice xa que eles son conscientes de que hai unha série de persoas dispostas a plantexar unha loita coerente. Por iso inventaron os réximes especiais no Puerto, Burgos e Ocaña antes da construción de Herrera. Pero pasou que a pesar de contar con Herrera —con capacidade para 270 presos—, seguen mantendo os celulares porque xa non son so os douscentos que crian senón que son setecentos e cada vez máis, como tamén é cada vez maior a intimidación: desde os funcionarios que lle sinalaban uns cantos ás FOP para que nos mallasen gratuitamente até a entrada destas nas celas, ameazándonos para rebaixar a nosa dignidade e ternos sometidos, están dezaseis requerimentos que, por exemplo, fixen eu reclamando a preséncia xudicial para denunciar apaleamentos, malos tratos, ameazas de morte, compañeiros con tuberculose que lle bailaron enriba do peito e está moita xente perturbada despois de tanto encerro —eu mesmo chego a falar so... porque nas celulares estamos 100 ou 110 personas que somente podemos ter contacto de 12 en 12 e para iso unha hora... e tampouco son mellores certas cadeas como a da Coruña, aqui teñenos aborregados e a cambio deixanlles falar desde as xanelas coas suas mulleres ou premian aos que lles facilitan un servicio como o deste chivato que lles informou dun "gutron" que andabamos facendo para sair por onde estaba antigamente a cámara do garrote vil ¿cal foi o premio? pois poder comunicar nunha habitación cunha rapaza que estaba dentro a exercia aqui a prostitución..."

Mahia, como outros moitos presos, escolleu arriscarse ao cambio de penal cada poucos meses, ao isolamento nunha celular a pelo, a que un bon dia chegue un xuez facéndolle a acusación de ter recibido cartos para a colocación de explosivos nunha discoteca de Ribeira, dicéndolle mesmo as datas nas que mantivera conversas cos que lle pagaban... Despois resultou que nesas datas Mahia estaba no penal de El Dueso, confirmado polo Director de Burgos co seu expediente na man...

M. LEDO



"podemos ser secuestrados mentres sigamos na actitude de facer valer os nosos dereitos"

Qué garanti

Trátase de dividirnos confundirnos. Somos 700 presos que seguimos a so os rigores da "ciéncia peni ciaria" que aplica o Valdés, adicado ultimame a receber homenaxes grupos parlamentarios nos queren facer tragar u reforma que non é tal e non se pudo levar a cabo ca construindo cárceres seguridade, habilitando o lares de exterminio e á c das nosas vidas.

Hai seis meses que trasladaron a esta pr desde o celular de Bu onde ficara outros nove réxime durísimo que guou a miña saude, asistir a un xuicio que n celebrou ao xurdiren de néncias co abogado sr José M. López Riobó; proceso pidennos se anos de condena, e dema bamoslle ao Letrado cuestión que recabase Tribunal a admisión probas que nós desexab aportar e que podian de trar a nosa inocéncia negóusenos, e ainda sabemos se foi por "co dade" ou por outras co reportándonos, xa que un maior grau de indefe que xa estaba acent dabondo por mor das cir tancias concorrentes no Cando solicitamos que s xulgase conforme á L

Cunha pila atravesa esófago, Roberto Velo da cadea da Coru hospital de Labaca. T medio transitor opoñén ser trasladado para B Con moitos anos repa en diversos carceres, antes do seu interna enviaba, xunto con Mahia, un telegram solidaridade aos abog compañeiros en loit Herrera de La Manc enviaba, tamén esta

"Non me consider individuo perigoso... O que son é un individu teño moi clara a postura, e esta non é ma unha: Loitar por uns d que me pertenecen. A das veces, tanto eu co meus compañeiros non máis remedio ca ch violencia até contra a propria vida".

"Levo días, meses e pensar nesta marxinac que nos teñen estas figu política... Se se p esgarabellar na sua vida fixo que nós mesm veriamos monstruoso... gan a unha minor sociedade, a máis marx a máis oprimida... A s de estáselle enganand cousas que se refe información de fraude cos e roubos.. Eu chegar á orixe da cue

...antigué xuicios?

...única resposta da Administración de Xusticia foi volvernos secustrar, indo o meu compañeiro L. Moscoso para Herrera de La Mancha, e eu ao celular e "Telón de Acero" de El Puerto de Santa María. Agora, e polo outro proceso, tranme a esta prisión, á que chego a mércores 26 para que me xulgasen venres 28 de setembro sen notificación previa nengunha, e o único meio de información de que dispoño (o Xefe de Servicios) comunicame informalmente que se me xulgará en 30 horas. O día fixado, venres 28, levoume a PN a Audiéncia Provincial, e un minuto antes da hora prevista para a celebración da vista, fixo acto de preséncia o letrado designado para defenderme, que non me vira a primeira vez en 2 anos de prisión, e que é evidente que descoñecia o sumário de todo; de non ser así, non lles teria dito á miña familia, ao lle afear a sua conduta profesional, que me fora ver á prisión habia 15 días, co. que, como digo, deixa claro un descoñecimento total do Sumario (habia 15 días estaba eu en El Puerto). A kafkiana situación que padecemos e o afondamento físico que por forza ensume ao preso despois de 600 días na cela de illamento, iso non é nada en comparanza co afondamento moral que produce ver un "abogado defensor" un letrado, un representante do Direito, dicéndolle ao reo que patrocina: "dentro dun minuto xúlgano a vostede; petición fiscal 36 anos, pero tranquilo." Nesta conxuntura, un profesional do Direito (o sr. Varela Puga, do Coléxio da Coruña), non me dá lugar nen a presentar as probas que poden demostrar a miña inocéncia, da que dependen 12 anos de condena, despreciando ou descoñecendo as máis elemantais normas de Etica Profesional, que o obrigan a estudar o Sumario, asesorarme, cambiar impresións comigo e presentar unha defensa xusta e axeitada, direito inviolabel que me asiste e que se me está a negar desde hai máis de dous anos.

Por todo isto e máis que pudese dicer, facemos un chamamento aos letrados para que se vixie e se faga respetar o cuprimento dos direitos que nos pertencen; negados sempre i en calquera circunstancia por Xuntas e Tribunais de Xustícia represivos, discriminatorios e abertamente fascistas.

Tamén, para rematar, desexamos facerlle saber á opinión pública, meios de comunicación e quen corresponda que os marxinados sociais que somos os presos reclamaremos, coa vida se comprira os direitos que nos recoñece a Constitución".

Manuel Pérez Mahia

...carta aberta ao Sr. Valdés

...atravesado denuncialo, e por iso me ...o Velo queren facer desaparecer da ...Coruña rua".

...paca. T... "Que pena que mil e unhas ...opoñén... veces se denuncien mil e un ...para B... casos de abuso de autoridade ...os repa... e se poñan mil pegas para que ...rceres, non chegue onde tiña que ...internar... chegar... e cando chega, que o ...con xuicio sexa interminabel... E ...elegrama... non é nada polo ar, son casos ...abogad... concretos de abusos de ...n loita... autoridade e mesmo de falta ...Manch... de asisténcia médica".

...sta

...onsider... "Os direitos humanos a ...so... O... vostedes interesanlles moi ...ndividu... pouco, señores. Que a fins do ...ra a... 79 existan prisións coma ...on é ma... Burgos, Ocaña, Herrera, El ...r uns d... Puerto, Soria ou Zamora, ...cen. As... coido que xa o di todo...".

...o eu co... "Sr. García Valdés, cando ...os non... na Cámara os representantes ...ca che... se ergueron para aplaudirlle ...ontra a... a vostede, de seguro que a sua conciencia non podia ficar tranquila, pois vostede sabe ...neses e... que de direitos humanos, ...arxinac... nada de nada... Hai unha ...stas figu... vantaxe hoxe na cadea verbo ...se p... do franquismo: a preséncia ...ua vida... unha prensa libre, e sobre ...mesm... todo, os homes... a preséncia ...ruoso... dun ramallo de persoas ...minor... dispotas a deixaren a derra- ...iis marx... eira pinga do seu sangue ...a... A so... para loitar polos seus direi- ...nganand... tos...".

...e refe... "¿Por qué existen sitios ...fraude... coma a Celular de Burgos ...Eu... prisións como Ocaña, El ...da cue... Puerto, ou a tan nefasta de Herrera de La Mancha, onde desde o comezo se ten intentado impor a táctica do horror? ... Velaqui a principal reivindicación que lle eu plantexo, sr. VAldés, o comportamento de vostedes cunha xente que é a única honrada do mundo dos cárceres... Firmo isto so, sr. Valdés, a pesar de saber que hai moitos compoñeiros e compañeiras que aceptarian firmalo canda min. Velaqui o noso grande triunfo e vostede sabeo, sr. Valdés..."

"Burgos é un sitio onde están os verdadeiros loitadores das prisións, e tamén en Ocaña, El Puerto e en maior escala en Herrera. Quérennos facer ver que este é o noso sitio, e que o vai ser en veces sucesivas. E se isto non é terror, que veña Deus e o vexa..."

"Pero dá a casualidade que saben que o teñen moi mal... Nós non estamos dispostos a tomar máis camiño que o que nos corresponde, a pesar de sabermos que non temos nengunha vantaxe, e si todos os inconvenientes... Vostede sabe que é certo, sr. Valdés, que é mentira que a COPEL sexa algo de agora, levamos moito sofrido, e isto fainos cada vez máis fortes e sabemos que o triunfo e noso... Ese é o seu grande fracaso, sr. Valdés, e vostede sábeo..."



Fotos: M. LEDO


"Somos victimas dunha lexislación anacrónica pero a prometida reforma penal non dá chegado"



A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 78 * DO 19 AO 25 DE OUTUBRO DE 1979 * 30 PTAS.



Pechados de Xove

ALUMINA E O ALCALDE: UN COME DO OUTRO

Pedro Luaces

"EUROPA, ULTIMO REDUCTO DO COLONIALISMO"

Cortegada

¿REGALO DO REI?

Ilustración: ALFONSO SUCASAS

Secretario Xeral do partido comunista patriotico UPG,
abogado, funcionario da Diputación de Lugo

PEDRO LUACES

"Europa, último reducto do colonialismo"



FOTO.- XURXO FERNANDEZ

Orixinariamente dunha fam.lia da pequena burguesia de estracción rural, formado nos núcleos xesuíticos (primeiro Vigo, onde ian tamén os fillos da burguesia intermediaria, despois Deusto, onde se preparaba a "élite" do Estado) ¿cómo foi a tua evolución ideolóxica?

A pertenza a un sector social ambíguo en si —meu pai, por exmeplo, falaba sempre galego de cara ao exterior, comigo non non foi determinante, pero foino a dinámica da miña formación, cun feito importante: Deusto estaba en Euskadi e o choque con esa realidade impresionoume persoalmente de cara a recuperar unha Pátria, que tiña latente pola mesma autocolonización. Compre ter en conta que eran os anos sesenta e a conciéncia nacionalista no País Vasco estaba en áuxe, até o ponto que no 69 foi xa o proceso de Burgos. Ben, imediatamente, ao atopar a própria identidade patriótica, vinme para acó, feito que se acompañou do meu desalleamento respeito á ideoloxia imperante e do avance cara o coñecimento do marxismo. E cando empezo a ler os primeiros libros dos clásicos. Chego a Santiago no 69, ao ano seguinte participo activamente no alviscar do movimento estudiantil que supuxo a folga do 68. No 70 fun á mili, que influiu decisivamente en ver a situación colonial por entrar máis en contacto cos sectores populares que ali estaban. O 10 de marzo, o mesmo día en que mataron a dous traballadores en Ferrol, licencieime.

Xa estabas na UPG?

No fin dos anos sesenta en Santiago o abano político ia desde os partidos estatais que empezaban a galeguizarse nominalmente (PCG) a núcleos estudiantis do PSI, que controlaba Tierno Galván, ou organizacións estudiantis de tipo sindical como ADE e dábase nos individuos certo sentimento galeguista, federalista, un pouco recuperado a tradición de antano, que nalgun caso se canalizaba ao través da rede que controlaba Piñeiro (PSG), habia un núcleo social cristián que daria o PGSD, e estaba a propia UPG tentando dar unha resposta a esta realidade partindo do próprio país e a través de plantexamentos marxistas, con certo desnorteamento, febleza, escasa introdución social pero xa coa idea de terse que enfrentar ao españolismo de esquerda —naquel entón o PC— e a alternativa social que tiñan para acó. Asi, dentro de toda esta dinámica, vou entrar na UPG no 71.

Entón ainda non apareceran as teses sobre a colonización do noso país.

Non, empezouse a falar un pouco antes de que aparecese o "Atraso Económico de Galicia", e a proba é que nos "Dez Puntos", de contido anti-imperialista, non hai unha definición anticolonial. Despois a primeira batalla co españolismo ha ser ideolóxica, ao implicar as posicións anticoloniais a defensa da auto-organización, aparecendo aquela polémica, ao redor das teses leninistas, de se partido estatal ou partido nacional, se se divide ou non se divide a clase obreira...

O caso foi que, paralelamente ao medre das agresións, agresións da man da conslidación da burguesia monopolista no Estado, por necesidades obxectivas e máis por plantexamentos subxectivos —funcionan as leis históricas pero tamén hai individuos decisivos en determinados momentos— a situación colonial obriga a que naza o MNPG e na sua decantación a clarificación ten incidencia a acción deliberada, organizada do partido. Nunha situación sen burguesia nacional, cunha pequena burguesia autocolonizada, o MNPG parte dun sector consecuente de individuos desta pequena burguesia que enlazan mesmo co que era o galeguismo histórico pero coa asunción da ideoloxia do proletariado e conscientes da sobre explotación das outras clases populares e do deterioro progresivo do país.

Como definirias o independentismo real en Galícia?

E o nacionalismo popular, é a loita por conseguir o control dos recursos e dos destinos do país, controlar económica e politicamente o país, conseguir a soberania do país. Isto e o que representa a independéncia para o noso movimento social organizado, o MNPG, coa UPG ao frente, partido motor que, además, o foi historicamente, non é so un titulo que se atribua, independencia traducida nun programa moi concreto: o proxecto das Bases Constitucionais que, xunto coa ANPG, defendemos.

De cara as futuras batallas políticas as Bases será o que se siga a enfrentar o Estatuto?

As Bases é a concreción realista, tendo en conta a situación do país, o que é o Estado, a situación na que nos atopamos, dentro do núcleo imperialista da Europa Occidental que condicionan o plantexamentos programático dun movimento de liberación como e o noso. E sempre se contrapuxo ao Estatuto e será a bandeira política frente á reforma aplicada a Galicia: foi o que enfrentamos nas eleccións, o Dia Da pátria, nas movilizacións sociais. As Bases téñense contraposto sempre aos proxecto do Poder que teñen a sua concreción política no proceso autonomista. No futuro tamén a loita contra o Estatuto vai ser a loita polas Bases e neste sentido a nosa posición ten que ser un NON no próximo referendum.

A UPG falou sempre da lexitimación da autonomia pola esquerda española pero ¿qué pasa coas formacións de orixe galega?

A UPG ten definido que a contradición antagónica no país e clases populares —imperialismo e que o seu reflexo ideolóxico é a de nacionalismo— españolismo, contrastada na práctica diaria. O que se vai artellar é unha manobra para eliminar o descrédito en qué o próprio nacionalismo puxo as opcións do españolismo de esquerdas, dándolle un ar galego porque, se é verdade que hai un sector clarificado, con econciéncia nacional —e o MNPG é proba disto— hai outro sector, cada vez máis numeroso, que, ainda de forma confusa, ao mellor non ben orientada, vai asumindo máis a própria indentidade nacional. Entón a manobra vai destinada a canalizar este sector ao tempo que neutralizaria o proceso real de toma de conciéncia, proceso que inevitabelmente vai acompañado dunha posición anticolonial. A fórmula concrétase no pseudonacionalismo que ainda sendo formalmente galego politicamente serve sempre ao poder e que empezara a xogar, e non só a nivel eleitoral como demostrou a manifestación paralela do Dia da Pátria. A este respeito é curioso como se utiliza distintamente ao pseudonacionalismo e ao españolismo de esquerda tradicional, o caso é enganar ao pobo con falsas vias —pretendida oposición— de "autonomia progresista, autonomia trampolin para a autodeterminación"... A postura do Bloque é totalmente contraria: pártese da analise de colonización de Galícia e que a única maneira de superala é rachando esta dependéncia, que quer dicer rachar o Estado unitário, que quer dicer recuperar a soberania sobre os recursos... a Autonomia, concesión do poder, do poder da oligarquia, está avalado por eles, por máis nacionalistas e marxistas que se presenten, como está avalada a entrada no MCE, iso si, cunha pirveta ideolóxica: esixir a hipotética representación dun galego! E curioso ver como formalmente se definen galegos pero non defenden, nen formalmente, a auto-organización e forman fila no sector do españolismo.

Pero arróganse o calificativo de realistas.

Iso non é realismo, é posibilismo dentro da mesma filosofia do sistema (estado unitario, economia de mercado, estruturación no mundo imperialista) que é a Constitución: sí, en branco, abstención... que na práctica avalaron. Non é realismo, é posibilismo e arrivismo. Realismo é situarse frente aos problemas reais do país e na perspectiva de rachar co colonialismo: Goberno galego, proceso constituinte galego, e a partir daí poder artellar relacións iguais cos outros pobos do Estado. Esta é a saida realista de Galicia dentro do esquema do anti-imperialismo, como é real a verificación destes feitos: existe o MNPG, existe o sindicalismo nacionalista, fenomeno case único nas nacións oprimidas de Europa Occidental, existe o frente patriotico organizado e en avance...

Se o pseudonacionalismo ten aqui utilidade para o poder ¿qué utilidade ten promover un "nacionalismo" dentro da casa, caso PSA?

Se o Poder fai o cerco a nivel particular a nivel global non ten mellor manobra que rexionalizar o Estado e ás veces hai que facelo potenciando movimentos que creen confusión, enfrentamento mesmo e descrédito ás loitas de liberación. O caso PSA é exemplificador.

Tamén o Estado vaise adaptar mellor ao sistema imperialista, económica e militarmente, polo contrario ¿cal é a situación da loita anti-imperialista no mundo?

O imperialismo xa xoga á defensiva, reagrupase, e non é casual o acceso ao poder, en todo un período de tempo, de partidos conservadores de cara a estruturar gobernos, fortes: España, Francia, República Federal... Reino Unido, Canadá... temos, ao carón mesmo, as eleccións de Turquia, un país onte da OTAN. Pero tamén é asi porque os movimentos de liberación téñenlle dado golpes en Asia, Africa mesmo en América —caso Nicaragua— onde o imperialismo anda a utilizar novas formas: o golpe do Salvador pode ser proba de como se adianta a que poida repetrise o caso Nicaraguense (no Salvador o Bloque Revolucionario estaba a ponto de dar un paso cualitativamente importante), ou, mirando para Africa, a sustitución de titeres ancorados por solucións socialdemócratas (seguir o exemplo do Senegal ou Tanzania para enfrentar mellor o proceso de liberación). De cara a Asia vai darse, tamén o aproximamento a China e a sua política antisoviética.

O movimento anti-imperialista pode darse a marxe do bloque de países socialistas?

Coido que sen a realidade do que é o bloque socialista seria imposibel porque na práctica é un respaldo, un apoio para consolidarse. A própria existéncia dos países socialistas e a sua contradición co bloque imperialista, obrígalle a este a unha actuación diferente. E os triunfos anti-imperialistas reforzan, tamén, ao socialismo. Compre ter plena conciéncia deste feito sobre todo en situacións como as nosas, dentro da própria área imperialista, tanto máis canto os partidos comunistas tradicionais

(Pasa a páxina siguiente)

OS COMUNISTAS GALEGOS DE CONGRESO

(Ven da páxina anterior)

foron reabsorvidos ideolóxicamente polo próprio imperialismo, como o foi no seu dia a socialdemocracia, e asi se explica o fenomeno eurocomunista.

O movimento comunista internacional ten que valorar axeitadamente cal é o papel que hoxe cumpren as loitas de liberación na Europa —a pesar de ser en recentes—; que non é o mesmo que a situación dos anos trinta; que os que lle van dar batalla politica ao imperialismo (o eurocomunismo non lla vai dar) son tamén apoio ao bloque socialista e apoio ao movimento non alineado, que é moi importante. O que pasa na Europa Occidental e o último proceso da descolonización e de toma de conciéncia das nacións oprimidas.

Acaba de celebrarse o II Congreso...

Modéstia aparte, penso que o caso galego é un dos casoa máis claros, dentro deste esquema das nacións oprimidas, en canto ao proceso de liberación e en canto á consolidación do nacionalismo popular tanto política como organizativa.

O II Congreso ten a finalidade fundamental de concretar a liña política e ideolóxica do Partido ao momento que vivemos e as ponencias ian dirixidas neste sentido: actuación partidaria na democracia burguesa co seu marco autonómico, o papel do frente patriótico e o seu programa que o partido asume como estratéxico, atén da loita ideolóxica e a práctica social. A segunda ponéncia vai ser organizativa, para adecuar a nosa estrutura a este momento e, por último, a toma de posición a nivel internacional. E nos seus resultados, quedou clara a nosa homoxeneidade e coesión, asi como a participación de toda a militáncia —primeiro remesando enmendas despois nas comisións— e o espirito crítico acadado. Non é triunfalismo asegurarmos que o resultado foi axuntadamente feliz.

Foi o primeiro congreso na legalidade ¿como se amosa agora a democrácia, no seu aspecto represivo?

A represión democrática para nós non é nova e abonda lembrar o 25 de xulio e as trabas que tentaron poñernos institucionalmente, e a nivel social a través dos partidos españois e do pseudogaleguismo. Tamén para o Congreso houbo intimidacións que os partidos pra-constitucionais non sofren. A discriminación existe e foi por exemplo esixir os nomes das persoas que ian intervir oralmente no Congreso, de que non particpasen como tales partidos doutras nacións do Estado que estan sen legalizar pero que teñen un funcionamento legal nos seus respeitivos países (pretendian que aqui non aparecesen publicamente) etc. E é que eles, a batalla de illarnos socialmente teñena perdida e xogan todas as suas armas: cerco de siléncio e confusionismo en determinados momentos, intimidacións noutros...

M. LEDO




"O noso partido ten que seguir a ser a columna vertebral da loita anti—colonial do noso pobo", decía o informe do Comité Central da U.P.G. presentado na sesión de apertura, o vernes 12 de octubro. Nos dias a seguir houbo o debate e aprobación das diferentes ponencias que concretaron a política que levarán adiante os comunistas patrióticos. Os congresistas, despois da sesión de clausura do domingo, tiveron tempo para facerlle unha ofrenda floral aos "Precursores" na estatua de Curros Enriquez, ofrenda que propuxera nun dos plenos o escritor e poeta Manuel Maria.












Fotos: XURXO FERNANDEZ

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 79 * DO 26 DE OUTUBRO AO 1 DE NOVEMBRO DE 1979 * 30 PTAS.



ABORTAR: REPRESION VERSUS LEGALIZACION

PAXINA 5

OLLO! A TRILATERAL

PAXINAS 10 e 11

BUYO:

Pararlle os goler a España

PAXINA 15

VANESSA

"Ano internacional do neno? brrr..."

PAXINA 7



Vanessa Ramudo Rego vai para os seis anos. O primeiro da sua vida pasouno no Cruceiro, ao pé de Xove (Lugo), despois xa veu a guarderia e o pre-escolar nunha Académica das Pontes e agora vive en Santiago e fai primeiro de EXB nun coléxio relixioso porque non é doado atopar outra cousa. Vanessa cámbia de conversa cando non ten interese en comunicar algo —por exemplo, por qué duas persoas deixan de viver xuntas, como o caso dos seus país— e mesmo cando intuitivamente entende as cousas pero ainda lle faltan instrumentos para explicalos, "a bandeira de España non me gusta nada". A sua sensibilidade é grande, tamén o seu realismo ¿que tal che foi? , perguntáballe decote á sua mai mentres buscaba traballo. Mal. E Vanessa tamén o pasaba moi mal.

VANESSA

"¿Ano Internacional do neno?... brrr..."





¿Vas moitas veces á Misa?

Eu.... asi regular... boeno a veces...

¿E sabes o que é o Catecismo?

O catecismo inda non o teño. E un libro que por dentro dice a avemaria e todas esas cousas de rezar e de dios.

¿E sabes de onde veñen os nenos?

¿Cando veñen? , da escola.

Non, onde estabas ti cando naceches.

Ah! ! ! da barriga da miña nai... é que dame vergoña... (contocho baixiño): mira, sain pola cuca da mamá e o medico puxo un aparato. Entón nacin.

Foches algunha vez a unha manifestación ¿como é?

Si, moitas veces, e é ir andando até un sitio lonxe e decir moi alto as cousas.

E a nosa bandeira sabes cal é?

A bandeira branca cunha anxa azul e unha estrela... despois está a bandeira de Fraga cunha raia azul.

¿Falas sempre en galego, Vanesa?

A veces, a veces... pero falo mais galego que español

¿E na escola?

A veces, na escola sempre falamos español... Un dia pois falamos en galego, dixemos os dias da semana

Ah! ¿ensináronvos a dicer en galego os dias da semana?

Ca! eu xa os sabia de memoria pero as outras nenas non sabian nen o luns, nen martes, nen mercoles, nen sábado. Nada!

Ouviches falar do "ano internacional do neno" ¿sabes o que é?

Brrr...

¿Non? e sabes o que é unha noticia.

Si sei, o telediario

Pero na escola non che contaron nada do "ano internacional do neno"

Non

Olla, falame do que fas na escola ¿como te levas cos compañeiros?

Oh! as veces ben, as veces mal... hoxe estudei... non me acordo ben... de principio o calculo, e despois un xogo pero eu non suguei... e cos compañeiros ben.

¿E con quen mellor, cos nenos ou coas nenas?

¿A ti que che parece?

A min nada

Levome millor con Ana, cos nenos tamén me levo ben pero non van nenos á escola, namais é de nenas porque ai levan todos faldas, é un uniforme

¿E por qué non van nenos?

Pois porque non é colexio de nenos que so é de nenas

Nas Pontes, en cambio, ¿ian nenos e nenas?

Si

E cal che gostaba máis ¿nas Pontes ou aqui?

Nas Pontes porque "este es un colegio de monjas, todo vestido de monja"

¿E a ti gustabache máis cando che daban clase rapazas?

Claro

¿E foches á guarderia?

Eu si

¿Que facias aló?

Moitas cousas... era moi revoltosa, horne claro, era pequeniña estudaba pouquisimo, unha letra, xa paraba; outra letra, xa paraba. Xogaba coa mesa eran redondas e as sillas pequeniñas eu sentabame ali ¿non sabes? enton unha tiraba a mesa para un lado e eu para o outro... ¿esto para que é?

Pois o que nos decimos vaino collendo aqui para logo escreber porque senón non me acordo de todo o que dixeches ti, pero contame algo máis da guarderia.

Tiñamos columpios, acolumpiabamonos...

Outra cousa, coa xente maior ¿que tal te levas?

Ben

¿Con todos?

Si

¿E pásalo ben con eles?

Si

¿Deixanche falar?

Si

E cando estas na casa e por exemplo queres debuxar ou facer calquer cousa ¿déixanche tamén?

Uiiii! non sera para tanto...

¿E xogar?

Xogar deixanme a veces; cando me teño que deitar non porque xa me levantan ás oito da mañá.

¿E antes de facer unha cousa pergúntache algo, ao millor antes de encender a televisión?

Que vá! eu digolle a eles pero se non queren tres e eu quero... a maioria, se non queren tres... pois entonces non a poido encender

¿E réñenche moito?

A veces, cando son mala.

¿Pero reñenche cando fas algunha trastada ou a veces sen que saibas ti por qué?





Ah, porque son mala e porque fago trastos.

¿Si? Agora cóntame enton a que xogas; por exemplo cando estás na casa

Coas acuarelas ou coa Nanci ou senon cun moneco que está todo de blanco e leva aqui un laciño ro... digo azul, se chama... e tamén cun couso ue se chama Mocosete.

¿E ves moito a televisión, góstache?

A veces. Gostame moitisimo.

¿Qué é o que máis che gosta?

Tarzán e os dibuxos animados e os "Angeles de Charlie".

E cando saen os pallasos góstanche.

Si... tamen.... ai! "La casa de la Pradera"

¿E ti tes moitos libros na casa, que non señan os do coléxio?

Si... de Manuel Maria.

¿Cal?

O conto de Manuel Maria... e tamén "la ratita presumida", que xa ven en español, e tamén... en galego tres ou catro.

¿E sabes cal é o teu país?

Non.

Pero ¿non sabes nada? ¿Galícia que é?

O país noso.

Enton se é o noso é o teu ¿na escola que che contan de Galícia?

Nada.

Pero nada, nada ¿seguro?

Seguro.

E ti que sabes de Galícia.

Non sei nada, ¿que que fala a xente? galego... a min a luz non me fai daño nos ollos.

¿Con quen vivias nas Pontes?

Jo, coa mamá.

E por qué viñeches para Santiago.

Nen idea.

¿Nen idea? , e onde che gustaba máis estar aqui ou aló?

Aló.

Entón por qué non lle dis á mamá que vaia para aló.

Porque ten que traballar, vaia...

Antes tamén vivias só con ela?

Si. Cando tiña tres anos con ela e con papa "que agora está en Córdoba, en Córdoba hace un calor a trescientos gramos, con el bikine aun sudas".

E por qué está ali teu pai, para traballar?

Claro.

E con vive aló.

Con la novia... pero non é mamá a novia xa...

ANA CASTELAO
MARGARITA LEDO

FOTOS: XURXO FERNANDEZ

REGALO MORTAL



Andrés terma do cabaliño de cartón na compaña de seus primos.



FOTOS: F. BELLAS

"Sempre arrodeado de cativos, sempre a xogar...".

O día 18 do mes de outono do ano 1969 un mariñeiro é desembarcado no porto de Cedeira. Estaba morto. A causa fora o desangue producido por unha coitela que lle ferira a perna cando estaba a traballar nó seu barco. Agardaban a sua muller e os seus tres fillos, un deles de dous anos.

Pasado certo tempo e xa que o subsídio non era suficiente para manter a casa, a nai comeza a traballar polas tardes nunha doceria. O pequeno, Andrés, queda ao cuidado dos outros dous irmáns xa maiores. A sua vida desenrólase xunto cos outros viciños dun bairro de Cedeira coñecido polo nome de "Crónicas".

Cando tiña catro anos e coincidindo coa sua entrada na escola, a irmá maior casa. Os amigos do noivo fanlle como regalo simbólico unha forca, por aquilo de "home casado, home aforcado". A partir desa data, Andrés vai ocupar o cuarto que deixara valeiro a sua irmá. Nunha esquina queda arrinconada a forca.

Na escola, Andrés desenrola unha actividade completamente normal. Participa en todos os xogos, en odos os concursos. No equipo de fútbol goza de admiración e estima do resto dos seus compañeiros. A pesar de que permanece máis tempo nas ruas do seu bairro que estudando, as notas, ao remate do curso son boas. Os fillos das outras famílias son os seus amigos habituais. A bicicleta, os trens... son o seu entretenimento. Mentres, espera a volta da sua nai do traballo. E para ela unha espécie de compañeiro, dado que o outro irmán que ficara na casa traballa como fontaneiro todo o dia. Ao atardecer, nai e fillo suben xuntos para casa. As conversas, e confianza mútua entre eles é unha constante na vida dos dous.

Ao comezar o presente curso, Andrés é trasladado ao outro grupo escolar da vila, o centro "Nicolás del Rio". Segue sendo un rapaz desperto, inquieto e moi preocupado por todo o que acontece ao seu arredor. Era o primeiro en dar as respostas ás perguntas que os seus profesores lles formulaban e apontábase sempre a todo aquilo que supuxese iniciativa própria e atención por todo o que levaba a cabo.

O dia 18 deste mes parecia ser outro dia máis claquera. Andrés levántase pra ir á escola. A hora de comer volta para a sua casa. Pola tarde, nótase, móstrase máis inquieto do normal nel. O timbre que soa nas aulas é o sinal do remate das clases. Andrés percorre o mesmo camiño de sempre. Na sua casa estao agardando a sua nai para que a acompañe xa que é o décimo cabodano da morte do seu pai. Sobe ao seu cuarto a cambiarse de roupa. A voz da sua nai insistindo en que baixe rapidamente deixa ouvirse por toda a casa. E dado que non recebe unha resposta de Andrés sube onde él. Nun pé un calcetín, o outro desnudo, unha silla e aquela forca regalo de boda da sua irmá arredor do seu pescozo. Tiña doce anos.

OS NENOS

NENOS: "PROTECCION" E MAIS RESPEITO

Lévase falado moito de sempre, e en concreto neste Ano Internacional do Neno, da importáncia dos cativos, dos seus direitos e necesidades, ainda que as máis das veces se mire a cousa desde perspectivas moralizantes e paternalistas. Neste traballo imos entender como "neneza" a etapa psicolóxica que abrangue neneza e pre-adolescéncia, ou sexa, desde o nacimento aos quince anos.

IDENTICOS DIREITOS, DIFERENTES NECESIDADES

Non son un grupo de presión na sociedade, dependen para todo da família e ainda non teñen orientada a sua vida profesional. Hoxe, polo menos teóricamente, téndese a protexer e atender ao neno con maior responsabilidade e adicación que de vello, podia quizais que polos descubrimentos e estudos feitos pola psicoloxia como ciéncia e pola puericultura arredor da nenez coma unha etapa do desenrolo psicolóxico do home distinta da adulta. Que ainda que a "invención" da neneza date do século XVIII, con Jean-Jacques Rousseau, non foi deica este século ue se recoñeceu que os nenos son indivíduos con iguais direitos e distintas necesidades, mais, polo contrario, non se fai unha análise da esixéncia social e psicolóxica desta etapa do desenrolo. Isto conleva que, social e politicamente, non se planifique a atención debida ao neno, non se regulen os direitos do adulto de cara a el. Polo que, baixo destas premisas, falar dos seus direitos resulta unha falacia.

Do que se poderia falar sen do trato discriminatório que se lles dá asgundo a sua clase e condición social en todos os campos (educativo, xogos, lecer, servícios médicos, alimentación, hixiene, comodidades elementais, etc.); pois se non está creada unha mínima infraestrutura na sociedade, non se poden satisfacer este direitos e necesidades.

A AUTOFRUSTRACION

Todo isto leva, además, a marxinación a que se ve submetido o neno e a menez, por non ter un posto nen un papel que comprire na nosa sociedade, agudizado máis ainda falándomos dunha sociedade, como a galega, colonial. A comunidade nen reflexiona nen quer reflexionar sobre o lugar que aquél ocupa na mesma. Por outra banda, característica da vida nas sociedades capitalistas, industrializadas e en vías de industrialización, e máis aínda, en sociedades colonizadas, etc., levan a grande número de alteracións da condta e trastornos psicolóxicos das persoas adultos, que as máis das veces descargan nos nenos as suas preocupacións; e dadas as características do pensamento ou lóxica infantil, tan ben descritas por Piaget, crean nos nenos un mundo atafegamte, ameazador, sen esperanzas de futuro e enemigo pola falta de persoas queridas, e no que a única saída liberadora é, nesta fase da menez, a destrución e o desexo da própria morte.

Mostra clara disto é o número crecente de nenos maltratados, non xa psicolóxica, senón xa físicamente, consecuéncia esta que na nosa sociedade vanse dando moito máis a miúdo do que se deberia dar.

A ATENCION AO NENO, PARA CANDO?

A falta de adaptación do neno á realidade política e social, nótase na planificación que da sua vida mesma se fai. ¿Cómo son as suas diversións? . Programámolos empregando os meios de comunicación social (prensa, rádio, TV), e esquecemos os xogos, evitando que o neno nos estorbe, ciutándolle liberdade e oferecéndolle uns modelos a imitar irreais e perigosos. E senón, lembremos os accidentes tráxicos acontecidos ao imitar a Supermán ou calquer outro modelo agresivo.

Pero é que o neno está ao servício noso e da sociedade. Tempo é xa que se leve a cabo o cumprimento dos seus direitos e necesidades infantis.

CARMEN FERNANDEZ GARCIA

FAGA UN PEQUENO ANUNCIO NUN SEMANARIO AMIGO

A NOSA TERRA

ESPERAMOLO EN



Auto Escuela ALONSO

Marcelo Macías, 14-baixo
(Frente a Telefónica)
OURENSE

af PRA MOBLAXE CONSULTENOS!

ALMACENS FERNANDEZ
REZA, 15 – OURENSE
CALIDADE AO MERCAR, COMODIDADE AO PAGAR

TALLERES NOS



MECANICA DO AUTOMOVIL
MOLINO. 47 / VERDUN
BARCELONA

X Xeito

PONTEVEDRA
SOPORTAIS DA FERRERIA, 4



RESTAURANTE VERACRUZ


ESPECIALIDADE EN MARISCOS DA RIA, COCIÑA GALEGA E OS MILLORES VIÑOS DO PAIS... (E ESTO DOS VIÑOS SI QUE NON E CONTO...)

Julio Rodríguez Soto, 24
Telf.: 271251 – CARBALLIÑO

NACIONAL

Galicia non ten por que pagar "a crise"

Por ANTONIO EIRIÑA



As cousas van mal e case se pode dicer que non poden ir a pior. A xente quéixase da suba dos précios, da falta de seriedade da oposición tradicional e do mal goberno do partido gubernamental. Existe desconfianza e excepticismo, reforzado pola própria evolución política experimentada a partir da morte do Ditador, case coas botas postas. Desde aquela a opinión pública foi seguindo a actitude da chamada oposición democrática frente aos grupos da clase dominante que encetaron o proceso de reforma política. ¿Cal é a reforma? , pergúntanse moitos a estas alturas. Imos a pior e nada trocou. O goberno mantivo agachados os auténticos problemas, segue a facelo ainda, e a oposición cala e outorga, fai pactos e consensos, apréstase a asentir a todo o proceso de reforma que leva a termo a clase dominante, os grupos de presión monopolistas e o grande capital occidental que entra a saco no Estado e fai e desfai. ¿Cal é a política económica do Goberno? ¿A onde iremos parar?

O Goberno bota man da "crise internacional" para xustificar as suas últimas medidas de goberno encamiñadas a maiores restricións e represións en todos os eidos da vida cidadá. Máis hai crises e crises e mesmo se a crise internacional pode repercutir en determinadas economías, mesmo na do Estado capitalista español actual non é menos certo que non ten porque repercutir en determinadas áreas poboacionais nen en determinadas economias que teñen recursos de seu para se defender desa crise. Este é o caso de Galícia. Galícia non ten porque pagar nengunha crise, nen ser solidária de perdas de outros que todo llo rouban —recursos naturais, matérias primas, recursos financeiros, man de obra, etc.— Galícia ten que se quen de enfrentarse coa política do goberno e esixir unha maior seriedade e responsabilidade para cos crus problemas politicos específicos nacionais.

Evidentemente que os intereses do Estado non van coincidir unha vez máis cos intereses de Galícia, que a razón de Estado se vai impor sobre a razón da nosa nación. Velaí a responsabilidade dos sindicatos e dos partidos políticos galegos, das esixencias a institucións de ámbito galego —mesmo a Xunta de Galícia dominada por UCD—, de todos os cidadáns deste país. Compre dicer non ao colonialismo e a dependéncia desde xa. E precisa unha política galega, feita desde Galícia e para Galícia.

Os galegos non temos porque pagar a crise. Entre outras cousas porque para a economia galega a crise internacional non é tal. As causas profundas da crise económica galega, do "atraso galego", están na dependéncia política e económica que o Pobo Galego ten do Estado español, unitário, que arrinca as nosas riquezas, destrui os nosos recursos e leva o mellor da nosa produción para arcas foráneas.

DOUS EXEMPLOS

Vou por dous exemplos significativos que caracterizan a Galícia como unha colónia, unha formación social orpimida, un Pobo superexplotado que ainda por riba esta a pagar unha crise internacional, que se apresenta como falta de recursos enerxéticos e falta de recursos financieros debido ás crises ciclicas do capitalismo. Vexamos como esta tese non se confirma no noso território ou ao menos que a nosa nación, ben orgaizada, con institucións e poder de seu, poderia facer frente a esa crise cos seus próprios recursos.

En canto á crise enerxética a nosa Terra exporta o sesenta por cento de que produce en enerxía hidroeléctrica e noutras producións enerxéticas, tendo recursos dabondo cara o futuro nese eido, dados os xacimentos atopados de lignito. En canto a recursos financeiros tamén exportamos, se facemos caso dos dados de Ramón Barral publicados pola Xunta de Galícia, 100 millóns de ptas. por día. Se a isto engadimos outras exportacións: emigración das nosas xentes, etc. altamente rentábeis para o Estado, estamos a ver ben claro que o problema nacional de Galícia no seu aspecto económico, aparte das parcelas da cultura e do idioma, ten boa solución se deixamos de seguir asoballados. Se gobernamos nós a nosa Terra. Galícia, non ten por que pagar a chamada crise internacional e menos a estatal. Xa dixo Rosalía que nunca debía chamarse Galícia española.

Clarividéncia dos xénios.

Por iso, Galícia, cos seus problemas máis grandes sen resolver ten que tomar un camiño político claro e coerente frente á política do goberno e ás imposicións do Estado español, e da sua clase dominante.

Non val falar de autopista se, autopista non! Hai que falar dunha política galega de transportes (poñer ao dia a rede viária galega, electrificar o ferrocarril, comunicar ben os pobos e aldeas, ligar con centros económicos próximos máis rentábeis e de maior semellanza: Portugal, dunha política galega de pesca (protexer a baixura, o marisqueo), da agricultura (devolver a ua natureza aos montes comunais de viciños, facer unha reforestación axeitada, procurar unha agricultura biolóxica eficiente e rentábel), dos recursos mineiros (explotar os recursos que interese e gardar como reserva os que nos conveña), enerxéticos (elaborar un Plan Enerxético Galego, impedir a exportación sen compensacións), indústrias, etc.

Se por razóns xeopolíticas estamos enxertados nun ámbito europeu económico haberá que elaborar unha planificación económica encamiñada a aqueles produtos máis competitivos nese sector e procurar a sua protección ou mesmo pensar noutros mercados e virar cara outros espácios económicos se tal cousa fose doada. Non sendo así, non se pode falar de industrialización sen pensar no futuro de Galícia na CEE con produtos como a madeira, o leite e máis a carne. A pesca e os produtos da mar. Os recursos enerxéticos e mineiros.

Certamente para iso fai falta unha política galega que se asente en organos de poder galego e certamente tamén que o Estado español cos seus intereses e pola sua estrutura e natureza, entregue os grandes monopólios do capital, non vai permitir facilmente que os galegos sexamos donos e administradores do noso. Velaí a nosa responsabilidade de hoxe. Abonda xa de pagar por adiantado facturas que nonos corresponden e unha delas, que afecta a todos, empresários galegos, traballadores, labregos, mariñeiros, a todas as camadas sociáis da nosa nación, é a crise económica estatal —do Estado unitário capitalista— que en nome da crise internacional se nós está a impor cando non se nos quere permitir deixar desenvolver a nosa vontade política, as nosas alternativas e as nosas institucións como Pobo, como Nación.

don augusto

Por XAQUIN MARIN



OLLO! A TRILATERAL

O acoplamento do Estado español ao sistema imperialista mundial tanto a nivel económico coma militar (entrada no MCE e na OTAN) e as suas repercusións seguras sobre o noso pais, foi eixo informativo en pasadas edicións de A NOSA TERRA. Pero este acoplamento non remata por exemplo, nas intencións do recén elaborado Programa Económico do Goberno, por máis clara que resulte a sua filosofia monopólica e europeista, senon que o vimos multiplicarse internamente nos acordos da gran patronal con determinados sindicatos (CEOE–UGT) e xa aparecera nídio e globalizado, no discurso pronunciado por Carlos Ferrer Salat, presidente da CEOE, o 22 de abril en Tokio, estrenando a entrada de trece representantes españoles no "club" da Trilateral, un "club" do que compren alguns dados para vermos os roteiros liberais que procura o imperialismo e, ¿por qué non? , a sua traducción sobre Galicia. E é que non está de máis afirmar que, hoxe, a Trilateral, unha comisión formada por persoeiros escollidos entre a "intelligentsia" fiancieira e política de diferentes países capitalistas vén sendo un organismo de supraplaneamento a nivel mundial, non so inmediato como estratéxico, baixo a fachada de eficácia e dinamización económica, nunha etapa realmente crítica para o sistema imperante, onde o estudo das vias de estabilización faise, por demáis, imprescindíbel. Sobrancea, por outra banda, a preséncia medida de "Popes" dos meios informativos e, así, no "paquete España" non podía faltar o home da exéncia estatal EFE, Luis María Ansón.

O MUNDO NON DESPACHO

O nacemento do Club situase no 1973, co seu "despacho" na rua 46 da primeira avenida de New York, un Club que se destapará como bonfacedor co acceso á presidencia dos USA de Jimmy Carter, membro del seu, seguido dun bon staff, para traducir no executivo yankee as liñas mestres da Trilateral. Así, a política dos "dereitos humanos", o lavado de cara de Carter na intervención exterior norteamericana, reproducirá cabalmente o lavado de cara das multinacionais, cun novo feitio de dominación sobre homes e países. E é que as multinacionais moito tiñan sofrido –e seguen a sofrer– cos resultados da guerra fría, dun lado, coa política de agresións directas e feitos consumados na tentativa de manterse hexemónicas, vendo como se achoupiñaban, valentes e instintivos, os paises do movimento non alineado; como collian rieiros de independéncia e construcción do socialismo antigas colonias e paises dependentes, mesmo como países "amigos" empezaban a xogar a defensiva respecto do gran patrón (conferencias dos da OPEP). O xiro, pois, non podía retrasarse.

O CONTROL E ORIENTACION DA PRENSA

Agora ben, se nos nomes máis poderosos do Club seguen a aparecer os Ford, Rockefeller e os seus homólogos europeos e xaponeses, a Trilateral amósase conocedora do papel e sabedora da importancia dos "mass media" coma nunca fixera, de maneira tan sistemática e variada, o imperialismo. Pasou o tempo do uso e abuso das rádio "Lybertis" da CIA, e serán diarios como o "Washington Post" –lembremos o seu papel no "affair Watergate" e conseguinte caida de Nixon–, o New York Times, semanarios asépticamente pluralistas coma "Newsweek" –por referirnos somente á casa-nai–. No estado español será a EFE ou periódicos de corte liberal ("La Voz de Galícia", no noso caso) os que millor propagandeen as virtudes da nova e moderna "clase empresarial". Non semella gratuito nomear, neste contexto, a multiplicación de efecgivos da axéncia estatal en Galícia, cunha orientación menos medoñenta e tamén máis útil de cara á recollida de datos sociais e políticos, ao tempo que se reciben emisários do MCE, de USA ou Xapón, mesmo a nivel de embaixadores, que non aofrran opinións sobre os nosos recursos, as nosas "necesidades", as nosas grandes "posibilidades" ben collidiños da sua man, pro-homes que sempre incluen na sua axenda o contacto obligado con xentes da Fundación Barrié (leáse grupo Barrié), singularmente coa Condesa de FENOSA. Compre suliñar, porén, que a pesares de ter por orixe marcadamente USA, os vencellos coa CEE son xa estables, (Henry Kissinger, Raymond Barre, primeiro ministro francés; Simonet de Asuntos Esteriores belga; Otto Gral de Alemania Federal; e tamén Ushiba, de Asuntos Económicos Internacionais, do Xapón, igual que con partidos e sindicatos da II Internacional, grupo no que se contan o PSOE e a UGT, por exemplo.

AS PREMONICIONS DO FERRER

E xa metidos nunha democrácia represiva –"restrinxida" en linguaxe do Club– onde os recortes dos dereitos civís son dia a dia máis evidentes mediante a plicación de leis recuadas –xuício ás mulleres de Bilbo–, a modernización do sistema represivo un feito, –centros especiais para o lento exterminio dos presos coma Herrera de la Mancha–, a tentativa de illamento social daquelas alternativas que supoñan un cambeo real na actual situación, illamento no que xoga un papel privilexiado a prensa –outra vez a prensa–, no momento xusto en que remata a institucionaliñ ación formal desta democrácia –eleccións do 77, aprobación da Constitución consagrando a economia libre de mercado, a privatización de servícios publicos, a negación da soberania nacional, despois das lexislativas e municipais deste mesmo ano, o 22 de abril, Carlos Ferrer fala así, na Trilateral.

..."La consolidación de esta nueva situación democrática debe pasar necesariamente por los siguientes puntos fundamentales: la solución de la crisis económica; el establecimiento de un marco de relaciones laborales democrático, moderno y dinámico; y la solución de las autonomías y del problema vasco"...

Anunciando, tamén, o presidente da CEOE, o que despois cristalizaria no maridaxe coa UGT:

... "en efecto, es esencial que las nuevas organizaciones sindicales y las empresariales lleguen a un acuerdo lo antes posible sobre los principios fundamentales que deben gobernar estas relaciones laborales. En tales aspectos, la negociación colectiva, la regulación de los conflictos, es decir, huelgas y lock-outs, y en los procedimientos de arbitraje y de conciliación. Es también necesario establecer las bases de una adecuación de la fuerza laboral a las necesidades reales de las empresas, así como también el desarrollo de una política de empleo más dinámica y más activa. También hay que destacar la dependencia de los principales sindicatos (Comisiones Obreras y UGT respectivamente) a los partidos comunista y socialista. Por otra parte, las estimaciones demuestran que el nivel de afiliación a estos sindicatos no supera el 17 por cien de la población laboral".

Non faltaría, tampoco, o premonitório avance do que viria a ser o Programa económico do Goberno... e é que quen falaba era a CEOE na Trilateral, a CEOE, que vén de manter certas conversas coa "Federación Española de Asociaciones de Prensa", para potenciar a creación de máis dun milleiro de postos de traballo para xornalistas, sí, pero en departamentos de prensa das próprias empresas. E nós desto xa temos alguns exemplos en complexos tan exemplares e nóbeis como Celulosas de Pontevedra ou a Alúmina de San Ciprián...







The Trilateral Commission





Os trece homes que ingresaron na Trilateral o 21 de abril deste ano, como representantes das finanzas, da indústria, da intelectualidade e a información españolas, son os sucesores da clase autárquica franquista. Formados en Universidades americanas e alemanas, os mais deles non foron declaradamente franquistas, e "filtrearon" coa oposición "moderada", e as relacións duns cantos cos centros de poder norde-americano son moi estreitas.

Os delegados españoles e os seus breves pro intensos "curriculum" son:

–CARLOS FERRER SALAT.– Empresário e financieiro catalán, procedente da alta burguesia "lixeiramente liberal". Presidente da CEOE, dos Laboratórios Ferrer Internacional e do Banco de Europa. Portavoz da delegación española na Trilateral, é candidato ao ingreso no Comité Executivo da organización. Negociou directamente con David Rockfeller a entrada dos delegados españoles na comisión.

–JOSE ANTONIO SEGURADO.– Vicepresidente e responsable de relacións internacionales da CEOE, Presidente da Confederación Empresarial Independente de Madrid (CEIM). Na práctica, é o número dous da gran patronal española e está considerado coma un dos empresarios mais "duros" dentro da CEOE.

–ANTONIO GARRIGUES WALKER.– Fillo de Antonio Garrigues y Díaz Cañavate, que foi embaixador nos EE.UU., e irmán do ministro Joaquín Garrigues e do financieiro Juan Antonio Garrigues está considerado como representante en España de importantes intereses norteamericanos, polo cal mantiña contactos oficiósos coa Trilateral. Presidente da Asociación para o Progreso da Dirección, vicepresidente das multinacionais Colgate-Palmolive e IBM (a compañía de ordenadores está na órbita do Chase Manhattan Bank, que preside o fundador da Trilateral, David Rockefeller). Asesor xurídico da General Fords, vocal de Ford España e representante en España do Comité das Nacións Unidas para os refuxiados.

–CARLOS MARCH SALGADO.– Presidente da Banca March, vicepresidente da FECSA (compañía eléctrica que construe as centrais nucleares de Ascó e Valdellós). Copartícipe dunha das maiores fortunas do Estado.

–JOSE LUIS CERON AYUSO.– Encetou os contactos comerciais coa Comunidade Económica Europea como ministro de Comercio con Franco. Vicepresidente da CEOE.

–CLAUDIO BOADA VILLALONGA.– Vicepresidente do Banco de Madrid, entidade que preside Jaume Castells e na que participan Joan Antoni Samaranch, Mariano Calviño e máis a familia Franco. Presidente da Ford España e dos "Altos Hornos de Vizcaya".

–JAIME CARVAJAL Y URQUIJO.– Recén elexido presidente do Banco Urquijo, conselleiro de Standard Eléctrica (filial da ITT, igualmente vinculada ao Chase Manhattan Bank). Ex-senador por designación real, amigo persoal e compañeiro de estudos de Juan Carlos I.

–JOSEP VILA MARSANS.– Vicepresidente da Pepsi-cola en España. Empresario textil catalán do grupo SAFA (Tergal).

–ALFONSO OSORIO GARCIA.– Diputado de Coalición Democrática, ex-vicepresidente do Goberno con Arias Navarro e co primeiro de Adolfo Suárez. Vinculado a empresas do Banco Español de Crédito, presidente de inversións ESSO, vicepresidente de PETROMED e vocal de SEAT.

–RAMON TRIAS FARGAS.– Diputado e Presidente de Convergencia Democrática de Catalunya, partido do cal é Jordi Pujol secretario xeneral. Catedrático de Finanzas Públicas na Universidade de Barcelona, secretario xeral do Banco de Barcelona (banca catalana) e executivo do Banco Urquijo en Barcelona. Vicepresidente de Fénix Latino e director xeral de Editorial Labor.

–PEDRO SCHWARTZ.– Director do Instituto de Economía de Mercado e catedrático da Universidade Complutense. Economista conocido pola sua feroz defensa do sistema capitalista e os seus ataques aos modelos socialistas.

–LUIS MARIA ANSON.– Periodista monárquico e conservador, presidente da axencia oficial EFE, da Asociación de Prensa de Madrid e da Federación de Asociacións de Prensa. Mantén as suas anteriores vinculacións coas empresas periodísticas dos Luca de Tena (ABC) e do Conde de Godó ("La Vanguardia").

–ANTONIO PEDROL RIUS.– Presidente do "Colexio Nacional de Abogacía" e do Colexio de Abogados de Madrid. Tén un importante bufete, polo que teñen pasado importantes empresas españolas e multinacionais e persoeiros políticos de grande importancia. Ex-senador por designación real.

(Da Revista de política internacional AGERMANAMENT).

HERRERA DE LA MANCHA,

motivos e consecuéncias (1)

MANUEL P. MAHIA

A loita iniciada polo preso social, que desde facía empo se viña dando nas diferentes prisións do Estado, pero nivel individual, toma corpo nas terrazas de Carabanchel o verán do 77. O eterno marxinado, perante a discriminacións de que se via obxecto, e vendo que os decretos de amnistia somente se decretaban para quen lantexa a loita dun xeito organizado aos refugallos franquistas que detentan o poder agachador detrás dun disfraz demócrata, non dubida en absoluto en pasar ao afrentamento directo; e asi acontece a batalla de Carabanchel, entre ráfagas de metralletas e centos de bombas de fume botadas desde helicópteros, nun intento desesperado de calar as xustas reivindicacións duns homes que non entendian que a léria oficial falase de reconciliación, democrácia, igualdade de oportunidades e demais trangalladas sen que a eles lles tocase nada.

As leis franquistas, ainda vixentes hoxe en dia, continuadas polo Goberno ucedero, volven discriminar ao preso social. Queriase enterrar un pasado nefasto, evitar as movilizacións populares que demandaban amnistía total e presentar de cara a Europa o novo talante democrático que se dicia ia presidir desde aquela a politica do novo goberno, pero iso si, o "delincuente de derecho común" non tiña nada que ver con todo isto.

Era por iso que nunha cela de Carabanchel se xuntaban 14 presos, e após un compromiso, xa histórico, sentaban as bases para encenaren a loita contra das avellentadas institucións do Estado que dalgun xeito tiveran algo que ver coa dramática, inxusta e traxica situación carcelária e xudicial do preso.

A represión non fixo agardar por ela, e a democrácia da UCD reprimiu asañadamente os argumentos do hospital penitenciário, reformatório e galerías de Carabanchel. Pasaron os primeiros secuestros en masa, e decidiuse nas altas esferas gubernamentais esmagar o xermolo revolucionário que significaba a COPEL, secuestrando aos seus militantes en fatos: uns para Córdoba, outros ao Puerto de Santa María, uns poucos para Badajoz, e así todo, crendo que coa división liquidarian o problema. Ficaban moi lonxe os "demócratas da UCD" que esta separación, en troques de axabar co movimento, habia de espallalo por todas as prisións; ainda lembro a chegada dos militantes do MPAIAC e COPEL a Córdoba, após de amotinaren en Tenerife (secuestráronos de mañá cedo, e toda a sua equipaxe eran os calzóns que traguian postos e os de máis sorte, un buzo) e que foi causa de que me sancionasen por arrecadar fondos entre os presos para lles mercar xabón, papel hixiénico, pasta para os dentes e roupa para vestilos.

O terror franquista, ainda máis aguilloante na cadea, tiña sumido ao preso na máis vergoñenta abaixamento; até se mataba impunemente, como o caso do asesinato de "El Habichuela" na Modelo de Barcelona, a mans de funcionários que despois de lle daren unha malleira brutal, afogárono entre duas colchonetas, feitos que serían causa dunha revolta, de denúncias, por desgrácia, sempre acaladas. Este vergoñento abixamento do preso, moi lóxico por outra banda, deixou de ser tal cando os militantes da COPEL, xa organizados, lles facian ver nas asambleas aos máis amedoñados que a nosa inxusta situación non se podería coutar máis que coa unión e a loita.

Sucedíanse as revoltas ao berro de "Libertade ou morte", e as folgas e autolesións descobrian unha realidade que era coñecida somente de muros para dentro. O sr. Haddad (q.e.p.d.) declaraba en xaneiro do 78 que a loita nas prisións rematara, confiando en que o sistema de permisos lle restaría combatividade ao movimento; desde que viu que non era tal, porque o verdadeiro preso en loita non entraba por solucións de parche á sua problemática, e que ao tempo denunciaba est a medida do Goberno encamiñada a sementar a división entre os presos para lla apoñer a loita, decide, en comandita co Ministério do Interior, a drástica medida de meter no celular do presidio de El Dueso aos 550 presos máis conflitivos do Estado e declarar o estado de excepción por dous meses. Alí vivimos un verdadeiro inferno nas máis denigrantes e in-humanas condicións de vida e trato que lle poda dar a un o calestre; esquencido o Código Penal e a L.E.C., amén de se ver negados os máis elementais dereitos do home, e remítome ao dictame emitido o 10 de maio de 1978 pola Comisión de Establecimentos Penitenciarios do Senado, constituída por membros de todos os partidos con representación parlamentaria.

O mesmo García Valdés, que se vén de convertir no principal nemigo dos presos do Estado español, levado polo seu desencaretado arribismo político, decraráballe á Axencia EFE que "Las prisiones españolas eran lo contrario a lo que podia ennoblecer a una persona".

Este señor, que se fixo cargo da Dirección Xeral no máis crítico momento vivido nas prisións; programado pola UCD pra restablecer un orde e unha imaxe que non esistían, e que a loita dos presos estaba evidenciando; levando a gala o seu pasado antifranquista que agora non pode apoñer, á vista da sua xestión, presentousenos en El Dueso aos representantes da COPEL co seu pelexo de año e as suas maneiras de "home bo", decindo que aceptara a D.X. esclusivamente con mentes de solucionar xa dunha vez aquela terrible situación que estaba no seu ponto máis álxido tras do cobarde asesinato do inesquencible compañeiro Agustín Rueda. Ao longo de 6 horas, dialogamos con el os 12 representantes, falounos da Reforma do Código Penal, da nova Lei Xeral Penitenciaria, da imposibilidade dun indulto que compensara a nosa inxusta situación e da sua disposición plena pra remediar de todo a triste realidade carcelaria. Démoslle copia da nosa plataforma reivindicativa, que contiña 55 pontos que ían dende a mnistía total á desaparición de todas as xurisdicións especiais ("Ley de Peligrosidad Social"; abolición do Regulamento de Prisións, legalización da AFAPE; depuración de xueces, maxistrados, fiscais, policías, e funcionarios de presións franquistas; creación de Xurados Populares; melloras nas condicións de vida en prisión e un longo etc., sen esquencermos a volta dos secuestrados ás suas prisións de orixe, desaparición da censura ou a clausura das celas de castigo. Levou un testo da nosa plataforma, coa promesa de aceptar todos os pontos sempre que non superaran o teito constitucional (?). Aos poucos días, comenzarían a chegar as suas sonadas "circulares" (coas que deica agora veu dirixindo prisións), nas que, e segundo elas, desañarecia a censura, o mesmo a de correspondencia coma de publicacións; admisión de aparatos de radio. Non máis obriga de portar o uniforme carcelario, e 3 ou 4 pontos máis sen relevancia ningunha dentro do contesto, como o de non ser sancionables penitenciariamente as autolesións e folgas de fame que, a propósito, esto é algo que ao preso non lle preocupa, pois que cando chega a calqueira destes estremos, é que xa está presto pra afrontar as máis adversas consecuencias.

Pasados 40 dias, os presos de El Dueso, ao comprobaren que toda a sua xestión paraba nesto, convocamos aos compañeiros de todo o Estado a seguiren a loita, e este maniféstase coincidindo coa semá pro-amnistia en Euskadi, con 100 autolesionados en El Dueso, 200 en Carabanchel, folgas de fame doutros 200 en Málaga e moitos máis en Teruel, El Puerto de Santa María, Sevilla, Jerez, Córdoba, Badajoz, etc. etc. As revoltas seguiron, e perante este estado caótico das prisións, o sr. García Valdés, amedoñado polo a miudo que acontecian os peches de funcionarios, e as repercusións das suas negativas a entraren en servicio, quita a careta democrática que tan poucos resultados lle dera, e esquence os seus bos propósitos prao preso; pacta cos seus subordinados, e veleiquí onde empeza a nosa longa agonia. Endurece e medra, se se pode, a represión; cambea de todo o equipo de "penitenciarios" (término moi usado por el) por outro durísimo no que sobrancean represores franquistas tan conocidos coma Tavera, Gonzalo López González (ex-director da cárcel da Coruña o membro do PSOE), ou Martiniano Martin, director de Burgos, que nas visporas da Marcha Basca a Burgos entrou na miña cela arremangado, a repartir leña, amparado por 30 antidisturbios pra me romper en cachos o cartel que tiña, conmemorativo dos fusilamentos de Txiki e Otaegi. "Penitenciarios" desta caste son os que a seguir han de asesorar a xestión de Valdés e con quen decide crear as celulares de Burgos, El Puerto, Ocaña, "La Rotonda" en Carabanchel e o departamento especial da Modelo en Barcelona. A todos estes sitios imos chegando pouco a pouco os presos máis significados da COPEL, sen razóns aparentes ou reais que xustifiquen confinamentos semellantes. Entramentras, a construcción de Herrera de la Mancha seguía ás carreiras, imitando ao mellor modelo italiano que tan bos resultados lle dera ao coronel de "carabinieri", actual Director de Prisións en Italia, e que supuxera o fin dunha loita que os presos (sociais e politicos) mantiñan nese pais.



mostra de outono

VISITE A "MOSTRA DE OUTONO DE PINTURA E ESCULTURA GALEGA CONTEMPORANEA" ORGANIZADA POLO NOSO SEMANARIO.

NA CORUÑA: DO 6 AO 25 DE NOVEMBRO NO QUIOSCO ALFONSO.

EN VIGO: DO 28 DE NOVEMBRO AO 15 DE NADAL NA SALA DE EXPOSICIONS DO AXUNTAMENTO NOVO.

* * *

UNHA MOSTRA REPRESENTATIVA DOS NOSOS MELLORE PINTORES E ESCULTORES CON MESAS REDONDAS SOBRE PROBLEMATICA DA ARTE GALEGA. NON DEIXE DE ASISTIR A ELA.

PAISES CATALANS

ESTATUTO: Nen entusiasma, nen moviliza

María Merçe Marçal

Se, coma anunciabamos en crónicas enteriores, o clima pre estatutário non se pode dicer que teña sido alá moi expectante, o certo é que a campaña eleitoral non o deu variado substancialmente. O ambiente adoece de falta de tensión política, e fica a anos-luz da imaxe de ledícia de multitudes que rodeou a aprobación do Estatuto de Núria, no ano 1931, como moi diferentes son as circunstáncias históricas non obstante os tendenciosos paralelismos adoitados.

CAMPAÑA INSTITUCIONAL

A auséncia da primeira cadea televisiva tense notado, diferenciando esta consulta das anteriores, e confirmando a importáncia deste meio propagandístico. Carteis maiormente da Generalitat, e moito menos dos partidos políticos, campaña de prensa e actos públicos con moi pouca asisténcia, teñen sido a característica fundamental. Seguramente o que haxa que salientar antes de nada seña o carácter asoballadoramente institucional da campaña, levada desde a Generalitat —o mesmo Tarradelles subiu ao final, como era previsibel, ao carro do sí—, e desde os concellos.

Estes últimos teñen sido os organizadores da maior parte dos matins e actos electorais, coa correspondente marxinación dos grupos políticos non presentes nos Consistórios. As voces abstencionistas pódense contar doadamente as veces que se puderon escoitar, en xeral nos concellos que a "esquerra d'alliberament nacional" —maiormente o PSAN— ten acadado concellais. A preséncia destes grupos na prensa foi tamén moi reducida, e non compre dicer que non tiveron acceso nengún á TV.

O carácter institucional da campaña foi causa tamén de que o protagonismo dos partidos políticos defensores do "sí" teña sido moi pequeno, e os argumentos empregados foron moi distintos dos artígos de prensa igual que dos mitins e mesas redondas. O triunfalismo dos primeiros trócase nos segundos nun recoñecimento, mal que lles pese, das limitacións da autonomia concedida, e o consideralo non máis que como un primeiro paso ou un mal menor. A esquia participación militante organizada contrasta co despriegue de meios doutras veces, como por exemplo, pola campaña constitucional poida que porque nas mentes de todos está o que aquela foi unha batalla importante onde se xogaba en realidade a credibilidade democrática do proceso da reforma, e que agora non é senón un novo paso neste sentido, e abonda cunha campaña que ten moito de formal.

EUROCOMUNISMO "MARXINADO"

Por outra banda, a situación dos partidos parlamentarios de esquerda non parece aboiar alá moito. Deixando aparte os rumores difundidos non hai moito por un xornal madrileño, de que as listas de afiliados ao PSC-PSOE sofriran unha importante baixa, o PSUC está a pasar un momento difícil nos concellos; após ter colocado parte dos seus mellores cadros nos concellos, estes están a sofrer ataques importantes de parte de socialistas e "convergents", que andan a marxinalos. A estes dous grupos tense dirixido precisamente o partido eurocomunista por do seu responsábel de política municipal, J. Borja, para restabelecer o seu "pacto a tres" nos consistórios, que converte a estes en "frentes de loita unitária contra a política económica e centralista do Goberno". Non é difícil prever o resultado da chamada, que se nos antoxa de moi longas miras, a poucos meses do Parlament catalán.

1932-1979: ABORTO "RECORTADO"

Outro feito a salientarmos na actualidade política catalana é a importáncia que colleron aquí, e maiormente en Barcelona, as movilizacións da Coordinadora feminista sobre o aborto, tocante ás 11 mulleres procesadas en Bilbo, e outro caso semellante en Cerdanyola, perto de Barcelona. O peche no Coléxio de Médicos e a posterior manifestación, con máis de 5000 persoas, que apareceu na Plaça de Catalunya, onde se estaba a celebrar unha "Festa per l'Estatut", resultou tolerada sen problemas, diferente doutros pontos do Estado, seguramente que pola circunstáncias pre-eleitoral; e aquí compre lembrar, ainda que nenguén o ten feito, que eu saiba, algo significativo: a legalización do aborto foi unha realidade en Catalunya coa autonomía de 1932; coa autonomia de 1979, esta pretensión é ilusória de todo, e a cuestión do aborto ventílase agora a nivel estatal, onde a correlación de forzas é ben diferente, e xa sofreu unha forte desfeita coa aprobación da Constitución.

EUSKADI

VISPERAS DO ESTATUTO

MAIALDE

Con sellos mitins en Donosti e máis Gernika, practicamente se pecha a campaña sobre o Estatuto. En Donosti, máis de 12.000 persoas asistiron durante catro horas ao mitin unitário dos partidários do Estatuto. En Gernika, 334 persoas escollidas en diversas instáncias populares, constituiron a Euskal Herriko Nazionala Batzarra (Asamblea Popular Nacional Basca); ao tempo, case 3.500 persoas asistian ao mitin conxunto de Monzón, Letamendia e outros representantes de Herri Batasuna e outros representantes de Andalucía, Galícia e Euskádi Norte.

Tocante a outra cousa, máis de cen persoas teñen publicado un manifesto en prol do Estatuto.

A CAMPAÑA DA UCD

UCD, que "por amor al País Vasco", pide o si para o Estatuto de Autonomía, mantén, como en eleccións anteriores, un clima de medo e represión. Nestas duas derradeiras semanas anteriores ao Estatuto, cincuenta persoas teñen pasado por Comisaria, e máis tarde saído libres sen nengunha acusación. De entre elas, tres mozos en Iruña, arrestados como presuntos membros de ETA, após vários días en Comisaria, teñen saído en liberdade; igual tres militantes de EMK e dezaoito de Herri Batasuna en Bilbo. Fica ainda arrestado o soldado José Mari Etxenike, arrestado en Donosta sen nengunha acusación concreta contra el. Asemade, as retencións inxustificadas, de entre elas as de oito traballadores do semanário basco "Zeruko Argia", arrestados no bairro vello de Donosti, e a de "Nikila", dirixente sobranceiro da LKI, arrestado o domingo por tres horas nos postos fronterizos de Dantxarinea, e Irun, cando se dirixia para un debate en Euskadi Norte. En Irun volveron aparecer os incontrolados, adicándose a arrincar carteis de propaganda en diferentes lugares da poboación.

Feito sobranceiro e dramático desta "escalada" represiva ten sido, sen dúbida, a morte de Fran Aldanondo, militante dos comandos autónomos. Segundo diferentes fontes, coñeciase de habia tempo a preséncia de Fran na zona de Tolosa e Goiherri, polo que a sua morte, a balazos, estaria enmarcada na "campaña electoral".

A tortura ten sido norma nalgunha das últimas detencións. Asi, Izaskum Arrázola, arrestada o 11 de outono e acusada de pertencer a ETA (p-m), despois do seu arresto, segundo explicaba o abogado, levárona ao monte, despirona, e retorcéndolle os peitos e petándolle por todo o corpo, ameazábana de morte; a tal ponto, fica na Comandáncia da Guarda Civil. Outro caso recente é o de Mikel Amilibia, arrestado o 15 de outono e librado sen engunha acusación o sábado 21 pasado. Segundo manifestou Euskadiko Eskerra (coalición á que pertence) na sua denúncia, entre outras torturas, aplicáronlle alectrodos nas éngoas, aparte de lle meter a cabeza nunha bolsa de plástico que non lle deixaba respirar.

ESPAÑA

OLLANDO A EUSKADI

XOSE L. LABANDEIRA

Posibelmente nunca poidera se dicer coma nestes días que a atención do centro, do Goberno, dos partidos españoles e os seus líderes, da clase política española en xeral, está orientada de cara o que pode pasar nacións da periféria do Estado, sobor de todo en Euskadi. O que pode pasar por duas cousas ben diferentes; por unha banda co Estatuto de Autonomía, e por outra, co xuício que vai ter lugar o día 26 en Bilbo contra de once mulleres acusadas de prácticas abortivas.

A AUTONOMIA, VITAL PARA "MADRID"

Sen dúbida, a política española xógase bazas moi importantes o día 25, coa celebración dos referéndums aos que se someterán os Estatutos de Autonomia catalán e basco. Tal e como sen dúbida tamén aos políticos españois os tén máis preocupados o segundo que o primeiro. Como proba, o feito de que alguns dos máis importantes líderes das organizacións políticas do Estado viaxaran o fin de semana pasado ao Pais Basco, pra facere algo así como darlles un cursiño de autonomía aos nativos. Entre os que xa foron están o Sr. Santiago Carrillo, que non tivo reparos, na sua teima de criticar a Herri Batasuna, en calificar a Monzón como "ayatollah vasco", e máis Tierno Galván, que chegou a solicitar unha nova amnistía para "pacificar Euzkadi", e pra posibilitar a viaxe dos que inda van ir, que serían, polo que parece, despois do referéndum, o presidente do Goberno e máis o Rei. Ao mesmo tempo, toda a prensa lles adica grandes titulares e espacios aos actos e comentarios a prol do "sí", e fai aparecer a alternativa de Herri Batasuna como algo movido por escuros intereses, e con algo así como "inconfesabeis obxetivos". Todo xunto dá unha campaña a prol dos Estatutos outorgados polo Goberno perfectamente artellada, e como dado, abondará con lembrar que éste vén de lles conceder un crédito ás ikastolas cando, inda non hai moito tempo, para esto compria un golpe de man de ETA.

REIVINDICACION DO ABORTO

A outra razón pra que a atención do Estado estivera polarizada polo que acontece no País Basco, ainda que desta volta se utilizara máis coma pretexto ou como detonador dun problema xeral, é, coma xa se dixo, o xuicio que se celebrará o vindeiro día 26 encontra de 11 mulleres acusadas de abortaren ou de axudaren á realización de prácticas abortivas; este feito serviu para orientar a atención dos meios informativos, e de lle dar pulo á loita das organizacións feministas á contra dunha lei que acusan de "hipócrita e clasista", polo feito de exercer o seu rigor contra das mulleres das clases populares, desinformadas neste campo e que non dispoñen de cartos dabondo para iren abortar ao estranxeiro, que é o que fan as das clases acomodadas.

Para pediren a legalización de abortos e rematar cos milleiros de casos nos que se realiza en pesimas condicións médicas e hixiénicas, como pra pediren a absolución das encausadas de Bilbo, celebráronse actos en diversas cidades españolas, pero foi en Madrid onde eses actos foron máis duramente reprimidos polas FOP, estas entraron sen aviso prévio na asamblea que as organizacións feministas tiñan convocada no Palácio de Xustícia, e á que asistían varios centos de persoas, batendo, insultando e perseguindo pola rua aos asistentes, os máis deles mulleres. Esto fixo que aparte dos recursos presentados contra desta actuación, as organizacións feministas protagonizaran durante todo o fin de semana pasado protestas, como conatos de encerro ou manifestacións, á espreita do que pasa en Bilbo o vindeiro 26.

En en tanto pasa todo esto, e aínda que non teña moito que ver, non podemos deixar de salientar a actiyidade dos líderes sindicais Marcelino Camacho e Nicolás Redondo, que consiste en debateren as suas diferéncias nun acto organizado pola "Asociación para el progreso de la dirección", e tendo como auditório a máis de 400 empresarios; esto ao tempo que dous sindicatos coma CC.OO. e UGT se acusan de faceren política partidista cando acoden ás xuntas de OIT.

O Salvador

USA APRENDEU

J.J. NAVARRO/LLATZER MOIX

O cinco de outubro pasado houbo cambio de goberno no Salvador, a nación máis pequena de todas as que forman Centro-américa. Carlos Humberto Romero, ditador "de pacto" do país durante os derradeiros doce anos, subiu nesa data ao inefábel avión destino Miami, acompañado polos seus acolitos. Unha xoven Xunta Militar tomou o poder, prometendo organizar en breve eleccións democráticas e respeitar os direitos humanos. Como homes fortes da devandita Xunta figuraban Adgur Gutiérrez e Arnoldo Majano, dous coroneis formados en México e nos Estados Unidos.

Latino-américa é, hoxe, unha zona certamente problemática que esixe dos estrategas de Washington, preferentemente, e Moscu en infèrior medida, constantes inovacións.

Hai duas décadas, un ditador inepto como Romero haberia sido substituido por outro lexeiramente menos estúpido pero igualmente sanguinário. Agora isto non é posibel xa, pois colocar no poder a un ditador de recámbio supón fomentar a adesión aos poderosos movimentos guerrileiros, agrupados no caso salvadoreño polo FAPU (Frente de Acción Popular Unificado).

Estados Unidos aprendeu a lección con Anastásio Somoza; o caso de Nicaragua supuxo un revulsivo para o Departamento de Estado ianqui. A paciéncia demostrada coa famosa dinastia de ditadores saldouse cuns resultados totalmente contraproducentes. O mesmo "gota a gota" norteamericano que mantiña con vida ao doente somocismo, dáballe de comer e fortalecia o embrión sandinista. Hoxe, despois do cámbio, Nicaragua é un país autónomo que non atende aos mandatos do bloque occidental.

No Salvador non podia xogarse a mesma baza; por iso, Washington preferiu liquidar ao ditador Romero e apoiarse na Igrexa (encabezada polo arzebispo de San Salvador), Arnulfo Romero e no sector moderado do exército. O resultado da operación e un goberno mixto, formado por militares e civis, que ten como máxima aspiración erguer "ao caído país".

A tarefa do novo goberno non ha ser fácil. O Salvador é un país cativo (21.000 quilometros cadrados), superpoboado (case cinco millóns de habitantes), incapaz na práctica de auto-abastecerse, estruturado á maior glória da oligarquia e asediado pola fame, o paro e o analfabetismo.

A pesar desta situación e se as guerrillas non obstaculizan gravemente este proceso, o único problema será o económico. De mediar os pertinentes créditos ianquis, o Salvador pódese convertir nunha democracia formal centro-américa con futuro.

E non só; pode contribuir a que os dous últimos feudos da direita cerril na rexión, Honduras e Guatemala, adopten unhas formas de Goberno máis acordes coa doutrina "pro direitos humanos" que ten caracterizado á politica exterior da administración Carter.

En O Salvador os USA demostraron ter aprendido a lección de Nicaragua: a estas alturas da vida e da historia os incéndios xa non se apagan con leña senón con auga.



CUBA E U.S.A.

Por REGINO DAPENA

Moitos xornalistas occidentaís —que se autoproclaman demócratas— non saben ou non queren separar as razóns vitais dos pobos doutras consideracións artificiais dunha ou outra ideoloxia mal concebida e pior aplicada. Asi, por exemplo, temos o caso concreto de Cuba no que case sempre prevalece a subxectividade, mesmo contrária aos intereses das nacións de tales subxectivistas. Este señores todo o simplifican: a dicotomia capitalismo-socialismo. E na práctica non é asi; é algo moito máis fondo e complexo.

Partindo das posicións obxectivas e a ideolócias, non resulta aventurado dicer que Fidel Castro —pouco más ou menos e a grandes rasgos— era un romántico e auténtico liberal que percuraba o ben do seu pobo e a dignidade da sua nación. Canso de recorrer á via legal e inspirado pola memória do José Martí, Castro decidiuse pola loita armada, conseguindo a vitória o dia 1 de xaneiro de 1959. A loita terminara e a revolución quedaba pendente, pero Castro pensaba que non seria imposibel realizar fondas reformas socio-económicas de corte liberal e, acto seguido, marchou a USA para pedir axuda a un trata xusto e equitativo nos trocos comerciais. As suas peticións non foron atendidas e dise que mesmo consideraron a Castro como un tipo pintoresco que vivia fora da realidade. A Castro pechánronselle todas as portas e acudiu á URSS que, sen esixéncias de nengunha clase, comprometeuse a comprar a Cuba os productos naturais a précios xustos e razonábeis. O patriota Castro comezou a revolución despoxándoa das ideas liberais. Foi entón cando USA (o dia catro de xaneiro de 1962) rompeu as suas relacións— diplomáticas con Cuba. A revolución cubana tiña que ser esmagada. O 17 de abril de 1961, coa bendición de USA, as forzas anti-castristas rencionaron derrocar a Castro sen conseguilo, e éste proclama a República popular con todas as suas consecuéncias Castro convértese nun comunista. Non tiña outra saída. Axiña, os anti-castristas residentes en USA —entrenados, armados, equipados e apoiados loxisticamente pola CIA— desembarcan en Bahia Cochinos sofrendo unha total derrota. E o David cubano enfréntase co Goliat americano, para o que pide toda clase de armas a URSS. Como consecuéncia, o 22 de Outubro de 1962, USA procede ao bloqueo militar de Cuba e esixe a retirada dos coetes soviéticos da Illa. O mundo trema de espanto. Pero todo se amaña pacificamente: a URSS retira os coetes e USA comprométese a non atacar a Cuba. De Gaulle —o patriota conservador— abre os ollos para, máis tarde, desenganchar a Fráncia do carro militar da OTAN: os franceses non deben morrer por unha causa que non seña a sua.

De vagariño as augas volven ao seu regleiro, pero agora quizais debido á Conferéncia de non Alineados celebrada en La Habana, ao Salt II e outras implicacións descoñecidas, USA torna ao ataque por unha suposta preséncia de tropas soviéticas en Cuba. A cuestión é cínica de máis, pero non por iso menos grave. Hai que ter en conta que a URSS e Cuba son Estados soberanos e libres para firmaren acordos bilaterais e que ambas as duas cumpren rigorsamente co Dereito Internacional. Ainda máis, pode invocar o Dereito de Reciprocidade que deixaria en mal lugar a USA. ¿Por que? Porque todos sabemos que USA ten a base militar de Guantánamo en Cuba, que é unha base imposta contra a vontade do Goberno e pobo cubanos, o que ademais, representa un verdadeiro perigo para a sua seguridade. Porque todos sabemos que hai a mesma distáncia de Cuba a USA que de USA a Cuba. E todo isto silénciase. Pero o máis grave é que algúns señores pensan que a URSS é Guatemala.

Asi, pois, nen Cuba nen a URSS cos conselleiros militares —ou ainda coa existéncia de tropas— son un perigo para a seguridade de USA ou doutros Estados de América. Pero a base militar de USA en Guantánamo si é un perigo para Cuba e a paz mundial que ainda por riba, atenta contra a sua dignidade nacional, a sua soberania e a sua integridade territorial. Esa é a realidade.

XOYERIA—RELOXERIA
MARTINEZ
Peregrina, 15 - Tel. 85 - 197
PONTEVEDRA

BUYO,

outro porteiro cara España

Buyo é o xogador de fútbol con máis porvir da nosa nación. Desde o Oural foi subindo até chegar... a selección do Estado Español. Falamos con el ao acabar un entrenamento. Ainda está un pouco doído pola derrota de Pamplona e nótaselle tamén que foi licenciado hai pouco tempo. A cordialidade foi grande e os temas tratados foron moitos, dándolle un repaso a todas as esferas. Galicia é país de grandes porteiros. E igual que os seus devanceiros, Buyo tén de proxectar o seu futuro de portas pra fora.



¿Qué pensas cando din que vales cuarenta ou cincuenta millóns?

Nengun xogador pode valer eses cartos, pero segundo está o fútbol na actualidade por calquer xogador piden unha barbaridade. Os estranxeiros foron os que encareceron o fútbol e non viñeron resolver nada, xa que é a xente da canteira a quen máis se nos esixe e quen menos cobramos.

¿Cómo vês o fútbol galego?

O Está moi mal en todos os sentidos. Tanto o Celta como o Deportivo están atravesando unha má racha, uns momentos moi difíceis. Os outros equipos como o Ourense ou o Ferrol Pontevedra están bastante mal. En terceira división parece que van mellor. O principal problema do noso fútbol é o de estruturas. Non se cuida a canteira que é o fundamental e a única maneira de baixar os déficits como o que ten o Deportivo. Van fora e compran xogadores que valen oito ou dez millóns e non veñen resolver nada e o que hai aqui non o promocionan e pánganlles mal.

Din que os porteiros están todos médio tolos. ¿Qué pensas deso?

Pódeno dicer porque nós temos que andar tirando dun lado para outro, aos pés dos xogadores, e cousas que ás veces parecen titiritadas pero que non as son. Habera algun que está médio tolo, pero a maioria non. A nosa responsabilidade é grande xa que nos votan as culpas de todos os goles, pero coller unha grande responsabilidade non é estar tolo.

Se tiveses outros traballo igualmente retribuido prestariaste a que comercializasen contigo no mundo do fútbol?

O fútbol e unha das cousas que máis me gosta facer, que máis sinto. Se tivese outra situación, outras perspectivas se cadra si. Pero hoxe segundo está a cousa o único que pode facer é obedecer, ao club e facer o que me digan. Segundo están as cousas intentar outra cousa eso si que e estar tolo.

¿E certo como din, que os xogadores de fútbol tedes todos unha mentalidade de capitalistas?.

Pode haber algun que a teña, pero eu creo que somos como outro traballador calquera. Pero a maioria creo que non ainda que a nosa situación como traballadores é un pouco especial.

Sabes que a selección de Euskadi xogou un partido contra a selección do Eire en Bilbao. A ti se che dixesen selección Galega ou Selección Española, ¿Qué decisión tomarias?

E unha pergunta moi difícil e unha situación que ainda non vai darse. Penso que na española. Pero gostariame tamén xogar na galega.

¿Como ves ti os xogadores galegos? ¿haberia moitos que renunciasen a xogar na selección española para xogar na galega? ¿Cal é a ideoloxia dos xogadores galegos que ti coñeces?

Sinten orgullo de ser galegos, pero asi e todo pasarialles igual que a min, irian primeiro a de España.

¿Cal é a tua postura sóbor da A.F.E.?

Foi unha cousa moi positiva que logramos os xogadores. Antes non tiñamos nenguén que nos defendese. Tiñas un problema co clube e tiñas que loitar ti so contra eles. Hoxe ademais de ter uns abogados que te defenden tes o apoio dos outros compañeiros. O fútbolista é un traballador cunhas características un pouco diferenciadas, ainque gañamos moitos só son uns poucos anos de traballo, despois tes que comezar a vida de novo. Ademáis os xogadores da canteira somos os que menos cobramos e os que temos que levar o timón da nave. As criticas fortes sempre son para nós.

As reivindicacións dos futbolistas témolas que levar todos, os de riba e os de baixo. O que pasa e que cando cobras vinte ou trinta millóns por temporada esquéceste dos rapaces que empezan e vas ao teu. Os xogadores das divisións inferiores son verdadeiros profesionais, ainda que moitas veces teñen que buscar outro traballo xa que o fútbol non lles dá para viver. Hia, polo contrario, xogadores en primeira división que saben que teñen vinte ou trinta millóns fixos ao ano e xa non se cuidan, o que queren é non se lesionar para asi seguir cobrando eses cartos.

¿Qué pensas da medida que adoptaron con relación a ter que alinear a dous rapaces de menos de vinte anos?

Por unha parte véxoo ben e por outra mal. Hai xente de vinteoito ou vintenove anos que son profesionais e estan xogando en terceira división, ¿qué van facer, retirarse do fútbol?. Haberia outras medidas mellores como seria a de ter cinco ou seis maiores de vintetrés anos e os outros menores. Ademais se non se poténcia a canteira non é nada.

¿Pensas que o fútbol aliena ao xogador profesional?

Si eu creo que si xa que cunha familia tes que pensar en sacar cartos para mantela. A vida do futbolista e curta e cando te retires tes que comezar a vida de novo, por iso tes que ter uns aforros gardados.

¿Entre pararlle os pés a un cacique ou parar un penalti, ti que escollerias?.

O meu é parar penaltis que é moi bonito, ainda que tamén me gostaria pararlle os pés a algún cacique. As duas cousas gostanme moito, sóbor de todo se é a algun dos que están arriba.

Deixamos a Buyo pensando no próximo partido e se cadra en que as respostas non lles vaian gostar a algun dirixente, xa que ainda que non nos contou nada, sabe ben que unha declaración pode cortarlle toda a sua carreira.

PUCHEIRO


O CANTO DUN PESO

Moi poucas veces, se non me lembro mal e os anos non dan para moito, o fútbol galego estivo falta de verdadeiros xogadores de clase ao que se une a situación clasificatoria dos nosos equipos. Aquiles anos nos que o Celta se "codeaba" co millorciño dos equipos estatais e nos que o Deportivo chegaba ao final da Copa, aquiles anos do "hai que roelo" dó Pontevedra ou cando o Ourense se paseaba pola Terceira sen perder un solo partido, aquiles tempos están moi lonxe. Parez que hai seculos e ainda foi antonte.

Tamén inda están á volta do calendario os días nos que a flor e a tona dos xogadores estatais eran galegos: os tempos de Amancio, Suárez, Marcelino, Reija, Veloso, por nomear algún; os tempos nos que a terceira parte da formación estatal estaba composta por xogadores galegos.

Hoxe o Celta e o Deportivo van como dous hirmaos facendose compaña na sua desventura, á espera de tempos millonres, no fondo da taboa da segunda división. A saida da sua situación tan anguriante como incomprensibel ollase dificil, as medidas tomadas e as que van tomar de pouco valen e ¿cal será o mal? Non me gusta facer afirmacións sen ter todos os elementos de xuicio pero do que si estamos seguros e de que os xogadores e os directivos sabeno.

Tampouco o Ourense, o Pontevedra e o Ferrol andan co paso moi atinado na segunda división B. A situación do primeiro é comprensibel despois da subasta de xogadores que fixo ao rematarese a tempada pasada. Pontevedra e Ferrol topanse nesa situación por causas semellantes ás do Celta e o Deportivo, por outra banda



hoxe son contados os futbolistas galegos que están entre os millores do Estado, somente libran os porteiros Miguel Anxo, Amador, Pereira, Buyo, Agustín e Hortas, podendo agora demostrar dunha vez do que é capaz nos xogadores de campo Fernández Amado, e máis ninguén.

As causas da situación do noso fútbol non son tan faciles nen tan dificles que non se poidan atopar tres ou catro sen afondar muito no tema: a primeira, a falta de planificación nas instalacións, a segunda o pouco apoio á canteira e o fichaxe de xogadores ao "tuntun" co seu adeudamento conseguinte; a terceira a emigración e a situación económica nacional. Sen resolver estes problemas, anque un día erguéra a cabeza todo quedaria no canto dun peso.

A. EYRE.

As "anfetaminas", poden percurar, cando se toman as primeiras veces, efectos directos a nivel de estimulación sexual, eufória, erotización xeral asi como unha maior agresividade, pero despois de varios dias de tomar a droga, aparece unha fatiga intensa, disminui a poténcia e interese sexual e mesmo en certas ocasións poden aparecer alteracións graves a nivel psicolóxico, tales como "sentimento de persecución".

DROGAS E SEXUALIDADE (e II)

Alucinóxenos (L.S.D.), Anfetaminas (Simpatinas, Centraminas,...), Opiáceos (Morfina, Heroína,...), Cocaína e "comportamento sexual"


Por CIPRIANO LUIS JIMENEZ CASAS

Os "aluxinóxenos", non teñen función especifica como estimulante sexual con todo poden provocar segundo os casos, modificacións no comportamento sexual, no sentido dunha aumentación ou disminución da actividade sexual. A "viaxe" é unha experiéncia puramente individual, e mesmo no caso de que várias persoas traten de facelo xuntas, toda comunicación entre eles e mínima. O toxicómano do L.S.D., vive repregado sóbor de si mesmo, incapaz de compartir as suas emocións e visións, atopandose illado, pechado, sen desexos e sen a máis mínima capacidade de intercambio sexual. Baixo os efectos do L.S.D., é tan fácil conseguir un estado de éxtase e de relaxación que a sexualidade perde toda importáncia.

As "anfetaminas", poden percurar, cando se toman as primeiras veces, efectos directos a nivel de estimulación sexual, euforia, erotización sexual asi como unha maior agresividade, pero despois de vários dias de tomar a droga, aparece unha fatiga intensa, disminui a poténcia e interese sexual e mesmo en certas ocasións poden aparecer alteracións graves a nivel psicolóxico, tales como "sentimento de persecución".

A consecutiva depresión que soi aparecer ao deixar de tomar a droga fai que o individuo trate de percurala. As anfetaminas tomadas durante longos períodos de tempo e de forma masiva, poden impedir o orgasmo ainda que a erección non desapareza. No caso das mulleres, poden aparecer problemas da mestruación e frixidez.

Os "opiáceos", morfina e heorina, disminuen a



actividade sexual tanto dos homes como das mulleres, á longa e de maneira xeral, o interese polo sexo desaparece e somente este tipo de toxicómanos centran as suas actividades na percura da droga. A sufrida vida dos morfinómanos a nivel seuxal, está nun principio mesmo cunha excitabilidade aumentada, para máis tarde, disminuir o instinto sexual até a impoténcia.

Dicese dos "cocainómanos" que os seus desexos eróticos estan amplificados, pero as funcións sexuais disminuidas. Freud que estudou a fondo as propriades da cocaina, advirteu as suas propriedades afrodisíacas. A cocaína empregada localmente sobre as rexións xenitais, dise, pode percurar unha certa prolongación do acto sexual.

Resumindo estas pequenas notas sobre a droga e a sexualidade, podemos rematar dicendo: 1) a sexualidade para os toxicómanos ou drogados, perde moita importáncia que pola contrario realzanlle os grupos de indivíduos que non se drogan, 2) a grande maioria das veces os efeitos afrodisíacos atribuidos ás drogas e imaxinario, 3) o emprego da droga, ten efeitos fundamentalmente NEGATIVOS sobre a sexualidade, mesmamente se as primeiras experiencias podan contradicer esta afirmación. 4) carecemos dunha real información sobre os efeitos das diferentes drogas, se ela esitise o seu valor preventivo seria importante na problemática das toxicomanias en xeral, 5) a utilización, mesmo a nivel psiquiatrico, de certo tipo de alucinóxenos, como terapéutica en certas alteracións sexuais acadou despois dalguns anos un claro fracaso.

da terra asoballada

DOUS PLENOS CON RABO...

Hai dias, concretamente, o 27 de setembro, estiven, amigos de A NOSA TERRA, en calidade de espectador "y los espectadores han de estar en silencio" —comentaba a alcaldia—, nun pleno da Corporación Municipal de Sárria. Concellais independentes, do PSOE, da UCD, non sei se de AP e do Bloque debatian cuestións que, para ben ou para mal, concerníanlle directamente a todo Sárria. Era pouco menos que unha escafana de risa: cando o Sr. Quintana, concellal do Bloque, falou dun proxecto de democratización dos concellos, o señor Peña, da UCD, versado en leis di "la democracia existe porque se puede decir que no existe" e, obviamente, vota non. Tamén habia presentada unha ponéncia do Bloque sobre a queima dos montes á que a Comisión encarregada contestou cun informe que non dicia absolutamente nada; o Bloque presentou unha enmenda no sentido de que se pronunciase o Concello pola necesidade de esixir responsabilidades ao Goberno e, outra vez, o señor Peña saiu coa sua dicendo que non lle gostaba a linguaxe e, obviamente, xunto cos seus compañeiros de direitas, votaron outra vez que non.

¿Pensa o señor Peña que o problema das queimas queda amañado por que vostede pasee a beira do lume cunha xesta debaixo do brazo? ¿Non se decata que hai uns responsabeis directos e que hailles que pedir contas? . ¿Ou parécelle, tal vez, que atribuíndolle a queima a Grupos de esquerda o goberno xa lava a cara? Pero, amigos sarrianos, "A UCD cumple". Fíxense no Malecón, esa obra aprobada pola Diputación para esborrallar o rio, e asulagar os prados da sua marxe direita. Poñanse a pensar un momento e despois verán a quen interesa a obra. A idea dun Concello que non entra nen sai ¿por qué, sres. concellais non se definen sobre o tema. Algúns terianse pronunciado votando NON pero unha voz seca e ríxida desde a presidéncia "señores voten en alto" failles reconsiderar a postura e votar o mesmo que o alcalde previamente lles decide.

Un pouco máis adiante, o 4 de outono, xúntase a Corporación de Sanos que tiña que ser presidida por un concellal de UCD e máis xúrolles que non se lle escoitou palabra até perto do remate da sesión que entre nervos, sillón, home e vergoña foron saindo unhas palabriñas. A este Concello correspondelle once concellais e somente un estaba ausente nesta sesión, os outros todos ian escasamente ouvindo, mirando e calando. O señor secretário que aparentaba facer e desfacer, a cada momento emitia xuicios de valor, informaba, voltaba informar, e xa por último parece que decidia e a Corporación ratificaba. Non se discutiron cuestións de fondo políticos máis que unha ponéncia do Bloque verbo da cuota empresarial. Aqui o paxaro caiu engaiolado. Informaba respeito da ponéncia a Comisión de Goberno e Réxime interior do Concello que parece ser estava integrada polo Préstamo de Louzara e polo David da linea que a pesar de que o informe estaba firmado por eles, deron mostras evidentes de non saber nada. Nesta comisión ratifícase, a través do devandito informe, o acordo do Pleno do 30 de setembro do 77, no que se acordou pedir a supresión da Cuota empresarial por demasiado gravosa para os labregos galegos. Ei vedes como é a vida; dous feroces propagandistas contra das CC.LL. e en favor de que os labradores pagaran como empresarios agora firman, directa ou indirectamente, apoio ao sindicato que nega a razón deste trabuco.

¿Vostede decátase señor David que firmou contra da Cuota empresarial ou pensou que era pola supresión do imposto municipal dos coches?

LOIS CELEIRO

UN PROGRAMA DA TELE

Unha vez máis, ao olhar um novo programa da Televiçao Españnhola, "300 Millones" sentim um pouco de impoténcia ao nom poder dizer o meu pensar a tam "lustres" estudosos que afirmaban que o termo "Castelhano" nom é adecuado para denominar o idioma comúm dos "gloriosos" países "Hispano-parlantes".

Argumentabam éstes senhores que o casteslhano, ao seren-lhe imcorporados giros Andaluces e doutras regioes espanholas, já nom é castelhano como nas súas orixens, senom Espanhol —segum éles—.

A min, que quede claro, ten-me o mesmo que se chame espanhol ou castelhano. Más por respeto aos "castelhanos de castela" penso que nom se lhes pode roubar o nome do seu idioma.

Pois, se o castelhano, ao incorporarselhe giros andaluces e doutras regioes, deixa de ser castelhano, tamén deixará pola mesma regra, de ser espanhol ao incorporarselhe giros e modos dos países américanos, e nese caso, pasaría a denominarse "Hispanoamericano".

Eu, repito, desde o ponto de vista nacionalista galego, tanto me tem que lhe chamen espanhol que castelhano ao idioma colonizante, mas que argumentem outros motivos e nome os que diserom.

Pois como disem, se deixa de ser castelhano por uns giros regionais da Espanha polo mesmo motivo deixará de ser espanhol ao trasplantarse ao alem do Atlántico. Se polo contrario, que se debe chamar espanhol, pois as regioes propriamente espanholas é ésta a lingua que falam, nese caso é cousa deles.

Ocupandose agora exclusivamente déste programa colonizador, é triste ter que ouvir desde Galiza ésta insistencia tam descarada de se... "Somos 300 millones los que empleamos nuestro glorioso idioma..."..." que si dentro de unos años superaremos a los ingleses parlantes em n. de seres..."

Eu preguntome se os que falam inglés deixarán de ter filhos e pola contra os que falam "Castelhano-espanhol" reproduciram-se como os coelhos.

Descarados transfondos colonialistas, nom coidam? . Despois de tudo, se temos em conta o grande interese polo galego, catalam e vasco que demostram os povos respectivos, é previsivel um ataque por parte dos espanhois parlantes da peninsula Ibérica. —Lembrese da pequena alusión que o Sr. Caparrós fixo ao tema ultimamente na La Voz de Galicia—.

E por iso que nom so ilhes afirmo que ésto é normal nesta xente, senom anuncio, ou polo menos é de esperar, máis programas colonialistas pola pequena imaxe. O resume é claro; Galiza precisa urxentemente de meios de comunicación proprios para poder defenderse deste ataques imperialistas. Queira-se ou nom, esto mina ás masas déveis da nosa nación.

Pd. Enviolhes este trabalho por primeira vez com desexos de que se publique.

MONCHO ARXIZ FIDALGO
NDNI 34238722

da arte e dos xeitos

Por FELIPE SENEN

FRANCISCO DE MOURE, ESCULTOR DO SECULO XVII

Durante os reinados de Carlos I e máis de Felipe II a explotación sanguiñolenta das Américas é o xeito de ir mantendo un Império "no que non se poñia o sol". Non obstante a fame e a peste facian estragos nos fogares do Renacimento.

Aos portos galegos chegan as escuadras, os peiraos ferven de soldados, de aventureiros e de frades. A pirateria de Drake e dos berberiscos tiña asombradas e temorosas ás xentes do mar. Pola outra banda a tranquilidade dos mosteiros vese rexida, desde os tempos dos Reis Católicos, pola Congregación de Castela. E neste tempo de desfeita cando nace en Compostela no ano 1576 o escultor Francisco de Moure. Desde a sua infáncia será Ourense quen lle dará as gubias e



as mañas para a arte da escultura. O portugués Alonso Martinez guiaralle a man nos seus primeiros pasos. Velaí como van nacendo as obras de Moure nun tempo que a arte do Renacimento, cando o estilo de Juan de Herrera, síntese dos elementos xeométricos, das esferas, cubos, pináculos, piramidais, vai cobrindo as obras que se reforman na mesma provincia ourensana: Montederramo, Ribas do Sil, Oseira. Aquí é onde a escultura en madeira de Moure move os priegues dos hábitos e das saias, dándolle xa xeitos barrocos, nuns tempos nos que os cánones non deixaban fuxir do amaneiramento renacentista.

Xoán de Angés, leonés, coñecedor das técnicas de Juan de Juni, traballa no coro da Catedral de Ourense, Moure aprende ali un modelo ao que seguirá na sua xuventude, máis pouco a pouco o artista galego deíxase levar polo naturalismo que a moda vai esixindo. Os priegues fan curvas angulosas, márcanse as anatomias a través das roupas, as facianas déixanse nese momento místico do extase, entre o sorriso e a door. E veleiquí o San Roquiño da Catedral de Ourense cun anxo que lle cura as feridas da perna e o can a sua beira, imaxe esta que influirá en moitas outras feitas polos artistas do pobo. Para as ermidas e parróquias galegas. Santiños estes da devoción das mentes as que Moure sabe interpretar moi ben: San Ramón, S. Cibrán, S. Bieito, S. Bastián, Sta. Lucia, S. Antonio...

No decorrer do estilo de Moure as formas ván esaxerando, retórcense, as facianas buscan a maior expresividade e asi adquiren a personalidade e a xenialidade que o artista lle sabe dar.

Entre as bisbarras de Ourense; Castro Escuadro, Sandiás, Arnuiz, Beade, Rairiz e as terras de Lugo, Monforte e Samos repártense as obras do escultor Moure. Repararemos no San Mauro da Capela do Santo Cristo de Ourense, o Santo camiña ca sua caxata, empuchado, vai lendo. Os priegues bailan na perna, a barba cai en rulos, o ouro do estofado dálle unha riqueza mesmamente barroca. O San Bartolomeu de Beade e unha lección de anatomia que se deixa ver entre os farrapos dunha túnica esgazada, o Diaño prendido da cadea que leva o santo, semella eses monstros apocalípticos do Pórtico da Glória ou as esaxeradas caras de antroido do noso contemporáneo pintor Laxeiro. A inmaculada do Retablo de Samos ten tranquilidade, repouso que contrasta cos priegues en movimento. Os medallóns do Coro da Catedral de Lugo voltannps ao mundo Clásico, recórdannos que Moure é un artista do Renacimento. A apoteose do artista é o Retáblo da Virxe da Antigua no Coléxio do Cardeal de Monforte, coor madeira, sen polibromia, Sinfonia de ritmos, de verticais paralelas e diagonais, movimento que pregoa o Barroco, a Arte de Gregório Fernández, de Mateu de Prado, dos grandes retablistas e imaxineiros do Barroco galego.

andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

OS VELLOS CREGOS DO PAIS

Polo que semella a Eirexa está sufrindo unha gran crisis de vocacións. En Galicia hai xa seminarios que pecharon as suas portas, entre eles o de Santa Caterina de Mondoñedo por cuias aulas pasaron importantes poetas galegos, como Noriega Varela e Aquilino Iglesia Alvariño. Hai diócesis nas que, dalgunhos anos pra acó, non houbo ningunha ordenación sacerdotal. A maior parte das parroquias rurales están sen crego. Cada crego que morre ou se xubila non ten sustitución.

Entre os vellos cregos que coñecín habia xente moi singular e moi conera —e nunca mellor empregada a palabra—. Os lugueses de hai anos ainda lembran a D. Emilio Bertolaza, xa moi vello, pequeniño como un garabanzo, que vivía no asilo e decia misa na parroquia de San Pedro. Cando enganchaba descoidada a unha rapaza pola rua metialle unhos beliscos enormes. A sua misa tiña sempres moita clientela. Cando o axudante tiña que lle botar viño no cáliz, D. Emilio sempre protestaba con voz alporizada.

—Echa mas, coño, echa mas que este casi no se ve.

En Rábade houbo dous cregos moi famosos, que eran irmáns: D. Eleuterio e Xan o Godeno, que era da carreira breve. Cando iban arar, D. Eleuterio era o que chamaba o gando e Xan o que termaba do arado. Xan andaba tratando nas vacas polas feiras e tiña unha amiga íntima e pelirroxa, que lle chamaban a "Rexidora" e vivia na parroquia de Saavedra. A xente ainda lembra unha breve homilia de Xan o Godeno, que é como sigue:

—O xoves que ven celebraremos o preceuto e tendes que confesarvos. Así que xa o sabedes. Meu irmán poñerase nos homes e eu poñereime nas mulleres.

Moi amigo persoal do que esto escribe foi o coadxutor de Robra, D. Manuel Castro, tamén da carreira breve, coñecido popularmente por "Zoquiñas", gran gadañeiro, que so sabia xous sermós que repetia sempre: os deberes que os pais de familia teñen cos seus fillos e viciversa. Un dia que foi decir misa a miña tribu, á hora da homilia a xente riuse del. O señor Zoquiñas decatouse e dixo:

—No está bien rirse dun probe sacerdote. Consideren que está Jesucristo hablando en nombre mio.

Ainda lembro a D. Xohán Laia, que peliteou moitos anos co bispo de Lugo Dr. Balanzá e, a pesar deso, cando morreu no asilo de Lugo, nos anos cincuenta e tantos, deixou cinco millóns de pesetas que herdaron duas fillas que tiña.

En Allariz foi moi famoso o crego don Pepiño. A sua especialidade eran as confesións. Ainda non hai moito que estivemos falando del o meu amigo Fandiño, que ten o sagredo do bon cociñar, e este servidor. As confesións con don Pepiño eran toda unha leción de dialéctica. O meu amigo Antonio —cuia espléndida bodega ainda teño por estrenar e non por falta de vontade— tenme contado unha confesión con don Pepiño:

—E logo, ¿qué pecados tes?

—O domingo foi feira e como tiven que abrir a tenda non fun a misa.

—¿E mentras ti viñas a misa a Rosa non che podía atender a industria?

—Vostede ben fala, ¿máis quén cuidaba dos pequenos?

—Non caía neso. ¿Fixeche algún documento falso?

—Non señor.

—Pois vaite con Dios

—Don Pepiño tiña a teima dos documentos falsos dendes que un irmán seu tivo que ver coa xusticia por mor de que non sei que trapallada cunha escritura.

Non sempre as confesións con don Pepiño eran tan doadas como esta que remato de relatar. Coa xuventude non era tan transixente e comprensivo como cos homes feitos. Ou coas mulleres.

Cando se iba confesar un rapaz o interrogatorio comenzaba sempre do mesmo xeito:

—¿Qué pecados tés?

—Pois este e o de máis aló.

Si o pecado ou pecados lle parecian gordos don Pepiño decíalle ó penitente:

—Achégate a min.

O pecador achégabase. E don Pepiño, que era coxo e usaba cachaba, mangáballe un cachabazo, con máis ou menos forza según o pecado. Esta era a penitencia que impoñía sempre.

arredor de nós

Por CHAIRA

COBREGAS, COBRAS E SERPES

Decíame un home, pola parte de Roncudo, perto de Corme, que el coñecia várias castes de culebras e máis de cóbregas, estas máis pintaradas que as outras, e que as via coleando e correr moito cando hai sol, coa testa erguida e o corpo a rastras, subindo a calquer sítio "a pesar de non ter pernas". Contaba que por unha vez, sen reparar se lle picara unha ou fora somente por lle poñer por riba o brazo, tivéranlle que poñer quince inxeccións, e que antes o que facian neste caso era ferver auga, e collendo unha "pedra de veneno" para poñela pola parte onde trabou a cóbrega, e botándolle auga fervendo nove dias arreo tiraba polo veneno. Ben dicia que se hai unha a carón da casa, faise lume con zapatos vellos, coiros, gomas, e co cheiro marchan e xa non se ven mais.

As xentes confunden moitas espécies, diferenciando todo o mais as cobras de auga (pois andan polo rio), as cobras (case todas as demáis menos a víbora), a víbora ou cobra-víbora, e o culebrón (que é a **Malpolon**), coidando moitas veces que todas son pezoñentas.

De feito non é doado diferencialas se non tes a posibilidade dunha observación detallada. Temos que separar as **Viperidae** e **Colubridae**, de tal xeito que nas primeiras o ollo é como o dos gatos, pois teñen a pupila alongada verticalmente, mentres nas outras é redonda; nas primeiras o debuxo do lombo é como unha banda escura con manchiñas negras no borde, dentro de duas franxas claras, e as outras pódeno imitar pero non chegar a ese contraste.

Veleiqui temos que dentro das víboras hai na nosa terra, que se saiba, duas espécies, a **Vipera seoanei** e a **Vipera latastei**, tendo esta segunda o fuciño respingón.

Cobras hai duas de auga, **Natrix natrix** e **Natrix maura**, de cor verde a primeira, e parda cun debuxo negro en zig-zag polo lombo (polo que moita xente a confunde coa víbora) a segunda. Hai duas cobras pequenas de cor pardo liso brillante que son a **Coronella austriaca** e a **Coronella giróndica**; a primeira delas é lisa por embaixo, cor de lousa, e a segunda axedrezada por embaixo. Outra cobra máis grande xa é a **Elaphe scalaris**, cor crema de fondo, e nas pequenas cun debuxo como unha escada negra no lombo e que é nos adultos como se perdesen os chanzos. Xa para rematar quédanos o culebrón, que é a **Malpolon monspessulanus** de cor pardo escuro, podendo medir até dous metros.

Teñen a pel coberta de escamas, e tenden a viver en sítios secos gardándose da desecación grácias a elas. Regulan a temperatura do corpo á do ambiente, expóndose ao sol e evitando o inverno aletargandose e soterrándose. Unha peculiaridade é que mudan a pel, e ao facelo, cambiana toda inteira, baixando a actividade neste tempo.

No que respeita a reproducción, hai acoplamento entre o macho e a fémia; o macho ten dous penes, pero moitas veces un deles é para fecundar e o outro para se amarrar á fémia. Unhas espécies son oviparas coma por exemplo as cobras de auga, e outras son vivíparas como as víboras. As ovíparas soterran os ovos dos que, ao cabo dun tempo de incubación á quentura natural do sol saen os pequechos; as vivíparas xa os poñen elas.

Todas son cazadoras; as de auga, que viven nas lagoas e rios, mesmo pola erba perto da auga ou buceando podéndose ver asomando ás veces, e andan ás ras máis que nada, e mesmo aos peixes pequenos. As víboras viven nas matas que separan duas leiras, nas carballeiras, nas toxeiras, gostando solearse nos montóns de pedras, e andan aos ratos, ras.. A **Coronella austriaca** vive nas fragas, nas devesas da montaña oriental de Galicia, gostando de lugares frescos, e anda ás lagartixas e ratos pequenos, mentres que a outra **Coronella** gosta máis da quentura, e vive entre toxos, uces baixas.., polo monte baixo en xeral. **Malpolon** e **Elaphe** gostan de sítios secos, áridos e ben soleados, nas reboleiras, nos enciñares e no monte baixo; andan aos ratos, paxáros, lagartos, coellos pequenos...; por outro lado, os enemigos das cobras son as aves de rapiña diurnas (e águia branca...), os mamíferos carnívoros como as londras, martas, algarias, donicelas, gato bravo...

Total que sempre se lles tivo máis medo da conta, e que se andan ao aceite dos santos nas igrexas, ou a mamar das vacas..., e moito máis, cando non hai nada diso.

ARTE

Xaquin Marin: Entre os grafos e a máquina

Por FELIPE SENEN



Estamos xa ben afeitos ao Xaquin Marín dos grafos, das series de tiras, do comic, dos carteis que desde as suas liñas duras de denúncia tentan furar no home, nese mesmo home-robot dos semáforos e das sereas, do asfalto... Marin abre unha fiestra á desumanización, á descontextualización cultural, á falta de liberdade a dependéncia de Galicia. A fonda sensibilidade de Marín agroma no pelexo da sua obra: "Debaixo de todo humorismo hai unha grande dor..."

Agora, nas mostras de Marín, atopámos coa cor descarnado das suas pinturas sintéticas e duns pinceis retorcidos polas curvas anatómicas dos músculos en tensión desesperada, xente abofada, nudos de pernas e brazos, masas espidas que "loitan pola vida en contra da vida", o perro desacougado que bota entre os dentes e os ollos desorbitados. Desacougo en ganas de roxos a piques de ser morados. A tensión mistúrase co espectador que dentro da obra atopa o seu mundo, a mesma vida do Marín traballador de Astano: Poleas, ferros, gruas, sereas e un brzo na frente limpando o suor.

A vida do artistia está na sua obra, o seu compromiso tamén, as suas producións fuxen dos santuários da arte pechada e quédase ali, baixo o pé, cos que sofren o peso desa nube treboeira que nos esmaga. Asume a grande importáncia dos meios de comunicación, tamén os seus grandes perigos e velequi e onde o artista verte cada xornada a tinta e os seus folgos facendo história de homes-máquina, do enfrentamento entre dous mundos opostos: o importado e imposto e os xenuinos de Galícia, a filosofia do mundo rural, dos arrabaldos das grandes cidades, a tolémia das marionetas do imperialismo. "Pola oficialización do idioma galego", "Roi xordo nas Encrobas" e outros moitos carteis, de Marín están na cabeza de toda a mocedade galega, son obras da antoloxia da Arte Galega, arte no seu millor sentido: Comunicación, arte que é historia, arte que se fai popular: difusión, para as masas, para prensa, para todos os dias e horas, para Galícia que se deixa retratar baixo o pé, berrando, enloitada e roxa, arnela nun teatro "democrático" que lle nega todo o seu ser por si.

MOSTRA: Pintura, deguxo e cómic de Xaquín Marín.

LUGAR: Museu do Castelo que S. Antón-Coruña

DIAS: Outubro.

HORARIO: 10-2 y 4 a 7 (Luns pechado).

Xornadas culturais galegas en Holanda

Organizadas pola "Comité para Galicia" viñeronse desenrolando unhas xornadas de cultura en várias cidades e vilas de Holanda desde o primeiro até o quince de outubro. A apertura tivo lugar o primeiro de outrubro na Universidade de Groningen cunha exposición de cerámica popular, libros e pintura.

A cerámica estaba representada por cacharros novos e antigos de Buño, Bonxe, Niñodáguia, Tioira e Sanguiñeda. Completaban a exposición grandes fotos de cacharros antigos de Mondoñedo, A Guarda, Rubiana, Bámio, Gundivós, Loñoá das Olas, Santomé, Ramirás, O Seixo e Portomourisco, asi como grandes mapas feitos a man dos Centros oleiros vixentes e desaparecidos, un cantigueiro do barro e copias de artigos sacados de A Nosa Terra sobre a cerámica popular. Entre os libros compre destacar a primeira edición de **Cantares Gallegos** de Rosalía de Castro, **A Crónica Troiana,** a revista **Nós** e outros libros de edicións antigas hoxen en día raros proveniente a maior parte deles da biblioteca de estudos Ibéricos da Universidade de Utrechet.

Nun local adxacente figuraban 18 óleos de paisaxes galegas do pintor ferrolano Miguel Amador actualmente emigrante en Holanda.

O mércores dia 10 tivo lugar a apertura do simposium sobre língua e literatura na mesma Universidade de Groningen.

Encetou o ciclo de conferéncias o escritor emigrado en Londres Carlos Durán, colaborador de A NOSA TERRA, que falaou de "A ideia de Nacionalidade no Conto Popular Galego". Nun galego repousado por mor de facerse comprender do público que non era galegofalante, fixo unha exposición moi clara dos elementos explícitos ou implícitos que o pobo galego manexa no conto e noutras manifestacións artisticas non momentos máis dificeis da sua história a xeito de arma contra o enemigo imperialista.

Pola tarde falou o catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago Carballo Calero da Literatura do século XX. Despois de situala no seu contexto histórico e co xeito sistemático e metodolóxico que sempre caracteriza as suas conferéncias e escritos, desenvolveu os diferentes movimentos literarios deste século.

A terceira e derradeira exposición do dia trataba Aspectos poéticos das Cantigas Populares. Tocoume a min falar deste tema e despois dunha descrición dos diferentes xeneros poéticos e dunha análise das estruturas estróficas, concentreime no metro da Muiñeira por ser un dos máis orixinais dentro da poesia románica. Tamén intentei amosar a influéncia tan frutifera e extensa que exerceu a nosa poesia popular na mellor poesia de expresión escrita tanto dentro como fora de Galicia desde a época medieval coa Cantiga de Amigo até hoxe en dia. O fin desta exposición era devolver dalgún xeito o valor a miudo esquencido que corresponde a unha manifestación artistica popular das máis altas e orixinais como é a poesia popular galega. As conferéncias do xoves dia 11 correron a cargo de Metzaltin, profesor na Universidade de Groningen, de Celso Muñiz, profesor da VU d' Amsterdam e de Jan Schroten, profesor da Universidade de Utrecht. Comezou Metzeltin quen falou sobre alco que nenquen debeu comprender moi ben comezando polo proprio exponente. Segundo parece pretendía amosar que a vocación mariñeira dos galegos e portugueses fora moi seródia contrariamente ao que se viña pensando.

Falou logo Celso Muñiz dos dialectos fronteirizos entre Galicia e Astúrias e fixo unha descrición moi clara dos tres sitemas fonolóxicos presentes naquela xona, o galego-asturiano, o asturiano e o asturiano-leonés.

Pechou o ciclo das conferéncias Jan Schroten quen falou das interferéncias do Español no Galego. Quizais a parte que máis interese e reacións provocou foi a sua interpretación da gheada. Chegou á conclusión que na gheada intervén a influéncia do xota do Español x, seguida dunha evolución estrutural interna.

Remataba o simposium cunha "mesa redonda" na qué se falou de sóciolingüistica e de música. A este simposium asistiron estudantes e profesores de romanicas de várias Universidades de Holanda, alguns emigrantes galegos e outros invitados de Galicia.

O sábado 13 despois dunha conferéncia de Carlos Durán sobre o mesmo tema que en Groninguen en "O Lar Galego" de Rotterdam, comezou un festival no Trefcentrum da mesma vila coas actuacións dos Gaiteiros de Melide "Froito Novo", o Antón coa sua máxia popular e o seu Facundo, un representante de Tangaraño e o grupo de danzas de O Lar Galego. O acto durou tres horas.


Compre facer mención da preséncia da televisión holandesa de N.O.S. que grabou mais dunha hora, difundido en parte o venres 19 no programa Pasaporte. O dia seguinte, o domingo 14 houbo outras actuacións unha en Ede ás 16 h. e outra na Haia ás 20 h.

Ainda que aquí vivemos máis de 10.000 galegos, esta é a primeira vez que se organiza en Holanda unha actividade cultural deste tipo e até hai dous anos en que se fondou O Comité para Galicia non se tiña organizade aqui nengunha actividade cultural de cara á emigración galega. Se isto foi posibel hoxe foi en grande parte grácias a eses artistas que aceptaron vir aqui facendo grandes sacrificios por amor ao pobo galego.

DOMINGO PRIETO
Holanda

AXENDA

CINE



AGRUPACION CULTURAL AURIENSE.– (Praza do Corregidor, 17 baixo). 28 (domingo) e 29 (luns) ás 8 da tarde.– Proxección de "O MAQUINISTA DA XENERAL" de Búster Keaton (días 4 e 5, Sopa de ganso con Groucho, Chico e Harpo Marx).

CINE CLUB "PADRE FEIJOO".– Casa da Cultura de Ourense (Rúa do Concello 13). Día 26 (Vernes) ás 10,30 da noite. Proxección de "BALANCE MATRIMONIAL" de Krzysztoy Zanussi (Polonia, 1975, 35 mm. en cor). Próximos films: "CAYO LARGO" de J. Huston con H. Bogart (16 do 11); "L'AFFICHE ROUGE" de F. Cassenti (30 do 11) "ANDREI RUBLEV" de A. Tarkovski (11 do 12); "ESTA NOITE OU NUNCA" de D. Schmid (21 do 12) "KEEP ON ROCKIN" de D.A. Pennebaker (28 do 12).

PEQUEÑO CINE de Ourense.– "MORRER EN MADRID" de Fréderic Rossif (a guerra "incivil" desde o ángulo republicán).

DISCOS

LA CONFRERIE DES FOUS.– CFE-Guimbarda GS–11047.

"Seguindo coa publicación de grupos rock franceses, Guimbarda presenta un divertido e variado disco dun grupo que tras da excentricidade é capaz de proporcionar un produto perfeitamente rematado".

* * *

SUBURBANO.– CFE–Guimbarda GS–11061.

"Suburbano é un feixe de cousas e influéncias que pasan pola música do renacimento, o jazz, o rock, o folk.,, o resultado é dunha profesionalidade a toda proba a un dos discos comerciais máis fermosos editados ultimamente. Moi recomendábel".



ACTOS

26 DO OUTONO.– Charla de Salvador García Bodaño sobre "Maside e aquela mocedade". As 8 da tarde no Ministério de Cultura. Rua Nova-31. Santiago. Dentro do ciclo de homenaxe a Carlos Maside.

LIBROS

A CUSTUREIRA de Nicolás García Pereira. Reedición facsímil da publicación de "Céltiga". Edicións do Rueiro. A Coruña.

ECONOMIA E POBLACION EN GALICIA de Xosé Antonio López Taboada. Edicións do Rueiro. A Coruña.

O LIBRO DOS MORTOS. Poesía. Eduardo Moreiras, Edicións do Castro. Sada.

SOLDADA MINIMA. Poesía. Manuel Rodríguez López. Edicións do Castro. Sada.

ADRAL. Ensaios. Xosé Filgueira Valverde. Edicións do Castro. Sada.

CHISPAS DA RODA 5. Fernando Quesada. Colección "O Moucho" núm. 58. Edicións Castrelos. Vigo.

MASIDE. UN PINTOR PARA UNHA TERRA, por Isaac Díaz Pardo e outros.

Edita Coléxio de Arquitectos de Galícia con motivo mostra-homenaxe.

MOSTRAS

HOMENAXE A CARLOS MASIDE, organizada polo Colexio de Arquitectos de Galicia. Na sala de mostras da Delegación do Ministério de Cultura en Santiago. Rua do Vilar 31. Do 23 de outono ao 9 de santos. Todos os dias, ás 8,30 do seran.



proxección do corto "Carlos Maside", de Xosé Diez.

TINO GRANDIO. Pinturas. Galería Sargadelos. Rua Nova 16. Santiago. Organizada pola



Galería Fauna's de Madrid. Do 10 ao 31 do outono.

RADIO

CADA DOMINGO, desde a 1,15 ás 2 da tarde, o programa da Asociación cultural AVANTAR do Carballiño, en Radio Popular de Ourense.

TEATRO

XOVES, VENRES, SABADOS, DOMINGOS, ás 10 da noite, "Eu, Maiakovski", con textos de Vladimir Maiakovski. Obradoiro de Investigación Dramática do Círculo Ourensan–Vigués. Sala Carral. Rua Carral-18-baixo. Vigo.

curso de língua

M. PILAR GARCIA NEGRO
XOSE M. DOBARRO PAZ

Duas

ROSALIA: O DESPERTAR DA NOSA IDENTIDADE (I)

"San Antonio bendito,
dádeme un home,
anque me mate,
anque me esfole".

Meu santo Antonio,
daime un homiño,
anque o tamaño teña
dun gran de millo.
Daimo, meu santo,
anque os pés teña coxos,
mancos os brazos.

Unha muller sin home...
¡santo bendito!,
é corpiño sin alma,
festa sin trigo,
pau viradoiro
que onda queira que vaia
troncho que troncho.

Máis, en tendo un homiño,
¡Virxe do Carme!,
non hai mundo que chegue
para un folgarse.
Que, zambo ou trenco,
sempre é bo ter un home
para un remedio.

A semana pasada falabamos, a propósito se X.M. Pintos dun feito cultural de enorme transcendéncia como foi a recuperación do uso escrito da nosa língua. Este feito ainda cobra máis importáncia se atendemos ao momento histórico en que se produce, cando a ameaza da asimilación se fai máis patente, por mor da nova situación política do Estado Español. O caso de Rosalia, tantas veces mal interpretado, é excepcional en toda a literatura do XIX, por como acerta a expresar na sua poesia os problemas e as contradicións da Galícia do momento, sendo suxeito ela mesma da situación conflitiva que descrebe, isto é, nunca da parte de fóra, senón sempre vendo e sentindo "as suas penas como se fosen miñas", como ela mesma dixo.

Velai a grande validez e a grande autenticidade da nosa autora. Por sio, parénnos falsas todas as interpretacións "diverxentes" do significado da obra de Rosalia que fan abstracción das circunstáncias históricas concretas nas que se desenvolveu e procuran unha explicación ao marxe destas: por exemplo, interpretar Rosalia como un produto seródico do Romantismo ou como froito dunha "conciéncia existencial" ou como intérprete poético dunha angústia metafísica ou, mesmo, nunha interpretación que linga o absurdo, como proxección poética dun "Animus varonil" (!). Todas estas análises parécennos falsas, porque son ideais e reducionistas e porque, no fondo, anestésian o que hai de máis válido na poesia rosaliana.

O poema do que seleccionámos un fragmento pertence ao primeiro libro galego de Rosalia, **Cantares gallegos** (1863). Este seu libro foi calificado en repetidas ocasións de folclórico, denominación que so se pode aceitar se entendemos o folclore nunha dimensión máis profundada que se lle dá usualmente, porque o certo é que Rosalia non queda na epiderme dos costumes, tradicións,... da nosa nación senón que fai unha auténtica **épica** do noso pobo. Epica no sentido de traducir poeticamente aspectos moi fondos da nosa identidade (tanto máis importante por sernos negada) e que non se reduce á mera glosa superficial dun motivo de inspiración popular.

Todos os intentos de converter a Rosalia dos **Cantares...** dunha poeta costumista chocan cunha leitura atenta de poemas como o que escollémos, onde a nosa autora ironiza (cunha audácia inédita en calquera outro poeta peninsular ou mesmo europeu da época) sobre unha institución tan sagrada para a ideoloxia dominante como a do matrimónio. A mesma Rosalia, como muller, non se identifica en absoluto co "modelo" de poetisa da época (tipo Gertrudis Gómez de Avellaneda ou Carolina Coronado) e era perfeitamente consciente das dificultades do papel de escritora nunha sociedade como a que lle tocou viver. Neste poema, vemos tamén como Rosalia fala conforme a espontaneidade popular e sen os prexuicios da moral burguesa dominante.

Comentemos agora algunhas particularidades de índole lingüñistica. Fixémonos nas duas variantes do imperativo que aparecen: **dádeme/daime**, a primeira própria do lugar de orixe desta cantiga popular e a segunda, en cámbio, própria da fala de onde naceu a autora. Hoxe, a efectos de escrita, escolleremos a primeira forma, por ser a máis comun.

Reparemos tamén no sufixo **—iño de homiño, corpiño,** aqui cun claro valor irónico e compasivo, presente noutra moitas palabras do noso idioma, en que alterna con valores afectivos, despectivos,... e non propriamente disminutivos: **riquiño, pobriño, xoiña, monicaquiño,...**

Anque, é probabelmente unha redución do español **aunque** e suplantou polo xeral na fala á forma galega orixinária **ainda que.**

Esfolar ("anque me esfole"), en sentido próprio, quitarlle o coiro a un aniaml, pertence a un campo semántico moi rico no noso idioma. Asi, temos: **derramar** ("non derrames a pluma"), **esfarelar** ("esfarelou o pan"), **esmendrellar** ("esmendrellou a moto"), **esnaquizar** ("esnaquízannos o campo"), **esmagar** ("esmagou o verme"), **destragar** ("destraga todo o que toca"), **escachar** ("escachou o vaso"), etc.

Fixémonos no adxectivo **viradoiro** cun sufixo que aparece noutros nomes que entraron cedo na nosa língua: **lavadoiro, matadoiro, vertedoiro,...**

E finalmente, anotemos a forma **onda** ("que onda queira que vaia"), amalgamade **onde-a,** moi utilizada para indicar contigüidade: "veu onda min", "foi inda o seu curmán",... o mesmo que **canda,** preposición usada para sinalar tempo simultáneo: "virá cando os outros", "fareino canda ti".

CARTAS

CARTA ABERTA:

MARGARITA LEDO.
DIRECTORA DE
A NOSA TERRA
SANTIAGO

Como no seu xornal n. 75 na páxina 8 se me cita implícitamente mándolle estas letras fundándome no direito de réplica.

Falando do problema escolar de Fene dise: "cabe salientar a incoeréncia de U.G., que de catro homes que ali tiña dous votaron a favor e outros dous en contra". As cousas non foron tan xuntas como ali se di. De feito 21 persoas nunca poden empatar. Non houbo pois, a mesma xente nas duas votacións, de feito a maioria da xente xa se queria vir sen facer esas votacións. Eu admito que os concellais de U.G. de Fene e Narón votamos de xeito diferente. Nese momento as nosas realidades non eras as mesmas. Por iso non vexo tanta incoeréncia. Pero xa postos a poñer as cousas claras o que si vexo incoerente e que o alcalde de Fene falase ao final da entrevista co Sr. Delegado da non necesidade de pecharse e asi votou na primeira vez, e pasado o tempo de debate cámbiase o voto pois ao final votou si ao peche.

E seguindo un pouco co tema é un tanto extraño a postura do seu informador nesta zona da nosa nación. De feito en Narón houbo 11 asambleas sóbor do problema do ensino, e o seu xornal nada informou. Nunha destas asambleas houbo 800 persoas (mil segundo a prensa burguesa), que sumadas ao resto foron, pois, varios centos. Tamén houbo unha manifestación á Coruña de 700 persoas, e tampouco a vin reflexada no seu xornal. Esta ignoráncia pódese deber a que o alcalde de Nerón non é do Bloque? . Non quereria pensalo. Por iso pidolle ao seu colaborador Arrizado ou quen sexa un pouco máis de atención.

Hoxe clausurouse na Coruña o II congreso dun partido político un tanto unido a vostede, o do Bloque. Penso que alguna referéncia se faria de como a prensa burguesa trata a este partido. E niso estaremos dacordo. Pero o seu xornal ¿pódese poñer como exemplo de prensa en Galícia? . E repito aqui o que xa teño dito máis veces, como subscriptor quero que algún dia se me aclare cales son os princípios que moven as relacións entre este xornal e os seus leitores. ¿Que tipo de xornal é A NOSA TERRA? .

Si para algo lle valen estas ideas pregolle que as teña en conta, e senon até outra vez que haxa máis sorte.

Saúdos nacionalistas.

MANOLO M. BATAN
Narón
14 de outono do 79

CARTAS AOS CONCELLAIS DO BN-PG

Amigos:

Quero manifestarvos o meu recoñecimento, que é o de todos os galegos que xa despertaron, pola vosa tarefa.

Quero facelo de todo corazón porque me parece coñocer un pouco todo aquilo polo que estades pasando, cando menos aqueles que seguides sen trocar nen un milímetro a liña que hai que seguir, aqueles que sodes fieis ao compromiso contraído, que, até onde eu pode saber, sodes todos sen escepción.

Maxino esas noites que ás veces pasaredes despertos, despertos porque a noite está chea de rabia contida e asco tragado. Meus amigos, maxino facilmente a ánsia con que estaredes contando, día a día, os que faltan para rematar os catro anos, porque sabedes moi ben que ao remate deses catro anos xa non estaredes sos, ou polo menos, tan sos, en médio dos lobos.

A estas alturas supoño que xa todos sabredes, se ainda non o sabiades, quen son os "pais" de "criaturas" como a ETA: son os mesmos que con tanto desprécio lles oides dicer ¡Esos son unos terroristas! . ¿Verdade que si?

Militantes do Bloque, ainda que supoño que moitos de vós xa o saberedes, quero dicervos unha cousa: todos precisamos da crítica, pero os vosos compañeiros nos concellos sempre que non se aparten da liña, precisan unha crítica cariñosa, cálida e chea de comprensión. Se non o facedes asi o voso erro, por inxusto, será cen veces máis grande que todos os que eles podan cometer. Nun concello vin como se riron dun concellal do Bloque —as hienas (1) nunca puido saber nenguen de que se rin—... pensade no aguante, na paciencia grande que hai que ter para estar defendendo o que aquel home estaba defendendo, ver como ¡OUTROS GALEGOS?! se rin dun, e non marchar para casa.

Por isto e por outras cousa que calo, recebede todos vos o máis cariñoso saudo llo máis fondo respeito.

Cando vos vexo no Concello, penso: XA VIVE A GALICIA CEIBE E POPULAR.

UN LEITOR DA
"NOSA TERRA"

(1) Mamífero carniceiro duns 11 dm. de lonxitude dende o fociño o rabo, pero áspero, vive en Asia, Africa e, polo visto, en Galicia.

¡A VER SE CUNDE O EXEMPLO!

Bueno ¡Bueno! ; está ben! : non me mandedes o bicho repoludo, tede compasión, que non sempre se teñen os petos todo e cheos que se quer; pero, xa que vos poñedes así, vouvos pagar.

ANTON GONZALEZ
PARDO
Madrid

ANUNCIOS DE BALDE

Procuraše o número 1 do libro da autoria de Vázquez Seijas sobre "Lugo e as suas fotalezas e monumentos". **Apdo. 12. Pontevedra.**
Tamén 1a edición de "O porco de pé" de Vicente Risco. **Mesmo enderezo.**

Dou clases de EXB, Graduado Escolar e Galego; son mestre con título. **Mara Beceiro. Constantino Lobo—11—13. T. 311486. Ferrol.**

Necesito pegatinas de todas as épocas de todo o MN-PG. **Manuel Brea. Rua da Torre-25. Perlio (Fene).**

Temos biblioteca moi precária e poucas posibilidades de completala. Todos os leitores que podan ter libros en galego dos que non se sirvan, agradeceriamos que nolos enviasen. **Irmandade Galega na Suiza. Cp. 433/1211. Geneve. (Suisse).**

Búsco editor para un libriño de electrónica. Sería un "Manuel teórico-práctico de electricidade e electrónica básica", en galego, claro. Se a editorial fose galega (de verdade), cedo todos os direitos de autor. **Xosé Ramón Rodríguez Fernández. Penaxubeira Rubián de Cima. INCIO.**

A NOSA TERRA

OS TRABALLOS DO LIÑO

COLECTIVO QUEIMAÑO.
Cangas



A PLANTA

A palabra "liño", procede da latina "lignum" que quer dicer "cousa leñosa". O liño é unha planta herbácea, de 0'30 m. a 1'10 m. de alto, que dá, asegún as castes unhas flores de cor blanca, azul ou violeta; ten varios ramos que saen de cada pé levando unha casula (cosco ou bagaña) con sementes (a liñaza) en cada ramificación.

O liño componse dunha sustancia leñosa (75 por 100), interior, e dunha sustancia filamentosa exterior (25 por 100) da que se extrae a fibra para a fabricación de tecidos; estes filamentos están constituidos por celulosa cuase pura.

Os liños destiñados á extracción de aceite (aceite de liñeza) son plantas moi ramificadas e danse millor no hemisferio sul (Arxentina e a India); mentres que os liños destiñados ás fibras textís, son altos e sen ramificacións, e onde millor se dan é nos Paises Baixos, Escocia, Rusia e Europa Central.

O SEU CULTIVO

O liño é unha planta que pide terra boa, con posibilidade de rega; para gabar unha leira dise que "hastra se da o liño nela".

A terra onde se vai sementar o liño, dáselle unha levra con eixadas ou con arado, estércase e pasáselle a grade; despois bótase a liñaza e achándase cun angazo.

A sementeira faise pola primavera e ate que o liño está maduro o único coidado que pide é a "monda" e as "regas".

A monda ten por obxeto tirar os saramagos ou gramas que impiden o crecemento do liño; en canto á rega dise que o liño "ha de levar nove augas" e tamén "O liño cando falaba dicia; que sede pasaba cando chovía", sentencia que fai referencia a como ainda chovendo, o liño pide a rega.

ARRIGA, RIPA E EMPOZADO

O liño bota a flor e despois o cosco "entre que chora (bota flor) e encosquece, coarta e media crece" dise na Limia; non se debe deixar madurar de todo, e cando se vai poñendo de coor amarelo, xa está listo pra ser collido, esta operación é a "arriga", aló polos últimos da San Xoán; así a describe a Historia da Galiza de Otero Pedrayo:

"Nu n canto da herdade poñense varias mulleres, unhas a carón das outras, e coas duas mans, collen un mangado de prentas, tirando amodiño delas deica que se desprenda a raiz logo sacúdennas contra sí pra que se solte a terra e van deixando os mangados atrás deica formar un feixe...".

"Cando as mozas arrigaron un feixe de liño, comenzan os homes o papel de ripadores. Pra ripar o liño úsase un banco longo que ten no meio un pente vertical de madeira os ripadores séntanse a cachapernas, un de cada lado do banco (o ripanzo) e, collendo os dous os seus mangados de liño pola raíz, bátennos alternativamente contra o pente, puxando pra sí, e faguendo que, diste xeito se lle vaia desprendendo a semente. Ista operación vai sinal a ndo cos seus golpes alternados un compás que invita a cantar; por eso a ripa ten nalgúns sitios a sua música especial".

A liñeza gárdase para semente, ou véndese pra facer aceites de liñeza ou ainda queda na casa para remedios curativos.

Despois de arrigado e ripado todo o liño, procédese a "empozalo". Os feixes lévanse a unha poza ou regueiro de pouca fondura e alí asulágase o liño botándolle pedras para que non aboie; asi estaba unhos quince dias, secábase tendido nun lameiro mazábase algo e volvia asulagarse de novo por uns oito dias; este proceso na auga sirve pra obter a separación da parte fibrosa da leñosa, por disolución ou transformación das sustancias que as manteñen unidas; esto dase por mor dunha fermentación microbiana que acontece nas pallas do liño.

Ao final xa se secaba ao sol definitivamente.

MAZAR, ESPADELAR E ASEDAR

A maza consiste en bater o liño cun mazo ou moca de madeira, pesado e cilíndrico sobre unha laxe lisa que en moitos lugares está ao pé da porta das casas; seu obxeto é quebrar a parte leñosa da planta para que queden libres as fibras do liño.

Cada mangado de liño acabado de mazar chámase unha "maza", duas mazas forman un "par" e cada doce pares "un augadoiro". Despois doutro proceso que é, "a deluba", esfregar as "estrigas" pra que o liño perda a "aresta" ou parte leñosa que quedou na maza. Ao fin as estrigas xúntanse en "afusales" e gárdanse en sitio seco.

Aló polo setembro, ao chegar o tempo das chuvas, daban comenzo as espadelas. O obxeto das espadaladas é separar as fibras do liño das pallas leñosas fracturadas na maza. E un traballo exclusivamente femenino. Os instrumentos que se usan son, "o espadeladeiro" e "a espadela".

O espadeladeiro ten forma de T invertido, e consta dunha táboa vertical, coas beiras recortadas onde se pousa a estriga que se vai espadelar e que encaixa noutra táboa que sirve de base. Tamén se pode usar un cortizo como espadeladeiro.

A espadela e un coitelo de madeira de forma triangular; ambos trebellos acostumbran a ser decorados con motivos simbólicos, xeométricos, rosáceas, etc...

A espadela pódese facer sentados ou de pé; o que si é sempre unha festa colectiva onde se convidaba a todos os mozos e mozas da parroquia e ainda de fóra dela.

A espadeladeira colle unha estriga de liño pousa a no fío do espadeladeiro e bátea coa espadela pra facerlle cair as febras máis leñosas ou "tomentos"; estes serán usados para facer tecidos bastos como sacos, xergóns, etc... iaos restos da segunda espadela chámanlle "tascos" e son máis finos que os tomentos.

Despois da segunda espadela o liño volve quedar en estrigas para proceder a "asedar". Co asedaxe separánse as fibras máis longas das máis curtas que son as da "estopa"; iste proceso faise co "sedeiro" que é un restrelo de madeira con dentes de aceiro, polos que se van pasando as estrigas hastra limpar o liño da estopa, que vai quedando nos dentes do sedeiro.

A estopa vai ser utilizada despois pra tecidos burdos, pra asentar as billas das pipas, na fontanería, etc...

Así o liño sepárase en "manelas" que é como se chaman agora ás estrigas, varias manelas forman unha "meada".

As meadas do liño quedan dispostas pra seren fiadas, despois de deixar como subproductos:

—os tomentos da primeira espadela.
—os tascos da segunda espadela.
—a estopa do sedeiro.
—e por fin, o liño.

Niste proceso nada tuvo desperdicio.

As esceas da vida dos exipcios do tempo dos faraóns, acreditan como traballaban o liño cos mesmos procedimentos e operacións que facian os labregos da nosa terra.

Unha industria tan penosa non podia resistir nestes tempos se non se introducian modificacións técnicas; por causa da dependéncia da industria en Galícia, esas modificacións non se deron e quedou asi esta riqueza do noso país no trance de desaparecer.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 82 * DO 16 AO 22 DE NOVEMBRO DE 1979 * 30 PTAS.



AS COFRADIAS QUERENSE GOBERNAR

PEPE DOMINGO CASTAÑO

"TRUNFANDO A MIÑA MANEIRA"

COMENZA A DEFENSA DA GANDARIA NACIONAL

Ilustración: XULIO MASIDE

AS COFRADIAS QUERENSE GOBERNAR

Habia eleicións de catro en catro anos pero xa se sabia quen ia sair porque "viña o señor Montero, do Sindicato Provincial da Coruña e o Garcia Ramos, que foi xerente do Plan Marisqueiro, e arranxaban todo". Nelas entraban millóns de pesetas, pero nen se sabia se habia un patacón. Viñan cartos do Plan ¿para onde? Comprabanse sachos e rastrillos e resulta que ninguén os usaba "nen que fora unha compra fastasma" e até non aparecian nos inventários. Cova de intereses particulares, foron esmorecendo mentres facian de comparsas. E viñeron, tiñan que vir, anos malos para todo o sector pesqueiro e moi en especial para o marisqueo. Outra vez os mariñeiros teñense que dispoñer para que o aniquilamento non sexa total, e o papel que poidan xogar os Pósitos debe ser ben diferente. Deste xeito empezan a aparecer Xuntas Reitoras provisórias, como a do Grove, ou cabildos con outro feitio como o que entrou no ano 76 en Rianxo, e o que o sucedeu no 78 moitas, como a de Muros, non funcionan e outras, como a de Noia, prepara elecións para o 2 de xaneiro. Quizas sexa a Cofradía de Rianxo unha das pioneiras na democratización das mesmas e por iso falamos con xubilados do mar, con bateeiros, co Patron Maior, con mariñeiros para que conten como poden traballar, daqui en adiante, os Pósitos. Foron, Anxel Galván, Xan Cebreiro, Xan Manuel Bravo, Luis Galván, Xosé Ordoñez, Xosé González, Fernando Alcalde, Xosé Lesende e Xan Ordoñez.

O local é do 1927, un local que fora almacén de carburos naqueles tempos en que o "Pósito de Pescadores de Rianxo" estaba na casa onde vivia Rafael Dieste. Con este mesmo nome "Pósito de Pescadores de Rianxo" mandou os seus estatutos á subsecretaria de pesca hai mes e médio. Pero non llos aceptaron precisamente polo nome e por ir en español pero traducidos do galego. Asi, os Pósitos seguiran co vello bautismo franquista: Cofradías.

Hai anos, non moitos, ao se abrir a veda o primeiro de outubre, os mariñeiros pagaban as deudas do verán, compraban unha chaqueta, vivian, uns indo á ameixa fina e ao berberecho dos bancos naturais do Ulla, outros indo cos Bous á nécora. Na outra beira do Ulla, en Carril, andabase a vela ao camarón.

"O río de Padrón (o Ulla) só o explotaba o pobo de Rianxo. Eu teño ido traballar o berberecho a 8 pesetas o caixón para a própria fábrica de "chipicocas" que está en Carril, iamos por turnos. Entón había só catro ou cinco viveiros —a Tecelana, a Nica, a de Miramar o Gato..— pero agora, agora temos que valernos dalgunha batea para ir tirando porque os furtivos chegan cos seus motores rápidos e levan ate aos rapaces (a cria), levana para as cetáreas, que están por todos os lados; ou veu ese sindicato (CC.MM.) e abriu a veda da nécora todo o ano e non somente para a zona da costa senón na ria, e matounos; ou os centos de toneladas de area que veñen buscar aos bancos naturais os que a venden nos postos de Catoira, Cesures... E un consentidor: o señor comandante, sempre decíndonos que ia mirar... '.

A PODRIDA LEI DE ORDEÑACION PESQUEIRA

Anteriormente, o Patrón Maior de sempre foi José Maria Vicenti Alcalde, comprador de marisco, amigo de Meilán Gil, que gobernaba xunto co secretário —hoxe funcionário do Instituto Social da Marina, até que un home do seu mesmo cabildo decidiuse a formar unha candidatura para as eleicións do 76 e gañou. Saiu Patron Maior Xose Ramos, na actualidade alcande de Rianxo, e o Pósito púxose a andar con 3 millóns de capital social a pesar de ser anos malos para o marisqueo, e continua a andar co Cabildo elexido no 78, que escolleu como Patron Maior a Fernando Alcalde. Empezóuse a traballar na Casa do Mar, tiróuse cara arriba co cais, a xente puido traballar nas praias, viñeron cartos do Plan Marisqueiro e todos viron como se distribuian, fixéronse asambeas xerais para todo o pobo, traballouse no proxecto dunh lonxa, equipada con frio para a conservación das capturas e en palabras do Patrón Maior "o que resaltaria é o que pode face; unha Xunta Reitora cando ten ganas de traballar. Porque eu entrei en abril deste ano e tiñamos de capital social 1.900.000 pesetas, que con algo que habia por pagar quedabanse en 1.750.000. Pois con estes cartos fixémoslle frente a unha obra que vale máis de dez millóns e conseguimos que se chegue ao remate empeñándonos en pouco máis de dous. Pero mirando para o mar vemos desde o furtivismo —que non teria azón de ser se non fose polos conserveiros, exportadores, depuradoras, cetáreas que mercan o marisco roubado—, a formas caciquis de comercialización e mesmo o rachamentode formas tradicionais de vedas e capturas. Pero o pior, de onde sale todo o mal, é da podrida lei de Ordenación pesqueira que troca os bens públicos en bens privados —como exemplo ai esta a Industrial Marisqueira de Vilagarcia".

A MARINA QUEDA DESBORDADA E...

E para seguir co exemplo da Industrial Marisqueira se un é un capitalista cun millón de metros cuadrados e ten que percurar cria para a sua explotación vai onde a hai, bueno, un esta na oficina, que puidera ser unha oficina de Obras del Puerto, e o que fai é mandar xente quitar cria proporcionándolles motores superiores aos que ten a vixiláncia que non parece preocupase muito en sairlles ao paso.

A VIXILANCIA, O OUTRO GRAVE PROBLEMA

"Desde o ano 39 o único que quedou no mar foi a armada mesmo como delegación do Ministério Civil como o de Transportes e Comunicacións cunha série de atribucións que non pode cumplir porque se ve superada polos furtivos en poténcia de embarcacións. E o certo é que cos catro ou cinco mil millóns que lle paga o Ministério de Transportes á Marina, máis o 0,8 de Obras del Puerto —que as veces nen se sabe para onde van— a vixiláncia seria outra cousa, porque a outra, además de desbordada, chegase a dicer que está sobornada e todos temos visto aquilo das duas mil pesetas no rol para cando chegue a lancha".

¡AQUI ESTAMOS NOS!


Os mariñeiros consideran furtivos, "usurpadores" dos bens dos mariscadores, aos que compran marisco en tempo de veda, ou espécies inmaturas ainda que a veda estexa aberta; as importacións ilegais e especulativas (importar como cria e vender como produto), aos que non respeitan o tempo de depuración do marisco, os que teñen relacións caciquis coa administración e ven duas solucións, para as que xa están dando pasos, como é negociar con Carril a defesa do rio Ulla por parte de ambas Cofradias e a elaboración dunhas regras: a partir de aí que veña quen quera ao rio.

"E o das praias. Nos repoboamos as praias, iamos cen ou douscentos, pero cando chegaba a época de mariscar viñan do Corbellon, de Noia, viñan os de Carril, viñan os da aldea e a isto agora non podemos chegar sen un estudo previo das praias e un reparto proporcional aos asociados, non para un viveiro senon para facer cooperativas de 20 ou 30 e así ir recuperando as nosas praias e impedindo que entre o capital privado. Claro que unha Administración como esta non é igoal que unha galega e até que esta chegue imos ter pouco que falar pero polo de agora xá podemos dicir ¡aqui estamos nós! porque... ¿se até teñen contradicións como esta: ven no periódico que un tal Paco Garcia Bobadilla é o novo xerente do Plan Marisquero e, por outra banda, por decreto, estaba nomeado Manolo González, un home de Palmeira, un economista moi vencellado ao mar, coa carreira de náutica terminada.. ou esa conselleiria de Calviño.. porque non son só as Cofradias, a xente do mar ten que copar todos os entes...".

E mentres os bateiros collen con agarimo as nécoras pequeniñas que ven nas cordas do mexillon e as botan ao mar, ven o naseiro e levaas para unha cetárea a vender.

E vendeas. E mentres o veraneante pode baixar á praia por un caldeiro de berberechos ou cunha escafranda a coller nécoras, os recursos e o direito ao traballo, neste caso das xentes de Rianxo, vanse deteriorando máis e máis. Por iso esta e outras Cofradias quérense Gobernar.

M. LEDO





A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 85 * DO 7 AO 13 DE NADAL DE 1979 * 30 PTAS. - Fora de Galicia: 35 Ptas.

HASTRA QUE O CORPO AGUANTE



Ilustración: ALFONSO SUCASAS

FOTO: XURXO FERNANDEZ

4 DE NADAL: NUNCA SEGUNDAS PARTES...

PORTUGAL CARA OCCIDENTE

CELTA-DEPORTIVO: NEN POUCO NEN NADA

"O nacionalismo é froito de sofrer certas aldraxes como sofrimos na emigración. E como Rosalía, ao sair é cando sinte as aldraxes do galego, antes era unha poesía de diversión pero despois escrebeu as cousas máis fortes que se escreberon contra os castelás. Ernesto Janeiro "si, con jota, que está ben escrito como nos arquivos, e deciase xota", foi nacionalista antes dos vinte anos e continúa sendoo máis alá dos sesenta. Emigrou porque "¿resolve o problema da fame? individualmente a algúns sí, pero mata cousas que valen moitos máis sen contar con que eu son dos que creo que aquí, esta terra dá para todos". Despois da guerra xa se quedou no Carballiño definitivamente, gran conversador, con el tanto ten falar de como debe moerse o grau para facer boa bica como de que agora somos emigrantes dentro do propio país traballándolle as materias primas —millo e "soja"— que traen da América, criando carne para fora...

O CORCHEIRO

"¿O principal enemigo? pois os galegos desleigados"



Fotos Xurxo Fernández

Vendíanse os eidos e a casoupa, daban para o pasaxe e despois iase formando a cadea dos uns que reclamaban aos outros. A vostede reclamouno unha tía e ala foi.

Funme aos 16 anos ¿que de qué traballaei? pois de todo como todos os galegos... diso é mellor non falar... doce horas, ter un sábado á tarde libre, comiase algo mellor, iso si, pero só o que fose con idea de sofrer podia chegar a aforrar uns pesos e montar un negócio... dazaseis horas detrás dun mostrador, acabar cos pés... eu traballei primeiro nunha merceria e despois na hostelería.

Fálase moito das consecuéncias sicolóxicas da emigración.

Bueno! e máis daquela que as distáncias eran eternas, era como se non se voltara máis. A traveia levaba 16 dias. Collin o barco en Vigo, os emigrantes iamos en terceira. Primeiro era esa sensación de romper coa Terra cando o barco pega o sirenazo. Logo, ún vaise afacendo cos compañeiros. Ao fin a vida segue. E como nas cárceres, os homes refacémonos, como nos campos de concentración que as pasabamos negras pero tamén tiñamos os nosos momentos de alegria e veña a cantar e xogar. No barco faciamos troulas e bailes, habia mocidade... Despois ven a chegada e isto si que é outro golpe, o desfacerse aquel círculo, o choque con outra vida.

A existéncia de diversas sociedades é, porén, moi importante?

Si porque nós faciamos a meia Galícia, meia Galícia que os domingos recreaba o espírito cantando e bebendo. Na Arxentina habia unhas cen: trinta federadas, outras vinte noutra Federación -sempre houbo escicións-, e moitísimas sen federar. Cada Concello cun número relativo de viciños tiña a sua. As tardes, cunha orquesta cantábase, viviase a Terra. Os sábados iamos beber viño do Ribeiro, era como vinagre pero como era do Ribeiro... e a tomar o pulpo e a copa de augarderte ao almacén -que é como se chaman os bares. Ao ser galego topabas ambiente. O malo é que a xente non estaba galeguizada, escondiase, foi Castelao o que fixo ali unha labor inmensa porque daquela era encontrar cun galego e " que hases che... en onde trabajás..." eu fala galego e el solta castelán, eu fala galego e el solta castelán... era precisamente a nosa loita na Pondal, o máis duro que tiñamos. A influéncia de Castelao foi decisiva (o Centro galego, por exemplo, antes era reaccionário) eu penso que tiña esa cousa que comunicaba cos outros e ganabaos para a causa; mesmo esa História de Galícia en tres tomos foi editada por Manuel Puente, un xudeu! -falo no sentido económico-, pois el foe e conquistouno para que a financiase con miles de pesos. E igual que era cos de arriba era cos de abaixo, era maleábel, e metia no saco todo o que servira a Galícia.

Vostede formou parte da Pondal, dos que se coñecen como "arredistas", cal era o seu ideário?

Era o que hoxe se chama Autodeterminación. Mira, o que daquela se dicia "galeguismo", na emigración era máis radical, por exemplo nós niso do idioma non pasabamos. Si, tiñamos certa admiración por alguns homes, creadores, como Otero Pedrayo, por afora admirabamolos pero de cara combatiamolos. Nós non eramos xente de cultura, éramos xente traballadora (chámolle xente de cultura nun sentido académico), éramos autodidactas, o que se chama facerse a pulso, e polos galeguistas tiñamos certa admiración como, digamos, poideran ter os partidos comunistas polos primeiros socialistas. Eran os iniciadores, pero eles maiormente asumian unha cousa da burguesia, nós xa tiñamos algo de proletário, do pobo... e eso era o que habia na Pondal, onde eu cheguei ao nacionalismo. Habia ali homes de envergadura ainda que non sonen: Vicente Barros, un pintor de brocha gorda que era de Mourente; un tal Lamas Barreiro, de Ourense; Bieito Fernández que foi presidente. Despois, coa guerra, perdin todo contacto até que din con esta xente nova que apareceu polo Carballiño, andiven roendo so a miña idea porque, claro, eu non era académico, eu non me relacionaba con esa xente de Piñeiro e Galaxia...

Referiuse a Castelao do que non é raro ver como se dá unha imaxe timorata ¿é?

Para min é o máis grande e admirábel que saíu do galeguismo, un home afábel, non era un home de coller o fusil -e ao millor si- porque a saude non lle axudaba, pero antiimperialista érao, abonda con ler "Sempre en Galícia". Non era como Alonso Rios ou Suárez Picallo que eran homes, se se quere, de loita física... porque Picallo era un home que andaba na guerra cun pistolón e se facia falta... Castelao bastante tiña con soster o seu corpo e traballaba coa sua mente.

Como entendian vostedes naquel entón a autonomia?

Nós, ainda que non éramos autonomistas, daquela gostábanos que se movilizase a xente; hoxe xa non é un avance grande pero daquela só falar e escreber en galego era xa unha cousa importante ¿e desta? nós non temos nada que coller, teñen eles que coller e o dia que non lles sirva danlle unha couce.

Aos 21 anos veuse facer a guerra ¿ou?

Viñen facer o servício militar que me correspondia por quinta e porque sentia a causa, identificaba República con nacionalismo e con todo o que fose liberdade. Viñemos no 36 comunistas, socialistas e nacionalistas coido que só eu. Embarcamos o 25 de xullo e estivemos ali seis dias porque lle prenderon lume ao barco, o cabo San Agustin que traia un cargamento de algodón que foi onde lle plantaron lume, unha manobra probabelmente da compañia ou da direita, e as bodegas empezaron a arder para nos meter medo e que desaloxasemos. Mandaronnos desembarcar, que non viñesemos, que se xa viriamos, houbo coacción e de cento e pico quedamos sesenta. O barco andivo a arder con lume falso catro ou cinco dias até que a tripulación, a maioria galega, dixeronlle aos bombeiros que lles deixasen as caretas e baixaron a apagar. Fixemos a traveisia sen novidade, sen tocar ningun porto. Valéncia. -De Valéncia a Barcelona.

¿En Barcelona coñeceu a Castelao?

Entereime pola rádio e funno saludar. Despois perdino de vista, el foi para Madrid. Recibianos ben. Eu traia unha insígnia da Fouce e a estrela coa bandeira cruzada e en canto me viu xa me votou a man "ti eres dos de Fouce, non?"

Si, e o mesmo emblema que agora colleu o PG ainda que o ideário non se corresponde... en canto ao periódico "Fouce", que recollian nel?

O Fouce era mensual ou cando habia fondos para o sacar porque non se cobraba e mandabamolo a todos os sítios que houbera galegos. Recollia as campañas que se facian aqui, acórdome que habia a loita contra do do gado, o mesmo que hai hoxe case; contra a emigración; o do idioma; a campaña política como a do Estatuto que ainda que non a apoiabamos publicábamos alguna cousa; habia o das carnes do Uruguai que era cando se estaba importando e destrozaba a gandeiria, en fin, nós desde alá...

Vostede veu facer a guerra ¿e certa a idea que se espallou de que Galícia entregouse?

Non se entregou, o entregador foi Casares Quiroga. Porque en todos os sítios onde un Gobernador lle dixo á xente "a rua", os militares non triunfaron. En Galícia saiu a última hora o Gobernador Civil da Coruña, que morreu el e a sua muller, e resistiron cando xa os outros tomaran todo. Aqui mesmo, no Carballiño, estiveron nos montes, sen armar, agardando a que se dixera algo "calma, hase arranxar" e o que se arranxou foi encher o cemitério de cadaveres. Daquela o noso pobo ainda estaba máis



desinformado, seguíase a dirixentes pero as masas non opinaban o que está pasando hoxe nas reunións que a xente non fala porque non ten costume-, pero tiña vontade de loitar. En Vigo durou aquelo matando xente moito tempo e despois "pasados" daqui para alá. Eu estaba no frente de Aragón e cada dia pasaban soldados galegos, mestres galegos, para aquel bando. Logo véu o campo de concentración, que ainda que se estaba mal peor eran as cárceres porque botei un ano na de Zaragoza e estabamos 3.000 presos nunha que tiña capacidade para 250...

Como ve o proceso de galeguización do noso país?

Hai cámbios, pero non na xente madura, nos mozos. Sempre digo que dos 40 aos 60 non hai nada, todo podre. En diante algun bon, outros botan a manta á cabeza. Na xuventude si que hai, un movimento que ainda se está perfilando, que ainda non é nada pero que ha servir a Galicia.

O seu reencontro co nacionalismo, realmente cando ocurreu.?

Un pouquiño eran os de Galaxia, quedaba aquelo de "irmans" como nos tratabamos antes, e ainda que non era o meu na escuridade un vai para a regandixa que ve... e para min xa era algo "O Gaiteiro de Lugo" escrito en galego. Pero, realmente, hai 3 ou 4 anos cando topei a estes rapaces no Carballiño e que para min foi unha sorpresa porque eu non ía a Santiago nen por aí, eso que nunca deixei de ser nacionalista.

E o proceso autonómico actual que opinión lle merece?

Penso que está moi frio. Eu quixera ver, ainda que non son dos partidários e penso que a Autonomia non resolve, quixera ver centos de miles a se enfrentar con Madrid xa que, aparte de sutilezas e manobras, a apatia é pior... eu non vou como protesta pero "eu non vou porque tanto me dá"... ademáis muitos pensan que van defendendo a Galícia... por exemplo, nas eleicións chegamos a unha parroquia e os mozos que ian comigo dixeronlle a un home "e votou socialista, e tal...", "pois eu pensei que votara aos mellores", contestou. El non sabia nada de nós e non se lle pode dar unha couce e digo que iso era o bon de Castelao, meterse en todo, enfrentarse... comprendo que esta é unha táctica dun home de edade pero é que os paus déixan apampado, en cámbio pasando a man polo lombo...

Coida entón que calqueira popular se mete na causa?

Si home, se non o pensase eu tampouco estaria na causa, estariamos perdendo o tempo, único que aspiremos a ser uns dictadores senón temos que pensar que se hai pobo que non está connosco é porque non nos coñece e temos que facernos coñecer.

¿Polos meios de comunicación?

Eses mandariaos cortar todos... ainda non sei que é o que se pode facer en contra deles. Eu própio sei porque son como o ourizo cacho pero os nenos, e os nenos espiritualmente, sen alfabetización ideolóxica... eso é arrepiante.

Margarita Ledo

Co estudantado na rua

SANTIAGO ERA UNHA "FESTA"...



FOTOS: F. BELLAS

Nos últimos tempos, parece que as movilizacións estudiantis teñen remitido un tanto, Após o pechamento dos centros universitários, factor que foi precisamente o que acendeu o conflito nas cidades que ainda non se movilizaran, o estudantado volveu ás clases, ainda que de cando en vez haxa algunha que outra asamblea masiva, e se afirme públicamente que o conflito non está superado, á espreita de "medidas máis concretas" en relación cos pisos de aluguer. A fase máis violenta desta movilización estudiantil ten rexistrado caracteristicas descoñecidas para os habitantes habituais da cidade de Santiago, que ainda lembran as loitas estudiantis da derradeira etapa do franquismo. E é que a democrácia, entre outras cousas, moito ten cambiado ao estudantado...



Os primeiros dias, todo veu sendo ao estilo de sempre, ainda que iso si, os compoñentes "festivos" ou "folklóricos" daquela primeira manifestación autorizada revelaba que a cousa era ben diferente daquelas "sérias" movilizacións que acababan infalibelmente en duros enfrentamentos coa policia da Dictadura... Os estudantes cantaban estribillos festivos en troques daquel "Venceremos Nós", tomaban a broma os problemas... O ar festivo non se perderia nos dias seguintes, o mesmo nas asambleas que na rua. Os coches empezaron a aparecer cruzados nas ruas, para quitarlle paso á Policia, ou polo menos ese era o pretexto ao comezo. Logo xa se cruzaban por sistema, e o cruce de coches convertiuse nun elemento lúdico máis daquel gran xogo que era cada unha das movilización en si. E xa estamos metidos no seo do fenómeno. Ecos do arquimanido Paris do 68 nos chegaban a través do "Loitemos creativamente", e en efeito, cada un dos pechamentos que sucesivamente desaloxou a Policia foi unha manifestación, en parte, de creatividade... E tan ben o deberon pasar, que houbo un fato de estudantes que, á marxe do resto, decidiron volverse pechar pola sua conta, pensando, e asi o dixeron, que "ese era o camiño".

Nese contexto aparece o compoñente "Santiago de Chile". A xa mitica rua do Ensanche santiagués convertiuse en escenário da creatividade nocturna de bastantes estudantes, que, contra as protestas dos sofridisimos viciños, levaron adiante ceas, queimadas, bailes de disfraces... A intervención dun condutor bébedo tentando levar estudantes por diante do seu Ferrari, ou a brutal actuación da policia unha noite, aumentáronlle atractivos á festa. A mesma actuación da Policia, non obstante entraren en pisos a pelotazos de goma, non obstante ter de ir unha muller de edade ao Hospital ben grave, tivo ares folklóricos, cos Policias respostando con berros de "Burgueses!", ou "Bajad si teneis huevos!" aos de "Asesinos" que lles largaban desde arriba. E un novo elemento, as fogueiras, que tamén servirian para lle cortar o paso á Policia, pero que a súa multicor preséncia encheu de seguro máis sítios dos necesários. Comandos emascarados, ou reivindicacións "sérias" polo médio, engadian o ponto necesário para que o "movimento" non se decantara plenamente en "follón".

En asambleas, sempre houbo quen insitiu en que "ese era o camiño". ¿O camiño cara qué?. Galin, unha imaxe máis do Santiago cosmopolita, definiao seguramente con exactitude nunha asamblea: "¿El Burgo?. Es secundario. ¿Los pisos?. Es el pretexto. Esto es que el estudiantado se encuentra en un momento bueno y hai que exteriorizarlo". Nen máis nen menos. Coidamos que, a realidade dos problemas a marxe, a movilización santiaguesa destes dias de atrás, velai ten ao seu teórico.

X.M.González

O día 3

FOLGA PARCIAL DO MAR



XURXO FERNANDEZ

Para luns dia 3 CC.MM. tiña convocada unha "Folga do mar", "para exteriorizar a protesta dos mariscadores polo emprego das artes ilegais e esixir o cumprimento da lexislación vixente".

Os paros tiveron certa importáncia na zona sul, en que, polo que parece, somente nos portos de Cambados, de arrastreiros que empregan o can, e Santa Uxia de Ribeira, non se rexistrou paro, segundo informacións do sindicato convocante. En total, por riba dos 8.000 mariscadores seguiron o chamamento das CC.MM. e outros coma o de Rianxo, localidade onde se rexistrou un paro total ao que chamara o Patrón Maior da Cofradia, en solidaridade coa Illa de Arousa e a prol dunha delimitación racional dos lugares onde faenar co arte arrastreiro. Noutros sítios, coma Bueu, a Axudantia de Mariña "apoiou" a movilización pola sua conta, impedindo a sajda dos barcos á faena. No resto dos lugares, os paros foron case sempre parciais, maioritários nuns casos e non tanto noutros.

Na zona norde, somente o porto de Sada, por certo, non marisqueiro, rexistrou accións en solidaridade coa chamada.

Luns de noite, representantes dos arrastreiros, xunto co alcalde de Cambados, realizaban unha roda de prensa, na que expresaban o interés de chegaren a un acordo "entre irmáns" cos vareiros, e denunciando "intereses alleos, que sen a sua presencia, xa teriamos chegado a un acordo cos da Illa". Ao tempo, dirixentes das CC.MM. trasladábanse a Madrid unha vez máis.

PUNTOS FUERTES
FICHET
CONTRA ROUBO
CONCESIONARIO SIDESE
para Ourense e provincia
Galerías Roma, tda. 5
Progreso, 95
Tlf. 231706 – OURENSE

X
Xeito
PONTEVEDRA
SOPORTAIS DA FERRERIA, 4

Autos AMOEIRO
COMPRA CASA
A EMIGRANTES
Rua Saenz Diez, 8
Teléfono 234
Rua Saenz Diez
Teléfono 2330
OURENSE




A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 86 * DO 14 AO 20 DE NADAL DE 1979 * 30 PTAS.

O PRIMEIRO, AMAMANTAR



SARGADELOS, MEMORIA LISA

do noso albor industrial





...le do rio do Xunco, na "fábrica vella"

E unha parroquia larga que debala no mar, no mar lugués, con meio cento de casas abertas onde, dous séculos atras, polo 1791, don Antonio Raimundo Ibañez, vido das terras fronteirizas de Astúrias, tivo folgos e cabeza para soerguer a primeira fundición de ferro colado en proceso contínuo; a primeira empresa de altos fornos que ha facer materiais de guerra ao pouco tempo, e que ha quedar baixo foro militar a partir do 1798. Anos máis tarde, a primeiros do século XIX, aproveitando a crise de importacións de louza inglesa, Ibañez monta a fábrica de louza e introduce o decorado mecánico na produción de pezas. Ibañez, un ilustrado de bon tratamento que morrerá a man do inglés baixo un linchamento popular no 1809 porque muito interesa aos poderes estranxeiros e moi pouco preocupa a Administración: "a incipiente industrialización de Galicia andaba a ser combatida por intereses alleos que aliados aos seus coincidentes dentro do país conseguiron, por exemplo, fundir as fábricas de mantelarias da Coruña..."

Hoxe o relevo do inglés collérono os alemans, e foi unha das suas multinacionais, a Rosenthal, de ganchete coa Banca española —o Urquijo— e dun ilustre, demócrata e intermediário, don Manuel Iglesias Corral senador hoxe pola UCD, onte pola CDG... quen todo farian e fixeron para tirar o que volta ser un complexo industrial transformador das matérias primas próprias, con man de obra da bisbarra e unha parte da nosa história non só industrial máis tamén cultural.

Compre, porén, peneirarnos desde o princicipio.

MARGARITA LEDO
Fotos: XURXO FERNANDEZ

SARGADELOS, MEMORIA LISA

do noso albor industrial



O soplado é a vida das pezas de cristal

culación aparecese calquer chiringuito. Unhas ruinas, coa saiva de verdello do rio do Xunco no que Ibañez argallara unha presa de chanzos regulares, quizabes para enflevecer a erosión da areia, ao remate do paseo dos namorados, nome que, como a todo, lle foi poñendo a práctica. Unhas ruinas coas que se perderon 3 tomos da história industrial do noso país e nas que somentes a fábrica de louza espallabase avante por unha hectárea.

E é que paseniñamente, tronzando o primitivo ideário de racionalización e planeamento industrial, Sargadelos foi pasando por catro administradores.

Unha foi cando a tiveron arrendada vinte anos os De la Riva, de Santiago. A fábrica, cando a pillaron, iba mal e déronlle un empuxón grande. Entón os fillos do Marqués tentaron outravolta facerse con ela porque viron que era negocio e querian que lles abonaran as milloras. Viñeron os pleitos e o peche. Despoixas abriria, uns cantos anos, para pechar definitivamente no 1875.

Pero o complexo mantense hastra que chega a man dun bebedor empedernido, dun xogador empedernido... a xente di que xogou á sua filla, non tendo xa que xogar, e perdeuna. Con tal mala sorte para a rapaza que quen a gañou non a quixo. O seu nome era Cienfuegos, estaba por Madrid e cando viña a Galicia faciao para vender cousas e sacar rendas. Un bon dia dixéronlle ao Cienfuegos que ía vir un catalán facer unha fábrica de refractario e que lle podia mercar o que tivera en chamota, en escombro. Dixo: ésta é a miña. Fíxolle unhas fotografias, que son as derradeiras que quedan, subiuse ao monte e voou todo con dinamita. Resultou que o catalán nen lle mercou a chamota porque mesturou todo: pedra, refractario... e o que fora adiantado da industrialización axeitada e ao servicio e respetando o país servia agora para facer unha carreteira cos seus osos.

Teño ouvido que chegou a haber, entre os que habia na fraga facendo carbón, carreteiros e todo eso, uns 2.000. Viñeran tei —

Teño ouvido que chegou a haber, entre os que habia na fraga facendo carbón, carreteiros e todo eso, uns 2.000. Viñeran moitos de fora. Bascos, catalans, de Asturias; traian personal especializado doutros centros de fundición, tamén portugueses que eran ceramistas nos arredores, coma pingas, chegou a haber 1.000 casas e se para cocer unha fornada de ladrillo —porque despois a usaron outros certos anos— habia que turnarse metendo leña e dia e noite hastra valeirar vintecatro ou trinta carros, pense o que era daquela todo a carretarse con parellas de bois, a louza a sair para San Cirpián dende a casa do Peso tamén con parellas de bois. Pense o que era aquelo...

UN REGALO DOS ALEMANS

Pero restaba o futuro, as matérias primas encrequenadas no chan, o caolín de Burela, os feldespatos... Nos anos cincuenta o Estado español pón o caolín nas mans da Rosenthal.

Pouco consolaba que o Diaz Pardo, daquela dende o Castro, hoxe director de Sargadelos, estarricara unllas e dentes para que non se entregara o caolín. Semellaba que non habia nada que facer, porque mesmo no sindicato vertical estaba a representación alemana e ali vendíase a diosbendito. Conseguira, eso si, reunir a todos os industriais e presionar para que a multinacional seguira a suministrarlles caolín (na sua intención estaba usalo en exclusiva) e despois o Isaac e a Mimina marcharon para América e montaron aló outra fábrica que ainda funciona. Entre o ir e o vir, acontecera que a Rosenthal, anque a entrega do caolín fixéranlla coa condición de recuperar Sargadelos, quedouse coas miñas e dixo e dixo que alí non se podia facer cerámica, que non ia ter éxito. Foi un tremendo fraude. Un fraude que permitirá que o Laboratorio de Formas, nacido na emigración entre artistas —ún deles, Luis Seoane— e industriais, firme no 1965 un convénio coas Cerámicas do Castro para restaurar Sargadelos, que en fase experimental fai as primeiras pezas no 1968...

E cando alemáns e españois viron que iba para adiante, empeza unha operación tremenda para apoderarse de Sargadelos. Primeiro foi a compra duns pequenos sócios que habia na fábrica para empezar a actuar ao seu través, despois chegariase a querer comprometer ao mesmo director no asunto de Carrero Blanco, sen se esquencer de argallar duas sociedades anónimas para falsificación de cousas, sociedades que foron procesadas e reproduciran en plástico as primeiras figas e mesmo tentando introducir pezas coa firma Rosenthal, made en Germany, imitando a cerámica orixinal. Porque coa Rosenthal habia un ministro vencellado ao grupo bancário interesado na operación, Oriol y Urquijo, e unha rede sinuosa de compinches. A operación seguia.

Don Manuel Iglesias ilustre decano do Colexio de Abogados da Coruña, laiábase de que todo era unha corrupción e senón, aí estaban o Reace, os crimes, que certas cousas non se poden investigar a fondo porque xa se sabe como acaba un... Pero o que se di é que un bon dia deuse sentado no banquillo a un dos abogados testaferros, e cando se viu no banquillo dixo aquelo de que o que estaba por atrás de todo era o Iglesias Corral...

E asi, o cuco non puido seguir distribuindo os seus ovos nos niños alleos.

DEZ ANOS COAS PROPIAS FORZAS

O traballo está dividido en catro grupos. O primeiro fabrica platos, o segundo cuncas, o terceiro cafeteiras, sopeiras... o coarto pezas decorativas. As máquinas, patentadas dende o Castro no 52, están estudadas á medida da capacidade de unha persona. Non hai labor en cadena; o traballo lle corresponde a unha mesma empregada e serve, ao tempo, de autocontrol. POr cada recuncho aparecen letreiros d dibuxolas con recomendacións, unhas sarcásticas, outras estrictas algunhas rimbombante "ao revés dun templo que contaxia respeto aos que entran na sua solemnidade se neste local houbera desorden e abandono estariase a contaxiar dende el a todos".

Mais alá da cerámica comercial veñen as duzias de saliñas onde se investigan procedimentos para recuperación de materias primas, onde se fan analise de pastas e de elementos para crear novas industrias, onde se ve material tecnolóxico —cabecillas, tubos de combustión, hidrociclóns que antes se importaban— ou mesmo unha planta piloto para lle separar ás pegmatitas de Viveiro o ferro, as micas, a turmalina... para que poida sustituir aos feldespatos.

Por fin unha investigación sobre a posibilidade de que os caolins galegos poidan sera utilizados na industria do papel ou un pequeno forno para que o señor Teixeiro, de Vigo, e un alumno, vaian trballando de cara á fabricación de cristal.

140 traballadores e unha propiedade múltiple na que participa O Castro, unha sociedade integrada polos cinco que gobernan diversos aspectos como mantenimento —Enrique Varela tiña un taller particular e veu facer o primeiro tendido para unha bomba e xa quedou— ou coordinación —António Rolle, que era "o cura de por acó" hastra hai dous anos—, e o acordo de incorporar aos traballadores...


E nas diferentes opinións máis inmediatas unha constante: atallou o paro femenino na zona. Antes non, antes, a señora Rosario, que xa morreu hai ben anos, contáralle ao señor Xosé López como iban calcetar polas noites as mulleres para xunto dos fogoneiros, as mulleres dal mil casas que desapareceron.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 92 * DO 1 AO 7 DE FEBREIRO DE 1980 * 40 PTAS.

LOUSA GALEGA PARA O ESTRANXEIRO



Fotos: XURXO FERNANDEZ – PUCHEIRO

Ourense

ESCANDALO REVERTER

MOVILIZACION DO SECTOR DO ENSINO CONTRA A POLITICA DO GOBERNO

Fernando Reboreda:
a mocedade, garantia do futuro

Mapuche nomás, Chile no

C.D. LUGO, SITUACION ANGURIADA

OURENSE

ESCANDALO REVERTER



Unha mistura de empresas en bancarrota, sociedades sen pes nen cabeza, contas pouco claras: eis o afamado deportista

"O dazaseis atopei unha nota na casa: "pase usted por interés"... non lle prestei importancia.
Pasou un dia, dous, ao terceiro
aparecín por alí e entón veu a sopresa:
"según antecedentes que obra en esta Delegación está usted al descubierto en el pago del impuesto de lujo del vehículo OR...."
Despois viñeron as ameazas clásicas de que se en quince días non pago pasa a executivo co recargo conseguinte, etc. Esto non pode ser, dixen,
e fun para a ventaíña respectiva onde me repetiron que tiña sen pagar.
Eu veña a decír que imposíbel.
¿Ten a carta de pago?
Xa me deicaron frio; non, non a tiña.
Pois vaia ao concesionário ver se a teñen eles.
Funme aló e cando entrei co papeliña soltaron tan campantes: "xa sabemos ao que vés'.
Este relato dun dos afectados ourensáns pode repetirse dúcias de veces porque son moitos aso que Facenda vén agora reclarmarlles nada menos que 80 ou 100 mil pesetas, cantidade á que suben os impostos de luxo dos propietários de coches da casa Ford, modelo Fiesta, cantidade abonada no seu día a Concesionária RETASA polos afectados e que esta non devengou.

Un caso máis de fraude dos intermediários anque, paradóxicamente, son responsábeis diante da Facenda os compradores e do que A NOSA TERRA informa, as veces co risco de coller un só exemplo nunha mecánica que utilizan moitos da mesma corda, obrigada polo siléncio cómplice que outra prensa fi sobre destes asuntos, segundo quen os progagonice. O noso protagonista foi diputado pola UCD a raiz das eleccións do 1977, é coñecido como deportista do motor, ostenta unha ristra de presidéncias -Federación Noroeste de Automovilismo; "Escuderia Orense, sociedad deportiva", "Escuderia Orense, Sociedad Anónima"- dirixe "Reverter Competiciones" e como propietário forma parte de "Construciones Reverter" e RESFRE (concesionária de Land Rover) amáis de RETASA, concesionária da Ford, que formou cun capital social de 20 millóns de pesetas distribuidas 6 millóns a nome das Construcións, 6 ao de "Resfré", 1 na persona de Manuel Randulfe, abogado e 7 do própio Estanislao Reverter Sequeiros.



10 MILLONS EN 6 MESES

Pudemos comprobar que, polo menos dende o vran do 79, existen coches da marcha referida dos que o montante do imposto de luxo retívoo a Concesionária; Concesionária que traballou co xestor Adelmo Salgado Lopez que tiña ao frente do seu despacho un home, o sepor Pando, que mantiña estreitas relacións co Reverter. Noustante, dende hai alguns meses, don Estanislao Reverter pasou os seus asuntos comerciais á xestoria de Freire por desavenencias co rexente de Adelmo Salgado.

Aínda así, fontes fidedignas faláronnos de que a través desta última xestoria o que se debe poderia subir aos 10 millóns de pesetas, por non entrarmos, xa, nos rumores que falan de veículos matriculados hai dous anos que tamén estarian en descuberto.

SE VOSTEDE VAI MERCAR UN COCHE...

A mecánica de poder especular con fondos que non son própios é tan cotiá como o é o feito de adquirir un médio de transporte particular. Se vostede vai pagar ao contado, colle e diríxese ás sonadas Concesionarias: ¿canto val? Catrocentas cincuenta mil posto na estrada. Vostede paga, matricúlanlle o coche e ao día seguinte anda tranquilo con el pola rua. O que non se para a cavilar é que nese coste vai engadido ao précio franco-fábrica o 22 por cen do imposto de luxo, e que ese 22 por cen ten un prazo de ese 22 por cen ten un prazo de 25 ou 30 dias para ser depositado na Facenda. Vostede ten o direito teórico de pagar somente o précio en fábrica e coller despois e, pola sua conta, achegarse á ventaíña a pagar o seu imposto. Pero resultalle máis cómodo que a Concesionária se ocupe dos seus cartos. E a Concesionária da nosa história non só se ocupa deles ese mes que ten para facer o que lle pete senón que sigue a ocuparse meses e meses mentras na sua ficha da Facenda vostede empeza a ser considerado un moroso...

Se, pola contra, vostede quer comprar un coche a prazos normalmente diríxese a unha Financieira, que con moita amabilidade dille "nada home, non se preocupe que llo arranxamos". Póñenlle alí 24 letras e un veña a firmalas despois de dar en man a cuarta parte do importe total. A financieira vaille cobrar o 22 por cen sobre a cantidade que lle aplace pero, que remédio. Despois vostede ao millor coida que o que ten que facer a tal financieira é darlle un cheque ou o diñeiro para pagar o coche; pero o que fai é darllo directamente ao

CADRO BLANCO

A inspección fixo visitas, a Garda Civil tamén pero a folga dos ensinantes foi falega e importante.

CADRO NEGRO

Citroen despide traballadores eventuais.

A NOSA TERRA
PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín. Fontenla Rodríguez, Xosé Luis. López Gómez, Felipe Senén. Morales Quintana, Xosé Enrique. Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Antón L. Galocha, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado, Fernando Franco, Ignacio Briset, Suso Piñeiro, Guillermo Pérez, F. Cusí, Xosefina L. Corral, Emilio Veiga (Paises Catalans), P. Iparraguirre, Maialde (Euskadi), María Alonso (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), Juanjo Navarro, Llatzer Moix, Patiño, Vázquez Pintor.

Diseño e Confección: "Galicia, Estudo e Formas".

Fotografía: Brais, Xurxo Fernández, Fernando Bellas.

Publicidade: Antonino Fdez. Torrón Tfno. 582613

Dibuxos: Xaquín Marín, Xulio Maside, Alfonso Sucasas, Xurxo Fernández, P. A. Estévez, Fiz Valcárcel, Pepe Barro.

Redacción e Administracción: Troia 10-primeiro Santiago
Redacción: 582681
Administracción (de 10 a 14): 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset
C. Quiroga, 11-15. Ourense
Dep. Legal: C-963-1977

Distribución: A Coruña, Librería COLON. Real 24, telf. 222206. **Santiago e Lugo,** PRENSA NACIONAL, Telf. 583456. **Pontevedra,** Librería CAO, Telf. 855374. **Vigo,** Distribuidora VIGUESA, Telf. 414570. **Ferrol,** Distribuidora VELO, Telf. 357707. **Ourense,** Vda. de Lisardo, Telf. 230218. **Bilbao,** Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. **Barcelona,** F. Rafales Artal, Telf. 2433658.

Concesionário, e este, xa sabemos, contrata ao xestor e ao cabo de 25 dias ten que ir pagar a que resta dao por suposto e o outravolta resulta que non pagou, que se lle fan falta varios millóns abóndalle con aguantar seis meses os ingresos diários e despois conseguir un crédito indirecto, sen arriscar avais nen cangar con intereses! E como outros muitos Reverter tamén fixo este lío, pero non repuxo a tempo e descubriuse.

(Esta roda de negociar co diñeiro de centos de personas non é somente mecánica dunha Concesionária espelida, senón que moitas opinións coinciden en sinalar que é tamén usual actuar así por parte das financieiras e tampouco fuxen do encubrimento as xestorias, que, sabedoras do endebedamento, non avisan ao respectivo cliente teórico de que non ten pagado o seu imposto).

A FACIANA "DEPORTIVA"

Cos pés en Ourense, é facil decatarse da sensibilización especial que ten a opinión pública cara a corrupción e de que na memoria de todos estan "affaires" múltiples. No caso Reverter, "Medalla de Plata al mérito Deportivo", o dossier neste eido non queda por atrás de todo o devandito e nel mistúranse asuntos de bingo, timbas, sociedades anónimas... que coñece polo míudo don Gonzalo Belay Pumares, autor de numerosos escritos a persoas, organismos e autoridade gubernativa esixindo aclaración sobre unha morea de feitos relativos a "Escuderia Ourense" que, como dixemos, preside Estanislao Reverter Sequeiros.



XURXO FERNANDEZ

Belay, conocido como fotógrafo, periodista, radio-aficionado, neste caso tampouco cala.

O PRESIDENCIALISMO

Nunha carta datada o 6 de febreiro do ano pasado, Gonzalo Belay dirixiase ao propio Reverter en tono amistoso advertíndolle que o seu mandado como presidente estaba vencido, que comprian as correspondentes eleccións e amáis darlle conta á Asamblea de sócios -que daquela xa estaba reducida a medio centO de acordos antiestatutarios da directiva, coma o arrendamento da Escuderia para a explotación dun bingo e mesmo para ter noticia do estado de contas esplique os empregados da Escuderia levan vários meses sen cobrar e preténdese que simultannen as dos do referido bingo. O feito de que o arrendatário e tí esteñades unidos por parentesco ergue reticéncias verbo das condicións do contrato, se existe e a quen e quen nesta operación..."

Con posterioridade, o señor Balay -a vista de que o presidente da Escuderia e da Federación galega de Automovilismo non se daba por enterado- diríxese ao presidente da Federación española de automovilismo (Fernando de Baviera, que ostenta o título de principe) para lle dar conta, entre outras cousas, de que o vicepresidente da EO, Luis Aragonés, non recorda nen a data da última reunión da directiva, de que non existen libros de actas, etc., etc. A segunda vez que Balay lle escribe ao de Baviera é para poñelo ao corrente da asamblea convocada e das supostas eleccións, e relátaas así para A NOSA TERRA:

"Uns dias antes do Rallie anual, convocou unha extraordinária, pero alí naide era oficialmente nada porque os mandados caducan aos 4 anos, non existian actas -ou despareceran- e os poucos sócios que quedabamos boicoteámola e fómonos. Ao pouco anunciaron outra no tabulón de anuncios, trouxo a un par de elementos para armar camorra e apareceu tamén cun cento de sócios novos -os obreiros que traballan para el, amigos, o alcalde de Ourense, o Fole, todos eses- que delegaban nel o voto. Chamámoslle de todo, pero a el esbaráballe e montou unha xunta directiva co seu primo, co Fole..."

A CUESTION DO BINGO

No do bingo, as cousas tampouco se aclararon, astra o punto de se presentar denúncia diante do Goberno Civil de Ourense apontando a posibilidade de que actas e documentacións que lle deron corpo legal señan ficticias, amáis de denunciar toda a restra de irregularidades en canto a funcionamento e administración da devandita sociedade deportiva.



Polo médio, os sofrido accionistas da "Escuderia Orense Sociedad Anónima" tamén teñen sospeitas de que o señor Reverter non poderia aclarar algunhas cuestións como o por qué, despois de seis anos, non recibiron as correspondentes accións e títulos -a Sociedade comprou unha finca e un piso cos primeiros cinco ou seis millóns- nen balances, nen convocatória a xunta xeral ningunha e somente cavilan con sospeita de hipotecas, de intento de venda ao Franqueira...

Pero inda lle falta entrar á Brigada de Xogo. "No piso da Avenida da Habana montaron un garito. Eu mandeille á Brigada de Xogo unha carta. Un bo dia chamáronme da Coruña decindo que era a policia, que querian falar conmigo. ¿Onde nos vemos? Onde queiran, por exemplo na Comisaria de policia. Non, como vimos da Coruña preferimos...Ben, ás 11 no Hotel San Martín. Estiven astra as 11,30 e non apareceron... a única notícia que tiven foi cando os periodicos do dia 15 de nadal sacaban a nova dunha redada a víspora do rallie San Martín -que era cando tiña que vir o Fernando de Baviera a entregar os prémios- e colleron a vários, entre eles o que ao dia seguinte iba ganar o rallie. Entón fíxenlle unha carta ao Príncipe de Baviera decíndolle que era unha pena que non viñese, de que fora a notícia depostiva do ano velo nunha redada policial enrollado co "Culebras".

A Ford, claro, cambeou de Concesionária -como tamén cambeou noutros puntos de Galícia- porque as multinacionais non queren perder imaxe. Reverter sigue cos seus problemas, o último unha folga na construcción porque lles debía moitos cartos aos traballadores, e sobre a única empresa que mantiña con ganancias, "Resfré", parece que lle foi enriba o seu correlixionário da UCD doutros tempos, Trillo. Entramentas, o silencio - de institucións, de autoridades, de cómplices e encubridores- queda rachado. E o siléncio é moito porque a mesma política úneos a todos, uns como delegados, outros como intermediários do son que lle fan bailar a esta terra.

MARGARITA LEDO

NARON **SOLIDARIDADE COS XITANOS**

Parece que a Corporación non se quer dar por enterada dos problemas que acontecen en San Mateo (Narón).

O 27 de setembro do ano pasado, os veciños mandáronlle un escrito ao axuntamento pedindo solucións rápidas para a grave situación sanitária e humana (amáis do perigo arreo a que se ven expostos os nenos que xogan), pola que atravesan as famílias xitanas asentadas nunha zona á beira da estrada. Diante do siléncio municipal, os veciños, no Pleno celebrado o 27 de xaneiro presentáronse, con pancarta e todo, esixindo urxentes medidas de cara a mellorar a situación dos xitanos. O caso é que o señor Aneiros, alcalde e membro de UG, que se cadra lembrando a sua condición de ex-crego empezou a falar cun "Feligreses...", ¿qué pensan que se ocurriu respostar?. Pois algo que recorda vellos tempos. Que eles non sabian nada.



A NOSA TERRA

PER'ODICO GALEGO SEMANAL
N.º 93 * DO 8 AO 14 DE FEBREIRO DE 1980 * 40 PTS.

LAXEIRO

especial lalin



Dibuxo: LAXEIRO


Os primeiros ferrocarriles
Ollo, os donuts!
Guatemala


Falar de Xosé María é falar do que foi Castrelos ao millor porque "hai 12 anos titar 3.000 exemplares era unha tolería; pero eu montei a editorial con raibosa independencia, sen axudas económicas nen morais, para ser a gran silenciada por certos organismos culturais de Galícia". E falar do pescudador exacto que ousou un 28 de nadal sacar do prelo un anaco do Cancioneiro de Monfero e a imitiación da poesía medieval era tan boa que máis de un creu, "unha broma de xuventude que me doeu que ilusionara a algún bon amigo". E é ouvilo falar de que si houbera que facer hoxe una cidade galega de primeira planta tería que botarse man daquela que concebiu don Manuel Gómez Román, unha cidade de orientación barroca con grandes espacios de vexetación ou calibrar a sua adhesión política deste xeito: "Hoxe pertenezo ao PG, un pouco tetomando a memória... pertenecín momentaneamente ao PSG con esperanzas, pero non vou facer história recente porque está no ánimo de todos e por outra parte eu teño moipouco sentido político, no concepto normal e operante, sempre dixen que a miña política estaba no eido da cultura".


XOSE M. ALVAREZ BLAZQUEZ

XOSE M. ALVAREZ BLAZQUEZ

Muito e silenciado bonfacer cultural







Fotos XURXO FERNANDEZ

Das suas pescudas nos séculos escuros, dos seus proxectos neste eido ¿que pode decirnos?

Levo moitos anos facendo unha recolleita de textos galegos pouco coñecidos ou descoñecidos como, por exemplo, os vilancicos, vilancicos nosos cantados por Portugal e España -o texto máis recuado que teño é do ano 1620 en Sevilla- e para min é un capítulo importantisimo da Literatura Galega. Recollín 230 vilancicos e a esta colección chamolle "as fontes" non no sentido de que o señan literárias ou Lingüisticas senon por seren manatiás ocultos. Restarian aínda a prosa política do seculo XIX e mesmo os versos políticos ainda que lles chamemos poesia-. Alguns textos son coñecidos como "Os Rogos dun galego..." de Pardo de Andrade, a maioria non.

E qué veñen decirnos referente aos inicios do XIX?

Son moi reveladores e xa se acusan neles, principalmente na prosa, as lacras do caciquismo, o abandono do labrego. E unha Literatura panfletária, máis ou menos ao servício das ideas da epoca, pero no fondo co latexo dos grandes problemas galegos. O derradeiro texto vai ser o Catecismo do Labrego onde xa frorece certa conciéncia nacional e este sentimento podese achar na canle que vai deixando a queixa dos escritos do XIX. Neles non hai unha postura aberta que entronque co "Rexionalismo" dos Faraldo pero é nos panfletos onde se abre o leito da protesta sen que, claro, teña unha manifestación programática, de programa político. Peo a denúncia, efectivamente, está aí.

Os vilancicos son literatura culta ou popular?

Non, non, é literatura culta, escrita por homes cultos, pero sob capa de poñerse -como o Tio Marcos da Portela- unha palloza popular, que é esta fición tan socorrida en toda a Literatura de denúncia que quen realmente a fai é un home erudito pero que nese momento ponse na personalidade dun labrego compadecendo co pobo aquela situación que el coñece.

O Tio Marcos da Portela non é somente o libriño máis vendido da nosa Literatura, tamén significa algo como línea editorial ¿non si?

Si. Eu non botei o Tio Marcos da Portela por casualidade. Tiña unha idea premeditada e queriao como unha declaración programática do que ia ser O Moucho, "libros do pobo pró pobo" como se dice despois, aínda que non é facil mantela -por desgracia non abondan nen os autores nen os textos-, se o conseguin foi por esa pauta inicial que me marcou a problemática do pobo, a denúncia dos seus problemas e o feitio literário dos diversos textos, recollendo, mesmo, cousas directamente das camadas populares. O seu valor dentro do mundo editorial para min non é doado de decir porque fun o criador e o animador- que seguirei a ser, pareceme, por algún tempo- pero causou certo impacto. A proba é que nestes doce anos venderianse 800.000 exemplares de todos os títulos, e 800.000 libriños espallados pola nosa xeografia adiante algo tiveron que facer. Por outra banda, moitos pasaron por moitas mans ou se lian en común.

No mundo editorial quixo tamén innóvar os camiños do libro

Si, porque cada vez se escrebe e se lé máis, pero a comercialización, o espallamento, está moi lonxe do que desexamos, é pouco axil. Por iso comprianos dispor de comercialización ambulante: ir por vilas e feiras, quedar alá catro dias, vender e amosarlle ás camadas populares os textos. Esto eu intenteino con certos colaboradores que ao final me resultaron negativos, pero o intento estaba ben pensado e sempre hai tempo para facelo.

No tocante á creación ¿na nosa Literatura superouse ou non o realismo?

Poida que a literatura que se ande a facer seña máis de evasión. Poida que seña un fenomeno da época, derivado dunha situación conflitiva, da perdura de cousas máis alá, de logros máis definitivos. Hai que confesar que a prosa galega, agás Castelao e os escritores políticos como Vilar Ponte, etc. sempre estivo un pouco de costas á realidade de Galícia -a poesia poida que estivera un pouco máis comprometida-. Na narrativa actual notanse certas actitudes escapistas e conste que non quero plantexar o problema en termos sociais tal e como se entende vulgarmente senón porque a prosa debe reflexar a vivéncia auténtica dun pobo en calqueira manifestación e o noso pobo ten moito que decir. Tampouco quero, con esto, defender a literatura costumbrista, abondarianme coa narrativa realista e neste senso coido que o realismo non está superado.

Amais dos séculos escuros o noso pobo ten tamén anos escuros, literária e historicamente.

Claro, non sabemos que é o que se gardará nas gavetas pero neses anos ninguén se astrevia a escreber e neste senso gábome de ser o autor dun dos libros de poesia que se publicaron en Galícia arredor dos cuarenta e poucos. Un libro adicado á miña filla, "Roseira do teu mencer". Foi un libro único en muito tempo; somentes pouco antes aparecera un de Sevillano, o Maiño Albeiro. Eu son partidário de que aínda estamos a tempo de facer a história da nosa resisténcia, hai testemuñas vivas que poden contalo, facer a crónica do que foi e por iso tamén me gabo de dar á imprensa recen un libro de Alonso Rios "o señor Afránio", explendido, elemental, unha denúncia do que lle aconteceu a un home que estivo tres anos disfarzado de esmoleiro por terras de Pontevedra e Ourense, ríndose nas barbas da Garda Civil e da Falanxe que andaban tras del. A ese libro púxenlle un prólogo e notas aclaratórias onde saen a relucir feitos históricos auténticos, un libro que hai que repetir, para facermos o grande ficheiro, o grande reportaxe de Galícia na represión e despois dela -anque, ibah!, a represión foi sempre pero, vamos, as diversas curvas-, dos fuxidos ao monte e dos fuxidos na nosa própia casa, na nosa própia interioridade.

(Pasa a páxina seguinte)

(Ven da páx. anterior)

Falenos do seu acceso ao galeguismo, pois, que andivo polas Mocedades.

Eu son primo político de Bóveda. A sua muller, Amália Alvarez Gallego, e eu temos o mesmo Alvarez, e convivin moito con eles porque estudiei maxistério en Pontevedra que era cando Bóveda falaba e casou coa miña prima. No 32 ou 33, cando tiña 16 ou 17 anos, fun captado por Bóveda para as xuventudes ¿que si podo decir algo de BOveda que non seña público? Pois si, hai algo que pode que non coñeza moita xente, (a xente pensa sempre no Bóveda traballador, sério, leal). Eu coñecín ao Bóveda cheo de fillos, traballando como unha fiera para sacalos adiante e manter ao tempo a sua actuación política intensísima. Ao Bóveda que eu recordo con agarimo é o Bóveda cheo de Ternura porque para min a medida máis cabal dun home é a do pai, e ivialo chegar ao seu fogar abrumado polas preocupacións e poñerse a xogar polo pasillo como un rapaz máis!

Despois, despois uns abandonaron, outros colleron demasiado medo, outros morreron e outros emigraron. Quedamos unha célula mínima que mantiñamos as nosas conversas, a borralla, aquel lume que foi sementeira. Esto ténsenos que recoñecer. Non temos o mérito de ser os iniciadores pero mantivémolo no apróbio, na augúria das nosas vidas truncadas mentras os nosos amigos e coñecidos da outra banda medraban e se favorecian da situación; nos contentábamonos coas migallas para mal vivir, se me permites o termo, heroicamente.

Tense falado moitas veces do culturalismo, da excesiva preocupación por arredar cultura e política

Pensamos que a única política que podiamos facer era a da cultura. Aínda si, como sabes, non se podia escreber nen falar nada que fixera relación co pensamento dunha independéncia ou dunha personalidade própia. Para nós foi un trunfo facer aquel suplemento dos sábados do xornal "La Noche" e tiñámolo que facer todo en castelán, se acaso meter polo meio unha poesia, algun pensamento arqueolóxico, e tamén o mataron. Quizais nos meteramos un pouco de máis nas cavernas da simple e elemental cultura pero non se pode esquencer que o galeguismo naceu xa con esa tara, ímoslle decir asi, cunha forte dose de inquedanza cultural -escritores, pintores, a polifónica de Pontevedra...- en certo xeito herdeira do século pasado. Tiveron que vir homes novos como Bóveda para formular outros plantexamentos abertamente políticos. Nós o que fixemos foi retomar as cousas culturais para manter esa borralla...

A nivel ideal que plantexamentos ten?

Federalista. Unha federación de nacionalidades democráticas seria o ideal para o Estado e a Peninsula. Querese decir que son republicano, federalista e nacionalista. Son os tres matices.

E na realidade do proceso actual?

Eu, a pesar de todo, digoche Margarita que son optimista. Porque claro, vivin tantos anos de sombra que para min todo son claridades: calquer feito cultural, político, ideolóxico é un logro máis, unha asociación de veciños, un recital, un periódico que sale todo eso é vida; para min é o comenzo dun soño, non o poño máis alá pero é o comenzo; ¿que haxa diverxéncias? home, é natural; ¿que rebasamos un pouco a medida das diverxéncias? Pois tamén é verdade, pero pareceme que co tempo todo a vir a unha maduración e que os moitos grupos que hoxe poida haber queden reducidos aos necesários, aos elementais.

Por fin, a sua vida ¿como se ten desenvolvido?

Exercia maxisterio en Coia -tiña 19 anos e plaza en propiedade- pero sancionáronme e desterráronme a unha escola da provincia de Zamora, a un poblacho perdido. Ali estiven dous anos e pedin a excedéncia. Viñenme a Vigo traballar no que fose e con méus irmans montamos unha pequena cerámica que non foi alá moi ben. Despois tiven diversos empregos astra facer oposicións para a escola naútica-pesqueira onde hoxe estou. Nese momento fundo tamén Castrelos para axudarme a vivir. Esto foi outro milagro.

Vostede é ensinante ¿que pensa das sancións aos que utilizan o noso idioma como veículo normal nas suas clases?

E un disparate espantoso. Esta clarisimo; pese a todo o que se diga seguimos na mesma represión ou tentando, cando menos, poñer o pé diante do avance e da liberación de Galícia. Entón, claro, con ese malfadado decreto de bilingüismo no ensino o único que che admiten na escola é o ensino do galego en galego... ilástima fora! soio viria agora que nos obligaran a ensinar o galego en francés, pero en ningunha outra enseñanza que non seña esa... a limitación é brutal e non sei que solución vai ter.

MARGARITA LEDO ANDION



ALUMINA-SAN CIPRIAN
ACORDO-MARCO, SEÑA COMO SEÑA

O 29 de xaneiro, a totalidade da plantilla da empresa "Alúmina-Alumínio"(1.500 traballadores) empezaba unha folga en base a diferéncias coa parte empresarial no tocante ao convénio da empresa. Era un pouco a primeira pedra de toque en Galícia do sonado "acuerdo-marco" e a sua aplicación na gran empresa, e xa que logo, tiña de sacala adiante como fora. E asi, o dia 31, cando xa ian tres dias, a empresa para as cubas durante dez minutos. A repetición dunha manobra semellante poderia producir danos de tal magnitude que poria en perigo postos de traballo, podendo mesmo favorecer ás intencións de regulación parcial que ten anunciado a empresa nalgun momento. E asi, por xhantaxe, "Alúmina-Alumínio" levou a agua ao seu rego: o 31, os traballadores acordaban a reincorporación ao traballo para o dia seguinte.

O CASO E DESACREDITAR

Xa dende o principio se rexistrou a disensión radical entre as partes. A intención da empresa era de cadrar dentro do acordo-marco. As dos traballadores non pasaban por ai, e asi, xa dende o comenzo o mesmo no nivel salarial ca no do duración do convénio (a empresa queria a de dous anos, a parte sindical do ano 80), plantexouse o conflito. Os traballadores tentaran pecharse na AISS de Viveiro o dia 22, e a Garda Civil botáraos sen contemplacións. E o 29, empeza a folga.

E o dia 30, aparece a primeira nota oficial de "Alumínio Español, S.A.", que é o monopólio do que depende a factoria de San Ciprián. Os titulares de "El Progreso" eran indicativos da intención do escrito : "La huelga de Alúmina–Aluminio pone en peligro su continuidad". E toda unha operación de descrédito da folga, dé atemorización da poboación por "perder a pouca indústria que temos", empezaba o seu desenrolo".

A postura dos traballadores era clara, e sucesivas notas o mesmo da Comisión Negociadora que da ING incidiron nesta mesma clarificación. Non se trataba de presionar á empresa deteriorando ou deixando deteriorar o material, senón póndolle cara, movilizándose e inquirindo, se fixera falla, o apoio solidário doutros sectores de traballo. O material da factoria necesitaba de quen atendera á conservación de electrólisis, electrodos, torres de pasta, limpeza de bolsas..., e dende un principio, após teren evaluado estas necesidades, o Comité Negociador marcou a cifra de 170 traballadores que se encargaran desta tarefa. A empresa esixia 400, e en base a esa esixéncia acusaba aos traballadores nas suas notas de estaren creando perxuicios que serian causa de que "Alúmina-Alumínio" tardara en se botare a andar tres meses após o fin da folga. O caso era ocupar a un porcentaxe do personal que fixera que a folga adequirira caracteres moito máis "suaves", pouco menos que simbólica.

"ALTOS" SALARIOS

Outra cuestión que empregou a empresa (que para eso é empresa e sabe) foi desde o comenzo deixar craro o que gañaban os traballadores de Alúmina. E ben sabida a situación industrial da provincia de Lugo. A gran empresa, astra vir a "Alúmina", e quitado FRIGSA, non existia, e os sectores en que traballa a case totalidade do noso proletariado son a construción, transporte, comércio... Os salários da "Alúmina" resultan, xa que logo, desorbitados a ollos do obreiro médio lugués, e cara ai apontaban os tiros da empresa. E é que a xente, eles ben o saben, non se para aínda a pensar en asuntos como a toxicidade, perigosidade de certos traballos, cousas que suben os salários, e, ao fin e ao cabo, aínda hai moito quen ceiba o cabreo da própia miséria no compañeiro que tén unha pouco menos, en vez de no causante da dos dous.

PACO ARRIZADO

PORTODEMOUROS
XUICIO CONTRA CINCO PERSOAS POLO CONFLICTO DO EMBALSE

O dia oito, venres, as dez e media da mañá celebrárase o xuicio oral na Audiéncia de Pontevedra contra Xosé A. Souto Miguez, crego; Xesus Ri, Xosé Portos de Loño, Xosé Castelo de Dembedán e Leopoldo López Rego frade e abogado de Melide, a causa dos conflitos habidos con motivo da construcción do embalse de Portodemouros.

As consecuéncias da construción do Salto foron moi graves para os veciños dado que o embalse aillou duas comarcas, separándoas en 32 km. cando denantes se comunicaban naturalmente. Terras anagadas polas que lles seguian pasando contribución, pasos, camiños, pontes, servidumes cortados, aldeas inteiras cuslas terras foron expropiadas, sen luz. Por encima de todo a incomunicación que supón o embalse.

Ao afogarse cinco mozos no embalse as parróquias escomenzan a organizarse formando unha coordinadora na que están integradas quince das parróquias afectadas.

Os veciños afectados esixen a construcción dunha ponte, a reposición de servidumes e pasos, construción de accesos as fincas e indenizacións.

Máis en concreto, esíxeselle a FENOSA, que hoxe é a beneficiária do embalse de Portodemouros o complimento das condicións impostas polo Ministério de Obras Públicas, núms. 14, 18, 20 e 24.

CONFLITOS

Durante os anos 75, 76, 77, 78 e 79 sucédense unha serie de conflitos entre FENOSA e ás 15 parróquias: Manifestacións, encerros, concentracións e duas Festas da Montaña, As negociacións vanse retrasando, FENOSA tetá por todos os medios rachar a unidade dos veciños.

Alonxan ao crego de Loño da parróquia e deteñen a Xesus Rei e Xosé Portos non mesmo xuzgado de Lalín. Paralelamente FENOSA vai chegando a acordos coas comisións parroquiais.

Souto, Portos, Castelo, e Rego son procesados polo xuez de Lalín por "Daños y Coacciones" contra FENOSA. O xuício terá lugar o día 8 de febreiro do 80 na Audiéncia de Pontevedra.

Os veciños das parróquias afectadas e das vilas da Montaña están totalmente solidarizados cos procesados.

En autobuses e turismos trasladaránse ese dia a Pontevedra para amosar que o xuício que se vai celebrar non só é contra unhas persoas determinadas, senón contra todos os afectados.

"Estamos dispostos a pararlle unha vez máis os pés ao capital monopolista, representado aquí, como tantas outras veces, por FENOSA, como xa se fixo tamén en Castrelo, As Encrobas. Xove, Baldaio, etc. Esta e unha loita de todo o pobo galego contra da agresión imperialista, dinos un veciño".

meigallo

GABINETE PSIQUIATRICO
Dr. XOSE CAAMAÑO
Dr. EMILIO GONZALEZ
c/. Entremurallas, 5-1.º
SANTIAGO

NOVO NUMERO
TELEFONO 58 89 10

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 95 * DO 22 AO 28 DE FEBREIRO DE 1980 * 40 PTS.



FABRICAS DE CHOCOLATE
ou a longa tradición artesanal


XURXO FERNANDEZ

O AFANOSO DESCOIDO DOS AEROPORTOS GALEGOS

Acordos CEE-Estado español: O sector pesqueiro resposta

Unha fendedura en Salas ¿OS EMBALSES, UN PERIGO?





XURXO FERNANDEZ

O AFANOSO DESCOIDO DOS AEROPORTOS GALEGOS

Se vostede, que xa coñece o comportamento das compañías privadas que utilizan instalacións públicas como o son os Aeroportos, coñeceas astra neses pequechos detalles de tirarlle o libro de reclamación aos fuciños, aplicando aquela frase publicitária de "axúdenos coas suas suxeréncias" ou que teñen cara dabondo para informarlle de que o seu vó non sal "por folga de tripulantes" e deso non hai nada; se vostede, que tenta separar os intereses lucrativos dos que explotan o transporte aéreo dos do Ministério público, empeza a percorrer as instalacións aeroportuárias de Galícia abofé que lle costaría acertar quen ten menos interés en que moitás cousas non se regularicen e en que outras, coas inversións axeitadas, non se milloren sustancialmente, mesmo en aspectos que non son de risa como os de axuda á navegación aérea e que sirven para valorarmos as condicións de seguridade dun Aeroporto.

Nesta andaina, poida que o que máis lle chamara a atención, collendo o exemplo de Labacolla, fose o abandono de algo tan importante como é a torre de control: uns aparellos envellecidos e a médio funcionar -a outra mitade de esta estragada-, á agua que entra por vários recobecos, a orientación da porta do fanal como parachoques dos temporais... semella a ambientación adecuada para que poida considerarse normal que os controladores non conten siquer cun cronómetro. Dispoñen, eso si, desde hai vários anos, dun alaranxado despertador de mesilla que fai o que pode axudando a dura tarefa de "controlar por tempos".

Despois, ao descer da torre un xa empeza a dubidar da distribución de presupostos que fai Aviación Civil dentro do Ministério de Transportes e de se hai algunha caste de preocupación polas condicións nas que saímos deste país ou voltamos perto de 800.000 pasaxeiros ao longo do 1979 desde Santiago. Entón, co sentido de observación máis espelido, vostede fixase na ubicación da oficina de metereoloxia, de costas á pista; na falta dun observatório de cabeceira de pista que, entroques instalan en zonas de metereoloxia "seca" e remata por lembrar que hai cousa dun ano **"vimos como un avión tomaba terra pola pista norte e outro estaba na outra cabeceira a piques de despegar, non pasou nada pero era un risco inútil e doado de solventar facendo plataformas de seguridade, "plataformas de espera" nas que as aeronaves poderian manterse listas para despegar sen estorbar outras maniobras como a que mencionamos de aterrizase.**

Falando das cabeceiras de pista e mesmo dos camiños de



M. LEDO

rodadura e vai en serio, a pouco que ún se fixe —despois foinos confirmado por personal do aeroporto— mira que non hai lámparas, si, esas bombillas encarnadas que están no chan, que non se repoñen con celridade, que se chega a inutilizar algunha pista, por exemplo a 36, por quedar fora de servício dende hai meses o sistema de iluminación para aproximación de precisión. E todo polo abandono de repostos nunhas instalacións que son públicas, cuxo cuidade é de responsabilidade estatal pero como lle ouviamos a un funcionario "non se sabe se a inversión en diñeiro seria compensatoria'. O asombro é xa total. ¿Non compensa un cronómetro para control, unhas lámparas para as pistas...? Como tamén compensaria señalizar as áreas de aparcamento e vixilar o movimento de veículos que son un perigo constante para viaxeiros e aeronaves, —abondaria pensar que os camións de CAMPSA van suministrar carburante por aí adiante sen levasr siquer comunicación por radio— ou planificar un chisco as obras para que non lles pase como a aquel camiño de rodadura que levaba tempo fora de servício e pouco dias antes de encetar as obras para dotar de máis firme á pista reparárono. Pero ao cabo dunha semana houbo que levantar todo de novo.

E nestas condicións, cada ano incrementase o movimento de tráfego aéreo, —No 79 aumentou un 2 por cento na Coruña e Vigo, un 19 por cento en Santiago cun número de movimentos de 1.125, 1.087 e 8.263 respectivamente, entre vós regulares cara o Estado e o Mundo e vós charter— e os usuarios seguimos protestando ao milllor polo précio dos xelados no bar ou que non funciona a máquina de tabaco, todo mais que se retrasan saidas ou que un queda mangado nunha sala sen receber información de como vai continuar viaxe. **Pero o nó de todo esto é como encara esto do transporte aéreo o ministerio correspondente e moi en concreto como o encara referido ao noso país.**

AS CERAMICAS DO CASTRO ⓣ E AS DE SARGADELOS ✻ ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA ◎ E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS ◎.

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 98 * DO 14 AO 20 DE MARZO DE 1980 * 40 PTS.

Fisterra

¿FRAUDE NAS ELECCIONS A COFRADIA?



TXILLARDEGI
candidato de Herri Batasuna:
a importancia da
indentidade nacional



A construción: UGT COA PATRONAL

ZIMBABWE NO FIN DA SEGREGACION E O NEOCOLONIALISMO

OS LABREGOS CONTRA O GOBERNO EO MERCADO COMUN

Fotos: XURXO FERNANDEZ

**Cando sobre a mar de Fisterra o sol se pon a arder xa foron entrando,
nun muelle cativeiro de mais, as cento
e pico embarcacions que trannos o pobo, as necoras ou o abadexo.
Embarcacions de cinco homes, dunha ducia de homes, que lle chaman "estranxeiros"
as bacas de Muros ou aos que suben dende as rias baixas tirarlles do pan.
Na sua sixoloxia resta un aquel de illamento e ir observando
os feitos pousonamente menos no que lle toca ao mar.
As cousas están ben claras, ao mar tenselle lei e a gravedade do sector pesqueiro
a esfarelarse fai que se reclame o deber institucional de
acometer de urxencia certas medidas.
A gravedade e tal, que seria un luxo deixar pasar o que se vai facer desde
unha sociedade que tanta xinea tivo nos seus inicios, como son
as de patrons—armadores e mariñeiros, os Positos.**

Como en outras cofradias do noso pais de Fisterra ianse celebrar eleccións para un cabildo que moitos coidaban haberia de se renovar e coller outros rumos. Coller outro rumos porque se nalgo sobranceaba o Posito do porto pesqueiro de Fisterra era na sua inacitividade cronica e no desinterés e falla de participacion dos mariñeiros e patróns asociados.. Tampouco agora as cousas cambiarian moito.

E e que as eleccions ao Posito non ian fuxir aos intereses do partido gubernamental e doutras forzas da dereita española na vila, e se antes hobera un alcalde con influencia popular, por mor da sua profesión como medico na vila, que lle preparara o caldo electoral á UCD para conseguir alcalde e maioria municipal esta formación decidiu tamen ter nas suas mans a Cofradia.



Fisterra

¿FRAUDE NAS ELECCIONS A COFRADIA?

DE 500 VOTAN 80, "TODO ESTABA TRAMADO"

As eleccións, que foi demorando dende outono do 78,argallaronse para os primeiros dias deste ano 1980.
Pero compria antes, claro, redactar novos estatutos, aprobalos e enviarllos ao Ministerio de Transportes e Comunicacións e xa daquela houbo un proceso raro e contestacion a certos apartados dos mesmos. Por iso entre unha boa chea de cofrades espallouse a crencia de que "todo esta tramado" ou como mesmo diria un membro do cabildo actual "mangoneado polo alcalde".

Despois, cando se convoca un simil de comicios de cara a elexir 50 membros para o Pleno, que van ser os que teñan capacidade de voto para elexir, de entre eles mesmo, ao Cabildo e Patron Maior, tense que andar polas casas pedindolle a armadores e mariñeiros que se presenten, mesmo chegan a candidatar a algun sen que o interesado o saiba ou a outros despois de se negar. Asi, nun Posito con 500 cofrades en numeros redondos, escollense os 50, si, pero por 80 votos, votos que en opinión de moitos sairon dentre familiares e tripulacións de 3 ou 4 que se apresentaban como candidatos. Xaora eses cincuenta escolleron cabildo e patrón maior.Mentras, erguiase un movemento de contestacion que consideraban as eleccións caciqueadas e que era conveniente realizar outras novas, desta opinión e Manuel Pazos, armador e patrón do dia. "fomos pedir a acta final e negousenos. Non as impugnamos por medo a un barullo pero un grupo de mariñeiros buscamos firmas pedindo a dimision, non porque como persoas vaiamos contra ninguen, que son bos rapaces, senon porque foi un chanchullo. Viuse ben en como reacionaron despois, cando chamamos a Comisións Mariñeiras e convocou unha asamblea no cine. Puxemos unha pancarta as cinco da tarde e pola noite xa non estaba, á dona do cine fornlle con amenazas, das 263 firmas recollidas pedindo novas eleccións falaron de que as utilizaramos para que se abra toto o ano a veda da necora —que todo o pobo esta en contra e nos tamen— e astra aparece un informador de "La Voz de Galicia" a facer un reportaxe que despois non se publica "por presions desde arriba"...

"PARA MIN IA CLARO" (Patron Maior)

O actual Patron Maior, Tucho Fernandez explicaba asi o tinglado electoral. eu estaba de patron maior en funcions ao morrer o anterior e o segundo patron maior andar en Gran Sol e via que isto non marchaba e estaba isto abandonado e como o ano pasado tiven que ir a Madrid xa polo da veda da necora aproveitei para reclamar os Estatutos que mandaramos e tratei de facer as eleccions pero tiven unha pequena discusion co verdadeiro patron maior e díxenlle que se encarregara el de todo, vino que traballou, que puxo non sei cantos papeis para que a xente viñera e aproveitou as Navidad para a votación "son tal d apuntadevos os que queirade Eu fun un dos que me viñ apuntar e no medio diso tr cofrades borraronse —mais tar souben que decian que poro non ia craro— para min ia, co se di agora, democratico, llemos aos 50 e a partir dese eu xa vin que ia craro, eu sa elexido presidente de armador de mariñeiros e saiu o que vicepatron e asi astra que canditatei a patron maior.... dous ou tras dias veu un pedir as actas porque d que non estaba isto craro e se veñen con mala fe.....dixenlle secretario que se querian cop pedisen por escrito... chamaron a CC.MM., eles non viron capaces.....".

Vilar, o unico da oposic que entrou no cabildo, coida q as eleccions "astra certo pun foron legais, pero houbo confusionismo moi grande anque dentro vexo tamen u grande vontade de traballo fora ouvolles aos cofrades d que non estiveron ben e s maioria non lles gustou eu o s ser e que me debo aos cofrade Tampouco anda moi lonxe d opinion un armador, Xan minguez, membro do Pleno, decirnos que cando se fixeron eleccions para a xestora "n digo que foran alá de todo tas porque a xente non acud votamos nos mesmo, pero a pa tena o pobo ou Moncho Li ro, que de principio se candida e foi saber quen eran os outro lle contestaron "non, non fa lla, os candidatos ponse o mo dia, ali acima da mesa...".

AS PRESIONS POPULAR FRENTE AO ALCALDE

Na historia recen e po de Fisterra haberia que falar cando de cada casa saia a xe con velas a alumear, camiñan cara o Axuntamento. Protesta se polo mal servicio de luz e en xia electrica que lles vendia Jal instalada en Cee. Ou cando, ses atras, rachando un *plano*, pobo saiu, sentouse, berrou p dimision do alcalde, alguns den eles foron denunciados ao Go nador Civil. Protestabase por



"O aumento do mu declara poucos cartos, v todos pasen por lonxa e Maior).



"As eleccións foron sen publi-idade. Correron as casas ofre-endo postos...". (Manuel Pazos)

sesion municipal non se lle da- entrada a peticion dun frigori- co para a lonxa -lonxa nas mans do Axuntamento- e que foi ava- da posteriormente por 400 fir- as, "se na necora gastamos coa- enta millons de carnadas, podia- nos conxelalas no vran cando bonda tanto o xurelo que vai a peseta ou se tira, en lugar de telas ue traer de inverno desde Coru- a duas ou tres mil pesetas cai- on". Esta necesidade ven de tan ello que Xan, por exemplo, cons- truiu xa vai para 16 anos a sua ca- mara particular e inda asi "sabe cando costa por en Fisterre unha tonelada de selo? pois 2.300 pe- setas". Unha camara para a lon- xa, con fabricacion de xelo "por- que, se como pasou a semana pa- sada e por mor do control de to- do o circuito de comercializacion por tres intermediarios da propia vila, o pulpo baixa dun dia para outro dez pesos, en lugar de se ter que desfacer del para que non po- reza poderiase gardar forzando le novo a suba para o dia seguin-

DO CONTROL DO PEIXE E DAS "INFLUENCIAS"

Calquer seran na lonxa apa- somentes un dos 3 compra- dores (o de Casa Rivas, ou Vidal ou Castiñeiras). Vaise cantando a baixa, di "mio" e leva 10.000 ki- os de pulpo a 140 (mentres, en



bastante lexos porque a lonxa bito por fora pero imos facer que lle a Obras del Puerto...". (Patrón

Ribeira, ao pe, vai a 200). Fora colle e vendello a outro deles un peso mais caro -con decir "mio" ganou 50 ou 60 mil pesetas que perderon os traballadores do mar- e o pulpo de Fisterre sae directo para un buque factoria que campea en Ribeira e de ali rumo ao Xapon, ou ben para Masso (Vigo). O fresco vai para Valencia, Madrid...' A prepotencia que pode exercer un comprador de peixe nun porto das caracteristicas do de Fisterra serve de mostra que o mais forte, o Rivas, e tamen asesor xuridico da Cofradia, preside unha Asociacion de Pais vencellada a unha fundacion-colexio privado que montou o cura, preside o casino... O para no abuso dos "influientes" haberia que falar do apoio que de vello lle prestou o actual alcalde ucedista ao consellerio de pesca, Baldomero Fernandez Calviño, para ser daquela procurador nas cortes franquistas, e das visitas deste e mais da Vitoria España nos meses preelectorais e electorais. Aqui hai unha historia chocalleira, un bon dia a Asociacion de Veciños decidiu non aceptar a proposta de nomear presidente de honor a Vitoria Armesto. Ao seguinte o medico Segura Dominguez -enton na AP, hoxe alcalde en Miño no bando UCD- vai e sacou na prensa que a Armesto fora designada presidente de honor da asociacion. Polo si, polo non ela viu a Fisterra receber a homenaxe e os da Asociacion tragaron. Eso si, aproveitaron para abrirse camiño cara a administracion e ir reclamar unhas cantas cousas a Madrid como a ampliacion do muelle, o dragado do porto, un carro varadero... e ian no nome da Cofradia, receberon promesas e tamen atenderon a aquel cruce de palabras entre o daquela ministro de Obras Publicas de UCD, Garrigues Walker, e a diputada AP onde o primeiro lle decia, "si si, pero ¿quien se va llevar el horreo?", querendo decir os votos a cambio do "favor".

REIVINDICACIONS DE VELLO

Contra outros moitos municipios galegos a poboacion do de Fisterra vai en lixeiro ascenso -os 5.075 habitantes do 1970 eran 109 mais no 1975- e medra a sua tasa de actividade, esparexida a nivel de todo o municipio en mais dos dous tercios no sectro primario -agro e mar--e a decima parte para os servicios e o sector industrial, nomeadamente os ramos de alimentacion, madeias e metalurxica. A vila e porto pesqueiro de Fisterra concentra a tres mil dos cinco mil e pico veciños de todo o Axuntamento e centra a suas labouras esclusivamente no mar, agas dun 13 por cento que se adican aos servicios. Da flota, composta por sobre dos 140 barcos, somentes un vai a gran sol, arredor dunha ducia andan por Portugal a castañeta e mais a palometa, unha vintena adicanse a volanta, pincho e artes selectivas no fresco e a agrande maioria, perto do centenar, a nasa capturando pulpo fundamentalmente ademaiss de necora ou marisco. As embarcacions do polvo rondan os cinco tripulantes, incluido o armador que e o patron de pesca -non hai armadores de terra-. O sistema, para todas eles, e "a parte", sen salarios fixos. Segundo dados recollidos por un equipo da Caixa de Aforros de Galicia, 32 barcos sobrepasan os 15 anos, 34 estan entre os 10 e 15 anos de vida e os mais novos pasaron dos cinco anos.


A vida dun barco e algo de seu para Fisterra, quizais por iso todos lembran ao "Coloso", ou ao da Cooperativa Santo Cristo, barcos que foron ao fondo ou a costa, lembran ao San Antolin, nomes que din as claras necesidades urxentes na infraestrutura do porto, milloras nas que todos, todos, desde o tan contestado patron maior aos mais reivindicativos, coinciden en grande maneira e que imos reseñar mais polo miudo.

Cando hai uns cantos anos como xa referimos fora unha comision a Madrid -ademais o de arranxarense as escaleiriñas para baixar aos barcos e o do alumado, souberon que estaban concedidos 40 millons para un atraque, 15 para o dragado do muelle a mais doce ou trece para o recheo dunha escolleira. Hoxe o que se pide, na palabra de Juan Dominguez, e que ese diñeiro se empregue para ir ampliando o muelle porque "andamos a golpes no inverno" ou como remacha o mariñeiro da mercante Antonio Mendoza, na vila perdese diñeiro porque "se Juan que anda polo vran a castañeta podia traguer aqui e descansar un dia na casa, pero vai para Vigo porque se colle unha baixamar non ten atraque, se quere chegar pronto ten que abrir maquina e facer sofrer o barco e se chega un pouco tarde ten que agardar a que saian dous barcos para poder descargar... se non coincide a marea agardar ao dia seguinte co peixe a bordo que como e fresco xa se desvaloriza" e Juan volta sinalar que tanto a nevera con fabricacion de xelo, o aumento do peiran, o dragado -xa aprobado- e mais a limpeza do porto e un gardapeirans e de lei, mentres Antonio Vilar, atento a conversa sempre, lembra que "todas estas medidas estan non aprobadas pero si apalabradas polo Ministerio e creo que non tardaran en chegar a Fisterra perb no momento que a UCD lle conveña". Ramon Liñeiro, outro dos nosos informadores encarecia o seguinte, "¿por que non saiu o reportaxe na "Voz". Todo o que se puña era moi importante para o pobo de Fisterra e por culpa do retraso de sair no diario as cousas estanse retrasando moito e eu como interesado aviseinos a eles pero eles non me avisaron de que non se publicaba nada e se cando mandei outros escritos puxeronnos e este non enton eu pregunto ¿era tan grave por unhas cousas a ben do pueblo?".

Un pobo, que se viu facendolle "homaxes" e honras a propietaria dese diario que tanto lles doe, un pobo virado para o mar.

MARGARITA LEDO

Fotos: XURXO FERNANDEZ



Inda que haxa mal mar sequese a traballar.



263 cofrades queren novas eleccións e todos reclaman que empecen as obras para ampliar o muelle..

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 100 * DO 28 DE MARZO AO 10 DE ABRIL DE 1980 * 60 PESETAS

especial numero 100



GRUPO BARRIE, GRUPO ESPAÑOL

O abó, Xoan Francisco Barrié d´Abadie chegou a Coruña cara o fin do século XVIII. Viña de terras de Francia e a especulación mercantil con cereais e bacallao servíronlle de palanca. Ao millor por iso, o difunto neto ainda presidiu "Pesquerias españolas de Bacalao", PEBSA, anque non é moito decir dun home que lle alcumaban "de profesión sus presidencias", e que as foi engulindo desde que aos 21 anos o era da de Tranvias, cando, tirados por un par de mulas, ao subir a Cordeleria collian o reforzo dun percherón blanco. Tamén as presidéncias da élite cidadán eran do seu agrado: Auto-aero Club, vitalício do naútico a raíz de abrirlle unha conta de crédito para o novo (hoxe actual) edifício; quixo selo do Circo de Artesáns antes de se popularizar e foino do Casino, tamén astra abriren máis as portas a diferentes sectores sociais, pasando despois a formar o Novo Club.

Un home baixete, con cativo e mouro pelo, pouco asequíbel, sen amigos; alguns din que non moi intelixente como outros moitos din que masón nos primeiros tempos; presentando a ponéncia "Novas Industrias" no Congreso de Economia Galega en Lugo, argallado polos galeguistas metido no wolfram na guerra europea e despois con algunhas minas como as de San Fix; que se achegou a Franco procurando o apoio á acumulación de capitais e monopolización de sectores económicos que tomou corpo a partir do "Plan de estabilización" nos anos sesenta.

Un home que no Nadal, ao correrse a voz de "hoxe recibe don Pedro" miraba para a lámpada enorme de bronce que penduraba do altisimo teito do seu tamén enorme despacho, mentras, en fila índia, os traballadores do Banco Pastor felicitabanlle as Pascuas; que fixo chalets en cada Salto de água de tristeira memória, con predilección polo dos Peares, ou que esixia un salón asfixiado de mármore en Belesar, tan só para celebar na inauguración do grande embalse, unha xunta de conselleiros. Un home, cun Rolls Royce "el rey de los unos" matricula C-11.111 e ao que lle consultaban o nomeamento dos alcaldes de Coruña, teimando en ser aristócrata -e Franco deulle o condado do seu grupo principal, FENOSA- e que despois de andar en conversas co Banco de Santander, representado por don Pedro Botín, proxectar o reparto das accións ao cincoenta por cento, aceptar o envio de técnicos para impor unha nova organización contabel frente á recuada do Banco Pastor, din que lle tocou a loteria e librou de "ser papado" rachando conversas e proxectos.

Un home amigo de outro banqueiro e contrabandista, Juan March, o que lle recomendou ao Dr. Puigvert para que o intervise de próstata, e que como o devandito, tamén artellou xa cara o fin, no 1966, unha Fundación desas que serven para fugas impositivas, Fundación que é hoxe o accionista maioritario do Pastor e promove, dacordo coas suas miras, investigación, artes, obras culturais ou de influéncia social -rede de Teleclubs-, construción de centros de ensino -Arquitectura na Coruña, Inxenieiros en Vigo- e do que lle deixou a presidéncia, xunto co resto, á sua segunda muller, Carmela Arias e Díaz de Rabago, anque sea o seu irmán, o rexistrador da propiedade de Noia, Xaquin, quen teña mais poder efectivo.

Un home que conxugou o paternalismo autosuficinte da paga extra "Don Pedro" -por certo a piques de ser abolida- coa contratación dunha man de ferro, Andrés Pardo Hidalgo, para meter en cintura ao personal nos albores do sindicalismo na banca, nos anos 30. Ademais o Andrés caiulle tan en grácia que chegou á secretaria da presidéncia e a sustituílo ao frente de sucesivos consellos anuais de Administración durante a sua doenza. Promocións coma esta, por outra banda, foron moeda abondo corrente, sendo outro caso coñecido a do seu practicante, Luis Torres a postos de responsabilidade no grupo.

E o que se recolle popularmente de Don Pedro Barrié, todos os anos a saludar a Franco cando chegaba a Meirás -un Meiras para o que o seu Banco expedia os boletíns de cinco pesos que tivo que pagar todo o pobo para "contribuir" á restauración le



Foto XURXO FERNANDEZ

vando postais da Coruña cando saía de viaxe, que de primeiro non parecia ser moi relixioso pero ao cambiar os tempos tiña astra director espiritual; que con el ergueu o primeiro edifício de cemento da vila, o actual Banco; que lle encargou ao arquitecto Trulock os planos para a que se chamou no tempo "casa Barrié" ainda que maís tarde preferira cambiar a Tenreiro e non tivera, fálase, intención de lle pagar a encomenda ao primeiro.

Semellante ao seu abó que emprendera mil e un proxectos non sempre acertados, furando para que a sua fábrica de sombreiros poidera abrir mercado nas Indias, que acusado de afrancesado perde a sua posición no 1809 anque no 15 volta estar reintegrado a actividade económica e de poder local e no 23, amais de anticiparlle fondos ao Estado, empeza a exercer de cheo co absolutismo monárquico, don Pedro foi concentrando en si os fios do grupo familiar -ao morrer seu tio, Don Ricardo Pastor, faise coa maioria ampla das accións do Banco-, ou asegurandose en sociedades máis complexas como FENOSA a través de non se desprender nunca dos dereitos derivados das Accións de Fundador ou comendo empresas do ramo como General Gallega de Electricidade e a Fabrica de Coruña de Gas y Electricidad. Pero tamén acaudillou e presidiu a "Trasatlantica de Hoteles' hoxe esfarelada (o Finisterre nas mans da cadea foránea HUSA, o Embaixador pechado e ruinoso desde hai ben anos, o Emperador en Madrid...)

a fábrica de galletas da Puebla de San Xulian "Industrias Gallegas" que fracasou nos seus proxectos de montar unha fábrica de lentes outra de baterias electricas que ia causar sensacion.. e que deixou ASTANO, da construcion naval, en mans de capital do Estado, do INI, cumplíndolle a esixéncia de que o capital escriturado como 1.000 quedaba en 500.. ao frente tamén de Obras del Puerto, "La Toja", ou das máis recentes de tecnoloxia avanzada como Genosa, Aluminios de Galicia, non tardaria en, seguindo os dictados da dependéncia do noso país, involucrarse coas multinacionais do aluminio (grupo franco-aleman Pechynei) Iberduero na producion de lectricidade nomeadamente mediante a tan contestada central nuclear, coas concesións ao amparo estatal (construcion da Autopista por Cubiertas y Tejados) e, finalmente na explotaci0n dos Lignitos (Meirama)

Asi, o ambicioso conglomerado que orixinou o grupo Barrie pechado, como o outro par de grupos economicos de nacemento galegos, en poucas persoas e con falla de peso politico deciso rio seguirá á perfeccion o vieiro monopolistico no xogo banca privada-sector electrico e sen que, de seu teña nada que ver co inicial grupo que se descabezou por lei da propia situacion colonial e pola própia opción cara os monopólios españois e o imperialismo.

M. LEDO



A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 103 * DO 25 DE ABRIL AO 1 DE MAIO DE 1980 * 40 PTS.

ENERXIA PARA OS MONOPOLIOS, OS POBOS AS ESCURAS




Foto: ALBAN



Foto: PUCHEIRO

O Liceo de Pontevedra, un aviso
Galicia pode quedar
sen monumentos

ARMANDO CASTRO
Impidir o golpe anti-constitucional en Portugal

O CARIBE, ESE DESCOÑECIDO

Arteixo: o pobo apaleado

DIANTE DO 1.º DE MAIO



"Repartin a miña vida no esforzo dunha investigación illada e o exercicio da abogacia para subsistir sempre apartado da Universidade". A partir do 25 de abril é catedrático na Facultade de Economia do Porto porque tiña dirixido a sua formación cara a Historia Económica, aspectos da Teoria Económica Xeral e mesmo os fundamentos do coñecemento humano, parello á publicación de dúcias de obras. Armando Castro, case cuarenta anos no Partido Comunista Portugués, fala da sumisión da actual política portuguesa aos USA, das grandes batallas das forzas democráticas para evitar a revisión constitucional, de como aumentan as folgas —onte servícios de gasolina, mañá funcionários públicos...—; é optimista tocante ao avance das forzas antiimperialistas no mundo e ve os problemas económicos do seu país vencellados aos problemas políticos en curso: "o reequilibrio das relacións externas de Portugal, acabar co endebedamento externo herdado da política seguida desde o Goberno de Mário Soares, atallar o problema do desemprego que atinxe ao 10 por cento da forza de traballo, pesando moito sobre mozos e mulleres, combater a inflacción, a maior de Europa, e o conxelamento salarial, ter en conta o problema das estruturas agrarias...". Ningún problema popular lle é alleo.

ARMANDO CASTRO

impedir o golpe anti-constitucional en Portugal

O sexto aniversário do 25 de abril trai indícios de desintervención das empresas nacionalizadas, devolución de terras aos grandes propietários, cuestionar, mesmo, a Constitución, sen dubida a máis *progresista* da europa occidental.

Efectivamente asistimos a unha enorme ofensiva no senso de liquidar as nacionalizacións, o control obreiro, a reforma agrária e, no fondo, o ataque da Constitución en vigor, porque queren, incluso, introducir un referendo -que e anticonstitucional- e todo isto compréndese porque a validez democrática desta operación depende de muitos condicionantes. Abonde ver que cun referendo Hitler subiu ao poder... No nivel económico, o sector nacionalizado portugués cuantitativamente, en conxunto, non se pode decir que sexa diferente astra do sector nacionalizado cuantitativo doutros países da Europa Occidental. O que o caracteriza é abranxar indústrias chave: banca, seguros, transporte rodoviário, ferroviário e aéreo, cementos... Falando de memória non representará nen o 30 por cento da producion industrial pero en relación as inversións representa á volta do 40. O que pasa é que é un sector chave para pasar a aquilo que a Constitución en vigor -eu teño que recordar moitas veces en Portugal que a Constitucion é a lei das leis- aponta: a construción democrática dunha sociedade socialista.

Quizais un dos avances sociais mais notórios foi a Reforma agrária.

A reforma agrária compre entendela de xeito zonal porque as estruturas agrárias en Portugal teñen unha grande diversidade. Ao norde do Tejo predomina o minifúndio e fariase polo apoio á cooperativización agrícola, apoio creditício, tecnolóxico, á comercialización de produtos que merca o agricultor. Despois ven o problema do sul, unha das rexións mais caracteristicamente latifundistas de Europa: grandes extensións non produtivas, absentistas que vivivan en Lisboa do que lles daba a cortiza que desinvertian na agricultura, que transformaban amplas zonas en cotos de caza para que as autoridades do fascismo se entretiveran duas ou tres veces ao ano... Por iso na rexión predominaba o desemprego, o abandono de cultivos, a baixa produtividade. A situacion era tan alarmante que no fin dos anos 50 un economista francés, René Dumont, comentou que aquilo era un crime contra o país que algun dia tiña de ser pago. E foi esta situación a que os campesiños alentexanos,



Foto XURXO FERNANDEZ

cunha capacidade de sacrifício resultante unha conciéncia política extraordinaria, foron capaces de superar e hoxe defenden palmo a palmo. Porque non se trata somente de liquidar as Unidades Colectivas de Produción, non se trata só de quitarlles terras e darllas aos latifundistas; trátase, ao mesmo tempo, de liquidalas economicamente deixándolles as piores terras e separados uns dos outros. Os campesiños ocuparan á volta de 1.600.000 has., crearon pola sua própia iniciativa un sistema de autoxestión democrático e a ofensiva reaccionária xa lles roubou 200.000 has., con gando e maquinária.

Vostede formou parte do Tribunal Civil da Reforma AGrária, contenos algunha testemuña, os seus obxectivos...

O Tribunal Cívico foi promovido por un sector democrático do país con observadores extranxeiros -especialmente holandeses- e houbo testemuñas impresionantes: a descripción dunha caceria, no tempo do fascismo, en que ia o presidente Tomás e os grandes monopolistas -neste caso a familia Viñas- a unha mansión chea de obras artísticas pechada todo o ano e onde eles cultivaban trigo somente para que medraran os animais, as perdices, e despois dúzias de campesiños a bater para empurrar as pezas e os señores, coas escopetas dando tiros... o resto dos campos incultos... Ou aqueloutro home que cando membros do tribunal lle preguntaron se entón eles o que querian eran as terras dixo: "nos non queremos o dereito de propiedade, non queremos a terra para nada, nos só queremos o dereito ao traballo". De todo isto saíu un informe A REFORMA AGRARIA ACUSA.

Que pretenden as forzas que cuestionan a Constitución e, pola contra, que significa mantela?

Significa que se mantén o cadro xurídico básico de defensa das liberdades e é a batalla que traban hoxe as forzas democráticas, impedir ese golpe anticonstitucional, porque a Constitución ten disposicións que din que non poden ser revisadas, di que a reforma agrária e as nacionalizacións son irreversibeis, etc. Ademáis, a destrución da reforma agrária, das nacionalizacións tragueran consigo, a reconstrución da ditadura política dos sectores minoritários e oligarcas da sociedade portuguesa. A defensa da democrácia, mesmo a da democracia política, xa non falo da económica nen social, pasa pola defensa da Constitución e das conquistas democráticas que ela proclama.

Pola sua banda as forzas reaccionárias o que pretenden non é reformala senón substituila.

Como se encadra o ataque ao Consello da Revolución.

O Consello da Revolución representa o que queda do movemento dos capitáns; é a preséncia institucionalizada dos militares nun proceso especial como o portugues onde cumpliron un papel que leva a que a sua preséncia é unha garantia de que non se subvirtan as institucións democráticas. Os que din que os militares vaian para os cuarteis dinno co fin de conspirar contra a democrácia e as liberdades.

Nos últimos anos Portugal foise insertando no campo imperialista¿que resultado tiveron, por exemplo, os préstamos do FMI?

Esa política é a receta común do FMI. Parte do princípio de que a crise é unha crise monetária, que a inflacción resólvese absorbendo poder de compra, logo nesta lóxica toca baixar os salários. Portugal confrontábase cunha crise a vários niveis. Unha de equilíbrio externo cun grande deficit na balanza comercial e de pagos, deficit que nesta disminuíu un pouco pero a conta de muitos e graves factores e sen querer decir que non houbera unha política alternativa capaz de combater as dificuldades. Coido que o problema está entre dous tipos de política económica unha autocentrada, que non quere decir autarquia, que apelara para as forzas nacionais ou a política do FMI que levou a que as pequenas e medias empresas teñan enormes dificuldades para subsistir con intereses ao 19 e 20 por cento e os traballadores ollen descender os salários reais que xa están á altura do 25 de abril do 74.

están á altura do 25 de abril do 74.

Outro paso máis será a posíbel integración na CEE ¿que opina?

Aínda que cando se formou a CEE o sistema capitalista estaba nunha fase de relativo desenvolvemento eu via e vexo que a institucionalización do capital monopolista non serve os intereses da economia portuguesa senón aos casamentos de conveniencia dentro da própia CEE -para o gran capital é ventaxoso un mercado unificado, con centenas de millóns de habitantes dun alto nivel de consumo, as facilidades na fusión- pero que non ten condicións para superar problemas específicos do própio sistema xa que cando a decada dos sesenta chega ao fin éntra nunha crise que demostra que o exito da CEE non resultaba da sua existéncia senón dunha coxuntura económica história especial.

Crise que atinxe, mesmo á capacidade de empregro nos países comunitários

Institucionalizouse un grado de desemprego que non parece coxuntural senón ligado ao que alguns economistas chaman unha crise aguda no proceso de realización do capital, o marxe de benefícios esta baixando e implica un esforzo no senso de reorganizar a división internacional do traballo, polo que os países punta -USA, Alemánia Federal e Xapón- reservan para si as indústrias chave en relación aos médios de produción. Por outra banda hai un problema estrutural nos países da CEE que é o diferente nivel de desenrolo e que en relación a Portugal, amais de ter un grau de produtividade médio moi inferior ao da CEE igual que os salários, en termos relativos, compre pensar que a maior parte da nosa produción industrial é de pequena e média empresa sen que poida readaptarse, todo iso agravado porque desde o 76 os sucesivos gobernos fixeron unha política de sacrifícios das clases traballadoras en benefício dunha acumulación capitalista acelerada.

Finalmente, como membro do PCP que opinión ten sobre a militáncia do intelectual no seu país.

Os intelectuais portugueses teñen unha honrosa tradición de loita antifascista, en bloque non traicionaron ao seu pobo, foi un obstáculo que o fascismo non logrou dominar. E evidente que, instauradas as liberdades públicas, os intelectuais fixeron as suas opcións. Non, non hai intelectuais independentes, pode habelos apartidários, persoas que por diversas circunstáncias non queiran ingresar nun partido político. Agora, que a cuberto do apoliticismo nos queiran meter gato por lebre iso si que non, porque non hai ninguén que non faga unha opción social, que non faga proxectos, que non teña obxetivos na vida, escolla. O problema da independéncia é en función do modelo de sociedades que queiran. Comprendo que un queira un modelo dentro dos cadros económicos da Europa Occidental con liberdades públicas, outro que idealice unha sociedade con algunhas reformas, e, anque eu esté convencido de que eso é historicamente unha ilusión é diferente de respetar esas opinións.

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 105 * DO 9 AO 15 DE MAIO DE 1980 * 40 PTS.



Fotos: ALBAN

Corcubión
O XENERAL SAN MARTIN COMO EXCUSA


DIANTE DA MORTE DE TITO

O 1.º DE MAIO NAS NACIONS DO ESTADO

PADRE GOMEZ "Un bispo da rua"

RIANXO: QUEN GOBERNA E O ALCALDE

A "VUELTA" EN GALICIA



OS VECIÑOS PAGARON UNHA CASA, A ADMINISTRACION "VENDELLA" A UN PARTICULAR



Foto: XURXO FERNANDEZ

Polas noites, arremuiñados sobre o lume, continua a vixilancia da casa comunitária.

As doce da mañá o piquete barrial que exercia vixiláncia sobre a vivenda número 8 de Pico Sacro cumpúñano exclusivamente mulleres, *"os homes andan a traballar; pola moite incorporanse e facemos turnos, facemos turnos porque o domingo veu ese, poña o nome, Fernando Goyanes, e quixo meterse dentro dunha que casa que é de todos nós"*. **E todas falaban en termos parellos, como a señora Lucia, porque** *"é unha burla para todos nós. El di que ten razón pois se a ten que presente os papeis"* **e mentras outras voces remachaban que eso de ter papeis dio el.**

Dentro do bárrio de Santa Marta, no cinto de Santiago, erguéronse vai para unha trintena de anos oitenta vivendas da chamada "Obra Sindical del Hogar" que foron adxudicadas a cada un seu propietario. Un deles botou pouco tempo, a Administración española votoulle os cartos e a casa que quedou valeira , a número 52 e que fai o número 8 da rua Pico Sacro, non lle foi entregada de novo a ningun solicitante senón que , unilateralmente, a Administración mandouno para ali un "vixilante". Andando o tempo a comunidade recibe unha proposta de "amortización anticipada" das casas e ao efectuarse esta descubrese o que é agora o nu da cuestión: A casa número 8 do Pico Sacro tiña que ser amortizada, pagada polos agora 79 veciños que compuñan o lugar, ben no intre de facer frente, por xunto, á amortización da vivenda ben mensualmente, aínda que nas escrituras — segundo nos relatan membros da comisión creada para solucionar en favor dos populares o conflito actual — non quedara constáncia deste feito. Asi e todo, a partires daquela os veciños sabian que entre todos pagaran un local, onde vivia o vixilante, un vixilante que caira do ceo e que 'mais ben compria vixilalo a el, as veces", O vixilante morre, a viúda solicita firmas das outras casas para poder continuar no número 8 e todos asinten. Asinten astra que, co pasamento e diante da intención das fillas — "que non teñen necesidade, unha mesmo esta en Madrid" — de quedarse coa casa, o bárrio non accede e aquelas fanlle entrega das chaves a un tal Santiago Suarez. A casa quedou outra vez valeira.

UN OCUPANTE SEN "PAPEIS" E CONTRA TODOS

Do que os veciños tiñan certeza é de que aquela casa fora pagada entre todos e que tiña que se utilizar en beneficio de todos, e mesmo se lles confirmaba o devandito pois que o 29 de novembro do 79 e en resposta a unha solicitude de vivenda de Ramón Ribadas Lamas, o xefe de servicios provinciais da Administración do Patrimonio social urbán do MOPU denegaballe a casa do Pico Sacro por canto alegara, os beneficiários da mesma son a comunidade de propietários. Pero alguén non debia de ser da mesma opinión xa que os poucos meses aparece un ocupante, o señor Fernando Goyanes, que astra entón habitara unha vivenda na Secretaria do Movimento — "a casa do coserxe sen selo" — que houbo que deixar ao adquirir Facenda dito inmobel. O caso foi que apareceu pola Choupana, empezou a obrar no número 8 do Pico Sacro, os veciños movéronse, os que lle traballaban foronse tres dias e non lle querian voltar, unha noite meteu móbeis na casa e hai un par de domingos presentouse para ocupala.

UNHA MURALLA DE HOMES E MULLERES.....

Pero a casa estaba atrancada con cadeas, o Goyanes non ia só e ao que nos contan os veciños un cuñado seu astra lle zoregou unha labazada a un membro da comisión do bárrio. Foi chamada a forza pública, Goyanes "non tiña papeis". Desde entón os veciños montan vixiláncia e alguns, en representación da Choupana, andan a continuar as xestións que iniciaran cun escrito o 28 de febreiro á delegación do MOPU, outro posterior tamén á delegación na Coruña e ao Ministerio asi como unha petición ao Axuntamento de Santiago no sentido de paralizar as obras que andaba a facer o señor Goyanes por consideralas ilegais. Ningun destes escritos tivo aínda resposta.

A unidade do bárrio cara recuperar para uso comun a casa non é simple palabreria e o problema segue en pé. Despois virá a discusión das posibeis utilizacións pois mentras as mulleres tercian por que se argalle unha garderia para os rapaces , os homes parece que prefiren un "clud social"; pero isto virá despois.

M. LEDO

ESTIBADORES EN FOLGA DE FAME

En xaneiro do 79 e despois dunha loita dun sector dos estibadores portúarios de Vigo , conseguiuse que se fixeran eleccións sindicais para o personal fixo discontínuo, únicas que habia en todos os portos do Estado español. Foi así como estes poideron entrar como fixos na plantilla da OTP. Os oito que se prresentaron sobrepasaban as 320 xornadas que esixe a lexislación para poder entrar fixos, e os seu dereito estaba moito mais xustificado polo feito de que os 117 traballadores fixos que daquela habia no peirao comercial gozaban dabondos reenganches, o que é unha boa mostra de que habia traballo sobexo, namentras outros estaban fora somentes con Seguridade Social cando pasaran as 98 xornadas de traballo e sempre sometidos á decisión arbitrária dos consignatários para conseguir o traballo decotio.

Nen a UGT nen CC. OO apoiaban estas reivindicacións e todos os intentos dos discontinuos foron bater contra da postura da Delegación de Traballo da "Junta de Obras del Puerto " e da Comandáncia da Mariña. tres organismos que tamén tiñan que decidir, xa que defendian que debia resolverse o asunto na Xunta Local Portuária , xunta que, pola sua composición e polas tres autoridades nomeadas anteriormente, non permitia moitas espranzas. Doutra banda, os mesmos representantes dos fixos discontínuos tiñan dereito, con voz pero sen voto, a estar en presentes nas reunións da Xunta. Nembergantes, nunca os convocaron astra o remate do proceso.

E así, a posibilidade de entrar veu dada pola chegada a Vigo no vran do 79, un basco traballador do porto de Bilbo que pedira o traslado préviamente. O feito de acptar a este home , que estaba fixo en Bilbo, rachou a normativa chamada de "Amortización de prazas", asegundo a que as persoas fixas que producian baixa non tiñan porque ser sustituidas por outros, por suposto sobexo de personal. Aproveitándose deste caso, en setembro, os oito traballadores discontínuos presentaron unha demanda en Maxistratura para incorporase á plantilla e a senténcia recoñeceu o dereito a entrar fixos cando houber vacantes. Pola contra, a Organización de Traballos Portuarios interpuxo un recurso que ainda non está concluido no seu proceso. Saída esta senténcia, favorábel en principio aos oito traballadores fixos discontínuos, celebráronse asambleas no porto entre os fixos que anteriormente se opoñian á entrada destes pero que, cambeada a sua postura, os apoiaron.

Despois a OTP celebrou xunta local en marzo deste ano, á que foron convocados os representantes dos oito traballadores fixos discontínuos, membros da ING, e aceptouse a sua entrada distribuidos entre os dous peiraos, o comercio e o pesqueiro. Agora estase levando unha folga simbolica no peirao comercial apoiada por CC. OO UGT e ING, tentando que en toda a zoa portuária realice os traballos por personal da OTP exclusivamene. Por esto puxéronse en folga de fame tres homes de CC. OO e un da UGT, para que se cubran todas as vacantes que se produzcan, xa que se tenta seguir coa amortización de plazas. Tamén se quer botar abaixo o sistema de xubilación que tentan implantar que dá pé a que non se cubran estas plazas. Levan dende o dia cindo en folga de fame, primeiro na OTP e ao seren desaloxados pola policia, pecharonse no Axuntamento vigués.

O dia nove deuse un aviso de folga que teóricamente trata de partir de Vigo para artellarse a nivel do Estado con obxectivos vários, como o convénio colectivo e as vacantes.







A NOSA TERRA

especial letras galegas

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Nº 106 * DO 16 AO 22 DE MAIO DE 1980 * 40 PTAS.

NEDITOS de Bodaño, Cunqueiro, Fole, Bernardino Graña, Novoneyra e Manuel María.

POR primeira vez, as fotos de Pepe Suárez.

TRIBUNA sobre a cuestión cultural. Colaboracions encol de Rosalía e Alfonso X, entre outras.

ENTREVISTA a Alvaro Cunqueiro.

OS próprios autores escriben sobre composición musical.


DA loita idiomática.


SECCIONS e información nacional, das nacións do Estado, do Mundo...

En cuestión de cociña gústalle que as cousas seipan ás cousas;
sabe facer desde unha sopa de allo astra un lomo "sete princesa" e ten preferéncia polos afumados.
Fixo literatura fantástica antes de outros muitos que, pola contra tiveron grande divulgación comercial.
Usou infinidade de seudónimos
-Alvaro Labrada, Patrício Mor, Manuel Maria, Seoane...-,
ensaiou métodos de leitura rápida, vai a Paris e manda máis de cincuenta postais para Mondoñedo onde naceu,
de pai boticario, e onde andivo na escola de "Obreros Catolicos".
Gústalle "Merlín" do que algunhas histórias contanse xa como populares
(a do demo que se convirte en bañeira para se bañar coas monxas); pode decir que desexa que
o futuro este de parte dos pobos diferenciados e pola contra coidar util a entrada no Mercado Comun;
di si á enerxia nuclear pero cree no poder moderador das meigas;
ten grandes amistades infantís inda que "quizais non me atreva a escribir cousas para nenos",
dixonos hai tempo... Refírese a muitas cousas con ternura e para outras amosa
as mañas dos anxos, dos anxos malos.

ALVARO CUNQUEIRO

Creador e creedor cun país ao fondo





Todas estas figuriñas, este chamador das portas que representa un demo...

Ben, gustanme moito. Eu andaba escribindo, -e aínda non me desanimo a rematalo, poidera que en catro ou cinco meses-, andaba a facer un diccionário de anxos, de anxos bons e malos, hai moitos mais malos que bons... da tradición talmídia, da Bíblia, da bruxeria medieval e moderna... e entón teño unha pequena colección de demos; este ch-amase "Che pequito", é o "diablo cojuelo" do Brasil, é unha espécie de espia que delata as cousas malas que poden entrar na casa; din que chama pola sua conta, sen que ninguén o toque e daquela hai que porse de sobreaviso.

¿Na nosa cultura existen tamén demos con estas funcións?

Que eu saiba non. O único demo que aparece dalgunha forma citado ás veces nalgun proceso de bruxeria é Astarot, un anxo que cando se rebelou Lucifer contra Dios decidiu permanecer neutral. Entón, derrotado Satanás, Deus mandouno tamen ao inferno, mandou ao inferno á terceira forza, aos neutrais quizáis facendo bon aquilo que dixo San Xoan de que Dios vomitará aos tíbios. Dice Dawinson no seu diccionário de anxos -ben, a Astarot víuselle moi frecuentemente en Europa no século XVI, XVII, XVIII en Inglaterra principalmente- que foi o capitalista da gran indústria pornográfica danesa, e europea en xeral, é moi amigo dos ricos e patrocina as redomendacións. Quizais por iso sea polo que sexa galego ou teña que ver un pouco cos galegos.

Nunha entrevista no ano 73 vostede decíame: "son 700 anos mindonense"

Si, é que a miña família, que se saiba, por parte da miña nai leva 700 anos vivindo en Mondoñedo. Exactamente desde o ano 1232. Todo o peso destas xeneracións, sen dúbida, lévoo eu. Non se pode vivir impunemente nun val cun certo grau de humedade, cun certo grau de verdor, con ruídos de águas e de paxaros sen que isto pese na alma dos que forman parte desa tribu.

E por iso a sua obra aproximouse á literatura popular tradicional, dunha banda, e pola outra traballou no que unha rapaza inglesa, Linda, definia como "visión fantástica da realidade" definición, ademais, da que gustou.

Iso primeiro para min é moi importante. Unha das cousas que non entenden quizais os que escriben sobre min -agora acaba de sair en edicións do Castro un libro de Martinez Torrón, aparte de que el non é galego- son os rasgos meus de humor, parécelles que é que eu creo situacións de absurdo, o cal no é verdade -é que el non entende o humor, a retranca nosa-. Por outra parte, a pesar de que o teño dito moitas veces, ningún deles parece decatarse de que estou dentro dunha tradición oral, dunha traidicón popular, dun país que contou, que lle gusta contar e escoitar... pero os dous ingredientes son importantes: dunha banda eu teño unha memória deformante, certa inclinación a desmesurar as situacións e os persoaxes e por outra parte eu penso que estou contando, contándolle á xente miña nun ambito un pouco pechado e determinado.


E mesmo nas suas obras de maior imaxineria cando di "estaba sentado nun sillón de coiro de Moscovia, que se torna escuro co tempo..." é unha cousa certa, no que se refire ao coiro de Moscovia, ¿non si?.

Si, si. É que eu penso que hai unha cantidade de vida cotidiana da qué non é posíbel sair. Un persoaxe pode dispararse nos soños como se queira pero sempre ten os pes postos nunha terra dada e nunha hora dada.

"Creo que a miña xeración foi decisiva. Tiñase craro o lugar que ocupa o intelectual respeto do pobo e da terra dada. Xa se efectuara a ruptura coa poesia clásica, millor dito, tradicional de Galicia. Existia unha obra de Manuel Antonio, de Amado Carballo. Eran momentos millores. Empezábase a ter craro que o máis importante dun idioma era a prosa. Compria facela e cultivala. Sumábase a este movemento, ademais de escritores, científicos como Parga Pondal, artistas como Colmeiro, o escultor Eiroa, Maside... un momento importante do que se esta vivindo. Como escritor inicieime na poesia, como todos. Non é mala escola. Un é mozo e permitese certos luxos empezando por unha certa tristura parella á desesperación da xuventude de boxe) e que vai ben para a poesia..." (dunha conversa inédita no 1973)

Ter os pes nunha terra dada ¿a isto se refire cando di que compre "galeguizar Galicia"

Dígoo no senso de que a xente se dea conta que non se pode vivir sen un país ao fondo, que non é o mesmo... Azaña dixo unha vez: "yo sou español como él que más pero igual seria patagón o samoyedo". Ben, pois non é verdade, non se é igual castellano que patagón ou samoyeno. Un ten que vivir nunha terra determinada, ten que vivir a hora desa terra e é a única maneira de que un sexa válido non só para os seus senon para toda a xente do mundo, e isto hai que decilo asi. Asi, creo que esta sociedade andase galequizando pero a veces teño medo de que sexa como esas feridas que curan en falso e que despois dan moito que facer, creo que hai... evidentemente a situación da lingua variou, hai unha sensibilidade maior para os temas e os problemas nosos, pero eu teñolle medo ao que poida haber de situación política, de oportunidade en todo isto.



E o nacionalismo ¿que papel crei que xoga?

Era un papel inevitábel e viase vir, tiñase que producir esta eclosión e, hai que encarar unha nova estrutura do Estado.

Defínese galeguista?

Defínome como galego, o que me importa é o meu país, as cousas do meu país, pero eu non son independentista nen moito menos, e calquer "-ista" paréceme que non ten senso.

Lémbrome que hai anos vostede decia que a entrada no Mercado Comun beneficiaria, ¿opina o mesmo hoxe?

Sigo coidando que si, que segue a ser unha das posibilidades galegas.

E Portugal, ¿é tamen outra posibioidade galega?

E de absoluta irrealidade pensar que se pode realizar algo con Portugal, un país dun nacionalismo exacerbado, con Alxubarrota na punta dos dedos aínda hoxe; é difícil. Que nos os galegos poideramos ser intermediários entre o resto da comunidade hispánica e Portugal é un bon desexo pola nosa parte, pero por parte portuguesa isto non existe, esta máis lonxe Portugal de nós que o pdoen estar Catalunya ou o País Basco. Por exemplo, non hai un só galego importante -don Ramon Otero Pedrayo, Risco, Filgueira que foron aos congresos, amaron Portugal- que teñan o menor recoñecimento: nen unha condecoración, nen un doctorado... Portugal non sabe que estamos aqui, que tivemos astra o século XV a mesma língua, nen siquera nos utilizaron en ningún momento como instrumento político, cousa que poideron facer.

"Vilar de Donas era unha abadia de mulleres da orde militar de Santiago, no axuntamento de Palas de Rei. Hai unhas pinturas murais tardias, ali dice "la era del rey D. Jaun", de modo que debemos supor que se trata de Juan II, polo tanto no 1400, e que son dun pintor do país... pero hai tres monxas nós paneis dun dos murais, tres monxas con pamelas italianas -moda de entón- con grandes pamelas, que len unha flor. Existen lecturas do texto. Por exemplo Trapero Pardo dice que se lei: "Dios vela de mi" o que, sintácticamente é un disparate. Eu creo que ven decir "Doña Vela" e que é un apelido abreviado que non interpretamos, un Dominguez non parece probabel pola época, non sei, sin embargo semella que houbo unha abadesa que se chamaba "Doña Vela" e fixen un poema chamandolles "As Giocondas Galegas".

Miñas donas Giocondas/ en vos ollo todas as donas que foron pais,/ unhas blancas camelias,/ outras flores de lis./ Ou dádesme ese bico/ que cheira a rosas do ano mil e pico/ ou morrerei chorando na miña mocedá./ Le t temps/ s´en va, madame,/ le t temps/ s´en va... que é un estrebillo frances..."

Vostede percorreu prensa variada ¿que non di do seu papel?

Mal papel. Non hai -aqui e fora- unha valoración das situacións; hai avalancha de notícias cun excesivo peso da emoción cotidiana. E enormemente deformadora, ¿que qué prensa faria eu?. Probabelmente daria as noticias con seis meses de retraso.

E tamen percorreu America e Europa dando conferéncias, dende os habitantes da lua aos viaxes de Ulises, ouvimoslle, e lle gustan para vivir as vilas non moi grandes ¿como se vive hoxe nunha vila das nosas?

Cada un pode facer o seu recuncho, mesmo no medio da cidade mais boureante do mundo, e tamén todas as cidades do mundo podian ser mais agradabeis... por aí hai quen fala da morte das cidades, publicanse libros e demais; agora, o home naceu para ser urbano, para ser político, da polis. Cando Aristóteles decia que o home é un animal político non queria decir que era un animal que se adicara á política -inda que se adiquen á política moitos animais-, queria decir que era un animal que tiña que vivir na polis, estar cos outros homes na Agora e falar; de modo que as cidades podian ser feitas para eso, para que un poidera falar.

E as industrias tamén

Unha industria medida e compensada coa agricultura. Porque penso que un país que chegue ao ano 2.000 cunha gran agricultura, gando, bosque -e non piñeirais-, o vello bosque, será un dos países mais ricos do mundo; si, Galícia poderia ser ese país pero claro, é inexcusabel unha industria paralela sen volver tampouco a un país xeorxico e bucólico.

E xa entramos na mitoloxia

Non, aqui hai folklore, un conxunto de tradicións e de costumes das que se perdeu o significado derradeiro. Quen fai hoxe un magosto non creo que pense que esteña facendo un rito funerário, as castañas estaban relacionadas cos ritos funerários na maior parte dos pobos primitivos europeos... o que fai a festa dos maios e sae cantar unhas coplas satíricas contra o alcalde non pensa que o que esta celebrando é a festa da resurrección do mundo despois dos longos dias de inverno e de morte da terra. O que foron ritos e mitoloxia queda como folclore.

Como coñecedor que é das nosas meigas ¿que papel social cumplen?

Moi importante. A meiga, a sabia, o sabio cumple un papel moi importante porque a vida humana necesita certa dose de mistério e azar, e a meiga dalla. E é tamén, en certo modo, un poder moderador. Eu téñolle un gran respeto a parte destas meigas e sábias que coñecín. Un supoñer: ti tes unha galiña que che deixa de poñer ovos e entón pensas que che botou o mal de ollo fulana, a Xosefa que vive aí e tal. Queres vengarte e vas á meiga, e a meiga busca unha cousa proporcionada, que a vaca lle deixe de dar o leite durante un mes. As duas recurriron, probabelmente, á mesma meiga, unha para botarlle o mal de ollo á galiña da Pepa e outra para quitarlle o leite á vaca de Antónia, de modo que non se chega a un enfrentamento, hai sempre un colchón, un colchón máxico. Malinowsky xa se preocupou desto, non referido a Galícia senón á Polinesia onde, por exemplo, a desaparición do poder dos feiticeiros e dos bruxos, consecuéncia da predicación dos misioneiros, da implantación de comunidades protestantes e demais, fixo aumentar o número de venganzas personais nas aldeas. Faltaba ese intermediario.

¿Un intermediario como tamén se dixo que o fora o caciquismo na nosa sociedade?

Nesto do caciquismo galego hai muita lenda, tanto como no das meigas. Ademais creo que non foi tan perxudicial para o país como adoitan decir. Moitos deixaron a sua fortuna no exercício do poder, como Pepe Benito en Lugo, Bugallal, Viturro, unha xente que era a verdadeira representación do país, na que a xente galega confiaba e usábano para todo, para unha carreteira, para librar de quintas, e, en definitiva, non lles pedian mais que o voto.

Sabemos de vostede que é cafeteiro, que lle gusta comer na casa e erguerse cedo, traballar seguido pola mañan, bota cartas no correo todos os dias, e un paseo.


Si, pero agora estou moi limitado polas miñas doencias, perdin os meus paseos de cada dia pola beiramar, as tertulias, subir ao Castro... A miña vida hoxe consiste en erguerme un pouco tarde, sentarme a máquina...

Da sua vida cóntanse anecdotas insolitas.

Todas son tonterias que non sei por qué apareceron; sera porque un é un escritor fantastico e che pegan cousas que nunca sucederon ao millor teñen un fondo lonxano de verdade, pero están tan deformadas que...

Non parece, entón que se lle ocurra facer unhas "Memorias"

Non. Un mesmo agora ten unha visión totalmente falsa do que foron aqueles anos. Ben podería ter o interes que ten unha novela pero deso a chamarlle "Memórias".



MARGARITA LEDO ANDION

Fotos: XURXO FERNANDEZ

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 107 * DO 23 AO 29 DE MAIO DE 1980 * 40 Pts.



Fusión nas Caixas
COMO CONTROLAR GALICIA


A lei básica de "emprego"

O DEBATE ESPAÑOL

Miami volvese contra USA

Emilio Prado
A RADIO, PAN DE CADA DIA

LAVADORES, OUTRA "RUSIA CHIQUITA"



Partiu de Terrachá aos 12 anos. Profesor na Facultade de Ciencias da Información de Barcelona e traballador en diversos medios de radio e prensa escrita, preocúpalle a comunicación, as experiéncias comunicativas. Preocúpalle mesmo anímicamente e fala delas co mesmo optimismo co que se mantivo unido ao noso país, mantivo a fala e observou, que nunha tenda luguesa de coitelos, dun ano para outro, a muller que o atendeu xa non lle respostou en español. E é que a Emilio Prado gustanlle os síntomas.
Ao millor, tamén por eso colaborou con A Nosa Terra, ainda ben tempo, desde Catalunya.

EMILIO PRADO

A radio, pan de cada día

Sabemos pouco dos donos da Rádio, ¿de quen son as emisoras?

A sua orixe compre buscala na guerra civil. O franquismo utilizou a rádio sen recato ningun para consolidarse. Desde a noite do 18 de xullo Queipo de Llano iniciou os seus famosos discursos-arenga a través da Unión Rádio Sevilla que minutos antes andaba chamando ás barricadas... e aí empezou o que viria ser Radio Nacional de España. Os franquistas sabian ben da importáncia da rádio e en cada cidade se habia unha emisora ocupábana e senón levaban eles unha rádio para encetar o seu proceso propagandístico. Co poder nas mans seguiron utilizando este médio pola importáncia que ten como elemento de coesión social e de conformación de estados de opinión favorábeis, craro, e foron nacendo os programas "informativos", musicais, os seriais lacrimóxenos e os consultorios para a muller; foise fraguando todo o sistema de dominación.

Despois viñeron outras cadeas

Si, e todas as cadeas que existen no Estado teñen unha orixe política. O fascismo crea RNE e reserva para esta cadea o déreito a facer a información en exclusiva, e durante ben anos as outras cadeas estaban obligadas a conectar, polo menos tres veces ao dia para dar os principais diários falados -coñecidos popularmente por "partes" xa que a sua orixe real eran partes de guerra e, no fondo seguírono a ser. O resto das emisoras nacian vencelladas a grupos de intereses ideolóxicos (como a cadea da Igresa) ou da oligarquia. Se nos pomos no dia de hoxe temos unha cadea de emisoras estatais que pertenecen ao Estado como ente público pero que, evidentemente, o que son é gubernamentais, controladas por UCD da "Red de Emisoras del Movimiento" e das cadeas peninsulares e sindicais confórmase o que agora se chama "Radio Cadena Española", que é paraestatal e non esta de mais engadir que coa creación desta faise un fraude: a cadea azul de radiodifusión que pertenecia ao SEU e cando o SEU desaparece como sindicato fascista estudiantil en boa teoria esta cadea de emisoras teria que pasar a Universidade, ou o mesmo se podia decir da cadea de emisoras sindicais, que era financiada polo vertical xa que ao desaparecer e normalizarse a actividade das centrais o lóxico é que pasara aos traballadores a través dos seus Sindicatos, por exemplo.

E unha cadea como a SER, mais dinámica, con programas novos, modernizada, con vencellos monopólicos, europeista ¿que política informtiva serviu?

Todo o mundo ten idea de que xogou certo papel progresista e eu... non o dubido. Xogaba nos intereses de famílias políticas que despois conformaron o centro. O presidente do seu Consello é Garrigues y Diaz Cañavate e non podian faltar os Garrigues, os Fontán, os Satrustegui e interesáballes para a instauración desta democrácia formal. Un informativo como Hora 25 deulle prestixo e fíxoo nun momento no que non se podia informar na rádio. Permitiuselle. Despois serviu para lle dar credibilidade ao cámbio e a partir do 77 cando se liberalizou a información todas as cadeas empezaron a xogar e mesmo os diários falados de rádio nacional empezaron a ser moi dignos, ben feitos. Deixouse que a rádio fora a avanzadilla, que desa imaxe do cámbio que interesaba e cando este cámbio se consolida empézase a sentir un retroceso nese "boom" informativo da rádio.

Ese "boom" caracterízase polo que?

Necesitábase unha información rápida, axil, contrastada, progresista, pois. Xenérase un proceso de participación social na información. Eran os traballadores os que explicaban a sua problemática nas emisoras, a través de mesas redondas, entrevistas, aparecian grupos sociais, mulleres, ecoloxistas... pero a partir do vran do 79 obsérvase un retroceso, desaparecen programas de análise e mesmo na SER dáse a consigna de que non se quere ver un obreiro polos pasillos, e iso é sintomático. Desde entón incluso é difícil ouvir aos representantes sindicais e vólvese a aquel proceso no que o periodista é o interprete da noticia, resume.

De cara aos procesos manipuladores estáse máis pendente da prensa escrita. Ninguén notou acá, por exemplo, que se xuntaran no seu dia, os directores das rádios en Galícia para acordar non emitir nada en relación co Non á Constitución ¿non é sinal de que se infrautiliza o médio rádio?

Si, e eso vai mais alá dos actuais plantexamentos políticos tácticos. A rádio está infrautilizada como médio de comunicación por várias razóns: é un médio moi dinámico e canto mais dinámico máis aberto e, polo tanto, politicamente menos controlábel, dá medo. E difícil controlar a resposta aos menxases que se emiten por rádio.

A prensa ten unhas canles de distribución astra máis cativos e ademais como á rádio houbo que lle dar un marxe de movemento para que servira ao cámbio tamén se lles escapou un chisco das mans. O feito de abrir canles de participación facia que se encamiñaran contidos moi diferentes e o dito nunha entrevista en directo aí queda. Ademais, o público da rádio é máis heteroxéneo, menos cualificado culturalmente. máis permeábel ás ideas que lle veñen a través do médio.

Neste senso, tes falado do "arcaismo cultural das forzas políticas"

Porque aínda se está na Galaxia de Gwtemberg. Estamos nun intre no que os médios tecnolóxicos, o tipo de vida, esixe unha comunicación dinámica, inmediata e os nosos políticos -falo en xeral- seguen a sentir a necesidade de ver escrito o que din e pensan que é máis importante un artigo nun periódico que o van ler 5.000 persoas que unha entrevista que escoitan 300.000 e que ao seu través o coñecen directamente. Pero é que se segue a ter unha tradición cultural escrita que non esta acorde co mundo real. Os medios electrónicos estan xogando o papel da família, da igrexa, os médios de comunicación son os que estan creando unha homoxeneización social, un sistema de valores que reproducen á ideoloxia dominante.



XURXO FERNANDEZ

A repetición, tan cotidiá, ¿é unha característica estrutural da rádio ou utilízase por condutismo, para crear clima sico-social?

A redundáncia ten xustificación teórica porque a comunicación pasa no tempo, non podes volver atrás. Consideráse, ademais, que hai diferentes públicos segundo as horas, pero a través diso están tamén creando un clima de importáncia en función da repetición, ándase a obsesionar con certos temas, o feito de estar falando todo o dia dun atentado en Euskadi dache a sensación de que o único que hai no país basco. Non é unha rádió dinámica non deba dar paulatinamente o que se chama "novos aspectos da notícia" porque unha mesma nova vai facilitando novos dados pero na medida en que iso sexa utilizado ideoloxicamente e non profesionalmente e se machaquen determinadas cousas estase conseguindo determinada efectividade. Son eses viaxes de persoeiros políticos españoles a Galícia, o de Suarez, que se empeza a dar desde que se sabe que vai vir, dáse durante todo o dia, dáse desde que se vai...

Que pode significar non usar nun médio de comunicación a língua dun país, non coñecer as pautas culturais astra ter que se formar profesionalmente fora del porque aqui, en Galícia, non existen centros para informadores

No primeiro dos casos que non se sexa eficaz -nen se pretende selo- na normalización desa sociedade. Tocante aos traslados da xente o que conduce é a formar profesionais nun sistema social alleo, descoñecedores da própia história, do própio país. Porque a carreira de xornalismo non é somente para aprender unhas técnicas comunicativas, é unha formación base que permite interpretar o mundo e sobre todo os feitos en situacións determinadas.

Traballas profesionalmente en Barcelona ¿que foi a iniciativa das "Ondas Libres"?

Eu creia na necesidade teórica de que os periodistas fosen só dinamizadores dos procesos comunicativos e nunha sociedade como a catalana onde hai unha efervescéncia social marxinal que andaba alonxada dos médios informativos coidei que as "Ondas libres" podian ser un lugar de encontro deses movementos. O certo é que hoxe non se pode falar nese senso e a rádio non ten un movemento detrás senón que quedou nun movemento en si.

¿Como se monta unha rádio libre?

A rádio é un médio moi barato. Poñoche un exemplo: Para cubrir toda Coruña costa 400 mil pesetas e para cubrir unha comarca pode abondar con cento e pico mil. Un pode construir unha emisora seguindo un esquema publicado -ún que coñeza algo de electrónica, craro- e cun tocadiscos, un magnetófon e un par de mciros, mais local, luz e teléfono, emitindo en FM tes unha Onda libre que sera axeitada se non fai sectarismo social, se é axil, divertida.

Coidas que a rádio cumpliria un papel importante no proceso actual de galequización social?


Ben, o proceso é irreversíbel pero a rádio pode xogar tamén a favor do prestixo dunha língua na que se trasmitiu o autoodio e seria todo un síntoma que a chamada RN utilizara o galego como língua única. Voume permitir citar, só citar, a Pujol no seu discurso na Camara de diputados, falando da recuperación nacional: é imprescindíbel a rádio e a TV catalana e é neste terreo no que se xoga Catalunya o seu ser como nación". Quen o dixo foi Pujol.

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 109 * DO 6 AO 12 DE XUNIO DE 1980 * 40 PTS.



XURXO FERNANDEZ

furtivos

Unha nova praga que ven pola ria

MOVILLA ALVAREZ:
a lei non é algo exacto


A COCA EN REDONDELA
BECA: unha empresa na xungla

FUTBOL GALEGO:
quen mal anda...

FURTI

Unha praga novque v

Cada mencer de cada dia, cando hai seca[s] quedan[...] grisallas dos furtivos, como gatos na noite, nom[...] falsos. Poboa e "os que veñen de leste", da parte de [...], dirixen[...] coas gamelas de sempre ás que se lle acoplaron[...] potent[...] veces chámanlles "loros" pero as mais anome[...]neadora[...] águas contra ameixas e homes tal como si un[...] nova vi[...] dornas, veciños, frases e bombetas dos uns en[...] outros, que o gardan para os meses sen veda, dos que es[...] desde [...]



Contrabandista que collan que o castiguen... e vamos traballar de frente para sacarlle mais e maís ao mar (V. García, Patron Maior de Carril).

Disparáronlle á lancha da Cofradia de Ribeira disparáronlle á depuradora do alcalde de Boiro algo antes, disparáronlle aos vixilantes da Poboa do Caramiñal ferindo no lombo do brazo esquerdo a Xosé, o presidente do Pósito, disparan de dorna a dorna, disparáronlle á lancha da illa de Arousa e fóronlle ao medio, embestírona, deixando catro mal feridos con cabeza, espiña e cadeiras tronzadas.

"Moito do que se di posibelmente son bombetas, artiluxios para facer ruido, para amedrentar; agora, en ocasións veise que utilizan outros médios... Na Poboa instruiuse un expedente e as averiguacións non son faceis porque os que poderian denunciar non denuncian, que si "non vimos o fólio, non sabemos quen ia na embarcación..." *por temor ás represálias"* declarábanos o comandante de Vilagarcia, Jaime Vazquez Doce o xoves 29 de maio, declaracións que irán aparecendo ao longo do texto escritas en letra deitada.

DENDE A BATEA, OS TIROS

"Eu non sei quen son eles, pero eles saben quen son eu porque xa me meteron nun barco e leváronme ás tres da maña astra a illa e deixáronme alá, e veña a decir que un dia en terra habian lincharme" falaba Torres, pouco antes de sairmos na lancha de vixilância da Poboa xunto con Xo- dios, esta é unha gamela vella, e andamos esperando unha lancha que nos vai conceder o Plan Marisqueiro, porque a maneira de combatilos é ter as mesmas armas que eles, coller catro ou cinco e plantarlle lume á lancha na praia... é que estes indivíduos son moi perigosos. nos a noite dos tiros puidemos morrer..."

A noite dos tiros foi ás catro e cuarto. Pasaba que moitas noites os vixilantes dormiñaban dentro dunha batea do mexilón por mor de ouvir os motores furtivos e sair espombalos. Pasou que aquela noite, cando os da Poboa viñan, como sempre, cara a batea, alumearon coa linterna ao tempo que, desde dentro saían vários tiros de rifle. Despois, tamén como sempre, ollaron fuxir unha lancha gris.

Pola sua banda, os da illa de Arousa viñan arremetendo desde novembro, con manifestacións diante da Comandáncia e vixilância pecha na sua xurisdición, contra o can e o furtivismo que parte de entre Terrón e Cambados Conseguiron, mesmo, a captura dun bareo do can que levaron para Arousa. Astra a illa chegou un fato de Guardias Civiles pero ao toque das campas axuntouse todo o pobo e impedironllé á forza pública desembarcar. Como outras veces, ao dia seguinte tivéronse conversas na Comandancia que, tamén como outras veces, prometeu medidas anque... "hai un mes xa dispararan na Poboa e na illa empezaron lanzan- con escopetas.

Por iso, hai un para de semanas a Cofradia da Illa puxo dous rapaces a facer vixiláncia con cada sua escopeta mar avante. Non tardaron en bater con cinco planeadoras, perseguiron tres astra Ons e voltaron polas outras duas que escaparon polo Terrón nun Landrover entre uns cantos tiros. Este sabado a lancha de vixilância saiu outravolta. Como non habia traballo, ian nela sete homes. E a lancha foi rodeada, deronlle no médio, ametrallárona...

UNHA RIA DIFICIL DE VIXIAR


"Furtivismo de marsiqueo coido que existe en toda a Ria. Danse várias circunstáncias: o précio alto do marisco, as necesidades de máis ingresos nunha sociedade de consumo, a conformación física da ria, chea de illas, puntas, que fan difícil a vixilância e que é unha ria riquísima. Entón a xente sabe que vai xugarse un pouco pero que vai sacar o seu xugo. Os nosos médios son maiores que os de calaquera comandáncia do Cantábrico e galegas. Temos 4 embarcacións de a 18 nudos e 4 balsas "Zodiak" de 30 nudos, sin embargo, e polo devandito, non hai a eficácia requerida. Conste que o que nos compre vixilar exaustivamente a nos son os parques que quedan fora das concesións ás Cofradias xa que estas son as responsábeis directas dos seus bancos anque cando chaman -teñen que facelo a traves da autoridade de marina local, os celadores, aténdese sempre, colabórase sempre..."

UN PROBLEMA, NON O PROBLEMA

Desde hai uns anos o problema do furtivismo en meses de veda sobre os bancos comúns e aqueles adscritos ás diferentes Cofradias veuse unir á longa ladaiña de problemas que firen ao sector mariñeiro no noso país e quizais foi a partir deste outono cando na ria de Arousa atinxiu proporcions gravísimas, tanto que a xente, afeita a sair mariscar uns cantos meses e conseguir uns ingresos necesários, topouse con que ao cabo dunha semana desaparecera o marisco, desaparecera porque ao longo de todo o ano, as lanchas furtivas andan ao berberecho e á ameixa, salvando, ao millor situacións individuais pero causando, de rebote, un forte prexuício social que se ampara na falla de regulación sobre o mercado, en vedas discutíbeis e en sistemas de venda que non pasan por lonxa, polo mesmo incontrolados, como o é a venda a flote.

Por Rianxo e a Poboa as opinións situan a orixe material do furtivismo nos viveiros de Carril, pois que lle permiten aos seus poseedores ter guias de circulación todo o ano e levantar mercancia, marisco, asegún a própia comenéncia.

Outros decires señalan culpa na Autoridade ao falar de que as lanchas furtivas teñan motores con poténcia antirreglamentaria




TIVOS

novoe ven pola ria

hai seca
oite, nom
parte de
acoplaron
ais anome
omo si un
os uns en
los que es

quedan baixas, andan ao mar esas lanchas falsos. Dinnos que os de Carril van para a dirixense cara a illa de Arousa. Traballan potentísimos que rondan 100 cabalos. As aneadoras, planeadoras que arremeten nas nova viñera pola ria enfrentando ribeiras, outros, dos que esquilman o fruto e dos desde hai uns meses poñense a disparar.



"Non é ben verdade. Existen tres clases de embarcacións que se catalogan do seguinte xeito: as de pesca, terceira lista; as de tráfico de ria, cuarta lista; e as de recreo, quinta lista. A cuarta e a quinta non teñen limitación de potencia. Da terceira lista a limitación ven do ano 77, antes non habia, e entón hai embarcacións de terceira que hoxe exceden pero que foron autorizadas antes do 77. Por outra banda, as que non están autorizadas teñen unha sanción de 25.000 pesetas. Para min as medidas punitivas poden correxir o problema en gran parte sempre que as sancións esteñan ao nivel que deben estar porque a lei é do ano 61 e seguen a ser as mesmas cantidades nos nosos dias. Tamén lle propuxen a Subsecretaria como sanción máis eficaz o amarrar os barcos infractores por un período determinado.

Tocante aos viveiros, ao levantar marisco da parcela própria hai a obriga de decirllo á autoridade de mariña e a autoridade de mariña debe presenciar o levantamento; na miña maneira de ver, se se poideran cortar as saídas dos compradores baixaria o furtivismo ao baixar a demanda"

SE O ESTADO MIRARA POR ESTO!

Nas praias da Póboa, o Areal, Raposiños, o Pozo, nen se necesita siquer sementar para que acobillen riqueza inmensa, riqueza que, malfadada, non recibe o interés comunitário, e nun Pósito con 700 asociados somente 3 ou 4 saen vixiar e tamén de dentro da própria vila aparecen furtivos a pé. A maioria non vive do marisco e veñen os de Cespón, de Boiro, de Escarabote; "estaba garantizado que cada mariscador, respetando as praias e gardándoas, á hora de abrir a veda, home ou muller poderia sacar 8.000 pesetas no dia. E conservándoo ben poderiase traballar seis meses no ano e con 2 kilos de ameixa tiñas o dia gañado, esto para Galícia era unha riqueza. ¡Se o Estado mirara por esto! O outro dia veu un catalán cun maletín, mediu na praia, preguntou ¿quererá comprar algun pezado?" comentaban, apertados, os tres homes da Póboa... O caos da Illa socialmente é diferente. Na illa vívese dentro do mar, hai máis organización, o senso de defensa é mais unánime... ¿E o caso de Carril, unha das vilas acusadas? Quen nos fala del é o Patrón Maior da Cofradia. Patrón recén eleito e como el di, polos nemigos, que se chama Vicente García.

A HISTORIA MARIÑEIRA DE CARRIL


"Antes pescábanse camaróns, necras, mesmo ostras, centos de toneladas. As ameixas babosas habia pouco quen as queria, berberecho habia pouco quen o queria, e o mexilón tamén, tiñan que ir cocidos para as fábricas, habia que cocelos nas queiro de toda a vida. O que pasa é que desde hai uns anos a xente deu en entrar no marisco e veñen os do campo, os das fábricas, os dos mercados, empresas de toda índole, e incluso turistas, e vanse aproveitar de bens que non deben...

... Aqui a parcelación, os viveiros, teñen 180 anos. Mentres, nos outros sítios levaban o marisco para abono. Agora ben, aqui podíaselle sacar outro tipo de rentabilidade si o Estado coidara ese famoso rio Ulla, se vixilaran as fábricas para isolar os produtos químicos que lle contrarrestan vitalidade aos nosos mariscos, aparte das riadas de agua doce que se poderian aproveitar para regadio en vez de deixalas ir rio abaixo facer mal inmenso. ¿Os conflitos con Rianxo? un mal entendido. Eles teñen máis campo que nós para traballar, pero teñen que traballar... Contrabandistas houboos, hainos e haberaos. Contrabandista que collan que o castiguen, tamén hai quen vai romper os cristás a unha caixa de aforros e leva os cartos, pero eso non quere decir que todo o pobo se dedique exclusivamente a romper cristás nas caixas de aforros. Que cada Cofradia vixile o seu terreno, debian balizar, poñer uns reflectores e se a Cofradia de alá non ten, que lle compre á de aqui; se a de aquí non ten, que lle compre á de alá; legalmente; sacarlle o máximo ao mar. Cando muita xente iba buscar marisco para botarllo á terra nós usabámolo para defendernos, De aqui sairon moitos camions antes de haber bateas na ria, das pedras, destes famosos viveiros, trozos de fango que se foron recheando. ¿Que din que o furtivismo ven de Carril? é demasiado decir. Que coiden eles mesmos o terreo e que eles mesmos non vaian a el. ¿Os enfrentamentos na Póboa? Din que foron os de Cambados, tamén lle botaban a culpa a unha embarcación de Carril; dábase a coincidéncia de que ese señor estaba en Ferrol, refíreme a un enfrentamento de tres lanchas que polo visto houbo un tiro aí, según di a prensa... e si é práctico poñer a boca nunha persona, tamén é elástico... E hai que prender, e traballar...

Eu coñezo o meu traballo. A primeira vez que metín un burro cun arado na parcela a xente ria de min (pois vaia parchazo que levades porque eu cun burro que vale 4.000 soluciono o problema de 20.000 e quédame o terreno máis preparado, muito tedes que copiar de min)... ao transcurso de un ano todos viñeron preparar o terreno, porque o mar é terra bañada por água e é necesário labralo, preparalo, e si a terra é mui boa e un criadero por un desove da natureza se multiplica, non se fai nada se eso non se rarea para outro terreo, en vez de levarlla á fabrica ¿que o furtivismo ataca a cria? o que habia que vixilar eran as prazas, que vaia toda a mercancia cunha guia..."

MARGARITA LEDO ANDION.

FOTOS: XURXO FERNANDEZ



Nunha lancha con ben apostao lombo e un cativo

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL
Nº 110 * DO 13 AO 19 DE XUNIO DE 1980 * 40 PTS




O FRACASO DE FEIRACO

SOTO, UN ALCALDE NA PICOTA

A Igrexa non quere soltalos CREGOS SECULARIZADOS





Pedro de Llano: "a arquitectura popular, signo cultural"



XURXO FERNÁNDEZ

Formouse en Madrid. Coordina a primeira revista de arquitectura que se fai en Galicia, "Obradoiro". E secretário da comisión de cultura do Colexo de Arquitectos -afanada, nestes intres, no estudo do noso património- e sempre traballou, a nivel profesional, en Santiago. Hai catro anos empezouse a adicar á recuperación da arquitectura rural desde unha perspectiva nova "e asi fixen o traballo sobre Pedre, na Terra de Montes, ou o da illa de Ons -aínda ineditos- e cousas parciais como O Muiño da Seca, A Arquitectura das Feiras, os fornos, as fontes... e a piques de sair está o libro "Introdución á Arquitectura Popular Galega".

E as constantes, na nosa arquitectura popular referente a materiais, concepción do espácio ¿cais son?

O mais importante da arquitectura popular en calquera país é que é un signo cultural fundamental para calquera nación xa que tanto a nivel de clima, de economia. de cultura, de materiais reflexa directamente o médio no que un está facendo a casa. Os materiais, pola sua banda, fan que esta arquitectura este integrada de cheo na paixase. Na área norte de Lugo o xisto, a pizarra fai unha arquitectura unida ao que é a terra, ás montañas negras... unha area de rochas como pode ser a gneis, na terra de Melide, fai aparecer a rocha continuamente na casa, a casa que as veces construese sobre a mesma rocha e a mesma rocha é a que se vai partir logo para facer os muros. En zonas que teñen granito aparece a canteria perfecta. como no Sul de Pontevedra, Combarro, etc. e cos tellados pasa o mesmo e asi nas zonas de formación xeolóxica silúricas e cámbricas o xisto é para as cubertas. Por exemplo, a introdución do colmo -a palla- na arquitectura popular é a mais evidente prolongación da natureza e aínda a fins do século pasado a maioria das casas galegas tiñan cuberta de como anque hoxe quede para cobertizos e alpendres.

En todo o que falas o norte debe ser o coñecemento empírico ¿non si?

Que é o que leva mais craro aproveitamento do médio. Por exemplo o clima é determinante e veise ben na palloza: os muros son baixos e con poucos ocos para evitar a perda de calor, a palloza é como unha nave invertida orientada no sentido dos ventos dominantes para cortalos -sempre estan feitas en zonas de ventos fortísimos- e o lar, metido no centro, permite unha boa temperatura constante que axuda a resistir os climas duros.

Dáse, no noso país, esa diferéncia que se pretende entre arquitectura rural e urbá?

A diferéncia entre arquitectura urbá e rural en Galícia non é nidia e aquela, normalmente, é arquitectura rural adaptada. Asi, o que foron unhas vilas coas suas ...cas rurais quedaron engulidas polo me... de calquera cidade e outras veces foi a ...migración ás cidades e os campesinos que fixeron as suas casas nos subúrbios repetindo as do agro. As necesidades xa non son as mesmas pero a técnica construtiva e moitos dos elementos aparecen repetidos ¿ou que é senón a aparición nos bárrios de Ourense de peches con cadriculas nas portas dos baixos tirados das portas das adegas?. E un xeito de conservación e transformación da própia cultura mentres nas urbes o que se viña facendo era destruíla ao usar unhas pautas que non responden ás necesidades da cultura nacional galega, do médio. pautas tan impróprias como a mesma lei do chan que impón unha normativa desaxeitada entre nos como, por exemplo, esixir unha parcela mínima de 2.500 metros para unha construción rústica exterior.

O derrube da arquitectura de uso común como a das feiras vai ligado, quizais, á perda desta actividade ¿que senso ten, neste caso, conservar as formas se non teñen xa funcionalidade social?

Falabamos que ao definir a arquitectura rural e popular como un signo distintivo da cultura nacional o feito das necesidades dese pobo queda reflexado: queda a economia agrária galega na vivenda rural, na casa-corte -como se lle chamou en moitas ocasións- porque nunha área onde o gando é fundamental a corte ocupa os dous tércios da casa, como nas pallozas do Cebreiro: onde teñen viño a adega xoga un papel importante ou a palleira, se a produción é doutro tipo; o horreo aparece nas zonas onde hai determinados cultivos e somente nesas -no interior de Ourense non hai horreos-... o tipo de produción define, pois, a arquitectura. E a casa tamén se define culturalmente: a importáncia do lar é cultural e centra toda a edificación.

Entón as formas úteis nun intre quedan como memória

Pero a memória pérdese se non ten signos. As feiras foron o principal espácio da actividade económica e social dunha comunidade, (e as fontes, e as eiras...) Ao irse deteriorando a economia de intercámbeo foron perdendo a sua función pero antes xa desapareceran as formas arquitectónicas, botouse asfalto e sobre el seguíanse a realizar as feiras. E non é que o anterior non se necesitase, pasou que en función dun desenrolo mal entendido cambeouse o própio por algo que funciona pior e, ao millor, porque se lle ocurriu ao alcalde de turno.

O que se anda a construir agora no agro son vivendas dos emigrantes ¿esta vivenda esta integrada no médio?

En calquera país consérvase o habitat, a arquitectura rural, aínda que sexa adaptandoa ás novas necesidades pero en Galícia isto non se dá e outras culturas están exercendo a sua influéncia en deterioro da nosa própia. Asi, un emigrante vai a Suiza ou a Fráncia, identifica aquelas casas coa idea de "comodidade", volta. racha coa sua casa. como non ten diñeiro para facer unha casa suíza fai unha construción a cabalo entre a sua vella casa -que respondia á sua cultura- e o que seria esa outra casa doutra cultura que trae nos ollos.

Ao falarmos de conservación pode haber interpretacións contraditórias e entender que ten que ser algo pechado, protexido ou ben algo que interveña na promoción do seu entorno.

Conservar por conservar, de xeito museístico, aqui quedan as vivendas e imos ver como vivian, é un pouco como ensinar as tendas dos índios no Oeste. Non é isto. A conservación é a adaptación, tanto na arquitectura rural como na urbá, que na maior parte dos casos tamen é populst. adaptación, por exemplo. dos vellos espácios urbáns ás novas necesidades.

O Colexo de Arquitectos adícase mais á recollida de fitos que a elaborar alternativas ¿ou?


O problema é que para intentar conservar algo primeiro compre saber o qué. E na nosa situación non temos nen inventariado o património histórico e por iso intentamos colaborar na consecución do mesmo. Por outra banda, a normativa para a sua conservación non compete a un colexo profesional senón a administración. e a administración nada ten feito -falar da Xunta xa é de risa porque nen se enterou que temos património e ándase a falar dun Plan de Ordenación Territorial que deberia ser un elemento base da conservación patrimonial e nese Plan, que se saiba, non se fala do Património. En calquer país normalizado hai unha série de medidas fiscais, préstamos de vivenda para conservacion etc. pero aqui nen ouvimos falar media palabra destas cousas.

Ao falar de Patrimonio penso, por exemplo, no Castelo de Pambre que o mercou un particular hai poucos anos por unha cantidade ridícula, un castelo do primeiro románico, cunha história de seu moi ricaz ¿non deberia estar nas mans dunha institución e facendo un servicio público?

Decraracións -do que se chamaba astra agora "Monumentos Nacionales" ou "Provinciales"- hai pouquísimas en Galícia. Mentando unha construción que se está facendo ao lado do Pico Sacro, fixemos un informe denunciando esto co gallo de impedir que se dera a licéncia pero o Pico Sacro non ten unha decraración de Monumento, simplemente en Belas Artes consta como unha cousa moi importante...

E logo hai outra história: a penúria de médios que teñan todas as comisións de Belas Artes que hai en Galícia e asi pasa que téndose feito no Cebreiro unha Conservación -quen sen ela non existiria ningunha palloza- hoxe as pallozas están-se deteriorando porque non hai cartos para cambear o colmo, operación que compre facer cada catro anos e senón se contemplan cousas como estas, comprar un castelo e darlle utilidade pública... xa seria outro cantar.


MARGARITA LEDO



A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 112 * DO 27 DE XUNIO AO 3 DE XULIO DE 1980 * 40 PTS.



TRAFICO DE EMIGRANTES

PROIBIDO BAÑARSE NO VRAN
contaminación, ¿campaña orquestada?
"Rumasa está desfacendo Galicia"

AVILES DE TARAMANCOS
"Son un pouco da poesia secreta"
MUROS, o pan vén polo mar

Fotos: MANUEL FERROL

O entusiasmo do popular a caron de lisa memoria das cousas e do tempo xuntanse nun literato dos nosos anque so un libriño repartido polas tabernas da Coruña e unha escolma de revista deixen sua constáncia agachada, case tan agachada como da obra do seu compañeiro grande o pintor surrealista Urbano Lugris: "Lugris nunca lle deu importáncia a sua obra trocábaa por cousas, aproveitaronse moito del, mercabanlle cadros por dous reas porque necesitaba vivir diariamente... unha vez veu conferenciar un ministro, non sei se Arias Salgado, da emigración e empezou a facer numeros "o ano pasado mandamos tantos para Venezuela, tantos para Arxentina, se Deus quere o ano que ven temos que mandar o 10 por cento mais" e Lugris, un home alto, ergueuse a berrar: beee, beee. Levaronnos aos dous -o Comisário, Manzano, que escrebia noveliñas do FBI con seudonimo, convidounos á cea e soltáronnos a outro dia-, pero o interrogatório foi absurdo porque nunca decia o que tiña que decir: ¿Como se llama usted? Urbano Lugris, tengo nombre de tranvia..."

O seu nome é Anton Avilés Vinagre, ao pé do mar noiés, en Taramancos ("nunca podo escribir dentro do meu paisaxe, teño que sair e cribar un pouco dentro de min") ou en Colombia, vinte anos emigrante, unido polas novas que lle chegaban desde Garcia Bodaño, facéndolle escribir versos en galego a un embaixador de Guatemala en Bogotá, tal é a confianza que pon na vida desde sempre.
"Eu nacín galeguista, quizais polo meu orixe labrego e mariñeiro, e na época collín unha postura un pouco rebelde pero que era para min unha postura natural, non me facia falta unha idea teorica ou intelectual do galeguismo senón que era unha idea de home criado ao pé da Terra.
Iso trouxome un pouco de problemas, incluso a nivel de escola de naútica, porque era un estudante raro antes de mais: sempre procuraba falar en galego, sempre escribin en galego, nunca escribin unha palabra en castelan"... mediaban os anos cincuenta.

AVILES DE TARAMANCOS

"Son un pouco da poesia secreta"

O Avilés adoita decir que foi, con Urbano Lugris, un dos últimos boemios ¿que mais contas do teu conviviu con ese home maior que facia tanto mural polas tabernas?


Iso era tamén un xeito de facer boémia, unha maneira de vivir porque nas tascas onde Urbano habitualmente pintaba nunca nos pagaban en cartos -eru era un axudante de pintor, pasáballe os pinceis, pasáballe as terras, pasáballe os ocres...- pagaban en tapas de pulpo, tapas de xamón tazas de viño. Entón eu vivia nunha buardilla da rua Tabernas e Urbano na sua casa. Tiña cousas moi raras, entre elas tocar o piano cos pes e creo que era o único home no mundo que podia facer iso.

E tocaba ben?

E tocaba ben. Gustábanlle moito os tangos. Tiña incluso unha colección de discos de Gardel moi ben gardada, pero sobre todo coñecia moi ben a poesia galega e recitábaos a todos de memória, igual que a portuguesa; con el coñecin a Guerra Junqueiro, a Teixeira de Pascoaes con el aprendin intimamente a vida de Pondal porque o seu pai, Lugris Freire, fora un neno moi amigo de Pondal, e sempre que pasábamos polo 22 de Xoana de Vega, onde vivira Pondal, subiamos ao piso e explicábame que Pondal escrebia sempre de pe... tiña outros coñecimentos que eu non podia chegar a eles, falaba aleman correctamente -non sei onde o aprendeu- di que para recitar a Rilke e eu aínda que non entendia nada collia esa musicalidade. Tiña unha cultura moi profunda que os demais non entendian porque el estaba sempre en plan teatral.

¿Como chegaches de Noia á Coruña?

Cheguei para estudar para mercante, imposto un pouco polos meus pais pero non era o que sentia realmente e tocoume cair nesa boémia de ser un aprendiz de escritor, que e o que e un sempre na vida. Non sei por que, quizais por ese mundo que eu tiña que vivir sen ter medios, sen ter cartos, sen ter casa, un pouco orfo na Coruña, acolleume Urbano Lugris. Na vida literária da Coruña de entón, falo dos anos 55, 56, 57 en que escribir en galego era case pecado, tiñasenos un pouco apartados, o caso e que para publicar o meu libriño "A frauta e o garamelo" tiven que facer un cursiño na Real Abadía de Samos para que o abade mitrado falara co sobriño, co Serrano



XURXO FERNANDEZ

Castilla, para que dera autorizacion.

A Samos fuches na compaña de quen mais?

Na compaña de Xosé Luis, o que pintou no claustro da abadia uns murais onde estou eu retratado catro ou cinco veces facendo de San Benito cando era mozo, facendo de demo porque habia uns milagres do San Benito... habia tamén un escultor catalán que hoxe se adica a facer queimadas na Coruña, Carlos Molla. Pero ao mes e médio botáronnos porque quixemos reformar a orde cousa que, ao pareder, non estaba permitido... ao fin o Padre Mauro falou co seu sobriño, o Serrano Castilla, que tiña unha mente un pouco de fielato -porque fora guarda de fielato en Málaga- e tiña pola poesia o mesmo concepto que se ten por unha mercancia: pode pasar polo fielato ou non pode pasar. A miña non podia pasar, aínda que era un libro sobre paxariños, pero coa recomendación do abade...

Despois, esa tua primeira obra cómo se publicou?

Foi unha suscripción popular feita nas tabernas da Coruña; os que estaban tomando tazas daban a 10 e a 15 pesetas; publicouse en Moret e os libros despois regaláronse mais ou menos aos que deran algo.

Fuches un dos que saíu do país, as veces, antes de sair do país desempeñabanse milleiros de ofícios.

Eu tamén fixen muitos ofícios antes e despois de irme. Traballei nas primeiras pedras que se puxeron en Genosa, na fábrica de Alumínio traballei de obreiro; traballei astra de practicante; fíxenme químico e traballei en Emesa, pero o laboratorio non andaba moi ben, habia unhas certas explosións e botáronme fora, ben, non era químico profesional e habia cantidade de problemas. Despois fun vendedor de libros, de zapatos, de botóns; traballei de axudante de pintor; volvin a terra traballar de labrego un ano en Taramancos; fun a Samos facer de monxe, cando me tocou traballei de mariñeiro...

... E dormiches nun caixon de birutas de Normandia

Dormia nun caixón de birutas de Normandia porque o que me pagaban en Genosa -unha empresa moi grande e moi forte aliada á Pechiney francesa- eran 1200 pesetas que nen chegaban para comer, iso gastabomolo Lugris e eu en viño nuns dias, e pedin permiso na fábrica para dormir nun caixón de birutas que Urbano decia que eran de Normandia porque como viñan da Pechiney e, pois, para darlle un pouco de sentido e un pouco de calidade, loxicamente un poeta non podia dormir nun caixón de birutas calquera, e asi ano e médio astra que me prestou a buardilla Xosé Luis, frnte a casa da Pardo Bazán. Entre nos habia unha grande solidaridade, compartiamos o que tiñamos que era bastante pouco case sempre. Non sei se hoxe estas cousas teñen un sentido profundo do que se vivia entón pero a vida era compartida e iso quedaba grabado para sempre, nunca fomos donos de nada. Daquela coñecin a Novoneyra -a Salvador mais tarde, cando vin de regreso para Noia-, a Manuel Maria que facia recitais no Mercantil, no club San Amaro... Novoneyra líame os seus poemas "Os Eidos" que aínda non estaban publicados, sempre traballando neles, correxíndoos, aínda penso que hoxe está sempre facendo neles.

E no sesenta e un saiches

Si, penso que son o último emigrante tradicional, o que ia para America e se perdia para sempre, -porque agora non hai que atravesar o mar- o emigrante que chegaba a América como cheguei eu, sen cartos e sen esperanza de regreso, a Colómbia que foi sempre a miña casa. Andiven os países andinos, Ecuador, Peru, Bolívia, non me gustou moito ir a Venezuela porque é un país rico e sempre tiven certo desdén pola riqueza; casei con colombiana, meus fillos son colombianos.

Se che dan arrepio os países ricos ¿que pensas do papel dos Estados Unidos en Latinoamérica?

E un papel xa descuberto e coñecido por todo o mundo, un papel asoballante, pero neste momento non lle pode xa ir ben. A xente sabe millor que son os EE.UU, da cantidade de cousas que leva non só no orde material senon espiritual, porque lle estiveron roubando a Latinoamérica todos os seus profesionais, que lle costaran moitos cartos a eses países e que os USA levan aproveitando un cursiño. Pero afortunadamente déronse conta disto, e hai unha reacción moi forte por parte dos estudantes para acatar os mandos das fundacións Rooswelt, Rockefeller, Ford que nunca dan nada sen pedir algo en conta; os pobos despertan, vanse facendo donos do seu, e os EE. UU téñense que ir de América.

Igual que nos anos cincuenta compartiches cos amigos...

...Con Urbano, con Alexandre, Naveira, Xosé Luis...

...Tamén compartiches en América, coido que un viaxe con Quadra Salcedo cando aínda non era coñecido

Fun, fomos pólo Amazonas, fomos visitar unhas tribus indíxenas, fomos astra Iquito no Perú, astra Ciguazunga no Brasil, coñecimos toda unha parte que hoxe xa non é selvática, que andan a explotar para o turismo; mesmo as cobras de Quadra Salcedo eran cobras domesticadas, que aqui fixeron moito impacto e tal, pero que eran culebras que teñen aí para que os turistas se entreteñan, pelexen con elas. Foi unha época un pouco de aventura porque quixen meterme de verdade no corazón do pobo e fun un colombiano máis... un dos graves problemas do emigrante e non sentirse nen do país que está nen ser do país do que se foi.

E nesa aventura tiveches un encontro con outro galego

Si, un galego xefe da tribu dos Macús, que agora debe ter oitenta ou mais anos, que é de Betanzos, que levaba quizais vintecinco metido ali, que non queria saber nada da civilización, tiña arredor de cen fillos, sentíase tranquilo facendo un labor moi importante na tribu e estaba integrado coa sua xente, era conselleiro de várias tribus ademais de menciñeiro.

O oficio de menciñeiro, debe mesmo ter influencia social ¿que dis de Regina Once?

Empezou cun consultório en rádio, chamábase "Doctora corazón", que aconsellaba as parexas e asi. Profesionalmente penso que non é nada pero foise metendo na parasicoloxia, na mediciña natural, -que se utiliza moito e seriamente nas tribus- chegou a abrir un consultório, foi moito xente ao pé dela, arranxou problemas -porque ten certa disposición para os arranxar- e chegou a ter fama. Pero é un caso mais entre centos.

Esta xente é manipulada politicamente ao millor polos próprios EE.UU?

Son aproveitados non polos EE.UU tipo goberno senón por certas sectas USA e poden chegar a termos catastróficos dominando mentes de xente inocente, como pasou na Guyana non hai moito.

E, por fin, as razóns da sua volta

Non é unha razon económica, é unha razon fundamental do home. Chega un momento que tes que decidir se quedar en America para sempre ou voltar a terra e se o pensas seriamente indubidabelmente escolles a tua terra. Porque eu nunca poderia ser outra cousa que galego... no outro sempre son un fracaso.

MARGARITA LEDO ANDION

FOTOGRAFIA

AS FOTOS DE BELLAS

"Non me gusta ter que sair cun peto reflectante para poder facer o meu traballo, nen cun brazalete; non me gusta que a policia non me deixe facer o meu traballo, e iste é o problema que temos hoxe, nesta democracia, os que tiramos fotos". As fotos de Bellas están á vista nunha sá de Santiago, estan á vista e é agradabel comprobar que mais da mitade das fotos publicadas estiveron, no momento preciso, nas páxinas de A NOSA TERRA e é que nós creemos, como Bellas, que a foto non é un elemento secundário da información....



As imaxes feitas dentro dun reportaxe de prensa cambian de contexto ao individualizarse nunha galeria, transformanse ¿en qué sentido?

Antes de nada, eu fago a exposición porque me gusta ensinar as miñas fotos a un tamaño distinto ao que sar normalmente en prensa e con outra calidade; e gústame facer ver foto de prensa porque as exposicións enchianse de "fotos artísticas" — como din eles — mentres que a nosa, influida por unha série de elementos desdo o mal tempo ao conflicto ou o risco físico, é tamén arte e ademais informa.

¿Que lectura teñen as tuas fotos?

Teñen unha lectura facil, directa; por exemplo, cando eu fotografio a un marxinal —que son moi importantes no meu traballo — busco sacarlle os ollos cara ún.



Falamos, pois da temática

Na miña exposición pesa sobre todo, a foto de xente marxinal. Outro apartado é o de problemática obreira e despois o tema político. Pero o que me chama a atención antes que nada, non sei por qué será, son os entendo a foto como un "hobby" — ademais de como unha profesión — pois como hobby gústame fotografiar aspectos das xentes marxinais na sociedade; é a fotografia que me tira.

Cando diferencias entre temas obreiros, populares e temas políticos e poisque os temas populares e obreiros son políticos ¿en que sentido o dis?.

No sentido dos persoeiros, todos en actitudes agresivas como esa do Conselleiro de Pesca falando co presidente dunha Cofradia e tal parez que o primeiro está encaramado e a pensar "eiquí estou" ; por eso tento ridiculizar. ao través das fotos, á xente que está dominando ao país nese momento..

Amais da xente que o está dominando ¿de que máneira está presente o país no teu traballo?

O meu país esta presente na miña obra, desdo os obreitos astra os mariñeiros pasado pola xente do agro, xente traballadora fundamentalmente aínda que teño preferéncia grande por nenos e vellos... case se me poderia catalogar como fotógrafo da terceira edade.....

¿Que opinas dos fotógrafos clásicos galegos, (Pepe Suárez, Ksado, Ferrol.....) o puido ou non puido haber unha escola galega da imaxe?

Respecto dos fotógrafos clásicos galegos, é unha pena que exista un descoñecemento tan grande sobre da sua obra, pois tanto Ksado como Suárez, que lles coñezo parte da obra, ou outros no anonimato, deixaron plasmada a realidade do seu momento, fotos que todos quereriamos facer aínda que, craro, non nacerramos. As fotos de Pepe Suárez referidas ao paisanaxe son increíbeis, magoa, repito, que somente as coñezan uns cantos. Todos eles poideran crear unha escola galega, pero como aínda non se lle deu á fotografia toda a importáncia que ten, creo que tardarán en influir aos máis mozos.

Medio free-lance, medio asalariado, autodidacta no fundamental como a gran maioria dos que hoxe son profesionais da foto, acusa a diferencia de que unha mesma foto valga nun medio de Madrid 1.400 pesetas blanco e negro, 3.000 si é diapositiba en color pero que o nivel galego non somentes os precios sexan sensibelmente mais baixos — 300, 500 — e que non esten homologados senón que se desvalorice en minutos casos a función informativa da foto.

M. LEDO

MUSICA

NOTAS SOBRE GAOS E ADALID; E OUTRAS NOTAS

No número 107 deste semanário publicou o señor Xoán Manoel Carreira unha crítica do disco "Galecia", editado por "Ruada" e que inclue obras galegas para piano de Andrés Gaos e Roxelio Groba interpretadas pola profesora Natalia Lamas e comentadas por min na carpeta. A esa crítica quero agora poñerlle algunhas observacións:

Non se pode afirmar, sen máis, que señen escasas as obras nacionalistas de Gaos; el consagrou á súa Terra a sinfonia "Nas montañas de Galicia" e as "suites" para piano "Aires Galegos" e "Novos Aires Galegos", obras fundamentais do seu repertorio. Tamén a "Muiñeira" da "suite" "Hispánicas", para piano; a "Muiñeira" para violin e piano; e a cantiga "Rosa de Abril", para voz e piano. E hai forte preséncia galega, ou ben importantes riscos melódicos e rítmicos galegos, nunhas nove pezas máis. Esta serie valórase debidamente considerando que Gaos viveu, dendo moi novo, fora de Galícia. Ademáis, haberemos ter en conta, denantes que a cantidade, a calidade. E tamén a intención: co gallo dun premio otorgado á Sinfonia, polo Centro Galego de Buenos Aires, o própio Gaos dixo: "**Me alegró el haber cumplido con mi Tierra, no tan lejana, porque está presente en mi emoción creadora**".

Tampouco pode decirse que Gaos, nos "Novos Aires Galegos", utiliza o folclore "como simple disculpa ao servício dun sistema musical alleo á música popular". Que o sistema diatónico seña alleo — asi, totalmente — á música popular é unha aseveración radical que deberiase matizar moito. Pero afirmar que, nesta obra, a temática tracional se use como disculpa posta ao servício dese sistema, é unha falta grave á verdade que pretende, arteiramente, facer de menos a Gaos e invalidar, con falsia, a súa postura de compositor nacionalista, craramente asumida nas obras e na frase enriba indicadas. O feito é xustamente ao contrário: todo o artellamento construtivo, toda a armonización, están nesta obra — como nas outras — por enteiro dispostos, con amor, para un máis digno realce dos motivos tradicionais. Cousa que, sen perxuicios apriorísticos, podese apreciar nestas creacións; e nas de case todos os compositores románticos e neorrománticos.

Encol de "Rosa de Abril" dí o señor XMC que é para piano soio, e que non pode ser cantada co texto homónimo de Rosalia porque non coinciden os acentos poéticos cos musicais. Sí, a disposición de partitura permite a interpretación a piano soio. Pero é clara a intención de Gaos de que fose cantada co texto do segundo poema de "Cantares Gallegos" de Rosalía, porque éste foi o poema no que se inspirou, e porque os acentos poéticos e os musicáis sí coinciden en todos os versos, agás en tres que foron expresamente modificados polo músico, quén tamén prescindiu da quinta estrofa do poema. Gaos mesmo desexaba que a peza se cantase. Fundo todo isto na información verbal e documental que me deu o fillo do compositor, Andrés Gaos Guillochón. Teño, pois, por musicalmente lícitas as tres versións posibeis da obriña: a de voz de piano, co texto de Rosalia /Gaos — dobrando a voz a melodia —, a de piano só — como esa de Natalia Lamas —, e a de piano e recitado — tal como a dimos ao público coruñés hai algun tempo a soprano Esperanza Abad e mais eu.

Cando, na carpeta do disco de "Ruada" afirmo que Gaos foi o primeiro músico galego que se achegou ao sinfonismo e que levou a temática galega á orquesta na sinfonia "Nas montañas de Galícia", certamente quero decir que foi o primeiro músico noso que abordou a música orquestal sinfónica con intención e trascendencia verdadeiramente nacionalista. Estoume a referir entón, en particular, ao xénero "sinfonia"; e non a outro tipo de música orquestal — non son aducibeis, por eso, Melchor López nen Adalid —. No eido da música galega para orquesta —amplio en xeral, agora, o comentário — haberá datos novos a medida que avante a necesária investigación. Eu, por exemplo, podo aducir a existéncia de "Luz", "Balada para orquesta sobre un canto popular galego", do ¿madrileño? José Estarrona, peza premiada no Certame Musical do "Liceo Brigantino" da Coruña no ano 1887. E tamén outra referéncia, con autor importante: a "Suite de Cantos Gallegos", en catro tempos, de Enrique Granados, estrenada en Barcelona no 1899.

Noutro párrafo refire o señor XMC que o pianista Antonio Ruiz-Pipó — vello "fan" de Adalid, dí — grabou en disco, para EMI, con grande éxito, várias composicións do músico coruñés. Pero non engade que Ruíz -Pipó, tanto nesa grabación como na edición das mesmas obras que fixo para a Unión Musical Española, é infidel e dúas, polo menos, das partiruras adalidiás —as "Romanzas sin verbas" —; comparando esas versións coa edición parisina, vése que foron alteradas sustancialmente as dúas pezas, alongando ou reducindo os períodos, suprimidos ou cambeando algúns deseños melódicos, poñendo outros en rexistros diferentes, etc. Un abuso totalmente rexeitabel, anque leve a advertencia "Rev. y adapt. de A. Ruíz-Pipó", pois tanto Adalid como o seu público, por respeto, teñen absoluto dereito a que esas obras se coñezan e señan xulgadas tal como son, sen "arranxos redentores" de ningunha clase.

Asómbrase o señor XMC de que eu considere como grandes do piano galego "ao folclorista burgalés Antonio José — pola súa ocasional "Sonata Gallega" — e ao mediocre compositor basco Rodrigo A. de Santiago — polos soporíferos "Rincones Coruñeses". Ben, pois Antonio José é o grande músico castelán, autor de moi importantes obras, que poderira ter chegado a ser — dixo Maurice Ravel — o grande músico español do noso século, d e non morrer fusilado polos franquistas no 36; e a nosa, e por eso hai que contar con ela e agradecérllela ao autor. En Canto ao mestre De Santiago, sigo pensando — e coido que moitos pensan igoal — que é un compositor excelente, cunha inspirada "Misa Requiem" e unhas cen contrastadas "Catro Páxinas Galegas" para orquesta, entre outras obras destacabeis, que fixo unha boa orquestación dos "Novos Aires Galegos" de Gaos; e que os seus sete "Rincones Coruñeses" ofrecen intresantes e variados aspectos fundados no tracioal galego.

Dí tamén o señor XMC que eu non leo o que se pubrica sobre a nosa história musical, e que esquenzo o pianismo de Adalid, "e esto é grave no autor que fixo a voz "Adalid" para a Gran Enciclopedia Gallega". Imos ver: na carpeta de "Galecia", eu cito obras que —1— estén escritas para piano **soio** e —2— basadas na temática musical galega. O piano adalidián con materia tradicional galega é o que acompaña á voz en varios dos seus "lieder", xénero ao que alí non tiña por qué me referir. E do que non me esquencín cando o 14 de Maio a soprano María Teresa del Castillo e eu ao piano, dimos un concerto de pezas galegas de Adalid, Montes, Estarrona, Ravel — descoñecidas do público — e outras cantigas de Gaos. E quen semella non se enterar do que lé, é o señor XMC: na Gran Enciclopedia Galega, os colaboradores fimamos coas iniciáis — RCA, eu —; os artigos de Redacción, van sen firma. E o de Adalid non se leva porque o escribiu a Redacción , non eu.


Nota final: que os meus textos da carpeta lle parezcan ó señor XMC "de tediosa lectura e moi limitado intrés", a verdade, satisfáime amplamente. O efecto contrário houbera sido, dende logo, motivo de fonda preocupación para mín. A propósito: nos párrafos adicados ás obras do mestre Groba, seguín moi de perto, conceptos e frases que lle recollin en conversas que sostivemos encol desas pezas. Porén, o señor XMC contradícese: ben forte prendeu nél o interés polo meu escrito cando lle adica nada menos que ¡vintedúas liñas!. Contraste rechamante coas tres liñas empregadas, en conxunto, para xulgar á grabación e mais a interpretación de Natalia Lamas. O señor XMC será, ou non será, crítico de musical — como se autoconsidera —, pero, desde logo, é un innovador: críticas de disco nas que se lle conceda tanta consideración ás notas de carpata, e tan pouca — ou, millor dito, ningunha, á interpretación, coido que ésta é a primeira na Historia. Síntome, certo é, moi falagado; pero entristéceme pensar que Natalia Lamas non estará, seguramente, moi conforme con esta clara discriminación.

Ramiro CARTELLE ALVAREZ

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 114 * DO 11 AO 17 DE XULIO DE 1980 * 40 PTS.



AS BOAS AUGAS DA "COSTA DA MORTE"

BALANCE DOS CONVENIOS COLECTIVOS

O PSG NON SE FUSIONA

GREEN PEACE... PAZ VERDE

A OLP E OS ACORDOS DE CAMP DAVID





O vran e os seus perigos

NEN O SOL E BON PRA TODO

XURXO FERNANDEZ

"Son de Baralla, en Lugo e emigrei como miles de galegos no 1920.
Só voltei no 56 e agora. Cheguei aló analfabeto, sen ofício e traballei no campo que era o que sabia, é dicer, nun xardín
-en Cuba véndense moitas frores, para todo vaia, o mesmo ¿como diría? para un morte que para un vivo.
Bueno, aos dous anos establecinme pola miña conta cun pedazo de terra astra o 52 no que deu o golpe de estado
Batista que vin que ia acabar con todo... estiven un ano sen traballar e metinme á publicidade, publicidade obxetiva, o que leva un cartel.
Cando veu a Revolución era dono de "Especialidades Publicitárias", unha cativa empresa, e calro, non me costou traballo adaptarme
-por humanidade e por convencimimento político-
Eu ingresei no 1925 no Socorro Roxo Internacional e na Liga Antiimperialista de Cuba,
paso prévio para ingresar no Partido Comunista no 1927, e como membro do PCC traballei sempre no Centro Galego,
con 30.000 galegos (levamos a Castelao, lembro, e o goberno do Centro que era de fascistas, non o deixaron falar.
Entón fixemos unha concentración a tope na praza que hai diante e ali dixo unhas cantas verdades).
Logo, co exílio, viñeron moitos comunistas de España e entón pasou a dirirnos o PCE astra que, ao se opór á liberación de Checoslováquia,
no VIII Congreso separámonos deles e hoxe estamos co PCOE, de Lister".

ALEXANDRO NUÑEZ ARIAS

Un galego na illa de Cuba

Nestes úotimos tempos Cuba saltou á actualidade internacional como consecuéncia da ocupación de embaxadas e do intento de sair do país por parte de miles de cidadáns...

Este problema é somentes da Cia; o brazo segredo do imperialismo ianqui, que quita e pon gobernos e que fai presión onde mancan eses intereses imperialistas.

O imperialismo chocou con Fidel o dia que comenzou a revoción; non fai falla dicer que Fidel é fillo de galegos e como tal mantén todas as cousas de bo galego... vaia. Ademais é moi enérxico e moi intelixente, ao imperialismo contéstalle cunha frase galega: "teu pau, miña bareada...". O mesmo que cando no ano sesenta e un, a revolución foi en xaneiro do cincuenta e nove, fixeron a invasión na praia de Girón con todas as forzas que tiñan, entón, o pobo cubano que xa estaba armado, e dicer, cada obreiro, cada traballador tén un fusil na man, o pobo tirouse ali por todos os lados e ás setentaduas horas acabaron coa invasión de mercenários ianquis.

Despois, a Cia estimulaba, e cando os elementos antisociais, facian calquera falcatruada e roubaban unha lancha coa que chegaban a Norteamérica, non só o recibian como un heroe e o levaban ao televexo, a rádio, a dar conferéncias, senón que lle pagaban, e este encargábase de facer propaganda cara os outros cubanos.

Como tampouco lles daba resultado isto, presionaron os gobernos de Venezuela e o Perú para que admitisen a xente que se introducia violentamente nas embaxadas.

¿Cómo reacionaron as embaxadas e o Goberno Cubano?

Venezuela non quixo e o embaxador de Perú tampouco, xa que dixo que os delincuentes non eran refuxiados políticos, pero axiña o cambiaron por outro. Este si que os admitiu a todo o mundo. Escomenzaron a meterse violentamente, habia mortes e todo iso. Entón o Goberno cubano, ao matar a un soldado dixo: bueno, se isto é asi quitamos a guárdia das embaxadas e que entre o que queira. Iso é un problema voso. E foi cando a embaxada se encheu de xente.

Parellamente deuse unha manifestación de millóns de cubanos, dende a mañá até a noite diante da embaxada.

Entón os ianquis seguiron protestando porque non deixaban sair a xente de Cuba, que ali non habia liberdade, e contestándolles, co teu pau, miña bareada, preparou un porto chamado Mariel e dixo, por eiqui todos os que queiran ir, sen problema. Por ali sai todo o que quere.

Si, pero agora EE.UU queixase de que lle van todos os delincuentes...

Si, pouco antes de eu sair, deuse unha manifestación, de case ó cincuenta por cen da poboación, contra a base de Guantánamo e a inxeréncia americana. Carter pedíralle a Fidel que cerrase o porto de Mariel, que non queria máis xente ali, anque uns dias antes tivera dito que os que se iban de Cuba eran parte do seu corazón. Cando viu que chegaban tantos, que xa non lle servian de propaganda, foi cando dixo que xa non querian máis.

Fidel contestoulle o seguinte, que cerrase Miami se queira, que ali mandaba il, pero en Cuba que mandaban os cubanos e que xa farian o que quixesen. O que quixese ir que se fose e o que se quixese quedar que se quedase.

Aogra volve pedir que non manden máis delincuentes. E unha "bronca" da Cia, se non houbese imperialismo ianqui non haberia elementos mareantes en Cuba.

Pero o descontento desa xente virá por algo, ¿non?

Para iso hai que situarse antes da revolución. Daquela non habia traballo. Só tres meses na zafra e despois estábase no paro. O vício estaba en todas partes, no seu apoxeo. Entón, cando triunfou a revolución Fídel acabou con todo iso. Todo o que toque a vício, delincuéncia etc., acabouse. As estacións de policia convertiunas en escolas, os cuartéis en centro de educación superio...

Cando se chegaba a un pobo rural o primeiro que se via era a igrexa e o cuartel da guardia rural. Agora isto mudou.

Asi e todo a Cia sigue facendo propaganda desde as emisoras, que se escoitan millor que as cubanas. Dentro élles moi difícil facela, cada "ciudadano" e un guardián da revolución e entérase de todo o que pasa na sua "cuadra", quen entra, quen sai, se é familiar, amigo ou xente nova, etc. Pero desde fora siguen bombardeando con La Voz de Las Americas.

O camiño cubano cara o socialismo non podemos dicer que fose un mar de rosas. ¿Cómo se conseguiu? Mesmo hoxe hai unha série de dificultades como poden ser a praga da zafra que se cadra...



O socialismo, como en todos os países que se implante tén dificultades, e máis en Cuba, que quen dominaba ali era o imperialismo. Todo era ianqui, era practicamente unha colónia. Podíase cantar o himno, rubir a bandeira, non tiñan problema, pero cando pasaban de aí...

Por iso se recurriu a URSS. Eles non quixeron comprar o zucre, pero Rusia pagounos máis. Non nos daban petróleo, eles proporcionarónnolo.

Cando empezou a revolución acabáronse os parados, os analfabetos. No problema da sanidade en Cuba só hai que chegar a un hospital. Non che preguntan quen eres nen de onde eres, atendente gratis e xa está.

Os chequeos, por exemplo, á xente de edade vanlle todos os meses pola casa anque non se pidan.

E no terreo educativo, e os campesiños?

Mire ali; o posto desempeñase por capacidade, non por sexo. A muller que traballa, cos meses que lle dan antes e despois do parto, ao neno pode poñelo nun círculo infantil, se quere, se non quere non. Aos cinco anos pasa ao xardín da infánciá, daqui á escola de primeiro grau. Ali é como empeza a vida da xuventude.

Ali a muller xubilase aos cincuenta e cinco anos e o home aos sesenta. Pode seguir, traballando se quere, cun contrato laboral, cobrando os dous soldos.

Ali a terra nacionalizouse toda, como se nacionalizou a cousa urbana. Cada un pode ter unha casa, e un chalet na praia, o que non pode ter son casas para alugar. Ao campesiño deixáronlle un anaco darredor da sua casa. A revolución está a facer pobos enteiros onde se lles dá unha vivenda. Nos cachos de terra que se lles deixou poden facer o que queiran, se queren vender o que collan fanno libremente.

Habia xente tamén que traballaba en empresas que tiñan un soldo grande, ese soldo respetouse.

Ali nacionalizouse todo, pero vostede sigue sendo dono da casa, polo que lle garantizan un número de pesos anuais pola sua utilización.

Pasemos a outra cousa. ¿Qué papel xogaron os emigrantes galegos na revolución e que papel están a xogar agora?

Mire, por exemplo, Neira Vilas é funcionário da Revolución. E quen mantén ali o galeguismo ainda hoxe.

Os galegos xogaron un papel preponderante, mesmamente hoxe un isleño dixome que a revolución fora culpa dos galegos.

Os galegos como todos, a inmensa maioria participaron no triunfo e en consolidada. O líder da revolución como ben se sabe é fillo de galegos.

Ali xeralmente tense coñecemento deiqui, apréciase todo isto. O comércio de Cuba con España favorece estas relacións.

Volvamos un pouco as relacións de Cuba cos países do terceiro mundo e cos pobos que van escapando do imperialismo...

O problema das axudas de Cuba a outros países como Angola, está desorbitado pola propaganda imperialista. Non é como o pintan. Os instrutores cubanos van porque os peden os países, como van técnicos, enxenieiros, etc. Como van estes van tamén os profesionais militares. Iso é todo.

Ali respírase, iso si, de arriba a baixo un clima de solidaridade con todos os pobos asoballados. Ali o pobo reunese e opina destes temas e cando Fidel empeza a falar o pobo xeralmente di: ¡Fidel seguro, a los ianquis dales duro!

Falase eiqui, diso frecuentemente, e máis polos que se viñeron dalá que en Cuba ali non hai libertade, que se pasa mal.

Se queren saber o que é libertade nun sistema capitalista que fagan o que fixo Cuba, que arme ao pobo, que lles meta a todos o fusil nas mans, entón imos ver o que é libertade.

Pero hai outra cousa, cada vez que escoito falar de que non hai libertade danme ganas de rir. Ali nunha rua, calquera pode falar o qu lle dea a gana, non hai quen lle diga nada. Fíxese ben, mentres vostede fale, pro cando pasa aos feitos... non é a policia quen o prende, calquera cidadán lle bota as mans.

Ali cambiou todo, antes habia fame, non se comia, xa que non habia traballo, agora todo o mundo o ten. Os bárrios cambiaron totalmente, son casas boas. En cada bárrio hai auditórios, clubs, espácios abertos onde se celebran todas as actividades; a escola. O médio ambente cambiou completamente todo, anque sigue habendo cabarets para o que queira ir, o précio é un chisco caro. Pero a xuventude divírtese nestes actos culturais. Coñécense nas distintas reunións, organizacións, e despois divírtense nos diversos actos, nas festas dos Pioneros, na sua praia, etc. Ali non hai división de sexos.

M. LEDO / A. EYRE

AS BOAS AUGAS DA "COSTA DA MORTE"

Palabra que o primeiro que escoitamos falar ao chegarmos a Cee, -esa vila de altísimos e mediocres edificios na que queda un resto de alameda con plátanos ao pé da barberia de don Xosé Lourido, a barberia das paredes empapeladas de recortes cos Nobel en meiciña porque don Xosé querer quixo ser médico- foi de "cu de ouro"... e é que Marcelo Castro, entre outras muitas, ten boa man en Carburos, ese emporio grisallo de varias chimenés, botando fume e lampadas de fogo sobre a ria e quizais coas piores condicións de traballo que houbo nunca en Galicia, onde calor e pó intoxican a eito. Boeno, millor há sere contarvos mais atras.

Entrando en Muros desde a estrada que ven por Negreira, no alto, ao pasar a Paxareira (tres ou catro casas e un garaxa onde alguén pintou a brocha gorda "sala de fiestas" xa se ve toda a ria e na vila, se coincide coas oito, vaise desfiando na lonxa a puxa de mil peixes e cigalas cativas e ten sona de ser a millor lonxa anque tampouco a de Fisterre, sobre as cinco, ande escasa e seña voa a de Muxia para os que gusten de ollo mol e pescada. Ou senón, probade o marisco na Esmorga, saindo cara a Louro. O problema de Louro son os précios de casas, camping ou apartamentos; únicamente acampar no piñeiral da praia que ten un grifo de água doce. Se se quere gastar, botarse unha comida na Ancora Doiro, xa cara Lariño e ollo!, ¿non vedes ao pé da carreteira, man esquerda, unha restra de dunas? pois atravesade as leiras de por medio e xa estades na primeira praia nudistas do país, usada popularmente para as recomendacións habituais de tomar baños de sol.



Muxia; Cabo Vilao no fondo.

CALDEIRADAS DE MARAGOTAS, AGULLAS, PINTOS, RAIA....

O castro de Mallou, en Carnota, case que foi destruido para morrillo e a ponte de Nafonso, hacia Noia leva anos funcionando pero inda non foi aprobado. Na praia, longuísima, un chiringuito de madeira e un par de alemans cun mapa. Poida que inda seña millor sitio para acampar que Lariño ou Lira. Por outra banda, na pensión Miramar cómese e dúrmese por non muito diñeiro. Por pouco diñeiro·tamén se vive no Pindo, con monte pedregal e sagrado caindo sobre as casas, e onde empezanse a observar as construcións paradas e os bares cos da casa porque este ano é malo de turismo, repítennos a feixes. Picar algo de marisco en A'Revolta ou meterse a unha parrillada en A Roda do Carro. Paga a pena.

Ben pensado nesta ruta, entroques de falar da costa da morte como se adoita, compre falar das comidas de mar: caldeiradas de maragotas, agullas, pintos, raia -á caldeirada de raia botaselle unto-: nas casas pataca rescaldadas (a médio cocer) con sardiñas asadas, boi do país, -non de francia-; centolas, cigalas cativas, percebes; pescadas, lenguados e ollo mol, e na desembocadura do Ezaro no mar, angulas... O Ezaro, quitánselle água para o embalse do "Jallas" que tamén desecou unha cascada natural que habia no monte mentres os veciños da comarca teñen que sair en manifestación pedindo luz. O "Jallas" construírase para Carburos e no tunel traballaron e morreron moreas de homes e mulleres que inda reclaman pagas miserentas de 6 e 7.000 por quedar silicóticos. Volvendo á comida, en Brens Os Pucheiros e en Cee unha tapa de pulpo e calamres no Mesón Katacombe -o nome parez algo estrambótico ¿non é?- e o que seña no Brétema, o Pub Brétema, con música axeitada e bon servício, e aproveitar as festas da Xunqueira entre o quince e o vinte.

DO QUE APRETA A COMARCA

De Cee saiu don Pefeuto Castro, o pai de don Marcelo, cara América, di a história popular, e en Cee deixou un hirmau xemelo. Aló don Perfeuto fixo un desfalco e veu cheo de cartos, tantos que ao voltar montou unha banca. O xemelo, asombrado, preguntoulle cómo fora íso e don Perfeuto dixo que aló era chegar e encher. Por iso o xemelo colleu tamén o barco. Pero mesmo ao desembarcar recibeu uns tiros que ian para o don Perfeuto que amais do banco montou uns asteleiros, a naviera Sicar Laine (Line), fíxose accionista de Carburos, empezou a controlar a zona, meteu fillos na Administración franquista, e naceu don Marcelo, xa mais á europea, despedindo hoxe mestras do colexio que lle dirixe un perito -ao que parez, pois, sen a titulación acaida para o cargo-, que ten de apoderado a Paco Lema (non confundir con Francisco Blanco de Lema, donador do que ainda é parvulario e do centro de formación profesional), e firmando despidos na Sicar a Jesús Echeiva; don Marcelo comprando terrenos e pechando o acceso de costume á praia, dono do porto de Quenxe, don Marcelo "cu de ouro".

CORCUBION, AS BOAS ÀGUAS

Cando un entra en Corcubión, "as boas águas", chama a atención a boa conservación da vila a pesares de que alguén dera cabo das tulipas modernistas que nun tempo adornaron o peirao, ao pe dos bancos de azulexo mandados traguer das indias especialmente por don Benigno Lago Estévez, un dos benefactores locais, como tamén o foron os hirmaos Carrera Fabregas cunha preciosa escola de estilo colonial, cór sepia e adornos vermellóns, con xardin e camelios, ou Emilio Alonso, a quen se lle debe o asilo e Simón Tomé Santos, o creador dos coches de cabalos "Simones" que andaban por Madrid e que posibilitou o parque infantil de Corcubión amais Xosé Dominguez Trillo, o da capela de San Roque, capela que non tivo tan mal signo como a Eirexa, que lle cambiaron lousa por baldosas, e na que queda unha esgrevia talla bizantina de San Marcos, o patrón, celebrado o 25 de abril. Porque un dia chegou a Corcubión de arribada un barco que ia cara Venezia e muitas veces saiu de porto e muitas veces tivo que voltar astra deixar a San Marcos en Corcubión. Despois xa poido seguir viaxe. Tamén viñeron catalans coas fábricas de salazón e a Comñaia Xeral de Carbóns que lle deu á vila un importante movimento industrial até mediar case este século.

Ao ollarmos Corcubión, aparte de agradecer as medidas municipais de proibir construir sobre as casas con signos históricos poisque son abundantes os escudos en muitas, e de ouvirlle falar ao alcalde con entusiasmo do que poderia ser o aproveitamento económico das ribeiras para granxas mariñas, ún pensa en que o millor que temos no país foi feito coas própias forzas porque, ao fin, Corcubión muito lle debe a eses emigrantes retornados que foron filántropos locais.



Bon mercado o de Cee



No Pindo, o monte Pedregal garda das casas.

Se alguén se presta, achegádevos en barco astra a illa Lobeira, con duas plaiñas e ao millor de aqui e pouco un camping municipal. Hoxe hai, privado, o camping das Hortensias, con Bungalwes baratos (18.000 pesetas) e mui boa comidad anque de précio, como a de Pachín. En plan máis económico está a Sirena e mais o Pescador e para se quedar o "Playa".

¿Para queimar os cartos? entón o Motel dos cabaceiros con piscina, tenis, mal servício...

Cara a Fisterre -tamén hai o Fisterre de dentro, do que fala Fole en Terra Brava- a casa Lestón na praia de Estorde e na vila os Tres Golpes, Miramar e un chisco máis caro As Gaviotas; o o paseo obrigado ao Faro -inda que o mais occidental de Europa é o de Touriñán-; escoitar como arde o sol no mar; saber as cantigas populares ao Cristo...

O "RICHINOLA" UN PAXARO FUNERARIO

E de Corcubión a Muxia para fixarse na pasamaneria dos balcóns de pedra; na pedra de abalar vencellada no popular á fertilidade, que se cambiou de sítio porque hai dosu anos non saeu a procesión do Carme de Camariñas e, pois, non veu correndo a ria para botarlle unha salva de bombas á Santa na Barca; fixarse na pedra de curar os cadris pasando por embaixo, sen se esquencer de conversar co crego, don Anselmo: "cando veu predicar o apostol Santiago desembarcou en Muxia e como andaba desanimado apareceuselle a Virxe que viña nunha barca de pedra... agora, crér creio ben que os de acó non lle fixeran caso nen ao mesmo Santiago".

Polos muiños seguir a Cabo Vilano, subir pola escada de tunel até a cúpula de cristal de seixo e contemplar o mundo; coller por unha pista forestal astra Camelle e ao pasar o cementério inglés lembrar que alí encallou un barco da marina británica e os nosos a acenarlle desde terra para que se salvaran pero os outros, como tiñámos fama de piratas, preferiron morrer agás de tres. E despois Camariñas, onde as palilleiras voltan facer puntilla, e as mais espelidas que inventan algunha, cobranlle a patente ás compañeiras por deixarlles picar o cartón.

Pero compre volver a Muxia, no camiño acampar na praia de Lago con piñeiral, herba, un rio que cambia o curso da desembocadura no inverno; tomar un pincho na "Chisca" (Ponte do Porto) e ir ver, por favor, ao "richinola" nos restos de parede que quedan pola Barca, un paxariño negro co rabo alaranxado, que ao cantar fai rich... rich e do que nen se sabe muito máis.

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Nº 116 * DO 24 AO 31 DE XULIO DE 1980 * 40 PTS.

Especial

DIA da PATRIA GALEGA



Nun pobo ao pé de Sarria e despois de unha compañeira lle porfiar, Antón sacou a Facundo da maleta e unha vella velliña puxose a falar con el porque nunca vira tal cousa —estar, estaba no seu xuicio— e a lle decir ¿queredes un vaso de viño?. Cando meteron novamente a Facundo na maleta fixose un grande siléncio e a vella velliña razonou: "ai ho, inda lle temos que dar gracias a Deus por ser como somos".

A Facundo déulle feitío Manuel Meroño, un guiñolista, guiándose polas caras de Castelao é no ano 76 apareceu. A sua personalidade foi evolucionando coa situación social do país o mesmo que a sua filosofía, e unha e outra baseanse, sobre todo na observación. É un labrego, un arquetipo que recorre festas, actos, e que ás veces, como lle pasou en San Adrián, deixárono sen amplificación cando ía falar do problema ese da autopista e antes xa lle deran voltas e voltas ao Santo en procesión para cansar á xente e largala para as casas.

Estivemos con Facundo en Lugo na pasada semana e o Antón fixo a presentación: imoschc facer unhas preguntas, e o Facundo terciou: ¿e que hai que falar, do que se sabe ou do que non se sabe?. Ti fala do que che conveña. Pois logo vou falar da Cuota empresarial que esa non che me convén.

FACUNDO

"gracias a dios por ser como somos"

¿i eso que é? ¿non será un aparato dos que se lles mete un peso?

Non Facundo, este aparato está recollendo a tua voz

¿Si?

Si

Arre demo, canto inventa no mundo de hoxe.

Vamos ás preguntas. ¿Onde naciches? ¿que recordos tes de pequeno?

Eu sempre che fun pequeno, agora...

agora qué?

Sonche un pequeno de sesenta e cinco anos, os anos... van afogando a espranza da vida, nacinche..

¿onde naciches?

nunha aldea do interior de Lugo. O meu pai érache zapateiro e recordo aqueles tempos nos que lle axudaba ao cura na Misa —alí foi onde me empezou a gustar o viño—, o cura non era mala persona pero...

pero que?

Tiña as suas debilidades, recordo, recordo os contos que che nos contaban os abos polas noites. Riamos duas veces, unha de fame e outra de risa; hoxe, hoxe co televexo ademais de morrer de fame morremos de noxo.

E ti andiveches na emigración?

Iso xa nen se pregunta. Eu mamei a emigración e non che me deu leite senon sangue... haiche feridas que soio curan coa morte. Pasei os mellores anos da miña vida nunha terra allea, alonxado da miña xente e agora dicen que estamos no Mercado Común e que nos van abrir as portas a Europa ¿e non sera que nos queren abrir as portas do inferno?. Éche todo unha leria. Ou nós somos ignorantes ou eles son moi listos, a emigración... sempre che tivo as portas abertas; xa non saben o que facer pra aproveitarse de nós. Iso do Mercado Común éche unha boa feira, unha feira de primeira categoria.

E falando xa un pouquiño de feiras podémonos meter no asunto das festas que ti vas a ben delas ¿que che parecen?



Xa non che son o que eran. Hoxe éche todo unha competencia; hai que queimar muita pólvora e contratar a un conxunto que ademais de ter unhos cantares polo fino ha de ter unhos trebellos que amplifiquen moi ben pra que se lles escoite no pueblo de o lado.

e das romerias?

Xa non che son o que eran. Recordo de cando era rapaz que fun co meu pai á Romeria de San Xusto e díxenlle "papa ¿e o cura de que vive?". O meu pai quedouse mirando pra un santo que habia no meio, que estaba cheo de billetes que lle colgaba a xente, e díxome "o cura viveche do santo, meu fillo". Entonces eu díxenlle" pois eu cando seña grande quero vivir como o cura". Aqueles tempos non se me esquencen e ¿sabes? non salin cura pero agora estou predicando, non pra alimentar a ialma senón o corpo.

Facundo, ¿e que che parece logo o Dia da Patria Galega?.

Esa éche unha boa festa. E unha festa disas onde todos os galegos xuntamos as nosas maus pra decir o que somos. O rio vai medrando de ano en ano, os señoritos teñen medo a que desborde, inventan queimas, secuestros, pero nós sabemos que todo eso é un amaño pra..

pra qué

pra frenar as esperanzas do futuro.

Hoxe mui ben falas, Facundo

Hastra che fixen versos

Dinos algun

Pois... non é que se che me ocurran muitos pero agora un de actualidá ¿sabes cal é?
de Franco, Franqueira
e de tranco, tranqueira.

A propósito, non sei si saberás que hai dous anos uns señores montaran o "Dia Nacional de Galicia" ¿non te confundirias ti en todo ese enredo?

¿qué dixeches?

Se non te confundirias?

Eu inda que che son pequeno teño a cabeza enriba do lombo. Eu ben che entendo o negocio, agora xa non che comulgamos con rodas de carro. O señor Rosoncio tenche poder pra cambiar de chaqueta cando quere e como quere, non me estraña que quixeran cambiar o Dia da Patria Galega polo Dia Nacional de Galicia, pra eles era máis fino e menos molesto. Non che sei como non se lles ocurriu adiantalo, esa festa que fixeron eles, unha semana. Coincidiache xusto o 18 de xulio.

Xa que andas asi poidas falarnos algo das votacións, ou mesmo da democracia.

Non me gusta muito falar deso porque...

Por qué?

Porque cando falo, o corpo pónsecheme mui malo. O das votacións éche todo un teatro. Os señoritos ofrécenche tela da primeira calidá pra logo cobrarche o impuesto de luxo.

Xa entendo, xa

Pois eu, costoucheme caro entender. Metenche á xente nos autobuses, amañan as pistas, ofrécenche o ouro e mais o mouro. Cando rematan as votacións eles vanse co ouro e nós quedamonos co mouro e logo no televexo anuncian o asunto, sale o home do tempo e dice: xa non estamos cara ó sol hoxe chegou a democracia e... ao mesmo tempo os millores caciques de Galicia, os máis listos, están...

¿que é o que están facendo?

Estanche brindando polo seu trunfo cun viño español. Eu mentras non vexa o contrario tereiche que decir o que digo sempre: estamos na democracia dos señoritos, na democracia dos ricos, na democracia dos caciques, nunha palabra, estamosche na democracia do demo.

E ti sabes que se aprobou o Decreto de Bilinguismo, o que di que temos duas lenguas ¿que é o pensas de todo iso?

Eu sempre che tiven unha e astra de agor foicheme mui ben con ela, o que pasa é que os que inventaron o asunto do decreto deberon ir á feira de Melide a mirar a vaca Juanita, éche unha vaca que ten cinco pernas e dous rabos, eso si, teto non ten ningún. Agora, o feito te terche duas línguas tenche as suas ventaxas.

¿E logo?

Nunha época de fame poden tragar unha e deixar a outra.

E tamén debes saber que aqui perto, en Cospeito, non fai muito precintaron un tractor, ¿qué é o que sabes do asunto?

Que queres que che diga deso. Calquer dia vannos precintar o traseiro. Conocín ese caso e ainda algún outro, sin ir mais lonxe, viñeron á miña casa coa intención de poñerlle as cadeas ao meu tractor e díxenlles: si precintan teñen dous traballos, un de poñer e outro de sacar... habia que precintarlles o poleiro, con perdón. Todos sabemos que a Cuota empresarial é inxusta; eles tamén o saben, pois logo, si fan unha lei inxusta, que lla vaian a cobrar ao demo e si o demo lles mandan a letra que lla vaian cobrar a San Pedro. ¿Pensan que somos parvos, ou? Me cago no demo...

Facundo

¿que queres?

¿e como lle foi a Galicia na democracia?

Ti tamén fas cada pregunta... Recordo que un señor moi ben presentado decia que Galicia se queixaba de vicio. Eu díxenlle: algo de razón ten porque ten todo o que quere, estatutos, autonomias, parlamentos, constitucións, decretos e a nai cos...

Cos que?

cos trouxo ao mundo... iba decindo que tanta porcallada xunta cando se remexe cheira demasiado. A aquel señorito díxenlle: cando Galicia levante a mau vosté vaise queixar pero non de vi-

(pasa á páx. seguinte)



(ven da pax. anterior)

cio senón de traballar. ¿Que queres que che diga? se coas palabras se amañaran as cousas.

¿Non se che ocurre mais de todo esto?

Algo mais si, agora —ou antes, nunca se sabe— as nosas vacas tiñan os tetos en Madrí, hoxe, téñenche os tetos metidos dentro da Constitución; non me estraña que en Galicia teñamos tantos mamóns.

Sabes, vai salir todo no periódico

¿E logo nós non temos dereito a falar ou? A democracia foille millor con Galicia que a Galicia coa democracia.

E que opinión che merece don Fenosio?

¿O invento ese que apareceu en Santiago o ano pasado?. Logo intereime de que a sua intención era coller o expreso de Madrí o que pasa é que se confundiu de tren e apareceu alí na festa. Cruzamos unhas palabras; el, non me estraña, como ten a barriga chea, fala con propiedá ¿sabes que me dixo? "Facundo tu no eres de mi clase", e eu tocoume tanto os co... xa me entendes —iso non o poñas— que lle dixen ¿e logo vosté por onde mexa?

Tes algo máis que decir?

O meu pai sempre che decia "nunca che chove a gusto de todos" e cánta razón tiña; agora quero facer eu unha pregunta a quen ma conteste. O outro dia veu un señorito á miña casa e díxome si léra a última folla dun periódico que, sengún el, é o que máis se vende en Galicia e eu díxenlle mire, na nosa casa a primeira folla e a última sonlle as máis sufridas

E logo?

E que alí non che temos papel do fino. Eu o que quero sabe é por qué aquel home tiña tanto interés en que eu lera a última folla ¿vosoutros non sabedes nada deso? ¿non sodes periodistas?

Facundo, ese señor da última folla hai quen dice que é dunha cousa que se chama Cia.

Algo parecido a policia? Pois a sua pluma debe de andar algo retorcida. Eu soio o lin unha ve. Ese barallán, o único que sabe decir é o que lle convén ¿e canto lle pagarán os señoitos pra que diga eso?

e daranlle algún crédito, subvencións...

¿ E logo é banqueiro?

Non, é labrego, ten á volta das cen vacas.

Ai logo ese non há ter problema coa entrada no Mercado Común se ten cen vacas, ¿e non ten ningún toro pra que lle meta o corno no cú?. Que non diga esas cousas?. E mais que tíña que decir ¿e todo esto vai salir nun periódico? ¿no dunha lengua?

Si

Asi non teño de que queixarme. Deica outra e... haber se nos vemos logo o vintecinco. ¿Poido decir unha cousa? —inda que non poidera iba decilo igoal— o meu pai decia "nesta vida haiche que ser mui zorro porque os caciques sonche xa raposos".

MARGARITA LEDO

RUADA

NOVEDADES DISCOGRAFICAS



SARAIBAS

Saraibas, o grupo revelación da canción popular gelega.



TARANIS

Taranis, o desenrolo dos ritmos actuais con raices galegas. "A marcha galega dos anos 80".



OUTEIRO

Outeiro: "O mellor grupo galego da música de vangarda". As suas máxicas composicións fan da sua 1ª obra... "Ollos de Marzal", un disco imprecindíbel para os amantes da boa música.



O CARRO

Combinando músicas melódicas e populares O CARRO homenaxea neste disco a Celso Emilio Ferreiro.

MERCAR **RUADA** E APOIAR A NOSA CULTURA DEFENDENDO UN MEDIO DE COMUNICACION GALEGO

EN DISCOS E CASETES

RUADA

editorial discográfica galega

LIBRERIA XA

Vila de Negreira, 3
Tlf: 261975
A CORUÑA

LIBRERIA
PAPELERIA
CERAMICA GALEGA
SALA DE CULTURA



ALFONSO R. CASTELAO

JOSE ANTONIO, 130 - ENTRECHAN
(ENTRADA POR PIZARRO)
TELEF. 41 97 59
VIGO (GALIZA)

Riaño foto-cine



Santo Domingo, 9
Tfnos.: 225461-224458
LUGO



regalos

MASIDE
rua do Vilar, 4
Santiago

Sobre o 25 e o proc

TRIBUNA DE FORZAS

Esta tribuna que ofrecemos hoxe e que convocamos baixo o xenerico de "O 25 de xulio e o proceso político actual" estaba destinada a reflexar todas as opinións das forzas de ámeto galego, nun intre polémico no que a opinión pública recibe toto tipo de noticias contradictórias sen que houbera un debate directo entre os protagonistas dos feitos, feitos que se adoitan trasmitir sen excesivo contraste. Os ausentes, PG e POG, forono por propia vontade —como xa lles é habitual— e publicamos as intervencións de Bautista Alvarez, presidente da Unión do Pobo Galego (UPG) de Lois Diéguez, secretario portavoz da Asamblea Nacional Popular Galega (ANPG) e mais de Claudio López Garrido, da secretaria do Partido Socialista Galego (PSG) que empezaron falando precisamente do "Dia da Patria Galega".

BAUTISTA ALVAREZ.- Temos que decir, antes de nada, que as decisións da Corporación de Santiago non teñen valor executivo, é unha recomendación ao Goberno Civil no sentido de non deixar manifestacións pola parte vella, que din baseala en protestas dos veciños. Pois be, non coidamos de que o vecindário esteña en contra, inda que sempre pode haber algúns, pero por motivos políticos, que son aos que lles disgosta o avance do nacionalismo. Non estamos dispostos a acatar este tipo de argalladas que só van contra o Dia da Patria; de se celebrar en Ourense ou Vigo, habian buscar outro tipo de xustificacións, que o que os move, ao fin e ao cabo, son razóns políticas.

CLAUDIO L. GARRIDO.- Compartimos ese punto de vista e o que se demostra é que se pretende frenar o avance do nacionalismo e que se incrementou a represión institucional.

Ao Dia da Patria vaise baixo o lema "contra a política autonomica" ¿qué significa para as forzas presentes a via autonómica?

C.L.G.- Defendendo o dereito de autodeterminación e a soberania, tácticamente vimos necesário que os nacionalistas incidisen no proceso autonómico; nós astra redactamos un proxecto de Estatuto, anticonstitucional consciente, que pretendia ser referéncia que fixase os mínimos para as bases da creba da situación de dependéncia de Galicia. Posíbelmente sen a presénCia do PSG no proceso terianse dado situacións máis confusas. Houbo intentos de negociar con UCD asumindo a maioria de recortes que impuxera xa non ao estatuto chamado dos 16, senón ao das tres forzas parlamentárias (UCD, PSOE, AP), e o noso abandono das negociacións foi por non aceptar nada inferior ao catalán e ao vasco e esixir a inclusión da disposición adicional, a transitória terceira, que para as outras forzas significaban o recoñecemento da Autodeterminación. Existia un pacto segredo PSOE-UCD que ía arrastrar aos outros e co noso abandono, seguidos primeiro polo PG e logo polo POG, calificousenos de intransixentes pero posibilitamos o 4 de nadal contra a UCD.

Hoxe a situación demostra que a via autonómica está esgotada, que as leis sectoriais e horizontais de Suárez recortan mesmo aos estatutos vasco e catalán ao nivel do galego; a figura do supergobernados é parella ao presidente da Xunta e esto vén acompañado dos novos poderes aos Gobernadores Civís, que se convertirán nunha espécie de ministros provinciais plenipotenciários. É necesário, pois, un salto cualitativo nesta loita. Opuxémonos á Constitución, o Estatuto é o seu fillo e non resolve os problemas de Galícia. Porén, seguiremos incidindo no proceso, igual que participamos a nivel municipal, para agudizar as contradicións e revelar as limitacións que esto tén diante da opinión pública. Globalmente; consideramos necesário que houbera posturas como as do Bloque e tamen forzas nacionalistas dentro do proceso, era complementário tácticamente e estratéxicamente coincidente.

B.A.-O noso partido, coa AN-PG, rexeitou o proceso autonómico de sempre, por contrário ao que nos defendemos, a sobernaia nacional nun programa concreto de autodeterminación: As Bases. Razóns de fondo lévannos a entender o Estatuto de Autonomia como un feito contra a Liberación Nacional e por moitas competéncias —é un decir— técnicas que contivese, sen capacidade política, que a dá a soberania, non se cuestiona a colonización. Por outra banda, o proceso actual carece mesmo de valor simbólico que teria se se concedesen só ás nacións históricas (Galicia, Euskadi, Paises Cataláns e Canarias); pola contra, o que se ve é unha rexionalización cantonal que mesmo auga o valor simbólico ainda desprovisto de competéncias. Agora ben, esto non impide que a UPG participe no futuro parlamento galego para superar desde aí a alternativa autonómica igual que participa nas eleccions ao Parlamento español, institución que reflexa ao Estado unitário do que estamos en contra.

L.D. Con respecto ao significado da Autonomia, para nós, coidó que está ben sabido. Noutro aspecto da situación, hoxe, é mala para os intereses da UCD posto que a Autonomia está moi desprestixiada como alternativa, anque se intente agora darlle novos azos coa repetida cantinela de que "alcance el techo constitucional, el Estatuto nacional y progresista, etc.

Asistimos de novo ao desfile dos Sres. Ministros da Corte, que veñen pasar as suas vacacións a esta Galicia do marisco e da paisaxe, e de paso ofrecer algunhas migallas aos "sofridos galegos" para que voten SI ao Estatuto e á UCD nas futuras eleccións á Asamblea de Galicia. Por outra banda seguirán, se non acabaron xa, as negociacións co PG e PSOE. Asi fan a política estes señores. O lado positivo destas cousas está en que como se repiten tanto acábaselles vendo o rabo. E isto é o que nós temos que clarificar xunto, claro está, coas alternativas soberanas da nosa nación que son as que nos guian.

Algunha forza política fai o seu 25 de xulio co lema "contra do Estatuto de UCD..." e falan dun estatuto de reconstrución nacional...

C.L.G.- O 25 foi sempre para nós unha data con contido estratéxico, nunca o celebramos con outro lema que non fose pola Autodeterminación; hoxe rexeitamos o caracter táctico que lle demos á loita autonómica, porque defendemos a soberania nacional e estamos por una Estado Federal e non compartimos que na atualidade se manteñan consignas que a realidade demostrou vellas e que non son mais que un respaldo aos proxectos da propria UCD, por algo xa no debate parlamentário se viron as posicións coincidentes de fondo entre UCD e PSOE porque a cuestión non é o 143 ou o 151 senón o problema nacional do Estado e ese lema é pregarse á alternativa central.

B.A.- Quero engadir únicamente que ao rexeitarmos a via autonómica, para nós a diferencia esencial esta en que nestes procesos o estado opresor cede unhas competencias, mentras que o proxecto que nós defendemos consiste en que as distintas nacións elaboren as suas propias constitucións e señan elas as que cedan unha série de competéncias a prol doutro tipo de Estado. Ademáis, é unha falácia sair hoxe contra o Estatuto da UCD, fillo lexítimo da Constitución, que é unha Constitución tamén do PSOE, PCE e AP e as competéncias que poderian ter algunha incidéncia están reservadas no artigo 149 da Constitución para o Estado Español, as que ceden son algunhas de tipo deportivo, hixiénico...


A propósito, ¿qué pensades da ofensiva da prensa pola constitución da Mesa de Forzas politicas galegas?

C.L.G.- As clases que en Galicia detentan a prensa non poden aceptar que o nacionalismo intente fórmulas de compromiso e de superación da división existente. O PSG, fidel aos seus princípios, considera, ao contrário do que andan remachando, que non hai entreguismo a nada, hai convérxéncia de critérios, convérxéncia que non é espontánea, deuse na práctica (nos concellos, nos problemas da crise sectorial, o eventual ingreso no MCE) e a proba millor seria a pasada folga do Ferrol, en que o documento final suscribírono partidos nacionalista só. Compre resaltar que esa ofensiva tende a illar ao BN-PG e a dividir a UG. O documento da Mesa penso que é proba de flexibilidade e madurez do nacionalismo, incómodo para os que queren dar do nacionalismo unha imaxe de exaltados e irreflexivos políticos. Tamén é sintomático que enviaramos respota ao colectivo Ultreya que en La Voz utilizou tendenciosamente os nosos documentos e que non fora publicada.

B.A.- Ademais, os ataques en relación á Mesa e ao PSG non o son contra dunha forza senón contra a consolidación do nacionalismo ¿non se queixaban o ano pasado de que non fosemos xuntos no Dia da Patria e nas eleccións? agora dáse unha base de entendemento e protesta. A sua fóbia antinacionalista non precisa mais proba.

L.D Partindo de que, a nivel xeral, a maior parte dos Medios de Comunicación, sirven á ideoloxia dominante, no noso caso imperialista, a reaccion destes Medios, diante da constitución da MFPG convírtese coa sua actitude histérica na afirmación clara de que o nacionalismo ganou e de que se clarificou o panorama político actual. Conseguir a unidade real do nacionalismo entre a AN-PG, PSG e UPG nos puntos sinalados no documento é desbaratar as intencións dos nemigos de Galicia ao querer potenciar plataformas que pasen por nacionalistas e sexan, na práctica, unha granden axuda para os intereses do Goberno e da súa política que apoian partidos que se chaman de esquerda. Falloulles, pois, UG, e relanzan agora ao PG querendo darlle un novo ar en solitario, tipo PNV ou CIU O campo político, neste momento, quedou ben deslindado entre o nacionalismo (con posturas de soberania nacional e condena do proxecto autonómico), e o españolismo (con posturas claramente autonomicas "que no sobrepasen el techo constitucional") Como popularmente o punto de mira queda esclarecido neste campo, a reacción dos Medios de Comunicación non se deixa agardar e comenza o habitual bombardeo para, se é posíbel, crear tamén conflito na propria militancia do PSG. E o fidel servidor do imperialismo, o Augusto Assia ese, sai de novo á palestra a botarnos toda esa chea de insultos que xa sabemos de memoria.

E sabemos tamen que esto só é o comenzo. Polo menos deica que pasen as eleccións ao "parlamento de Galicia", os enfoques da prensa dependente da ideoloxia e intereses imperialistas, xirarán baixo estes dous puntos: ataque constante (ao mellor con algún novo "numerito" dos xa habituais como incendios, secuestros, etc.) ao Bloque e PSG, e potenciación e louvanzas ao PG que ten que aparecer, a nivel popular, como unha alternativa "nacionalista, responsábel, seria, etc.," para que non haxa problemas. despois na Asamblea de Galicia.



LOIS DIEGUEZ, da Secretaria Colexiada da AN-PG.

político actual

OLITICAS GALEGAS

ario xeral dun partido español pouco que ao morrer UG morria ismo interclasista.

que hai que entender é que atéxia está supeditada a unha clases e a Revolución Nacional Galicia tampouco se pode fa- alianza, por iso na AN-PG ca- as clases populares perxudica- olonialismo e a explotación dos s. Tamén estes dias faciase a de que a confrontación non nacionalismo e españolismo e intereses populares e conser- acordo; pero aqui os intereses son por forza nacionlistas e ecto "progesista" cando é sucur- lle facendo o xogo ao imperia-

afirmación a que vos referis- r outra banda, contradictória C concibe, di, a reivindicación a como interclasista tanto que ntenderse cos sectores conser- smo da UCD asi que carece de afirmación salvo que a apli- própria línea política. Tocante nha coalición electoral só con ión municipal e o problema é principio entendeuse de manei- rente. Nós entendemola como posíbel dos nacionalistas e pre- nas últimas eleccións; para o signifcaba era o xermolo dun ; para o PG era unha de lanzamento. Bueno, pois un compromiso que mantemos, comprende este compromiso. uedou ben claro que era un ti- do diferente ao electoral. Que etendan desvirtuar o futuro de r condicionado polo xiro que POG coa creación de "Esquer- que, por suposto, non estaba icial de UG.

desde fóra, faime grácia que e o PSG é o causante da ruptu- ando outros partidos, en con- xa anunciara nunha conferén- articipar en solitário nas próxi- ns e ao marxe algun astra pre- tutos dunha nova organización on existia certa trampa?.

banda o PC tratou de arrastrar e de forzas á sua órbita visto o ten no país e fustrarselle, por bilidades dun PSUC. Entón vai r cobertura nacionalista.

frases "rotundas" poden ser n certas, e son un desastre se a. Isto último é o que lle pasa a ción, pois o Sr. Guerreiro r esquecer (e esta é unha onstanta anti-AN-PG, na que o to interés), que o nacionalismo interclasista estivo e está o con coerência e práctica, na nización. Esquece tamén, por tico e oscuridade, que UG foi lmente unha opción electoral disto, pouco representou en is como tal nunca a vimos s loitas populares, a maioría oxe. en Galicia, sí son intercla-

o PG presentabase como inter e é para vós o PG?

o crear UG eramos conscentes que potenciabamos ao PG pero coidamos necesária unha forza para o noso flanco dereito, inda de corta vida, sen proxecto maduro, mimética do PNV e de Convergéncia i Unió pero sen base social porque aqui non existe burguesia nacionalista. Na medida que pretenda ser nacionlista terá que asumir posicións sociol-demócratas; na medida que vaia para posicións de dereita verase obligado a abandoar o nacionalismo. O nacionalismo para nós, non tén alternativa de corte burgués e non hai máis esquerda consecuente que a que é nacionalista.



CLAUDIO L.GARRIDO, da Secretaria Colexiada do P.S.G.

B.A.- Eso do interclasismo da UG é unha falácia; tamén se considera interclasista a UCD pero está ao servício dos monopólios, do capitalismo financieiro. O PG trata de cubrirse coa fachada interclasista, a sua filosfia é a do PNV ou CiU, pero comete un erro: ali hai burguesia nacional e PNV e CiU homológanse coa UCD en escoller a autonomia para as nacións respectivas —non esquencer, porén, que dentro do electorado do PNV hai un sector radical non clarificado que obliga a tomar certas opcións vascas—, ben, pero o erro consiste en aplicar a Galícia ese esquema. Aqui non hai burguesia nacional senón que é intermediaria, dominada pola española, sucursalista tamén. Outra cousa é o que pretende facer o poder, conscente do avance do nacionalismo galego, ofrecendo unha alternativa ambigüa, aparentemente moderada, para que o electorado que perde UCD non vaia para alternativas coerentemente nacionalistas.

L.D. O PG, deica agora, non é máis que un fato de amigos con mais ou menos incidéncia en sectores sociáis moi determinados. Non quero decir con esto que non poida chegar a engañar e, xa que logo, a ter incidéncia electoral. O interclasismo queda confirmado na loita popular cando obreiros, labregos, mariñeiros, profesionáis, pequenos comerciantes e industriais, etc., aparecen collidos das mans para opoñerse ao colonialismo, cousa que deica agora non fixo, e estamos seguros que non fará porque non cabe dentro da sua táctica, o PG. Se nos limitamos só á teoria, ben, é interclasista como o é tamén a UCD, partidos, por outra banda, con moitas conmitancias, pois non nos é descoñecida e probada a simpatia que persoeiros como Antonio Rosón e outros coñecidos militantes da UCD teñen polo PG.

Ou está a solución da recén inscrita EG?

B.A.- o eurocomunismo necesita fachada nacionalista igoal que o tén en Euskadi. Nonn imos meternos na cuestión de fondo de si é viabel para os países desenrolados, pero é inviable no noso país e até nen tén con quen aliarse.

C.L.G. Ese mimetismo de que antes falámos dáse na esquerda entre o POG verbo Euskadiko Esquerra o que pasa é que en Galícia non hai inmigración —e na cuetión de incorporala á loita nacional EE ganoulle a baza ao PCE— nen-hai organizacións que condicionen a loita por via armada como poida ser ETA. Entón aqui teñen que xustificalo con plantexamentos falsos: dividir burguesia autóctona de burguesia intermediaria. Na burguesia autóctona integraríanse Pastor, Fenosa.... que non ten nada de autóctona senón que é parte da oligarquia do Estado. Só é un enfoque teórico que pretende xustificar o oportunismo táctico para todo tipo de prácticas non coerente co nacionalismo de esquerdas.

No Dia da Patria ¿qué significa contar con forzas próprias?

B.A. Representa uns avances, consolidación e achegamento á liberación nacional que xuzgado hoxe a algun parecella lonxano pero que se vai cara ela ao defender unha alternativa de soberania ao tempo que serve para enfrentar certos proxectos como a industrialización irracional e conquistar certas reivindicacións sociais e culturais. O dia da Patria cómpre velo asi e por moi numerosa que seña a movilización do 25 os obxectivos proclamados non se van alcanzar ao outro dia.

C.L.G.- Para nós é de exaltación nacional; proclámase a reivindicación de un estado próprio e tampouco tén sentido falar de liberación nacional sen forzas próprias

Forzas propias que non creen no bipartidismo á europea.

C.L.G.- Referente a isto o papel do PSOE —díxoo Mugica na Trilateral—, vello produto manufacturado, comparte a formula do bipartidismo, o mesmo proxecto de sociedade que os conservadores. Na fase do capitalismo monopolista hai crise nas institucións parlamentárias e se isto se trapasa a un país de Europa dependente o dsaxuste entre as institucións e a realidade é máis evidente.

B.A.- E no Estado español é o nacionalismo o que inviabiliza a consolidación dese bipartidismo.

Hoxe a introdución social do nacionalismo é importante pero non é a suficiente ¿non si?

B.A.- Hoxe o nacionalismo conta cunha introdución que supera a doutras etapas histórica, por exemplo nos tempos da II República. O pobo galego tamén é certo, atópase nunha situación que, por exemplo se se compara con Euskadi, a sensibilización nacional é menor por mor da autocolonización pero tamén o nacionalismo está máis clarificado . . . . .

C.L.G.- Eu engadiria a dispersión do hábita —que dificulta calquer implantación e o envellecimento e desertización planificada.

Por último ¿como interpretades a auséncia do POG e do PG nesta mesa informativa a que foron convidados convosco?

C.L.G.- Na primeira reunión para a Mesa o PG dixo que hai dous tipos de nacionalismo e que o Dia da Patria celebrábao pola sua conta e o POG, que estivo até a última reunión, retirouse voluntáriamente. As mesmas posturas reprodúcense ao non asistir hoxe aqui.

B.A.- Quizais non estean porque van a remolque e non son coerentemente nacionalistas. Hai dous anos estiveron no Obradoiro de brazo co españolismo, co presidente da Xunta, co partido gubernamental e nunha manobra que pretendia valeirar do contido de Liberación Nacional ao 25 de xúlio mesmo cambiándoo de nome. Hoxe estas forzas, para manter unha fachada nacionalista, vense obligadas a ir a remolque ao Dia da Patria.

C.L.G.- Curiosamente o dia antes a concentración de hai douus anos no Obra- reconvertírase en data de apóio á Constitución e pesie a todo foron ali.



BAUTISTA ALVAREZ, Presidente da U.P.G.


MARGARITA LEDO
XOSE M. GONZALEZ

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Nº 117 · DO 1 AO 7 DE AGOSTO DE 1980 · 40 PTS.

25 DE XULIO



OS NACIONALISTAS "NON RENUNCIAMOS A PATRIA GALEGA"

...hoxe víuse como á "democracia"

cando lle faltan as mentiras

e falácias,

utiliza a represión indiscriminada...

O POBO DE FENE CONTRA "LOS EXAGONOS"

ROBERTO DOMINGUEZ
"El Salvador hacia la revolución"

RUTA DO RUTA DO ROMANICO:
unha terra para sentir

O PROBLEMA DA CARNE: MATAR NA CASA PARA NON REGALALA



25 DE XU

OS NACIONALISTAS "NON REN N



Pouco despois da 1,10 a manifestación que convocaban as forzas do BN-PG e mais o PSG saía da Alameda, recibindo os primeiros aplausos dos miróns que se situaran xa en ringleira. "O nacionalismo está en pé en todas as partes", comentaron ao noso lado. Pouco antes, a un emigrante que levaba un toma-vistas quixérono arrestar sen máis, e tivo de poñerse a patalexar para non terminar no furgón.


"Galícia unida esixe soberania!". Detrás da pancarta do comenzo ("Pola soberanía nacional, contra a política autonómica"), que portaban dirixentes da AN-PG, UPG e máis PSG, as delegacións dos partidos e movementos solidários coa movilización (HASI, Herri Batasuna, PCU,OLP, PVP do Uruguai, FDR de El Salvador, FSLN, PRT e PSAN) portaban outra pancarta coa espresión de "Solidaridade anti-imperialista coa loita do pobo galego". A representación do Bloque nos axuntamentos, "Por uns axuntamentos galegos e populares", a da emigración, en demanda de soberania nacional na perspectiva da volta ao país, e a das organizacións sindicais ING, CC.LL. e máis ERGA, "Pola autoorganización do pobo galego contra os monopólios", precedían a "El Salvador, vencer o morir", co noso corresponsal en Londres, Carlos Durán, agarrado a un dos extremos. E despois, a mestura de pancartas do Movimento Nacional–Popular Galego, pancartas fermosamente alumeadas e coloridas, e vemos agradecidos que dalgunha maneira o noso pobo recobra o senso do artístico e a sensibilidade própia.

Pasa o grupo do PSG. "Autodeterminación", "Xuntos venceremos" a carón das bandeiras de Galícia, Euskadi e os Países Cataláns, e "Para que isto non ocurra, unidade dos nacionalistas", pintado sobre das cores dunha bandeira española. "Moita xente sempre entendeu que estes eran os socialistas", diría na roda de prensa Claudio López Garrido.

"GALICIA UNIDA ESIXE SOBERANIA"

Pancartas da AN-PG da Limia, da AN-PG do Ribeiro, das CC.LL. da Terrá Chá, contra da Base do Base do Barbanza, ING de Barreras, AN-PG do Salnés..... Tres autobuses que viñeran do Salnés víronse impedidos de seguir onde a Estación de Autobuses. "Si quieren llegar va á tener que ser a pie" dixera a Policía, e a pé chegaron ao centro de Santiago. Era o remate dunha mañá na que as forzas policiais nas suas diferentes variedades esgotaran os artigos do Código de Circulación para poñer todas as pexas posíbeis ao acceso, polo menos a tempo, dos patriotas galegos a Santiago. "Ben sei que nunca tanto traballaron". Ben sei que é ben fácil.

A 1.10, a grande manifestación sai da Alameda, e a Policía disolve rápidamente os pequenos grupos que a seguian, respostando aos chamamentos do PST, Galícia Ceibe, "Xestoras pro-Amnistía" e outros. Logo, a cabeza chegaba á Porta da Mámoa, onde se tiña pensado entrár na parte vella, entre os aplausos da xente das aceiras e os berros de "Galicia Ceibe, Poder Popular". Era a primeira vez que a cabeza tomaba contacto, en paralelo, co corpo da *cobra*.



E alí, a Policía, en "jeeps" e "Avias", coas suas pelotas de goma, botes de fume, e un camión de repostos e tanqueta con duas mangueiras incluído. "Non renunciamos á Patria Galega". A policía escoita, desde logo. E fala. "Atención, atención, les habla la Policía".... asubios... "No pueden entrar ustedes en el casco viejo, sigan el itinerario previsto, o de lo contrario actuaremos con la fuerza". "¡Non renunciamos a Pátria Galega!". Bautista Alvarez, da UPG, diría na roda de prensa que "Os únicos que alteraron o orde público foron a Policía e o Goberno. Nen nos cinco dias preceptivos nen despois recibimos nengunha comunicación oficial de cámbio do itinerário solicitado".

Pero un dos integrantes da cabeza avanza cara a Policía. "Non temos comunicación ningunha ao respecto, e imos entrar como sexa na parte vella. E tanto ou máis nosa que de vostedés". "Si intentan entrar disparamos". "O siguen andando, o si dentro de cinco minutos no se han disuelto, mando actuar".

(Cara a xente) "¡Compatriotas!. As Forzas de Orde Público están dispostas a disparar se continuamos adiante, polo tanto vamos continuar a manifestación pola orde que nos impoñen, pero nós non renunciamos ao casco vello da cidade, xa por outros métodos conseguiremos chegar a il. Vamos desenvolver a manifestación cara a Alameda. ¡Non renunciamos á Patria Galega...!". A xente que miraba non cadraba conforme coa Policía. "Cabróns!. ¡Xa está ben!. ¡Qué dano facían!. ¡Tiñan que machacalos como fora!". E a manifestación "Galicia Ceibe, Poder Popular!". Alguen ao noso lado, dentro da manifestación decía: "Eu é o primeiro ano que veño, e cousa coma ésta nunca o vin igual. Para o ano traio cando a min un estadullo..." (Tiña ben os setenta anos o aguerrido patriota). E enmedio da tensión e a *quentura*, chegamos á Alameda.

"O IMPERIALISMO QUER ACABAR CO DIA DA PATRIA..."

Na Alameda, despistados polos postos de venda que o axuntamento este ano autorizou por primeira vez (¡vaia hom!), e todo o mundo máis pendente do que ia vir despois que dos oradores, decorreu o mitin. Agustín Ferrer, de Pueblo Canario Unido, manifestaba a solidaridade internacional co pobo galego. "As forzas democráticas e de liberac... avantan, e por iso reciben rep... sion, e hoxe tivemos unha ... proba".

"Hoxe é un dia histórico... decía Lois Diéguez, secretario portavoz da AN-PG, "poisque... viu como a democracia, ca... lle fallan todos os outros me... dos, utiliza a represión indiscrim...

A contracampaña antipat... deste ano longa e coidada. Xa lembrará ... mundo a llo de Santigo, que seica tiña ... patrimóni e actos relixiosos-castrenses, c... antes nefe vil da Coruña, Pedro Gómez ..., publica sión das manifestacións da ci... lla ("do santiagueses), sen lles comun... ningun cámbio dos itinerários aos co... s. Parell polo menos de Taragoña (Rian... nta Uxía lide recibian *recommedacións* ... de que alugar autobuses para ir ao D... átria, e n prensa diária se apuraba en lo... oportuni decisións gubernativa.

Para facela valer, a cidade ... pasou o d que patrullas motorizadas de ... a policias consecuéncia era evidente, xa ... ntaban p a Policía non hai festa", é a ... ncia, e n a couta. Con todo, o nacional... e os aut ou outras cousas, ordenaron ... maneira, ("Non renunciamos á Patria ..."), pola contra da política autonomic... que para máis que "ofrendas ao Apóst... ha entrev quen sabe onde andaba aquel ... nacionalis parte vella, e medrou este 25 d...

OS NACIONALISTAS "N... NUNCIA LEGA"

"AQUI SE VE, O NACIO... NO ESTA



EXULIO:

ENUNCIAMOS A PATRIA GALEGA"




ntipate deste ano, a verdade é que fora brará i mundo a argallada do casco ve- tiña u patrimonio exclusivo de turistas ses, c antes nefeuto o Gobernador Ci- ómez (… publicaba na prensa a *expul-* da cid lla ("do pueblo ", que din os comun ningunha maneira oficial o os con s. Parello a isto, transportistas (Rian nta Uxía de Ribeira e máis Me- *cións* o de que "non era comenente" ao l pátria, e máis ou menos toda a en lo oportunidade" e "justeza" das

cidade pasou o dia tomada, ao tempo as de c a policias recorrian a nova. E a te, xa ntaban pola rua. "Cando está , é a s ncia, e ningunha outra, a que acional e os autonomistas, por unhas enaron maneira, estiveron presentes Patria "), pola soberania nacional e nomic que para a TVE non houbera Apóst ha entrevista co Quiroga, que aquel acionalismo estivo, entrou na te 25 d

AS "N NUNCIAMOS A PATRIA GA-

ACIO O ESTA EN PE"



ao Gobernador".

Claudio López Garrido, do PSG, valoraria, "por riba de calquera punto de vista partidario, a importancia da unidade dos nacionalistas cara a liberación"...

"Disque o Dia da Patria Galega interfire na celebracion do Patron de España, pero acaso deixou a Eirexa de intervir na nosa historia, coa Inquisición, suministrando ao noso pobo na ignorancia e no respeto ao látigo...?" "A Autonomía non vai solucionar os nosos problemas, pero non nos podemos inhibir, temos de estar presentes nas suas institucións e denunciar a nosa condición de colonizados..."

"No nome dos 60.000 patriotas, querolle mandar un saúdo afervoado ás delegacións presentes, que son testimuña de que o patriotismo galego empeza a ter resonancia no mundo...". Así empezaba a falar o presidente da UPG, Bautista Alvarez. "Ese títere do Goberno español, que foi mencionado como Pedro Gómez Aguerre (o gobernador da Coruña), vese obrigado a estremar as suas medidas represivas para deslucir o Dia da Patria, contra todo dereito democrático...". Ainda falaria máis, e se cantaría o Himno Galego. Inda despois, na roda de prensa, Bautista Alvarez diría que "Aquí estivo presente todo o nacionalismo, e non hai máis nacionalismo ca éste". Pero daquela, na Alameda, quen máis quen menos, despistado polos altavoces e comprimido polos postos de venda, xa pensaba no que ía vir.

...E ENTRAMOS NA PARTE VELLA

As tres menos vinte, a forza de Policia acantonada nas Praterías empezaba a poñerse nerviosa.

As escaleiras da Catedral estaban a se encher de xente, e non paraba de chegar inda máis. Chamaron (supoñemos) por reforzos, e chegaron. Pero tamén chegaba máis xente. E ás tres menos cuarto, hai quen *salta* berrando "Non renunciamos á Patria Galega", e con el todo o resto. E a partir de aí, o que veu. Menos de doce ou quince *saltos* non houbo, e algun de máis de cincocentas persoas. A un rapaz de Roupar, un policía da sua propria aldea chámao polo nome e dille: "Fulano de tal, tí hoxe non marchas para a casa sen ires quente". Corre detrás del, entra detrás del nun bar, rompe unha mesa de marbre, e empeza a "poñelo quente". Un membro da nosa redacción axudou ao rapaz a se meter nun bar, e asegura que daquela o rapaz non vía. Aparte deso, levaba a espalda fina. Parece que van denunciar ao policia por rotura da mesa de marbre. Bueno...



DESTA CASA E PROFESION, LEVAMOS CASE TODOS

A pouco do *salto*, a nosa directora recibe unha ferida nunha perna. Vintetrés pontos, e salvou o tendón de milagre. O periodista Perfecto Conde viu dediante do nariz unha pistola, e escoitou un "a éste me lo cargo"; escudouse por tras do carnet de periodista, e créano, librou, con disculpas incluidas. O cineasta e fotógrafo Carlos Varela, inda empregando o mesmo escudo, recibiu un porrazo. E o noso colaborador fotografico Xesús Pena Espiña, estivo detido dous dias por insultos. O caso é que el o que facía era quitar fotos...

Previamente, a un membro desta redacción obrigarano a dar a dar a volta a Santiago para entrar na parte vella. Viu como outra xente pasaba, e ao inquirir sobre o tema, respostouselle que eles sí, pero el non. Seica eran conocidos do axente en cuestión, segundo manifestou previa pregunta ao respecto.

Pasadas as tres, unha nutrida manifestacion atravesaba a rua do Franco, producíndose o enfrentamento coa policia ás portas do Obradoiro. Aí acabarianse os *saltos* do dia. Saldo: duas detencións, a de Xesús Peña e a de Bernardo Fernández Requeixo, secretario xeral das Comisiós Labregas, ao que vimos que levaban non precisamente con cortesía. Pechando esta edición, dia 30, recibimos nova de que por fin o ceibaron, despois de cinco dias de encerro.

AS OUTRAS MOVILIZACIONS

Outras duas concentracións houbo en Santiago o dia 25. O POG, despois de ter cantado o Himno Galego no Toural, marcharon para a praza de Mazarelos, e desenvolveron a sua manifestación astra a Porta do Camiño. Unhas duascentas persoas. O MCG e máis a LCR saíron da Praza de Galícia, onde, postos en contacto coa manifestación nacionalista, ensaiaron a sua consigna "Unidade pra vencer ao Estatuto da UCD". Pero os berros de "Galicia Ceibe, Poder Popular" eran máis fortes. E o Partido Galeguista tentou celebrar a sua romería no Milladoiro, na que seica ofrecía, entre outras cousas, "empanada de tres gustos". Non moito máis de cen persoas deberon durar astra a chuvia.

A FESTA NACIONALISTA

Pola tarde, a festa do BNPG durou astra que chegou a chuvia. Inda ben animación, na Carballeira de San Lourenzo, as actuacións de Milladoiro, o escelente grupo irlandés Na Casaidgn e as gaitas de Froito Novo, acarón de Antón e Facundo. O malo foi deso, da chuvia. Do pouco mao do dia.

M. LEDO
A. EYRE
X.L.G.LABANDEIRA
X.M.GONZALEZ
FOTO ALBAN

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL


Nº 215 * DO 8 AO 15 DE AGOSTO DE 1980 * 40 PTS.



BAIONA: UNHAS FESTAS PARA O TURISMO

SUAREZ EN GALICIA,

Unha ofensiva planificada



ENTREVISTA A RAFAEL MOUZO LAGO
Alcalde de Corcubión

POLAS RUTAS DE A NOSA TERRA:
"Dous dias na illa de Ons"

PERU, VOLTA ATRAS

POLIGONO DE SABON

Desaparecen
59.0000 m² de terreo



E un alcalde de largo electorado interclasista;
é tamén un alcalde conflitivo e que se define nacionalista e "revolucionário nato".
Arrisca unha mistura de espontaneismo e demostración de que
agora quen ordena non son os mesmos e non o mesmísimo Gobernador o deten.
"Qudanos moito por facer para desenrolar o Municipio
— di Rafael Mouzo Lago —
e temos moitos proxectos que dependen da cobertura económica
que consigamos, eso si, as necesidades mínimas imos cubrirlas habilitando créditos extraordinários
como sexa. Corcubión ten muito futuro desde dous puntos de vista: turístico e industrial,
industrias de pequena explotacion marisqueira, e teño moito interés
en mostrarllo a quen esté interesado"

RAFAEL MOUZO LAGO

Alcalde de Corcubión "Son un revolucionario nato"

Dis que eres de Corcubión de sempre, de catro ou cinco xeneracións, falanos, tamén, da tua orixe social.

Meu pai é mariñeiro e na miña família houbo de todo, houbo emigrantes a América, a Cuba, e sóbor de todo mariñeiros, pescadores e labregos, un pouco o que é a bisbarra. Corcubión até mediados de século tivo actividades industriais como o carbón e hoxe dedícase á burocrácia, están eiqui as delegacións do goberno.

Sempre traballaches no ensino?

Sempre. No 77 estiven en Euskadi, antes eiqui estiven en Formación Profesional, despois estiven en Cee e agora de novo en Corcubión, no ensino estatal. Na miña profesión atópome algo desilusionado porque non exercemos a función educadora, penso que só estamos "instruindo" e os sistemas de educación son desaxeitados. De todas as maneiras xa antes de todo o movimento orgaizado dos ensinantes galegos eu, por exemplo, daba as clases no noso idioma en Formación Profesional, pechabame na aula cos rapaces — eran rapaces maiores, claro — e liamos a Castelao, xa cantábamos o himno galego e xa faciamos unha certa "revolución cultural". Eu asumo totalmente o ensino galego, mais inda hai moitos profesionais que non pensan asi, miran o español como superior e para min unha lingua non é superior nen inferior é un meio de trasmisión — de comprensión e expresión —.

O caso dos despidos, de represión que houbo acó sóbor de varias mestras foi directamente por razóns de política lingüística no ensino?

Penso que non. A Marcelo Castro — o dono do coléxio privado onde se deron eses casos — importalle un bledo como falen. Máis que nada, a motivación é unha liña que ven de atrás e na que eu marquei o paso no 72, porque traballaba para él e leveino a Maxistratura. Outros compañeiros fóronse decatando de que o seu traballo non era o ensino que, socialmente se necesitaba e denunciaron, antes de nada, unha chea de irregularidades, mesmo administrativas, que o Marcelo Casto mantiña. Toda esta xente foi sendo expulsada.

Se seguimos con irregularidades, tamén as houbo nas eleccións?

As eleccións anularonse por impugnacións presentadas por UCD, por Ramon Pais, o ex-alcalde, que se baseou en irregularidades do voto por correo. Desde logo, analizado profundamente o voto por correo daste conta que non houbo tal porque a sala do contencioso baseou a sentencia en que o voto por correo non fora certificado, pero hai unha orden circular que decia que o voto por correo podia facerse de duas formas: certificando persoalmente ou ben introducindo no buzón que pasarian ao departamento de certificados, onde lle daban un número de nacidos e se considerarian como tales. E esa circular estaba vixente naquel entón. Mais o que pasa é que a manobra política de UCD era desfacerse de Pais.

Do propio conselleiro xuntista de Educación?

E que a conselleiria da Xunta queria a outra persoa e dáse a circunstancia que o que hoxe a ostenta foi quen lle fixo o recurso escrito e veu a impugnar eiqui, Alejandrino Fernandez. Pais non lles servia. Na segunda volta UCD presenta unha candidatura da noita para a mañán, e desta vez fun eu quen impugnei e decidiron retirala, cun escrito insultante para nós. A corporación quedou formada por 11 concellais independentes que se presentaron polo PT e trés da UG.

Agora, xa con certa perspectiva, un tema de tanto barullo como o do San Martin, qué significa?

Bon, a San Martin manexouno a dereita polo feito de ser xeral. Non lles importaba a persoalidade de San Martin porque se a coñeceran un pouco houberano condenado a morte trés veces. Houbo outros que creeron que era un santo, si, si, iso que se dan de listos.... O caso é que dereita manipulou o acordo da corporación capitaneado por certos persoeiros do Estado e da Xunta de Galicia. Mais non nos puxeron nerviosos en absoluto.

A estatua que estaba acó foi a mesma que colocaron en Fisterre?

Foi, levouna o Gobernador creo que sob encomenda da embaixada arxentina pero que, ao parecer, pagouna ese instituto de estudos sanmartinianos. E astra a levaron antes de prazo; non esperaron a que nós ampliaramos o acordo. Foi unha provocación como o foi o dia que viñeron inaugurala.

A raiz desto seica saliches nas cartas de Augusto Assia?



Sain duas veces, ocupouse de nós duas veces, nunhas cartas abofé ben simpáticas. Eu dirialle que ten toda a razon, que todo canto dixo inda é pouco — a razón tamén se lle dá aos tolos — porque el o que quere é changa, réplica; eu se tivera un periódico constestarialle e dirialle moitas cousas do presente e máis do pasado mais como no del non mo han de publicar pois calo a boca. E pode seguir escribindo que non lle vou dar o gustazo de contestarlle.

Cambeando de asunto, o 12 deste més o axuntamento de Corcubión vai ser o primeiro de Galícia que lle poña a unha rua o nome de Moncho Reboiras.

Vai ser o primeiro axuntamento que vai ter o honor de adicarlle unha rua ao noso héroe e mártir Moncho Reboiras.

A nivel popular, unha rua co nome dun comunista patriota que morreu enfrentandose coa represión...

Eu penso que coñezo un pouco ben ao meu pobo. no meu pobo hai galeguistas, nacionalistas que comprenderon que se lle poña unha rua e haberá outras persoas entreaugas, que nen saberan que é Moncho Reboiras e pode tentalas a manipulación que ha de facer a dereita. Mais sei que o pobo tenme confianza e sabe que se lla adicamos é porque Moncho Reboiras ten algún significado para Galícia. Foi un home asesiñado polo franquismo no 75 e tamén foi un nacionalista, un sindicalista, un mártir e un héroe.

A propósito, el publicou no voceiro Xerme da Coruña, unhas cantigas sóbor de "Carburos", coa música de "Cuando sali de Cuba" que recollera duns núcleos sindicais próximos ás JOC.

Eu namais que o coñecin de vista mais soupen da sua actividade política e sindical e tiven sempre unha fotografia del, grande, que di que non importa que nos maten porque somos a semente de vencer. Unha delas púxoseme marela, e cambieina por outra, ou sexa que Moncho Reboiras non entrou na miña cabeza hai vinte dias e penso que os axuntamentos onde hai forzas galegas de esquerda deberian rendirlle un homaxe póstumo a este home.

No terreo municipal e no no que levades de xestión houbo algun trato discriminatório por exemplo nas subvencións?

Astra agora o úneco que notamos foi que unha subvención de obras comunitarias informada por Extensión Agraria como preferente foi rexeitada na Diputación. Penso que a nivel oficial non seran tan torpes e non meteran a pata de tal xeito porque si o fan levan as de perder.

Que problemas tivestedes mesmo ao entrar?

Un dos máis graves foi a Farmácia porque levabamos moitos anos sen ela por presións de farmacéuticos doutras vilas próximas. O basureiro que cambeamolo de sitio, era a orixe das ratas en grande parte, uns cartos que se perdian se non se empezaban unhas obras de alumbrado, alcantarillado, pavimentación...

Topas que a xestión municipal é complicada?

Para min non tén nada de complicación, o que me falla é tempo porque teño o meu traballo. Unha corporación adica o 10 por cento do seu tempo á política, porque temos que facer política, mais o resto adicao á xestión municipal e se o fai esquencendo as diferencias políticas penso que é facil. Eu levaria igoal, por caso, o Axuntamento da Coruña. O que si compre é coñecer ben a comarca.

Que opinión tes da democracia actual, que che pareceu o Dia da Patria?

De democracia nada, mais o Dia da Patria quedei moi contento e con moi boa impresión de ver nunha manifestación popular e nacionalista moita xente. E tamén quedei contento de ver como as forzas da orden seguian cargando porque é siñal de que lles pica, lles molestamos, de que temos algo de forza, física e ideolóxica.

Voltando a Corcubión, ter diante dos ollos os fumes de "Carburos" é un bon exemplo de irracionalismo ¿non si?

A Fábrica de Carburos leva eiqui moitos anos. E unha forma máis de explotación e astra o capital é extranxeiro na súa maioria, e catalán. Para as clases populares traballadoras representa moito porque é o sustento de toda unha vida — no fondo é un atentado contra das vidas, andivo matando e intoxicando ás xentes que quedaron no desemparo — mais se tiveramos conciéncia e a xente puxera nunha balanza o bon e o malo que fixo a fábrica veria que ao longo é máis negativa que positiva e que haberia que sustituila por outras indústrias adaptadas ás nosas rias, aos nosos recursos do país. Pero se te voltas encontra veñen os do Poder e o que lles dicen é que lles sacas o posto de traballo. Eles non ven que podian telo noutra indústria racional, daqui de Galícia, porque además, o que saca "Carburos" non revirte en Galícia, Como sempre dixo o meu pai, "esa fábrica cola o ouro mais a vós danvos a escoria". O Ouro levanno os cataláns e o Marcelo Castro rio arriba.

MARGARITA LEDO

"Don Didio -nós todos chamabamoslle o señorito- soupo que ia vir un paseo falanxista aquela noite e despediuse da xente. Tiña unha criada que moraba nesa casa de aí enriba e a criada foi quen o encontrou na mañá seguinte. O señorito aforcárase..."

Ao poñer pé no peirán vese un letreiro grande, ministerial, que debe querer dicer que a illa é do ICONA pero o que lemos, gracias a un oportuno sprai é: "Illa de Ons é nosa". Calquera que pase dous dias aló debe levar sabidas unhas cantas cousas.

Dous dias na illa de Ons

Para a illa sai un unico barco cada dia desde o porto de Bueu, na península do Morrazo, ás 12 da mañán. Se se colle en sábado convén estar meia hora antes, polo menos, porque é probabel que meta carga demais e chegue un funcionário da axudantia de mariña obrigando a baixar quince ou vinte persoas que son, natural, as últimas que entraron. Pancho, o que fai a liña Bueu-Ons co seu Santa Maria, de cabina verde, cruz no picouto en verde algo máis claro, flotadores algo comestos polo sal, volverá buscar o resto pero dentro de duas horas que é, mais ou menos, o que leva o traxecto de ida e volta. Se de calquer xeito toca agardar podese dar unha volta pola praza, unha praza limpa e viva -embaixo o peixe, enriba frores, froita, conservas...- Nos muros de afora a extrema dereita española pintou un ridículo "marinero, llegaron los rojos ¿vives mejor?" quizais referíndose á nova corporación que preside Pepe, o alcalde do BN-PG. Desde as xanelas extendese unha pancarta que pide a libertade dos mariñeiros apreixados e concretaos no de Bueu, Xosé Pastoriza.

O billete, que se paga á ida pero que inclui no précio tamén a volta, costa 300 pts. Con cinco pesos máis amáñase o dos bultos se se leva tenda de campismo, por exemplo. Cincuenta minutos mar adiante vendo xa case desde a saída -se o neboeiro despegou- a illa ao fondo e deixando alguns cons á man esquerda. Arredor do peirán ábrense xa praiñas porque na illa nunca foi construído un muelle cabal, causa e espoleta para que se fora despoboando. Pero disto falaremos despois mais de vagar...



Arredor do peirán ábrense xa praiñas porque na illa nunca foi construído un muelle cabal, causa e espoleta para que se fora despoboando.

MIL PESETAS A MANTIDO

Ao empezar as casas a subir está o centro da vila coa eirexa nova de tipo colonial que nuns azulexos ten ao San Xoaquin, pai da Virxe e patrón da illa, cunha cantiga que fala das suas preféncias por Ons (tamén esta eirexa foi causa da despoboación, como veremos), antes, as duas únicas tabernas, a de Checho que é o intermediario entre o pobo e nen se sabe cantas cousas máis (Checho cobralles o aluguer das terras aos "colonos" para Icona, Checho corta e dá luz cando lle peta porque para algo na sua casa está a chave da dinamo, Checho tén o teléfono que hai concedido en toda a illa, Checho tratou de que a xente fora buscar a vida a Bueu deixando valeiras as casas de Ons) e máis a taberna de Acuña. Nelas podese comer unha boa caldeirada de polbo e tamén alugar habitación -que co mantido dun dia enteiro sale á volta das 1.000 pts.- A de Acuña ten un viño tinto do país que inda non é malo e un branco, que lle chama "albariño", que se bebe a gusto antes do xantar.

As tendas van acampar ben cara o sul, entrando para a praia da "areia dos cans" ou as de "Canisol" e "Pereiró" seguindo cara o 'burato do diaño" e no bosco que remata a illa, ainda que poden tocarche de veciños os da OJE que andan nese lado coa grande bandeira imperial izada. Se colles para o norde, -a zona campista mais concurrida-, tes a praia de "Melide" -con algo de xeito podes facer nudismo- e non é raro topar con algun evanxelista lendo a Biblia, os mesmos que desde boa mañán cantan desde o pátio da antiga fábrica de salazón de don Didio. Falase de que os pasotas vindos das Cies andaban por ali estrados como tamén hai quen viu membros da brigadilla ou Guardas Civis de Bueu "con mochila nova e prismáticos sempre nos ollos para ver de localizalos". Non fallan na illa os veraneantes tradicionais, que descansan lendo a Carpentier roú a Jhon Femimore Cooper, lugueses, compostelanos ou vindos de entre os 300.000 habitantes de Vigo pasar 15 dias, como Moncho Villares, Berta, Freixanes, Guerra, Malós, a Queca, a cativa de Queca... Nen fallan os próprios, os que desde Bueu carretan os uteis para viver de tempada na sua casa -este foi o primeiro inverno que non quedou ninguén en Ons-; hainos que alugan unha casa todo o ano a 4.000 pts., ou a quen lla emprestan como ao pintor de orixe ourensano, que no outono vai cara Canarias para voltar, devotamente, en maio, unha das casas máis arranxadiñas de Ons e unha das línguas máis claras a favor dos intereses populares.



Podese comer unha boa caldeirada de polvo e tamén alugar habitación.

DON DIDIO CASARA CUNHA ITALIANA...

Don Didio Riobó, o "señorito", casara na arxentina cunha italiana e veu para a sua casa da illa que tiña en propiedade, e acó montou un almacén de salazón. Pero don Didio, republicano, aforcouse e Ons pasou ao Massó que xa antes andaba a levar para aló papeletas electorais a prol da dereita española. Seguido a illa quedou sob xurisdicion militar e, estalizada, pasou ao Iryda primeiro e logo ao Icona que é o orgaismo que a rexenta actualmente: *"despois da morte do Riobo din que veu un irman da muller levalo para Arxentina outra vez. Din que ela tentou venderlles aos 'colonos" pero que non se deron posto de acordo entre todos e entón, tamén se di, fixo tratos co Estado, os "colonos" seguiron a ser colonos e a mesma desunión que tiveron daquela como a teñan hoxe han ver isto convertido nunha base militar da OTAN según uns, ou ver como entra o Cabanillas con calquera urbanizadora, segundo os outros"*.

Os veciños da illa rondaban os 800. Rondaban os 800 e un bón dia caeulles unha subvención estatal que eles querian empregar en construir un peirán para poderen atracar os barcos no inverno. En lugar do peirán o Estado español construiu unha eirexa (e hoxe non hai cura nen freigueses), unha escola (e hoxe non hai mestre nen nenos) e unha casa para o mestre... Asi, sen ruidos, tiveron que ir sainda cara terra, cara Bueu, asentarse nunha rua que se coñece polo nome de Ons, e ao vir o tempo acaido voltar para manter o dereito sobre terras e casas, casas no levante, de planta baixa ou un piso, brancas, terras que daban millo, patacas; ermos onde andaban cabras; ou as augas a dar boa pesca que despois, nas dornas, encarabase cara Pontevedra, *"ai veñen os de Ons"* escoitabase ao velos (como dicir en Santiago os de Cacheiras ou en Lugo os de Coirós), os de Ons, foron matar a fame os canteiros de Pontevedra nos anos 40 e 50 construindo cabazos mentres as "mulleres dos remedios" sustituian empiricamente ao medico que nunca existiu, nen falla que lles facia, *"xa sabe vosté ao que lle tocaba unha pulmonia aló ia a mais, se non, non habia problemas...."*; unha illa con fontes de auga doce.

MEDIA HORA DE CAMIÑO ENTRE O LEVANTE E O POÑENTE

Un bon baño, e cando o sol se vai do levante, que é a zona das praias, compre dar un paseo atravesando polos vellos campos de millo en dirección ao poñente, pasar entre colas de rato salvaxes, o coello que se agacha, herba de San Xoán e ver porse o sol da outra banda da illa que é un acantilado cheo de coveiras uteis para o contrabando e perto de onde se fundiu un constructor alemán despois da segunda guerra do que os veciños deron boa conta vendendoo por pezas. Ou subir cara o norde até o faro, mirar os muitos azuis do mar coas pingas marrón que fan as corres; se o horizonte está aberto divisar Arousa, e máis ao sur lembrarse da pedra do cura, unha rocha co corpo dun home grabado do que uns din que era un cura santo e outros que era un cura púdico que debia tomar baños de sol e para que ninguén o vise largaba para o meio do mar. Uns fan cerámica, outros como o Patiño da SGHN andaba a ver os páxaros "hai corvos mariños, pardillos..." mentres unhas amigas buscaban herbas. O historiador comenta que lle pareceu ouvir que no século XVIII inda non estaba habitada e viñan os da Lanzada pescar e buscar madeira. Manolo, o pintor, que lle doe a illa, segue queixandose de que a situación non se aclare. O caso é que a illa pesa tanto en todos que todos falan só dela.

Domingo as seis sale de meta o barco do Pancho, e sobeu o gaiteiro case centenário que viñera esa mañán ganar unhas pesetas, o submarinista loiro e solitário, a panda de rapaces de instituto queimados sobre o acné, o gordo de gorriño branco do tirol, pelota, pantalón corto, os pasotas, as mulleres que viñeron ventilar as casas.....

MARGARITA LEDO

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 119 – DO 16 AO 22 DE AGOSTO DE 1980 – 40 PTS.

Falan os mariñeiros apresados do "Rio Vouga"

- **LUIS SUAREZ:** "Sería moi bonito unha selección galega"
- **Ria de Eo:** A PONTE DOS SANTOS, UNHA ASPIRACION QUE TROUXO "COLA"
- **Polos camiños da Galicia central** DE SANTIAGO A TERRA DE MELIDE



ASI FORON OS DOUS MESES CO FRENTE POLISARIO

FALAN OS MARIÑEIROS APRESADOS DO "RIO VOUGA"





Lénse as primeiras cartas das famílias, tomase té dabondo vestidos como compre, cos "Bobots"

De novo o desconcerto, de novo a realidade dunha política de pescas que nada fai por garantizar que se poida sair ao mar sinxelamente porque "non hai acordon con nengun mar". E quen ten que acordar algo, de igual a igual son os Gobernos. Pola contra, os apresamentos continuarán.

"E a maneira de que os recoñezan e como non teñen porto para que a xente quede ali á beira pois..." e non sabiamos que fiscalizaban a costa mais saben actuar, teñen xente, traen o seu emblemiña no fato negro e poden apañar a cantos queiran porque a xente continua indo".

O FINAL

Un dia fóronos buscar e estiveron a 70 kilómetros en duas tendas de camping. Non sabian nada pero xa tiñan ouvido algo. Pasaron 4 ou 5 horas e o representante portugués, Luis Fontoura, chegou un jeep e un oficial díxolles que se ian. Puxeronse contentos, déronse apertas, foron presénciar a firma do acordo, saludounos o representante da República Saharaui, ofreceronlles un xantar e xa, despois de voar un par de horas, chegaban ao centro de aviación de Arxelia e as 3 da mañán un reactor da TAP recolleunos cara Portugal.

"Diga, que o Goberno español saque aqueles homes de alí, que a prensa o diga todos os dias, eles están moi mal aló e agora a calor pode chegar a 60 graus. Non van resistir. Se nos puideramos facer calquer cousa..."

MARGARITA LEDO ANDION

O GOBERNO PORTUGUES XOGA SUCIO

No transcurso das negocia-ons co Polisário, o representan-do goberno Portugués remata r firmar o recoñecimento da-el Frente e da soberania saha-ui. Todo ben. Ao seu regreso, rén, vai ser o dirixente da AD ministro do executivo. Freitas Amaral quen diga que a posi-on de Portugal segue a ser a sma, desautorice o compromi-de Fontoura e o Goberno ad-ta aos pescadores, lacónica-nte, que o que teñen que fa-é non ir pescar a aqueles ma-. Simplemente.


"Estámoslle moi agradecidos noso Goberno por quitarnos alí" decianos o patrón do Río Vouga" mentres que o pre-dente do Sindicato puntualiza-"o Goberno fixo o que lle mpetia, e non o fixo até que Presidente anunciou que ia re-exerse. Ademais, o Goberno o o amaño mais despois deu a tada e agora avisa que non amos na asneira de ir pescar lá. nde se vai ir pescar?. Se se tregan os nosos mares á CEE e n temos nengunha plataforma entendimento con ninguén, n hai acordo con ningun mar. ganme?: vostedes con présta-s fixeron a cooperativa e es-ueronse a ficar sen barco, e fi-on mesmo sen el, mais como mpre pescar..."

A NOSA TERRA


PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 120 — DO 22 AO 28 DE AGOSTO DE 1980 — 40 PTS.

Monopolizar a sede galega



COMO VENDER UN REFERENDUN



O BIERZO: TAN PERTO E TAN LONXE

OS CRUCEIROS DE ALARIZ



ESPECIAL NOIA



ESPECIAL CHANTADA

Ainda que xa para todos esta mais ou menos claro que aquilo non é o "paradiso" acostumado que os publicistas do turismo nos teñen pintado; quizais exista en Galicia un certo desconñecimento do que é o nacionalismo canario e de toda a realidade daquel pais espallado polo Atlántico cara as costas africanas, e non se pode excluir como unha das causas deste descoñecimento a confusion que pode ter creado a revolta de siglas producida no panorama político daquela nación. Con AGUSTIN FERRER, membro da Permanente Nacional de Pueblo Canário Unido, falamos da realidade canária e máis da interpretacion política que dela fan os nacionalistas, poucos dias despois de ser detido en Madrid, cando se dispuña a coller o avión para asistir á Conferéncia da OUA.

AGUSTIN FERRER

"Canarias é unha nación colonizada"

Estiveches detido fai uns dias por querer ir á OUA. Non?

Nós no Congreso tomamos unha decisión para acudir a todos os foros internacionais para expor o problema de Canarias e esixir a autodeterminación e a descolonización facendo notar o perigo que supón neste momento a progresiva militarización de Canarias. Neste contexto apareceron as declaracións de Marcelino Oreja axilizando o da OTAN e entón decidimos facer a viaxe, ou sexa, arrincar como fora para a OUA, distribuir documentos entre os asistentes, precisamente para pedir auxílio. Cando chegamos o aeroporto, outro compañeiro, Ernesto Lujan, que é membro do Comité Nacional de Pueblo Canario Unido e conselleiro do cabildo por Unión del Pueblo Canario, e máis eu, estábannos agardando, levaronnos á "Dirección General de Seguridad" e ali comenzaron a facer dilixencias e tal, entón un señor comunicounos que nos ian pasar ao xulgado dentro de dous dias, mais deixaronnos entrever que era un asunto político o que nos tiña ali e non un asunto policíaco, que dependia todo dunha decisión do Goberno. Con efeito, pasaronnos ao xulgado, o venres, cando rematou a xuntanza da OUA o xuez inibiuse e mandounos ao Xulgado Central número Un que é o que entende en asuntos de organizacións armadas,

O luns seguinte pola mañá comunicáronnos a liberta de condicional e esa é a nosa situación actual.

Qué razón coidades que foi a que impulsou á realización desta represión individualizada?

Pensamos que o Goberno tiña moito interés en que non asistiramos porque os grupos de presión internacionais que representan ao Imperialismo, ven como en Africa se están producindó feitos que fan perigar os seus intereses na zona contribuen á revolución internacional, entón tentan que Canarias sea un baluarte da defensa do Mundo Occidental, por iso están enchendo as illas de instalacións militares agravando a situación que nós, no último congreso calificamos como colonial . . .

Maniféstase en algo esta militarización?.

Neste senso os instrumentos do Goberno son tan canallas como até agora. A fins do pasado mes de xullo en Puerto del Rosario, unha localidade da illa de Fuerte Ventura producironse unha serie de enfrentamentos entre os lexionários, que chegaron a percorrer as ruas do pobo en grupos de entre tres centos e cinco centos, e os habitantes do pobo que ocasionaron varios feridos, roturas de escaparates e de coches, a situación chegou a ser tan tensa que hai xente da zona que non dorme nas suas casas ante as provocacións de que son obxecto e debido tamén ao medo a que sexan certos os rumores que afirman que existen "listas negras" confeccionadas polos lexionários. Chegaron a facer correr o rumor de que de trás destes enfrentamentos estaba xente de Pueblo Canario Unido, provocandoos, cando está craro que e úneca solución que existe para este problema é a disolución dun exército colonial como é a Lexión, pola que xa se teñen pronunciado moitas corporacións municipais e mesmo o cabildo de Fuerteventura.

¿Poderías agora describir un pouco a orgaización "Pueblo Canario Unido", o seu programa, a sua práctica e como enfrenta os problemas políticos reais que se dan hoxe en Canarias?

Pueblo Canario Unido naceu no ano setenta e sete co gallo da celebración das elección xerais, formado, fundamentalmente pola fusión de dous grupos, un que daquela se chamaba Partido Comunista Canario" e que é hoxe o Partido da Revolución Canaria e máis os disidentes do PCE encabezados polo que hoxe é diputado de "Unión del Pueblo Canario", Fernando Sagaseta. A este proxecto político incorporanse unha boa cantidade de nacionalistas que consideran que o programa e coerente e que hai que desenrolálo, impulsase como un frente político de masas e pidese a sua legalización como partido para aterse á lexislación, mais esta legalización tarda máis dun ano. Durante esta epoca impulsa decisicamente movilizacións como as que tiveron lugar no gallo do Acordo Pesqueiro, do asesinato de Javier Fernández Quesada toda caste de accións deste tipo está craro que o Goberno retrase no posíbel a nosa legalización , de tal xeito que esta chega xa non podemos presentarnos as eleccións do setenta e nove, neste momento hai que formar a coalición Unión del Pueblo Canario, nome escolleito para aproveitar o capital político que Pueblo Cananrio Unido tiña recolleito cando xa estaba formada a coalición, chega a legalización.

O proxecto de unidade era importante, mais, esto coincidia con cámbeos nas forzas integrantes, por exemplo, o Partido de la Revolución Canaria vai cambeando até aceptar o marco autonómico tentando ocultar a sua falla de princípios. Asi o funcionamento do partido estaba



empantanado e para sair desta situación impulsase a celebración dun congreso onde se solventen as diferencias e se determnine unha liña a seguir. O once de agosto de 1979 celébrase a Primeira Asamblea Nacional onde un grupo de nacionalistas presentan un documento facendo un analise critico da situación onde se pedia a dimisión dos orgaos de dirección do Partido e a formación dun Comite Nacional. O Congreso que representara á militancia real, este documento sae aprobado por cento noventa e dous votos contra cento quince, os cento noventa e dous de nacionalistas independentes e os cento quince das Células Comunistas de Sagaseta e do Partido de la Revolución Canaria, estes últimos, ao seren derrotados na sua postura non recoñecen a votación e abandonan a Asamblea dicindo que o resto dos asistentes non perteñecen a Pueblo Canario Unido, eles ainda hoxe seguen mantendo este nome, mais deica agora ainda non realizaron ningunha actividade, só unha Asamblea Xeral no mes de Novembro que non tivo ningunha repercusión. Nós seguimos con accións e en abril pasado celebramos o Primeiro Congreso Nacional, as nosas posicións sairon del afortaladas, definimos Canarias como "Unha Nación colonizada no marco do Continente Africano" cousa que ainda nunca chegaremos a facer, e engadimos a nosa loita política tradicional, que se baseaba na autodeterminación, na descolonización.

¿Ten moita credibilidade a política autonómica nas Illas?

. Non, non ten nengunha porque só interesa á burguesia parasitária, só che vou dicer que o outro dia, nun bairro, todos os partidos autonomistas, dende o PCE á UCD, os grupos cristianos, etc cun gran aparato propagandístico, convocaron un acto pola autonomia os que só asistiron unhas trescentas persoas, nós en cámbeo, xuntamos nun acto mal convocado, pola autodeterminación duas mil persoas.

De calquer xeito, ¿vós ides utilizar a plataforma autonómica?

Dende logo, nos imos utilizar a legalidade que nos oferezan, por moi reaccionária que esta sea, pero de ai a lexitimar a alternativa autonómica vai un abismo e iso é o que nós nunca faremos.

Canto aos sectores tradicionais da economia canaria, ¿qué tal lles sentaron estes anos de "democrácia"?

Na nosa terra, ainda que se deu algun que outro policultivo. a economia sempre se baseou nos monocultivos, nun momento dado foi a cochinilla, logo o plátano, logo o tomate, posteriormente o monocultivo, foi o turismo e neste momento, o monocultivo son as instalacións militares, ou sexa que o goberno Español tívonos reservados certos papeis económicos e hoxe tennos este, ademais quérenos converter nun escaparate de cara ao mercado africano, de ai o gran interés en vincularnos ao Mercado Comun. Non obstante a entrada do Estado Español no Mercado Comun significaria a ruina para o pequeno e mediano comércio canário. Hoxe por hoxe, e dende hai xa bastante tempo, o sector principal da nosa economia, o sector de servícios, sobre todo despois do "boom" do turismo no que se volcou case toda a nosa mán de obra, isto debido a unha política de favorecimento das importacións e de desfeita da agricultura tradicional, agora coa crise do turismo, o paro empeza a ser acuciante.

Canto ao sector pesqueiro, debido á política do Goberno Español na zona, a xente tén unha gran solidaridade co pobo saharaui porque son veciños e danse conta que ainda onte tiñan carnet de identidade español, como hoxe o teñen os canários, e de que a culpa dos problemas que xurden no banco pesqueiro propriedade dos habitantes do Sahara, e do Goberno Español. Ultimamente en todas as institucions interesadas como os cabildos, se teñen votado mocións esixindo ao Goberno que negocie

A nosa situación colonial tamén se ve crara noutros campos como o do ensino, que neste intre está de actualidade porque habia setecentas prazas para o archipiélago das cales, só vintecinco foron cubertas con profesores nativos nun intento de desnaturalizar ainda máis o noso pobo, que está sufrindo un verdadeiro terrorismo cultural.

¿Cando nasce o nacionalismo canário?

Bón, o nacionalismo moderno pódese dicer que nasce con Secundino Delgado no século dezanove, un nacionalismo xa máis moderno aparece, nos anos sesenta, co Movemento "Canarias Libre" inspirado nas ideas de Secundino. Posteriormente aparecen partidos autonomistas como o PCC do que falabamos denantes e máis tarde Pueblo Canario Unido, sen esquecer o MPAIAC que ten xogado un papel moi importante no despertar da nosa concéncia nacional.

Teño entendido que Cubillo utilizaba moi ben os médios de comunicación...

Si, si deu unha verdadeira lección, falaba no idioma que o pobo entendia. O resto dos médios de comunicación son representantes do caciquismo mais reaccionário. Como a emisora do MPAIAC lle facia moitísimo dano ao Goberno Español, instalaron un aparato costosísimo, co que fan imposíbel que as suas emisións cheguen ás illas ademais os partidos de recámbeo españois, realizaron presións en A Arxel para impedir que as emisións continuasen.

M.L.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XI • 21 DE XULLO • 1988

Nº 351 • APDO. 1371 (VIGO) • 150 PTA.

A PATRIA VISITADA




■ As fotos de Ruth Matilda Anderson, antropóloga norte-americana que recorreu o país no 1924 (caderno inédito de 16 páxinas)

■ 25 de Xullo: as ruas de Compostela testemuñan o símbolo e a expresión cimeira do nacionalismo de posguerra.

■ **Álvaro Cunhal**

Entrevista co histórico lider portugués



ANTÓNIO LEAL

CADA 4 MINUTOS...

AEROLINEAS ARGENTINAS

A CORUÑA RESERVAS TELF. 21 32 11



A muller enana



Indo ao muiño

FOTO VERDADE

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Epoca de foto-verdade, de foto-bis do texto, imaxe descriptiva, densa en informacións, que culmina a influéncia da filosofia das luces, do positivismo liberal burgués. Todo é mostrábel.

Epoca dos fotógrafos-viaxeiros que inaugurara John Thomsom na China. Foto que non é só a de retrato ou repertório patrimonial, como no XIX.

Foto que agasalla ao cidadán co abraiante ou co descoñecido, facendo pasar o território real para o território visivo. Foto que se publicita através de álbumes de selos, como fixo Ksado, através de libros, através por fin da prensa gráfica.

Epoca na que as ciéncias humanas, as ciéncias sociais conseguen furar por entre as disciplinas tradicionais e xa todos seremos marxistas weberianos.

Epoca na que unha antropóloga de nome Ruth Matilda Anderson deixa a cidade de San Luis, Missouri, e ven para a Galiza co seu pai no 1924 e percorre Galiza como a Xeneración Nós.

Visión optimista do noso país. Visión en pormenor como manda o naturalismo mentres a placa sensíbel impón a necesidade de planear porque cada disparo leva tempo e porque pode que sexa irrepetíbel. Ainda non é posíbel a instantánea, agás para o militantismo fotográfico, para os pioneiros, e no rexisto simples do real quedan pegadas da intrahistória que Lady Anderson localiza en atitudes, en acenos, no cotián da roupa como signo, nos ofícios, nas auséncias dos homes, nas mulleres querendo ser fotografadas, no municipal ataviado de entorchados que non se atreve coas leiteiras, todas a unha, que rin para a cámara na Rua Nova santiaguesa.

Visión non racista de Lady Anderson que se reflexará no respeito á língua orixinária dentro do texto inglés, imaxe profunda de mulleres atraendo as redes para a praia, na arte do cerco, mentres *a brava*, sentada, vainas conducindo con voz nídia: "¡Hala, mulleres, hala por e-n-r-i-b-a! ¡Agora, hala!".

Misión progresista que bate co contraste como expresión de diferéncia, que tenta apañar a complexidade de motivos para certas accións como o tempo de pose da xorobada para ficar nas sales de prata para sempre, ela, a tolleita que ergue a testa, terma do seu ollar claro, tensa os labres con seriedade compracida de foto de casamento da época, como recordatório. E a fotógrafo de Missouri sinte que é asi e quere que saibamos os dados de contexto para nos xustificar na complacéncia desta imaxe de aleixada que te mira, muller sen dependéncias, só de Deus. "Toparámola descalza na procesión, cóntanos Lady Anderson, e voltamos topala a ollar aos cabezudos, aos xigantóns. O pano é negro, o vestido é gris".

Fotos sen trampa, foto de complicidades entre a cultura do suxeito, do actor, e máis o fotógrafo e máis o degrau de desenvolvimento técnico.

Foto que ten que ser estantia e querida. Foto-exibición na que che chega a facer grácia esa señorita acompañada, que todo o quer saber, desde a calidade do pano que vistes até a aparallaxe para a produción do liño. Ou Lady Anderson esforzándose por te reter, mentres vas para o muiño, porque a atoa a tua imaxe primitiva, cor escura e brilo de aceite na pel, e diche se é certo que as campesiñas, acó, adoitan facer versos, e ti fas por non te botar a rir. E cando di se ti tes feito versos algunha vez, segues sen te escachar a rir por educación e vaste indo despois de lle desexar que quede con Deus.

Foto verdade, que se interrelaciona no texto e na toma con cadanseu ámbito de vida. Epoca de héroes como é Miss Ruth, esta irlandesa que veu de Missouri.



Barquilleiros

Public. Prensa 30

A NOSA TERRA

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

ANO XI • 12 DE XANEIRO • 1989 — PERIÓDICO GALEGO SEMANAL — Nº 370 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

A INÉDITA VERSIÓN OFICIAL, REMITIDA Á CEE, DEMOSTRA QUE SÓ SE EMBARCARON EN SAN CIBRÁN O 2.31 POR CENTO DOS PRODUCTOS TÓXICOS

INFORMES *CASON*: LUZ EN FISTERRA

Co informe elaborado pola "Comisión" e o "Oficial", remitido á CEE pola Administración española, que sae hoxe publicado por primeira vez, comezan a despexarse moitas dúbidas sobre o embarrancamento do buque panameño e os sucesos subseguintes. As responsabilidades móstranse evidentes.



ANXO IGLÉSIAS

D. Villalaín: 'O CDG perdeu o prestíxio na xestión anterior'

Damián Villalaín, xornalista que até agora ocupaba o servicio de prensa do Concello de Santiago, ven de ser nomeado recentemente director do Centro Dramático Galego, cargo anteriormente ocupado por Dorotea Bárcena. O nomeamento tivo unha certa contestación e agora ábrese a expectativa do novo rumo que Villalaín poda darlle ao CDG na tempada que comeza.

(Páx. 15)

M. Mera: 'Hoxe con organización social pódese conseguer moito'

Bon conversador, desprendido do esquematismo característico de tantos políticos, detenta a capacidade de ensarillar o dato macroeconómico coa reivindicación pontoal, de modo parello a como a sua preocupación pola história non impede que esteña sempre disposto a reclamar para a central a última mellora tecnolóxica. Home estudoso e ben informado prefire reivindicar a sua orixe rural, o seu decisivo paso pola emigración arxentina



e a sua traxectória dun xa longo compromiso estudantil, obreiro e político. (Páx. 10 e 11)

A multinacional italiana do vidro a exame

Desde a Revolución industrial que no século XVIII se estendeu por Europa, calquera proceso industrializador veu sempre da conseguinte polémica en torno ás suas consecuéncias contaminantes. Case poderiamos dicer que nos periodos de crise medra o interese pola "criación de riqueza" e pola ubicación de indústrias, mentras que en épocas de desenvolvimento se intensifican as demandas anti-contaminantes e de depuración.

(Páx. 8 e 9)

Probábel adiantamento das eleicións xerais

O venres dia 13 na reunión do comité confederal do PSOE pode quedar definitivamente desfollada a margarida que Felipe González está a esculcar: eleicións en Marzo, no Outono ou en Xuño, con preferéncia por esta orde; porque o que si semella claro é que as Eleicións Xerais van ser adiantadas, mália os desmentidos sempre existentes. O Governo pretende ganarlles pola man a sindicatos e partidos políticos.

(Páx. 5)

CADA 4 MINUTOS...
AEROLINEAS ARGENTINAS
A CORUÑA RESERVAS TELF. 21 32 11

A NOSA TERRA

ANO XI • 12 DE XANEIRO • 1989 — Nº 370 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

CONTAMINAN AS NOVAS CELULOSAS PROXECTADAS PARA A GALIZA?

RAMÓN VARELA

Nos últimos catro meses, estanse batendo todos os records de proxectos de instalación de novas celulosas no noso país, dado que xa son tres os que se apresentaron publicamente e na Xunta da Galiza. Feldmühle, multinacional alemán e primeira industria da C.E.E. relacionada coa pasta de papel, pretende instalarse ne Fazouro, para producir 250.000 Tm/ano de celulosa ou pasta de papel coa finalidade de exportala para as suas fábricas xermanas, especializadas na fabricación do papel, **xa que no seu território as indústrias coa tecnoloxia de pasta ao sulfato Kraft están expresamente proibidas pola alta contaminación que producen.** Na Galiza tan só fabricaria 60.000 Tm/ano de papel para uso doméstico "en sus diversas variantes de modalidad higiénica" segundo as declaracións do Presidente da firma alemana Hartwig Geginat, que ademais na apresentación do proxecto afirmou que a sua planta de Celulosa necesitaba dunha política forestal, por parte da Administración Autonómica "acorde con sus intereses", "si el Gobierno Gallego hace la política forestal que garantice una materia prima consistente en eucalipto, no habrá problemas para instalarse".

Ás pretensións e esixéncias da Feldmühle ou "Industrias del Rio de Oro S.A.", sucédelle un segundo proxecto apresentado por 28 empresas do Estado español baixo o nome de "Celulosas y Papel de Ferrol, S.A.", máis coñecido por Cepafesa, con maioria de capital de Sarrió, Torras, Ence, Papelera Española, Papelera del Centro... algunha das cales está relacionada con multinacionais coma a árabe KIO. Pretende instalarse na zona de Ferrol para producir 300.000 Tm/ano de pasta e 150.000 de papel, cun consumo de madeira similar á Feldmühle da orde de 800.000 Tm/ano. Este proxecto, que nasce para contestar á multinacional xermana, anunciou que está disposta a chegar a un acordo para instalar unha só planta despois da fusión dos dous proxectos.

No pasado mes de Decembro apresentouse Papirus S.A. grupo industriai integrado polos "holding" Iberpapel e Tampella controlado por capital de Finlándia e participación española. Ao contrário dos dous proxectos anteriores, este encamíñase a aproveitar o piñeiro e a fabricar a pasta de papel con tecnoloxia mecánica (as anteriores eran Kraft), menos contaminante; segundo o "filtrado" na prensa producirá algo menos de 100.000 Tm de pasta e 200.000 Tm/ano de papel, dedicando o 40% á exportación.

Como podemos observar a oferta de CELULOSAS medra dia a dia, e isto lémbranos a década dos anos 70, cando aproximadamente oito proxectos de Celulosas buscaban asentamento na Galiza; Ponteceso, Ourense, Quiroga, Padrón,... eran alguns dos numerosos nomes baralados para instalar estas indústrias altamente contaminantes que buscaban igual que hoxe o noso território para facer só parte do proceso de produción, xusto o mais contaminante e o que dá menos postos de traballo, aproveitándose da abundáncia de água, enerxia eléctrica, man de obra barata e sobretodo aproveitándose das irracionais repovoacións forestais que propagaron os piñeiros e eucaliptos en contra de critérios máis racionais, ecolóxicos e sócio-economicos.

Resulta curioso que ainda que está instalada xa unha planta de fabricación de pasta de papel, cunha produción de 240.000 Tm/ano, Celulosa de Lourizán do grupo INI, despois de 30 anos de pors en funcionamento ainda hoxe é o dia que non se aproveita esta pasta para fabricar na Galiza o papel correspondente; isto demostra o "papel" que xoga Galiza no proceso industrial do Estado, ponto de referéncia para ubicar indústrias de enclave rebotadas doutros lugares e sumamente contaminantes (Refineria sen petroquímica, Alúmina-Alumínio e industrias da minaria de cobre, magnésio... sen indústrias de transformación, fábrica de Celulosa sen papel, ...)

Hoxe estas celulosas afirman que non contaminan, que non é o caso da Celulosa de Pontevedra, senón que adoptan medidas anti- contaminantes. E como seguramente moitos pensan que é verdade e cren que os que nos opoñemos a estes proxectos facémolo por capricho, por ir en contra do desenvolvimento e o progreso, quero traer aqui algunhas cifras sacadas do próprio proxecto da Feldmühle, vexamos.

Despois de utilizar dous sistemas de tratamento de efluentes, primário e secundário, a carga contaminante é:

Volume da água residual:

50.500.000 litros/dia, dos que 48.000.000 corresponden á planta de Celulosa e tan só 2.500.000 á fabricación de papel.

Sólidos en suspensión (fibras, partículas de suxidade, substáncias de revestimento e recheo como talco, arxilas...):

6.400 Kg/ dia correspondendo mais do 95 do total á fábrica de pasta.

Demanda Biolóxica de Osíxeno (Cantidade de osíxeno que se necesita para degradar e descompor a matéria orgánica)


2.000 Kg/dia, correspondendo aprox. o 97 do total a planta de Celulosa.

Demanda Química de osixeno: 36.000 Kg/dia, correspondendo aprox. o 98% do total á planta de pasta.

Cloro orgánico total, TOC1: 1.200 Kg/dia.

Temperatura da água de vertido: 35-40 °C.

O consumo de água na fábrica de celulosa é altísimo, e ainda que se foi reducindo nos últimos 20 anos, segue sendo un caudal que chegaria para abastecer diariamente a Lugo e Ourense xuntas; e pénsese que esta água de vertido sai esaxeradamente quente, de 35 a 40°C, e cunha carga contaminante de diversos produtos (matéria orgánica, aditivos químicos...) que nalguns paises estaria fora da lei; asi:



No que respeta á matéria orgánica que ao descomporse fai que os microorganismos consuman grandes cantidades de osíxeno, a Feldmühle verte unha DBO 5 de 31 mg/l. cando en países como Suiza só consinten 25 mg/l. en 24 h., e no Reino Unido os valores utilizados xeralmente son de 20 mg/l.

A matéria en suspensión, que se debería eliminar do efluente antes de que este chegase ao rio (ria, mar) vai ser da orde de 8 Kg/Tm. cando a OCDE estimaba a meados dos anos 70 con previsión para o 80 que Estados Unidos estivese vertendo 6 Kg/Tm., Suécia 2-5 kg/Tm. como valores guia e Bélxica de 1 a 2 kg/Tm; ao mesmo tempo, os valores indicativos do Organismo de Protección do Meio Ambiente de USA para branqueado e crudo do Kraft eran de 4,5 kg/Tm.

Ademais está o problema da lignina da madeira, responsábel da coloración oscura do vertido con repercusión, igual que a matéria orgánica en exceso e matéria en suspensión, dos problemas nas cadeas alimentícias nos seres vivos do ecosistema. Asimesmo as perdas de sulfato sódico calculadas en 20-50 kg/Tm, que significan perdas indirectas de mercúrio, metal altamente tóxico para a vida ademais de acumulativo, a sosa caústica utilizada contén aprox. 20 mg. de mercúrio por Kg.; está tamen a mesma temperatura que afectará ao metabolismo, comportamento, reprodución... dos seres acuáticos.

No proxecto, e con relación ao vertido ou emisión a atmósfera contémplase que 2 kg de xofre por tonelada de pasta fabricada ou 500.000 kg/ano sairán ao exterior. Nos Estados Unidos a emisión permitida é de 0,15 kg/tn. Aqui 13 veces máis alta. Os gases de xofre son en parte responsábeis de problemas na saúde de animais e plantas e chegan a producir as choivas ácidas que perxudican ás colleitas, árbores forestais, frutais,... etc. e afectan á saúde humana.

Para rematar, ainda quedando numerosos dados sen comentar, podemos asegurar que as indústrias de fabricación de pasta ainda con medidas correctoras da contaminación son das indústrias mais contaminantes. Na Galiza, por suposto, non ten sentido seguir a instalar procesos industriais como o da fabricación de pasta de papel, xa que polas nosas riquezas naturais das rias e litoral poden chegar a destruir máis postos de traballo dos que crean (no caso de Lourizán criáronse 500 postos de traballo e calcúlase que se destruiron perto de 5.000 na pesca, marisqueo, cultivos mariños, turismo...) e temos que ter en conta que exportamos a pasta que se fabrica en Pontevedra. De non pechar e trasladar a factoria de Lourizán unicamente teria sentido instalar na Galiza unha planta de fabricación de papel, indústria moito menos contaminante e que pode dar cinco veces máis postos de traballo con menor investimento. Ao mesmo tempo teria sentido ir pensando no reciclado do papel e cartón usado (como se sabe, pode aproveitarse aproximadamente o 80% deste material) evitando asi a tala exaustiva de árbores, as repovoacións inaxeitadas e indirectamente os incéndios forestais e sobretodo disminuiríamos a contaminación industrial.

O Governo galego teria que ser sensíbel a estes problemas que acarrexa a instalación de novas Celulosas, e ese 75% do investimento a fondo perdido que pode regalar a multinacionais como Feldmühle (aprox. 75.000 millóns) deberian estar destinados a criar emprego en indústrias menos intensivas en capital e por suposto moito menos contaminantes, en función de intereses galegos e non das multinacionais e monopólios madeireiros. □

Ramón Varela Diaz. Biólogo e Presidente de ADEGA

TRES EN RAIA

VERDES E MEDIÁTICOS

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Foron criados baixo o signo do marketing político e nutríronse de desilusións nas vellas formacións. Quixeronse parlamentários para gañar o respeito debido e dar asi o chouto para os meios de comunicación.

Verdes e alemáns.

A partir de aí os meios de comunicación engulíronos, transformáronos, etiquetáronos en faccións dos bons e en faccións dos maos, como compre, chamándolles "realo" e "fundi", e fixeron que cada facción se identificase cunha cidade, como compre, Francfort e Hamburgo.

Contra o princípio basista, grupal, de responsabilidade colectiva, os meios soergueron de antre eles vedettes. E eles, coñecedores de como usar os meios, fornecéronlles espectáculo.

Xa teñen notábeis, persoeiros, políticos profisionais, rápidas ascensións, traidores que se pasan ás posicións do SPD, xa teñen unha imaxe confeccionada polos média.

Conto isto porque mo contou Margaret Manale, unha amiga socióloga que coñecin en Paris e que investiga sobre "Parlamentarización dos verdes e democrácia mediática".

Os meios criando e modificando actitudes, conducindo mesmo aos que se que queren á marxe cara ao hipertactismo do novedoso para serverlles, aos meios, en bandexa, o espectáculo.

Despois das análises de Margaret cada dia góstanme máis actitudes amediáticas como a da sempre persistente Xohana Torres. □

VOLVER AO REGO

Houbo unha inocentada que se botou de menos o 28 de Decembro. Poderia dicer asi: douscentos intelectuais de todo o mundo, de recoñecido prestixio e dun amplo espectro ideolóxico solicitan do governo español que convoque un referendo sobre a fórmula monárquica de estado. O texto dos intelectuais comeza sinalando que "se o governo español quere convencer ao mundo dos seus valores democráticos debe permitir á povoación o opinar sobre o modelo de estado formulado en 1946 polo Xeneral Franco coa **Lei de Sucesión a la Jefatura del Estado** e concretada en 1969 no príncipe Juan Carlos polas Cortes españolas".

O poeta Ernesto Cardenal, o cantautor Sílvio Rodríguez ou o narrador Gabriel Garcia Marquez figurarian a bon seguro entre os asinantes. □

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA - SA

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XII • 16 DE FEBREIRO • 1989

Nº 375 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

Public - Diaria - 30

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

Antón Casal: 'Contar o de Alúmina dará lugar a surpresas'

Hai máis dun ano que caiu o Comité de Alumina. Antón Casal Diaz, da INTG recebe a ANT no seu piso de Viveiro para falar do pasado, do presente e do futuro do conflito, mesmo alén do remate do conflito, mesmo alén do próprio conflito e anúncia que no futuro moitas das revelacións que ainda están por facer poden ser pedra de escándalo.

(Páx. 10 e 11)

Secretários de Concello: un poder fáctico e polémico


A utilización indebida do enorme poder co que ainda contan os secretários dos concellos é algo que poucas persoas se atreverian a discutir. "Instrumentos do poder caciquil" ou "embaixadores do poder estatal na administración local" son calificacións nídias do seu papel. Estamos ante unha figura funcionarial que, segundo algunhas fontes, mesmo coarta a democrácia e invalida dalgun modo a elexibilidade dos cargos a nivel municipal. A sua oposición frontal á galeguización da administración non é menos patente. **(Páx. 7)**

Membros do EGPGC entrevistados definen a sua estratéxia

Por primeira vez os presos do Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceive fan unhas declaracións públicas, recollidas na revista basca "Punto y Hora de Euskalherria". Nela asumen as ideas da "guerra popular prolongada" afirmando que o seu nacimento "trouxo consigo a osixenación precisa para reanimar o proxecto liberador do povo galego que se atopaba nun proceso de liquidación vertixinoso". **(Páx. 5)**

X. L. BARREIRO EXPLICA O "*AFFAIRE* DO XOGO" E X. M. BEIRAS OS PORQUÉS DA SUA ACTUACIÓN

OS PAPEIS DE BARREIRO



Fraga estaba ao corrente da concesión do xogo, segundo o atestíguan as cartas; Villanueva Cendón agachou o libro de rexisto; Mariano Rajoy foi a Madrid na procura de "papeis" comprometedores; a concesión foi conforme á lei, avaliada pola Consellaria de Economia e coñecida polos Subsecretários... foron os pontos fundamentais nos que se apoiou Barreiro Rivas na sua comparecéncia no Parlamento para demostrar a sua non culpabilidade.

CADA 4 MINUTOS...
AEROLINEAS ARGENTINAS
A CORUÑA RESERVAS TELF. 21 32 11

A NOSA TERRA

ANO XII • 16 DE FEBREIRO • 1989 — Nº 375 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

PROFISIONALIDADE E PRÁCTICA COMPOSITIVA NA GALIZA

(INTERVENCIÓNS NUNHA POLÉMICA INVENTADA)

XOÁN M. CARREIRA

Na aínda pouco coñecida paremiloxia galega existe un divertido refrán: *O falar non ten cancelas* que coñece nestes tempos unha aplicación extensiva. No meu eido, a História da Música na Galiza, poderia ser resposta a moitas das cousas que se len ou se escoitan e vou adeprendendo que a musicoloxia se escrebe para ser lida polos musicólogos e que pouco se gaña correxindo ignaros ou chamando estúpidos aos parvos. As opinións divídense en duas clases: as fundamentadas e os orneios e das segundas non paga a pena se ocupar. Outra cuestión é a dos gostos e das valoracións subxectivas de cadaquén, que non percisan de fundamento lóxico.

De cando en vez surxe un debate bastante inconsistente sobre a valoración estética dos compositores históricos da Galiza, e chámoo inconsistente pois non chegou xamais nen aos congresos nen ás revistas de musicoloxia e rara vez vai máis alá da entrevista xornalística ao intérprete ou ao criador. Argumentar que gostar ou disgostar de *Negra Sombra* é do mesmo rango que falar sobre de se o Ulla vai ou non coa empanada de raxo seria correcto se a cousa non fose máis lonxe da expresión de gosto e non introducise cuestión de valor. Cadaquén é moi libre de gostar ou non de Gaos ou Montes, de Rossini ou Mozart, do queixo de San Simón ou do Camembert.

O grave é o manifesto desexo de levar a água ao próprio rego cando se está a falar destas cousas. A incomprensíbel necesidade de xustificar a própria ignorancia, de querer ser pioneiro ou de manifestar *"finura"*, leva non só á descalificación indiscriminada de dez séculos de história musical: *Na Galiza nunca houbo compositores;* senón á matización moral desa descalificación: *Os que houbo non eran profisionais, xa que logo eran maos.* En calquera dos casos xustifícase a negación da própria história e a subsequinte negación da própria identidade. Non é caso illado xa que aínda temos que ler e escoitar sobre a auséncia de escritores, arquitectos, astrónomos ou economistas galegos.

A diferéncia reside na calificación moral: a *profisionalidade* semella a medida da calidade na criación musical mentres non o parece na literária ou na plástica. Desmontar a falácia do argumento é ben doado, Albinoni, Gesualdo ou Mendelssohn non foron profisionais xa non da composición senón da música, e todos podemos dicer de corrido bastantes profisionais da música de calidade menos que noxenta. Di Filgueira que os artistas se dividen en catro grupos: **1º)** Os que saben e teñen bon gosto. **2º)** Os que saben pero non teñen bon gosto. **3º)** Os que semellan saber pouco pero teñen moi bon gosto e **4º)** Os que nen saben nen teñen bon gosto. Eu sei menos e son menos refinado que Filgueira e farei unha comparanza menos aguda —e ademais emprestada. Nisto da criación artística pasa como no amor, a profisionalidade ten que ver exclusivamente coa retribución polo traballo pero non é garantia nen de calidade nen de cantidade.



Doutra banda, o argumento non é só sofismático. Ademais parte dunha mentira. Montes, Chané, Veiga, eran profisionais da música e a música foi a sua exclusiva adicación profisional. No caso de Chané isto é certo tanto na Galiza como na emigración cubana. Andrés Gaos foi un concertista de violin de prestíxio internacional. Xesus Bal y Gay, catedrático de música na Universidade de México. Alberto Garaizábal, organista na igrexa dos xesuítas e docente. Gregório Baudot, director da Banda da Marina de Ferrol. E a totalidade dos mestres de capela das catedrais e as colexiatas da Galiza foron profesionais con dedicación exclusiva ao seu traballo. Martín Códax probabelmente fose tamén profisional como o é Xoán Viaño, por pór dous exemplos extremos no tempo. Xa que logo, a polémica sobre a profisionalidade non é só estúpida; os participes nesa polémica minten descaradamente.

O máis preocupante da cuestión da Historia da Música na Galiza é o progresivo alonxamento entre a preséncia desta história no corpus de coñecimento actual sobre música ocidental e a visión que se está a servir na Galiza. No ano 1987 publicáronse, segundo Liliana Barreto de Siemens, 427 artigos relativos á música nas autonomías de España; deles 23 (o 5,4%) referíronse á Galiza. Dos 23 só publicaron 10 na Galiza e catro non tratan da Galiza, son simplesmente editados na Galiza; loxicamente non contabilizo as Cantigas de Santa Maria por non ser Música da Galiza. Dos publicados fóra da Galiza oito son conferéncias en congresos internacionais, catro artigos en revistas de musicoloxia, e outro é un artigo sobre Rubinstein e A Coruña nun catálogo de exposición.

No mellor dicionário de música do mundo, o *New Grove* (London, 1980) figuran os seguintes nomes da música na Galiza: *Adalid, Almeida Mota, Bal y Gay, Carrión, Martin Codax, Códice Calixtino, Chiodi, Cifuentes, Cuellar, Fernández-Cid, Furió, Iglesias, López Calo, López Jiménez, Muelas, Roel del Río, Santiago de Compostela, Mariano Tafall, Vaquedano e Yanguas.* Desde a redacción desta obra monumental moitas cousas se coñeceron e de seguro que na actualidade engadirian polo menos a *Gaos, Quiroga, Rábago, Salvado, Torres-Adalid e Varela-Silvera,* logo *Ottein.* Se consultamos os dicionários recentes noutros idiomas, poderemos atopar listas semellantes. E destes nomes, os merecentes de meirande atención bibliográfica son os medievais e máis *Adalid, Bal y Gay, López-Calo, Roel e Vaquedano.*

Até aqui a realidade do interese pola música na Galiza pola banda dos historiadores da música no mundo. Deixo para o leitor a reflexión sobre a inexisténcia de moitos —da prática totalidade— destes nomes para os que tentan pontificar sobre a música que houbo e que hai na Galiza. Maxinan de que alguén descalificase a Rosalia por non seres profisional da poesia?, ou que outro tentase protagonismo dicindo que denantes de el nunca houbo prosa en galego? Pois na música temos que aturar semellantes bestas e dicir que chove. □

TRES EN RAIA

GUAPOS, PODEROSOS, INFELICES

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Agora, cando se fala de comunicación xa non se pronúncia a palabra ideoloxia, estase deixando de pronunciar a palabra democrácia e de aqui a pouco tempo xa nen se pronunciará a palabra cultura. Advertíunolo Miquel de Moragas nun simpósio de políticas informativas, recén concluido en Madrid, e no que nos sentiamos tan criticamente críticos como solidariamente inecesários.

Porque agora, cando se fala de comunicación, fálase de negócios: anúncios máis modernización, e gábase a entrada de capital foráneo no ámeto da prensa, a preséncia —por fin!!— dos grupos Hachette, Maxwell, Bertelsmann e gábase no futuro a transculturización.

Agora un meio de comunicación é de sucedo se traga e reproduce os clichés repertoriados dunha fórmula que é a do entretimento, para unha audiéncia estanca e estática, enganchada neso de ler apresa a prensa, e a ver desde o sofá a TV de presa. Fórmula para unha audiéncia universal, idéntica, anacional, estúpida, médio-pensionista, seducida pola variedade de concursos no que alguén lle di, como nos báteres do Café Imperial: "Oiga, se la meneo?", e non sabe se é mellor dicer "Não, obrigado" ou simplesmente "Grácias" por ver que pasa.

Por primeira vegada a prensa non se reclama xa servício público, perdeu o seu recato liberal, non se quer ben comun. A prensa é xa negócio a secas, está ao servício da publicidade e afortala a sociedade do ócio que é en realidade a sociedade do sillón e o mando a distáncia.

A publicidade representa o 70% dos ingresos da prensa e en compensación a prensa está disposta a seguir o mandato do vice-presidente da *Mobil Oil* que, en Madrid, non hai moito referiuse aos xornais como un lugar para anúncios que se poden rodear dalgunhas notícias.

É adorábel este papel da prensa. *Soap opera* da sociedade modelada polos meios, sector especulativo do capitalismo de organización, espácio para a impostura através da imaxe sintética, da maquetación, das córes pastel, dos dominicais en família, da senténcia rápida, da espectacularización.

A prensa, novo producto serial imitando á televisión, é xa un outro cliché como o son os protagonistas das séries de éxito, os "Dallas", os culebróns das séries da televisión: que son guapos, teñen cartos, pero non son felices. □

BANDA DESEÑADA





VOLVER AO REGO

Segundo os dados proporcionados polos próprios partidos, o PP conta na Galiza con 250 mil militantes, o PSOE con 75.000, CG cifra os seus membros en 40 mil e o PNG en 25 mil. O PSG-EG ven de anunciar que só no último mes tivo mil novas afiliacións.

Para que logo digan que neste país a xente pasa de política. □

Public. Diaria - 30

A NOSA TERRA


ANO XII • 16 DE MARZO • 1989 — PERIÓDICO GALEGO SEMANAL — Nº 379 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

A TRADICIÓN DE PAÍS ALIMENTÁRIO PODE FORNECER TAMÉN A ALTERNATIVA ECONÓMICA DA GALIZA

ALIMENTACIÓN: UNHA SAIDA AO FUTURO

A calidade e consecución dunha imaxe diferenciada, atraves dunha séria promoción do produto alimentário, que a administración debe comprometerse a apoiar, xunto co imprescindibel pulo asociativo dos produtores garantirian a alternativa e o futuro da agricultura e por extensión da economia galegas, hoxe seriamente ameazadas tamen neste terreo polas multinacionais, nomeadamente francesas, que xa controlan o 40 da distribución alimentária.



A oposición dacordo na gravidade do momento

A intervención de González Laxe no debate sobre o Estado da Autonomia, non se axustou ao seu anúncio de pretensións: fixar as posicións globais de cada quen. Pola contra foi un relatório, sacado da campaña propagandística de "Tempos Mellores", pero con síndrome eleitoral, por moito que tentase polo seu horizonte en 1993. **(Páx. 5)**

O BNG acordou impulsar o proxecto unitário

Para intentar definir a IV Asamblea do BNG através de seleccionar certas situacións como instantáneas cuase fotográficas, teríase que escoller, en primeiro lugar, o salón do "Gran Teatro" ateigado de xente, os anfiteatros totalmente ocupados e o vestíbulo repleto de militantes e simpatizantes. A afluéncia desbordou as previsións da própria organización. **(Páx. 6)**



Sinfonia de horror e tópicos en Chantada

Un crime múltiple convertido por boca dos meios de comunicación nun tópico da "falla de modernidade". A traxédia de Surribas máis que demostrar atraso ou unha especificidade do mundo rural ou da Galiza, non demostra máis que as desgrácias cometidas pola loucura. **(Páx. 9)**

I Congreso de Escritores en Língua Portuguesa

Do 1 ao 3 deste mes tivo lugar na Fundación Gulbenkian de Lisboa o 1º Congreso de Escritores en Língua Portuguesa, ante o descoñecimento dos meios informativos da Galiza e ainda que a representación galega foi a encarregada de representar a todas as delegacións exteriores — escritores de máis de sete países— na sua intervención ante o pleno do Congreso. **(Páx. 15)**


CADA 4 MINUTOS...
AEROLINEAS ARGENTINAS
A CORUÑA RESERVAS TELF. 21 32 11

A NOSA TERRA

ANO XII • 16 DE MARZO • 1989 — Nº 379 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

VOLTAR Á IDADE MÉDIA?



CARLOS BARROS

A chea de veces que dicimos que iso ou aquilo é voltar á Idade Média, querendo aldraxar asi todo o que nos semella atraso, intolerância ou sinxelamente barbárie. Por exemplo, nestes dias Jomeini e o integrismo musulmán condenando a morte a Rushdie por escreber un libro. Sen embargo, cómpre sermos exactos: a persecución por motivos relixiosos, na España, é máis ben unha obra do Estado moderno, a saber, toma de Granada, expulsión dos xudeus, Inquisición, contrarreforma católica... Calquera sabe que, pésie á reconquista, a convivéncia cultural e a tolerância cotiá entre cristianos, mouros e xudeus, foi unha boa realidade medieval, sinaladamente no reino da Galiza, onde, por exemplo, a Inquisición non entrou até finais do século XVI.

O caso é que ainda que se teñan coñecimentos históricos, un é escravo da linguaxe, desa sorte de armacén de ideas e lugares comuns herdados que cadaquén precisa empregar para que os demais on entendan. Levamos cincocentos anos repetindo coma parvos o conceito da Idade Média que tiñan os humanistas que inventaron tal nome para se referir aos mil anos que van do século V ao século XV: época de tebras, ignorância e brutalidade que média entre a Antiguedade clásica e o seu Renascimento. Sen dúbida daquela dita imaxe negativa e alcumante do medievo —o nome permanece porque reflexa tamén a homoxeneidade social do período histórico que chamamos feudalismo— xogou un papel positivo, progresivo, non somente no eido cultural: hoxe en dia élles un anacronismo, mais ainda se consideramos que entrementres a história fíxose ciéncia, o que debe imunizarnos fronte a chata contrária, a idealización da Idade Média.

A historiografia do século XIX, romántica e nacionalista, redescobre e louva os valores da época medieval —entre nós Vicetto é ben representativo—, a miúdo de xeito acrítico, coadxuvando grandemente á conciéncia que a história actual ten sobre a tremenda importância do feudalismo e da Idade Média para coñecer as orixes do capitalismo, da modernidade e das nacións europeas.

O renovado interese pola Idade Média que estamos neste intre a viver, nalguns países, garda relación coa recente recepción colectiva dos límites e contradicións da época ca idea da modernidade. Sabedores de que os avances científico-técnicos tanto crian como poden destruir, que o progreso humano non sempre segue a liña recta: hai que coñecer como era o mundo antes de que o capitalismo e o Estado dominasen, antes da aparición do Leviatán, para desta maneira preservarmos e defendermos mellor os logros modernos fronte o nihilismo, o irracionalismo e o eclecticismo que propagan alguns en nome dunha chamada postmodernidade.

Este coñecimento anovado dos tempos medievais prodúcese entre nós através da literatura cáseque exclusivamente —fenómeno mesmo anterior á novela de Eco—; mentres que en países viciños como a Francia lense además libros de história medieval: 200.000 exemplares vendéronse por exemplo de *Montaillou, village occitan, de 1294 á 1934 de* Le Roy Ladurie, unha obra de investigación antropolóxica editada en 1975 (traducida pola editorial Taurus, en 1981). O escritor e leitor síntense atraídos por un tempo distante pero real, por unha realidade pretérita de grandes ideais e créncias, vasalos e señors, cabaleiros e fortalezas, frades e herexes, que trasladada aos tempos de hoxe resulta talmente unha realidade inventada, o terreo máis fértil para unha obra de ficción... e para coñecer a nosa infância nacional, social e cultural. Todo o cal nos ven recordar en parte os rasgos do auxe do medievalismo romántico, cunha avantaxe ao noso favor: a finais do século XX estamos en condicións de coñecer o pasado medieval, e até de o divulgar, con maior precisión científica. Prescindir dos estudos históricos rigorosos para achegarnos á Idade Média amosa unha caréncia cultural colectiva, unha falla preocupante na identidade histórica da nación, asi como de seguro unha deficiéncia dos próprios historiadores de profisión á hora de escoller os temas da sua investigación e de espallar os seus resultados fóra dos meios académicos, cumprindo asi debida e plenamente coas obrigas da sua función social.

Portugal é outro exemplo dunha historiografia medieval que interesa e se difunde abondo alén dos círculos de especialistas sen perder o seu nível científico: verbigrácia, José Mattoso, *Identificação de um país*. Ensaio sobre as origens de Portugal, 1906-1325, Lisboa, 1985.

A cuestión reside en que o investigador lle faga á história, entre outras, as mesmas perguntas que lle pode facer o home comun, e en primeiro lugar a seguinte: como nasceu a nación? Malfadadamente a historiografia hispana actual, a diferéncia — e se callar por reacción— dos excesos ao respeito da história franquista, non está casemente a procurar as orixes do Estado español, da sua diversidade nacional, da suas contradicións, na Idade Média, nos tempos en apariéncia máis remotos pero máis libre da presión abafante da história presente e máis definitivos, sen dúvida, para entendermos a España de hoxe. Cataluña, e máis recentemente Andalucia e Astúrias, sen embargo tentaron e tentan nos seus ámbitos nacionais ou rexionais respectivos reconstruir o momento histórico da sua constitución comunitária. E nós?; non seria pouca cousa que nos puxésemos de acordo na pertinéncia e na utilidade actual de nos cuestionar sobre as nosas raíces históricas pondo o acento na época medieval.

Portugal formou coa Galiza unha só unidade nacional do século V ao século XII, daí que galegos e portugueses teñamos unha história altomedieval comun, podendo ler nos libros de história do país viciño parte do que aconteceu na nosa infáncia nacional cunha perspectiva verdadeiramente inédita e surprendente se a comparamos coa historiografía española e ainda coa galega, toda vez que os galegos estamos lonxe de perguntarmos colectivamente: como nasceu Galiza?, dito doutra maneira, como eran os homes da Galiza medieval como colectividade diferenciada, nacional? Hai que voltar á Galiza medieval —non só coa imaxinación— para vermos como se funda a nosa língua e literatura; como dá os seu primeiros pasos certa conciéncia nacional, a identidade política própria —o reino da Galiza desde os suevos até a revolta irmandiña—, a Xunta da Galiza; como senta as suas bases e evoluciona un sistema feudal que logo atranca o posterior desenvolvimento dunha Galiza capitalista; etcétera.

Certamente, sen estudar a Idade Média non poderemos apreender as nosas raíces históricas, obxectivo preciso para comprender o presente e pensar en futuros diferentes, futuros onde a base de coñecer o pasado ninguén nos poda dicer que son soños imposíbeis, que o que conta é un *hoxe* xa que logo imobilizado, pois asi contrastaremos historicamente avances e retrocesos, realidades diferentes en épocas diferentes. E necesário relativizar o momento presente colléndoo desde a distáncia e a obxectividade da história, a ciéncia do cámbio. Pero para ter, e criar, conciéncia e coñecimentos históricos cómpre saber que a conxuntura mental, ideolóxica, universitária, non o favorece na actualidade: poténciase o interese pola tecnoloxia e as ciéncias aplicadas en detrimento e en contraposición coas ciéncias sociais e das humanidades, pola história imediata e contemporánea en detrimento e de contraposición coa história verdadeiramente pasada.... □

TRES EN RAIA

PLUMAS DE ABUTRE

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Na Índia, onde os abutres teñen ánima porque neles se reencarnan os humáns, os abutres andan pola rua ao teu pé, alzan médio metro do chan e como os abutres están fartos de triturar cadavres nen se decatan de que ti vas indo. Pero acó, no Occidente, non é costume pasear con abutres.

Acó os abutres non se reencarnan, açó os abutres teñen forma humán.

Son bos fotógrafos, son bos xornalistas, son a cabeza editora da prensa que converte a morte en espectáculo negociábel. Son a restra de comentaristas-hixienistas, que non entenden nada do mar e da montana e que coidan que a solución á a "modernización". Seguramente para eles modernización é ter que pagar millóns para rexistar unhas terras nas que traballar, como lle pasaba ao Paulino.

Os abutres acó son os espeluznantes abracadabras, reportes da televisión; os abutres acó son os enviados especiais de prensa española que trabucan nomes e situacións, como adoita se facer sempre coas tribus. Os abutres acó son os que só veñen á Galiza cando cheiran algo que importar a baixo précio para os seus dominicais de culto familiar.

Abutres son os que utilizan os nosos crimes —e que eu incorporo á situación do meu país; nunha Galiza ceibe os crimes non serian asi— para catequizar sobre o que non se debe facer, porque eles matan ás escuras e por dividendos, como chimpou escuramente o Vaticano a Calvi. Os abutres son os que para encobrir os seus crimes, a sua expoliación, recorren sempre aos nosos. E sae Galiza na televisión representada polas fechorias que cada ano facemos.

Díxollo ao Eiré un popular aló, en Surribas, cando lle perguntou: "E logo, que pasou?", "Nada, que o alcalde saiu na televisión, que se lle vai facer. Máis morreron no 36".

E este popular dicia verdade, verdade nosa, verdade de situacións tráxicas que existen fóra da literatura, que son parte dos nosos afectos coma todos os erros que cometemos, e que nos teñen ainda prostrados, verdade que nós sabemos e que nos dí que a doenza mental é verdade e que se pode manifestar asi porque quizaves hoxe sexa máis difícil recorrer ao Corpiño que de tantos demos nos librou. Verdade de Paulino purificándose polo lume coma o lobishome, verdade da Galiza colonizada e de non darmos topado de fronte co nemigo: cos que nos condenan á escravitude da auto-inmolación, os que queren que sexamos sempre culpábeis. □

VOLVER AO REGO

Cada vez que o mundo rural é noticia, case sempre por causa dun crime ou do nascimento dun porco de cinco patas, —por algo os meios de comunicación son de cidade—, unha estraña vergonza comeza a mostrarse nas fazulas do vilego. É coma se se perguntase a razón de que, a estas alturas, ainda haxa vacas.

O labrego ven sendo algo asi como un aborixe australiano que sobrevive, pesie aos esforzos modernizadores de González Lacse.

Calquer dia algun galego, teimoso en disfarzarse de branco, como Michael Jackson, acabará por acuñar a expresión: "Eu non creo nos galegos, pero haber hainos". E o lema causará furor nos meios da capital, convencidos, como o estiveron sempre todas as metrópoles, de que non hai povos *diferentes*, senón xente *rara*. □

Public Diária 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XII • 27 DE ABRIL • 1989


Nº 384 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

BAIXO NÍVEL DE CALIFICACIÓN, PRÁCTICAS EN CONDICIÓNS DE SUB-EMPREGO IMPOSIBILIDADE DE CONVALIDACIÓN...

FORMACIÓN PROFISIONAL: ENSINO PARA PROBES

A empresa privada terá ainda máis poder sobre o nova Educación Técnico Profisional da que exercia sobre as FP. As práticas na indústria, que hoxe dan pé a contínuas situacións de sobre- explotación poden converterse nunha forma permanente de sub- contratación.



M. SENDÓN

Bule-Bule



As comunidades de montes contra o proxecto da Xunta

Representan un vestíxio de propriedade democrática que governa máis de 600.000 hectáreas de montes galegos, que precisan dunha ordenada e urxente explotación. Bocado tan suculento, que despois de décadas nas que estivo expropriado, revertiu aos veciños que agora se organizan para modificar un proxecto de lei que a Xunta quer aprobar introducindo vias de privatización. **(Páx. 7)**

Presos políticos ao borde da morte na Alemaña

A folga de fame de perto de cuarenta presos políticos alemano-ocidentais, alguns dos cales permanece neste estado desde primeiros do mes de Febreiro, ameaza con causar as primeiras mortes se o estado alemán federal non acede ás peticións dos presos de rebaixar a dureza do encarceramento.

(Páx. 13)

X. L. Muruzábal: a unidade do sindicalismo nacionalista é vital

Un dos sindicalistas máis activos de A Coruña chámase Xosé Luis. Pero nos locais da CXTG é frecuente escoitar "Muru" en multitude de ocasións.
Ante o primeiro de Maio conxunto di que quen máis gana é a política nacionalista e sobre a futura unificación sindical dos sindicatos galegos, "se fóra por mín, mañá mesmo".

(Páx. 10 e 11)



CADA 4 MINUTOS...

AEROLINEAS ARGENTINAS

A CORUÑA RESERVAS TELF. 21 32 11


A NOSA TERRA

ANO XII • 27 DE ABRIL • 1989

Nº 384 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS





LUIS SEOANE: ÉTICA E HUMANISMO NA GALIZA CONTEMPORÁNEA

XAVIER SEOANE

O décimo cabodano da morte de Luís Seoane que actualmente estamos a celebrar é un bó momento para realizar unha releitura profunda da sua obra, albiscar algo mais do inesgotável labor que realizou en múltiples campos, e dar á sua figura e a súa obra a relevância que indudavelmente teñen no contexto da nosa cultura contemporánea.

Con efeito, cada dia que pasa, e a medida que se van desvelando facetas inéditas da sua obra ou profundiza-se nas xa coñecidas, a sua persoalidade axigantase. Mentres vellas figuras do galeguismo histórico —vivas unhas, outras mortas— resisten malamente o paso do tempo e a revisión crítica que sobre as suas obras se pode fazer con certa perspectiva, Luis Seoane aparecese-nos cada vez como unha das mentes mais lúcidas, éticas e inovadoras da Galiza contemporánea e como un dos artistas mais polifacéticos, fondos e peculiares.

Para falarmos dele, teriamo-nos que referir en primeiro lugar, como fixo xa Blanco-Amor hai muitos anos na revista (precisamente dirixida por Luis Seoane), "Galicia emigrante", á sua dimensión de humanista, á condición polifacética da sua personalidade, a unha curiosidade universal e a unha vária criatividade, que o perfilan como un home de visión e amplitude renacentistas no seio da contemporaneidade, realizando, ademais, cada faceta por ele encetada, con brillantez e aportacións destacadas.

Para chegar a esa dimensión humanista, movia-o a paixón intensa que acompañou toda a vida e a vocación indesmaiável ao esforzo e o desalento que mesmo nas condicións mais adversas de exílio e emigración tivo que padecer. Paixón para chegar aos amplos coñecimentos que posuia nos mais diversos campos e paixón lúcida e orixinal para dar aos acontecimentos sempre unha interpretación persoal.

Esta paixón tivo, para se desenvolver, unha motivación central, sostida, básica: Galiza como tema e como teima. Todo o seu mundo achava a súa finalidade na preocupación social, política, histórica e cultural do seu país. Nele prevaleceu o enfoque colectivo sobre o individual, o altruísmo, a xenerosidade e o desinterés proxectados sobre un intento de plasmación globalizadora de Galiza e de todo o que ela puidese abranguer.

Estas reflexións, que estamos afeitos a ouvir, como lugares comuns, á hora de falar de muitos artistas, políticos ou intelectuais do país, nele atinxian unha evidéncia integral, pola capacidade de compromiso e o nível crítico e combativo polos que sempre se distinguiu.

Cando sobreveu a guerra civil, deu-se ao trasto con unha dinámica social, política e cultural no país galego, que probavelmente teria devolto a Galiza as rendas do seu próprio destino. Entre o variegado aluvión ideolóxico e xerazonal que labourava na Galiza da República, a Seoane hai que sitúa-lo entre os mais progresistas e vanguardizadores, entre aqueles que tiñan unha visión mais vinculada aos tempos que internacionalmente corrian, e, ainda respeitosa co pasado e a identidade do seu povo, das mais inclinadas a reformulá-los en termos mais rupturais, audazes e renovadores.

Mas o exílio, como a muitos compañeiros que pensavan como ele, arroxou-no, desconectou-no longos anos do país e das novas xerazóns. Con Dieste, Lorenza Varela, Arturo Cuadrado, Otero Espasandín, Díaz Pardo, Carlos Velo, Soto, Arturo Souto, Baltar e tantos outros, teria constituido a vangarda talvez mais renovadora e a xerazón ponte con Brais Pinto e os intelectuais progresistas que xurden a fins dos cincuenta e inícios dos setenta en Galiza.

A sua auséncia, xa cinguindo-nos tan só ao terreo da arte, privou-nos da viciñidade do mellor teórico da arte galega que deu o século XX, apesar de que hoxe teñamos que someter a revisión o seu pensamento neste terreo, por ficar insuficientemente para a visión da complexa arte galega do noso tempo, asi como por ter evoluido intensamente a situación histórica e a dinámica criativa nos últimos tempos.

Como artista, podemos destacar a relevância que outorgava, na sua concepción artística, á vinculación home-meio, que o levava a formular unha relación de fidelidade entre o indivíduo e o meio que habitava, através da qual se chegava a unha identidade co entorno. Esa relación co entorno criava un subconscente colectivo ao longo da história que convertia ao artista en "transmisor" desa identidade que se formulava, para ele, en diversas claves, sinais ou invariantes.

A Seoane compre sitúa-lo entre aquelas figuras que acreditaron na existéncia dunha escola galega de pintura, da que ele formulou as suas claves: temática, certo rudo lirismo, prazer pola cor, barroquismo, liña envolvente, ironia, humor, sentido cósmico, ternura, liña atlántica ao longo da costa... entre outras.

O seu labor imenso non só abrangue a sua obra como pintor, senón o seu labor de gravador (pensemos que algun dos seus exéxetas consideran ainda superior esta faceta sua), deseñador de cerámica, de tapizes, deseñador gráfico, debuxante, ilustrador. Bastarian estas facetas para avaliar a sua prolífica e interesante obra, conectada co espírito da arte do noso tempo, ainda que realizada con un selo próprio. Mas se a iso engadimos o seu labor como poeta e dramaturgo, o seu labor como fundador de revistas e editoriais, o de ensaista, xornalista, home de rádio e revistas e o tan relevante nele de axente sócio-cultural —tarefa que realizou con unha sorprendente imaxinación e oportunidade—, teremos o perfil dunha figura que entregou o mellor do seu esforzo á tan necesária e improrrogável reconstruczón política, social e cultural de Galiza. O seu exemplo devén, pois, altamente emblemático de cara ao labor formartivo e operativo das xerazóns a ele posteriores. □

TRES EN RAIA

PONTO FILIPINO

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Un filipino é unha persoaxe cativa, de pantalóns de tergal azul mahón, ainda que o tergal sexa un tecido ben diferente do mahón e só se identifiquen porque o pantalón vísteo un filipino. Un filipino é unha persoaxe que anda a modo pero que desaparece deseguida como se non andase por nengures. Eu vexo filipinos pola Barceloneta pero é como se non vise a ninguén porque os filipinos non teñen paraxe e cociñan que nen Dios a carne de can leitón até facela confundir con carne de año estilo Magreb. Os filipinos teñen os seus criadeiros de canciños para consumo doméstico en Gavá, a uns quince quilómetros da urbe olímpica pola autoo-estrada de Castelldefells. E por mor dos canciños criados con mimo a xente ás veces desconfia das criadas filipinas, e pensan que as galegas serán máis de fiar. Pero agora veñen contadas e as fillas de emigrantes, as que deixaron Galicia na dourada época do Governo Opus que Woytila venceu, estudan todas Veterinária e non queren servir. Porque o acento filipino é agudo púxose de súpeto de moda o acento galego. Eu coido que é por iso, porque mentres mercas unha tarta na Confitaria "Mauri", a de máis xinea da cidade condal, a patrona diche que de onde es, porque ela tivo unha criada da Galicia e gosta moito do sutaque. Un filipino non é moi diferente doutro emigrante, o que pása é que disimula pior a sua falla de paisaxe, ten o cabelo máis preto e alisado e ás galegas, con esta humidade, o cabelo pónsenos fosco. As criadas filipinas son católicas ferventes e practicantes. Servian antes no Irán do Sha, eran aló moi apreciadas pero liscaron porque ficaron sen explotadores, sairon raseiriño até Alemánia e entran clandestinamente na antiga metrópoli, en España. Traballan para escritores famosos, para *designers, para yuppies*. O xoves á tarde xúntanse moreas delas na Praza de Cataluña e fan compras persoais en "El Corte Inglés".

VOLVER AO REGO

O buque *Cason*, ano e médio despois do acidente, segue a provocar explosións. Que ninguén se alarme, especialmente os pescadores da zona. Andrés Moreno Aguilar, governador civil da Coruña nas datas de autos, e na actualidade Conselleiro da Autonomia Balear, non quer nen falar do asunto. Os políticos xa se sabe que están aí para gardar siléncio.

Temos para nós que o dos bidóns é un castigo bíblico para os que nos governan e estoupan agardando que alguén dimita ou o cesen. Ou sexa que haberá estoupidos para rato. □

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

Public Diario 30

A NOSA TERRA

ANO XII • 18 DE MAIO • 1989 — PERIÓDICO GALEGO SEMANAL — Nº 387 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA. 175 PTA. (CON SUPLEMENTO)

BIBLIOTECA UNIVERSITÁRIA DE SANTIAGO

17 Maio: *Caderno* con este número



Declaracións dos pais de Susana Poças

"Como querem que aceitemos que ela, epiléptica desde os seus 17 anos e sempre doente, possa ser gerrilheira ou estar implicada com um grupo dessas práticas?" Há muito de profundamente sentido nestas afirmações dos pais de uma mulher de 27 anos, portuguesa do Norte. **(Páx. 12)**

Crónica cidadana do cúmio da Toxa

Son os amos do mundo capitalista e viñeron fixar a política a realizar nos próximos anos e a darse uns dias de boa vida: a Xunta subvencionoulles a estáncia con cinco millóns. Os viciños de O Grove, que agardaban a chegada dos membros da Trilateral pensando que deixarian un bo número de pesos, vironse decépcionados e agora pensan oporse a actos semellantes. **(Páx. 5)**

Reacións ao fio da entrevista Nogueira-Fraga

A entrevista entre Fraga Iribarne, Secretário Xeral do PP, e Camilo Nogueira, que ocupa o mesmo cargo no PSG-EG, celebrada o dia 12 de Maio, levantou un remuiño político, con críticas unánimes desde os demáis partidos contra o líder nacionalista, ao que acusan de servirlle de *cabeza de ponte* ao ex-ministro franquista. **(Páx. 5)**

EDITORIAIS FORÁNEAS COPAN OS MERCADOS MÁIS RENDÁBEIS E BLOQUEAN AS TRADUCIÓNS

A FEIRA EDITORIAL



ANXO IGLÉSIAS

A concentración da propriedade editorial, coa entrada de grupos estranxeiros, a tendéncia crecente ao bloqueo dos direitos de tradución nas novedades, unha dependéncia intensa do libro de texto, un baixo índice de leitura, un labor pouco intensivo da administración nun contexto lingüístico agredido,... son alguns dos retos que o negócio editorial galego ten que atender coa vista posta na entrada no mercado único e a crecente preséncia das editoriais españolas na Galiza xa non só no libro de texto.

CADA 4 MINUTOS...
AEROLINEAS ARGENTINAS
A CORUÑA RESERVAS TELF. 21 32 11

A NOSA TERRA

ANO XII • 18 DE MAIO • 1989

Nº 387 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

INTERROGANTES A UNHA POLÍTICA CULTURAL

ANTÓN CRUZ FREIRE-FRANCISCO SALINAS

Ultimamente os máximos responsábeis da política cultural da Administración Autonómica teñen saído aos Meios de Comunicación para explicar e valorar a sua própria xestión. Isto dá oportunidade aos grupos sociais máis directamente implicados no traballo cultural galego a opinar e prantexar alguns interrogantes sobre esa política que tan directamente nos afecta.

Talvez a primeira cuestión sobre a que se deberia reflexionar é a da normalización cultural, o seu conceito e as suas prioridades, dado que, a "normalización" ten que ser o obxectivo de toda acción cultural. Sabido é que o principal problema cultural do país é o da normalización lingüística; neste sentido, non deixa de preocupar-nos a opinión do máximo responsábel da Consellaría cando transfire o labor normalizador, omitindo, por outra banda, a responsabilidade que lle corresponde ao poder político e institucional de criar as condicións para que as iniciativas sociais normalizadoras existentes se desenvolvan e adquiran unha aceptación social xeral; asi como tomar tamén iniciativas próprias nesta dirección cando cumpra.

Sendo, como é, a cuestión lingüística paradigma da situación cultural do país, poderíamos extender o anterior ao conxunto da acción cultural, e desta maneira constatamos que as iniciativas de base neste campo non atopan o eco que precisan na Administración para se desenvolver. Nen esta adopta as medidas para que outras novas xurdan.

Fundamenta-se esta opinión nas prioridades que se fixa a actual equipa xestora da Consellaría, e que poderíamos resumir da seguinte maneira.

Primeiro.- Estimamos o esforzo para dotar de infraestrutura a actividade cultural pero preocupa-nos, quer a dispersión de esforzos neste eido entre diversos organismos e administracións (COTOP, Consellaria de Cultura, Ministério, Deputacións, Concellos) quer a própria xestión desas infraestructuras, en canto que se posibilite ou non a participación das entidades culturais de base.

Segundo.— A criación de organismos autónomos para a xestión dunha concreta área cultural (Instituto das Artes Escénicas, etc.) pode ser en si mesmo positiva; ora ben o que o asociacionismo cultural de base pide e que se defina o seu espazo e a sua relación coa actividade similar que eventualmente se poda realizar no seo das asociación culturais; asimesmo, e como no caso anterior, preocupa-nos a participación na xestión e o acceso aos bens culturais producidos desde estes organismos polas entidades de base. Aliás, o perigo de funcionarización da cultura que se pode xerar desde estes organismos é evidente.

Terceiro.— Unha parte importante do proxecto cultural da Consellaría e o programa "Cultural Galicia" e os "Circuitos Culturais", no marco dunha concepción da democratización da cultura entendida como unha resposta asistencial institucional para a participación e disfrute da cultura consistente en promover programas de cooperación cultural cos concellos ao considerar estes como a estructuras políticas máis próximas aos cidadáns e criando "instáncias culturais locais que actúen a xeito de rede" dirixidas polos "próprios técnicos de cultura".

Sen entrar pormenorizadamente, neste e noutros temas, simplesmente sinalaremos algunhas obxeccións que desde o asociacionismo cultural galego se lle apontan:

a) Estimando que as entidades máis próximas aos cidadáns son aquelas das que a própria sociedade civil se dota, resulta inconcebíbel, que se deseñe unha política cultural á marxe e que marxina ás asociacións culturais. Considerando, ademáis, que unha política cultural da Administración Pública en relación ao asociacionismo cultural, non pode estar reducida á episódica concesión de subvencións, por outra banda insuficientes, obviando outros aspectos.

b) O problema de dirixismo cultural real que se prantexa coa criación dunha rede de "técnicos de cultura" que, ao servizo dos proxectos xerados unilateralmente desde a administración inciden nas esferas de actividade do asociacionismo cultural; sen definir previamente a relación que estes profisionais terán a respeito das iniciativas promovidas desde o asociacionismo de base e en que medida este poderá usar dos seus servizos ou posuir estes recursos humanos. Sen entrar, agora a considerar aspectos como a formación, formas de acceso á profisión, critérios e sistemas de selección, status profisional e estabilidade laboral dos citados "técnicos", asuntos todos eles fundamentais tanto desde a perspectiva de contar cun servizo público independente e cualificado neste campo como desde o ponto de vista de prever unhas condicións de traballo dignas para estas persoas.

De todo isto, e doutros aspectos a considerar (política de subvencións finalistas, ausência de cauces de participación, etc.) deríva-se a principal preocupación que nos merece a actual política cultural a respeito do asociacionismo cultural de base: o entender que non sendo o fomento do asociacionismo cultural galego unha das prioridades da Consellaría de Cultura e Deportes, as iniciativas que se promoven desde esta instáncia, obviando a sua incidéncia no tecido asociativo, provocaran a sua desaparición ou a sua satelización ao respeito das directrices emanadas da Consellaria ou organismo da Administración que proceda, máxime cando nen sequer existen cauces para que os axentes sociais implicados poidan participar de forma regular na definición da dita política cultural.

Obviamente, isto colisiona co que desde á Federación de Asociacións Culturais consideramos como unha política cultural, democrática, participativa, moderna e europea; acorde coa realidade que temos e a que queremos.

A Federación de Asociacións Culturais Galegas ten apresentado nos últimos anos propostas concretas de debate e actuación ("Plan Galego de Fomento do Asociacionismo Cultural de Base", "Plan Galiza: Cultura e Participación". "Propostas para o Encontro sobre o Presente e Futuro do Asociacionismo", "Anteproxecto de Convenio-Marco de Cooperación Cultural Consellaría-Federación, etc.) incluíndo temas que van desde a financiación das asociacións até a sua participación na planificación e xestión cultural, pasando por aspectos como a formación, infraestruturas, critérios de subvención, medidas para campos concretos de acción cultural, circuitos, cauces de participación, etc. E ainda que nos consta que estas iniciativas non caíron en saco roto a xulgar pola leitura do DOG e iniciativas e artigos dos responsábeis da Consellaría o certo é que nunca se obtivo unha resposta oficial ás mesmas.

Consideramos que a política cultural a respeito das asociacións non pode ser unha actividade subsidiaria da Administración; cremos que esta debe definir o espazo que lle reserva ao asociacionismo cultural de base; ten que definir, e dice-lo, se pretende unha acción cultural que prescinda das asociacións culturais ou as relegue a esa función subsidiária; ten que fixar, sen eslogans, por que cultura e por que país, por que modelo de acción cultural aposta. Desde unha tradición de traballo de máis de vintecinco anos, o asociacionismo cultural galego cre ter consolidado un papel de dinamizador socio-cultural neste País. A nosa experiéncia, as novas propostas estan aí e cumpre non esquecer a história nen obviar a realidade para que o futuro poda ser de esperanza. □

VOLVER AO REGO

Un diário de gran tirada sinalaba, a toda páxina, a entrada de traballadores de Mafriesa no parlamento —onde non romperon un lápiz— como o maior acto delitivo do 88, xunto coa onda de asaltos a bancos.

Os Páramo, proprietários de Mafriesa, responsábeis de dilapidar vários millóns de pesetas en subvencións do estado, nunca formarán parte desa crónica. □

TRES EN RAIA

DIREITO DE DEFENSA

MARGARITA LEDO ANDIÓN

A comisión da UNESCO que redactou o McBride asentou como categòria de estudo, na información, a sua conexión cos procesos sociais e de soberania nacional. E asentou tamén o direito de defensa frente a mecánicas de dominación informativa que obstaculizan o desenvolvmento de meios acaidos en cada país e en cada fase da história, como podera selo hoxe entre nós, a obstaculización de diários en língua galega.

Os exemplos doutras nacións nas que institucionalmente se fomentan até dous xornais no idioma de seu (*Avuí* e *Diari de Barcelona*, na Catluña), ou onde existe prensa local de empresa que é monolíngue (*Punt Diari* en Girona) non chega acó nen a se contemplar. O trato de intención cualitatitva igualitária co galego pero de práctica efectiva discriminatória só se puido reflexar polo de agora nos once meses do *Diario de Galicia* e nas declaracións constituintes, xa no 77, do "Galicia" que editaria o Instituto Galego da Información.

A prensa diária na Galiza é cada dia máis un negócio de empresa, con rutinas productivas que pasan polas fontes institucionais como dominantes, pola persoeirización da información e ainda polo localismo. E é cada dia máis anacional. Por iso, nas actuais empresas de prensa, nunca poderia vir un diário que informe e opine en idioma galego.

Nós partimos na cuestión prensa de posicións que invalidan a teoria liberal dos meios-espello, dos meios-rexisto do real e entendemos aos meios como institución social, como productores de realidade, como transformadores ou como conservadores. Da relación pois entre discurso informativo e sociedade de referéncia, das suas coincidéncias ou contradicións, deduciremos a función dos meios verbo do seu entorno. E se os meios estruturan parte do coñecimento que unha sociedade ten de si —através da fixación contínua duns preceptos, dunhas temáticas— e determinan que o o público sobrevalore ou minimice o que os meios deciden — unha crise política ou o desmantelamento dun sector económico—, se a información é errada ou manipulada irá en detrimento da capacidade crítica, da posibilidade de análise e só restará deixarlle ao xornal a autoridade de nos explicar o mundo mentres medra o noso emprobecimento verbo da comprensión das cousas. Como medra o noso emprobecimento ao negárensenos o direito a un diário na língua nacional.

Máis claro cá auga.



Escoite ós nosos personaxes en Radio Vigo O.M.(8,57 e 15,05), Radio Popular O.M.(8,30 e 15,30) e Radio 5 (10,10).

Estanse impoñendo cambios profundos na maneira de servir ós cidadáns, por iso aconsellamos a tódolos vigueses que nos fagan suxerencias, nos denuncien avarías, nos pidan información. Vivimos tempos de transparencia. Chámenos ó 43 55 99.



Información: Telf. 43 55 99 **EMAVISA**

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

Public Diaria 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XII • 8 DE XUÑO • 1989

Nº 390 - APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA - SANTIAGO - DE

Segundo un Informe da Comisión de Política Rexional do Parlamento Europeu

GALIZA SERÁ MÁIS POBRE NA CEE

As repercusións do mercado interior nas *rexións menos favorecidas* agravarán a sua distáncia do resto, segundo un informe da própria CEE. Galiza entra de pleno na categoria de zona máis perxudicada. As diferéncias dentro da própria Comunidade viñan sendo un factor xa coñecido no pasado que separou ainda máis o centro das zonas periféricas como Irlanda ou o Sul de Itália. A modo de exemplo o PIB por habitante do 10 de rexións máis ricas multiplicaba por 2,88 ao 10 máis desfavorecido en 1970. Sete anos despois a disparidade alcanzaba o 3,95. Entre as 160 *rexións* da CEE dos 12, Galiza ocupaba no 1985, segundo o PIB, o posto 142.

Aqueles que viven dentro do ovo teñen menos probabilidades de estaren a traballar na agricultura ou no sector turístico ou mesmo de atopárense sen traballo, de ver ás suas familias arredadas pola emigración, ou de réceber uns soldos moi baixos, que aqueles que viven fóra do ovo. Case todas as grandes compañías multinacionais europeas (incluidos os bancos), o mesmo que a maioria das cadeas de televisión, oficinas de prensa, editoriais, etc... teñen dentro do ovo as suas oficinas centrais.



Crida: a batalla na Catalunya está no eido cultural

(Páx. 10 e 11)

Joan Manuel Tresserras, director da revista *Esprai* e Enric Marin i Otto, colaborador destacado desta publicación da *Crida a la Solidaritat*, aportan nesta entrevista elementos para comprender a evolución desta frente cultural dos Paises Cataláns que progresivamente adquire as características dun partido radical. "A *Crida à la Solidaritat* é un frente cívico que nos comezos era un movemento popular de grande amplitude no que confluian moitas identidades con preséncia de diversos partidos e un carácter notábelmente unitário dentro do nacionalismo. Progresivamente foi ocupando un espácio que se poderia definir máis claramente no espectro de esquerda"

Crónicas de China, Polónia, Arxentina e Portugal

(Páx. 11, 12 e 13)

O panorama internacional está en permanente convulsión. Os sucesos de China, cunha información que chega entrecortada, centran a atención, pero en primeiro plano segue na Arxentina —onde aumenta a crispación política e a miséria—, na Polónia e en Portugal

Cangas: sangue á espera dun novo alcalde

(Páx. 6 e 7)

ANXO IGLESIAS




A NOSA TERRA

ANO XII • 8 DE XUÑO • 1989 — Nº 390 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

UNHA VEZ ERA ANTÍGONA

LUIS MARIÑO



CALI

E hai momentos nos que incluso a literatura é oportuna, o recordo sabio, a traslación útil. Hai momentos nos que a literatura é oportuna, xa que non oportunista; é útil xa que non utilitaria; é sabia máis pola ética que pola lóxica, pola utopía, pola esperanza.

Docta spes, esperanza sabia, patria por facer, agromando ou podrecendo, tentando ser nós para non correr o risco de ser outros, tentando de berrar nación para non murmurar autonomia, tentado un futuro que está, ou non está, nos mercadiños de Europa.

María Xosé Queizán volta a Antigona, a unha Antigona do século XI e galega. A novidade, desde o punto de vista da historiografía literaria, consiste en ser galega, consistiría en ser australiana para irmonos ás antípodas. O ser nacionalista é algo de seu. Foi nacionalista en Esquilo, é fondamente nacionalista en Sófocles. Sígueo sendo en toda a traidicón occidental que nos leva século tras de século ata Anouilh, Brecht ou incluso á música que lle puso Honegger á fidel prosa de Cocteau ou á ópera de Carl Orff sobre do texto de Hölderlin.

¿Antigona hoxe?. ¿Antigona agora?. É nidiamente galega, da mán de María Xosé e da mán dos acontecementos. A *cousa pública*, no umbral de Europa, no sobrelume dunha incerta e nova lexislatura, cheira a florentinos manexos, a cativos maquiaveliños de terceira fila, a ruíns personalismos que no concerto postrenacentista a por vir siñifican pouco máis ca dous escanos máis.

Auro ne pollue forman. Pois sí, un certo nacionalismo pretendidamente honesto e lenemente de esquerda, está emporcando aos seus naturais aliados. Todo por dous escanos e seguro que con cartos de por medio. A Polinice, aos polinices, hai que lle negar algo: a dignidade ou o enterramento que outorga, instaura, dignidade. Pero a nova esquerda, os nenos ben de moda sumerxida en conflicto coa Facenda, van máis aló e o verso de Tibulo pode traducirse literal ou parafrásticamente. Dous escanos, querida Antígona, non se acadan hoxe negando unha tumba. Hai que ir máis lonxe, hai que pactar co tirano, con Greonte, incluso hai que sorrir con el na foto, no video ou na viñeta de turno.

¿Que dí Ismene?. Nada. Templa gaitas. É feble, quizais cobarde. ¿Que dí Hemón?... Pobriño, faille caso a papá, ensaia unha rebelión tan dialéctica coma descafeinada e acaba morrendo por amor. Trabucábase; por amor hai que vivir. Morrer é a suprema estupidez.

Temos que topar a clave. Antígona e o deserto de Tebas son o pretexto, a metáfora ou a alegoría. O que nos estamos xogando nós non é o dereito a unha lápida nen a un sol que nunca imos ter. O noso son as primaveiras grisentas ou os outonos improbables. Antígona está no camiño das deusas, Antígona, disque, estaba máis afeita ao amor que ao odio. Aquí, hoxe, *hic et nunc,* non temos a dicotomía tan clara. Nen amor nen odio. As néboas e as brétemas que non nos deixan ollar o largacío ollar dos faros, fechan as portas para que non poidamos albiscar algo tan nidio, tan sinxelo, como é o mesmo concepto de convivencia.

Si Antígona, temos fame de tí, temos fame dun rearme moral, duns parámetros éticos nos que tí xa non contas, ou contas menos. Xosé Manuel Beiras verqueute ao galego desde Anouilh. Logo xa non fuches pero perduraba o sustrato na perfecta, belísima traducción de *Lettres à un ami allemand.* E aínda na beleza tampouco nos serve Camus: o seu encanto resistente esvaiuse en Arxelia, a súa pureza pode sementar inquedanzas, pero nunca solucións. A patria témola que facer nós, sen referencias ou, cando menos, fóra de marcos connotativos. Sabemos o que temos, o que se nos deu, o que se nos vai dar, o que merecemos. Estamos a velas vir e case que todo é viable. Estamos con moitas Antígonas e de costas a esa ática que conseguiu fascinar ao pensamento xermánico que sigue decidindo a historia. Podemos estar contigo na cerval, case incestuosa, fraternidade. O que non podemos é pagármonos o luxo de morrer sen loitar o necesario, ou o suficiente, de morrer para fascinar.

Hai varias saídas e só sabemos —ou só sei— a que non quero. Non quero a daqueles que comulgan os domingos ao tempo que comulgan con irresistibles poderes tan fácticos como futuribles, os que son capaces de poñer "en cinta" aos seus compañeiros por un par de sillóns de plástico barato nun salón abrumado de madeira importada, dos que son capaces de ir a Europa con zocos e sen ter escoitado a Mozart.

¿E como rematar este discurso crítico, dificilmente descodificable e onde a sintaxis é case que ausencia? Sí. Unha pequena clave, o recurso á cita do sempre esquecido, en Estocolmo e en París: a Louis Aragón:

Soñei cun país onde todo obxecto de sofrimento tiña dereito a cicatrizar. Soñei cun país que se asemella á dozura de amar, á amarga dozura de amar. □

TRES EN RAIA

DE COMIC

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Cuotidania delirante de Miguelanxo Prado, foi prémio do salón do comic de Barcelona como mellor obra do ano e as suas historias, tiradas dos *fait divers* reais ou fictícios que ateigan as páxinas do diário, levábanos para a estrela debuxada nesta edición do salón: a profisión de xornalista.

Quizaves porque eu son tamén xornalista de tebeo. Quizaves porque esta xeración non tiñamos como referéncia a televisión senón a *Mary Noticias*, unha ye-ye, e ao Reporter Tribulete, que non dará nunca conseguido esa notícia bomba para o *Chafardero Indomable*, é polo que coñecemos tan ben a estas personaxes que choutan de cadradiño en cadradiño, que non se enamoran, que perden a noite na barra dun bar ou que como Frank Capa, un fotógrafo de guerra, defenden a paz e agora van para Nicarágua.


O figurino da profesión é, como sempre, Tintin. Desde as Ramblas, desde un balcón perto do Liceo, a imaxe de Bianca Castafiori, o reiseñor de Milán, condúcenos para o Palau March onde estivo a mostra "Els periodistes en el comic". Porque Tintin naceu nun diário *Le vingtième siècle* —que ten nome de almacén de tecidos— e porque a sua primeira viaxe profisional foi unha crónica desde a URSS a fins dos anos vinte, agora a fins dos oitenta Tintin fai para o *Daily Comic* un retorno á URSS e entrevista a Gorbachov que insiste en acabar coa ameza armamentista.

Deixo para a fin a miña actual preferida, Jill Bioskop de Enki Vidal que nos conta desde aló, no futuro, coa sua Scriptwalker, que lle fai ás palabras viren cara atrás, como medrou o racismo na Europa e como a liberdade persoal, no século próximo, é só para uns cantos.

Jill Bioskop, ou Taxi, a surrealista de Alfons Font, que se adica a pór en entredito ás organización sinformativas transnacionais, son debuxolas tan verdade como aquela *Mary Noticias* dos anos 60 que meu pai mercaba para min cada semana e que me fixo, en diante, desexar ser xornalista maldita. □

BANDA DESEÑADA

TOKIO



VOLVER AO REGO

Dez anos pasaron falándonos da ocidentalización China. Mil millóns de persoas facendo cola para entrar no paraiso capitalista, grácias ao intelixente, valente e reformista de Deng. Certamente o celebre restaurante *Maxim's* instalouse en Pekin, xunto con *Mc'Donalds* e outras xoias do mundo libre.

Agora, de súpeto, resulta que Deng é un duro, un asesino e un comunista (que é o pior de todo). Quizá na China son todos comunistas (que é o que non entende Ocidente), ainda que decidan o seu futuro a tiros, como, por desgrácia, se deciden todos os futuros. □

Public Diaria 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XII • 22 DE XUÑO • 1989 — Nº 392 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

O PACTO AP-CDS E A COALIGAZÓN CON PARTIDOS BASCOS CUESTIONADOS

A AUTOCRÍTICA ABROLLA TRAS AS ELEICIÓNS

O PSOE, que perde votos pola esquerda, gaña os do conservadurismo, que vota poder sen importarlle as siglas, e descende nas capitais nas que conta con alcalde. O PP perde máis de 10 pontos e ve cada vez máis lonxe a maioria absoluta para as autonómicas. Os minguados votos do PNG, CG e PSG-EG, semellan un castigo ás alianzas con foráneos, mentres que o BNG recebe uns votos de *fidelidade ao próprio* que o asentan na primacia nacionalista. A lóxica abstención, vista a campaña, perxudicou a todos.




TINO VIZ

Bule-Bule: Ancares II Parte. Catro páxinas especiais para os máis pequenos

BULE-BULE nº 25

A Serra dos Ancares (e II)
Onde se detivo o tempo



Entrevista a Pepe Carreiro: 'O humor ten que ser de esquerdas'

Pepe Carreiro é un dos novos clásicos do humorismo na Galiza. A sua presência dia a dia durante a experiéncia do "Diario de Galicia" e agora na "Voz" cun debuxo de reflexión, maiormente político, prendido da realidade, mostran o bon facer dun constante animador e reivindicador do papel criador de opinión do humor, da sua función social na comunicación.

(Páx. 15)

A Xunta aposta polo eucalipto ao ignorar a Lei de Iniciativa Forestal

"A quen serve o Governo, quedou hoxe de manifesto. Dous proxectos de celulosa serán os que fagan a política forestal". Con estas palabras Ramón Varela resumia o resultado da votación sobre a *Lei de Iniciativa Lexislativa Popular para a mellora e Desenvolvemento do Património Forestal da Galiza*. Socialistas, Coagas e PNG a descalificaban como *romántico* e *irrealizábel* o texto e pechabanlle o paso.

(Páx. 10 e 11)

Mariñas acusa á anterior Xunta de connivéncia e a Randulfe de pactar cos do xogo

Martínez Randulfe, parlamentário do PSG-EG, anúncia que apresentará máis probas no Parlamento para instar a investigación do *affaire* do xogo, pero nengun grupo quixo firmar a petición de criar unha comisión investigadora. Randulfe, de acusador, estase convertindo, agora, en acusado. Ise foi o papel que lle asinaron na comparecéncia de González Mariñas ante a Comisión Institucional.

(Páx. 7)

Francisco Rodríguez detido, acusado de queimar unha bandeira no 1984

O dirixente do BNG e da UPG, Francisco Rodríguez, foi detido na mañán do mercores, dia 21 de Xuño, e conducido aos calabozos de Compostela para cumplir unha condena de máis de dous anos de cadea, imposta ao facelo reo da queima dunha bandeira española durante unha manifestación no ano 1984. A senténcia foi recorrida ao Tribunal Constitucional, non séndolle comunicado ao procurador o acto de resolución.

(Páx. 7)


A NOSA TERRA

ANO XII • 22 DE XUÑO • 1989 — Nº 392 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

O NACIMENTO

ANTÓNIO ÁLVAREZ SOLIS



Miña querida nena Ana: o dia que ti naciche, é dicer, xustamente onte, grandes sinais habia. Estaba a mar acougada? A lua estaba crecida? Pois non o sei. Escrebo desde Madrid e en Madrid non hai mar. Aemais as grandes moles de cemento non nos deixan contemplar a lua. Pero o dia en que ti naciche os teólogos españois denunciaban nun histórico documento "*o medo, a involución e o governo abusivo*" na Igrexa española. Iso, miña querida miniña, non ocorria, con tal volume e radicalidade, desde os tempos de Lutero, nos que incluso a Igrexa española tivo tentacións regalistas. Eu non sei se Felipe González, aproveitando o seu governo da Comunidade Europea, se apresurará a reunir unha Dieta en Worns a fin de ouvir aos teólogos rebeldes e convidalos severamente ao orde. Carlos V fracasou en semellantes circunstáncias, pero, poderá Felipe apagar o incéndio que se ten iniciado no arrabaldo espiritual de Roma? Quizais o Papa envie aqui a Walesa como legado pontifício para discutir con ises teólogos as noventa e nove teses e mostrarlles o camiño de Solidaridade, tan devoto camiño, tan disciplinado, tan ateigado de fe. Fe. miña nena. que é creer o que non ollamos. Fe que ti terás toda a vida, porén porque ninguén che fará dubidar dela. En ti non aniñará a fame, nen a inxustícia sangrante, nen a marxinación moral, nen a soedade. Nada.

Os teólogos... Pero ti naciches, miña nena. Miña nena Preysler, miña nena Boyer, case miña nena Griñón, sempre miña nena Iglesias, hey. En ti superpóñense todos os astros como nunha cosmogonia resumida na palma da man, sempre lorquiana: a lua é un pozo pequeniño, miña nena. Xa ves, a tua luz azul cegou hoxe os ollos que se tiñan espertado no asombro de saber —díxoo Abel Aganbeguyan, apostol soviético da perestroika—, de saber, miña nena, que a Rusia, a outravolta Santa Rusia —terán razón os pastoriños de Fátima cando nos deixaron o augur tremendo da sua conversión?— agárdanlle "*a inflación, o paro, as desigualdades económicas e a especulación*" "Pero nós — engadeu o perestroikano moscovita— *estamos a favor da economia de mercado*". Pésie a todo. Que lonxe vai quedando o 1917! E ti, miña nena, naciches. Morena, ideal, dixeron as tuas irmáns Iglesias, as tuas irmás Griñón, as tuas irmás sobretodo Preysler. Portanto, que máis ten que na China se alteren os universitários que ao fin, sabedores da ciéncia redonda, queren ser ricos, como aqui, e se doan os labregos con fame outra vez? Como aqui? Non, non precisamente como aqui, pero...

Nada importa, porque ti naciche. De súpeto o ceo nublouse, sonaron extrañas e sublimes trompetas e as murallas de Jericó viñeron miragrosamente á ruina. Prodíxios, prodíxios. Até Kashogui, o gran Kashogui, poidera ser un estafador ou connivente de estafa. Quen o diria. Pero nada importa, miña pequena. Na tua palmiña pequena colle a lua da felicidade sen sombra e na tua cabeciña a palmeira do atardecer proxecta a sombra fresca da libertade. Se vivira Cesáreo González — que cedo morreu cos tempos que lle esperaban!!— faria unha película contigo, unha película de nena pequena, con vestidiño acampanado e zapatiño branco para que chorasen as señoras ternas que leen os ofícios en "Hola" mentres na pelucaria lles frien o pelo, símbolo da libertade da nova muller que tamén fixo a sua perestroika de amor libre, de saida nocturna e praia sen varón ao lado.

Nacehe, miña nena, e nos ordenadores do Ministério de Xustícia a homosexualidade, o comunismo e a masoneria seguen sendo delitos. Como entón. Todo volve. Ou quizais nada se teña ido. Todo quedou atado e ben atado, paulinamente atado incluso máis alá da morte, de todas as mortes. Din no Ministério de Xustícia que se trata dun erro do aparato. Posibelmente. A informática non é segura. Nada é seguro. Salvo, ao parecer, que a homosexualidade, o comunismo e a masonaria seguen sendo delitos no listado administratiuvo e tremendo. Quizais un erro. Pero xa ves que coincidéncias: os teólogos álzanse, a perestroika xira cara os pastorciños da Inmaculada, Walesa abenzoa de libertade ao Papa, Kashogui é calquera... E ti apareces no momento no que todo se derrumba coma un signo ou como unha redención. Ti. E ti. E só ti. Que queres que che diga: hoxe son feliz ante a tua preséncia. Feliz, miña nena. Hoxe nacinme eu tamén: naceu Preyler, naceu Griñón, nbaceu Iglesias, naceu Boyer. Claro que teño dúbidas. Serei homosexual e comunista? Serei masón ou chino e perestroikano? Serei acaso —Deus me asista!— polaco creente? Que máis dá! Eu quero ser unha miniña preciosa. Coma ti. □

TRES EN RAIA

AMSTERDAM

MARGARITA LEDO ANDIÓN


Vázquez Montalbán insistiu en non lle perdoar ao PSOE a criación de falsa conciéncia, de dicer que as cousas só poden ser asi, como eles as deciden. Ensinoume a beber xenevra portuária seca nunha man, en copa de talla, e cervexa a presión na outra man.

Convocárannos en Amsterdam a un encontro sobre médio siglo de cultura: exílio, franquismo, democrácia 1939-1989. Amsterdam é xa, para min, unha cidade de desexo, entre Van Gogh e Malevich, na que falei con total libertade dese prodíxio que é o escritor galego como escritor opoñente, orgánico, mediático, e tamén dunha espécie nova que quer emerxer, o figurino-escritor, o escritor para a representación de si próprio, ese creerse moi profisional mentres agacha que ten que vivir das aulas míseras e noitébregas. Ese figurino escritor que quer pegar un chouto para o Pen-Club á marxe da auto-organización, que quer apañar de acó e acolá formulários de sucedo na literatura de quiosque.

Con esta atitude o escritor galego figurino, frágua unha conspiración non só contra un modelo preexistente que nos identifica e nos diferéncia desde o héroe problemático oitocentista —Xeración de Carral—, até a élite transformadora que se xuntou no "partido dos escritores", no Partido Galeguista, e desde a conciéncia anti-imperialista á chegada do marxismo, co grupo "Brais Pinto" e amais esta atitude sua, a do escritor figurino, atitude imediata e utilitarista, leva camiño de facer del próprio un innecesário. Porque hoxe, ainda hoxe, o mellor da literatura galega segue a ser a escrita de nación, segue a ser o prototipo de artista organizador, o criador con intención comunicativa que se agrupa no Clube Cultural Adiante, ao abeiro dunha central sindical, igual que os pen-clubistas están avalados pola Xunta de Galicia. O escritor de nación é o que defende sen recato, o recato é próprio do pequeno-burgués, os direitos a expresar organizado, porque el tamén parte da condición galega do escritor, e abondaria para non esquecer a biografia múltiple de Celso Emilio Ferreiro agora que se cumplen dez anos do seu pasamento e ao que queren facer voltar, máis unha vez, como artista comprometido e non como escritor organizador. □

BANDA DESEÑADA

TOKIO



VOLVER AO REGO

O espellismo dese novo parlamento galego, cheo de diputados por dentro, é cada vez asulagado por máis cidadáns galegos, censados esmagados e indefensos. Ao parlamento chegan traballadores expulsados desas fábricas que van pechando unha a unha, tal que visitadas pola Santa Compaña, aceden iniciativas cidadáns desoficializadas e masivas, bisbarras enteiras recabando milloras sanitárias... e as suas señorias, mentres, non é que debatan ou rexeiten, é que pasan na ponta dos pes sobre todo asunto que signifique planificar ou organizar algo en benefício deste país.

Estes diputados-zombies fuxen da realidade, pero a realidade persegueos e aparéceselles pola noite en forma de comité de empresa, plataforma aberta ou asociación de viciños. Que o demo os confunda pola sua falta de corazón. □

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

Public. Brañe 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL


ANO XII • 13 DE XULLO • 1989 — Nº 395 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

MILES DE TRABALLADORES DA CONSTRUCIÓN, ENGANADOS E SEN OS SALÁRIOS PROMETIDOS, VIVEN EN CONDICIÓNS INUMANAS

"EL DORADO" CANÁRIO

Os primeiros foron levados por empresários galegos. Despois veu a propaganda dos grandes salários. Ao chegar atopáronse coa realidade: traballar de sol a sol, vivir en barracóns ou intempérie, a maioria sen contratos e os cartos non eran tantos.



QUESSADA/LAS PROVINCIAS

Xavier Alcalá: 'Na TVG non existe conciéncia de país'



Xavier Alcalá, enxeñeiro de telecomunicacións, escritor, polifacético intelectual que nesta entrevista analisa os meios de comunicación galegos ao frente de cuxa montaxe técnica estivo no pasado, e desde a sua profisión, aporta ideas orixinais para as expectativas de desenrolo da Galiza. Alcalá fai os seus plantexamentos sobre a RTVG, e sobre a falla de conciéncia de país que existe neste meios **(Páx. 10 e 11)**

O governo rexeita a segunda iniciativa popular

O PSOE, Coalición Galega e PNG impediron que prosperase a segunda iniciativa lexislativa popular defendida no Parlamento Galego no prazo dun mes. A postura foi duramente criticada polas promotoras da lei pola que se pretendia criar o Instituto Galego da Muller afirmando, na roda de prensa posterior, que o PSOE é incapaz, na sua prepoténcia, de apoiar nada que non se lles ocorra a eles. **(Páx. 5)**

Cerceda, coto privado de Fernando Martínez

Unha obra de cen millóns de pesetas que sae a concurso cando está a médio facer; un concellal que ocupa ilegalmente as duas vivendas do sobrado da casa da cultura; unha empresa pantasma que recebe en adxudicación direita várias obras do Concello... En Cerceda acúsase direitamente aos caciques pero, sobre todo, ao concellal asesor do presidente da Xunta e deputado provincial Fernando Martínez. **(Páx. 9)**

Folga xeral en Ferrol o dia 13, contra a reconversión

O xoves dia 13 de Xullo novamente a comarca de Ferrol volve a paralisarse, nesta ocasión por espácio de duas horas, e atendendo á convocatória unitária dos cinco sindicatos con preséncia na comarca: CCOO, UXT, CXTG, INTG e USO. Pero máis unha vez, a "unidade mobilizadora" non é senón unha pantalla que agacha discrepáncias sobre as alternativas en torno ao futuro de Astano **(Páx. 7)**

A NOSA TERRA

ANO XII • 13 DE XULLO • 1989 — Nº 395 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

MONTES, CEE E "ESPÉCIES" AUTÓCTONAS

ALBINO PRADA BLANCO



O uso madeirábel das terras a monte da Galiza acada a moi importante cifra do 35% das cortas de madeira do conxunto de España. Ao mesmo tempo, o noso monte arborado supón xa o 38% da superfície galega, fronte ao 20% acadado no conxunto da CEE. A evolución da posibilidade anual de corta por espécies fálanos dun grave **descenso** para piñeiros e frondosas de medre lento (do 31% e do 44% respectivamente) e dun **incremento** sen precedentes (do 57%) para o eucalipto. Isto sucedeu nos últimos quince anos.

Estas cifras son produto da política forestal propiciada antes polo Estado-Icona e hoxe pola Consellaria de Agricultura e o caos privado, os cales foron quen de plantexar un modelo alternativo dos usos das terras a monte e das suas cadeas industriais transformadoras.

O resultado é a hipertrófia dun sector, o ridículo valor engadido en todas as cadeas (serras, taboeiros, pastas, móbeis, gráficas, etc.), o abandono do monte —madeirábel e non— (coa secuela dos incéndios masivos) e o uso e abuso do eucalipto como espécie non problemática (sen coidados, sen incéndios), de propagación alimentada polo lume e só rendábel nun país onde outras posibilidades que o serian moito máis coutadas pola incosciéncia de moitos e a incompeténcia e intereses parciais dunha minoria que goza de grande influéncia económica e administrativa.

A C.E.E.

A importáncia e particularidades do sector forestal galego no contexto español debe ter como consecuéncia o que Galiza non estexa mediada polo Governo Central nas suas definicións forestais diante da CEE. Na elaboración do Programa de Acción Forestal 1989-1992 (PAF) Galiza debe contar con representación própria e directa no Comité Forestal Permanente que debe definir as prioridades e financiación para cada país en asuntos tan importantes como: localización, espécies, turnos, cadeas produtivas, etc..

Nese programa e nese Comité, Galiza debe pór de manifesto que aqui *non se trata da reconversión* de superfícies agrícolas para uso forestal (que a CEE potenciará con ceses anticipados da actividade agrária e primando o abandono das terras), senón de proceder á *reconversión das terras xa arboradas* e da elaboración dos seus produtos, co apoio dos fondos e programas da sección de Orientación do FEOGA.

Ao noso favor está a explícita belixerán-cia da CEE contra o uniformismo forestal a que nos ten condenados o mercado español. Así deberíamos incidir prioritariamente nas seguintes políticas **xa previstas** no deseño comunitário do PAF:

1.– Primar a proteción dos reximes hidráulicos, do chan, da variedade paisaxística, da flora e da fauna.

2.– Apoio ás asociacións de proprietários forestais (especialmente das comunidades de montes viciñais) e a transparéncia do mercado da madeira.

3.– Política de implantación industrial e de transformación dos produtos forestais en pequenas e medianas empresas (serras, móbeis, prefabricados, tratamento da madeira, envases, tranformación do papel e o cartón...)

4.– Rocabar un forte impacto na Galiza do programa FAST II sobre investigación e desenrolo tecnolóxico para mellorar a calidade e diversidade de espécies, novos produtos, comercialización internacional, etc.

5.– Atallar a destrución dos bosques autóctonos —fragas, soutos, carballeiras— esquilmados, e das terras queimadas (freando o espallamento "espontáneo" do eucalipto).

6.– Diversificar os usos non madeirábeis das terras a monte: pradeiras, pastos, froitos, cogumelos, herbas, mel, etc.

Esta seria a política forestal que para a Galiza haberia que conseguir da CEE; pero para iso precisamos ter voz directa en Europa para explicar os nosos proxectos e a nosa especificidade. Calquer caste de representación española convertirianos en despensa de pasta de papel e taboeiros, criando riqueza e postos de traballo fóra da Galiza e, de paso, esquilmando os nosos recursos naturais.

"ESPÉCIES" AUTÓCTONAS

Nesta tarefa non teñen sítio alguns, pero poden entenderse —podemos entendernos— moitos: as comunidades de viciños liberadas dos consórcios, as asociacións de proprietários non absentistas, os empresários do aserrio que ambicionen outros mercados que a madeira de encofrado, o sector do moble galego e a empresa pública galega —e privada— que asuman a produción limpa de pasta e papel.

O "proxecto comun" aqui deseñado coincidiria nos mínimos coa iniciativa popular sobre o Património Forestal Galego. Quen isto subscrebe é un dos trinta mil e pico cidadáns que receberon a "labazada" parlamentária de mans do PSOE, Coalición Galega e o PNG ao rexeitaren a trio un texto progresista e de mínimos.

Neste asunto como en moitos outros é conveniente saber de que lado está cada quén e non soñar con alianzas e programas "autóctonos" ilusórios que se esfaragullan todos os dias cando do trapicheo pre ou post-eleitoral se descende aos intereses sociais e económicos, ao control dos "media" e dos cartiños dunha Consellaría, e a subordinación **real** de pretendidos autonomistas ás directrices dos partidos centralistas e dos grupos de presión económica.

O debate nacionalista que para alguns está por facer —seica que nunha mesiña paneuropea de entrada— pensamos outros que se fai todos os día na Cámara e na sociedade galega con pasmosa contundéncia. E nos dous casos a profundización da democrácia, da autonomia e da autoxestión dos nosos recursos só pode realizarse desde a esquerda.


Os nosos montes e a sua contribución ao benestar social no noso país esixen que sexamos quen de facer chegar á CEE estes plantexamentos sobre a base de superar a constante hexemonia do centralismo, da direita e dos socialistas fraudulentos na Xunta da Galiza. É o único vieiro para que non sigan apodrecendo as nosas posibiidades como povo europeu. □

VOLVER AO REGO

Postos a falar de ofensas á pátria (española, por suposto), non está demais lembrar que alguns oficiais da Garda Civil participantes nun famoso incidente, coñecido polas siglas 23-F, foron **absoltos**. Altos mandos militares, copartícipes da mesma conspiración, sofriron a pena de sete meses de condea, polo cal nen sequer tiveron que ingresar en prisión. Coñecidos militares, acusados de inxuriar publicamente ao rei, foron condeados a dous meses.

Un galego, chamado Francisco Rodríguez, sofre condea de dous anos, como saben os leitores, acusado de queimar unha bandeira. As ofensas a España, polo que se ve, depende de onde veñan. E ademais é maior delito queimar un símbolo de trapo que pór en xogo as liberdades dos cidadáns, mediante un golpe de estado militar. □

LÓPEZ



TRES EN RAIA

AXI-PROP

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Hai como unha tentativa rasa de transferéncia de culpa cara Cuba. Non se lle perdoa nada a Cuba. Nen sequer terse defendido tanto da invasión *ianqui* como da expansión *ionqui* desde os baixos.

Hai como unha certa compracéncia en publicitar este caso cubano coma sintomático desta fase da revolución. Primeira lei da contrapropaganda: a parte polo todo. Cando o singular no continente americano foi a Revolución cubana e este caso é homologábel a feitos nas sociedades ditas ocidentais. Porque os sistemas humanos de referéncia son sempre complexos, maleábeis, e a conciéncia constrúese á par da experiéncia, e a ética revolucionária non o é para sempre ainda que a revolución sexa insustituíbel.

Trátase con mimo de fabricar un falso culpábel —porque o culpábel, non o esquenzan, é sempre Fidel Castro— como nos bons filmes de Hitchcock. Trátase de encobrer asi o crime organizado desde os vértices, desde os mesmos vértices que distribuen as mensaxes, as armas, a heroína, a débeda externa, a insatisfación.

Hai agora ocasión de identificar narcotráfico, descrenza, canseira, corruptibilidade, afin co brazo de Santa Teresa, ponte de prata para alianzas escuras, co proceso cubano. E cadra todo como anel no dedo porque a figura antes un héroe é agora un *star* dos *mass media*.

E dóenos que un héroe do combate pola liberación poda travestirse nunha *star* mediática através da coca e da condea a morte. Pero dóenos, sobretodo, non poder debater a fondo cos nosos cativos médios, esta campaña sobre a opinión pública que despois do sobexo de imaxes incertas que, de súpeto, se lle regalaron deixarán pasar como reais os xuícios dos comentaristas de prensa que teñen poder para decidir que está ben, que está mal.

Porque a pena de morte existe no mundo que non é Cuba. Existe e practícase cada dia mesmo para cidadáns adolescentes, sobretodo se son negros, nos Estados Unidos. Pero sobretodo para o estamento militar, e máxime cando é un Exército mobilizado como estivo o cubano mobilizado contra a reación sudafricana, as leis internas son de todo rigor. Sabíao ben o xeneral Ochoa que dictou e executou tres condeas a morte na Angola. Por iso é difícil falar en abstracto e só en termos morais desta condea a morte.

A pena de morte practícase cada dia en Ocidente —ou xa esquecimos aos irlandeses desarmados que o Exército da Thatcher pulverizou en Xibraltar?— e hai vinte anos que non se practica en Cuba porque Cuba quer chegar á abolición real e legal da condea a morte.

E oxalá agora pudera non lle temer á Axi-Prop, pudera non se penchar na exemplaridade formal, e ousara aproveitar o momento, como fixo tamén Nicarágua en momentos especialmente duros, para darmos unha leción política e de ética materialista que quizaves non nola merezamos.

Os crimes do xeneral foron tan ben probados que calquera decisión, na história, ainda que sexa errada, terá de seu sempre xustificación. □

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XII • 7 DE SETEMBRO • 1989

Nº 398 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA SANTIAGO

O narcotráfico, delito da pobreza

A desintegración dalguns estados no terceiro mundo ante o contrapoder do narcotráfico ou a droga como méio de vida para millóns de persoas, son outras tantas perspectivas que engadir a un dos principais motivos de conflito da actualidade. Mariano Aguirre, coordenador do Centro de Investigacións para a Paz de Madrid, autor de diversas obras sobre relacións internacionais e desarme, a última das cales leva por título *Guerras de baja intensidad*, oferece nunha entrevista algunhas aportacións esclarecedoras. **(Páx. 10 e 11)**

A fame afecta a 10 millóns de arxentinos

Mentres a escangallada economia arxentina segue sometida ás severas políticas de axuste ditadas polo Fondo Monetário Internacional, baixo a condución dun ministro procurado pola xustícia de Venezuela, o presidente Carlos Menem avanza resoltamente cara o perdón aos militares condenados ou acusados de graves violacións aos direitos humanos. **(Páx. 12 e 13)**

O fin da augardente artesanal galega

O pasado 31 de Agosto rematou o periodo transitório estabrecido por lei para a destilación ambulante de augardentes, modificándose, ademais o sistema impositivo para a destilación desta bebida espiritosa. O futuro do sector é, certamente preocupante, a actuación da administración, neglixente. A aanálise que fai o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas apunta a unha única responsabilidade a de Francisco Sineiro e a sua equipa. **(Páx. 9)**

Laxe e Siniestro Total, galegos en Buenos Aires


Durante o mes de Agosto a capital arxentina foi o cenário-trinque que elexiu a Xunta, en colaboración co Instituto de Cooperación Iberoamericana e as comisións galega e estatal do V Centenário, para mostrar unha óptica do momento actual da cultura galega. O lema "Gallego, somos nós", que enchia as ruas bonaerenses desde un cartel de corte *moderno*, foi escollido para uns actos rubricados cun desfile de Adolfo Domínguez e un concerto de "Siniestro Total" e "Os Resentidos" que acabou nunha gresca competente.
(Páx. 15)

A CONVOCATÓRIA DE ELEICIÓNS XERAIS ANTICIPADAS PRECIPITA A POLÍTICA GALEGA

POSÍBEL CANDIDATURA ÚNICA NACIONALISTA-PROGRESISTA

BNG, PNG e PSG-EG poden concorrer xuntos ás Eleicións Xerais. As diferéncias de plantexamento son mínimas. De momento só a negativa do PSG-EG a concorrer co PNG parece separar as distintas forzas, descartada CG por non ser considerada como progresista. Na reunión a celebrar o Xoves dia 7 ollarase a virtualidade das propostas.

X.MARRA



A NOSA TERRA

ANO XII • 7 DE SETEMBRO • 1989 — Nº 398 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

UN CABECILLA
PUBLICADO EN BUENOS AIRES NO 1919
UN CONTO DE VALLE INCLÁN EN GALEGO

RAMÓN MARIA DEL VALLE INCLÁN

Este conto de Valle Inclán apareceu por primeira vez publicado en "Extracto de Literatura" (Pontevedra-18 de Setembro do 1893); foi reeditado en "El Globo" (Madrid-30 de Setembro do mesmo ano) e posteriormente incluido en "Xardin Umbrío" (1903) e en sucesivas edicións. A publicación en galego coincidiu cunha das tres viaxes de Valle-Inclán a Buenos Aires e apareceu no semanário "El Correo de Galicia" da capital arxentina, con data 6 de Xuño do 1919, na sua primeira páxina. O texto galego foi pubricado entón na grafia das Irmandades da Fala e fica actualizado nesta versión que publicamos.



O *Correo de Galicia* foi un dos máis importantes xornais que se publicaban na emigración galega en Buenos Aires.

Daquel muiñeiro vello e silenzoso que me serviu de guia para visitar as pedras célticas do monte Ronria, gardo unha lembranza dura, fria e cortante coma a neve que coroaba o cúmio. Cicais máis que as suas faccións que semellaban talladas en durísimo granito, a sua história tráxica fixo que con tal enerxia me ficase no pensamento aquela faciana tabacosa que apenas se diferenciaba do pano da monteira. Se pecho os ollos, coido fitalo: era mozo, seco e forte coma o tronco dunha vide patriarcal; os mechóns grises e demedrados da sua barba lembraban eses lixos de carriza que amosan nas ocacidades dos pómulos as estátuas dos claustros desgarnidos. Os seus beizos de corcho pregábanse con austeridade e indiferenza. Tiña un perfil inmóbil e pensante; unha testa inexpresiva de releve exípcio. Non; non o esquecerei endexamais.

Fora un terribel guerrilleiro. Cando a primeira guerra civil botouse ao campo cos seus cinco fillos e en poucos dias logrou levantar unha gavilla de xente rexa e disposta a batir o cobre. Por veces, fiaba o mando da partida ao seu fillo Xohán Muhia e internábase na montaña seguro como o lobo que ten aí a sua gorida.

Cando menos se lle agardaba, reaparecia carregado coa sua escopeta chea de ataduras e remendos, traguendo na sua compaña algun rapaz aldeán de aspecto torpe e abraladento que, de forza ou de grado, viña engrosar as filas. Á ida e á volta adoitaba recair polo muiño para se inteirar de como ian as famílias e que era dos netos e das pedras que moían. Certa tarde de verán, chegou e achouno todo en desorde. Amarrada a un poste da parra, a muiñeira desditábase e chamaba inutilmente aos seus netos que fuxiran da aldea; o galgo oubeaba cunha pata maltreita no ar; a porta fora esnaquizada a golpes; o grao e a fariña alfombraban o chan; sobor da artesa ollábanse ainda farangullas do xantar interrompido; no corral, a vella ucha de castiñeiro quedara fevolta e destripada. O cabecilla contemplaba aquel desastre sen proferir unha queixa. Despois de ben inteirarse achegouse a sua muller, a rosmar con aquela voz desentoada e caótica de vello xordo.

– A que hora viñeron os civis? Cantos eran? Que lles contaches?

A muiñeira saloucou máis forte. En troques de contestar desatouse en aldraxes contra dos inimigos maos que tan grande estrago fixeran na casa dun probe.

O seu marido fitouna con ollos cobrizos e desconfiados:

– A demo de condenada: ti lles dixeches onde está a partida!

Ela seguia a chorar sen consolo:

– Arrepara home de que feitura eses verdugos de Xerusalen me puxeron, atada mesmamente coma o Noso Señore!

O guerrilleiro repetiu abaneando furioso a escopeta:

– A ver como respostas: que lles dixeches?

– Pero considera hom... —calou ela despois de botar un gran salaio, sen se atrever a continuar, de tanto que impuña a mirada do vello.

El non voltou a insistir. Sacou o coitelo e cando ela consideraba que ia matala, cortou as ligaduras e sen proferir unha verba empuxouna obrigándoa a que o seguise. A muiñeira non deixaba de salaiar:

– Ai fillos das miñas entranas, por que non me deixaria queimar nunha parrillas denantes de dicer onde estabades! Vós como sodes! Nen unha vella cos pés para a cova precisaba camiñar mil anos polos camiños para ter o perdón de Deus. Ai meus fillos, meus fillos!

A probe da muller camiñaba anguriada enredados os seus toscos dedos de labrega no mato cincento dos seus cabelos. Máis se detiña ela a mesalos e saloucar e máis el a empuxaba coa culata da escopeta. Mais sen brusquedades e sen xenreira, como a vaca mansísima nada na própria casa se por acaso cerdea.

Sairon da eira abourada polo sol dun dia de Agosto e despois de atravesaren os prados do pazo de Melias internáronse no fondo sendeiro da montaña, tan fresco coas suas humidades de cova; tan vizoso cos seus sebes de frorido sabugo; tan ameazador coas suas revoltas encrucilladas; tan tráxico coas suas cruces mouras que lembran algun sanguento suceso e tan vello que até nas laxas ten imprentados os sinais dos carros: sulcos cheos de auga que semellan enrugas de idade labradas século tras de século na trocha de mítica salvaxe.

Andaron sen se deter deica unha revolta na que se erguia un retábulo de ánimas. O cabecilla encaramouse sobor dun bardal e fitou receante canto de ali abranguia do extenso camiño. Amartelou a escopeta e tras de se asegurar o pistón , persignouse con antigo uso de cristiano vello:

– Sabela: axiónllate xunto do retábulo dos benditos.

A muller obedeceu tremando.

– Encoméndate a Deus, Sabela!

– Ai hom, polo que máis queiras: agarda sequera a saber se aquelas prendas padeceran algun mal!

O guerrilleiro pasou a man polos ollos. Despendurou logo do cinto o clásico rosario de doas de madeira con engaste de arame dourado e ofereceullo á vella que o recebeu entre saloucos. Asegurouse mellor sobor do bardal de mármore do mosteiro:

– Está bendito polo señor bispo de Ourense con indulxéncia para a hora da morte!

El mesmo púxose a rezar con monótono e frio paspalleo. A cada pouco, botaba unha inqueda ollada ao camiño. A muiñeira foise de a pouco serenando. No venerábel sulco das suas enrugas ficaban tremecentes as bágoas. As suas mans axitadas por tremor senil faguian axitar a cruz e as medallas do rosário. Despois de bater no peito coas mans, bicou a terra con unción.

– Remataches?

Ela xuntou as mans con resignación.

– Fágase señor a tua divina vontade!

Mais cando ollou que o terríbel vello botaba a carabina á cara e apontaba, ergueu arrepiada e correu cara el cos brazos abertos:

– Non me mates, non me mates, pola ialma de ... !

Sonou un tiro e caiu no medio do camiño coa fronte furada. O cabecilla alzou sobre a face ensanguentada o rosário e despois de bicar o crucifixo de bronce e sen se deter requeriu a escopeta e fuxiu cara a montaña. Ollara habia un momento no fondo da trocha os tricórnios enfundados dos gardas civis.

Confeso que cando don Urbino Pimentel me contou esta Historia terríbel, tremei coa lembranza da maneira, abondo expresiva coa que despedia a venta de Brandeso o antergo faccioso farto de acatar a vontade solapada e granítica daquela esfinxe tallada en vello e lucidio carballo. □

TRES EN RAIA

WEST BELFAST ATÉ A FIN (I)

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Seanus Duffy ten nome de pequeno de historieta. Seguramente vestia un chubasqueiro azul —gostan moito da cór azul añil— cunha franxa verde e na fin da mañán adoitaba encaramarse polos postes da luz. Para poñer en Belfast a bandeira proibida de Irlanda coma se recollera unha cometa. Matouno unha bala das que sempre ten a ponto o terror que patrulla, sen parar, desde hai vinte anos, por sobre Falls Road. No bairro oeste.

Vinte anos de ocupación militar á vista, por riba da ocupación política dos seis condados do Ulster que permaneceron sob os británicos apesar da guerra da independéncia do 1921.

E para que a memória non se esfarele tal se fose información televisiva entre os diversos actos da campaña contra a ocupación, o IRA escolle como obxectivo cotián a liña do comboio Dublin-Belfast. O 5 de Agosto saio desde O'Connolly Station con Manolo Rivas. Imos ao norde. Na metade do camiño mudámonos a un bus porque os raís choutaron polo ár. Nós tamén falamos de aniversários, dos quince anos da Carta de Brest que asinaran o Irish Republican Movement, a Union Democratique Bretonne e a Unión do Povo Galego. Texto precioso contra a ocupación nacional e o colonialismo na Europa occidental. O Foz e máis o Carlos representaron, naquel entón, á orgaización galega.

Belfast City é un espácio anodino de shops e burocrácia, redoma de rellas, controis, barreiras, arámio de espiño, cun edifício que loce fermoso, cheo de fume e vidros tronzados por un chupinazo. É o Ministério do Interior. Queres chimpar unha *Guinnes*" en calquera pub e vas para o Oeste, para o bairro católico, nun transporte pirata. Porque acó pirata quererá dicer auto-organizado polos sometidos. Mesmo ao pé da cidade oficial, de cerrume de ferro, apañas un black-taxi, un vello e romo Austin familiar. O conductor, para que nos vaiamos decatando, déixanos á porta do Sinn Feinn.

Fronte do imenso cimetério de Falls Road o bunker británico exibe os seus rádares, a sua blindaxe, os tanques que saen cada 20 minutos con soldados en roupa de camuflaxe coma os boinas verdes, a prepoténcia torva e xa vencida. Cando lles peta e porque lle sae dos collóns os mercenários botan pé a terra e fan un paseo seco, na procura, algures, do inmigo. Manolo tíralles unha foto. □

VOLVER AO REGO

Pormenorizadas foron ao longo deste verán as informacións televisivas sobre o turismo. Oferecéronse porcentaxes sobre o número de veraneantes no Levante, en Mallorca... Soubemos do estado das praias mediterráneas e dos atascos causados por unhas estradas pésimas. Pero os meios masivos de comunicación, como os telediários, parecen esquecer que en realidade a maioria da povoación non veranea en Agosto ou, por razóns fundamentalmente económicas, non fai desprazamentos durante as vacacións. Por non lembrar os parados que están de vacacións perpétuas.

Máis unha vez tratan de colarnos por hábitos dunha maioria os que o son dunha minoria. Claro que sempre anima ver aos demais na praia. □

Public. Diária 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XII • 14 DE SETEMBRO • 1989 — Nº 399 • APDO. 1371 (VIGO) •100 PTA.

A PRETENSIÓN DA REFORMA DO SISTEMA EDUCATIVO
É ELIMINAR ALUMNOS DO TRONCO BUP-UNIVERSIDADE E REBAIXAR A CUALIFICACIÓN DA FP

O ENSINO ADÁPTASE Á CRISE

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

O pasado mes de Abril era apresentado polo Ministério o Libro Branco para a Reforma do Sistema Educativo. Antes de fin de ano está prevista a aprobación da Lei que o faga efectivo. A liberdade de opción e os consabidos princípios *europeistas* e *democráticos* son a divisa coa que se apresenta unha regulación que aumentará a estratificación e tratara de adaptar o ensino á demanda de traballo dun mercado *flexíbel* e *liberalizado*.

XURXO S. LOBATO/ARQUIVO

A oficialidade do galego polémica no Congreso de Lingüística Románica

O XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxia Románicas celebrouse do 4 ao 9 de Setembro, acompañado de duas polémicas. Por unha banda a decisión da organización de utilizar o galego e o francés como línguas oficiais do encontro provocou a auséncia dos filólogos españois, por outra as acusacións de sectarismo da AGAL á organización **(Páx. 10 11)**

A Diada catalana tras a tormenta política de Montjuic

A Diada Nacional de Cataluña tivo como protagonista case exclusivo este ano ao independentismo. As protestas que acompañaron á inauguración por parte do Rei Juan Carlos do Estadi Olimpic de Montjuic, a bomba de Terra Lliure e a auséncia das forzas parlamentárias catalanas nos actos da Diada marcaron Onze de Setembre **(Páx. 11)**

As conversas de unidade nacionalista continuarán tras as autonómicas

Os partidos nacionalistas non puderon chegar a un acordo para concorrer en coalición ás eleicións estatais. As pretensións do PSG-EG de apresentarse unicamente co BNG, descartando negociar sequer con outras forzas, e as posturas do PNG e BNG de que a coalición debia abranguer a todo o espectro do nacionalismo progresista, foron as causas



(Páx. 5 e 6)

Tras a queima, Camota ten medo á arrollada das chúvias

A maioria das veces as catástrofes, os acidentes, convértense en frias estadísticas de mortos, feridos, danos..., en pura rotina de parte oficial desprovisto de todo sentimento e de ollada ao futuro. Moito disto está a ocorrer cos incéndios na Galiza: incéndios por dia, hectáreas queimadas, viaxes dos avións, efectivos utilizados, danos causados...

(Páx. 9)

A NOSA TERRA

ANO XII • 14 DE SETEMBRO • 1989 — Nº 399 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

ARDE GALIZA?

NEMÉSIO BARXA



Todos pensamos alporizados que realmente arde Galiza; que o pouco arborado que vai quedando segue a arder cada ano quando as circunstáncias som propícias. Mas penso que alguém ou alguns poderán perguntar interesados se Galiza, as suas fragas, os seus soutos, os fermosos vales ou os outos curutos están a arder, e festexar a tremenda hecatombe dos nossos montes envoltes em chamas e despois na desolazom, na devastazom e na imensa tristeza da paisaxem fumegante e o chan coberto de cinza substituindo o verdor das árvores, destruída a riqueza madereira, o equílibrio ecolóxico, a fauna do monte, desde os insetos até os animais montaraces, pasando polos passarinhos, coelhos, etc.

Quando na década dos 50 comezaron os trabalhos de repovoazóm forestal, sacrificarom-se terreos da propriedade dos vizinhos em benefício do éxito e duma maior e mais rápida crescida das árvores, ocupando veigas e lameiros e deixando aos labregos sem terras imprescindíveis para a subsisténcia das suas flebes estruturas agrárias. Aquela usurpazóm levou a que os mesmos labregos reaccoasem contra a ocupazóm das suas terras e acodisem ao lume para recuperar o usurpado pola Administrazóm forestal e do que tanto precisabam para a sua subsisténcia; os incéndios sempre forom perfeitamente localizados e nom supuxerom perigo para o monte, para o equilíbrio ecolóxico e moito menos para vidas ou facendas.

Quando os Concelhos eran teóricos administradores dos montes vizinhais (xa calificados como tais e nom como da propriedade municipal) as cortas do arvoredo tinham de estar xustificadas e aprovadas polo ICONA; entón moitos Axuntamentos recorrirom ao lume controlado para xustificar num incéndio a necessidade de proceder á tala do queimado; o incéndio era mais aparente que real, chamuscában-se alguns árvores, sinalába-se superfície moi superior á afectada e vendia-se a madeira. Tampouco istes incéndios supunham perigo nem outro dano que o despoxo aos direitos e intereses dos vizinhos proprietários do monte.

Coincidindo coa chegada das celulosas comezarom a ser verdadeiro problema os incéndios hos montes. E comenzaba a loita contra o eucalipto, espécie arvórea que a Administración forestal trataba de impôr para consumo das celulosas e que passaba a ocupar as paráxes onde o arvoredo autóctono ou de pinheiros fora queimado. Daquela, enxenheiros do ICONA e a propaganda oficial adoutrinhabamnos sobre as ventaxas do eucalipto por riba do carvalho o castinheiro e o pinheiro; tudo ventaxas sem influéncias perniciosas sobre o chão, diciam iles. Foi xa avanzada esta época que chaman democrática quando leím nos xornais como enxenheiros de ICONA e funcionários da Administrazóm forestal reconheziam que o eucalipto desertiza e fai inaproveitáveis as terras onde crece; mas, ouh mistérios dos intereses económicos!, quando se falou niste nosso país do desembarco de novas celulosas, os gurues oficiais do forestal dogmatizam de novo sobre as virtudes totais do eucalipto e que a acusazom de que desertiza é puro dislate; mas num programa de TVE diste verão sobre Australia mostra, afirma e experimenta que o eucalipto foi o culpável da desertizazóm daquela imensa illa.

E nestas liortas que andamos, o Governo galego mostra a sua determinazóm de traer (dim que para o nosso desenrolo e criazom de novos postos de trabalho) novas indústrias celulosas, ainda que perxudiquem o nosso ecosistema, esixam qualidades arvóreas que non som as tradicionais em Galiza, rematem cos postos de trabalho reais das indústrias madeireiras tradicionais, etc. E dede a Conselheria de Agricultura apostam polo eucalipto. E, casualmente, recrudecem-se os incéndios. E os incendiários nom se atopam nem se tomam as medidas devidas para prevenir a plaga incendiária. E som os ecoloxistas os que andam a deter incendiários, mentras que os vizinhos som ameazados com armas de fogo por isse bárbaros criminais que se chaman pirómanos. E em pleno agosto, ardendo Galiza, o máximo responsável da Conselheria de Agricultura marcha de veraneo ás Baleares (para que nom lhe chegue o fume); e há Alcaldes que tenhem paralizados os coches-bomba (bombas de água, contra incéndios).

Mais de 2.500 incéndios forestais este verão som o produto da barbárie e de moi concretos intereses económicos nunca publicamente desveados; mas som consequéncia tambem do abandono, da inoperáncia, do desinterese (desinterese interesado tal vez?) e da falha de previssom dos orgaismos oficiais do que depende a conservaciom da natureza e a nossa xa escasa riqueza agrícola:

Nom há coisa alguma que xustifique a desfeita deste verão (nem sequer as prolongadamente altas temperaturas) nem de verãos anteriores ou periodos secos em qualquer época do ano; nem o absentismo da Conselheria de Agricultura nos dias críticos da plaga incendiária, quando o "capitam" abandona o seu posto de mando; nem o fracaso das autoridades policiais para descubrir as motivazons distes feitos (a nom ser, insisto, en que tais motivos sexam conhezidos e tolerados); nem o inapreciável número de pirómanos detidos e que ainda parte das detencións fossem realizadas por ecoloxistas vixiantes (sem médios nem axuda oficial) ou vizinhos perxudicados (vítimas de ameazas com arma de fogo, armas que nom leva um pirómano tolo senom uma besta programada).

Lixem-se xa os responsáveis. Sintam a vergonha da sua incompeténcia e do seu fracaso ou sofran na sua conciéncia o resultado da sua pasiva colaborazom nisses miles de hectáreas de monte queimados que xa nom olharám recuperadas as xerazons actuais.

E xustifico o título diste trabalhoi: se alguem perguntou há anos "Arde París?" eu penso que hoxe alguém desde nom sei donde nem a quem (mas ao pior nom andei moi descaminhado) tambem perguntará se Arde Galiza. □

BANDA DESEÑADA

MANEL



BIBLIOTECA

TRES EN RAIA

WEST BELFAST (II)

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Manolo tíralles unha foto desde o *black taxi*, aos soldados británicos, metralleta en ristre, apontando acó e acolá, que se achegan a unha papeleria quizaves poque no escaparate ten un retrato do *sagrado corazón de Xesus*. Tal vez na foto salla unha nena comendo nun xiado mentres olla para nós sen reparar sequer nos soldados tal e como se fai, con sabeduria, para resistir. O *black taxi* deixou un viaxeiro e ponse en marcha. A nena dinos adeus coa man. Mágoa que os chulitos británicos non segan a baixar Falls Road. Porque douscentos metros máis abaixo, sábeno ben, un grupo do IRA entretense pintando un enorme mural contra da ocupación.

Os irlandeses do norte, os chamados católicos, tiveron que facer os seus bairros, as suas casas, porque non tiñan direito á propriedade. Os irlandeses do Norte, viron a aqueles que elexiron cos seus votos morrer en folga de fame, sen poder exercer como deputados e sen que se lles recoñecera sequer o seren considerados presos políticos. Os irlandeses do Norte tiveron que artellar a sua própria defensa e pasar ao ataque. Reclaman unha Irlanda reunificada e socialista porque o tempo mudou e porque no 21 foron traicionados tamén polos bispos que insisten en dominar no Sul co 60% da povoación contra o divórcio, por exemplo. Os valores domésticos que a Igrexa católica divulga son contestados tamén no Sul en obras como "Big Maggie" no Abbey Theatre. No Abbey Theatre o home que está ao meu carón pergunta que como me vai, e eu fálolle de Yeats porque non sei de que lle falar.

O home que está ao meu carón no Abbey Theatre cóntame como Yeats se enamorou dunha muller chamada Maud Gonne. Cóntame como ela casou con John McBride. Cóntame que a John McBride matárono na revolta do 16 e —continua o home— denantes tiveron un fillo, Sean, que andando o tempo será o o fundador de Amnesty International. Eu ollo para o home que está ao meu carón e replícolle que ese home, Sean, foi un home moi importante para a miña vida. Despois explícolle como o fillo de John e de Maud Gonne foi secretário da Comisión de Información da UNESCO que redactou o Informe McBride. COmo o fillo de John e de Maud Gonne foi artífice da noa orde mundial da información. Mateu e Patty, a sua dona, ollaron para min e entón dixeron que nós, os galegos, éramos o sul das nacións celtas.

Deixo Dublin o 14 de Agosto, xusto ao cumprírense 20 anos da ocupación británica. □

VOLVER AO REGO

O recentemente finado Manuel Iglésias Corral pode pasar á história por unha das frases que pronunciou no debate da crise Barreiro-Albor: "Aqui pasou o que pasou".

A tautoloxia é unha boa figura retórica para alguén que de diputado na República e redactor do Estatuto correu tan poucos riscos como o de matricularse na igoalmente finada UCD, para rematar, por último, en AP, como consagración do inmobilismo político.

"Aqui pasou o que pasou" non é unha frase histórica, senón un recurso típico do conservadurismo, a negativa a explicar as cousas con métodos racionais e dialécticos.

Os galegos que de verdade importan son os que din realmente o que pasou, con todas as letras. □

A NOSA TERRA

ANO XII • 19 DE OUTUBRO • 1989 — PERIÓDICO GALEGO SEMANAL — Nº 404 • APDO. 1371 (VIGO) •100 PTA.

NA SUA MAIORIA TRÁTASE DE OBRAS MENORES QUE FACILITAN A PRESÉNCIA CONTINUADA NOS MEIOS DE COMUNICACIÓN

A XUNTA SAE A MÁIS DUNHA INAUGURACIÓN POR DIA



A auséncia de investimentos públicos importantes na Galiza (véxase a negativa a construir o gaseoduto, a caréncia de boas comunicacións por estrada, mar e ferrocarril, o fracaso das ZUR...) teñen conducido ao governo, en periodo eleitoral, á necesidade de realizar inauguracións de mínima envergadura (inauguración dunha piscina, entrega dunha ambuláncia, apertura de tramos de estrada de quilómetro e médio) que xustifiquen a sua acción de governo e a sua aparición constante nos meios de comunicación durante a campaña eleitoral.



ANXO IGLÉSIAS

O Governo poderia ir cara un endurecimento económico

O axuste iniciado polo governo español hai várias semanas, encamiñado a reducir o consumo, poderia verse agravado ainda nos próximos meses se as cifras seguen a ser negativas, como as do deficit comercial, un 51% máis alto que o de hai un ano por estas datas. O Instituto de Estudos Económicos ven de anunciar a necesidade dun novo axuste.

(Páx. 9)

Maragall e Pujol compiten polas Olimpiadas a tres anos da nominación

O pasado 17 de Outubro cumpliánse tres anos desde a nominación de Barcelona como sede dos Xogos Olímpicos de verán do 1992. O próximo dia 29 faltarán 1.000 dias para a data da cerimónia inaugural dos Xogos. Arredor destas efemérides os problemas políticos, urbanísticos e financeiros saltaron á palestra e ten aflorado o nervosismo entre as partes implicadas. **(Páx. 13)**



Bieto Cupeiro, lembranza dun exílio contestatário

Emigrante desde 1936 en Buenos Aires, animador da *Asociacion Nacionalista Pondal*, da *Irmandade Galega* e do *Instituto Arxentino de Cultura Galega*, Bieito Cupeiro publicará de a pouco un libro de recordos sobre a emigración contestatária da que formou parte principal durante médio século.

(Páx. 10 e 11)

Adegas españolas interesadas na augardente galega

As grandes empresas españolas do sector vitivinícola e de alcooles teñen amosado o seu interese por entrar na produción galega, tanto no sector do viño como no da augardente. Ao anúncio feito por duas famosas bodegas xerezanas, segiulle agora o das rioxanas *Bodegas Lan*. **(Páx. 8)**

A NOSA TERRA

ANO XII • 19 DE OUTUBRO • 1989 — Nº 404 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

SOCIALISMO E OPTIMISMO

ANSELMO LÓPEZ CARREIRA

Serán bastantes, seguro, os bempensantes que se alarman ante os convulsivos cámbios que se están a producir na Europa Socialista, quizá temendo que se trate dun retroceso frente ao ataque desatado pola quinta coluna do capitalismo. E desde logo non faltan os malpensantes que se alegran ante o mesmo feito, pero xustamente polas razóns contrárias. O certo é que todos estamos surprendidos por esas transformacións vertixinosas.

De todas formas, tanto o ritmo e profundidade de renovación, como a dirección na que se orienta, como, tamén e sobretodo, a atitude mantida polo próprio poder socialista, deben ser saudadas por quen sosteña un posicionamento autenticamente de esquerdas e encher de optimismo aos que confian na construción do Home Novo.

O tempestuoso movimento social de que a Perestroika é expresión cabal, ao tempo que guia e animador, supón cando menos duas leccións. A primeira, que o socialismo real, ainda que, como toda criación humana, tendente a ser superada, é capaz de dirixir parte do proceso e, en todo caso, de actuar como catalizador do mesmo.

A segunda, a confirmación de que se trata de sociedades plenamente vitais, ás que o socialismo permitiu despegar de situacións prévias de todal precariedade para plantexárense hoxe retos de calibre superior. Haxa ou non nalguns deses países problemas de crecimento económico, resulta inegábel que o seu nível de atraso e desigualdade social era imenso hai corenta anos, mentres que na actualidade a vida digna e a xustícia social están aseguradas, no que se refire ao direito ao traballo, alimentación, sanidade, cultura, etc., cousa que os países capitalistas ainda non acadaron por regra xeral, a pesar da existéncia máis longa do seu sistema.

Pero tamén é innegábel que unhas povoacións que xa acadaron eses níveis, esixen agora unha maior participación política e a ampliación das liberdades individuais, que son á sua vez imprescindíbeis para asegurar un novo avance económico, no que a iniciativa privada e consumo sexan perfeitamente lícitos, toda vez que o gran capital non existe nen a burguesia controla o Estado.

Trátase, pois, de ampliar a democrácia e recoñecer o pluralismo ideolóxico, camiño no que, sen dúbida, se poderán superar os límites reais da democrácia formal capitalista, recollendo as conquistas do liberalismo e ampliándoas no futuro.

Téñase en conta que na maioria deses países non se vai á restauración de vellas liberdades abolidas polo comunismo, senón a implantación das mesmas partindo de cero, pois a história da democrácia política en Polónia, Bulgária, Roménia oua URSS era nula e era mesmo despreciábel na Alemaña ou Checoslováquia, por exemplo.



Por iso é que o Norte ao que se dirixe o movimento, visto coa perspectiva posíbel, debe ser observado con esperanza, xa que non é outro que unha nova etapa, meta conxutural, na superación das contradicións que van xurdindo no vieiro da História. O socialismo real non podia ser o final da dialéctica da Humanidade, senón o inicio dunha nova singladura. A implantación da igualdade social non podia obviar outros problemas que xa levaba larvados en si. Foi decisivo rematar coa explotación do Home polo Home. O importante é hoxe aumentar o benestar e as liberdades individuais.

Enganarase estrepitosa e afortunadamente quen espere unha tendéncia regresiva e saiba quen asi pense que cara o mundo capitalista (paro, miséria, explotación, imperialismo, agresión...) non se avanza, retrocédese sempre. Ocorre, claro, que os camiños non son rectilinios e non hai socioloxia que poda encorsetar a praxe dos movimentos sociais. Nunca se superaron suavemente os atrancos ao desenrolo e todas as formacións históricas tenden a esclerotizarse, resistíndose aos cámbios, polo que as novas enerxías atopan canles insospeitadas.

Para rematar, e como elemento moi ilustrativo sobre as novas relacións humanas criadas polo socialismo, é preciso dirixir as miradas ao proceso polaco. A "democrácia" ocidental ten aí moito que aprender. Pode tomar nota, por exemplo, do que foi un governo militar no socialismo e comparar os seus custes sociais cos producidos polos seus homólogos de España, Turquia ou Chile, ou pola própria Inglaterra na Irlanda do Norte. E tome nota, se pode, da dignidade que implica recoller as demandas populares, criar novos cauces de participación e entregar a xestión política a unha alternativa de clara oposición sen traumas nen violéncias. Iso é algo que ainda non se deu un só caso nos países capitalistas.

O conxunto de fenómenos que estamos a viver —e que de certo afectarán decisivamente a Occidente—, desde as demandas das nacións da URSS ás da xuventude da RDA, conformarán unha síntese progresiva que só no futuro a História poderá captar a sua unicidade. □

TRES EN RAIA

ABRE A BOCA, PECHA OS OLLOS

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Monte no elefante e sairá en portada, díxolle nas eleicións pasadas un reporter a un conselleiro da Generalitat, candidato por unha formación catalana. E a pesares do tufo que deixa na chaquete o bicho, o candidato monta no elefante. Se queren velo, consulten "La Vanguardia". E cando o candidato monta no elefante, velaqui que adequire apariéncia mediática (Villafañe *dixit*), e aparece na páxina un sen necesidade de forzar á porteira a se alistar na ONCE ou de deixala seca dun tallo coa *Gillete*.

Habitación para se montar nos elefantes iso das campañas á americana. Habitacións con bons e maos en corto, bons e maos ao alcance da patada nos ovos que fan *crack* como a Bolsa. Foto repertorial e de costumes, photo-oportunitty para todos eles, e todos eles con sobexo de cio afortalan ese seu sistema de representación: o voto como rito para a conciéncia inxénua. Agás cando se vai votar pola independéncia de toda esta panóplia.

Na iconografia que lles gosta para estas datas aparécensenos en posición severa, posición de heroi dos comics dos 60, e coa palabra "Forza" por atrás ou por diante. No ponto de mira o horizonte do 2.000. Miren para eles ofertándose ao mellor postor como estrelas de papelina —material que se lles acai máis que o celuloide— e miren como cada dia a prensa fai deles, para todos nós, un membro da família. Porque cando xa iamos camiño de decidir nós próprios e resucitan ao pai. Que se encarrega de facelo todo para nós.

Canto de sirea para chuchar do voto intransferíbel e individual cando xa suprimiron a función social da subxectividade, cando suprimiron a máis subxectiva e superficial de todas as enerxias coma di John Berger da esperanza. E con ela fixeron un embrullo de supermercado no que oferecen pérola falsa de confort. □

BANDA DESEÑADA

XERARDO VIÑAS



VOLVER AO REGO

Que o contestador automático da oficina dos senadores do Partido Demócrata de USA bramase aí atrás e o Grupo Parlamentário agardasea que un destes dias o governo Bush nomease a Joseph Zappala "embaixador na República de España", non debe abraiar a ninguén. En princípio. Porque na Tv USA as máis sobranceiras informacións que sobre "España" se teñen oferecido foron: a cornada de Paquirri, as incidéncias conxugais de Isabel Preysler e o 23-F. De Tejero pensarian entón que era un coronel dunha república bananeira. Comenenceiros, os senadores ianquies non saben do que non queren: mira se sabian do narcotráfico en Cuba. Ou no Panamá. □

A NOSA TERRA

ANO XIII • 14 DE DECEMBRO • 1989 — PERIÓDICO GALEGO SEMANAL — Nº 412 • APDO. 1371 (VIGO) •100 PTA.

Laxe manipulou un inquérito hai 12 anos para aparecer *presidenciábel*

Hai doce anos o xornal "El Ideal Gallego" realizaba un inquérito entre os seus leitores para animar a opinión arredor da reivindicación da autonomia, propondo a eleición dunha Xunta de Galicia ideal. Claudio López Garrido lembra aquela iniciativa, de curiosos resultados, e o intento de manipulación da mesma por un grupo de persoas das que formaba parte Fernando González Laxe. **(Páx. 6)**

Xeneral Piris: 'O exército deberia reducirse á cuarta parte'

Ten fasquia de cabaleiro de Castela, de ademán preciso, verbo firme e contido liberal. Xeneral de brigada de Artilleria, permaneceu no servicio activo toda a sua vida profisional, desenvolveu vários cursos en Estados Unidos e residiu en Bruxelas como Agregado Militar. **(Páx. 7)**

Os nacionalistas de esquerda e direita intercámbian a petición de voto

O PNG-PG pediu o voto dos nacionalistas de esquerda para o BNG, que, á sua vez, realizou un chamamento ao eleitorado conservador para que vote opcións nacionalistas deste signo. Mentres PSOE e PP se lanzaban mútuas acusacións de estar a propiciar o *pucheirazo*. **(Páx. 5)**

Os paises do Terceiro Mundo abocados á produción de droga

As drogas, cun valor engadido de 5.000 veces o seu custe de produción, teñen sido desde hai máis de centocincuenta anos, obxecto de control mercantil polos paises desenrolados e as metrópolis. Con 1.000.000 de hectáreas no mundo adicadas ao cultivo das drogas, os paises do Terceiro Mundo vense obrigados a procurar unha saida por ese camiño ao enorme peso da débeda externa a costa da progresiva degradación dos Estados. **(Páx. 10 e 11)**

A IMPRESIÓN DE PAPELETAS PÒLOS PARTIDOS CONDICIONA O VOTO *PERSOAL, DIRECTO, LIBRE* E *SEGREDO*

CAPATACES DO VOTO



X. MARRA

O Tribunal Superior da Galiza ordeou a repetición das últimas eleicións Xerais en Pontevedra; PSOE e PP acusánse de pretender o *pucheirazo* o próximo 17 D, pero esquécese que a maioria do voto galego é un *voto cautivo*, manexado polos caciques, chamados agora polos grandes partidos, *axentes eleitorais*, e conducido ao colexio eleitoral polos *capataces do voto*, en condicións que anulan calquer eleición democrática. Compre unha reforma da Lei Eleitoral que impida a impresión de papeletas polos partidos, como xa sucede nalguns paises, de modo que a liberdade de voto quede garantida tamén fóra do Coléxio Eleitoral.


A NOSA TERRA

ANO XIII • 14 DE DECEMBRO • 1989 — Nº 412 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

O CONTROL DA INFORMACIÓN, COMO FORMA DE DOMINACIÓN

ENRIQUE GONZÁLEZ MANET



A primeira reflexión que se debe facer sobre os meios de comunicación e a loita pola paz ten que ver co carácter, natureza e tendéncia dos fluxos da información no mundo. Unha análise nese sentido precisa incluir non só as estruturas do poder transnacional e o seu impacto cualitativo, como tamén os fenómenos de dependéncia e desigualdade, que afectan aos paises do Terceiro Mundo.

No momento en que as novas tecnoloxias multiplican de forma exponencial a difusión das mensaxes, en escala global, dous tércios da humanidade teñen acceso a apenas o 10% dos meios de comunicación e encóntranse sometidos a un fluxo único de información, procedente dos paises industrializados, en particular dos Estados Unidos.

As pesquisas de organismos internacionais e institucións non- guvernamentais, realizadas nos últimos dez anos, mostran que os centros de información máis importantes de occidente, en vez de promoveren a distensión e a paz, teñen favorecido a inestabilidade, a incerteza e o militarismo, entre as nacións máis probes.

A información, actualmente, converteuse nun verdadeiro campo de batalla, orientando a conquista da opinión pública mundial, de forma xamais vista. Esa estratéxia mantén estreita relación co avance das grandes corporacións transnacionais e co esforzo do occidente, no sentido de consolidar e ampliar o sistema da economia de mercado.

Os paises subdesenvolvidos teñen pouca noción da magnitude e influéncia dos sistemas actuais de comunicación. No 1980, Bruno Lussato, profesor da Universidade de Paris, advertiu, no libro *O desafio da informática*, que unha revolución silenciosa xa tiña comezado a transformar o mundo e poucos sabian disto.

UNIFORMIZACIÓN DAS MENSAXES

O fenómeno explícase porque o surximento de novas tecnoloxias de telecomunicación instantánea é moi recente e, en xeral, ignorábase o carácter integrativo e converxente dos bancos de dados, microcomputadores, cabos de fibras ópticas, satélites de transmisión directa e sistemas integrados de redes dixitais. Alén diso, unha campaña intensa de sofisticación e de desinformación, no uso destas tecnoloxias, ten impedido a toma de conciéncia, en canto aos meios de comunicación como mecanismo de dominación neocolonial.

Segundo un informe do programa Internacional da UNESCO para o Desenvolvimento da Comunicación, que circulou restritamente en Xaneiro do 1988, as vendas da indústria mundial de información foron estimadas en 450.000 millóns de dólares, no 1984, e en 1,1 billóns de dólares no 1986. O documento afirma que esa tendéncia de crescimento está ben documentada e que a sua evolución dará lugar a grandes trocas estruturais en termos de elaboración, administración e distribución de bens e servicios, afectando a vida particular, as formas de traballo e o tempo libre de cada un de nós.

Pódense distinguir tres sectores, no moderno aparato da comunicación social, cada vez máis concentrado e menos humanizado: os meios de masas, a prestación de servícios e a indústria de equipamentos, todo controlado por xigantescos grupos financeiros internacionais, de carácter multi-sectorial. No 1986, a indústria dos meios de masa mobilizou 315.000 millóns de dólares; a prestación de servícios, 380.000 millóns de dólares, e a de equipamentos, 490.000 millóns. Os gastos mundiais en publicidade chegaron a 220.000 millóns de dólares. Os Estados Unidos, Xapón e a CEE abarcan o 70% do produto mundial bruto e o 90% da produción de bens e servícios da información.

Na recente III Conferéncia Mundial de Rádios Comunitárias, en Managua, o especialista belga, funcionário do Banco Central de Bruxelas, afirmou que, nos próximos anos, a Europa corre o risco de verse dominada por grandes grupos empresariais, que concentran enormes investimentos nos sectores financeiros e de comunicación. Stuckens observou que non se pasa unha semana, sen que se teña notícia dun grande conglomerado financeiro absorbendo xornais, redes de rádio e televisión, editoras, productoras de vídeo e disco, etc... o que pode conducir a unha perigosa uniformización das mensaxes veiculadas. Iso, segundo el, poderá ser un factor de promoción de tensión social e, cando menos, dun vacio de información de interese público. "Se esta estratéxia continua — alertou Stuckens— a única posibilidade real de conseguirmos nos informar será através da imprensa alternativa e da rádio comunitária. Ese desafio esixe unha ampla mobilización da opinión pública, para se organizar a cidadania a nível local, rexional e nacional."

INFORMACIÓN E SOBERANIA

Mais, que tipo de información flue desas estruturas monopolistas de poder? Todo indica que non hai mudanzas na estratéxia hexemónica que consagra a propaganda militarista e o uso da forza como mecanismo de negociación.

O proxecto norte-americano de imposición do "libre fluxo" foi vasoirado na UNESCO e na ONU pola proposta da Nova Orde Informativa Internacional, respaldada polo Movimento dos Non- Aliñados, polo Grupo dos 77 e polos paises socialistas e progresistas. A resposta implacábel dos Estados Unidos foi a desestabilización da UNESCO e a chantaxe contra a ONU.

Unha vez neutralizada (ou case) a loita por unha Nova Orde Informativa Internacional, os Estados Unidos e os paises occidentais presionan agora o Acordo Xeral de Comércio e tarifas-GATT e a Unión Internacional de Telecomunicación-UIT, para impór, como nova categoria comercial, a chamada "exportación de servícios", que non é outra cousa senón o libre fluxo de informacións entre satélites e computadoras.

Todo iso mostra que é urxente a necesidade de se acompañar as mudanzas e tendéncias das informacións e reactualizar as estratéxias de loita pola paz, pola cooperación e polo desarmamento. As novas tecnoloxias da información, das cales o Terceiro Mundo só ten acceso ao 5%, segundo a UNESCO, son imprescindíveis para o desenvolvimento. Non pode, entretanto, haber desenvolvimento sen cooperación e soberania. iso quer dicer que se abren, asi, formas de loitas máis complexas, debido ao inter-relacionamento dos procesos económicos e sociais.

Nese sentido, un dos anticorpos fundamentais para neutralizar a contaminación das mensaxes alienantes e distorcidas e reforzar a identidade cultural, os valores humanos e o amor pola paz e polo progreso social

Apesar das desigualdades e das limitacións do Terceiro Mundo en relación aos paises industrializados, é preciso aprender a desmontar os mecanismos da propaganda hexemónica. É necesário enraizar e esclarecer os princípios éticos e solidários que identifican unha sociedade construtiva. As perspectivas de paz, que decorren das xestións do desarmamento xeral e dun eventual fin das guerras "de baixa intensidade", chámanos a participar doutra guerra, a das ideas e dos conceitos, que é a mellor garantia de defensa da nosa idoneidade, soberania e desenvolvimento. □

TRES EN RAIA

BERLIN, BERLIN (I)

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Illa de Berlin. Co rio Spree como directório. Cidade na que compre escoller e na que eu —para que me enganar— escollo o Leste.

Escollo o Novo Forum do Leste onde se discute como rematar coa corrupción e coa redución da política ao esterotipo da tendéncia única e como amplar todo o que de comun, na história, teñen conquerido coa práctica do idearium socialista.

Tamén escollo o Berlin Occidental. Para me manifestar en contra do racismo e da reunificación como fan desta banda os progresistas: ollo, compañeiros —bérranlles eles aos alemáns do Leste que atravesan a raia co seu gogo-móbil estilo anos 50 ou, coma min, en sentido contrário, no metropolitano—; ollo, compañeiros, que isto non é *jauja*. Que mentres te agasallan con bananas cólanche a explotación idealizándoa como a Gran Alemánia que poderia ser sob a batuta demócratacristián.

Alle reder von bananen, e sabes ti, cidadán da República Democrática Popular —non cristián— o que acocha esta banana gratis? Sabes que estás a lles traballar nos circuitos máis rudos da economia sumerxida pola metade do turco ou do galego? Por cinco marcos-hora, cidadán do Leste, cando mesmo os traballadores de segunda clase, os turcos e os galegos, tiñan acadado catorce marcos-hora. Sabes que che van ter que hostiar, turcos e galegos, da Alemánia demócrata-cristián porque lles trapicheas co pan e máis co sal? Co salário e cos direitos cívicos. Sabes que mesmo os quererán expulsar porque ti convertícheste en bicho preferente? E se ves para acó, cidadán do Leste, quedas en carne de extorsión coma o turco. Non retornes á noitiña no metro para o socialismo a aproveitar a casa que tes gratis. Paga, desta banda do Spree, a habitación insálubre e os bares *apartheid* a te esnafrar co resíduo fascista que alimenta a sociedade de consumo.

Berlin-Berlin, pergúntome que prefiro eu: unha nación, a nación alemana, en se expresando en dous estados, en dous sistemas políticos diferentes, nos que cristaliza a história europea do século XX, ou un estado recuado, como o estado español, con catro nacións ás que tan ben nos viria a liberdade de desunificación. Prefiro a diferéncia, prefiro Berlin un e Berlin dous. □

VOLVER AO REGO

Levaban anos co cóbado apoiado na barra facendo un cántico espiritual ao pesimismo. Eles foran os últimos con inxénio, os últimos que mereceran a pena. E acabouse. O crespúsculo das ideoloxias. O fin da história.

E agora resulta que os mozos de menos de 24 anos, os rapaces dos institutos, das FP, os xovenes do rural, os das cidades que falan castellano, perguntan polo significado das cousas, esixen respostas e moitos votan esquerda nacionalista. Non son apocalípticos (coma os progres), nen integrados (coma os progres virados a *yuppies*), son dignos e están máis preparados. Nada é en balde. □

A NOSA TERRA

ANO XIII • 21 DE DECEMBRO • 1989 — PERIÓDICO GALEGO SEMANAL — Nº 413 • APDO. 1371 (VIGO) •100 PTA

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

DECLARACIÓNS DOS LÍDERES NACIONALISTAS TRAS OS COMÍCIOS

FRAGA E BNG GAÑADORES

[redacted]a será o presidente, ainda que os votos de esquerda superan aos de direita.
O paso de alcaldes de CG do 1985 ao PP provocou o cámbio de voto. EU e CDS, que apostaron polos líderes estatais, quedan de novo fóra do Parlamento. O PSOE perde votos en seis das sete cidades e Madrid impídelle impugnar os resultados de Ourense.



XAN CARBALLA

As grandes cadeas e o PSOE acapararon as concesións de emisoras de FM

O Governo autónomo adxudicou as 26 emisoras de frecuéncia modulada unhas horas antes das eleicións; co tempo xusto para que o escándalo que xa barruntaban non salpicase as votacións, pero tamén para que o prazo de recursos expire antes de que tome posesión o novo Governo. **(Páx. 7)**

Álvarez Gándara: 'A tutela das liberdades fracasa polo colapso da xustícia'

A. Álvarez Gándara regresaba á política pola xunta de governo do Coléxio de Avogados de Vigo, cos votos que o convertian en decano. Nesta entrevista, Álvarez Gándara aborda nesta conversa aspectos sobre a vida política e a importáncia da xustícia nun estado de direito. **(Páx. 10 e 11)**



Euskadi e Cataluña crispan ao governo central co reclamo da autodeterminación'

Unha decisión do Parlament de Catalunya, a iniciativa de ERC en favor da autodeterminación, seguida polo pronunciamento de vários partidos bascos, provocou a reacción fulminante e crispada de Madrid que se apresurou a sair en defensa da "unidade de España". **(Páx. 15)**

Os compromisos de paz en Centroamérica arrasados coa invasión de Panamá

A invasión de Panamá é o remate dunha política de cerco gradual contra a presidécia de A. Noriega. Pero é tamén a única saida de Estados Unidos contra os acordos da VI reunión de Costa Rica que comprometen a todos os governos de Centroamérica no proceso da paz. **(Páx. 17)**

A NOSA TERRA

ANO XIII • 21 DE DECEMBRO • 1989

Nº 413 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS



UNIDADE SINDICAL, EN QUÉ DIRECCIÓN?

C. PORTELA/X. FORTES/M. GONDAR/L. BEMBO

Hai un ano escribimos desde estas páxinas a prol da unidade do sindicalismo galego, cando ainda habia unha forte resisténcia ao proxecto. Moitas cousas teñen cambiado desde entón. O interese político en dificultar a converxéncia da CXTG e mais a INTG está felizmente superado. A unidade do sindicalismo nacionalista vai por bon camiño, e neste sentido os sindicalistas están a dar unha pequena lección aos políticos. A cuestión xa non é a unidade, senón de que xeito e para que.

No anterior artigo diciamos (recollendo o sentir dos sectores mais conscentes e combativos de ambas as duas centrais) que a unidade era *só* a condición prévia para a hexemonía, e ista á sua vez imprescindível para a clase obreira asumir o papel protagonista que lle corresponde na ruptura do círculo do atraso e dependéncia da Galiza como nación.

A tentación do eleitoralismo non é exclusiva das forzas políticas. Hoxe hai fortes presións para que os sindicatos limiten os seus obxectivos a termos de cuotas de representación. Daquela é doado pensar que a hexemonia seria equivalente á maioria relativa: Acadar nas próximas eleicións sindicais máis delegados que CC.OO. e U.X.T., *por separado*, seria un primeiro froito, nada utópico, da unidade. Mas iso non é maioria, e moito menos hexemonía.

É un mal critério denominar simplesmente maioria ao grupo máis votado sen ter en conta as relacións e coincidéncias entre os restantes. Mais é un autoengano nun caso como o que estamos a analisar, cando a unidade de acción entre as grandes centrais estatais está en marcha con anterioridade á converxéncia nacionalista. E isto non só como resposta inevitável á política antiobreira do PSOE, senón tamén como parte dun proceso de reestruturación da esquerda europea, desencadenado desde o Leste os efectos do cal manifestaranse en España (nunha xeira na que o seguidismo pseudoeuropeista é a única ideoloxía do Poder e mais da oposición, con retraso, mas con total seguridade).

É unha inxenuidade pensar que a unidade vai conducir a curto prazo e por si só no predomínio eleitoral. Na confrontación sindicalismo nacionalista/sindicalismo estatal a forza do primeiro non ten que ser só nen principalmente numérica, senón de capacidade operativa, de protagonismo na loita. De que serviria que unha central nacionalista tivese na Galiza a aplastante maioria electoral que CC.OO e U.X.T. suman no conxunto estatal? Seguramente para facer un 14-D galego, tan episódico como o español, tan incapaz de xerar unha alternativa á política do PSOE. O sindicalismo galego non ten necesidade de maioria e si de iniciativa, que é a que pode conducir á auténtica maioria. E isto implica primeiro de todo *ter ideas*.

Hai un ano dicíamos que "a unidade é imprescindível para reunir xa a *cantidade crítica de despegue* a partir da cal acadar a hexemonia sindical que permita estruturar a loita con perspectiva galega". Compriria precisarmos que estruturar a loita con perspectiva galega non seria tanto a consecuéncia como a causa da hexemonia. Pois iso equival a situar correctamente o cerne dos problemas (a "contradicción principal" que é o primeiro paso para a solución, é dicer para pór en marcha o que denominamos *sindicalismo alternativo* frente ao meramente reivindicativo. Exemplo rotundo da impoténcia diste é o 14-D, aquel exercício de fogos artificiais respaldado polo 90 da forza sindical española que foi incapaz de obrigar ao PSOE a rectificar ou a abandonar a dirección da política económica.

A impoténcia do 14-D (e dito sexa de paso: a impoténcia de I.U. como "alternativa" sen alternativas) consistiu en que o chamado "xiro social" partia do presuposto básico do sindicalismo clásico: Non pór en cuestión o modelo industrial nen o mito do Progreso" (quer dicer: que confia a empresários, técnicos e dirixentes en xeral, a responsabilidade de organizar a producción ocupándose só do reparto)". O sindicalismo non superará ista impoténcia se non é quen "de intervir activamente na definición de opcións estruturais, na política de inversións na promoción de iniciativas empresariais, e no deseño dun modelo de desenvolvemento axeitado ás necesidades, recursos e prioridades galegas, *con conciencia do contexto mundial*, mas non a traveso das previsións propagandísticas do capital transnacional... e dos seus corifeus de direita e esquerda... senon mediante observacións obxectivas". (Por exemplo: o acto de publicidade comercial das multinacionais encarregadas da venda de subproductos da "Guerra das Galaxias" celebrado hai pouco en A Coruña con pretensións de "Congreso científico" é outra mostra menos notória que o 14-D pero igualmente significativa, da impoténcia dunha "esquerda" incapaz de cuestionar as "evidéncias" económicas nel vendidas).

O carácter nacionalista do sindicalismo que resultará da confluéncia da C.X.T.G. e máis a I.N.T.G. constitue un primeiro paso para a superación desa impoténcia porque permite instalarse nunha óptica xeoestratéxica (a contradicción Centro-Periféria) da que o sindicalismo españolista, que opera nun marco falsamente homoxéneo e polo tanto cunha estratéxia artificailmente centralizada e necesariamente *rutinária*, carece por completo. En particular, o marco galego é o axeitado para plantexar correctamente unha política de cooperación de clases populares, imprescindível para os traballadores acadar o necesário protagonismo no desenvolvimento económico.

Mais o marco xeo-sócio-cultural (nacional) non produce automaticamente a anovación, sen a cal o sindicato non pasará de ser un elemento inerte na dinámica de cámbio social que, *nunha dirección ou noutra*, se está a producir e *seguirá a se producir*.

ALGUNHAS SUXERÉNCIAS SOBRE O SENTIDO DA ANOVACIÓN SINDICAL

A) Intervención na política de investimentos. Un caso realmente paradigmático é o proxecto de montar unha celulosa na costa de Lugo. O plantexamento sindical típico e de via estreita seria que todo o que signifique postos de traballo é ben recibido. Un sindicalismo protagonista plantexarase que todo investimento supón a renúncia a outros investimentos alternativos, e que neste caso a alta ratio investimento/posto de traballo, xunto co deterioro ecolóxico e a criación do monopólio forestal é decididamente negativa para a clase obreira e para todo o povo galego. O sindicalismo alternativo debe opoñer a iste proxecto unha alternativa basada na diversificación forestal, en espécies, tipoloxias e aproveitamentos, polo tanto tamén defender as pequenas e medianas empresas que realizan ese aproveitamento diversificado e os moitos postos de traballo espallados polo país que esas empresas xeneran.

B) O anterior é un caso especialmente importante dunha confluéncia necesária entre sindicalismo e movimientos cidadáns. Outros casos poden ser: A cooperación entre sindicatos de traballadores por unha banda e movimentos de usuários por outra, en relación a servícios públicos como o Ensino e a Sanidade. Desde un ponto de vista dunha central de clase, a Sanidade e o Ensino non son só ramas de actividade asalariada ás que corresponden sindicatos particulares, senón servícios, o bó funcionamento dos cales interesa á clase obreira en conxunto, a título de usuária, e certamente, sen diferéncias de intereses cos restantes sectores de usuários. Reflexar isto na práctica sindical é un reto ao que teria que respostar o sindicalismo distas ramas para non cair no corporativismo e operativizar criativamente o concepto de solidariedade da clase traballadora. A discusión das cuestións esenciais da calidade do servício en asambleas sindicais sen distinción de rama, seria un primeiro paso na definición dunha práctica de *Acción Cívico- Sindical* da que derivaria unha decisiva potenciación do sindicalismo nestes eidos concretos.

C) Falamos no ponto a) dun caso decisivo

TRES EN RAIA

BERLIN ACÓ (II)

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Berlin, acó, é a Filarmónica que suportou ao divo de direitas, señor Karajan, e que agora se amosa esplendorosa co titular Abbado como titular, nese seu edifício de estruturas e materiais á vista, onde nada se oculta, compéndio de razón da escola de Ulgui.

Berlín, acó, é a senadora de planificación familiar e da xuventude, Ann Klemm, proclamándose lesbiana e que subvenciona os locais todos onde unha presada de persoas se queiran xuntar para artellar *performances*.

Berlin, acó, é A.R. Penk, o criador plástico máis singulkar que viñera hai anos, aló polos sesenta, do Leste, e que para non morrer de aborrimento toca a bateria nun grupo de *free music*

Berlin, acó, é unha cidade de retallos que nunca chegan a ensamblar, son eses ghettos para a liberdade total que non hai en Baviera, a expresión afábel de xentes afeitas ao convivio, o París Café a reproducir ambente parisino, o Einstein Café a reproducir o Catro das Travesas,. Berlin, acó, é o bairrro de Hreuzberg, o do turco, con locais para jazz, ad hos, ou para salsa e onde lle mandas duas ou tres copas de zambuca, unha espécie de chinchón con graos de café ao que se lle prende lume un anaquiño.

Berlin, acó, é coma a casa do constructor de pianos onde nos aloxamos, porque aló vive Rocio Meana, viguesa que está aló porque aló fálase alemán e máis Mona que é colombiana, bailarina e ven de San Francisco. Cristal Méndez trabuca a cotio a man esquerda coa man direita, por mor diso andamos sempre os camiños máis longos, mesmo chegamos a atravesar un parque xelado para chegar ao muro. Porque eu estou seguro que para Cristal só existe no mundo o senso circular.

Berlin, a pé de muro, son os restos dos hippies que cho venden a pedazos, como se se tratase de pevices de ouro, mentres os coleguillas están, dalle que che pego, cun cincel e un martelo, non por abatilo senón por aproveitar a ocasión e comerciar.

Berlin, acó, é o consulado español ainda co inefábel xugo e frechas no frontón. □

VOLVER AO REGO

BIBLIOTECA UNIVERSITÁRIA DE SANTIAGO

A Asociación da Prensa de Vigo ten previsto celebrar este ano a Festa do Patrón cunha *Semana da Prensa* na cal destaca o *Torneo das Catro "P"* que consistirá en enfrentamentos deportivos entre periodistas, policias, políticos e publicistas.

Para que o rosário fose completo para os convocantes só lles faltou mencionar outra profisión que empeza por "P" e que por decéncia non mencionamos. □

Public Diaie 30

A NOSA TERRA

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

ANO XIII • 8 DE MARZO • 1990 — PERIÓDICO GALEGO SEMANAL — Nº 423 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

O PSG-EG preconiza un acordo eleitoral para as municipais con EU e BNG

A Executiva do PSG-EG decidiu proporlle a Esquerda Unida e ao Bloque Nacionalista Galego, asi como a outros colectivos, concorrer conxuntamente ás eleicións municipais, ainda que o concelleiro vigués Xesus Costas ao dar a coñecer a decisión do PSG-EG, precísase que consideraban que o pacto é moito máis factíbel con EU que co Bloque. **(Páx. 5)**

Xesus Arrizado: 'CCOO e UGT queren facer de nós sindicatos subalternos'

A celebración do Dia da Clase Obreira Galega apreséntase este ano baixo duas coordenadas: o proceso de unidade das centrais nacionalistas e a perda de unidade de acción coas centrais estatais. Xesus Arrizado, membro do Secretariado Confederal da CXTG, analisa nesta entrevista eses aspectos, adentrándose tamén no momento político actual. **(Páx. 10-11)**

Un informe empresarial afirma que Vigo sairá perxudicado co Mercado Único

A cidade de Vigo entrou en declive económico na década dos 80, o que aumentou as condicións negativas do seu carácter periférico e deixou en evidéncia a febleza do seu sistema de comunicacións e servícios. **(Páx. 7)**

Os EEUU incapaces de cumprir as suas promesas de axuda económica

O tránsito do capitalismo ao socialismo de Polónia e Hungria significará unha nova redución de axudas e créditos para o Terceiro Mundo. As poténcias capitalistas, cos Estados Unidos á frente, tiñan asumido os máis diferentes compromisos. Sen embargo, os recursos económicos que serian colocados ao servício de tantas ambicións non destacan pola sua cantidade. **(Páx. 14-15)**

A UNHAS CONDICIÓNS LABORAIS DISCRIMINATÓRIAS, A MULLER SUMA O TRABALLO DOMÉSTICO AINDA HOXE NON RECOÑECIDO COMO TAL

SER MULLER É DURO

Ás condicións laborais discriminatórias —menor salário que o varón, impedimentos para o ascenso, abusos sexuais— a muller debe unir á xornada doméstica, labor que interesadamente a cultura masculina ben considerando "natural". O 8 de Marzo, Dia da Muller Traballadora, celebra os direitos e a situación de inxustícia na que viven o 50% das persoas, sometidas en tantos terreos pola outra metade.



A NOSA TERRA

ANO XIII • 8 DE MARZO • 1990 — Nº 423 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

SER GALEGO FÓRA DE GALIZA, SER INCOMPRENDIDO

BERNARDO MAIZ VAZQUEZ



A NOSA TERRA

Estiven eu en Madrid nos dias centrais do mes de Decembro, e por iso é que chamo como chamo a esta entrega; pois estiven fóra da Galiza setenta veces sete (ou centocuarenta veces catorce, que tanto ten) e nunca me dera de conta eu de certas cousas que albisquei nesta viaxe á "capital", a un de tantos congresos, simposiums e xornadas ás que asisto, desta vez con tempo para falar de algo alleo ao tema do encontro ou da última (que non derradeira) conachadiña de calquer suiña da profisión ou da política...

E mira ti, xa no primeiro xantar de compañeiros historiadores, xurdiu falar das pátrias e do que era esa palabra para cada quen... e Joan, Aitor e máis eu tentamos — sen acordo prévio— canear o tema, pero...

Estou a explicarme mal, tempo que precisar que ali estábamos tres andaluces, un extremeño, un albaceteño, unha conquense, un soriano, unha aragonesa, catro madrileños/as, unha santanderina, un leonés, un asturiano, un catalán, un basco e un galego, ou sexa, case todo o Mercado Comun español nunha das suas faces culturais. Como o tema das pátrias xa era inevitábel na tertúlia, nós (lenemente, amodiño, razoadamente, os tres centro involuntário das olladas), quixemos explicar, pero sofremos forte marusia e temporal no que as tres chalaniñas periféricas aturamos os salseiros e as ondas de doce metros que xeraban aqueles esgrévios herdeiros do Cid Campeador recastizados en Isabel A Católica, e agradecido quedei á santanderina, ao leonés e a un dos andaluces, que foron boa xente. Horríbel, ainda máis cando para o demais eramos ccincidentes, para todo o que non fose referido á "unidad de España", "región", "nación", "lengua", "dialecto", "auto-determinación", etcétera.

Nada nos pasa aos galegos, cataláns ou bascos, a todos os que non queremos máis que ser nós, pero, que lles pasa a eles? Como pode ser que non entendan? Será que son parvos? Será que non queren entender?.

E vou ir de vagar, desmigallando, por partes: non vou entrar en se o que define unha nación é o território, os costumes, o carácter, os modos económicos, a xenética, a vontade, a identidade, a paisaxe... mais vou desenvolver alguns dos tópicos, os deses que din que os xudeus son avaros, os alemáns brutáns, os árabes enganadores, os chineses revirados, os ingleses pousados, tópicos —por xunto e polo miúdo— non son máis que trangalladas pero voz comun; e nesa voz comun os cataláns son peseteiros, os madrileños son achulados, os asturianos son navalleiros, os andaluces son mintireiros, os castellanos son secos, os bascos son brutáns, os aragoneses teimudos, os canários son aplatanados, os baleáricos son fillos de piratas, os manchegos son porcos e os galegos somos raposos. E se lles parece ben dámoslle a volta, e os cataláns son traballadores, os madrileños son valentes, os asturianos son arruzados, os andaluces son graciosos, os castellanos son sérios, os bascos son fortes, os aragoneses son nobres, os canários son ledos, os baleáricos son bons investidores, os manchegos son cabaleiros e os galegos somos intelixentes; e poderia completar a lista con cántabros, valencianos, murcianos, rioxanos, leoneses, mesmo andorranos, e xa non faltaria nengun. E todo é falso e todo é verdadeiro, tanto como o chiste do galego na escaleira ou aquel outro do musulmán chiíta, o musulmán sunnita e o galego na punta dunha torre, que o único listo foi o noso compatriota. E as devanditas son as características diferenciadoras e as únicas diferéncias entre os súbditos do Rei de España... eu desconecto, e tamén debo desconectar cando un concellal de esquerda, un ecoloxista, un sindicalista, un profesor, unha feminista, todos eles de Pedrafita para aló, entenden que só distingue un andaluz de un galego a guitarra e a gaita ou que as identidades están no gazpacho e no caldo de grelos. Pois as diferéncias e as identidades son outras, e as nacións tamén.

Como moito chegan a respeitarnos, non poden ir máis lonxe... Pero é que non entenden, é que non queren entender, e moi lonxe de min recorrer a eses versos do Hino galego, eses que chaman imbéciles, escuros e ignorantes aos que non nos entenden. Son, só, como vencedores da historia, arrogantes (e a ignorancia é arrogante dabondo), e nada saben da fachenda de ser galego, do maravilloso que é ser diferente. Eu quero que nos respeiten e que substituan as expresións descalificadoras que usan por outras, xa que as palabras non son inocentes e a semántica ten os seus porqués; que en vez de "región" usen de nación, en lugar de "dialecto" (xúrovos que ainda hai quen!) língua, e, xa que de língua vai, non entendo eu como toda esa xente de fala castellana que estuda entusiasticamente francés, inglés, alemán, ruso, ignora voluntariamente o catalán, o galego, e o euskera. Como é que os "periféricos" temos que ouvir a mágoa é que pensemos e escrebamos nas nosas falas?

A mentalidade españolizadora ven facéndose desde os séculos dos visigodos e eu non quero facer aqui un repaso de história nen lición profisional, pero si convén lembrar o que impuñeron os Trastamara, lexislaron os Reis Católicos, remacharon os Áustrias, afortalaron os Borbóns, dictou Francisco Franco e postmodernizou o tándem Suárez-González coa colaboración de certos "periféricos" desleigados: a uniformización. E quero que saiban que resistimos, que a nosa realidade cotiá é ben distinta á deles pois está baseada noutro proceso histórico, quero que respeiten as miñas diferéncias, como aceitan que a humanidade non é toda de cor branca ou toda católica senón que hai negros e luteranos, indios e "Séptimo de Caballeria" (que non de cabalaria).

E vou facer un duplo chamamento: por unha banda aos galegos que non exercen de tais, pola outra a esa maioria de españoles que teñen unha lagoa mental no referido á Galiza, Euskadi, Catalunya... E mellor non argumento eu cousa nengunha e uso doutra voz que seguro que é máis afinada e respeitábel que a miña:

"Lémbrome dalgúns galegos, que viven para os seu bandullo: son galegos e non saben que Galicia necesita unha política súa. Son galegos e non se decatan da necesidade dunha política que garantize a vida da nosa cultura... Os galegos verdadeiros non discutimos o dereito de Galicia a ser unha nación, porque Galicia xa é unha nación... Galicia ten o deber de contribuir á civilización universal, incorporando a ela as nosas creacións inéditas. Esto imponnos a obriga de sermos cada vez máis galegos... Esta visto que o patriotismo español non é outra cousa que o patriotismo castelán, tan forte nos sectores atrabiliarios como nos internacionalistas".

(Castelao. "Sempre en Galiza")

Eu, desde hoxe, non volvo máis razoar o evidente. □

TRES EN RAIA

50.000 ORDES DE SILÉNCIO

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Houbo tres xastres que lle mandaron unha carta á raiña inglesa, xa hai vários séculos, para se queixar de asuntos do grémio de corte e confección. E estes xastres, por esta sua carta, pasaron á história da propaganda. Porque a primeira lei da manipulación da linguaxe a favor duns determinados intereses é disimulalos como en interese de todos, é falar como se se representara a todo dios: asi o fixeron os tres xastres que comezaban a sua carta dicindo, "Nós, o povo inglés...".

Despois, e sobretodo na guerra fria (anos 50-60), as leis da propaganda ampláronse á criación de falsas notícias, á confusión de obxectivos (auto-identifíquenseme!!), tal como fixo a noite do martes a TVG substituindo un debate sobre auto-determinación polo filme "Escrito no vento", do desventurado série B Rock Hudson, mentres saian maquillados do trinque desde o plató os convidados, señores Barreiro, Beiras, Nogueira, Rodríguez Pardo e o cuñado de Fraga Sr. Puy

Ainda cando non podes reducir ao inimigo coas outras leis da propaganda a última das leis é a orde de siléncio. E o inimigo hoxe é o debate de auto-determinación. E a orde de siléncio aplícase sobre un médio de propriedade pública. Ulo a consabida Comisión de Control que vele pola sua democraticidade? O certo é que se proibe a información, a opinión crítica, o debate sobre auto-determinación, porque neste tema ninguén é inocente. Por riba do feo que é comezar tan axiña coas ordes do siléncio para o governo do PP. A este paso sobrepasará ao mesmísimo Goebbels, xefe de propaganda de Hitler, que ten no seu haber 50.000 ordes. De siléncio. Apaguen a tele. □

VOLVER AO REGO

Presentouse e dixo que chamaba desde o *Cuartelillo* dali mesmo, do Grove. Chamaba ao Instituto e perguntou se ali estivera un ruso. Tiña acento do sul e pronunciou a palabra "ruso" con certo embarazo, como nos tempos pasados.

Efectivamente, no centro dera unha conferéncia o dia anterior Serguei Sisoef, secretário da embaixada soviética en Madrid, conferéncia amplamente anunciada en carteis, altisonantes e nos meios de comunicación.

Xustificouse e dixo que era "por se houbera propaganda ilegal" e que el "era un mandado".

Quen raios será o que manda, que nen sequer le os periódicos, e ainda non sabe que os rusos xa non se comen aos nenos. □

Public Doain 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XIII • 19 DE ABRIL • 1990


Nº 428 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DEC - SANTIAGO

POLÉMICO DOCUMENTO SOBRE O NACIONALISMO, MENTRES CATRO CORRENTES DEBATEN A DISOLUCIÓN EN *IZQUIERDA UNIDA*

O PCE EN XORNADA DE REFLEXIÓN

Catro correntes diferencianse neste momento no seo do PCE. O futuro do partido, principal motor de *Izquierda Unida*, está a debate. Os recentes éxitos eleitorais, a política de Occhetto e os sucesos no Leste de Europa poñen de actualidade a este partido que ven de dar a coñecer, por outra parte, un documento sobre o nacionalismo no que se abren as portas a un debate ate agora pechado. O PCE pronunciase pola auto-determinación e pide o diálogo con ETA. A crítica das demais forzas estatais e mesmo dalguns sectores de IU non se fixeron esperar.



CLARA AZEVEDO/*EXPRESSO*

Criada a Comisión cidadán para a defensa da frota conxeladora

O Mércores 18 quedou constituída en Vigo a Comisión Cidadá para a Defensa da Frota Conxeladora, formada por sindicatos, partidos políticos e empresários, coa sinatura dun documento reivindicativo básico. **(Páx. 10)**

F. Cardenal: 'A UNO non pode cambiar a Constitución revolucionária'

Fernando Cardenal, expulsado da Compañía de Xesus polo seu apoio ao proxecto revolucionário, prepara-se para entregar ao governo de Violeta Chamorro un ministerio que ten a case imposíbel tarefa de facer educación sen diñeiro. Con sinceridade e o talante de gran revolucionário e cristiano convencido que demostra ser, Cardenal analisa o presente e o futuro de Nicarágua nesta entrevista. **(Páx. 10-11)**

O Concello de Vigo nomea a xente próxima ao PSOE para os Consellos Escolares

O Concello de Vigo nomeou a 8 persoas, vinculadas ao PSOE, para ocupar o cárrego de representante municipal nos Consellos Escolares de cada un dos oito distritos nos que está dividido o axuntamento vigués, asignándolles unha percepción de 500 mil pesetas anuais por asistir ás reunións. **(Páx. 7)**

O *Terral* barco correo dos capos da droga guardeses

Máis unha vez a vila de A Guarda volta ser notícia nacional e internacional. Nesta ocasión debido á aprensión dun barco con 1000 quilos de cocaína por unha fragata norte-americana **(Páx. 10)**


Bule-Bule (4 páxinas para os máis pequenos)

A NOSA TERRA

ANO XIII • 19 DE ABRIL • 1990

Nº 428 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS



ANXO IGLÉSIAS

UN DE CADA TRES SUBDIRECTORES XERAIS DE FACENDA PÁSASE Á PRIVADA

A SOCIEDADE COAS MANS ATADAS ANTE O FRAUDE

M. VEIGA

Un de cada tres subdirectores xerais de Facenda abandonou, nos últimos tres anos, o escalafón máis alto da carreira administrativa para incorporarse á empresa.

Funcionários, co nível 30 —o máis alto—, vense tentados por ofertas que duplican o seu salário e iso que este non é baixo — especialmente se pensamos na maioria—. A sua retribución média anual como cualificados empregados estatais ascende a 6,5 millóns de pesetas, máis outras 850 mil polo desempeño dalgun posto de conselleiro nalgunha empresa ou organismo público. Cifras asequíbeis para as grandes empresas que adequiren os seus servicios.

Dentro dos denominados funcionários da Secretária de Estado de Facenda do grupo A, os de maiores níveis retributivos e maiores responsabilidades (inspeción financeira e tributária, inspeción e xestión de alfándegas, intervención, inspeción de entidades de seguros e fondos de pensións, técnicos comerciais e economistas do Estado e administradores civís do Estado) producíronse un total de 442 baixas entre o 1 de Xaneiro de 1987 e o 31 de Decembro de 1989. Das mesmas 189 debéronse a xuvilacións, pero 103 fórono por solicitude de excedéncia voluntária para pasar a prestar os seus servicios profisionais ao sector empresarial. As baixas afectaron en moita maior medida ao apartado de inspección financeira e tributária. En postos máis baixos do escalafón sucede un fenómeno similar. *I Os responsábeis políticos de Facenda debátense entre a desesperación e a impoténcia ante este éxodo xeralizado dos funcionários de maior cualificación e grado de responsabilidade. Os sistemas actuais de provisión de vacantes e de promocións internas non alcanzan para cubrir os buratos que se producen. E a experiéncia dos funcionários nos postos é cada vez menor.

Pasarse ao inimigo

Pódese dicer que o fenómeno non é exclusivo dos funcionários de Facenda, nen o único modo no que a tarta estatal se dilue a benefício de intereses privados. Pilotos expertos, formados nas Forzas Aéreas, fuxen cara o emprego privado, altos directivos de correos son á sua vez conselleiros de empresas de transportes urxentes...

Pero o caso da Facenda é o máis grave polas repercusións que xera. A mellora da xestión tributária e a loita contra o fraude fiscal está permanentemente lastrada por estas fugas. O ataque que os responsábeis de Facenda poden ter plantexado contra as bolsas de fraude, o perfeccionamento da lexislación e a mellora da posta en prática dos métodos vese fortemente freada.

Pero non só iso, porque estes expertos fan o mesmo papel que se se pasaran ao inimigo. No prazo de dias deixan de poñer os seus coñecementos en favor do fisco, para facelo en benefício do presunto evasor que se encontra asi na sua man co coñecemento de todas as martingalas para non cumplir cos requisitos fiscais. O caso só é comparábel ao dun espia que se pase ao outro bando en tempos de guerra.

Para maior facilidade, os funcionários contan coa posibilidade de solicitar a excedéncia e reintegrarse ao sector público se asi o consideran conveniente no prazo duns anos.

A situación é propícia tamén para as empresas grandes que poden investir nun cualificado técnico fiscal, pero non para as pequenas ás que lle resultaria desproprocionado pagar os elevados salários que require a fichaxe. Desta forma o desequilíbrio entre a empresa grande e a pequena á hora de contribuir nos impostos vese incrementado.

O problema causa un perxuício real ao Estado, quer dicer a todos os cidadáns, cifrado en moitos miles de millóns de pesetas cada ano. E as formas de evitalo son mínimas. O peixe grande sae victorioso. E a posibilidade de criar un sistema fiscal cada vez máis equitativo esváese. □

TRES EN RAIA

CONTRA-CORRENTE

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Na inauguración da II Bienale de Artistas Galegas, en Vigo, houbo, tal e como adoita haber, táboa redonda que para min converteuse en sintomática porque por primeira vez, nun contexto progresista, escoitei falar desde o prexuício do sexo-muller. Trátase, xa que logo, de argumentar que non somos mulleres porque somos artistas e asi pasar a competir —palabra de deus— cos artistas. Non sei eu ben por que, pero pareceume que alguén quer facernos esquecer outravolta o direito ao sexo —novas enaugas, outras censuras— a favor do mercado.

Aos poucos dias, e na TVG, *Contrafío* sacaba do baul o asunto do Cinema Galego e nos convidados sobranceou outro prexuício, o nacional. Vai contracorrente iso de galego, deixou cair un xoven crítico español-falante deses que todo o basan en que hai cinema a secas. De cando en vez a voz material e lúcida de Vidal Bolaño falaba de cultura na história por entre territórios, e como neles se orixinan propostas estéticas de seu quizá porque só hai identidade sobre a diferéncia.

Non sei eu ben por que, machiños, véuseme á cabeza que con tanto de ignorância acabarase por confundir a Granada Productions coa outra granada que fai pum! e mais coa que è comestíbel e tamén acuosa. Porque de tanto querer ser americanos do Norte, digo eu, rematarán canda eles confundindo a secas a illa Caribeña que invadiron non hai moitos anos, que se chama Granada, coa cidade de Al-Andalus, aló no Sul da Iberia. Lémbrense daquela enquisa da revista *Time* que deu a coñecer este pequeno despiste na maioria do público USA. Ainda non no Pentágono. Porque os que invaden saben sempre de que tipo de Granada se trata e através de cal se enganchar noutros territórios como lapas. Da Granada Productions, da que se papa dun bocado ou da granada de man que non fala galego. □

VOLVER AO REGO

Ábrense moitos ollos *populares* con casos como os de Rosendo Naseiro (un nome, por certo, que parece inspirado por algun xoven autor de relato policial). A Fraga collíalle —non sabemos se lle segue a coller— o Estado na cabeza e, para el e os seus, o poder xudicial era sagrado, a balanza da xustícia infalíbel e os xuices estaban por riba das ideoloxias.

Pois cos últimos casos, parece que vai resultar que non, que hai xuices e xuices. Até van chegar a dicer que os xuices si teñen ideoloxia e partido, como a maioria dos cidadáns ou moito máis que estes incluso.

Isto non é debido máis que a aparición dunha xeración na xudicatura que non opositou baixo o franquismo, co cal non necesariamente exerce de reaccionária. Antes todos eran franquistas, ou sexa, non tiñan ideoloxia, que diria un *popular*. □

Public Maio. 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XIII • 17 DE MAIO • 1990 — Nº 432 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA. 225 PTA. (CON SUPLEMENTO)

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

A banda do 17, *Caderno A Nosa Terra* no Dia das Letras (á venda con este número)



Manuel Beiras: 'As direitas non se suman ao nacionalismo se non ten peso'

O seu ánimo está tan aceso como o dun mozo de 20 anos e só lamenta a "falta de forzas, dez anos menos", para correr o país dun lado para outro e poder convencer aos dirixentes galeguistas da necesidade de unirse; o que non pode facer de viva voz faino por carta.

(Páx. 12-13)

Fexdega, da auditoria ao Parlamento, pasando polo Xulgado

A Feira-Exposición para o Desenrolo Agrícola e Industrial de Galiza (Fexdega), con 25 anos de história —todo un avance na época— está hoxe paralizada ante as liortas personais e a forte conflictividade interna.

(Páx. 6-7)

Os temas vitais para Galiza sen incidéncia no Parlamento Europeu


A política da CEE está a ter unha incidéncia clara na Galiza. Os problemas da frota ou os lácteos son derivados e causados pola política comunitária, pero o noso país non ten unha capacidade de presión e estes nen tan sequer teñen un reflexo no Parlamento Europeu.

(Páx. 5)

O PROXECTO DE FÁBRICA DE PASTA PARA NARÓN ESIXE PLANTAR 600.000 HECTÁREAS DE PINO NO NORDE DO PAÍS

EMPAPELAR O MONTE

A política forestal confírmase dia a dia por omisión culpábel do poder político que baixo a pretensión de non ter plan nengun para o monte prepara o camiño para as necesidades das transnacionais e arruina a riqueza forestal do país ao primar só duas espécies.



ANXO IGLESIAS

A NOSA TERRA


ANO XIII • 17 DE MAIO • 1990 — Nº 432 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

A II CIMEIRA DA *CONSEO* CELEBRARASE CON PRESÉNCIA DOS PAISES DO LESTE

O DECLIVE DOS ESTADOS

AURELI ARGEMÍ



Na Europa, ultimamente, a raiz dos procesos nacionais rupturistas da orde establecida, ouvimos e lemos, a cotio, nos grandes meios de comunicación, que os movimentos protagonizados polas Nacións sen Estado do norte, do leste e do sul do noso continente, son nocivos, poñen guizos nas rodas da distensión en curso, impiden o diálogo entre os governantes do mundo... Con demasiada frecuéncia, eses xuícios ou prevencións, non falan do contexto de crise na que se atopan os Estados constituidos e que, dalgun modo, dá unha clave para explicar o rexurdimento da *cuestión nacional*

Abonda con repasar a prensa europea para ver o número crecente de comentários que pronostican o fin dos Estados constituidos, polo menos na forma en que foron perpetuándose. Un fin do cal culpabilizan, en parte, aos *nacionalismos periféricos*. Costa admitir que, indpendentemente dos factores nacionais criticados, os Estados actuais son estruturas envellecidas, ancoradas en épocas e en ideoloxias carentes de propostas de futuro. Como confirma o feito de que hoxe se fale xa dunha opinión pública xeralizada coa tendéncia a crer que os Estados deixaron de nos *protexer* e é deles que nos temos que *defender*. O fenómeno nacional en efervescéncia, non seria outra proba do fracaso duns Estados constituidos que, en xeral, construíronse máis "en contra dos povos" que "a prol deles"? E, agora, nunhas circunstáncias especialmente adversas para os Estados, non é lóxico que abrollen realidades que os responsábeis dos Estados quixeron afogar, seica sen completo éxito, durante decénios?

No entanto a clase política europea vai dando voltas á pergunta de como sair desa quebra. Os primeiros mandatários dos Estados membros da Comunidade Europea pedíanllo, por enésima vez, na sua recente reunión de Dublín. Parece ser agora con particular nerviosismo. Vian a única saida na transferéncia real de soberania ás Institucións Europeas, é dicer do que "xustifica" maiormente aos Estados singulares. Con todo, esa declaración de intencións chega cando, ante a proposta soviética de edificar a *casa común europea*, aglutinadora do conxunto da sociedade do noso continente, a mesma Comunidade Europa fica xa desfasada. Cara onde ir, xa que logo? Doutra banda, saen os partidários de contrapesar a Europa dos Estados coa Europa das Rexións, as cales, sen rachar nada, aportarian dinamismo e vitalidade a unhas estruturas administrativas feitas polos Estados e ainda pouco potenciadas. Os defensores desa tese pontoalizan que a Europa das Rexións non é a Europa das Nacións, unha utopia desestabilizadora. Alguns matizan, para contentar a unha determinada clientela "nacionalista", que o proxecto rexional permite unha boa marxe de manobra a certas Nacións sen Estado (se ben, en realidade, o proxecto axuda sobretodo a prolongar a agonia dos Estados). Nunha palabra, o barco estatal fúndese e hai quen tenta ainda mantelo sobre as augas, atacando aos enemigos ou agardando aos salvadores.

E, nese contexto, encontrámonos ás portas da Segunda Cimeira da Conferéncia de Nacións sen Estado de Europa Ocidental (*Conseo*) que, por certo, prepárase para supritir o derradeiro "O", a palabra Ocidental, como resposta aos acontecimentos que Europa Oriental está a viver. Efectivamente, a *Conse(o)* terá lugar en Barcelona os vindeiros 25-27 de Maio.

Trátase dunha provocación? Quizás si, segundo con que prisma se mire. En todo caso, esa Segunda Cimeira será, nalguns aspectos, a continuación da Primeira, celebrada en Decembro de 1985. Por unha banda, será a ocasión de comprobar até que ponto as análises e pronósticos discutidos e aprobados hai cinco anos —sobre a crise anunciada do sistema político, social, económico e cultural dos Estados e da mesma Comunidade Europea, coa sua incapacidade de asumir as reivindicacións fundamentais dos povos marxinados— respostan á realidade. Por outra parte, ante o reto e os interrogantes sobre o futuro do conxunto de Europa, a Segunda Cimeira será un gran momento, nunha coxuntura que dá novas perspectivas ás Nacións sen Estado, para xuntar esforzos e solidaridades, elaborar alternativas, en positivo, á confusión reinante. Como na Primeira Cimeira, tamén agora, a *Conse(o)* estará aberta á participación das forzas vivas —e heteroxéneas— das Nacións sen Estado cuxo denominador comun sexa a aceitación da premisa de que todos os povos, sen excepción, posuen os mesmos direitos colectivos e os mesmos direitos de exercitalos.

Evidentemente, a *Conse(o)* terá que estudar, coa máxima obxetividade posíbel, refugando, pois, xogar cos prexuícios de que son víctimas quen condean o fenómeno "nacionalitário" en auxe, as razóns polas cales se "moven" hoxe unhas Nacións sen Estado do "leste" europeu (para iso contarase coa información directa de representantes das Repúblicas bálticas, caucásicas e balcánicas) e a sua influéncia nos movimentos das Nacións sen Estado "ocidentais". Asemade, a *Conse(o)* terá que examinar os motivos polos cales afirmacións como as que ven de facer Helmut Khöl, primeiro ministro da RFA — "chegamos, por fin, ao momento histórico en que nos decatamos de que os direitos humans e a auto-determinación non poden ser reprimidos eternamente"— non serian aplicábeis a certos povos, desde o lituano até o basco ou catalán. Nesa dirección, a *Conse(o)* terá que tomar posición e propoñer alternativas, despois de analisar as causas profundas que impiden a distensión, o diálogo, a solución de moitos problemas pendentes, entre eles os "nacionais", e cerciorarse de que os acusados son, en realidade, os acusadores. Acusadores que, ademais, queren abrir camiños a unha inovadora conceición e práctica da democrácia, ao plantexar a reconstrución de Europa partindo da base do respeto á igualdade intríseca de todos os diferentes povos que conforman a sociedade europea. Ainda que isto implique superar esquemas e orde establecidos.

Aos participantes pediuselles, en definitiva, non cair na trampa dos discursos facilmente catalogábeis de victimistas ou redentoristas. Han aportar propostas "construtivas", alén da consideración dos graus de represión e de conciéncia nacional existentes en cada unha das Nacións sen Estado. Recoñecendo que, non por casualidade, os núcleos máis decididos en apostar por unha Europa que priorice o desenvolvemento dos direitos colectivos dos povos, encóntranse no seo das Nacións sen Estado, grandes ou pequenas, con maior ou menor peso específico.

No marco de tales plantexamentos, a aportación máis atendida da Segunda Cimeira da *Conse(o)* é o voto favorabel á "Declaración Universal dos Direitos Colectivos dos Povos". Unha declaración, preparada por un grupo de expertos, que, en comparación ao contido doutras declaracións similares, signifique un paso adiante, sirva de código de referéncia e de conducta para todos os povos que aspiren ás máximas cotas de liberdade e, en consecuéncia, a proxectala na reorganización do espácio político, social, económico e cultural de Europa —e do mundo— de acordo coas novas adquisicións da conciéncia humana. Conciéncia que non se encontra xa tanto no terreo das interminábeis discusións entre Estado ou non Estado, como no ámbito do respeito debido á igoaldade e ás condicións para garantila dos seres humanos e dos povos a que cada un deles pertence de veras. □

Aureli Argemi é secretário xeral do *Ciemen* e forma parte da equipa técnica da *Conseo*.

TRES EN RAIA

XORNALISTA DÓCIL, XORNALISTA DÓCE

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Para as Institucións —que son hoxe as fontes informativas dominantes— os xornalistas son "auxiliares de información" que receben desde aquelas os dados e as orientacións de cando e cómo dar unha notícia, palabra que é xa un eufemismo. Pontualmente as Institucións crian, elas mesmas, unha información con obxectivos ben concretos e ben a cuberto, e para que esta información construida entre nos Meios adoitan utilizar canles cándidas, canles inxénuas, entre as cales está un bon número de profisionais "de boa fe", tal e como nos chaman os axentes-funcionários, especializados en contra-información.

A caste esta de xornalistas "de boa fe" está integrada, segundo as clasificacións do Poder, por aqueles profisionais que agardan que a información "lles veña ás mans" e son, tamén, aqueles que ainda invocan iso da "obxectividade" coma un universal porque nen sequer saben que están a cumplir ordes.

A maior abondamento, e segundo un estudo recén do Col·legi de Periodistes de Catalunya, a acentuación do individualismo, o empobrecemento da oferta xornalística e o abandono dunha determinada concepción da profesión —abandono de princípios como a cláusula de conciéncia, a independéncia, a autoestima, dinnos— está a xerar un perfil que se identifica como "xornalista dócil" que é aquel que xa se afixo á hexemonia empresarial-patronal no eido dos hábitos profisionais.

Quérennos, ás e aos xornalistas, dóciles e doces. Para facer connosco listas negras contra listas brancas; para facer restras de chourizos; para facer plantillas á medida do seu pé teutón edulcorado con tacón de agulla.

Dubida, alguén, do ben que nolo imos pasar os que apostamos por esa irreveréncia que se chama SIGa?

VOLVER AO REGO

Hai uns dias testificaban ante o xulgado de primeira instáncia e instrución de Ordes viciños da parróquia do Castro para defender o carácter mancomunado dun terreo.

Os máis de vinte testigos que coincidiron en afirmar o usufructo veciñal das terras desde tempo inmemorial, foron interrogados exclusivamente en castellano. Alguns deles, de idade avanzada, respostaron ás perguntas de modo absolutamente ambíguo e nun dos casos o declarante foi incapaz de respostar ante a imposibilidade de entender a pergunta, pésie ás múltiples reiteracións da mesma.

Alguns defenden a falácia de que agora galego e español teñen os mesmos direitos, coma se cinco séculos de opresión e vergonza non tivesen calado até as entranas deste povo, para que catro *demócratas* reconvertidos regateen e consideren excesivos os catro pesos que se dedican á normalización lingüística.

Supoñemos que Carlos Luis Rodríguez non terá o corazón de escoitar o siléncio clamoroso dos nosos vellos. □

Public Daire 30

A NOSA TERRA


ANO XIII • 21 DE XUÑO • 1990 — PERIÓDICO GALEGO SEMANAL — Nº 437 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA - SANTIAGO

O SINDICATO DA GARDA CIVIL PEDE QUE SE INVESTIGUE A CARGOS DO PSOE NA GALIZA

DROGA EN RAMA

A operación anti-droga andou polas ramas. A sua espectacularidade nada tivo a ver coa eficácia, quedou en campaña de imaxe cara a reunión do *Grupo de Tréveri*. Só o *Clan Carballo* cai como tal, pero sen ramificacións. Os outros detidos, agás Goyanes e Barreiros, eran os *públicos*. Alguns contactos bancários xubiláronse ou déronse de baixa dias antes. O Sindicato da Garda Civil afirma que desde a Dirección Xeral están obstaculizando a loita contra a droga coas suas persecucións.



DELMI ÁLVAREZ

O Manifesto Ecosocialista chama á criación dunha Europa Verde

"Por unha alternativa verde na Europa" é o título do Manifesto Ecosocialista, dado a coñecer por representantes do movimento verde de vários paises europeus. Neste número publicamos unha recesión do mesmo, aberta a próximas análises críticas, realizada por Domingos Garcia Antón, membro da Aula Castelao de Filosofia. **(Páx. 14-15)**

Embaixador de Cuba: 'Temos boas relacións coa URSS'

Desde a transformación acaecida nos reximenes do Leste, Cuba pasou a converterse nun dos obxectivos propagandísticos favoritos dos médios de comunicación. Luis Méndez Morejón, embaixador de Cuba no Estado español, análisa alguns dos aspectos da situación no seu país.

(Páx. 12-13)

Pacto para non citar a Guerra e Naseiro na campaña andaluza

A obsesión da maioria absoluta estivo presente nas diferentes mensaxes da campaña das eleicións autonómicas andaluzas, que se celebran o próximo Sábado, 23 de Xuño, como veu estando presentes en todas as confrontacións eleitorais que se veñen realizando desde 1982.

(Páx. 5)



Os traballadores galegos na nuclear de Zorita descreben os efectos da radiación


No ano 1985 traballadores da empresa coruñesa EMESA, eventuais e fixos, foron enviados a realizar traballos na central nuclear José Cabrera de Zorita (Guadalajara), durante as cales alguns deles estiveron sometidos a fortes doses de radiación ao traballar no reactor nuclear. Con temor e medo, dous traballadores narran a patética história **(Páx. 6-7)**

A NOSA TERRA

ANO XIII • 21 DE XUÑO • 1990

Nº 437 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS



XURXO S. LOBATO/ARQUIVO

Luis Moure-Mariño e Augusto Assia

DUAS MEDALLAS PARA A *OPERACIÓN NÉCORA*

G. LUCA DE TENA

Alguén poderá desconfiar que Xunta se teña embarcado nunha cruzada de moralidade e bos costumes se ten dentro dela homes de misa diária, clase de tropa do *Opus Dei* como o seu conselleiro de Agricultúra e está presidida por quen verque unha bágoa conmovida cada vez que proclama en campaña a limpeza da sua traxectória persoal e política? Que o país apareza todos os dias de par de remolcadores pirata con lanzadeiras, de fachadas de pazos voltas ao esplendor polo asalto de cruzados millonários da raia branca, de caciques da coca andina que levan mexar o seu canciño petiso por baixo dos balcóns do próprio Domingo Garcia Sabell, tiña que algun dia poñer en pé o vello corazón moralista das direitas. A mesma direita profunda e sentimental que compadecia un poeta francés cada vez que o primeiro ostrogodo de paso, descoñecido e sen lavar, lle habia roubar como por un descuido unha filla de branco almidón. Cativa.

A carroza primeira desta procesión ética e renovadora que organiza a Xunta chega no ramo de flores das *Medallaas Castelao*, escolla de nomes exemplares para que os bachareles da política tiren exemplo. Confeso non saber cousa dalguns dos nomes seleccionados para esta distinción de comendadores da tribo, vapor concentrado das mellores virtudes colectivas para nos prestar sombra coa que pasar este deserto de delincuéncia e cárteles de tentación.

Pola contra, teño unha longa relación lectora con dous dos premiados. Un deles aparece vestido de requeté (chapela bermella con borla) no despacho de Emilio Rei, presidente do consello de administración de *La Voz de Galicia* no ano 1942 e proponlle unha chantaxe clásica dun tempo de terror. O diário será logo incautado polos falanxistas e vostede sairia gañando se mo vende por un précio de amigo, espétalle o descarado. Rei finxe estar dacordo e aplaca as presas daquel oportunista disfarzado de monicreque militar. Permitelle isto gañar tempo para respostar derradeiramente cun précio desmesurado para aqueles tempos de saldo e provocar as iras (xa inócuas) do carlista de cartón.

Vicente Risco, Santiago Alba e Francisco Umbral teñen escrito páxinas sobre a militáncia no *Komintern* deste xornalista, logo cambiada polo uniforme de Carlos de Borbón, despois pola admiración paduana do império británico e finalmente por un franquismo de rouba-nasas retirado por doenzas do fígado. Agustí Calvet *Gaziel*, que fora director de *La Vanguardia* antes da Dictadura, escrebe estas liñas sobre o protagonista da medalla, no seu libro *Meditacions en el Desert*. "Augusto Assia pegou nestes últimos tempos (1950) unha extraña virada franquista e anti-liberal. Agora vive concomido como polos vermes polo caso de ser trígamo, quer dicer, por estar casado ocon tres mulleres. Caso extraordinário non desde o ponto de vista moral senón por razóns pragmáticas. Unha das suas mulleres, a primeira, é xudea e por causa dela foi o seu marido expulsado de Alemaña. A mulller está agora en Barcelona e agarda que chegue por ali o seu marido para demandalo. (...) A segunda é inglesa e tamén é dona legal de Assia. Vive na Inglaterra e é a razón de que non poda tornar ali, porque namais desembarcar iria direitiño á cadea. A terceira é xornalista e dase o caso curioso de que foinos casar un bispo".

Este terceiro matrimónio do enmedallado é a causa de padecer nós galegos a sua prosa retórica e chea de faltas de ortografia da alma. O que non lograra disfarzado de requeté, foino conseguir no altar santo da alianza matrimonial que o convertiria en accionista do diário. Por se o relatado deica este lugar non fose mérito abondo para colgar do peito unha *Medalla Castelao*, súmese que polo seu ofício de propietário intransixente e inquisitorial, o xornal despediria o que foi o máis brillante director da história da publicación, Francisco Pillado, autor da efimera conversión liberal, cúlta e popular dun periódico de anteolleiras franquistas por anos sen fin.

Tamén quere a Xunta que os contribuintes repasen o festón moral da bandeira co fio de Luis Moure Mariño, outra das *Medallas Castelao*. Moure Mariño formaba parte das bandas fascistas empeñadas en barrer do país a xente como Castelao no ano 1936 e no seu libro *Galicia en Guerra* (*Ediciones Españolas*, Madrid, 1936), hoxe de dificil consulta, celebra a eliminación física de centos de corazóns liberais ao tempo que denigra o Estatuto do 36. *Perfil Humano de Franco* é outra das suas obras de guerra que seguramente serán citadas na ceremónia de entrega deste galano que pretende distinguir toda unha vida.

Quen poda estar interesado na traxectória desta medalla terá que consultar o relatório *Conversións e Reconversións de Luis Moure Mariño*, que escribira Francisco Pillado para o número 300 de A NOSA TERRA. M.M. , que foi cronista exaltado da masacre fascista, revive nestes textos a sua condición de adulador sen límites que logo practirá con todo desembarazo a delación contra o obxecto ensalzado.

Dous espellos de virtudes para o país. El non será un erro da Xunta que foi meter na lista das *Medallas* Castelao un par de nomes con ben mais mérito para figurar entre os encausados da *Operación Nécora*?. □

TRES EN RAIA

LÍBIA COMO QUERÉNCIA

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Agosto do 86, a catro meses da *razzia* sobre Trípoli e sobre Bengasi da aviación USA. No *Wall Street Journal* publícase un breve, cunha unidade informativa central: os Estados Unidos preparan novas represálias en resposta a actividades terroristas líbias. Trátase dunha notícia falsa, criada polos servícios de contra-información da Casa Blanca, tal e como nos refere en pormenor o dossier de *Le Monde Diplomatique* (Nov. 1988) "A Comunicación vítima dos comerciantes". O caso é remachar nesa idea única, Líbia, o país terrorista, e facelo através dun soporte discreto, o *Wall Street*, especializados en finanzas, para que desde o *Wall Street* a noticia choute para as redes informativas centrais que dominan a información no mundo. E a notícia choutou para o *Washington Post*. E do *WP* ninguén desconfía porque o *WP* é anti-reaganista. Polo tanto será verdade que Líbia prepara novos atentados. Ou vai saber o qué. Pero iso do que ténvos pouca importancia.

Porque Líbia, para a Casa Blanca, é a pedra angular da necesidade de criación de estereotipos que substituian o desexo efectivo de coñecimento. E sobre este singular e representativo país do tempo que vivimos —o estereotipo funcionou: Gaddafi- Líbia, Líbia-Gaddafi, un outro caso máis de excentricidade mesianista a golpe de gelamonita.

Ainda que a xelamonita só seña criación mediática, para os breves do *Wall Street Jounal* e para os intermédios noticiosos dos programas de entretimento na TV.

Porque se o estereotipo non chega a funcionar as cousas voltarian sere nominadas polo seu nome próprio.

A finais dos sesenta, cando un grupo do exército decidiu non seguir acatando a autoridade de turno, tiránica e corrupta, o povo de Líbia era dos máis pobres de África. Pasaron vinte anos, e cos recursos e os rendimentos colectivizados —o petróleo—, hoxe é o povo que ten un nível de vida máis alto, o país está industrializado, ámplase a terra fértil coa criación do Gran Rio Artificial, mantense a propriedad persoal, a muller ten acceso ao traballo, ao exército, aos órgaos de representación do poder popular e é case a metade da povoación universitária, e no Museu de Historia Oral máis importante do mundo, ubicado en Trípoli, comprobamos esos matices que arrepian do colonialismo, neste caso italiano, do 1911 á fin da guerra, no 45, anos nos que os líbios eran expulsados das zonas de cultivo e do comércio para seren desterrados en illas do Mediterráneo, aló, lonxe de deus, onde aos bocadiños foron

(pasa á páx. 23)

VOLVER AO REGO

Despois dun tempo no que se puxeron de moda os banqueiros, a *jet-set* e os *yuppies* de rápido crecimento, a marabunta do narcotráfico ven poñer as cousas no seu sítio.

A rumoroloxia popular está a ver un narcotraficante, un especulador coa saude dos seus fillos, detrás de cada chalet con piscina climatizada, detrás de cada Mercedes do trinque.

A redada de Vilagarcia está dando os réditos de que o povo perciba, detrás de cada rico, un sospeitoso.

Ratifícase asi a tradicional créncia de que non hai rico honrado, nen millonário feito con traballo. □